



Fitoponimia galega

Gonzalo Navaza Blanco

Fundación Pedro Barrié de la Maza

Fitotponimia galega

Gonzalo Navaza

Fundación Pedro Barrié de la Maza

Fitotponimia galega. / Gonzalo Navaza.- [A Coruña] :

Fundación Pedro Barrié de la Maza, D.L. 2006. - 696 p.; 24 cm. - (Biblioteca Filolóxica Galega).- D.L.: C-xxxx-06 - ISBN: 84-95892-53-7

© 2006 FUNDACIÓN PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA

© 2006 GONZALO NAVAZA

ISBN: 84-95892-53-7

Depósito legal: C-xxxx-2006

Imprime: Tórculo Artes Gráficas, S.A.

A publicación por parte da Fundación Pedro Barrié de la Maza do presente traballo non implica responsabilidade de ningunha sobre o seu contido nin sobre a inclusión no mesmo de documentos ou informacións facilitados polos autores.

Fitotponimia galega

Gonzalo Navaza



Fundación Pedro Barrié de la Maza

Este volume recolle a tese de doutoramento titulada “Contribución ó estudo da toponimia da Galicia meridional. A Fitotoponimia”, realizada baixo a dirección do Profesor Dr. D. Antón Santamarina e defendida na facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago en 1998 ante un tribunal composto por:

Prof. Dr. D. Ramón Lorenzo Vázquez
Prof. Dr. D. Dieter Kremer
Prof. Dr. D. Christian Ionescu
Prof. Dr. D. Xosé Lluís García Arias
Prof. Dr. D. Antón Palacio Sánchez

A tese foi cualificada con *Sobresaliente cum laude*.

Agradézolles a todos e cada un dos membros do tribunal a xenerosa atención que lle dedicaron a este traballo e as valiosas suxestións con que me axudaron a melloralo. Conste tamén o meu agradecemento ó director da tese, que puxo nas miñas mans as chaves do tesouro.

ÍNDICE XERAL

LIMIAR.....	11
FORMAS TOPONÍMICAS	19
001. <i>abelá</i>	19
002. <i>abobra, abóbora</i>	29
003. <i>abrótea</i>	31
004. <i>aceda</i>	32
005. <i>ácere e acereiro</i>	33
006. <i>acivo, acevo, acivro, acevro</i>	35
007. <i>acha</i>	41
008. <i>agrón</i>	41
009. <i>agulla</i>	42
010. <i>álamo</i>	42
011. <i>albar</i>	43
012. <i>almáciga</i>	47
013. <i>almuña</i>	48
014. <i>allo</i>	48
015. <i>ameixa</i>	50
016. <i>améndoa</i>	53
017. <i>ameneiro, amieiro</i>	53
018. <i>anciña, anciñeira, aciñeira, enciña</i>	61
019. <i>arando</i>	62
020. <i>arangaño</i>	64
021. <i>árboore</i>	64
022. <i>argana</i>	66
023. <i>árgoma</i>	68
024. <i>arrifana</i>	68
025. <i>axenxo, asento, asentes</i>	69
026. <i>avea</i>	70
027. <i>bacelo</i>	71
028. <i>bagullo</i>	73
029. <i>balanco, belanco</i>	74
030. <i>baloco</i>	74
031. <i>baralla</i>	75
032. <i>baraza</i>	76
033. <i>barba</i>	77
034. <i>bedro, beldro</i>	79
035. <i>bido, bidueiro</i>	80
036. <i>bieito</i>	89
037. <i>bión</i>	89
038. <i>borraxa, borrase</i>	90
039. <i>bosque</i>	92
040. <i>boulla</i>	93
041. <i>bouza</i>	94

042. <i>braña</i>	102
043. <i>brión</i>	104
044. <i>broza</i>	104
045. <i>bruñeiro, abruñeiro</i>	105
046. <i>brusco</i>	109
046b. lat. <i>būda</i> ‘espadana’	109
047. <i>bugallo</i>	112
048. <i>busto</i>	115
049. <i>buxo</i>	119
050. <i>cabaza</i>	120
051. <i>cabrafiga, cabrafigo</i>	121
052. <i>cabrúa</i>	122
053. <i>cachopa, cachopo</i>	122
054. <i>cádavo</i>	123
055. <i>calvo</i>	126
056. <i>campaiña</i>	129
057. <i>cana</i>	130
058. <i>candeá</i>	138
059. <i>cando</i>	139
060. <i>cantroxo</i>	145
061. <i>carozo, carrozo</i>	145
062. <i>carba, carballo</i>	148
062b. <i>caravel</i>	162
063. <i>cardo, cardea</i>	163
064. <i>carpaza, carpazo</i>	165
065. <i>carqueixa</i>	168
066. <i>carrabouxo</i>	170
067. <i>carrasco</i>	171
068. * <i>carraxó</i>	173
069. <i>carrizo</i>	174
070. <i>carroucha</i>	180
071. <i>carrolo, carrola</i>	181
072. <i>castaña</i>	182
073. <i>caxigo</i>	191
074. <i>cebada</i>	192
075. <i>cebola</i>	192
076. <i>cegaño, segaño</i>	193
077. <i>ceguda, seguda, cegude</i>	193
078. <i>centeo</i>	194
079. <i>cepo</i>	196
080. <i>cereixa</i>	200
081. <i>cerro</i>	209
082. <i>cerquiño, cerqueiro</i>	212
083. <i>chagazo, chougazo, chaguazo</i>	214
084. <i>chamizo</i>	216
085. <i>cidrón</i>	217
086. <i>coaño</i>	218
087. <i>codeso</i>	218

088. <i>col, couve, coia</i>	221
089. <i>concho</i>	222
090. <i>corno</i>	223
091. <i>cortizo</i>	225
092. <i>couselo</i>	226
092b. <i>couce</i>	227
093. <i>coza</i>	229
094. <i>devesa</i>	230
095. <i>dentabré</i>	232
096. <i>enxerto</i>	233
097. <i>érbedo</i>	234
098. <i>ervella</i>	237
099. <i>escambrón</i>	239
100. <i>escoba</i>	240
101. <i>espadana</i>	242
102. <i>esparto</i>	243
103. <i>espíño</i>	244
103b. <i>esteba</i>	248
104. <i>estripo</i>	249
105. <i>faba</i>	250
106. <i>faísca</i>	252
107. <i>fariña</i>	253
108. <i>fatón</i>	255
109. <i>feixó, freixó</i>	256
110. <i>feno, feo</i>	256
111. <i>fento, felgueira</i>	260
112. <i>ferraña</i>	268
113. <i>figo, figueira</i>	268
114. <i>fiúncho</i>	274
115. <i>flor</i>	276
116. <i>folla</i>	278
117. <i>soupa, fopa</i>	280
118. <i>freixo</i>	280
119. <i>fronza, franza</i>	285
120. <i>gallo</i>	285
121. <i>gamón</i>	286
122. <i>ganzo</i>	288
123. <i>garabato, garabullo, garamata</i>	289
124. <i>garavanzo</i>	291
125. <i>gorgullo</i>	293
126. <i>gromo</i>	293
127. <i>goldra</i>	294
128. <i>guinda</i>	294
129. <i>hedra, edra</i>	295
130. <i>herba</i>	301
131. <i>horto, horta</i>	301
132. <i>isca</i>	304
133. <i>lamagueiro, lamigueiro</i>	305

134. <i>landra</i>	306
135. <i>labaza, lampaza</i>	307
136. <i>laranxa</i>	310
137. <i>legume</i>	310
138. <i>lentella</i>	311
139. <i>lestá</i>	311
140. <i>limón</i>	312
141. <i>liño</i>	312
142. <i>lodeiro, lodairo, ladairo</i>	317
143. <i>loureiro</i>	321
144. <i>madroa, madarnás</i>	326
145. <i>malva</i>	328
146. <i>maraña</i>	330
147. <i>margarida</i>	331
148. <i>marrubio</i>	332
149. <i>mato, mata</i>	332
150. <i>mazá</i>	340
151. <i>mazaroca</i>	345
152. <i>més</i>	346
153. <i>mexacán</i>	347
154. <i>mezquita</i>	348
155. <i>milló</i>	350
155b. <i>molar</i>	354
156. <i>mora, amora</i>	355
157. <i>morogo, morando</i>	362
158. <i>morteira</i>	365
159. <i>moruxa, muruxa</i>	366
160. <i>nabo</i>	368
161. <i>néspera</i>	371
162. <i>noz</i>	371
163. <i>oliva</i>	379
164. <i>olmo, ulmeiro, umeiro</i>	383
165. <i>ortiga</i>	383
166. <i>orxo</i>	385
167. <i>ourego, ourogo</i>	388
168. <i>pan</i>	389
169. <i>paínzo</i>	391
170. <i>palla</i>	394
171. <i>papoula</i>	398
172. <i>parra</i>	398
173. <i>pasto</i>	400
174. <i>pente</i>	401
175. <i>pera, pereira</i>	403
176. <i>picanzo</i>	411
177. <i>piñeiro</i>	411
178. <i>piorno</i>	419
179. <i>planta</i>	421
180. <i>poexos, poenxos</i>	432

181. <i>poma</i>	425
182. <i>porro</i>	429
183. <i>poulo</i>	431
184. <i>pouta</i>	435
185. <i>pradeiro, pradairo</i>	437
186. <i>prado</i>	440
187. <i>préxego, présego, péxego, pexego</i>	447
188. <i>pixel, perexil</i>	449
189. <i>queiroga, queiruga, queiroa</i>	450
190. <i>rabaza</i>	454
191. <i>*rachel</i>	455
192. <i>raíz</i>	455
193. <i>ramo</i>	457
194. <i>ravo</i>	463
195. <i>*robre</i>	465
196. <i>rebolo, rebola</i>	473
197. <i>redollo</i>	476
198. <i>romeu, romeo</i>	476
199. <i>rosa</i>	478
200. <i>rubia</i>	480
201. <i>ruda</i>	484
202. <i>sabugo, sabugueiro</i>	484
203. <i>salgueiro</i>	488
204. <i>salpuro</i>	496
205. <i>sanguiño</i>	496
206. <i>sangubiño</i>	499
207. <i>santigoso</i>	499
208. <i>saramago</i>	500
209. <i>serralla, serratela</i>	501
210. <i>siabal, xebra</i>	502
211. <i>silva</i>	503
212. <i>sírgo, sirga</i>	507
213. <i>sobreira</i>	508
214. <i>sorbeira</i>	512
215. <i>souto</i>	513
216. <i>teixo</i>	528
217. <i>tinta</i>	530
218. <i>touza</i>	531
219. <i>toxo</i>	536
220. <i>torgo</i>	541
221. <i>trevo</i>	544
222. <i>trigo</i>	545
223. <i>trobisco, torbisco</i>	548
224. <i>tronco</i>	549
225. <i>uz</i>	550
226. <i>verde, verdeal, verdugo</i>	553
227. <i>veriño, viriño</i>	556
228. <i>vide, videira</i>	556

229. <i>vime, vimio, vimbio</i>	558
230. <i>viña</i>	559
231. <i>viveiro</i>	562
232. <i>xardín</i>	563
233. <i>xardón</i>	563
234. <i>xenciana, xanzá</i>	566
235. <i>xesta</i>	566
236. <i>xilbarda</i>	569
237. <i>xistra</i>	569
237b. <i>xoio</i>	571
238. <i>xunco</i>	571
239. <i>*zarragatoa</i>	574
240. <i>zarza</i>	574
 APÉNDICE. MAPAS.....	577
BIBLIOGRAFÍA.....	589
ÍNDICE BOTÁNICO.....	627
ÍNDICE TOPOGRÁFICO	631

LIMIAR

Os estudos de toponimia contan en Galicia cunha longa tradición, fundada hai dous séculos e medio por Frei Martín Sarmiento (1695-1771), iniciador da filoloxía galega e un dos precursores da lingüística románica moderna. Foi o propio Sarmiento quen estableceu a primeira clasificación xeral da nosa toponimia no seu *Onomástico etimológico de la lengua gallega* (1751), onde, segundo criterios semánticos, organiza os nomes de lugar en dez clases. Unha delas, a segunda, leva o título de «De vegetables para la geografía», e o breve capítulo que se lle dedica (*Onomástico*, 117), cunha sucinta relación de topónimos e étimos, constitúe o primeiro tratado de fitotponomástica galega. Pódese dicir que ese capítulo é tamén o xermolo do presente traballo dedicado ó estudio da toponimia galega relativa á botánica. Nas frecuentes referencias que faremos a Sarmiento ó longo destas páxinas, e intencionadamente desde a primeira, ponse de manifesto o valor dos seus criterios e a perspicacia das súas suxestións etimolóxicas. Así mesmo, a información de campo que recolleu Sarmiento no seu tempo segue a ser hoxe en día imprescindible para os estudos onomásticos e lexicográficos galegos.

O propósito deste traballo é iniciar unha catalogación e estudio da fitotponimia galega, partindo da análise da toponimia maior e menor dun territorio que comprende toda a provincia de Ourense e algunas áreas limítrofes. Non se trata dun traballo exhaustivo sobre a fitotponimia de Galicia, xa que logo, pois partimos desta primeira limitación xeográfica. Aínda que se fan alusións á toponimia doutras áreas galegas, refireñense únicamente a topónimos maiores, é dicir, a nomes de entidades de poboación incluídas nos nomenclátores oficiais de Galicia (citarémoslos como NG). Esta limitación, ademais, exclúe do noso estudio os topónimos alusivos á flora característica doutras áreas galegas e os derivados de denominacións botánicas descoñecidas no territorio estudiado ou que simplemente non deixan restos na súa toponimia. Unha ollada superficial ó índice permite advertir a ausencia de topónimos relativos a especies inexisten-

tes na área ourensá (por exemplo, as da flora do litoral mariño, coma a *camariña*, que deixa pegada en topónimos que xa foron tratados por Sarmiento), ou doutras formas como *fraga*, que no galego dalgunhas zonas designa un colectivo arbóreo (e ese é o significado que adoita figurar como primeira acepción nos dicionarios), pero que no territorio estudiado, e en xeral en case toda a Galicia meridional, mantén o significado orixinario de ‘penedo’.

Outra limitación procede da selección de toponimia imposta pola cartografía manexada. Os topónimos menores seleccionados para figurar nesa cartografía son os que dan nome a elementos significativos da paisaxe, polo que é probable que nunha recolleita exhaustiva da microtoponimia aparecesen novos fitotopónimos relativos a outras especies botánicas de menor presenza física ou que denominan espazos más reducidos.

O territorio estudiado

Os nomes que constitúen o corpus toponímico que serviu de base para este estudo foron recollidos entre os anos 1986 a 1991, en labores de filólogo de campo para o IGN (Instituto Geográfico Nacional) co obxecto de corrixir e actualizar os mapas oficiais de escala 1:25.000 publicados por ese organismo.

Nestes mapas figura toda a toponimia maior (a das entidades de poboación incluídas nos nomenclátore, que representa un 18% da recolleita) e mais unha selección de toponimia menor elixida segundo a importancia dos accidentes xeográficos designados, a densidade poboacional de cada área e as limitacións materiais da rotulación do mapa. O conxunto do territorio, que comprende a provincia de Ourense e as áreas limítrofes, abarca aproximadamente 7.500 Km², e o número de topónimos rexistrados é de cerca de 33.000, de onde resulta unha densidade media de 4,4 topónimos por Km². En áreas de montaña (toda a zona das serras de Queixa e San Mamede, por exemplo) a densidade toponímica na cartografía redúcese a 2 tops/ Km² ou aínda menos, mentres que noutras áreas (por exemplo, no Ribeiro) a cantidade de pequenos núcleos de poboación pode dar lugar a unha densidade de 8 tops. / Km² ou maior, que por veces xa bate co atranco do espazo físico para a impresión dos rótulos no mapa. Por esa mesma razón, en zonas densamente poboadas pode diminuir a proporción de topónimos menores.


Na relación dos topónimos indícase o concello a que pertence cada un deles e o número da folla do mapa 1:25.000 correspondente á súa localización. Se son entidades de poboación incluídas no Nomenclátor de Galicia, indícase simplemente o concello a que pertencen.

Localización dos topónimos


No mapa A represéntase o territorio estudiado. Os díxitos con que identificamos os concellos ourensáns correspóndense cos do código do Instituto Nacional de Estatística, e son os que figuraban nos nomenclátores provinciais que edita este organismo. A arbitaria ordenación alfabetica débese a que o código foi elaborado cando algunas grafías ou formas deturpadas (*Junquera, Ginzo, Puebla*) constituían a denominación oficial. Dos concellos limítrofes non ourensáns non estudamos todo o territorio, senón só a parte que estrema con Ourense e cae dentro dos mapas que completan esta provincia. Ademais das áreas pertencentes ás provincias de Pontevedra e Lugo, incluíuse tamén unha franxa de territorio dos concellos leoneses de Encinedo, A Ponte de Domingos Flórez, Carucedo, Sobrado e Benuza e dos zamoranos de Porto, Pías, Lubián e Hermisende, que na fala e na toponimia non difiren das respectivas áreas galegas veciñas. No mapa B indícanse os números das follas do mapa de escala 1:25.000 para ese territorio.

Concellos

1. Allariz	29. Chandrexá de Queixa	55. Paderne de Allariz	82. Trasmiras
2. Amoeiro	30. Entrimo	56. Padrenda	83. A Veiga
3. A Arnoia	31. Esgos	57. Parada de Sil	84. Verea
4. Avión	32. Xinzo de Limia	58. O Pereiro de Aguiar	85. Verín
5. Baltar	33. Gomesende	59. A Peroxa	86. Viana do Bolo
6. Bande	34. A Gudiña	60. Petín	87. Vilamarín
7. Baños de Molgas	35. O Irixo	61. Piñor	88. Vilamartín de Valdeorras
8. Barbadás	36. Xunqueira de Ambía	62. Porqueira	89. Vilar de Barrio
9. O Barco de Valdeorras	37. Xunqueira de Espadanedo	63. A Pobra de Trives	90. Vilar de Santos
10. Beade	38. Larouco	64. Pontedeva	91. Vilardevós
11. Beariz	39. Laza	65. Punxín	92. Vilariño de Conso
12. Os Blancos	40. Leiro	66. Quintela de Leirado	A. Arbo
13. Boborás	41. Lobeira	67. Rairiz de Veiga	B. Crecente
14. A Bola	42. Lobios	68. Ramirás	C. A Caniza
15. O Bolo	43. Maceda	69. Ribadavia	D. Covelo
16. Calvos de Randín	44. Manzaneda	70. San Xoán de Río	E. Fornelos de Montes
17. Carballeda de Valdeorras	45. Maside	71. Riós	F. A Lama
18. Carballeda de Avia	46. Melón	72. A Rúa	G. Forcarei
19. O Carballiño	47. A Merca	73. Rubiá	H. Lalín
20. Cartelle	48. A Mezquita	74. San Amaro	I. Dozón
21. Castro do Val	49. Montederramo	75. San Cibrao das Viñas	J. Rodeiro
22. Castro de Miño	50. Monterrei	76. San Cristovo de Cea	K. Carballedo
23. Castro Caldelas	51. Muíños	77. Sandiás	L. Pantón
24. Celanova	52. Nogueira de Ramuín	78. Sarreaus	M. Sober
25. Cenlle	53. Oímbra	79. Taboadela	N. Monforte
26. Coles	54. Ourense	80. A Teixeira	O. Ribas de Sil
27. Cortegada		81. Toén	P. A Pobra de Brollón
28. Cualedro			Q. Quiroga



mapa B (follas do IGN)



Referencias a outras áreas

Ademais da toponimia do territorio estudiado, recollida en traballo de campo con información de variantes orais e particularidades fonéticas, ó longo deste traballo faise mención de toponimia maior doutras áreas de Galicia e da Península, tomando como referencia os nomenclátores provinciais do Instituto Nacional de Estadística. A toponimia maior galega tómase do NG (Nomenclátor de Galicia) revisado pola Comisión de Toponimia. No momento da elaboración deste traballo estaban publicados os nomenclátores correspondentes a Ourense (1996) e Pontevedra (1998). Posteriormente apareceron os de Lugo e A Coruña, finalmente recollidos todos eles no volume completo do *Nomenclátor de Galicia* (Xunta de Galicia, 2005), tamén exposto en internet (<http://www.xunta.es/nomenclator/index.htm>). As referencias á toponimia portuguesa actual, salvo indicación doutra fonte, tómanse do *Novo Dicionário Corográfico de Portugal*, de A. C. Amaral Frazão (Porto, 1981), que citamos como DCP.

Os fitotopónimos

Dos 33.000 topónimos recollidos en traballo de campo, 4.190 aluden á vexetación, o cal representa un 12,7% do total.

Agrupamos estas formas fitotoponímicas en familias léxicas segundo a base de que derivan. Numeramos as familias con tres díxitos, a partir de 001, de acordo coa ordenación alfabetica da base, e dentro de cada familia numeramos igualmente os diferentes apartados, que atenden á morfoloxía dos topónimos. A esa numeración faise referencia nas remisións e no índice alfabetico que figura ó final do volume. Son cerca de 250 bases léxicas, correspondentes a máis de 150 especies botánicas distintas. Nalgún caso non é posible a exacta identificación da planta que deu orixe a un topónimo, por exemplo cando unha mesma voz pode designar diferentes especies en áreas diferentes; noutros casos os topónimos poden aludir a especies indeterminadas ou conteñen significados botánicos máis xenéricos.

Documentación antiga

Para cada forma toponímica danse, cando se posúen, os testemuños antigos recollidos na documentación medieval. As formas antigas empréganse para corroborar ou rexeitar propostas etimolóxicas, para amosar as sucesivas etapas da evolución dun termo ou simplemente para confirmar a antigüidade dun topónimo.

nimo. Non se recorreu directamente ás fontes diplomáticas, senón que empregamos edicións de filólogos ou historiadores e paleógrafos. Nalgún caso facemos referencia a lecturas ou edicións inéditas, como sucede cos documentos de Montederramo (MdR), en proceso de transcripción e edición por parte de Ramón Lorenzo. Quede aquí constancia do noso agradecemento ó eminente filólogo de Roxos por permitirnos consultar o material inédito da súa transcripción. Queremos agradecer igualmente a Luz Méndez o material que nos proporcionou procedente das *Tenzas da Catedral de Santiago* (TzS), transcritas por ela. A eles dous, o mesmo ca ós outros compañeiros membros da Comisión de Toponimia (Antón Santamarina, Antón Palacio, Elixio Rivas, Manuel Lucas... e os desaparecidos Filgueira Valverde, Pensado Tomé, Isidoro Millán, Ángel Rodríguez) agradézolles igualmente todo o que me ensinaron acerca da toponimia galega.

Abreviaturas

Indicamos aquí as abreviaturas más comunmente empregadas. Para outras abreviaturas, relativas a fontes documentais, ou para a referencia completa das abreviaturas bibliográficas, consúltese o apartado final de bibliografía.

ACO	Arquivo da Catedral de Ourense	it.	italiano
adv.	adverbio	lat. clás.	latín clásico
adx.	adxectivo	lat. vg.	latín vulgar
AHN	Arquivo Histórico Nacional	leon.	leonés
ast.	asturiano	lug.	lugar
cast.	castelán	masc.	masculino
cat.	catalán	NG	Nomenclátor de Galicia
CdA	curso de auga	parr.	parroquia
cllo.	concello	pl.	plural
Cpta.	Carpeta	port.	portugués
DCP	Dicionário Corográfico de Portugal	s.	substantivo
EdP	entidade de poboación	PnH	paraxe non habitada (topónimo menor)
Edp(n)	entidade de poboación non incluída no NG	top., tops.	topónimo(s)
fem.	feminino	v.	verbo
fr.	francés	var.	variante
fol.	folio	VCN	Vocabulario de Ciencias Naturais
gal.	galego		

CARTOGRAFÍA

Para a localización dos topónimos nos mapas do IGN escala 1:25.000, correspondentes á última edición, publicada a partir de 1983, indícase o número da folla e do cuarto (M188-1, M227-3, etc.). Cando non se indica número do cuarto (M89, M264), as referencias corresponden ós mapas de escala 1:50.000 publicadas polo mesmo organismo (edicións de 1943-1947 ou reedicións posteriores).

FORMAS FITOTOPONÍMICAS

001. *abelá*

Véñse aceptando tradicionalmente que o nome da *abelá* constitúe, na súa orixe latina (*abellana nux*), un derivado do nome da cidade italiana de Abella, na Campania, onde probablemente abundaba (DCECH, I, 419). A árbore que dá abelás, *Corylus avellana* (VCN, 103) é unha especie común na nosa flora e ten moita presenza na toponimia.

001.1. Abelaira, abeleira

O derivado co sufijo correspondente a -ARIA (ABELANARIA), que dá nome á árbore, presenta en case todo o territorio estudiado a solución en -aira (-ANARIA > -aeira > -aira, fronte ó resultado -ANARIA > -aeira > -eira das áreas occidentais e mais do galego común):

- A Abelaira*, EdP en Ourense
- A Abelaira*, EdP en Pantón
- As Abelairas*, EdP en Sober
- A Abelaira*, Edp(n) en Lobeira (M301-1)
- A Abelaira*, Edp(n) en Sober (M188-2)
- A Abelaira*, 2 PnH na Veiga (M228-1, M228-2)
- A Abelaira*, PnH en Sarreaus (M264-4)
- A Abelaira*, PnH en Riós (M303-2)
- A Abelaira*, PnH na Pobra de Trives (M189-4, M227-2)
- A Abelaira*, PnH en Parada de Sil (M188-4)
- A Abelaira*, PnH en Chandrexa de Queixa (M227-2)
- A Abelaira*, 2 PnH en Calvos de Randín (M302-1, M301-2)
- A Abelaira*, PnH na Gudiña (GudCruz, 12)
- As Abelairas*, PnH en Castro Caldelas (M189-3)
- As Abelairas*, PnH en Xinzo de Limia (M264-4)
- As Abelairas* PnH en Muíños (301-2)
- Agro da Abelaira*, PnH na Pobra de Brollón (189-1)
- Regueiro das Abelairas*, CdA na Veiga (M190-3)
- Regueiro das Abelairas*, CdA en Monforte (M189-1)
- Val da Abelaira*, PnH en Toén e Barbadás (M225-2)

O primeiro destes topónimos non figura nos nomenclátores anteriores a 1981. Os outros catro que son núcleos de poboación, ou ben pertenecen a concellos da provincia de Lugo, áinda que contiguos da de Ourense, ou ben non figurán no NG, por seren entidades menores. Isto explica a afirmación de Joseph M. Piel de que *abelaira* é «forma privativa da provincia de Lugo» (Piel, 1961b, p. 156), cando en realidade é a solución maioritaria tamén en Ourense.

Un derivado destas formas co sufijo diminutivo procedente de -INA podería ser

A Abelariña, PnH en Monterrei e Cualedro (M302-2),

aínda que a ausencia do ditongo leva a pensar no diminutivo dun ABELLANALE feminino (vid. infra 001.2). Un común *abrairiña* dá nome no Courel a outra planta non ben determinada, «especie de siempreviva con tallo», segundo o P. Sobreira (*Botánica*, p. 228).

Unha forma masculina correspondente a ABELLANARIU atopámola en

O Abelairo, PnH en Calvos Randín (M301-4)

Regueiro Abelairo ou da Moura, CdA en Ramirás (M263-1)

A variante en -eira na provincia de Ourense limitáse ó terzo occidental:

A Abeleira, EdP en Beariz.

A Abeleira, EdP en Padrenda

E cremos que estamos ante unha forma deturpada, perfectamente castelá a non ser polo sufixo, en

Marco de Abellaneira, PnH no Barco e Vilamartín de Valdeorras (M190-2)

A propia distribución xeográfica das formas impídenos considerar relacionado con este tema o topónimo *Os Veleiros*, no concello de Ourense, en área onde a forma de ABELLANARIA é *abelaira*. Debe de tratarse más ben dun topónimo de oficio (cf. *Ferreiros*, *Oleiros*, *Tintores*, etc.), a partir do común *veleiro* («persona que hace velas o las vende», segundo Eladio Rodríguez, DEGC, III, 408).

A toponimia do NG permite considerar as seguintes solucións maioritarias para ABELLANARIA:

a) *Abelaira* ou *A Abelaira* en Friol, Lugo, Muras, A Pastoriza, Paradela, A Pobra de Brollón, Vilalba (2 tops.), *Abelairas* ou *As Abelairas* en Alfoz, Carballedo e Taboada (2 tops.), ademais dos xa mencionados da provincia de Ourense e áreas limítrofes.

b) *Abeleira* ou *A Abeleira* en Boimorto, A Cañiza (2 tops.), Cerceda, Guitiriz, A Laracha, Monfero, Ortigueira, Salvaterra de Miño e Tordoia; *Abeleira de Bocixa* na Laracha, *Abeleira de Boimir* tamén na Laracha; *Abeleiras* ou *As Abeleiras* en Mazaricos, Oleiros, Santa Comba, Sobrado, Tordoia e Vilasantar; *Caldeabeleira* en Monfero (cun

primeiro elemento *cal* < CANALE); e un diminutivo *Abeleiroas* (correspondente ó latín ABELLANARIÓLAS) en Mazaricos.

c) ***Abraira***: A variante con perda da vogal pretónica e alteración de vibrantes *l* > *r* (vid. tamén infra *Abral*, *Abredo*) témola en *Casabraigra* (*Casa Abraira*), en Pol, e *Abrai-ras* en Baleira.

Pódese dicir que a isoglosa *abelaira* / *abeleira* na toponimia case coincide coa liña N-S que separa as provincias occidentais das orientais, agás algúns concellos onde *abeleira* penetra na provincia de Lugo e mais no terzo occidental de Ourense, onde tamén se rexistra *abeleira*. A forma *abraira* é o resultado oriental; localizámola na toponimia do leste da provincia de Lugo e en áreas do galego exterior (vid. Mapa 1 do apéndice).

No mapa, fóra da provincia ourensá indícanse só topónimos recollidos no NG. Un corpus máis exhaustivo permitiría recoñecer outras variantes. Unha delas, de carácter conservador, coas dúas vogais en hiato resultantes da caída do –n– intervocálico (vid. infra *abelaedo*), témola no masc. *Abelaeiro*, PnH en Rodeiro (M154-2), na área intermedia entre as zonas de *abeleira* e *abelaira*.

Non existe esta diversidade de resultados na toponimia portuguesa, a xulgar pola que se rexistra no *Dicionário Corográfico Português*, que recolle 14 *Aveleira*, 1 *Aveleiras* e 1 *Aveleiro*.

A diferenza do que acontece coas formas en *e(n)da*, *-e(n)do* (vid. infra 001.4), nos textos medievais xa podemos advertir para as variantes *abeleira* / *abelaira* da toponimia do territorio estudiado unha distribución xeográfica semellante á actual. Así, na documentación relativa a topónimos do extremo suroccidental da provincia de Ourense, onde hoxe se rexistra *abeleira* na fala e na toponimia, alternan as formas con *e* e con *a*, estas últimas só en textos en latín ou latinizantes:

- «*montem qui est in loco qui dicitur Abeleira*» (ano 1246, RAM, nº 43)
- «*quomodo diuiditur per Auelairam*» (ano 1254, RAM, nº 118)
- «*Monius Petri de Abeleira*» (ano 1262, RAM, nº 144)
- «*jaz daquel cauo a Ponte Abeleira*» (ano 1483, RBV, nº 25).

Mentres que na documentación doutras áreas do territorio ourensán só rexistramos formas con *a*:

- «*a leyra d'Avelaayra*» (ano 1407, RdS, nº 111)
- «*lugar de Aveläira*» (ano 1428, MdR, AHN, Clero, Cpta. 1500, nº 5)
- «*ho llugar d'Avellayra*» (ano 1495, MdR, AHN, Clero, Cpta. 1505, nº 3)
- «*Ynés d'Abelaira*» (ano 1502, MdR, AHN, Clero, Cpta. 1505, nº 5)

001.2. Abelar, abelal

Son moito menos abundantes os topónimos correspondentes ó derivado colectivo en -ALE (ABELLANALE). Atopamos os seguintes no territorio estudiado:

O Abelar, Edp(n) en Lobeira

O Abelal, PnH en Verea (M263-2)

O Abelal, PnH en Carballeda de Avia e Melón (M225-1)

O Abelal, PnH en Trasmiras e Xinzo de Limia (M264-4)

Rego do Abelal, CdA en Verea (M263-2)

O topónimo *A Abelariña*, PnH en Monterrei e Cualedro (M302-2), que mencionamos no apartado de ABELLANARIA, podería ser tamén un diminutivo de *abelar / abelal*. O seu xénero feminino tería correspondencia noutros derivados de -ALE femininos na toponimia da Galicia oriental (cf. *As Nogais, A Cereixal...*) e no asturiano e leonés (*la cerezal, la peral...*).

O NG recolle (*O*) *Abelar* nos concellos de Agolada e Curtis, *Abelares* en Betanzos e na Laracha e *Abral* en Chantada (con *l > r* tras perda da vogal pretónica). Se *O Abelaiño*, en Trazo, é como cremos un diminutivo de ABELLANALE, hai que supoñer que é topónimo anterior á caída do *-l-* intervocálico, pois de ser derivación romance esperaríamos *abelariño*. Con todo, sen documentación antiga debemos considerar que a consoante caída podería ser igualmente un *-n-* (vid. infra os resultados dun lat. ABELLANO, 001.6).

No DCP atopamos 5 *Avelal*, 1 *Avelais*, e outros 5 *Avelar*. Ademais destes, hai 4 *Avenal* para os que Fernandes e Silva (1995, p. 40) supoñen unha orixe en ABELLANALE, con posterior disimilación de *-l- / -l > -n- / -l*, aínda que a falta de documentación que o confirme e existencia en galego dunha variante *abeneiro* para o ameneiro ou amieiro lévanos a preferir relacionar eses topónimos portugueses con estoutro tema fitonímico (017).

Nos documentos altomedievais en latín é usual o substantivo común correspondente a *abelar*, que atopamos en fórmulas que enumeran propiedades rústicas e cultivos: «*in domus, terras, lagares, vineas, pumares, cersares, nogares, ficares, avellanares, terras cultas vel in cultas, arruptum vel non arruptum, petras mobiles vel inmobiles, arbores fructuosas vel infructuosas*» (ano 932, CLN, nº 163).

001.3. Abelairal, abeleiral

O ditongo *ai* característico de Lugo e Ourense nos derivados por medio do sufijo resultante de -ARIA semella menos firme en posición átona. Recollemos na fala dúas variantes dun derivado ABELLANARIALE, con dupla sufixación (-ARIA + -ALE) en

O Abelairal ou O Abeleiral, PnH en Viana do Bolo (M266-1)

No NG figura 1 *Abeleiral* nas Somozas.

001.4. Abeledo, abeleda

Os derivados correspondentes ó latín ABELLANĒTU, ABELLANĒTA, co sufixo colectivo -ĒTU, -ĒTA¹, ofrecen diferentes resultados, que agrupamos do seguinte xeito:

- a) *abeledo, abeleda*
- b) *abelendo, abelenda* e outras formas con *n*
- c) formas con 2 vogais en hiato: *abelaedo, abelaído, abelaindo*
- d) formas con *r*
- e) outros resultados

a) A variante *abeledo, abeleda* constitúe o resultado máis común na toponimia de Galicia e do territorio estudiado. Presenta dúas solucións con distribución xeográfica, dependendo do timbre da vogal tónica procedente do ē latino, que é aberto nas zonas de *abelaira*, debido ó contacto co *a* precedente (*A Abeleda* /ɛ/ en Xunqueira de Ambía, *Os Abeledos* /ɛ/ en Montederramo; cf. *Maceda* con /ɛ/ no propio concello de Maceda, que é area de *mazaira, abelaira*), mentres que en zonas de *abeleira* presenta o *e* pechado etimolóxico. No territorio estudiado recollemos os seguintes (todos eles con /ɛ/ non sendo o *Regueiro da Abeleda*, con /e/, no Carballiño).

- Abeleda* (*Santa María*), parr. na Teixeira
A Abeleda (*San Vicente*), parr. e lugar en Xunqueira de Ambía
Paradela de Abeleda (*San Xoán*), parr. e lugar en Porqueira
San Lourenzo de Abeleda (*San Lourenzo*), parr. en Porqueira
Santa Tegra de Abeleda (*Santa Tegra*), parr. en Castro Caldelas
Abeleda, EdP en Verea
A Abeleda, EdP en Ourense
A Abeleda, EdP en Viana do Bolo
Pazos de Abeleda, EdP en Xunqueira de Ambía
Abeleda, PnH en Verea (M263-I)
Prados da Abeleda, PnH en Vilardevós (M303-4)
Regueira da Abeleda, CdA no Carballiño (M187-1)
Os Abeledos (*San Vicente*), parr. e lugar en Montederramo
Abeledo, EdP en Taboadela
Abeledo, PnH en Cartelle e Ramirás (M225-4)
Abeledo, PnH en Muíños e Calvos de Randín (M301-4, M302-3)
Val de Abeledo, PnH en Montederramo (M227-I)
Abeledos, PnH en Bande (M301-2)
Abeledos, PnH en Laza (M226-2)
Abeledos, PnH en Verín (M303-3)
Regueiro dos Abeledos, CdA no Barco de Valdeorras (M190-4)

¹ Incluímos entre os derivados co sufixo correspondente a -ĒTU, -ĒTA os resultados con *i* na sílaba tónica, considerando que se trata de simples variantes alternativas da forma con *e*. Segundo Isidoro Millán, serían debidas á acción da metafonía, atribuída por el ó substrato céltico (Millán 1987, 169-171).

No NG atopamos *Abeleda* en Chantada e Lalín; *Abeledo* en Abadín (parr.), Alfoz (2 tops.), Curtis, Dozón, Fene, Friol (2 tops.), Guitiriz, O Incio, Lugo, Mañón, Monfero, Muras, Ourol, Sobrado, As Somozas, Sarria, Vilalba (2 tops.) e Vilarmaior. Teñen paralelo nas formas portuguesas recollidas no DCP: 9 *Aveleda*, 1 *Aveledas* e 1 *Aveledo*.

b) A variante *-endo* / *-enda*, exclusiva de Galicia (a toponimia maior portuguesa non a rexistra para este tema léxico, aínda que para outros temas existen resultados paralelos en zonas próximas á raia galega, como un *Padrenda* < PLATANÉTA do concello de Ponte da Barca), constitúe un resultado particular da caída do *-n-* intervocálico. J. M. Piel e A. Moralejo ocupáronse deste fenómeno (Piel, 1961b; Moralejo, TGL, 341). O profesor alemán explica así a variante con consoante nasal:

«O fenómeno fonético que aqui interessa, ou seja a redução dos nexos -AN-ETUM, IN-ETUM a *-endo*, não está conforme com a evolución “normal” do *n* intervocálico, a qual leva, como se sabe, a um emudecimento completo desta consoante, como sucede en *Castedo*, *Castido*, de que o citado *Castendo* vem a ser uma forma aberrante. Estamos pois perante um dos aspectos da complexa historia das nasais no noroeste da Península. No léxico comum conheço apenas um único exemplo de tratamiento análogo ao de *Castendo*: o gal.-minh. *gando* = port. *gado*, esp. *ganado* (...). A génesis das referidas formas com *n* parece ser a seguinte. Numa primeira fase evolutiva o *-n-* reduziu-se a uma resonânciā nasal da vogal precedente: *ganado* > *gāado* (...); numa segunda fase, a nasalidade comunicou-se à vogal imediata: *gāādo* (...); numa terceira desnasalizou-se o primeiro elemento do ditongo nasal; numa última, finalmente, o timbre nasal, ao contacto com o *d*, condensou-se numa consoante *n* (...). De um modo análogo os grupos *aēdo*, *eēdo* ter-se-iam convertido em *-endo*, fem *-enda*» (Piel, 1961b, p. 153-154).

Piel proporciona un mapa onde debuxa a isoglosa destas formas (vid. Apéndice, mapa 2). No caso concreto do tema de ABELLANÉTU, ABELLANÉTA, e considerando unicamente as formas recollidas na provincia ourensá e a toponimia maior incluída no NG, a distribución dos resultados con *n* no mapa coincide coa exposta por Piel (vid. Apéndice, mapa 3). No territorio estudiado recollemos os seguintes:

Abelenda (*Santa Mariña*), parr. e lug. en Avión

Abelenda das Penas (*Santo André*), parr. en Carballeda de Avia

Abelenda, EdP en Carballeda de Avia

Abelenda, EdP en Cortegada

Abelendo, PnH en Cartelle (M225-1)

Monte de Abelenda, PnH Cortegada (M225-3)

Corga de Abelenda PnH en Verea (M263-I e 263-3)

Nos nomenclátores de 1971, 1981 e 1986 figura erradamente como *Abelendo* a parroquia de *San Lourenzo de Abeleda* (pertencente ó antigo *Couto de Abeleda*), no concello de Porqueira.

O NG recolle, ademais, *Abelenda* na Cañiza (2 tops.), *Abelenda* en Coristanco, *A Abelenda* no Porriño, *Abelenda* en Touro, *Abelenda* en Val do Dubra, *Abelendo* en Lousame, *Abelendo* en Moaña, *Abelendo* no Porto do Son, *Abelenda do Cuarto* en Arbo e *Outeiro de Abelenda* tamén en Arbo. Ademais, *Abelaíndo* en Ceredo e *Abelendro* en Guitiriz, este último cun *r* adventicio, non etimolóxico.

c) 2 vogais en hiato. Entre os derivados do latín ABELLANA por medio dos sufixos correspondentes a -ĒTU, -ĒTA, hai algúns que conservan as dúas vogais contiguas resultantes da caída do *-n-* intervocálico. Na provincia ourensá localízanse en Trives, Valdeorras e áreas próximas:

Abelaído, EdP en San Xoán de Río

O Chao de Abelaído, PnH en San Xoán de Río (M189-4)

Regato de Abelaído, CdA en San Xoán de Río (M189-4)

Cavorco de Abelaído, CdA en Vilamartín de Valdeorras (M190-1)

Regueiro de Abelaído, CdA na Rúa (M190-I)

O NG recolle *Abelaedo* no Vicedo, *Abelaído* na Lama e o mencionado *Abelaíndo* en Ceredo.

A estes poderíamos engadir *Balaídos*, coñecido topónimo urbano de Vigo, que presenta aférese da vogal inicial e harmonización vocálica. O DCP portugués recolle un topónimo paralelo *Balaído*.

d) Formas con r. Unha posible solución **abredo* (< ABELLANĒTU, con síncopa do *e* pretónico) podería explicar os topónimos menores do concello da Gudiña que figuran erradamente na cartografía como *Cavanco de Viabredo* e *Corga de Viabredo* (M304-1) e que teñen na fala as denominacións de *Cavanco Diabredo* e *Corga Diabredo* ou *Río Diabredo* (GudCruz, p. 27). Cabería interpretalos como «*de abredo*», onde teríamos o derivado colectivo en *-edo* na variante correspondente a *abraira*. A carencia de documentación antiga destes topónimos non nos permite sostener con firmeza esta hipótese.

Un derivado de *abraira* co sufijo correspondente a -ĒTU é o nome de *Abraído*, EdP de Taramundi (M25-3), en área asturiana de fala galega, neste caso co resultado de dúas vogais en hiato.

O NG tamén recolle un diminutivo en -ĒLLU en *Abraadelo* (< ABELLANĒTĒLLU), no concello de Samos.

e) Outros casos. Son problemáticos os derivados deste tema léxico cando o resultado dos sufixos -ĒTU, -ĒTA é *-ido*, *-ida*, pois poden confluír con antropotopónimos procedentes dos antigos nomes persoais, *Bellītus*, *Bellīta*, formados sobre BELLUS (Piel, 1947a, 186). Temos un posible feminino ABELLANĒTA en

A Abelida, EdP en Gomesende,
que tamén rexistramos coa grafía *A Belida*.

Só a documentación antiga pode confirmar unha ou outra explicación. Fernandes e Silva (1995, p. 43) recollen dous exemplos portugueses *Abelida* e *Abelide* que, contradicindo as apariencias, se remontan a orixes antropónímica e fitonímica, respectivamente.

O DCP recolle tamén 1 *Velido* en Vila Verde. O *v*- inicial podería corresponder en portugués ó *-b-* intervocálico de ABELLANĒTU antes có antropónimo BELLĪTU, mais a súa localización setentrional, en área onde a fala tradicional non coñece a oposición b/v, obriga a admitir as dúas posibilidades.

Nos textos medievais atopamos amplamente documentados case todos os topónimos maiores do territorio estudiado pertencentes ó tema de ABELLANA. Polo que respecta á diverxencia de formas con ou sen *n* (-e[n]do, -e[n]da), a documentación antiga amosa moita variabilidade, áinda que debemos considerar que un *n* na transcripción dun texto medieval non representa necesariamente unha consoante na fala da época, e que a transcripción das nasais dos documentos por parte de filólogos e paleógrafos non sempre responde a criterios uniformes.

Así, das tres parroquias que constituían o couto de Abeleda de Caldelas (distinto doutro couto de Abeleda de Limia ou do Val de Salas), hoxe repartidas entre os concellos de Castro Caldelas e da Teixeira, posuímos abundante documentación desde o século X:

- «*In Caldelas, Avellaneta*» (ano 934, CLN, nº 478)
- «*villa supranominata Avellaneta, territorio Caldellense*» (ano 947, CLN, nº 229)
- «*in Abellaneta uno petazo de vinea*» (ano 1095, CLN, nº 226)
- «*eno couto de Ssan Payo d'Auelaeda*» (ano 1281, HGP, nº 55)
- «*su u sino de Ssanta Maria d'Aueleenda*» (ano 1308, MdR, AHN, cpta. 1489, nº 12)
- «*San Paayo de Aueleeda*» (ano 1315, MdR, AHN, cpta. 1491, nº 13)
- «*Johan Eanes dAueleeda*» (ano 1324, MdR, AHN Clero, Cpta. 1492, nº 10)
- «*en Auellenda, su signo de Santa Maria d'y*» (ano 1348, MdR, AHN Clero, Cpta. 1494, nº 18)
- «*ao mosteyro de Sant'Payo d'Avelenda*» (ano 1417, VFD1, nº 69)
- «*Esteuoo Fenandes, abade de Sant Payo d'Avelenda*» (ano 1417, VFD1, nº 69), etc.

A parroquia de San Vicente da Abeleda, en Xunqueira de Ambía:

«*Sanctae Mariae de Requeixo et Sancti Vincenti de Abelenda*» (ano 1230, BCM, T. 1, p. 302), etc.

A parroquia de Abelenda das Penas, na antiga Terra de Nôvoa:

- «*operi sancti Andree de Avelaneda*» (ano 1229, OSR1, nº 314, p. 306)
- «*unum in Vilar Pequeno et aliud in Avelaenda*» (ano 1242, OSR1, nº 512)
- «*que iacet in o chao iusta ad Avelaeda*» (ano 1264, OSR2, nº 909, p. 866)
- «*unum casalem et alium in Aveleeda*» (séc. XIII, OSR2, nº 1296, p. 1230)
- «*Johan Eanes dAueleeda*» (ano 1324, MdR, AHN Clero, Cpta. 1492, nº 10), etc.

O lugar de Abelenda, en Valongo, Cortegada:

- «*per termino de Avellaneta*» (ano 1076, CLN, nº 78)
- «*inde una villa in Vallongo, in Avellaneta*» (anos 1011-1045, CLN, nº 83), etc.

Nos outros topónimos paralelos que recollemos na documentación antiga, algúns identificables na actualidade, rexistramos a mesma variación:

- «*Martin Peres, morador ñenos Auelaedos*» (ano 1269, MdR, ACO, Monac. nº 1016)
- «*praça que iaz ao Aueleendo*» (ano 1340, MdR, AHN Clero, Cpta. 1494, nº 1)
- «*vinas do Rrial et do Avelēdo*» (ano 1399, MdR, AHN Clero, Cpta. 1498, nº 5)
- «*dous leiros de vyña ao Abelendo*» (s.d., S.XV, MdR, AHN Clero, Cpta. 1505, nº 1)
- «*aldea de Golpellāës, del coto d'Abeleeda del Val de Salas*» (ano 1516, FDU, nº 402)

Este último refírese ó antigo couto de Abeleda de Limia, de onde os actuais *Abeleda, San Lourenzo de Abeleda e Paradela de Abeleda*, no concello de Porqueira.

Como exemplo dun uso antropónimico da forma feminina de BELLÍTUS no territorio estudiado temos unha «*Maria Velida*» na documentación de Oseira (ano 1260, OSR2, nº 879).

001.5. Abeledal

Non rexistramos exemplos de derivados con dupla sufixación en ĒTU + ALE, fóra dun *Abeladal* (< ABELLANĒTALE) que ten entrada no diccionario xeográfico de Madoz (1845) como «lugar de San Esteban del Valle» (antiga parroquia de Santo Estevo do Vale, hoxe Santo Estevo do Vicedo, no concello do Vicedo, antes chamado de Riobarba). Na actualidade non figura este topónimo nos nomenclátores. Non é moi frecuente a combinación destes dous sufíxos, mais non faltan exemplos paralelos (*Acividal, Teixedal, Robledal* etc.).

001.6. Abelán

Un pequeno grupo topónimos presentan outra denominación galega da árbore, *abelán / abelao*, procedente do lat. ABELLANU e paralela, xa que logo, do castelán *avellano* e mais do asturiano *ablanu* (Sánchez Vicente, p. 47). *Abelán* é a forma usada por Sarmiento (*Vegetables*, 1159, p. 196) e recollida así mesmo por outros autores (Froilán López 1981, p. 389). Supoñemos que os topónimos que conteñen estas formas aluden á mesma especie da *abeleira*, aínda que o propio Sarmiento dá noticia do emprego desta designación para outras especies: «*Avelao. Llaman así hacia la Ulla al androsaemum o tota sana, que cultivan en las huertas para remedios. Acaso de abellana aludiendo a la frutilla*» (*Vegetables*, 1442, p. 255).

O NG recolle 3 *Abelán* na Cañiza, Crecente e Salvaterra, e 1 *Abelao* na Estrada.

Un probable diminutivo é o mencionado *Abelaiño*, lugar do concello de Trazo (vid. supra, 001.02).

Abelá, en Xove, semella corresponder a un fem. ABELLANA. Como apelido, probablemente de orixe toponímica, rexistrámolo nun «*frei Álvaro da Avellâ*» (ano 1482, MdR, AHN Clero, cpta. 1504, nº 13).

No DCP aparece un único exemplo masculino *Avelão* e 4 do feminino plural *Avelãs*.

No territorio ourensán só temos constancia dun *Abelao* rexistrado nun documento de Rivadavia do ano 1400: «*enno lugar que disen o avellao*» (ano 1400, RBV, nº 8). Como substantivo común, sinónimo de ABELLANARIA, atopámolo nos documentos medievais galegos en latín: «*et quinta de perarios et quinta in avellanatos*» (ano 934, CLN, nº 478).

001.7. Abeloso, abelosa

Un posible exemplo de derivado colectivo por medio do sufijo correspondente a -OSU témolo no segundo elemento de

Monteveloso, EdP en Castrelo do Val.

Cortiña Belosa ou *Cortiña Abelosa*, PnH do cllo. de Quiroga (M189-2)

que corresponderían a MONTE ABELLANOSU e COHORTINA ABELLANOSA, respectivamente. O primeiro rexistra na fala como variante maioritaria unha forma con labialización da vogal pretónica (-*boloso*), por contacto coa consoante labial.

Elixio Rivas, explicando os topónimos marinenses *Belosás / Belosáns* e *O Beloso*, suxire unha orixe céltica a partir de «*BEL- ‘bueno, lo que encanta’ e de *BELA, BELESA ‘clase de hierba narcótica’», aínda que admite como posible outra orixe prerromana, a partir de «la raíz BEL- ‘negrura’, de *Bela*, *Belasco*, que Bertoldi da como ibera y Pidal como iliria, de donde *bela* ‘cuervo’» (Rivas 1982, p. 150):

«Es este un tema oscuro sobre el que no podemos más que sentar hipótesis. No creo que tenga relación con el lat. *abellana nux*; se trata, eso sí, de sufijos latinos, lo que indica que todavía se analizaba el tema a comienzo de nuestra era; además *Beloso* lleva artículo. El equivalente, fuera de Galicia, de nuestro *Belosás* parece *Rivabellosa* (Alava y Logroño) que, no teniendo -n- intervocálica, no puede venir de *abellana*; sería en todo caso **Abellanosa*. Además, para que tuviera ese origen el gallego, habría que suponer un sust. *abellanos,-a* que no existe, o sería en todo caso adjetivo; *ABELLANOS-ALE sería el imposible abundancial».

Non se pode negar a existencia de ABELLANOSU,-A como adxectivo substantivado, paralelo dos derivados co mesmo sufijo en moitos temas botánicos comúns na toponimia (*Cadavoso, Ramallosa, Xestoso...*). Nunes (1920, 7), Piel (1961a,

156) e outros remiten a esta forma para explicar os topónimos portugueses *Aveloso*, *Avelosa*. En tanto non dispoñamos de documentación antiga que o contradiga, debemos admitir a posibilidade de que topónimos escritos como *O Beloso*, *A Belosa* correspondan a derivados de ABELLANÓSU, -A con aférese da vogal inicial, que por tratarse dun *a-* se ve favorecida no caso do feminino, interpretada como artigo. Canto ó outro topónimo marinense citado, *Belosás / Belosáns*, esta segunda variante con *n*, que Rivas considera resultado dun «contagio con los en -A, -ANIS germánicos», admitiría non obstante unha explicación como xentilicio plural en -áns (<-ANOS), se cadra relativo ó propio lugar do *Beloso* ou á veciña localidade de *Beluso*, en Bueu. Para o nome desta última tamén podería pensarse nunha variante de *Beloso* con alteración da vogal tónica, admisible en área de acusada metafonía por efecto do -o final, pero a documentación antiga contradí esta hipótese e súxire orixe prerromana: «*in Morracio Bellucio*» (ano 934, CLN, 478).

No NG hai *A Abelosa* en Gondomar, que representa unha ABELLANÓSA. O correspondente diminutivo témolo en *A Belosiña*, EdP en Trabada non incluída no nomenclátor (M25-1).

No DCP figuran 1 *Avelosa*, 3 *Avelosos*, 1 *Avelanoso* con conservación do -n-intervocálico (en Vimioso, Bragança, en área inmediata ó antigo dominio lingüístico do leonés) e un *Velosa* onde seguramente houbo así mesmo falsa segmentación do *a-* inicial asimilado ó artigo.

(No *Dicionário Corográfico Português*, DCP, como na rotulación viaria ou a cartografía de Portugal, non figuran os artigos dos topónimos: (*O*) *Estoril*, (*A*) *Póvoa de Varzim*, (*O*) *Porto*, (*As*) *Caldas da Rainha*, (*A*) *Figueira da Foz*, etc).

En Asturias os topónimos equivalentes presentan as formas *Ablanosa*, *Ablanoses* (González 1959, 279-280), en consonancia cos comuns *ablanu*, *ablanal* (Sánchez Vicente, 47).

002. *abobra*, *abóbora*

O substantivo *abobra* ou *abóbora* é voz patrimonial galega que designa a froita de diferentes especies da familia das cucurbitáceas. Figura nos nosos dicionarios e estudos lexicográficos desde o século XVIII. O padre Sobreira define *abobra* como «especie de calabaza grande, panza oblonga, cuello largo algo torcido, cutis nítida, verdi-blanca, que es preciosa para el dulce llamado de calabaza» (Sobreira, *Papeletas*, p. 24). Tamén existe en castelán a mesma forma *abobra*: «planta vivaz de la familia de las cucurbitáceas, que se cultiva como enredadera de adorno» (DRAE), e en portugués coas formas *abobra* e *abóbora* e o significado xenérico de *cabaça*. Os dicionarios tamén recollen como voz

común o derivado *aboboral*: «plantação de abóboras», «lugar onde se cultivam as abóboras» (Porto Editora e GDMU, respectivamente)

É palabra de orixe incerta. A documentación máis antiga rexístrase nas *Etimoloxías* de Santo Isidoro de Sevilla, onde aparece con este significado a forma dun plural *apoperes* (Corominas, DCECH, I, 17a). Tamén figura en textos mozárabes dos séculos X a XIII (MPidal, *Orígenes*, 409), nalgún caso cunha forma ditongada (*buebra*) que permite supoñer que o *o* tónico era breve. De aquí dedúcese que a forma do castelán podería ser tomada do romance occidental galego ou portugués. A propia distribución da palabra, que Corominas caracteriza como «más luso-leonesa que central, y desde luego no aragonesa» (DCECH I, 17), concorda con esta hipótese. En galego é voz viva e de longa tradición, como demostra a súa presenza na toponimia.

O filólogo catalán considera que *abobra* ten «marcado aire indoeuropeo» e que «no hay duda de que era palabra indígena de la Península», polo que dá como étimo un *APŌPĒRA que caracteriza como latín hispano. E analiza este étimo como APŌ- + -PER-, co «ubicuo prefijo ieur. APO-» e mais unha base léxica PER- que el vincula co grego πειραο and o lat. *portare*. Non obstante, parécenos razoable considerar a posibilidade dun lexema APŌP-, que permitiría emparentalo co latín PEPO, -ŌNIS ‘melón’ (cf. esp. *pepino*), polo menos no consonantismo, máis un segundo elemento que ha de ser un morfema derivativo, que podemos asociar ben á declinación latina (cf. VETUS,-ERIS) ou ben ó sufijo prerromano átono -ARO -ORO (e variantes), de tanto rendemento na toponimia e no léxico común do galego (cf. *cótaro*, *cáparo*, *bácoro*, *nécora*, etc.).

Na Idade Media atopamos o común *abóbora*, *abóbera* como nome de recipiente e medida para líquidos: «*unum agnum et una abobera de uino*» (ano 1183, *Fiães*, nº 24).

A xeografía deste tema léxico na toponimia maior da Península confirma o seu carácter occidental (vid. Apéndice, mapa 4).

002.1. Aboboral

O único exemplo de derivado colectivo co sufijo correspondente a -ALE, *aboboral*, é o de **Boborás** lugar da parroquia de Xuvencos no concello tamén chamado **Boborás**. É un plural *APŌPĒRALES.

Na documentación máis antiga que posuímos deste topónimo adoita escribirse con A- inicial, pero xa rexistramos no século XIII grafías que reproducen a aférese desa vogal:

«*Petrus Roderigi de Aboberanes*», (ano 1237, OSR1, nº 421)

- «*Petrus Iohanes de Aboberaes*» (ano 1240, OSR1, nº 468)
 «*illam hereditatem de Aboberaes*» (ano 1241, OSR1, nº 492)
 «*villa que vocatur Boberaens sub parrochia Sancte Marie*» (ano 1255, OSR1, nº 752)
 «*Martin Perez de Aboberaes*» (ano 1274, OSR2, doc nº 1066)
 «*Marina Eanes de Aboberaens*» (ano 1274, OSR2, nº 1067)
 «*Iohan Afonso de Aboberaens*» (ano 1274, OSR2, nº 1069)
 «*Fernan Ares de Aboberaes*». (Ano 1274, OSR2, nº 1072)
 «*que meu padre e mya madre venderon en Aboberaes*» (ano 1280, OSR2, nº 1149)
 «*Fernan Dominges d'Aboberaas*» (ano 1352, OSR3, nº 1701), etc.

002.2. Aboboreira

O único exemplo que posuímos identificable con *APŌPĒRARIA é

A Baboreira, PnH en Viana do Bolo (M228-3)

Mais igualmente podería corresponder a outro fitónimo: *bevoreira* < (FICARIA) BIFERARIA, relativo á figueira das *bevras*, *bévoras* ou *brevas* (Sobreira, Botánica, 44v, p. 245). Nun topónimo menor de Leirado, concello de Quintela de Leirado, habitualmente denominado *A Viboreira* (M263-1), recollemos tamén una variante con *e* na sílaba inicial, que levaría a vinculalo con calquera destes temas fitonímicos (o de *abóbora* e o de *breva*), fronte á apariencia de zoónimo relativo á presenza ou abundancia de víboras. Só con apoio de documentación escrita poderíamos inclinarnos nun ou noutro sentido. Verbo dos topónimos derivados do nome da *vibora*, cómpre lembrar que nalgún caso poden ter motivación fitonímica e non zoonímica, pois *viboreira* ou *herba viboreira* son denominacións comúns do *Ecchium vulgare*.

Tamén debe ser un fitónimo (ben correspondente a APŌPĒRARIA, ben a BIFERARIA) o nome da localidade chamada *A Babareira*, no concello das Neves.

No DCP atopamos 6 *Aboboreira*, 1 *Aboboreiras*, 2 *Abobreira*, 2 *Abobeira*, estas últimas, localizadas en Tras-os-Montes, con disimilación de líquidas. Algún destes lugares é o que se documenta en 1258 como *Aboberaria* e *Abobereira* (Cortesão, OM, 7).

003. abrótea

Acéptase que o galego e portugués *abrótea*, nome do *Asphodelus albus* (VCN, 103), procede dunha variante feminina do latín ABRŌTĀNUM, variante á súa vez de ABRŌTÖNUM, tomado do grego (DCECH, I, 22). O nome culto de *abrótano* designa, como designaba en latín, outras especies botánicas ben diferentes, do xénero *Xantolina* (VCN, 103).

Os nosos lexicógrafos do século XVIII xa recollen esta denominación e outras variantes como usuais en Galicia: *abrótea*, *abrótiga*, *abroita* (Sarmiento, Catálogo, 159v; Vegetables, 21; 542), *abrotea*, *abrótega*, *abrótena*, *abrotia* (Sobreira, Botánica, 229) e nomes próximos, como un derivado *abroitón*, aplicados a especies semellantes (Sarmiento, Vegetables, 543).

Un derivado correspondente a ABROTANALES, con aférese da vogal inicial, está presente en

Borteais, PnH en Vilariño de Conso (M227-4)

Campo de Borteais, PnH en Vilariño de Conso (M227-4)

Un antigo topónimo portugués escrito *Abroteydis* (ano 1258, OM, 7) semella representar o derivado *Abroteídos* < ABROTANÉTOS.

004. *aceda*

Os nomes de *aceda* e *acedeira* (< ACÉTA, ACÉTARIA) designan varias especies do xénero *Rumex* (VCN, 103), principalmente a *Rumex acetosa*, tamén chamada *vinagreira*, coñecida polas súas virtudes medicinais (Sarmiento, *Vegetables*, 158, 780, 896; DEGC, I, 35; Font Quer, 141). O nome alude á característica de seren ácidas ou *acedas* ó gusto, e procede en última instancia do latín ACÉTU ‘vinagre’.

004.1. Aceda

Todos os topónimos que consideramos relacionados con este tema son derivados por medio de sufíxos con valor abundancial. Non temos ningún exemplo galego que recolla a forma simple do fitónimo. No DCP figuran 1 *Azeda* e 1 *Azedo*, que poden corresponder a *ACÉTA, *ACÉTU ou ben a colectivos en -ÉTA, -ÉTU desta (**Acededa* > *Aceda*) ou doutra planta (vid. infra. 004.4).

Lamaceda, lugar do concello de Viveiro, se non se trata de **Lamamaceda* (*lama* + *maceda*), con redución haplolóxica, debe conter o adjetivo común *acedo*, que ten a mesma orixe có nome da planta. Nalgún caso en que aparecen estas formas, especialmente na toponimia menor, tamén poderíamos estar ante topónimos de orixe antroponímica a partir do adjetivo *acedo*. Temos un exemplo do seu uso como alcume en *Johannes Petri dicto Acedo* (ano 1273, OSR2, nº 1030), e aínda un *Pero Eanes carne azeda* (ano 1303, BM, p. 132).

004.2 Acedal

Recollemos dous exemplos de derivados co sufíxo colectivo -ALE (ACÉTALE) na área oriental da provincia:

Acedal, PnH na Mezquita (M304-2)

Acedal, PnH en Verín (M303-1)

No *Onomástico medieval Portugués* de Cortesão (OM, 41) rexístrase un top. *Azedal* en 1258.

004.3 Acedeiro

Un único caso de derivado en *-ARIU* (ACÉTARIU) témolo en

Acedeiro, PnH na Merca e A Bola (M225-4)

004.4 Acededo

Non recollemos ningún exemplo de derivado masculino en *-ĒTU*. Un topónimo

Acedelo, PnH en Riós (M303-2)

podería conter un diminutivo en *-ĒLLU* a partir dun derivado en *-ĒTU* deste tema (ACÉT-ĒT-ĒLLU), con redución haplolóxica *ace-de-de-lo* > *acedelo*. Os mencionados topónimos portugueses *Azeda* e *Azedo* poderían explicarse dun xeito paralelo a partir de **Azededa* e **Azededo*, respectivamente. Na documentación medieval portuguesa tamén se rexistra un top. *Azido* en 1258 (OM, 41).

Non parece que teña relación con estes topónimos outro nome común botánico *azaia*, que Sarmiento dá como denominación ourensá do *cantroxo* (vid. 060): «Azaya y azayas. El cantueso en Orense» (*Vegetables*, 436), cunha variante *arzaia* que o P. Sobreira localiza en Parada de Sil co significado de «el cantueso o romaniz» (Sobreira, *Papeletas*, p. 272).

005. ácer e acereiro

Joseph M. Piel (1968a, II, p. 175) asocia ó latín ACER, ACÉRIS varios topónimos hispánicos, entre os que se atopa algún pertencente ó territorio obxecto do noso estudo, pero existe certo problema tanto na certeza desa etimoloxía como na especie botánica particular a que os topónimos se refiren. O profesor alemán refírese en concreto ó al. *ahorn*, que os dicionarios alemán-español traducen por *arce*, e que nós debemos identificar co *Acer pseudoplatanus*, comunmente chamado hoxe en español *arce blanco*, en portugués *padreiro* ou *plátano bastardo* (Sampaio, *Flora*, 192) e en galego *padreiro*, *pradeiro*, *pradairo*, *padrairo* (vid.

185). En español foi forma moi estendida *ázere* nos séculos XV e XVI con este significado (DCECH, I, 315), e non é imposible que en galego e portugués houbese unha forma equivalente para designar esa mesma especie.

O DCP recolle 3 tops. co nome simple *Ázere* (< ACÉRE).

Un dos tres aparece como *Azer* (*Ázer*) en doc. do ano 960 (OM, 41).

Con todo, a existencia de aparentes derivados deste tema latino para denominar outras plantas non pertencentes á familia das aceráceas, ou ben a confluencia destes con outros fitónimos de posible orixe ben diferente, impide unha identificación definitiva. Parece descartable calquera relación con ACÉRE dun galego *arzal* ou *arçal* que Sarmiento recolle como nome da «carpaza de las póutegas» en Valdeorras (*Vegetables*, 2481).

En portugués, non obstante, existen dous nomes que poden explicar os nosos topónimos: dunha banda *azereiro*, denominación que alterna coas de *louro real* ou *loureiro real* para designar o *Prunus laurocerasus*, *Prunus lusitanica* ou *Laurocerasus lusitanica* (Sampaio, *Flora*, 396), árbore das rosáceas que en galego recibe comunmente os nomes de *loureiro real*, *loureiro romano* ou *falso loureiro* (VCN, 134) e, doutra banda, *azereiro dos danados*, nome do *Cerasus padus* (Flora, 395) ou *Prunus padus* (Piel, 1968a, II, 176), certa cerdeira brava. Nos dous casos, tanto no aspecto da planta como na denominación científica, a relación coa cerdeira é evidente, polo que desde o punto de vista etimolóxico o seu nome podería estar, en última instancia, emparentado co latín CÉRA ‘id.’

Respecto do *azereiro dos danados*, Piel pregúntase «warum, “der Verdammten” bzw. “der Tollwütigen”?» (1968a, II, 176). Cremos que a segunda das explicacións é a correcta: non se refire ós condenados, senón ós afectados de rabia (en galego temos tamén *danado* co mesmo valor), e esa denominación portuguesa permite asociar esta especie co árbol de San Gregorio, paugurgorio ou árbol da rabia que menciona Sarmiento, quen o describe así: «*La hoja es de un verde negro con venas muy profundas y muy parecida a la hoja del cerezo. Item se parece al dicho árbol en que de un solo pedículo salen tres o cuatro pediculillos con sus hojas a modo de ramillete, y de entre ellas tres, cuatro o cinco cerecitas verdes, que con el tiempo se ponen rojas (así las vi día de San Pedro) y al último son negras, de la corpulencia de un grano grande de enebro, y redondas, con un solo hueso grande dentro y duro. Dicen que las flores son blancas y que florece cuando los cerezos)*» (Sarmiento, *Vegetables*, 654).

O padre Sobreira dá información acerca da existencia en galego dun nome idéntico ó portugués: «*Azoreyro. s.m. de Lobios de Limia. Árbol grande que de lejos parece un laurel pero que tiene las hojas más anchas, mas negras y fedechosas. Da bágos y se cría en los montes de Lobios*» (Sobreira, *Botánica*, 237). Pola breve descripción parece referirse ó *laurocerasus*. Coa variante *azareiro* aparece nos diccionarios de Cuveiro e Carré (Pensado, 1974, p. 91). O editor do texto do padre Sobreira, X. L. Pensado, inserta unha nota en *azoreyro* para indicar que «también es posible leer *azereyro*», e cremos que

esta última é lectura máis acorde coa forma portuguesa e coa propia localización, pois tamén é en Lobios onde rexistramos o único topónimo relacionado con estas formas dentro do territorio estudiado. É un derivado co sufijo correspondente a *-ĒTU* (*ACERĒTU*):

Aceredo, EdP en Lobios

O DCP recolle 1 *Azereiro do Carvão*.

Un topónimo *Cerdeño*, EdP de Aranga, se non se trata dunha redución haplolóxica dun *Cerdeñelo* (vid. 080), podería ser un diminutivo de *aceredo* co sufijo correspondente a *-ĒLLU* (**ACERĒTĒLLU*).

Na documentación medieval rexistramos un top. *Cereda* no concello coruñés de Teo, talvez pertencente a este tema fitonímico: «*Item a cabo Cereda, ēno lugar a que chamā Valljno, da fligesja de Santa Uaya do Oço*» (ano 1352, TzS, fol 43v).

006. *acivo, acevo, acivro, acevro*

O *Ilex aquifolium* recibe en galego as denominacións de *acevo*, *acivo*, *acevro*, *acivro* e outras formas derivadas (Crespo Pozo, 1973, 87; NCVCG, I, 21 ofrece unha relación), ademais doutras pertencentes a familias léxicas distintas, como *xardón* (vid. 233). En portugués a denominación común é *azevinho*, forma que tamén ten uso nalgúns árees galegas. En castelán é *acebo*. Estas formas vincúlanse ó latín *AQUIFÖLIUM* (nome que fai referencia ás agullas das follas da planta), aínda que esixen unha variante latina con *ACI-* como primeiro elemento (cf. *ACICÜLA* ~ *ACUCÜLA*). Polo que se refire ó segundo elemento, Menéndez Pidal, considerando únicamente as formas do castelán e do portugués padrón (pois a toponimia demostra a existencia histórica nesa lingua dunha forma sen sufijo diminutivo, paralela das galegas), cría que «**ACIFÖLIUM* dio primero **acebojo*, port. **azevolho*, y de aquí salieron las formas modernas, por derivación regresiva en español y por cambio de sufijo en portugués» (cit. por Corominas, DCECH, I, 28b). A evolución deste segundo elemento correspondente ó clásico *FOLIU* ha de ser distinta, posiblemente a través de **ACIFÖLUM* (con *o* átono), paralela da que se dá no **TRIFÖLIUM* clásico, que esixe unha variante preparoxítona **TRIFÖLUM* ou **TRIFÜLUM* para explicar o *trébol* do castelán e o *trevo* do portugués e o galego. A perda do *-l-* intervocálico en castelán (non existe nesa lingua unha forma **acébol*, paralela de *trébol*) pode facer pensar que a orixe do nome castelán sexa galega ou portuguesa (Piel, 1968a, I, 333), hipótese xa suxerida e rexeitada por Corominas: «El castellano *acebo* podría ser un lusismo, aunque no es verosímil que un vocablo tan arraigado en el lenguaje rústico y en la toponimia venga de

fuerá» (DCECH, I, 29a). Tamén se pode admitir a posibilidade da existencia dunha variante latina vulgar sincopada *ACÍFU (Crespo Pozo, 1973, 87), esixida pola forma castelá.

Sarmiento ocúpase en varias ocasións do acevro, proporciona algunas localizacións das variantes do seu nome —*acibro* na zona de Chantada (*Vegetables*, 594), *acibiño* en Tui (*Vegetables*, 1113), por Valdeorras *xardo* (*Vegetables*, 1827), etc.— e engade denominacións tomadas desta pero aplicadas a outras especies vexetais, como *acibo femia* (*Vegetables*, 1117, p. 189).

O tema do *acevo* pode confluír na toponimia con zootopónimos derivados de *ECIFÉRU (< EQUU FĚRU) cando o fitónimo presenta un *r* (*acevro*, *acivro*...). A esta confluencia hai que engadir o feito de que o medio ou hábitat desa especie equina viña coincidir practicamente co desta especie vexetal (altitudes medias e maiores, a partir de aproximadamente 700 m., segundo Merino, *Flora*, I, 303). Poderíase pensar que a delimitación da distribución xeográfica das diferentes variantes permitiría distinguir estes fitotopónimos e zootopónimos, pero observamos que nunha mesma zona conviven formas con *r* e sen *r*, especialmente nos derivados por medio de sufixo, de aí que supoñamos que as variantes que recollemos na toponimia responden talvez a razóns diacrónicas e non só diatópicas.

Dese xeito, a existencia dun topónimo maior *Acivo* no concello de Pedrafita do Cebreiro non abondaría para asegurar a condición zootoponímica de *Cebreiro*, confirmada non obstante polas formas *Ezebrario* e semellantes da documentación antiga.

006.1. Acivro, acevro

Son escasos no territorio estudiado os topónimos en que está presente o nome simple da planta:

- Fonte do Acivro*, PnH en Rubiá (M190-2)
- Lombo do Civro*, PnH en Laza (M265-3)
- Prado do Acevro*, PnH en Pías (M266-2)
- Regato dos Acevros*, CdA en Porto (M228-4)
- O Acevro*, PnH en Porto (M228-4)

O NG recolle noutras áreas de Galicia *Acivo* (Pedrafita do Cebreiro), *Acivro* (Alfoz), *O Acivro* (Vilalba) e *Acivros* (Cesuras). Outros topónimos menores semellantes son *Acevo*, en Ribeira de Piquín (M48-4) e *O Acevro*, na Pontenova (M24-4).

A estes hai que sumar as formas *aceviño*, *anciviño*, paralelas do *acibiño* que Sarmiento localiza en Tui (*Vegetables*, 1113) e do *azevinho* portugués, a

segunda cun *n* parasito. Non as localizamos directamente na toponimia, senón a través de derivados en *-ARIU*, *-ARIA*, *-ALE*, como vemos máis adiante, e son propias da área suroccidental da provincia ourensá.

Dous aparentes derivados por medio do sufijo *-INU* pero con *-r-* e aférese da vogal inicial son

Cevriños (*Cebriños*), PnH na Gudiña (M265-4)

Sestil de Cevriños (de *Cebriños*), PnH na Gudiña (M265-4)

que tamén poderían ser zootopónimos (**ECIFERINU* ou **ECIFERINĒU*).

No DCP figuran 1 *Azevo*, 2 *Azivo*, 2 *Azevinho*.

En textos medievais de Oseira atopamos un topónimo *Os Acivos*, non localizado na actualidade, empregado como apelido: «*Johan Pelaez dos Acivos*» (ano 1294, OSR2, nº 1240)

No mapa 5 do apéndice observamos as diferentes denominacións presentes na toponimia ourensá.

006.2. Aciveiro, acevreiro, acivreiro

Os derivados por medio do sufijo *-ARIU* poden ter valor colectivo ou representar o nome da planta así mesmo (Sobreira, *Botánica*, 229; Crespo Pozo, 1963, 87). Temos os seguintes:

O Aciveiro, EdP en San Xoán de Río

Aciveiros, PnH en Chandrexas de Queixa (M227-1)

Aciveiros (*Aciberos*), EdP no concello zamorano de Lubián

Túnel de Aciveiros, PnH en Lubián (M266-4)

Cibreiro, EdP en Boborás.

O Acivreiro, PnH en Manzaneda (M227-2)

Ladeira dos Acivreiros, PnH en Viana do Bolo (M266-2)

Lagúa ou *Lagoa de Acivreiros*, PnH entre Viana do Bolo e Pías (M266-2)

Cavorco do Civreiro, PnH e CdA en Petín (M190-III)

Non podemos precisar se pertencen a este tema ou son zootopónimos de **ECIFĒRU* os seguintes:

O Cebreiro, PnH en Baltar (M302-1)

Cebreiros, EdP no Pereiro de Aguiar (M188-3)

Portela de Cancebreiro, PnH entre Rubiá e Beniza (M191-3)

Este último podería provir dun CANALE + **ACIFULARIU* / *ECIFERARIU*.

Os derivados de *aceviño*, *anciviño* localízanse principalmente no extremo suroccidental:

- Aceviñeiro*, PnH do cllo. de Lobios (M301-3)
Aceviñeiros, PnH do cllo. de Muíños (M301-4)
Aceviñeiros, PnH do cllo. de Verea (M263-3)
A Anciñeira, PnH do cllo. de Xinzo de Limia (M264-III)
Cebriñeiras, PnH do cllo. de Parada de Sil (M188-4)

Este último podería ser zootopónimo (vid. supra *cebriños*).

Non cremos que teña relación con este tema un topónimo *Cibrisqueiros*, EdP en Pantón, que A. Palacio asocia ó verbo «ceberiscar ‘granizar o neviscar con viento recio’ (XLFG), aunque la situación de la aldea parece contradecir esta relación, a no ser que se piense que el nombre se debe precisamente a que el lugar está especialmente protegido de la *ceberiscada*» (Palacio, 1981, 489). Nótese que o sufijo *-isca* pode estar presente nalgúns fitónimos: *Ramisca*, *Boucисca*...

O NG recolle, ademais: *O Aciveiro* en Vilalba (3 tops.), *Aciveiro* en Friol, *Aciveiros* en Láncara, *Aciveiro* en Forcarei, *Aciveiro* en Rodeiro, *O Aciveiro* en Ortigueira, *Acivreira* en Sobrado, *Os Acivreiros* en Muras, *Cibreiro*, lugar e parroquia en Antas de Ulla, *Cibreiro* en Friol, *Cibreiro* en Guitiriz e *A Acivreira* en Abadín (M48-1), este último non incluído no NG. Podemos engadir un derivado da forma *aciviño* en *Aciviñeiro*, no concello de Ponteareas. Hai que descartar orixe fitotoponímica en *Acibadoiro*, aldea de Toques, dado o sufixo.

Na documentación medieval atopamos dous topónimos menores non localizados na actualidade, *Aciveiro* en Piñor de Cea e en Ribadavia:

- «*iacet inter Melendum de Azivario et Caranchios*» (ano 1223, OSR1, nº 231)
 «*eno dito rio de Baronza y enzima topa en outra d azibeiro*» (ano 1483, RBV, nº 25).

Moito máis abundante é a documentación relativa ó *Mosteiro de Aciveiro*, no actual concello de Forcarei:

- «*Ad operam de Azivario II solidos*» (ano 1227, OSR1, nº 289)
 «*et de hereditate fratrum de Aziveyro*» (ano 1247, OSR1, nº 591)
 «*CC solidos sancte Marie de Azivario pro anima mea*» (ano 1257, OSR2, nº 790)
 «*môges de Santa Maria d'Aziueyro*» (ano 1267, HGP, nº 52, p. 128)
 «*môges de Acyueyro*» (ano 1280, HGP, nº 98, p. 188)
 «*monges de Açiveyro*», «*abbade de Açiveyro*» (ano 1288, OSR2, nº 1201)
 «*moesteiro de Santa Maria d'Aziueyro*» (ano 1292, VFD1, nº 33)
 «*a o moesteiro d-Aziveyro*» (ano 1298, OSR2, nº 1269)
 «*cum domibus monasterij de Aziueiro*» (ano 1352, TzS, fol 1r)
 «*a este mosteiro d'Aziueiro*» (ano 1365, VFD1, nº 58), etc.

No DCP figuran 1 *Azibeiro*, 1 *Azibreiro*, 1 *Aziveiro*, 1 *Azevinheiro*. Este rexístrase en 1258 como *Azevenario* (OM, 41)

006.3. Aceval, aceval, acival, aceviñal

Non localizamos no territorio estudiado nin no Nomenclátor de Galicia ningún exemplo de *aceval* ou *acival* (na toponimia menor si existen, como

o coñecido *Monte Acival*, en Amil, Moraña). Fóra dalgúns casos de dupla sufixación, os exemplos que recollemos de derivados co sufijo correspondente a –ALE parten de formas con *-r-* ou do derivado en *-iño*:

O Acevral da Serra, PnH en Chandrexá de Queixa (M227-3)

O Acevral Negro, PnH na Veiga (M228-4)

Altos do Acevral, PnH en Chandrexá de Queixa. (M227-4)

Aceviñal, PnH en Calvos de Randín (M301-2)

Aceviñal, PnH en Porqueira (M301-2)

Anciviñal, PnH en Rairiz de Veiga (M263-4)

Este último atopámolo sen *n* na sílaba inicial en doc. do sec. XIII:

«como departe pe-la auga **do Azeuinal** e vay a encurcillada do Padornelo e vay ou porto de rego retorto, e como departe per Uangeses» (ano 1278, RAM, nº 217)

Nos topónimos que presentan aférese da vogal inicial, só a posible documentación antiga nos permitirá discernir se se trata de fitotopónimos ou zootopónimos:

Cebral, EdP no Irixo

O Cebral (ou *O Cevral*), PnH na Veiga (M228-2)

O DCP recolle 4 topónimos *Azival*.

Temos dous exemplos de dupla sufixación –ÉTU + –ALE en

Acevedal, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)

O Acividal, PnH en Verea (M263-2)

Un topónimo paralelo *O Acevedal* é entidade menor do concello da Pastoriza, non incluída no NG (M48-I).

E con sufixación en –ARIU + –ALE:

O Cibreiral, PnH en Lubián (M266-4)

paralelo dos 2 topónimos *O Aciveiral* que recolle o NG (en Ortigueira e nas Pontes) e mais de *El Aciveiral*, no concello asturiano de Vilanova de Oscos (M25-4).

006.4 Aceveda, acevedo

Os topónimos máis numerosos deste tema léxico son os derivados cos sufíxos –ÉTU, –ÉTA con valor colectivo. Parece pertinente observar que non encontramos nelas formas con *r* nin con aférese da vogal inicial, non só no territorio estudiado senón en toda a toponimia maior de Galicia. No noso territorio temos:

Aceveda, PnH na Veiga e no Bolo (M228-3)

A Aceveda, PnH en Laza e Vilaríño de Conso (M265-1)

- A Aceveda*, A, PnH na Veiga (M228-1)
Aceveda do Bolo, PnH no Bolo (M228-1)
Regato da Aceveda, CdA na Veiga (M228-1, M228-2)
Regueiro da Aceveda, CdA en Vilariño de Conso (M227-4)
- O Acevedo*, EdP en Montederramo
Acevedo, EdP en Chandrexá de Queixa
Acevedo, EdP en Xunqueira de Ambía
Acevedo, EdP en Nogueira de Ramuín
Acevedo do Río, lug. e parr., antigo concello, hoxe pertencente ó de Celanova.
Acevedo, EdP en Zobra, clllo. de Lalín (M153-4)
Acevedo, PnH en Xinzo de Limia e Porqueira (M264-3)
Acevedo Mariñeiro, PnH en Entrimo (M301-1)
Fonte do Acevedo, PnH en Avión (M186-2)
O Acevedo, PnH en Manzaneda (M186-2)
O Acevedo, PnH en Toén (M225-2)
O Acevedo, PnH en Vilariño de Conso (M186-2)
O Cancelo de Acevedos, PnH na Veiga (M228-4)
Cavorco de Acevedo, PnH en Vilamartín de Valdeorras (M190-1)
Acevido, EdP en San Xoán de Río
Acevido, EdP en Padrenda

O NG recolle noutras árees de Galicia *Acevedo* ou *O Acevedo* en Cereda, A Fonsagrada, Forcarei, Friol, Guitiriz, Navia de Suarna, Paradela, Portomarín, Ribadeo, A Ribeira de Piquín e Trabada; *Aceveda* en Xove; *Acivido* en Ortigueira e en Baralla. Ademais destes, outras entidades menores non incluídas no NG son *O Acevedo* en Mondoñedo (M24-3) e *Acivido* en Alfoz (M24-1).

Na Idade Media atopamos amplamente documentado o lugar, parroquia e antigo concello de Acevedo do Río (San Xurxo):

- «*cum ecclesia de Aziueto*» (ano 1225, RAM, nº 14)
 «*cum hereditate de sancti Georgii de Aziueto*» (ano 1248, RAM, nº 59)
 «*hereditate sancti Georgi de Aziuedo*» (ano 1251, RAM, nº 88);
 «*feligresia sancti Georgii de Aziuedo*» (ano 1255, RAM, nº 127)
 «*in filigresia de Azevedo*» (ano 1266, RAM, nº 152)
 «*Pennas de Amorin in flligrigia sancti Georgii d'Aziuido*» (ano 1271, RAM, nº 181)
 «*en a feglesia de san Iuriu D-Azevedo*» (ano 1276, RAM, nº 211)
 «*feligresia de san Iuriu d-Azeuedo, hu chaman as Lamas*» (ano 1277, RAM, nº 216)
 «*en Azevedo, en logar que chaman Outeyro*» (ano 1283, RAM, nº 231)
 «*en Chousas, que est en Azevedo*» (ano 1283, RAM, nº 231)
 «*Lopo Perez prellado de san Jurgo d-Azeuedo*» (ano 1296, RAM, nº 252)
 «*Johan Martiz dAzevedo*» (ano 1319, RdS, nº 67)
 «*Afonso Fernandes e Rodrigo Anes, clericos d'Asevedo*» (ano 1402, RAM, nº 404)
 «*Diego Comes d'Asevedo, que Deus perdone*» (ano 1402, RAM, nº 404)
 «*veziños do couto d'Azebedo*» (ano 1519, VFD1, nº 121)

O DCP recolle 1 *Azeveda*, posiblemente o mesmo que aparece documentado como *Azeueta* en 1081 (OM, 41), 14 *Azevedo* e 1 *Azevido*.

006.5. Acevoso

Temos un único caso de derivado en *-ōsu*, *-ōsa* en *Acevoso*, Edp(n) na Pobra de Trives (M227-2)

Aparece documentada no ano 1275 como *Azeuoso* (MdR, ACO Perg. monac. nº 1170)

O DCP recolle 1 *Aziboso*.

Un *Azevetusa* medieval portugués rexistrado en 1081 (OM, 41) parece un duplo derivado (*acevedosa*) en *-ētu* ou *-ēta* e mais *-ōsa* (cf. *Amiadoso* 017.5).

007. acha

Consideramos aquí con moitas reservas algúns topónimos que poderían relacionarse co común *acha* (lat. ASTŪLA) «raja de madera que se utiliza para quemar y mantener el fuego de la cocina», *achas*, «astillas, pedazos de madera que se emplean para quemar» (DEGC, I, p. 52). Dada a existencia de aparentes derivados como *Achazo* (PnH en Sarreaus, M264-2), que pola súa morfoloxía difficilmente poden ser explicados como fitotopónimos, temos que manifestar que é moi probable que tampouco sexan fitotopónimos os que parecen conter a forma simple. Así e todo, debemos aceptar como posible a presenza do común *acha* en nomes que en orixe designarían lugares onde se ía buscar leña para o lume, como acontece con outros termos sinonímicos ou do mesmo campo semántico. No territorio estudo temos unicamente

Porto das Achas, PnH en Xinzo de Limia (M264-1)

O NG recolle na Cañiza *As Achas* (parr., co lugar chamado *As Achas*) e *Parada das Achas* (parr.).

008. agrón

Non temos no territorio estudo ningún derivado de *agrón*, *agróns* (< ACRÓNES, do adx. lat. ACRE, polo seu gusto agre), equivalente do cast. ant. *agrión* (DCECH, I, 77), nome do *Nasturtium officinalis* ‘beldros’ (Sarmiento, *Vegetables*, 193, 1262). O nome dalgunha paraxe non habitada que parece zootopónimo relacionado co nome da ave chamada *grou* (fem. *grúa*) podería pertencer a este tema botánico, especialmente os femininos, onde é doada a falsa segmentación *Agroreira ~ A Grueira. Grueira* figura no NG en Castro de Rei

(pero cf. ***Grueiro***, en Guitiriz). Non puidemos identificar un probable topónimo ***A Agroeira*** que figura como apelido en «*Marina Velasquez da Agroneyra*» (ano 1362, RdS, nº 82), onde o artigo feminino contradí unha interpretación como *Agro (de) Neira*.

O simple *agrón* conflúe na toponimia con derivados de *agro*. O NG recolle *Agrón* como nome de parroquia en Ames e Melide. O primeiro rexistrámolo na documentación antiga «*iglesia de Ssam Lourenço d'Agrō*» (ano 1352, TzS, fol 11v).

009. *agulla*

Non podemos saber se un topónimo

Os Agulleiros, PnH no concello do Bolo (M228-1)

ten relación coas homónimas denominacións vulgares de varias plantas xeraniáceas dos xéneros *Geranium* e *Erodium* (Merino, *Flora*, I, 279; VCN, 103). Sarmiento recolle *agulleira*: «en Galicia es el geranio verdadero o la aguja de pastor» (*Vegetables*, 547). Co mesmo nome *agulleira* son coñecidas outras plantas, coma a *Scandix pectem-veneris* (VCN, 103). Do lat. ACŪCŪLA.

010. *álamo*

Álamo é palabra castelá que designa o *Populus alba* e outras especies arbóreas do mesmo xénero. Acéptase que ten orixe prerromana. Non existe no galego como palabra patrimonial; nesta lingua, coa caída do *-l-* intervocálico, confluiría coa familia de *amieiro*. As formas portuguesas *álamo*, *álemo* (Sampaio, 143) son préstamos do español. A súa presenza na nosa toponimia (igual ca no caso dos 4 *Álamo* e 1 *Álamos* portugueses que figuran no DCP) debe de ser recente. Témolo en

A Corga do Álamo, PnH en Erosa, A Gudiña (Cruz, 27)

A Curva do Álamo, PnH na Gudiña (Cruz, 27)

Resultan problemáticos os derivados en *-ÉTA*. Os topónimos homófonos que figuran na cartografía escritos como

A Alameda, PnH en Vilariño de Conso (M265-2)

Regueiro da Alameda, CdA en Laza (M265-3)

A Lameda, PnH en Oímbra (M303-3)

poderían ter a mesma orixe. Se a grafía do terceiro é a correcta desde o punto de vista etimolóxico, constituiría un derivado do orónimo/hidrónimo prerromano *lama* (para o

sufixo, cf. *Laxedo, Seixido, Pedrido*), ou talvez un fitónimo derivado dese mesmo tema (cf. *lamagueiro, lamigueiro*, etc.). O DCP portugués recolle un *Lamedo*.

011. *albar*

Nos topónimos *Albar* e derivados conflúen diferentes temas léxicos e diversos significados que dificultan a súa identificación e explicación. Consideramos os seguintes:

1. Procede sen dúbida do latín *albus* o uso de *albar* como adxectivo cualificativo de fitónimos, ou en xeral aplicado «a lo que tiene el color más blanco o claro que lo que es ordinario o general, como *coello albar, carballo albar, centeo albar, piñeiro albar, toxo albar*» (DECG, I, 103). Con este uso podemos relacionar os nomes de *albariña, albariño*, variedade de uva e de viño (DECG, I, 104), *toxo albariño* ou toxo molar (Sarmiento, Vegetables, 1207) e *carballo albariño* ou *alberiño*: «la variedad de roble generalmente llamado *biriño*, acaso porque en esta clase de robles la hoja es algo blanca» (Crespo Pozo, CVCG, IV, 75. s.v. *roble*). O padre Sobreira recolle «*Albar*, adj. de Melias. Dícese del carballo cerquiño» (*Botánica*, 16r, p.232), «*albar*, s.m. de Melias, que también usan como adj. *carballo cerquiño*, el que es más blanco de hoja y diverso del *viriño*» (*Papeletas*, p. 130). Con este último uso podemos relacionar un asturiano *albar*. «adj. Variedad de roble que posee buena madera», cunha segunda acepción aparentemente contraria ós usos que veremos no apartado seguinte: «Dícese del árbol de madera o frutos aprovechables» (Sánchez Vicente, 59). Na documentación medieval atopamos exemplos que ilustran o uso fitonímico de *albar* aplicado a outras especies. Así, atopamos unha *figueira albar* no ano 1265 «et pola figueyra alvar do Fondado» (OSR2, nº 931, p. 887), e en contraposición con *negral* en doc. de 1437, onde se fala de dúas figueiras «hua alvar e outra negral» (ano 1437, ROC, nº 200). No que respecta a *veriño/viriño* e variantes, a documentación antiga obriga a consideralos independentes de *albus* e da súa familia léxica (vid. infra 011.6; vid 227, *veriño, viriño*).

2. Outro dos significados galegos de *albar* como substantivo masculino ou como adxectivo, tamén existente en portugués, alude ás condicións do solo e a calidade da terra. Tradicionalmente asociouse este significado co lat. *album*, e así E. Rodríguez define *albar* dicindo que «Refiriéndose a la tierra, es la ligera y de mala calidad, en contraposición a la negra y pesada, que es la mejor» (DEGC, I, 103). Pero non é segura esta etimoloxía e non podemos rexeitar a proposta

por E. Rivas, de carácter más ben oronímico, que o vincula á raíz prerromana *ALB- / *ALP- ‘monte’, de ampla presenza na toponimia Europea (Hubschmid ELH I, 467-68, 488; Tagliavini, 1973, 188-190) e más a un s. do latín medieval *albare* ‘terraplén’ citado por Du Cange (Rivas, 1982, 1, p. 24-25; 1994, 113-114). Formas emparentadas con este *albar* poden ter igualmente uso fitonímico, como en *albarrán*, *albarrana*, «cebolla silvestre, sin cultivo» (DEGC, I, 104).

3. *Alvar* e *alvariza* son sinónimos de *colmear*. *Alvariza* é a forma más común en galego (DECG, I, 104) e foi xa recollida por Sarmiento (Catálogo, 115 v, 231 v). A variante *albar* (*alvar*) localízaa no Incio o P. Sobreira (*Papeletas*, 129). Deriva do lat. ALVĒUS ‘cavidade’, e este de ALVUS ‘ventre’, e de aí o xa lat. ALVEARIUM ‘colmea’ (DCECH, I, 224b).

4. Outros temas léxicos poden dar lugar a derivados que conflúen así mesmo cos de *albar*. Pellegrini (1970, p. 331) dá numerosos exemplos italianos que aparentemente presentan esta raíz (*Albaro*, *Albarolo*, *Alberoro*, *Albaré*, *Albaredo*, etc.) que en realidade se remontan ó latín ARBORE. Nós recollemos algúns topónimos onde non é posible discernir se pertencen a un ou ó outro tema.

5. A estes hai que engadir tops. relacionados co antropónimo xermánico *Albarus*, *Alvarus* (Piel-Kremer, HGN, 8, pp 69-70), como *Alvarín* < ALVARINI.

011.1 Albar

A algúns dos temas precedentes pertencen os seguintes topónimos:

Albar, EdP no cllo. de Sober

Pradoalbar, parr. e lug. en Vilariño de Conso.

Albar, PnH no Barco de Valdeorras (M190-2)

Muro de Albar, PnH no Barco de Valdeorras (M190-2)

A Pena de Albar, PnH en Sober (M189-3)

Os Albares, PnH en Quiroga (M189-2)

No NG figuran 2 *Albar* en Poio e Pol e 2 *Albares* en Lugo e no Valadouro.

En docs. do séc XIII atopamos este plural nun topónimo «*in loco qui dicitur Salzedelo et nominatur Aluares*» (ano 1201, Fiñes, nº 182); «*in uilla que uocitant Salzedelu in loco qui uocatur as Aluares*» (ano 1224, Fiñes, nº 187). E usado como apelido toponímico en «*Giral d'Albares, abad que se dixo ser de Santa Christina de Baleyrón*» (Ano 1510, VFD1, nº 116), aínda que poderían lerse como esdrúxulos e corresponder a un étimo ARBORES ou ó patronímico de Álvaro. Sen sabermos cáll é a sílaba tónica debemos admitir que non podemos explicalos satisfactoriamente.

Albarás, PnH nos Blancos (M264-3) parece un derivado cun sufíxo -ALES, ou o plural do segundo elemento dun topónimo antigo «*Fonte Albarán*» (ano 1513, RdS, nº 283).

011.2 Albarello

É característico deste tema un aparente diminutivo en -ÍCÜLU, -ÍCÜLOS:

Albarellos (*San Miguel*), parr. en Boborás

Albarellos (*Santiago*), parr. en Monterrei

Presa de Albarellos, *Encoro de Albarellos*, nos cllos. de Boborás, Leiro e Avión.

Río Albarellos ou *Río Ruvín*, CdA en Monterrei

Con estes podemos contar *Albarellos*, en Dumbría e Lalín (lug. e parr.) e *Albarello* en Lugo. Todos eles son considerados por Rivas (1982, p. 25) orónimos derivados do preindoeuropeo *ALB- ‘altura’.

Na documentación antiga que posuímos presentan a mesma forma cá actual, con diferentes grafías:

«*inter sanctum Felicem et Alvarelios*» (ano 950, CLN, nº 93)

«*Alvarelios*» (ano 982, CLN, nº 461)

«*Alvarelios de Susanos, territorio Baroncelli, discurrente rivulo alvarelios*» (ano 1032, CLN, nº 465)

«*Lourenzo Meendez d'Aluarellos*» (ano 1288, MdR, AHN Clero, Cpta. 1487, nº 9)

«*Aluarellos*» (ano 1303, MdR, AHN Clero, Cpta. 1489, nº 6)

«*Saluador Lourêço, prelado da ygleia d'Aluarellos*» (ano 1322, MdR, AHN Clero, Cpta. 1492, nº 8)

«*Afonso Ans d'Alvarellus*» (ano 1365, VFD1, nº 59, p. 97)

011.3 Albariño, albariña

As formas en -iño, -iña (de -ÍNU ou se cadra de -ÍNÉU) equivalen a *albar* nos seus usos fitonímicos: *carballo albar* ou *albariño*, *uva albariña*, *toxo albariño*, etc. (Sarmiento, *Vegetables*, 1207). O carballo *albariño* é a especie *Quercus petraea* Mattuschka (VCN, 111), diferente do carballo común ou *Quercus robur*. No territorio estudiado recollemos:

A Albariña, PnH en Bande (M301-2)

A Albariña, PnH en Viana do Bolo (M228-3)

Albariño, PnH en Muíños (M301-2)

Algún deles podería ser realmente un diminutivo de *árbore* (*arboriña* > *albariña*) ou un antropónimo. Só a documentación antiga permitiría distinguilos.

O NG recolle topónimos semellantes, como *Albariña* en Ordes, *Alvariña* no Valadouro, *Alvariños* na Capela e outro *Alvariños* en Ortigueira.

Albarona, Edp(n) en Piñor de Cea (M187-2), semella paralelo de *Alvarón*, nas Pontes e *Albarón*, en Outeiro de Rei, que non deben de ser fitónimos, como tampouco *Albarán*, 2 lugares en Xove e en Sober. Rivas considéraos orónimos (1982, p. 25). Han de ser antropotopónimos os *Alvarín* que recolle o NG en Carballo, Guntín, O Pino, O Porriño e Santa Comba (2 tops.), e *Alborís* en Carballo.

011.4 Albareda, albaredo

Un grupo de topónimos son derivados de *albar* por medio de *-edo* (<-ÉTU). É un sufixo característico da fitonimia, pero non temos certeza de que estas formas sexan fitotopónimos, pois este sufixo tamén ten uso con radicais non botánicos (*laxedo*, *lapedo*, *cazapedo*, *escouredo*, *avesedo*...). No territorio estudiado recollemos os seguintes:

A Albareda, PnH en Sarreaus (M264-2)

Albaredo, PnH en Trasmiras (M264-4)

Albaredo, PnH en Vilariño de Conso (M227-4)

Albaredo, PnH en Lobios (M301-1)

O Albaredo, PnH nos Blancos (M264-3)

O Albaredo, EdP en Ourense (M187-4)

Albaredos, PnH en Nogueira de Ramuín (M188-4)

Albaredos, PnH en Toén (M225-2)

Os Albaredos, PnH na Gudiña (M304-1)

A Ladeira dos Albaredos, PnH na Gudiña (M304-1)

Campo do Albaredo, PnH en Xunqueira de Espadanedo (M188-4)

Os Albaredos, EdP en Quiroga

San Martiño dos Albaredos, EdP en Quiroga,

e tamén podemos considerar con estos, malia o vocalismo, o topónimo menor

O Alboredo, PnH en Cualedro (M302-2)

que podería explicarse tamén como procedente de ARBORÉTU.

O NG recolle 5 *Albaredo* nos cllos. de Baleira, Castroverde, O Páramo, Pantón e Sarria, *Alboredos* en Crecente, *Alboreda* en Porto do Son e *Albarido* en Castro de Rei

A parroquia e lugar dos *Albaredos*, en Quiroga, aparece como apelido toponímico en «*Domingo Martiz dos Aluaredos*» (ano 1279, VFD1, nº 25); un topónimo en *-ido*, paralelo do mencionado, figura en doc. do séc. XIII: «*o nosso quinon da leyra d'Alvarido*» (ano 1276, OSR2, nº 1109).

Parece pouco verosímil unha etimoloxía árabe coma a proposta por A. Palacio, seguido a Asín Palacios e outros autores (Losa, 1956. p. 14) para un *Albaredo* en Pantón: «el éntimo probable es el árabe al-bariyd ‘correo, estación de correo’, ‘la posta’». La forma primitiva normal parece haber sido *Albarede y la forma moderna en *-edo*

se debería a analogía con los fitotopónimos colectivos *Figueiredo*, *Freixedo*, *Cerdeiro*, etc.» (Palacio, 1981, 587).

Estes e algúns outros posibles derivados deste tema considerámoslos no apartado correspondente a ÁRBORE. Ó mesmo tempo, algúns dos alí considerados poderían ser en realidade derivados de *albar*.

011.5 Albarosa

Dun derivado en —OSA temos un único exemplo en

Albarosa, PnH en Lobios (M301-3)

011.6 Biriño / viriño

Viriño, *biriño*, *briño*, *beriño* son as grafías con que adoita aparecer escrito o nome dunha variedade de carballo á cal xa fixemos referencia. Crespo Pozo recolle todas estas variantes, defíneas como «una especie de roble cuya madera es mejor y cuya corteza es más gruesa, y la hoja más ancha que la del roble corriente», e dá a entender que proceden dunha forma plena *albariño*, *alberiño*, relacionada con ALBUS, «generalmente llamado *biriño*, acaso porque en esta clase de robles la hoja es algo blanca» (CVCG, IV, 75. s.v. *roble*). Por esta razón consideramos aquí os topónimos que conteñen estas formas, por máis que, se ben non dispomos doutra hipótese etimolóxica firme, non podemos aceptar a suxerida por Crespo Pozo, visto que na documentación medieval xa o atopamos sen a suposta sílaba inicial *al-* e escrito con *v-*, así un *Porto do Virinal* portugués (OM, 375) e unha *carballa viriña* ourensá «leira que ayo in termio de Acoreiro, á qual chaman da Carualla Viriña» (ano 1259, VFD1, nº 9). Se hai que pensar nun étimo con *v-* inicial, e é latino, cabería un derivado dun adjetivo como VERU ou VARIU, ou acaso algunha forma da familia léxica de VIRÍDE. No territorio estudiado só temos esta forma nun topónimo que presenta a variante con síncopa vocálica da pretónica:

Carballos Briños (Vriños), PnH en Lobios (M336-1)

que é paralelo da citada *Carballa Viriña* medieval.

012. almáciga

O substantivo común *almáciga* ‘pebidal, viveiro de plantas’ é voz de orixe árabe, aínda que a exacta etimoloxía resulta incerta; quizais de *mašgara* ‘campo

sementado' (DCECH, I, 181, s.v. *almáciga* II). Ó galego chegou probablemente a través do castelán. No territorio estudo temos un

Regueiro da Almáciga, CdA en Vilamartín de Valdeorras (M190-1)

Non localizamos topónimos semellantes no Nomenclátor de Galicia nin no Dicionário Corográfico de Portugal. En Santiago existe *A Almáciga* como topónimo urbano.

013. *almuña*

Un antigo substantivo *almuña* ‘horta’, correspondente ó port. *almuinha* e o cast. *almunia*, é, xunto co precedente, un dos escasos arabismos presentes na toponimia do territorio estudo. Estas formas proceden do árabe *múnya* ‘horto, xardín’. Aínda que os dicionarios recollen *almoña*, *almuña* como «huerta o granja de árboles frutales cerrada sobre sí» (DEGC, I, 128), en galego só debeu ter uso como voz común na lingua medieval, como acontece co castelán *almunia*, posteriormente relegado á toponimia (DCECH, I, 205). Témolo en:

A Almuña, Edp(n) en Ribadavia (M225-1)

No NG figuran outras 4 localidades chamadas *Almuña* ou *A Almuña* nos cllos. de Arbo, A Cañiza, Pontevedra e Taboada. O DCP recolle 6 *Almuinha*, 3 *Almuinha Vella*, 2 *Almuinhas*, 1 *Almuinhas Vellas*.

014. *allo*

A presenza do tema de *allo* (< ALLIU) na toponimia pode referirse non só ó allo comén doméstico, *Allium sativum*, senón a outras especies vexetais, principalmente o *allo bravo*, *Allium vineale* (VCN, 104). Os topónimos que presentan derivados con sufixos poden confundirse con derivados de *ollo* (< OCÜLU) e outros temas non fitonímicos.

014.1. *Allo, alla*

Non temos no territorio estudo ningún exemplo sen sufíxo. O NG recolle *Allo* ou ***O Allo*** en Camariñas, Taboada e Zas (lug. e parr.). O lugar do Allo, neste último concello (onde se atopa o pazo coñecido como “As Torres do Allo”), se non ten orixe fitonímica, polo menos foi interpretado así pola poboación, dando orixe a un topónimo “replicante” na veciña localidade chamada *A Cebola*.

Advírtase que *O Allo* pode proceder así mesmo dun antropónimo EULALIU (cf. os tops. *O Alle*, *Fondo do Alle*, *Cima do Alle* < EULALII, en Lalín), pero no de Zas a documentación parece desmentilo: «*In Bragantinos villa de Alio cum insula de Calion*» (ano 934, CLN, nº 478).

No DCP figuran 2 *Alho* e 2 *Alhos Vedros*.

Unha forma feminina *alla*, que pode ter outros valores noutras árees xeográficas («*Alla*. s.f. ubique y en Lugo seruga. Es el ajo de un solo diente») (Sobreira, *Papeletas*, 167), denomina no Tameirón, A Gudiña, o *Allium vineale*, tamén chamado *allo rebordán*, *allo bravo*, *allo de can* (Cruz, 27). Esta forma permitiría explicar como ”Veiga de Allas” o *Veigadallas* do hidrónimo

Regueiro de Veigadallas, CdA na Gudiña (M266-3)

014.2. Alledo

Recollemos un derivado por medio do sufijo correspondente a -ÉTU:

O Alledo, PnH en Cea e Carballedo (M154-4)

No NG figura un *Alledo* en Baleira.

014.3. Allal

Un derivado por medio de -ALE podería ser

O Ollal, EdP no Carballiño (na fala alterna con *O Allal*)

se é que non se trata dun derivado de OCÚLU, referido a nacentes de auga (cf. *Os Olleiros*, PnH en. Lobios, etc.). Dous topónimos menores idénticos son:

O Ollal, PnH en Sarreaus (M264-2)

O Ollal, PnH en Trasmiras (M264-4)

Unha forma do plural témola en *Os Allás*, Viveiro. Neste mesmo concello temos *Allares*, que podería corresponder a outra variante do plural ou ter orixe non fitonímica.

No DCP figuran 3 *Alhais*.

014.4. Alleira

Non temos no territorio estudiado ningun exemplo de derivados de ALLIU cos sufíxos procedentes de -ARIU, -ARIA. No NG figura *A Alleira* no concello de Cervo. O DCP recolle 4 *Alheira*.

015. *ameixa*

Ameixa é o nome galego e portugués da drupa da *Prunus domestica*, e a árbore recibe comunmente o nome de *ameixeira*. Aínda que se teñen proposto outras etimoloxías, parece admitido que *ameixa* procede do lat. DAMASCENA ou (D)AMASCENA, con aférese da inicial, a partir dunha denominación DAMASCENA PRUNA ‘ameixa de Damasco’ (DCECH, II, 422, s.v. *damasco*). Algunxs tops pertencentes a este tema poden confluír co tema de *meixón*, que E. Rivas considera hidronímico (Rivas, 1982, p. 131-132) e con derivados de MANSIO, MACIONARE como *Ameixoada*, *Meixoada* (Piel, 1953, p. 31-32).

Fronte ó que acontece noutras áreas de Galicia, este tema ten pouca presenza no territorio estudiado.

Non temos topónimos coa forma simple (cf. 1 *Ameixas* no DCP), senón só derivados con sufijo.

015.1. Ameixeira

O derivado por medio do sufijo correspondente a -ARIA, *ameixeira*, que dá nome á árbore, témolo nos seguintes topónimos:

- A Ameixeira*, PnH en Baltar (M302-1)
- A Ameixeira*, PnH en Quiroga (M189-2)
- Ameixeiras*, PnH en Esgos e Nogueira de Ramuín (M188-3)
- Ameixeiras*, PnH en Sandiás (M264-1)
- Ameixeiras*, PnH en Lubián (M266-4)
- Corga da Ameixeira*, CdA na Gudiña (M265-4)
- Valdemeixeira*, PnH na Arnoia (M225-3)
- A Ameixeiriña*, Edp(n) en Vilamarín (M187-2)

O NG recolle lugares denominados *Ameixeira* nos concellos de Cesuras, Crecente (parr. e lugar), Gondomar, Ordes, Salceda de Caselas e Vigo, e *Ameixeiras* na Cañiza, Carral, Forcarei, Guitiriz, Negreira, Muras e Ortigueira. E unha forma masculina *Os Ameixeiros* no Saviñao.

No DCP figuran 5 *Ameixeira*, 6 *Ameixieira*, 9 *Ameixoeira*, 1 *Ameixoeiras*, 1 *Ameixoeirinha*.

015.2. Ameixoeira

Non temos garantía de que topónimos como *ameixoeira* ou *meixoeira* sexan fitonímicos no territorio estudiado. En portugués *ameixoeira* é un dos

nomes comúns da ameixeira, *Prunus doméstica* (Sampaio, Flora, 395), cun o que pode explicarse como resultado dunha disimilación vocálica a partir do antigo *ameixēira* > *ameixoeira* (talvez dun xeito paralelo a *AMENĒTU* > *Amēedo* > *Amoedo*). E. Rivas inclúe entre os fitotopónimos derivados de *ameixa* un top. *As Meixoeiras*, en Marín, aínda que vacila entre consideralo nese apartado ou se relacionalo co primeiro elemento de *Meixón Frio*, que el dá como hidronímico (Rivas, 1982, p. 146). Moralejo Lasso argumenta que «dado que el portugués *ameixoeira* designa también el árbol y es a la vez topónimo, podrían ser igualmente de esta base [DAMASCENA], con aféresis, los gallegos *Meixoeira*, *Meijoeiro* o *Meijueiro*. Mas no así otros, como *Ameijoada* o *Meijoada y Ameijoadoiro*, que proceden de derivados de MANSIONE "posada", cf. port. *ameijoada* "redil" y *ameijoar* "juntar o gado na malhada" y gall. *ameixoar* "recoger las gallinas a su poleiro"» (TGL, p. 352, n. 8). Non sabemos se existiu ou existe nalgúnha parte do territorio estudiado a denominación *ameixoeira* para a ameixeira. De existir, poderíamos vincular con ela topónimos semellantes ós mencionados portugueses *Ameixoeira*, *Ameixoeiras* e *Ameixoeirinha*. Son os seguintes:

O Meixueiro, EdP en Gomesende

Cima de Meixoeiros, PnH no Irixo e O Carballiño (M154-3)

Lombo da Meixoeira ou da Ameixoeira, PnH en Laza (M265-1)

A Meixoeira, PnH en Lobios e Entrimo (M301-1)

Os Meixoeiros, PnH en Beariz (M186-2)

O Manxueiro, PnH en Beariz (186-2)

O Meixoaio, PnH na Rúa (M190-3)

Este último cunha terminación *-aio* comparable á de *Rosaio* (vid. 199.4) ou *Pedraio* (EdP no Pereiro de Aguiar), etc., que tal vez sexa unha evolución anormal de *-ARIU* ou acaso un sufijo de orixe prerromana que mantivo vixencia con radicais latinos, concorrendo con *-ARIU* (na doc. máis antiga que posuímos de *Pedraio*, desde comezos do XII, figura como *Petragio*, *Petraio*, *Pedraio*). En *Manxueiro* atopamos unha alteración do ditongo decrecente onde o segundo elemento vocálico se transforma en consoante nasal, como sucede noutros topónimos como *Coucieiro / Concieiro*.

No NG figuran (*O*) *Meixoeiro* ou (*O*) *Meixueiro* en Cabana, Arbo e Cotobade. *O Meixoeiro* ou *O Meixueiro* é tamén un topónimo urbano en Vigo. O DCP rexistra 9 *Ameixoeira*, 1 *Ameixoeiras*, 1 *Ameixoeirinha*.

Podería manterse para todos os galegos a hipótese de que sexan derivados dun nome *meixón*. E para este, antes cá interpretación hidronímica de Rivas, parece preferible a relación co lat. MANSIONE, MANSIONARE, na acepción de «lugar onde se xunta e recolle o gando» (Piel, 1953, 31-32). No territorio estudiado recollemos *Meixón* ou *O Meixón* como PnH nos cllos. de Baltar (M302-3), Bande (M301-2), Chandrexa (M227-4), Montederramo e Vilariño de Conso

(M227-4). É máis segura a adscrición a este tema, neste caso a partir de (AD)MANSIONATA, dos topónimos *Corgo de Ameixoadas* (en Laza, M265-3) e *Alto de Ameixoada ou de Ameixoadas* (en Vilardevós, M303-4). En portugués, a oposición xorda / sonora da sibilante permite diferenciar no DCP os *Ameijoeira* (< AD+MACIONARIA) dos *Ameixoeira* (< (D)AMASCENARIA).

015.3. Ameixeda, Ameixedo

Derivados por medio do sufijo correspondente a -ÉTU, -ÉTA son:

Meixide, parr. e lug. na Veiga

Ameixedo, EdP en Lalín

Rego da Ameixida, CdA en Lobios (M301-3)

Regato de Meixende, CdA no concello de Hermisende (M304-2)

Este último co resultado con *-n-* nunha localización que contradí a isoglosa trazada por Piel (vid. 001.3 *abelenda*; mapa 5) e cun *-e* final, coma en *Meixide*, produto talvez da interferencia de terminacións de xenitivo antropónímico (neste caso, da terminación *-ende*, presente no propio nome do concello e da parroquia de *Hermisende*), áinda que tamén poden explicarse por simple relaxación da vogal final.

No NG atopamos lugares denominados *A Ameixenda* ou *Ameixenda* (< (D)AMASCENETA) nos concellos de Ames (parroquia e lugar), Cabana, Cee (nome de parroquia) e Ponteceso, *Ameixida* en Ribeira, *Ameixedo* en Lalín, *Ameixido* en Xermade, 2 *Ameixide* en Castro de Rei e na Pastoriza, *Meixido* en Ortigueira, *Meixide* en Palas de Rei (parr.) e en Chantada (*Meixide* e *Meixide Grande*).

A Ameixenda de Ames localizámola na doc. antigua: «*fligesja de Santa Marina da Ameyxeenda*» (ano 1352, TzS, fol 67v), «*Jtem hūu cassal ēna Ameyxeenda*» (ano 1352, TzS, fol 18r); «*a terça ssen cura da igleja de Santa Marina da Ameyeeda*» (ano 1352, TzS, fol 67r); «*a Juan Fernandes, clérigo da Ameixenda*» (ano 1434, FDU, nº 299), etc.

O DCP recolle *Ameixeda*, *Ameixedo* e *Ameixede*, este último co cambio de *-a* > *-e* que vimos en *Meixende*, *Meixide*.

015.4. Ameixeiral e outras formas

Non temos no territorio estudiado ningún exemplo con dupla sufixación en -ARIA + -ALE. No NG figura un *Ameixeiral* en Sada.

Tampouco non rexistramos na toponimia presenza de *ameixal* («prunedo, terreno plantado o poblado de brunos, ciruelos ou AMEIXEIRAS», DEGC, I, 148) ou **ameixar*, correspondentes ás formas que aparecen no latín medieval dos documentos:

«*pomiferis, ceresales, amexinares, perales, nugares, figares, devesas*» (ano 989, CLN, nº 354)

«*ceresares, figares, nugares, amexinares, sautos, terras cultas vel incultas*» (ano 975-1009, CLN, nº 368)

«*pumares, ceresales, amexinares, perales, mugares, figares, devesas, terras cultas vel incultas*» (ano 999, CLN, nº 353)

«*terras, vineas, pumares, ceresales, amexinales, perares vel omnium frondium arbusculis quos hic inveneritis*» (ano 1005, CLN, nº 187)

«*in casas, domus, vineis, pumares, ficares, cersares, nucares, amexinales, terras cultas vel incultas*» (ano 1007, CLN, nº 203)

«*kasas, pumares, zersales, perales, admexinales, arbores fructuosas vel sine fructu*» (ano 1031, CLN, nº 55), etc.

016. améndoа

Merino (*Flora*, III, 543) recolle a forma *almendreiro* como denominación galega da árbore que dá a améndoа (< lat. vg. AMÍNDULA, lat. clás. AMYGDALA, tomado do grego, DCECH, I, 191). Trátase moi probablemente dunha forma castelanizada, fronte ó esperable en galego *amendoеiro*, *amendoеira*. A presenza desta forma na toponimia pode confundirse nalgún caso con derivados dunha denominación do teixugo ou porco teixo, **meandro* (*melandro* en Asturias). Se non teñen relación con esa especie animal, serán fitotopónimos relacionados coa améndoа os seguintes:

Regueiro da Almendreira ou da Mendreira, CdA no Barco de Valdeorras (M190-4)

A Mendreira ou A Almendreira, PnH no Barco de Valdeorras (M190-4)

As Mendreiras, PnH en Hermisende (M304-2)

A Amendreira, PnH en Sandiás (M264-1)

O nome de *Manduas*, parr. e lug. en Silleda, remonta a un lat. popular AMANDÜLAS, variante documentada de AMÍNDÜLAS, que constitúe, segundo o prof. Piel (1975f), o plural do nome simple correspondente a *améndoas*, mais co significado de ‘amendoeiras’. Non ten relación con estes o nome do lugar de ***Menduiña***, en Cangas do Morrazo, que posiblemente conteña un orónimo prerromano (cf. *Mindunetum / Mondoñedo*, ou o éuscaro *mendi* ‘monte’).

No DCP figurán 2 *Améndoа*, 1 *Amendoal*, 1 *Amendoais*, 13 *Amendoеira*.

017. ameneiro, amieiro

Amieiro e *ameneiro* son os nomes máis comúns en galego para a árbore *Alnus glutinosa* (VCN, 104), denominada en castelán *aliso*. Estas formas, coas variantes con *-b-* *abeneiro*, *abineiro* (Sobreira, *Botánica*, 227) e as leonesas *amene(i)ro* e *ume(i)ro* ou *hume(i)ro* (Sarmiento, *Vegetables*, 417; 1756) son fitónimos de probable orixe prerromana. Sarmiento facíaos derivar dun latín

*AMEDANUS: «*amieyro. ameneyro.* Del *amedanus* de Crescencio. Es el *alnus* y aliso y *humero*» (*Vegetables*, 483; 712). Corominas explica que as diversas formas galegas e portuguesas esixen un étimo prerromano «*AMINARIUS, de origen desconocido» (DCECH, I, 106b), probablemente céltico (Corominas, 1972, II, 211). Tamén Isidoro Millán (1987, 152-156) e Elixio Rivas (1982, p. 147-148; 1994, p. 158) o vinculan co estrato céltico. Podería ter parentesco etimolóxico co latín AMNIS ‘río’ e outras formas hidronímicas indoeuropeas, que Rivas remonta a raíz *AM- / *AB- que significa ‘auga’ (cf. *Ambía*, *Avia*, *Ave*, *Avión*), por ser esta árbore «amiga das correntes de auga». Isidoro Millán emparéntao coa raíz hidronímica indoeuropea *UM-, presente en nomes de ríos (*Umia*, *Mao* < *UMANO, etc.) e tamén no adxectivo latino (h)UMIDUS (Millán 1987, 154).

A existencia de formas con *-n-* intervocálico xunto con outras onde se perdeu pode obrigarnos ben a considerar as primeiras como residuos arcaizantes ou ben a supoñer unha dobre orixe, por exemplo *AMINARIU / *AMINNARIU. Non existe unha isoglosa definida que separe a área de *amieiro* e derivados da de *ameneiro* e derivados. Considerando unicamente a toponimia maior recollida no nomenclátor porderíamos pensar que as formas con *-n-* conservado se localizan principalmente na provincia da Coruña, con dúas zonas marcadas: a do norte das Mariñas (Fene, Pontedeume, A Capela, San Sadurniño...) e outra no sueste desta provincia (O Pino, Santiso, Toques, Mesía, Sobrado, penetrando na provincia de Lugo no cll. de Guitiriz). Con todo, a toponimia menor non responde a esas aparentes isoglosas. Nun pequeno territorio coma o do concello de Marín, por exemplo, estudiado por Elixio Rivas, conviven na toponimia *O Amieiro*, *O Abineiral* e *O Ameneiral* (Rivas 1982, p. 147).

Para Isidoro Millán (que explica as formas leonesas (h)umeiro a partir dun *UMERIU que contén a mencionada raíz *UM-), o étimo das formas galegas sería *AD-UMÍNERIU, un derivado que tamén alude á «*contigüidad de los alisos a las corrientes de ríos o regatos: *ad umina*». Para este autor, a evolución do ī de AD-UMÍNERIU determina a dobre solución con *-n-* conservado ou perdido: «la anticipación de la apertura de la -ī- > -e- debió de traer consigo una pronunciación heterosilábica más tensa del nexo MĒN que fue causa de que la -ē-, nasalizada por todo su entorno, generase primero una especie de “anusvāra” o resonancia nasal posterior, luego una geminada nasal, que se resistió, por consecuencia, a la eliminación» (Millán, 1987, 155-156).

A alternancia de bilabiais *b* / *m* (*abeneiro* / *ameneiro*) é fenómeno común. I. Millán, que considera que a extensión desta alternancia é indicio da súa

antigüidade, cre que este fenómeno é prerromance, pois «la variante *abeneiro* pudo haberse originado al tiempo de la fase *admeneiru por labialización ante –m– de la fricativa dental –ð– que la precedía: *ABMENEIRU > *abeneiro*» (Millán, 1987, 156).

Nós cremos que podería tratarse dun fenómeno romance, pois a desnasalización da primeira bilabial podería atribuírse á presenza da consoante nasal da sílaba seguinte, o que explicaría que das forma con –b– só posuamos derivados con –n– conservado. Cómpre ter en conta, así e todo, que os hipotéticos derivados sen –n– intervocálico e con –b–, caso de existiren, confluirían na toponimia galega cos derivados do lat. AVĒNA²

Dado o orinixario valor hidronímico deste tema léxico, algúns dos topónimos considerados aquí poderían non facer referencia ás árbores, senón a cursos de auga.

017.1. Amieiro, ameneiro

A forma común no territorio estudiado é *amieiro* < *ameeiro*. O valor do sufixo pode ser nalgún caso colectivo, en tanto que noutrous debe designar simplemente a árbore. A forma feminina *amieira*, menos frecuente, debe de corresponder sempre a un colectivo. Nalgunha variante como *Amoeiro* (cf. *Amoedo*, etc.), o particular vocalismo levou a J. J. Nunes e a Leite de Vasconcelos a considerar este e outros topónimos paralelos como derivados do adxectivo latino AMOENU, pero podería explicarse a partir dunha disimilación vocálica, posiblemente relacionada coa caída do –n– (Crespo Pozo, 1970, 341). Temos os seguintes topónimos:

Amoeiro, EdP, parr. (*Santa María*) e concello do mesmo nome

Bóveda de Amoeiro, parr. (*San Paio*) en Amoeiro

Parada de Amoeiro, EdP e parr. (*Santiago*) en Amoeiro

A Torre de Amoeiro, EdP en Amoeiro

Os Amieiros, EdP no Irixo

Amieiro Longo, EdP en Rairiz de Veiga

Portamieiro ou Portoamieiro, EdP en Vilamarín

O Amieiro, PnH en Sandiás (μ264-1)

O Amieiro, PnH en Laza (M265-1)

Amieiro Longo, PnH na Merca (M225-4)

Amieiras, PnH en Vilardevós (M303-4)

² Con posterioridade á redacción deste texto, Edelmiro Bascuas publicou un detallado análise destas denominacións fitonímicas e da familia hidronímica a que pertencen en *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega* (*Verba* 51, 2002; p. 224 e ss.).

- Alto das Amieiras*, PnH en Lobeira (M301-1)
Amieira, PnH en Pantón (M188-2)
A Amieira, PnH en Cartelle (M225-1)
A Amieira, PnH en Lobios (M301-1)
Alto da Amieira, PnH entre Bande e Lobeira (M301-2)
Rego da Amieira, PnH en Verea (M263-4)

En dous topónimos de Valdeorras temos exemplos con aférese da vogal inicial tras artigo:

- O Mieiro*, PnH na Rúa (M190-1)
Fonte do Mieiro, PnH na Rúa (M190-1)

Outras formas paralelas recollidas no NG son *Amieiro* na Laracha e no Vicedo, *Amieiros* (2 lugares) en Ortigueira, *Os Amieiros* no Saviñao (2 lugares) e *Amieira* en Taboada.

Non temos no territorio estudiado ningún exemplo con conservación do *-n-* intervocálico. No NG atopamos *Ameneiro* na Capela, Fene, e Teo, *Ameneiros en Cabanas*, A Capela e Ordes, *Fonteameneiro* en Santiso, *Rego do Ameneiro* en Guitiriz, *Río de Ameneiros* en Toques.

Unha probable terceira solución a partir do *ameiero* resultante da caída do *-n-* intervocálico é a redución en *ameiro*, que atopamos no NG nos lugares de *Ameiro*, en Meaño, e *Ameiro Longo* (paralelo do *Amieiro Longo* de Rairiz de Veiga) en Mos.

Na documentación medieval, desde o século X atopamos *Amoeiro* xa con este vocalismo:

- «*terretorio buualense in uilla quam uocitant amonaio»* (ano 936, BCMO, T. 8, p. 329)
 «*ipsum locum uogabulo amonario et sancta maria»* (ano 936, BCMO, T. 8, p. 330)
 «*de Amonario iuniores qui ducant vinum pro ad monasterio modios VI»* (ano 1004, CLN, nº 240)
 «*lohannes, monachus de Amoeyro»* (ano 1174, OSR1, nº 54)
 «*in filigregia sancte Marie de Amoeyro»* (ano 1231, OSR1, nº 342)
 «*IIIor casalia, unum in Amoeyro et tria in Parada»* (ano 1237, OSR1, nº 425)
 «*domnus Garsia Iohannis commendator de Amoeyro»* (ano 1241, OSR1, nº 480)
 «*fratre Garsia, commendatore de Amoeyro»* (ano 1241, OSR1, nº 480)
 «*excepta hereditate de Amoeyro»* (ano 1245, OSR1, nº 570)
 «*e os casares d'Amoeyro»* (ano 1405, VFD1, nº 64)
 «*Nuno d'Amoeyro e seus parentes»* (ano 1505, VFD1, nº 115), etc.

Dos topónimos actuais que conservan o *-n-* intervocálico só posuímos documentación antiga do *Ameneiro* do concello de Teo, que atopamos no século XIV:

- «*Jtem en Ameneyro, fligesja de Callo»* (ano 1352, TzS, fol 29r)

O DCP recolle 2 *Ameira*, 3 *Ameiras*, 25 *Amieira*, 4 *Amieiras*, 2 *Amieirinha*, 6 *Amieiro* e 2 *Amieiro Longo*, 1 *Amieiros*.

017.2. Ameal, amear

Temos os seguintes topónimos derivados correspondente a **-ALE**:

Ameal, EdP en Dozón

Ponte Ameal, PnH entre Dozón e Piñor de Cea (M154-4)

O Ameal, PnH en Lobeira (M301-1)

Ameás, PnH en Quiroga (M190-1)

Paralelos destes noutras áreas son 2 **O Amenal**, no concello do Pino, con conservación do **-n-**, 2 **Ameal** en Caldas de Reis e Marín, **O Amial** en Ponteareas e un plural **Ameás** en Carral.

No DCP hai 22 **Ameal**, 1 **Amiar** e 7 **Amiais**. Un destes consta en 1258 como **Amealibus** (OM p. 21)

Non pertencen a este tema algúns topónimos que a cartografía rexistra como **Ameá**, **Ameán**, que non teñen orixe fitonímica senón que han de proceder de ILLA MEDIANA.

O lugar de **Ameal** en Dozón témolo amplamente documentado na Idade Media:

«*de Iohanne Didaci clericu de Amenar*» (ano 1239, OSR1, nº 452)

«*de Ameal, Petrum lohannis prelatum ecclesie sancte Marie de Dezon*» (ano 1254, OSR1, nº 723)

«*apud villam de Ameal*» (ano 1254, OSR1, nº 723)

«*Iohannes Martini filius Eugenie de Ameal*» (ano 1256, OSR1, nº 764)

«*Arias lohannis de Amenar*» (ano 1257, OSR1, nº 773)

«*in loco qui vocatur Ameal (...) in terra de Dezon*» (ano 1264, OSR2, nº 918)

«*Fernan Perez d-Ameal*» (ano 1291, OSR2, nº 1225), etc.

Tamén documentamos unha **Fonte de Ameais** ou **de Ameás** no séc. XII:

«*comodo partit per fontem de Amealis*» (ano 1185, Fiñes, nº 30)

Posuímos tamén documentación do XIV do único exemplo con **-n-** intervocálico conservado no NG, o dos lugares chamados **O Amenal**, en Arca, concello do Pino:

«*Pero Rey do Amenal*» (ano 1215, FDU, nº 30)

«*na herdade do Amenal*» (ano 1315, FDU, nº 31)

«*na leyra de Johan Ganso contra o Amenal*» (ano 1315, FDU, nº 31)

«*Johan Martinz, dito Ribaldo do Amenal*» (ano 1324, FDU, nº 48)

«*que jaz entre as estiuadas do Amenal*» (ano 1326, FDU, nº 63)

«*Martin Salgado do Amenal*» (ano 1332, FDU, nº 128)

«*que jaz sobre los Caruallos do Amenal*» (ano 1340, FDU, nº 172), etc.

017.3. Outros derivados en **-ALE**

Temos outros derivados en **-ALE** en formas con dupla sufixación:

a) -ARIU + -ALE.

Ameiral, PnH en Sober

O Ameiral, PnH en Castrelo de Miño

No DCP figurán 1 *Amieiral* e 1 *Amieirais*.

b) -ĒTU + -ALE:

Amiudal, parroquia e lugar no cllo. de Avión

Sesteiro de Amiudal, PnH en Avión e A Lama (186-4)

Campo de Amiudal, PnH en Avión (M186-4)

O NG recolle formas paralelas das primeiras: *Amieiral* en Lourenzá, e con conservación de *-n-* *O Abeneiral*, en Mesía, e 3 *Ameneiral* en Fene, O Pino e Pontedeume.

O *Ameiral* de Castrelo de Miño atopámolo na documentación antiga:

«á Lama dos Salgeiros e ao Ameeyral» (ano 1461, VFD1, nº 82)

017.4. Amedo, amendo, amido, amoedo

Os derivados correspondentes a *AMINĒTU,-ĒTA ou *AMENĒTU,-ĒTA presentan diversas soluciones:

a) *Amedo, ameda:*

Amedo, EdP en Celanova.

Amedo, EdP en Maceda

Amedo, EdP na Peroxa

Amedo, EdP en Dozón

O Amedo, PnH en Pantón (M188-2)

A Costa de Amedo, PnH na Peroxa (M188-1)

No NG atopamos tamén 5 *Amedo* no Incio, Monforte de Lemos, O Saviñao, Taboada e Cervo, e *Amoedo* en Pazos de Borbén (parr.), este último cunha disimilación paralela da de *Amoeiro*.

Dalgúns destes posuímos documentación medieval.

Amedo en Celanova:

«et de illo **ameneto** duas tercias integras» (ano 1012, CLN, nº 366)

«et ipso **ameneto**, et ipsa castanaria» (ano 1012, CLN, nº 366)

«uno petazo de vinea (...) de illo **ameneto**» (ano 1013, CLN, nº 310)

Amedo no Saviñao:

«su rego qui discurrit de casa de Saviniano super illo **ameneto**» (ano 975-1011, CLN, nº 197)

Amedo de Monforte:

«*molendini de Ameedo in loco qui dicitur Veiga in terra de Lemis*» (ano 1255, OSR1, nº 737)

Amedo de Macea:

«*hu chamā O Ameendo*» (ano c. 1400, MdR, AHN Clero, Cpta. 1498, nº 12)

«*Johán Peres dAmeendo*» (ano 1482, MdR, AHN Clero, Cpta. 1504, nº 14).

Outro top. idéntico en Nogueira de Ramuín, desaparecido na actualidade, é:

«*iaz aa carreyra que vay pera o Amedo*» (ano 1338, VFD1, nº 53)

«*leiros do Ameedo, lugar de Albaoo, en San Miguel do Campo*» (ano 1513, RdS, nº 284), etc.

Amedo de Dozón:

«*super lama de Amenedo*» (ano 1254, OSR1, nº 721)

«*Petrus Martini d-Ameedo*» (ano 1258, OSR2, nº 811)

«*in villa que dicitur Ameedo in terra de Deçon*» (ano 1274, OSR2, nº 1080)

En ocasións recollemos o nome deste mesmo lugar cunha variante diminutiva en –ÉLLU:

«*In Dezone alias villas, id sunt villa que vocitant Sala, villa Amenetello*» (ano 993, CLN, nº 251)

«*Iohannes Iohannis de Ameedelo*» (ano 1256, OSR1, nº 765)

«*Petrus Martini maiordomus de Ameedelo*» (ano 1263, OSR2, nº 907)

«*Martinus Fernandi d-Ameedelo*» (ano 1269, OSR2, nº 966).

Na documentación antiga aparece outro exemplo de diminutivo en –ÉTÉLLU localizado na parroquia de Melias, na Peroxa:

«*loco qui vocatur Ameendelo sub parroquia santi Michaelis de Meleens*» (ano 1255, OSR1, nº 750)

Que tal vez podemos identificar (con caída da vogal pretónica) cun topónimo actual

Andelo, EdP(n) en Nogueira de Ramuín (M188-3)

Nalgún caso é posible que unha aférese da vogal inicial provocase confluencia destes fitotopónimos con orotopónimos procedentes de MÉTA e derivados (*Medelo*, etc.). Cañizares identifica coa actual parroquia lucense da Meda o *Ameneta* que figura en documentos dos sécs. XI e XII (*Lvcensia*, 140).

O DCP recolle 1 **Amedo**.

Na documentación medieval portuguesa rexistramos *Amedo*, *Ameedo*, *Ameedo*, *Ameedela* en 1258 e un *San Martino de Ameedelo* en 1220 (OM, p. 41).

b) Amido:

Amido, EdP na Peroxa

O Amido, PnH en Quiroga (M188-1)

O NG recolle ***Amido*** en Cervo e San Sadurniño e ***María de Amido*** nas Somozas.

Do ***Amido*** da Peroxa temos unha única documentación antiga cun *o-* inicial que interpretamos como resultado da aglutinación do artigo ou ben como erro de escrita ou de lectura más que como exemplo de forma paralela dos *umeiro*, *umero* que constitúen denominación desta árbore en áreas leonesas (DCECH, I, 106b): «*o meu casar de Paradella et o do Omido et o que ey en Armentar*» (ano 1296, OSR2, nº 1254). Como apelido rexistrámolo nun «*Uaasco P. d'Amiido*» (ano 1267, VFD1, nº 16).

c) ***Amoedo*** e outras formas con disimilación vocálica:

Non rexistramos en Ourense ningún *Amoedo* coma os que recolle o NG en Chantada e Pazos de Borbén, cun vocalismo paralelo ó de *Amoeiro* (017.1). Un diminutivo en *-ELLU* é:

Amiadelo, EdP en Rairiz de Veiga

d) ***Amendo***

Como noutros casos en que o étimo do radical presenta un *-n-* intervocálico na última sílaba (cf. *Abelenda*, *Macendo*, *Castenda*, etc.), temos un exemplo de terminación *-endo* en

O Amendo, EdP en Taboadela

localizado á beira da isoglosa trazada por Piel para o límite oriental dos resultados *-enda*, *-endo* (vid. 001.4 e os seus mapas).

O NG recolle un lugar chamado ***A Menda***, en Catoira, que baixo a apariencia antropónima (fem. de *Mendo* < *Mēndo* < *Menendo*, hipocorístico de *Hermenegildus*) pode corresponder a un antigo ***A Amendá*** (< *AMENĒTA, *AMINĒTA).

e) Formas con conservación do *-n-* intervocálico:

O NG recolle un único exemplo en ***Amenedo***, EdP en Sobrado. Non temos documentación que nos permita considerar pertencentes a este tema os topónimos menores

A Amoneda, PnH entre Carballeda de Valdeorras e A Veiga (M228-2)

Altos da Amoneda, PnH entre Carballeda de Valdeorras e A Veiga (M228-2)

escritos comunmente na cartografía como ***A Moneda***, ***Altos da Moneda*** por etimoloxía popular e cruzamento do castelán *moneda* ‘moeda’.

017.5. Amioso

Temos un único exemplo de derivado deste tema en *-oso* no hidrónimo

Rego de Chapiña de Amioso, CdA no Irixo (M186-2)

O NG recolle dous lugares chamados *Amosa* no concello de Vila de Cruces. É posible que algún exemplo desta forma na toponimia menor figure na cartografía falsamente escrita como *Lamosa*, por interpretación errada do artigo castelanizado.

No DCP figuran 1 *Ameosa*, 4 *Amioso* e 1 *Amiosinho*.

Possiblemente pertence a este tema, con dupla sufixación (ÉTU + ōSU), o topónimo

Amiadoso, EdP en Allariz

018. *anciña, anciñeira, aciñeira, enciña*

O *Quercus ilex* (VCN, 103) ten en galego, á parte doutras denominacións, algunhas que proceden de ĪLEX, ĪLICE a través dun derivado latino vulgar ĪLÍCINA, coma o *enciña* castelán. Eladio Rodríguez dá as formas *aciñeira*, *aciña*, *enciña*, *enciñeira* (DEGC, I, 41), e Crespo Pozo engade *anciñeiro*, localizado en Lugo, *enciño* no Courel, *enciñeiro* en Campo Lameiro (NCVCG, I, 545). O portugués ten *azinha*, *azinheira* e as variantes dialectais *enzinha*, *anzinha*. Segundo Corominas, a forma primitiva do castelán é *lezina*, que por propagación da nasal pasou a *lenzina* e despois perdeu o *l*– por deglutinación ó ser interpretado como artigo.

Sarmiento non recolleu ningún destes nomes da árbore, acaso porque a considera especie allea á nosa flora. E en efecto non debeu de ser árbore común en Galicia, non sendo na área oriental, que é onde localizamos os nosos topónimos. O propio Sarmiento dá noticia dun exemplar como feito singular: «Es cierto que a media legua de el Carril hay una hermosa encina, que nació de que un gallego trajó las bellotas de Castilla, y así se deben plantar, pues es árbol útil» (Sarmiento, *Vegetables*, 1153).

018.1. Enciña, anciña

Temos unicamente dous topónimos coa forma simple correspondente a ĪLÍCINA:

Serra da Enciña da Lastra, PnH en Rubiá (M190-2)
A Ancina ou *A Encina* PnH na Gudiña (M304-1)

O primeiro corresponde ó coñecido cordal montañoso do extremo nororiental da provincia; a forma que rexistramos convive na fala coa variante

castelanizada *Serra da Encina da Lastra*. O topónimo da Gudiña ha de ser un castelanismo, probablemente de formación recente.

O DCP recolle 1 *Azinha*.

018.2. Aciñeira, anciñeira

Son más comúns os derivados das formas precedentes co sufijo correspondente a *-ARIA*:

A Enciñeira, parroquia e lugar en Quiroga

A Aciñeira, PnH en Lobios (M301-3)

A Aciñeira, PnH en Monterrei (M302-4)

A Aciñeira, PnH en Cualedro (M302-2)

A Ponte da Aciñeira, PnH en Monterrei (M302-2)

As Aciñeiras, PnH en Monterrei (M302-4)

Banda das Enciñeiras, PnH en Quiroga (M189-4)

O DCP recolle 9 *Azinheira*, 1 *Azinheiro*.

018.3. Anciñal e outros derivados

Recollemos un único exemplo de derivado en *-ALE* en:

O Enciñal, PnH en Manzaneda (M227-2)

No DCP figuran 15 *Azinhal*, 1 *Azinhalete*, 1 *Azinhalinho* e 1 derivado en *-OSU* *Azinhoso*.

019. arando

En galego reciben o nome de *arando* os froitos do arbusto *Vaccinium myrtillus*, arbusto chamado igualmente *arando* ou *arandeira* (VCN 106). Xunto con esta denominación maioritaria conviven outros nomes coa raíz MOR-, tamén empregados para designar outras especies botánicas silvestres que dan así mesmo pequenos froitos (vid. *moreira*, *morogo*, 157).

O nome galego *arando* ten equivalencia no leonés e asturiano *arándano*, *arándanu* e considérase voz de orixe incerta, moi posiblemente prerromana. Corominas cre que está relacionada con *arán*, «que en vasco designa el endrino» —parentesco que xa fora suxerido por Sarmiento (*Vegetables*, 2416)—, e para *arán* defende unha etimoloxía céltica (DCECH, I, 309). Elixio Rivas rexeita a hipótese

céltica de Corominas e asigna o nome do *arando* e outras formas emparentadas ó estrato preindoeuropeo hispanocaucásico (Rivas 1994, 27, p. 83).

As terminacións *-o* galega e *-ano* leonesa deben de constituir o mesmo sufixo átono que atopamos, por exemplo, en *cando* (< CANDANU). Poderíase pensar que o gal. *arando* non ten sufixo, ou ben que conviven os resultados de *ARANDU e *ARANDANU, pois para os derivados en *-ARIA* rexistramos *Arandeiras* en zona de *abelaira* (vid. mapa 3), cando dun étimo en *-AN-ARIAS* esperaríamos **Arandairas* nesa zona. Probablemente se trata de derivados romances de *arando*.

Foi Sarmiento o primeiro en recoller a denominación galega e identificar a especie botánica: «el myrtillo o *arando* gallego»; «En Lemos *arandos* (...) son unas frutillas negras, menores que andrinas, que se comen, y se dan en unas maticas de una tercia de alto, con hojas como del boj, y tienen una pepita». «En Galicia *arandos* (...) en la Maragatería y el Bierzo *arándanos*» (*Vegetables*, 524, 827, 1938, 1416; *Catálogo*, 136v).

019.1. Arando

O nome simple témolo en:

O Arando, PnH en Bande (M263-4)

Os Arandos, PnH na Gudiña e A Mezquita (M266-3)

Chaira dos Arandos, PnH en Lobeira (M301-1)

Ladeira dos Arandos, PnH en Lobeira (M301-1)

Penedas dos Arandos, PnH en Baltar e Cualedro (M302-2)

Regueiro dos Arandos, curso de auga nos cllos. da Gudiña e A Mezquita (M266-3)

019.2. Derivados

Temos un único exemplo de derivado de *arando* co sufixo correspondente ó lat. *-ARIA*:

Alto das Arandeiras, PnH en Ribas de Sil (M189-2)

en zona de *abelairas*, *mazairas*, polo que debemos supoñer que se trata dunha formación romance, ou en todo caso derivado dun étimo *ARANDARIA e non *ARANDANARIA.

Un derivado en *-ÉTU* *ARANDANÉTU atopámolo na documentación antiga no nome dun monte *Arandaído*, «*d'Arãdeydo*» (ano 1272, MdR, ACO Perg.

Monac. nº 1079), «*mōte d'Arādeeydo*» (ano 1275, MdR, ACO Perg. Monac. nº 1201), coa solución de vogais en hiato (cf. *Abelaído*).

Descoñecemos se ten algunha relación con *arando* o topónimo

Arandán, PnH en Chandrexá de Queixa (M227-4)

que presenta o problema da súa terminación, a menos que consideremos que se trata dunha alteración de *arandal*, co sufijo procedente de -ALE (*ARANDANALE). Sería entón paralelo do nome lugar chamado *O Arandal*, EdP na Pastoriza, que dá nome á paraxe e á advocación coñecidas como *O Cristo do Arandal* (M24-4).

O DCP non recolle ningún topónimo pertencente a este tema.

020. *arangaño*

O P. Sobreira recolle o nome de *herba dos arangaños* para o beleño, tamén chamado *meimendros* ou *moimendros*. «Arangáños, s.m. de Santiago. Meymendros = moymendros. El beleño, planta conocida cuya simiente se pide en las boticas de este arzobispado para ahumar los oídos cuando tienen dolor de cabeza, y fingen que echan gusanos por ellos» (Sobreira, *Botánica*, 24 r, p, 235-236). Eladio Rodríguez inclúe no seu dicionario o plural *arangaños* co significado de ‘beleño’ (DEGC, I, 209). Elixio Rivas considera *arangaño* ‘semente do beleño’ como voz pertencente ó estrato hispanocaucásico (1994, p. 83). Debe de tratarse en efecto dunha voz prerromana, pero non é propiamente un fitónimo, senón un zoónimo, pois os *arangaños* ou *arengos* son os vermes a que alude Sobreira no texto transcrita, que foi mal interpretado pola tradición lexicográfica galega (Pensado, 1974, p. 89-90). Témolo no topónimo:

Penedo do Arangaño, PnH entre os ellos de Xinzo e Sarreaus (M264-2)

Non hai no NG nin no DCP topónimos semellantes.

021. *árbole*

O latín ARBORE presenta en galego, ademais do estándar *árbole*, outras variantes como *arbre*, *albre* e áinda *árbol*. En xeral atopámolo como feminino na toponimia, pero tamén hai casos de masculino. Xa o P. Sobreira o caracterizou como substantivo de xénero ambiguo: «*Albre*, s.a. de Lugo y Santiago = *Árbol* = *Arbole*. El mayor de los vegetables; tiene un solo tronco, echa muchas ramas

y hojas. Consta de *raíz*, *tòro*, *pé*, *pólas*, *cáñas*, *gállas*, *varas*, *follatos*, *follas*, *gamallos*, *codia*, *madeyra*, *leña*, *paos* o *paus*, *garabullos*, *gallos*, *gròmos*, *ramallos* y *fruto*, si lo lleva» (Sobreira, *Botánica*, 16v-17r, p.232-233).

021.1. Árbore

O substantivo simple témolo en plural en

As Árbores, PnH en Oímbría (M303-3)

e nunha forma de diminutivo con interfixo *-c-*

As Albreciñas, PnH en Sarreaus (M264-2)

As formas do singular resultan máis problemáticas, pois a aglutinación do posible artigo co *a-* inicial fainas confluír cos topónimos procedentes do xenitivo do antropónimo ALVARUS (Piel-Kremer, HGN, 8, p. 70): ALVARI > *Álvare* > *Alvre* por síncopa da vogal postónica. Temos un en

Albre, PnH en Vilar de Barrio (M264-2)

O NG recolle *Árbol* en Cervo, Antas de Ulla (parr.) e Viveiro (parr.), e un aparente plural *Albres* en Coristanco. Pola súa localización podería ser tamén un patronímico derivado de *Álvaro*. *Alborés* é nome de parroquia en Mazaricos, cos lugares de *Alborés de Abaixo* e *Alborés de Arriba*, e *Alborés Grande* e *Alborés Pequeno* en Nigrán. Non debe de ser fitotopónimo; podería tratarse dun derivado en *-ENSE*, acaso un xentilicio derivado dun topónimo *Árbol* ou *Albor* (vid. infra 021.3). No DCP figura 1 *Árvore*.

Un derivado diminutivo co sufijo correspondente a *-ÍNU*, non sabemos se fitonímico ou antroponímico, témolo en

Alboriño, PnH en Vilar de Santos (M264-3)

O NG recolle nas Neves unha forma paralela *Alburíño*. Tamén figura no NG 1 *Alberiñas* na Estrada. Dado que un paso *a* > *e* na pretónica pode explicarse como consecuencia do *i* tónico, parece corresponder propiamente a un *Albariñas* e non ter relación con *árbole*.

021.2. Alborado, alboreda, alboriza

Son derivados de *arbore* por medio de diferentes sufíxos os seguintes topónimos:

O Alborado, PnH en Castrelo de Miño (M225-1)

que presenta a forma dun participio e corresponde seguramente a unha repoboación forestal.

Un derivado co sufijo correspondente a **-ĒTU**:

O Alboredo, PnH en Cualedro (M302-2)

que tamén podería constituir unha alteración de un top. **O Albaredo** (vid. supra 011.4). Unha entidade de poboación da parroquia de Donas, no concello pontevedrés de Gondomar, que tradicionalmente figura nos nomenclátores como **Abrullido** ou **Abrollido** mais que na fala local ten marioritariamente as denominacións de **Abrolido**, **Aborlido**, **Abrulido** podería responder así mesmo a un étimo ARBOREĒTU.

E un posible colectivo en **-ÍCĒA** en

A Ponte da Alboriza, PnH en Baltar e Xinzo de Limia (M302-2)

que tamén podería ser alteración de **alvariza** ‘colmear’, con labialización da vogal pretónica por efecto da consoante precedente.

021.3. Antropónimos emparentados

As formas oxítonas *Albor*, *Arbor* non pertencen a este tema senón que proceden do xenitivo dun antropónimo *Arborius* (Kajanto, 117, 334), de orixe latina e ó cabio emparentado co substantivo común *árbores*. Temos as seguintes:

Albor, PnH en Muíños (M301-1)

Arbor do Cabo, Edp(n) en Vilamarín (M187-2)

A Praza de Albor, PnH en Xinzo de Limia (M264-2)

Igualmente difícil resulta identificar o topónimo

Arboiro, EdP en San Xoán de Río

Arboiro, PnH en San Xoán de Río (M189-4)

que aparentemente contén unha forma de acusativo do antropónimo citado.

No NG vén 1 **Alborelle** no concello de Sada que debe corresponder ó xenitivo dunha forma diminutiva deste nome *ARBORĒLLUS, áinda que tamén cabería unha explicación a partir dun diminutivo en **-ÍCŪLA**: ***Arborella**, dado que é común a palatalización do **-a** final neses contextos.

022. *argana*

Sarmiento recolle para o galego *argana*, ademais do valor de ‘aresta do trigo’, que figura nos dicionarios («arista o barbilla de las espigas del trigo, del centeno y de todas plantas», DEGC, I, 219a), outro uso como denominación de certa especie botánica indeterminada: «parece matica de trigo y hojas como de la herba lesta»

(*Vegetables*, 382), «es una planta en Montes que parece matica de trigo y echa unas hojas como *herba lesta*, y allí hay un sitio llamado *Argañedo*. *Argana* es voz gallega (en el Bierzo *argaña*) que significa las aristas del trigo» (*Catálogo*, 143v). Podería non tratarse da designación dun vexetal específico, senón dun xenérico para diferentes especies. En Asturias existe *argaña* cun significado máis concreto de «Brezo de escobas, especie de erica algo menor que el arbusto común y de flores amarillas» e outro xenérico «Denomínanse así otras variedades de hierbas de mala calidad y coriáceas» (Sánchez Vicente, 75). J. M. González, referíndose ó fitónimo *cádava* en Asturias, recolle a información de que «la cádava es una especie de planta de mayor desarrollo que la *argaña* y menor que la *uz*» (González, 1959, 317-318). Este mesmo investigador asturiano informa que o plural *cádavas* «se emplea, sin determinación de especie botánica, para designar la arroxadura, es decir, el combustible que se prepara para caldear el horno de pan, que puede estar constituída por *cotolles*, *argañes*, *uces*, *escayus*, *gamaya*, etc.» (ibid. p. 317). É probable que *argana* teña tamén en orixe ese significado de combustible miúdo para o lume, e que en diferentes árees poida ser aplicado a distintas especies, nos máis dos casos correspondendo a unha ericácea ou arbustos semellantes.

Corominas considera o leonés *argaña*, gal. *argana* e outras formas relacionadas (entre elas o gal. e port. *argueiro*) como «de origen desconocido, probablemente de tipos prerromanos *ARGANNA, *ARGARIUM, emparentados con *árgoma* ‘brezo’» (DCECH, I, 327). O sufijo non latino –ANNA fai supoñer tamén prerromano o radical (pero cf. *espadana*). Rivas considera *argana* e *árgoma* como voces emparentadas co vasco e pertencentes ó estrato hispanocaucásico (Rivas, 1994, 83-84).

Temos exemplo do seu emprego como alcume persoal nun «*Petrus Argana laycus*» (ano 1247, OSR1, nº 594), «*Petrus Argana*» (ano 1251, OSR1, nº 663).

022.1. Arganedo, arganeira, arganiza

Recollemos derivados desta forma por medio dos sufíxos –ÉTU, –ARIA e –ÍCÉA:

Arganedo, PnH en Carballeda de Valdeorras (M229-I)
Regueiro da Arganeira ou de Arganeira, CdA en Quiroga (M190-1)
A Arganiza, PnH en Riós (M303-2)

O NG recolle outros derivados deste mesmo tema con sufíxo colectivo: *Arganal* nas Somozas, *Arganosa* en Carballo. Tamén podería pertencer a este tema léxico *Arganzo* (< *ARGANNÍCÉU?), localidade do concello do Mañón.

022.2. Argas

É posible que teñan relación con este tema fitonímico prerromano en *ARG– os nomes de

Seoane de Argas, parroquia no concello de San Xoán de Río

San Silvestre de Argas, parroquia no concello de San Xoán de Río

Argas Vellas, lugar da parroquia de S. Silvestre de Argas

cos que podemos relacionar *Arga de Arriba* e *Arga de Abaixo*, en Friol no NG. Tamén podería defenderse para uns e outros un étimo *AR-ÍCA, a partir dun radical prerromano AR–, hidronímico (Rivas 1994, 61-62), e o sufijo átono –ÍCA, característico do substrato celta da nosa toponimia (cf. *CAMB-ÍCAS > *Cangas*).

023. árgoma

Pode estar emparentado etimoloxicamente co tema precedente o substantivo feminino *árgoma*, que Sobreira recolle en Orcellón, e defineo dicindo que «*es el toxo arnal o brabo*» (*Papeletas*, p. 251), e noutro lugar precisa que «*la voz árgoma es asturiana y vizcaína*» (Sobreira, *Botánica*, 24v, p. 236). Malia a identificación co toxo, recollida por Sobreira e presente nos dicionarios (DEGC, I, 219), outros significados más xenéricos, coma o do norte de Portugal «*ramagem miuda, eliminada das árvores quando se limpam*» (cit. por Corominas DCECH, I, 329), poden facernos pensar nun significado orixinario paralelo ó visto para *argana*, como leña miúda para o lume ou para arroxar o forno. O sufijo átono –OMA reforza a idea de que se trata de voz prerromana.

Non temos ningún derivado deste tema no territorio estudiado. O NG recolle *Argomoso* como nome de parroquia en Mondoñedo, que é evidente derivado desta forma cun sufijo colectivo –ÓSU. Segundo o Madoz hai *Argomilla* en Santander, *Argomedo* en Burgos e *Argomoso* en Asturias, ademais do *Argomoso* ou *Argumoso* de Mondoñedo.

024. arrifana

Arrifana e *Arrufana* son formas propias da toponimia galega e portuguesa procedentes do árabe *al-rayhan*, ‘planta de olor, mirto, especie de arrayán’ (Rivas, 1982, 105, p. 148; Losa, 1956, p. 26; David Lopes, 1968, pp. 198-200). Temos a variante con *i* en:

A Arrifana, EdP en Ramirás

A Rifana, Edp(n) en Melón (M224-2)

O NG recolle outras dúas localidades chamadas *Arrufana* nos concellos de Mañón e Mos. Elixio Rivas rexistra dous topónimos menores *Arrufana* no concello de Marín (Rivas, 1982, 105, p. 148). No DCP contamos 20 *Arrifana* e 1 *Arrifaninha*.

Fronte á opinión común que considera fitotponímica esta forma, Fernandes e Silva sosteñen unha hipótese oronímica:

«*Arrifana* (Tro). Topónimo bastante frequente no Centro e Norte portugueses: diz-se que do ár. *ar-rihan* ‘‘murta’’, mas pomos grandes dúvidas e ousamos mesmo a sua contradição. Primeiramente, a ‘‘murta’’ tem uma variada e abundante toponímia própria, do lat. *murta*, dispensando, nitidamente, manifestações de outra origem e em sua substituição, visto que se dá a ‘‘arrifana’’ a origem arábica. Além disso, ‘‘arrifana’’ não manifesta qualquer derivado, o que é estranho em topónimo relativo à vegetação. Ainda que menos importe, acresce a distribución –que é toda nortenha (e na Galiza), tendo, pelo éntimo apontado, provindo do Sul. Cremos, preferíavelmente, estarmos en presenza de um derivado romance moçárabico em *-ana* (daí o *-n-* conservado) do ár. *ar-rif* topográfico (declive de elevación), significando, también, local pedregoso: ‘‘arrife’’+ *ana* = ‘‘arrifana’’, sendo que o topónimo *Arrife* é frequente en todo o país e nas illas, o que não sucede com *Arrifana*. De acordo con o que fica dito, concluímos que o n. comum ‘‘arrifana’’, a deduzirmos, teve una expansión muito posterior à de ‘‘arrife’’, embora já suficientemente antiga para se documentar no séc. XIII na toponímia: e, considerando esta, temos o notável caso de *Arrifana de Sousa*, topónimo substituído por Penafiel (a actual cidade): 1258 «homines de Arrifana caretaverunt petram de regalengo» da sua localidade –o que confirma ‘‘arrife’’ como local pedregoso e ‘‘arrifana’’ como derivado da palabra» (Arouca, 1995, p. 39).

Cremos que parece más verosímil a explicación fitonímica. En canto ó carácter supuestamente norteño dos topónimos, hai que dicir que dos más de vinte *Arrifana* do DCP só catro se localizan ó norte do Douro.

O topónimo de Ramirás atopómolo documentado desde o século XIII:

«*quomodo uadit de regario deinde cum uallado de Arrifana*» (ano 1253, RAM, nº 97)
 «*et matum qui iacet in loco qui dicitur Arrifana*» (ano 1253, RAM, nº 102)
 «*hereditate de Arrifana*» (ano 1272, RAM, nº 184)
 «*e auya a dar dous casares da Rifana au moesteiro*» (ano 1274, RAM, nº 192)
 «*souto de Moyra, junto a Arrifana*» (ano 1480, RAM, nº 533), etc.

O *Arrifana* portugués más antigo que rexistramos é de 1258, «*Arifana*» (OM, 31).

025. axenxo, asento, asentes

En galego a *Artemisia absinthium*, «yerba aromática muy conocida cuyo apósito al estómago lo conforta, quita el noxo o fastidio y mata las lombrices

especialmente si le trochan» (Sobreira, *Botánica*, p. 237), recibe diferentes denominacións procedentes en última instancia do *absinthium* clásico, voz de orixe grega. Sarmiento recolle «asentes, asentos y axenjos, con pronunciación gallega» (*Vegetables*, 800; *Catálogo*, 93v), e en ocasións dá a localización das diferentes variantes: «axenjos, pronunciando la X a la gallega. Llamamos así en Pontevedra a los *asentos* o *asentes*» (*Vegetables*, 962). O padre Sobreira localiza as variantes *asento* e *asentos* en Ribadavia e *axenxo* en Parada de Sil (*Botánica*, 237). O portugués padrón non conservou estas formas populares (Piel, 1953, 47-48) e ten unha denominación culta *absinto* tomada do latín ou do nome científico da planta.

Non dispomos de información que nos permita saber se pertence a este tema fitonímico ou se se ten orixe antropónímica (plural de apellido) o nome do lugar chamado

Os Asenxos, no concello de Monforte de Lemos (M189-1).

Palacio recolle un derivado *A Asenteira* no concello de Pantón (Palacio 1981, 270).

026. *avea*

Moralejo dedica ó cereal *Avena sativa* un breve capítulo do seu traballo xa clásico «Toponimia gallega de cereales de cultivo» (TGL, 145-168). Alí refire as diferentes hipóteses acerca da orixe do nome latino AVĒNA, de onde procede o galego *avea*, paralelo das formas recollidas nos outros romances (it., prov., cat., cast. *avena*; fr. *avoine*, port. *aveia*), e dá os exemplos de derivados en -ARIA presentes na toponimia maior de Galicia, aínda que non cita ningún en -ALE, paralelo dos *Avenar*, *Avenares*, *Avenales* da toponimia castelá.

Algúns *Vieiro*, *Vieira* da cartografía, aparentemente derivados de VIA (camiños) ou menos probablemente de VĒNA (cursos de auga), poderían corresponder derivados de AVĒNA con aférese da vogal inicial ou falsa segmentación do artigo. Cómpre ter en conta, ademais, que moitos dos topónimos aparentemente pertencentes ó tema AVĒNA poderían ser hidrónimos derivados da mesma raíz prerromana presente en *Avia*, *Aveiro*, etc.

026.1. Avea

Temos o nome simple en:

A Avea, PnH en Verín (M303-3)

O Prado da Avea, PnH en Verín (M303-3)

O Muíño da Avea, PnH en Oimbra e Verín (M303-3)

Rivas recolle en Marín unha PnH *Outeiro d'Avea* ou *de Avea* (Rivas, 1982, p. 148). No DCP figuran 2 localidades chamadas *Aveia*.

026.2. Aveal e outros derivados

Un único exemplo de derivado correspondente a AVĒNALE é

O Aveal, PnH en Laza (M2651)

Rexistrado como *Beal* na cartografía 1:50.000.

No NG figuran 3 *Aveal* en Monfero, A Pastoriza (*O Aveal*) e Vilarmaior, comunmente escritos con *b*, *Abeal*. Tamén aparece escrito no NG como *Abeás* un plural *Os Aveás* en Xermade. Podemos engadir outra entidade *O Aveal* (M2-4) no concello do Vicedo, non recollida no NG.

Tampouco recollemos no territorio estudiado ningún derivado en *-eira*, paralelo dos 5 *Avieira* ou *Aveeira* que figuran no NG nos concellos de Cabana, Coristanco, Muxía, Oza dos Ríos e Palas de Rei. Xa dixemos que é posible que *Vieira* ou algún dos 18 *Vieiro*, *Vieiros* do NG conteña en realidade un derivado AVĒNARIA, AVĒNARIU.

No DCP figuran 3 *Avial* (< AVĒNALE). Aparecen tamén 4 *Avenal* que non son insólitos exemplos de conservación de *-n-* senón resultado particular de ABELLANALE (vid. 001.2), sen dúbida debido á síncopa da vogal pretónica antes da caída de *-l-* e *-n-* intervocálicos. Pertencen, polo tanto, ó tema de *abeleira*. Poderíase dar a mesma explicación para o nome das 5 aldeas chamadas *Avenida* no DCP, dadas as grafías medievais *Avellaneda*, *Avenalleda*, *Avenaleda* (OM, 40), que deben representan un mesmo **Avelnedra*, polo que temos que desbotar para elas un étimo AVENĒTA, con improbable conservación do *-n-*.

O DCP recolle un derivado en *-ōsu* en *Avioso*, que se rexistra como *Avenoso* en 1258 (OM, 40). Moralejo (1977, 159) menciona un *Avenosos* en Badajoz.

027. *bacelo*

O galego *bacelo*, «vástago que se corta de la vid para plantar viña; esqueje de la vid», e por extensión «vid, planta cuyo fruto es la uva», «viña» e ainda «porción de terra» (CEGC, I, 303), «pedazo de viña» (Sarmiento, *Catálogo*, 95v), procede de *BACILLU ou *BACĒLLU, variante con alternancia de sufijo diminutivo do lat. BACŪLU ‘bastón’, como xa propuxera Sarmiento (*Catálogo*, 70v), e non dun diminutivo de BACA ‘baga’, como proponen algúns autores (Arouca, 42). O *bacelo* galego corresponde coa forma leonesa *bacillo* (DCECH, 447b). Unha variante *barcelo*, cun *r* talvez resultante de interferencia con outras familias

léxicas, e localizada por Sarmiento en Pontevedra (*Catálogo*, 95v), é recollida por E. Rivas no Morrazo (Rivas, 1982, 149).

Na documentación medieval atopamos *bacelo* co seu dobre significado. O primitivo é o de ‘vástago de videira que se planta para crear cepa’:

- «*eu puje baçelos para viña* enna dita leyra, segundo que ora estan, a qual leyra jaz ao longo da viña de Meçia Lopes de Quintéela» (ano 1441, FDU, nº 320)
 «*Pay Marino de Lobeyra poso baçelos en huna leyra de herdade*» (ano 1438, FDU, nº 315)

De aí *bacelo* pasou a significar tamén ‘terreo con bacelos’, ou sexa, ‘viña recente’. A medida que os bacelos e os bacelares foron converténdose en viñas, estas palabras foron mudando o significado ata facérense sinónimas de *viña*, e nas zonas onde a viticultura tiña maior importancia (vid. 230), acabaron significando ‘eido, leira, herdade, terreo cultivado’:

- «*peça de baçelo* que ias a ssu o meu *baçelo grande*» (ano 1337, MdR, AHN Clero, Cpta. 1493, nº 15)
 «*da vyna que topa enno baçello* da Barrãtesa» (ano 1403, MaiaHGP, nº 132)
 «*aforamos o bacelo* que foy de Alvar Eanes segon que esta posto de vinna» (ano 1433, Xantar, nº 5)

O derivado *bacelar*, en orixe ‘plantación de bacelos’, tamén acaba significando ‘peza de viña’:

- «*bacellarem qui (...) et intestat superius vineam lohannis Condi*» (ano 1258, OSR2, nº 813)
 «*pello baçelar de Lourenço Rapasynno e parte pella vynna que y está*» (ano 1344, Xantar, nº 1)
 «*o bacelar que esta a su a iglesia de rante con outra vinna que esta a par dela*» (ano 1355, OXV, p. 181)

Bacelar é un derivado en *-ALE*, obediente á regra disimilatoria segundo a cal o sufijo *-al* debe presentar o resultado *-ar* cando hai un L no radical, e non se forman derivados en *-ar* cando hai no radical un R (pero xa vimos en *Abelal* que hai excepcións a esa regra).

A maior densidade de topónimos pertencentes a este tema atopámola, como era de esperar, nas zonas vitivinícolas: A Arnoia, Monterrei, o Ribeiro e as ribeiras do Miño, as ribeiras do Sil, Valdeorras.

No territorio estudiado temos os seguintes exemplos de formas simples e derivados en *-ALE*:

- Bacelo*, EdP na Arnoia
O Bacelo, EdP en Punxín
O Bacelo, PnH na Peroxa (M188-1)
O Bacelo, PnH en Allariz (M264-1)

- O Bacelo*, PnH en Sober (M188-4)
Campo do Bacelo, PnH en Sober (M188-2)
Regueiro do Bacelo, CdA en Vilamartín de Valdeorras (M190-1)
Val do Bacelo, PnH en Castrelo do Val (M265-3)
Bacelos, PnH en Castrelo do Val (M303-1)
Bacelos Novos, PnH en Castrelo do Val e Verín (M303-1)
Os Bacelos, PnH na Merca (M225-4)
Os Bacelos, PnH en Ourense (M187-4)
Os Bacelos, PnH en Carballedo (M188-1)
Os Bacelos, PnH en Riós (M303-2)
Os Bacelos, PnH en Laza (M265-3)
Os Bacelos, PnH en Gomesende e Ramirás (M225-3)
Os Bacelos, PnH en Castro Caldelas (M189-3)
Outeiro de Bacelos, PnH en Monterrei (M302-2)
Val de Bacelos, PnH en Oímbra (M302-4)
Os Bacelares, EdP en Carballedo
Os Bacelares, PnH en San Cibrao das Viñas (M225-2)

O NG recolle 4 **Bacelo** en Carral, Pantón, Portas e Tomiño; **Bacela** en Neda; 2 **Bacelar** nas Somozas e en Valdoviño, 2 **Bacelares** en Chantada e mais en Monforte.

No DCP figuran 4 **Bacelar**, 1 **Bacelares**, 1 **Bacelinhos**, 26 **Bacelo**, 6 **Bacelos**.

028. *bagullo*

Os dicionarios recollen para o común *bagullo* (< lat. BACŪCŪLU) diversas acepcións, todas elas fitonímicas: «conjunto de uvas desgranadas y separadas de los racimos», «granillos interiores de los BAGOS de las uvas, que en el Ribeiro se llama BAGAÑO», «vaina, túnica o cáscara tierna y larga en que están encerradas algunas simientes, como las de los guisantes, coles, habas, judías, etc.» (DEGC, I, 306, s.v. *bagullo*), «conjunto de los racimos de las uvas, después que éstas se pisan y se prensan en el lagar o en la prensa» (DEGC, I, 306, s.v. *bagazo*). Ignoramos se a presenza deste nome na toponimia ten relación coa viticultura ou cos legumes. Rexistrámolo en:

- O Bagullo*, EdP en Cartelle
Regato do Bagullo, CdA en Cartelle (M225-3)
Os Bagullos, PnH en Trasmiras (M264-4)

O primeiro destes topónimos atopámolo na documentación medieval:

«*e Seyadas e al Bagullo e Gueral e Sabuz*» (ano 1319, BCMO, T3, p. 45)

A mesma forma aparece tamén en uso antropónimo como alcume en

«*domus P. dictus Vagullo*» (ano 1254, OSR1, nº 729)

No DCP figura unha localidade chamada *Bagulhão*.

029. *balanco, belanco*

En portugués reciben o nome de *balanco* e *balanquinho* a *Avena macrocarpa* e a *Avena hirsuta*, respectivamente, a segunda coñecida tamén en portugués como *rabo-de-galo* (Sampaio, *Flora*, p. 67). Nos dicionarios galegos atopamos un derivado *balancada* «capa de tojos y abrojos con que se cubren los muros para defensa de huertos, viñedos y sembrados» (DEGC, I, 309). Corominas relaciona o portugués *balanco* co castelán *ballico* “planta semejante a la cizaña” e mailo aragonés *ballueca* “cizaña” e supón para eles unha raíz fitonímica prerromana **BALL-**, probablemente ibérica (DCECH, I, 483, s.v. *ballico*). Para podermos adscribilos á raíz fitonímica prerromana ***BEL-** que postula Rivas (1982, 150-151), dada a conservación do *-l-* intervocálico, teríamos que considerar unha variante ***BELL-** con xeminada. O sufijo *-anco* é sen dúvida prerromano. Coa raíz **BALL-** defendida por Corominas poderíamos vincular tamén *baloco* (vid. 030) e outras formas semellantes, áinda que nalgún topónimo pode haber confluencia con derivados ou compostos dos latinos *VALLIS* e *VALLUM*. Ademais dos significados fitonímicos mencionados, Sarmiento recolle un substantivo ourensán *belanco* (*Catálogo A* 21 v) como sinónimo de *becho*, *bechoco*, que tamén é palabra de orixe desconocida, probablemente prerromana (DCECH, I, 419). A algúns dos dous temas, fitonímico ou zoonímico, han de pertencer os topónimos:

Balanqueiro, PnH no Pereiro de Aguiar (M188-3)

Belanco (*Velanco*), PnH en San Xoán de Río (M189-2)

A Tapada do Belanco (*Velanco*), PnH en San Xoán de Río (M189-4)

030. *baloco*

Eladio Rodríguez dá *baloco* como un dos nomes da *Digitalis purpurea*, ademais de recoller outra acepción común que o fai sinónimo de *moca* “cachiporra”; o feminino *baloca* é tamén nome da *Digitalis purpurea* ou pode ser sinónimo de *castaña* e de *pataca* (DEGC, I, 312). Sarmiento explica *baloco* como *garrote* (*Catálogo*, 64r) e asígnalle asemade o significado fitonímico de «croque o chopo negro, que parece verbasco de flores coloradas» (*Catálogo*, A 42v), que identificamos igualmente coa *Digitalis purpurea*, tamén chamada *croques*, *estralotes*, *seoane*, etc. Corominas relaciona estas formas galegas coa raíz fitonímica prerromana **BALL-** (vid. supra, *balanco* 029). A presenza destes nomes na toponimia pode ter motivación fitonímica. Así e todo, algúns

dos topónimos que aparentemente conteñen estas formas poderían ser en realidad derivados do lat. VALLU ou VALLE co sufijo *-oco*, de orixe prerromana (*-ōCCU*), que áinda mantén certo rendemento en galego na derivación con matices afectivos ou despectivos.

No territorio estudiado temos unicamente un exemplo nun

Regato de Baloco, CdA nos Blancos (M302-1)

O NG recolle un *Balocas* en Santiso e un *Balocos* en Moeche. No DCP figuran 1 *Baloca*, 2 *Balocas*, 1 *Baloquinhas*.

Na documentación antiga atopamos topónimos equivalentes:

«portionem de vinea de *Balokas*» (ano 1224, OSR1, nº 244)

«mediatatem de *vinea de Balocas*» (ano 1224, OSR1, nº 246)

«vinea quam fui de domno Galter **in Balocas sub carreyra**» (ano 1232, OSR1, nº 350)

031. *baralla*

Tradicionalmente véñense considerando que os topónimos galegos do tipo *Baralla*, o mesmo cós equivalentes casteláns *Barajas* e semellantes, proceden do latín VARA, a través dun derivado, *VARALIA «seto de travesaños o varales» (Menéndez Pidal 1946; Moralejo, TGL, 63; Nieto Ballester, 1977, 77). As grafías con *b-* serían, polo tanto, non etimolóxicas. Debemos considerar, así e todo, que algúns topónimos pertencentes a este tema poden confundirse con derivados dunha hipotética raíz oronímica *BAR-, que E. Rivas adscribe ó substrato preindopeuropeo euroafricano (Rivas, 1994, 45), e con algunas formas procedentes de derivados do lat. VALLE (*Baralonga, Baralongo, Barilongo* < VALLE LÖNGA, VALLE LÖNGO).

No territorio estudiado atopamos os seguintes topónimos:

A Baralla, PnH en San Cibrao das Viñas (M225-2)

A Baralla, PnH en Viana do Bolo (M266-2)

Baralloá, PnH en Bande (M263-3)

O terceiro corresponde a un diminutivo *VARALIOLA, co desprazamento acentual *-oa* > *-oá* característico da zona.

Na documentación antiga recollemos o simple e mais o derivado diminutivo:

«bouza de *Baralla*» (ano 1225, OSR1, nº 265)

«quomodo partitur cum termino de *Baraloãã*» (ano 1246, RAM, nº 42)

A grafía con que se rexistra *Baralloá* no século XIII amosa que xa se producira nesa época o despazamento acentual no sufijo.

O NG recolle 5 ***Baralla*** en Baralla, Carballo, Gondomar, A Lama e Viveiro. ***Baralláns***, en Cabana de Bergantiños, podería corresponder a un derivado *VARALIALES, aínda que igualmente podería tratarse dun xentilicio ou dun plural antropónimico.

Menéndez Pidal e Moralejo (TGL, 63) consideran así mesmo relacionado co lat. *VARALIA o primeiro elemento dos 3 tops. ***Barallobre*** que figuran no NG (parroquia en Fene, lugares en Friol e Betanzos).

Na documentación medieval atopamos exemplos do uso antropónimico de *Baralla* (se cadra de distinta orixe) e máis dun derivado por medio do sufijo prerromano –AE^{CU}, que debe de corresponder a un xentilicio derivado do lugar de Baralla, en Lugo:

«prendeu Johán ***Baralla***, meu ome, e lle britou dous dentes na boca» (ano 1302, VFD1, nº 39)

«Geteriz fijglesia de San Fijz, enno qual morou Maior ***Barallega***» (ano 1367, HGP, nº 14)

No DCP figuran 2 ***Baralha***, 1 ***Baralhas***, 1 ***Baralho***.

032. *baraza*

Non atopamos nos repertorios lexicográficos un valor botánico para *baraza*, que así e todo parece suxerir a súa presenza na toponimia. O significado común de *baraza* que dan os dicionarios xa fora recollido por Sarmiento: «*Baraza o varaza*. Significa una trenza, cordel, hilo, bramante, etc. para atar cualquiera cosa» (*Catálogo*, 67v); «*Baraza*. Es un hilo torcido de pronto para atar alguna cosa, y se hace de dos hilos de la mazorca torcidos, y se dice *faime aí umha baraza*» (*Catálogo*, 226 v).

Semella razoable considerar un uso botánico relacionado con este significado común, aplicado a algunha especie da que se puidesen obter fíos, cordeis ou atadallos. En portugués recibe o nome de *baracejo*, evidente derivado de *baraço*, *baraça*, a *Stipa arenaria*, unha especie do mesmo xénero có *esparto*, *Stipa tenacissima* (Sampaio, *Flora*, 66). Crespo Pozo dá entre as correspondencias galegas do cast. *esparto* un nome *baracexo* e localízao en Fisterra (NCVCG, I, 592). Eladio Rodríguez inclúe unha entrada *barazal* cun significado que consideramos secundario: «monte abierto o comunal en donde todos pueden cortar o rozar» (DEGC, I, 322). Para Corominas o verbo español *embarazar*

(e del o fr. *embarrasser, débarrasser* e o it. *imbarazzo*) derivan do leonés ou do portugués *embaraçar*, e este de *baraça* ‘cinta, lazo, cordel’, voz «de origen incierto, probablemente prerromano y acaso céltico» (DCECH, II, 555).

No territorio estudiado temos os seguintes:

As Barazas, PnH en Beariz e Avión (M186-2)

Cavorco de Valdebarazas, CdA na Veiga (M190-4)

Val de Barazas, PnH na Veiga (M228-2)

As Braceiras ou *Baraceiras*, PnH en Parada de Sil (M188-4)

O Barazal, PnH en Ramirás (M225-4)

O Barazal, PnH en Ribadavia (M225-1)

O Barazal, PnH en Leiro (M187-3)

O Barazal, PnH en Castrelo do Val (M265-4)

Os Barazás, PnH en Entrímo (M301-1)

O Barazal, PnH na Gudiña (Cruz, 28)

Cavanco dos Barazais, PnH na Gudiña (Cruz, 27)

Corgo do Barazal, CdA en Montederramo (M227-3)

As Fragas do Barazal, PnH en Castrelo do Val (M265-4)

O DCP recolle 2 *Baraçais*, 1 *Baraçal*, 10 *Braçal*, 2 *Braçais*, 1 *Braceiras*, 1 *Braceiro*.

Debemos agregar a estes os topónimos do NG que presentan *r* múltiple, como *Barraceira* e *Outeiro de Barracido*, nas Nogais e Ares, respectivamente, ambos os dous con sufixos compatibles coa condición fitotoponímica.

O mencionado *Barracido* atopámolo como apelido na documentación de Caaveiro: «*Roy Fernandes de Barraçido, notario del Rey*», «*Roy Fernandez de Barraçido*» (ano 1434, HGP, nº 17).

Outro uso antropónimo deste tema témolo en «*Rodericus iohannis miles dictus Barazas*» (ano 1256, OSR1, nº 768); «*Ruy Barazas cavallero*» (ano 1267, OSR2, nº 945).

033. *barba*

Entre as formas compostas ou derivados do latín BARBA existen usos fitonímicos aplicables a diversas especies de plantas que poden deixar pegada na toponimia. O más común é a denominación de *barba de raposo* que se aplica ás varias especies do xénero *Cuscuta*, plantas parásitas tamén chamadas *gorga* en galego (VCN, 108). Xa a recolleu Sarmiento: «*barbas de raposo*: Todo género de epítimo» (*Vegetables*, 203); «epithimo, que nace sobre los toxos o *barbas de raposo*, con flores apiñadas blancas, monopétala, quinquefida» (*Vegetables*, 1538) e figura nos dicionarios con ese significado «*Barbas de raposo*, s.f.pl. Cabellos de Venus, planta parásita en los tojos y codesos (...) llámase también *gorga* y *pelo*

de reposo» (DEGC, I, 323). E. Rivas recolle en Marín para a mesma planta un nome paralelo a partir do diminutivo *barbela*, aínda que admite que na toponimia pode confluir cunha raíz oronímica prerromana *BAR– (Rivas, 1982, 149).

Úsanse tamén denominacións paralelas para outras especies. O VCN dá o nome de *barba de cabra* ó *Tragopogon porrifolius* (VCN, 108), e Merino (*Flora*, II, 460) o de *barba cabreira*, denominación paralela das castelá e portuguesa mencionadas por Sarmiento: «castellano barba de cabrón, portugués barba de bode» (*Vegetables*, 1873). Tamén recibe o nome de *barbas de vello* a *Nigella damascena* (VCN, 134).

Esta presente este nome en

As Poucas de Barbas, PnH en Sandiás (M264-1)

Tamén cabería pensar aquí nunha orixe antropónimica, dado o uso de *Barba*, *Barbas* como alcume ou apelido (Cortesão, OM, p. 45; Kremer, *Cognomina*, III, 23p. 112; Rivas 1991, p. 119). Así, na documentación relativa ó territorio estudiado atopamos: «*agrum que fuit de domno Barva*» (ano 975, CLN, nº 197); «*Vimara Barva*» (ano 1011, CLN, nº 152); «*Petrus Arie dictus Barva*» (ano 1219, OSR1, nº 190); «*Petro Petri Barva*» (ano 1224, OSR1, nº 249); «*Pedro Eanes Barbas de Leyte*» (ano 1299, OSR2, nº. 1285, 1286), etc.

Outros usos fitonímicos parten de *barba* como denominación das raíces de diversas especies: «*barbas*, s.f.pl. Raíces delgadas que echan los esquejes de los árboles y otras plantas» (DEGC, I, 323); «*barbada* s.f. Barbado, sarmiento con raíces para el plantío de viñas; bacelo» (DEGC, I, 322); «*barbada*, s.f. Ribadavia. La vid que estuvo enterrada por el tronco hasta echar barbas, que son pequeñas raíces» e mais «*barbada*. ibi. La cepa nueva hecha de la precedente Barbada o de Probaxe, mientras no se injerta o hace tronco grueso o corteza vieja» (Sobreira, *Papeletas*, p. 362). Hai ademais o verbo *abarbar*, «plantar majuelo» (Crespo Pozo, CVCG, 307, 412). Ha de ter este último valor vitícola nos seguintes topónimos da documentación medieval:

«*contra aquam de Barvada*» (ano 1224, OSR1, nº 249)

«*iacet ad Barvadam*, inter cortinam que de domno Gil fuit et carreiram» (ano 1228, OSR1, nº 302)

«*concedo illam casam de Barvada*» (ano 1234, OSR1, nº 385)

«*damus vobis cortinale da Barvada*» (ano 1270, OSR2, nº 978)

«*que me digan cada ano por este lóveo da Varuada hua myssa cantada*» (ano 1361, VFD1, nº 57)

«*do meu loueo da Baruada*» (ano 1361, RBV, nº 4)

e está presente na toponimia actual en

A Cerradiña Barbada, PnH en Sandiás (M264-1)

Contra a posibilidade de considerar **Barbadás** (nome de lugar, parroquia e concello) como pertencente a este tema na forma de plural dun derivado en **-ALE**, posuímos unha única documentación medieval que parece esixir un **-n-** (e non **-l-**) intervocálico: «*hūa cassa (...)a qual dizē de Domīgo de Baruadāes*» (ano 1352, TzS, fol. 35v), ademais de dous topónimos portugueses con nasal (**Barbadães de Baixo, Barbadães de Cima**). Teríamos entón un xenitivo de antropónimo xermánico en **-ANIS**, pero non atopamos en Piel-Kremer, HGN, ningún nome que se poida asociar a este topónimo. Ha de terse en conta ademais que non son estráños ó galego os **-n-** non etimolóxicos neses mesmos contextos (cf. **Porráns** < PORRALES, **Freixáns** < FRAXINALES, etc.), e que o DCP tamén recolle un **Barbadais**, sen restos de nasal. O tema complícase cun topónimo menor **Barbadá**, no Barco de Valdeorras (M190-4), que se non é resultado dunha forma en **-ANA** habería que explicalo como un falso singular.

Non recollemos no territorio estudiado ningún exemplo do derivado en **-oso, -osa** coma o portugués **Barbosa** que xa rexistramos na documentación medieval:

«*Et ipsa hereditas est una uinea que iacet iusta Barbosam*» (ano 1190, Fiñes, nº 35);
 «*ipsa hereditas est una uinea que iacet iuxta Baruosam*» (ano 1190, Fiñes, nº 128)

O DCP recolle ademais 1 **Barbaído**, 2 **Barbas, Barbas Novas, Barbas de Porco, Barba Torta**, 2 **Barbedo, Barbelães** (cf. *barbela* en Marín), 2 **Barbeira**, ademais dos mencionados **Barbosa, Barbadais e Barbadães**.

034. *bedro, beldro*

Bedro e *beldro* son denominacións galegas de varias especies do xénero *Amaranthus*, sobre todo do *Amaranthus blitum* (VCN 104); corresponden ó cast. *bledo*, port. *bredo* e proceden do lat. BLÍTU (DCECH, I, 600). A súa presenza na toponimia confúndese coa de derivados do adx. VĒTĒRU, do tema fitonímico de *bido, bidueiro* (vid. infra 035) e, nalgunhas árees, con derivados de *vide* (nunha variante con r epentético).

A forma simple podería estar presente en *Vedro* (recollido no NG en Portomarín, escrito *Bedro* no Madoz), pero o /ɛ/ deste esixe outra etimoloxía, possiblemente o adx. VĒTĒRU, o mesmo que para un diminutivo *Vedrelos* que figura no NG en Mondariz e se cadra tamén para un top. medieval *Casar do Vedro*, da parroquia de Oleiros, en Carballedo, non identificado na actualidade: «*o nosso casar que avemos en a fiigrisia de san Migell d-Olleyros, o que chaman o casar do Vedro*» (ano 1300, OSR2, nº 1302).

O NG recolle coa grafía *Vedral* os nomes de dúas localidades nos concellos de Cervo e Frades e como *Vidral* outra en Outeiro de Rei. Poderían

representar un colectivo en -ALE deste tema, *BLÍTALE, ou ben do de BETÚLA. Aparentes derivados en -ARIA, -ARIU tamén recollidos no NG son *Vidreiro* en Pontedeume, *Penavidreira* en San Sadurniño e *O Vidreiro* no Valadouro (escrito como *Bedreiro* no Madoz). Poderían ter relación con BLÍTU, pero tamén con *bidro* (variante de *bido*, *bidueiro*) ou con *vidra* ('vástago de vide ou videira', 'parra'). Ó non dispormos de documentación antiga non podemos inclinarnos por ningunha hipótese.

035. *bido, bidueiro*

O latín BETÚLA, que dá nome á familia das betuláceas e ó xénero *Betula*, é a adaptación latina do nome céltico da árbore (MPidal, *Gramática*, 82; Corominas, DCECH, I, 11; *Tópica Hespérica*, II, 211; Rivas, 1982, 110, pp. 151-152). As formas galegas esixen principalmente as variantes BETÚLE, BETÚLU OU BETÜLU E BETULARIU.

A especie principal é a *Betula alba*, propia de zonas de montaña ou media montaña, característica e mesmo abundante na España atlántica pero infrecuente noutras áreas peninsulares, o que explica a ausencia da palabra que a denomina na tradición escrita castelá. Corominas documenta *abedul* por primeira vez en 1762, aínda que xa o menciona algúns anos antes Sarmiento, quen ademais confirma a rareza da voz: «Jamás he visto escrito ese nombre hasta el año pasado de 1753, que traduciendo el Rvdmo. P. M. Terreros el *Espectáculo de la Naturaleza*, usó, y con toda propiedad, de la voz *abedul* para significar el *bouleau* francés» (Pensado, 1978, p. 169).

O mesmo Sarmiento vinculou por primeira vez as formas hispánicas co latín BETÚLA (*Vegetables*, 243) e recolleu as variantes galegas do nome: *bidro*, *bido*, *brido*, *bidueiro* (id. ibid.), *abedulo*, *bidulo* (id. 296-297), *biduo*, *abedul* (id. 348, este último localizado no Cebreiro). Os dicionarios recollen outras variantes como *abedugo*, *bedoeira*, *bedoeiro*, *bedolo*, *bídalo*, *bideiro*, *bido*, *bidro*, *bidrón*, *biduo*, *bodelo* (DEGC, I, 341, 354; González Fernández, 1981, p. 269, quen recolle ademais unha forma *albelo*, localizada en Friol, pertencente á familia léxica de *albus*), *budio* (Aníbal Otero, 1953, p. 172), etc. A forma común do portugués estándar é *bidoeiro* (Sampaio, *Flora*, 144), mais na actualidade é tamén usual nesa lingua o emprego do nome científico *betula*.

As formas predominantes do nome da árbore na toponimia do territorio estudiado son *bido* e *bidueiro*. No extremo oriental atopamos as variantes *bidul*

e *bidulo*, case coincidentes no territorio, se ben parece que a primeira é máis común no norte (Valdeorras - A Veiga) e a segunda no sur (Ríos, A Mezquita). Aínda que Sobreira localiza en Amandi unha variante *biduleyro* (*Papeletas*, 403) e outros autores, seguramente seguíndoo, dan *biduleiro* como forma propia desa zona (González Fernández, 1981, p. 271), a toponimia local corresponde únicamente ás variantes con perda do *-l-* intervocálico (vid. Apéndice, mapa 6). No noroeste da provincia ourensá predomina a forma *bido*, se ben tamén existen variantes con *r* parasito *bidro*, *brido*, que fan que conflúan os derivados deste tema con posibles derivados de *BLÍTU* ou de *VÍTE* (vid. supra 034).

035.1. Bido

035.1a) *bido*

E. Rivas supón que a forma *bido* «puede ser una reducción de *BETULO, pero también el primitivo *BETU, *BEDU, *BITU» (Rivas, 1982, p. 152). Que se trata do primeiro confirmano as formas dos textos medievais, que presentan dupla vogal consecuente da caída do *-l-*:

«*a o marco do Biidoo (...) dello marco de Bido conmo veen a o Porto d-Aguadello*» (ano 1294, OSR2, nº 1239)

Temos esta forma nos seguintes topónimos:

- O Bido*, PnH en Cualedro (M302-2)
- O Bido Vello*, PnH en Padrenda (M263-1)
- Coto do Bido*, PnH en Barbadás e Ourense (M187-4)
- A Fonte do Bido*, PnH en Cea (M154-4)
- A Fonte do Bido*, PnH en Verea (M263-3)
- A Lama do Bido*, PnH en Monterrei (M302-2, M303-1)
- Outeiro do Bido*, PnH en Avión (M186-2)
- Porto do Bido*, PnH en Avión (M186-2)
- A Veiga do Bido*, PnH en Baltar (M302-2)
- Os Bidos*, PnH en Cea (M187-1)
- Os Bidos*, PnH en Sarreaus (M264-2)
- Os Bidos*, PnH en Monterrei (M303-1)
- Os Bidos*, PnH en Calvos de Randín (M301-2)
- Os Bidos*, PnH en Melón (M224-2)
- Barranco dos Bidos*, PnH en Carballeda de Valdeorras (M228-2)
- Campo dos Bidos*, PnH en Entrimo (M301-1)
- A Lamiña dos Bidos*, PnH en Allariz e Rairiz de Veiga (M264-1)
- As Touzas dos Bidos*, PnH en Calvos de Randín (M301-2)
- O Pozo do Bidiño*, PnH en Sarreaus e Xinzo de Limia (M264-2)

Identificamos, pola súa localización, os topónimos menores ***Os Bidos e Touzas dos Bidos***, de Calvos de Randín, cun *Carballo dos Bidos* que figura en documento de Celanova do sec. XI: «*deinde ad quercus vitulorum*» (ano 1093, BCMO, T 2, p. 407).

Non figura no NG ningún topónimo coa forma simple *Bido*, *Bidos* ou as súas variantes. No DCP hai 1 localidade chamada *Vido* en Melgaço, preto do concello ourensán de Padrenda, onde recollemos o topónimo ***O Bido Vello***, e en área pertencente á antiga diocese de Tui. Para a grafía con V– en topónimos portugueses, cf. os 2 ***Vidual***, 3 ***Viduedo***, 2 ***Vidueira*** e 1 ***Vidueiro*** que recolle o DCP.

035.1b) ***bidul, bedul***

Temos estas formas nos seguintes topónimos:

- O Bidul***, PnH na Veiga e Porto (M229-3)
- O Bedul e A Fonte do Bedul***, PnH no Canizo, A Gudiña (Cruz, 27)
- O Bedul***, PnH no cllo da Mezquita (Cruz, 27)
- O Bedul da Muller***, PnH en Viana do Bolo (M266-2)
- A Fonte do Bedul***, PnH no Canizo, A Gudiña (Cruz, 27)
- Pedra do Bidul***, PnH en Pías (M266-2)
- Prado do Bidul da Muller***, PnH na Veiga e Viana do Bolo (M228-4)
- Regueira do Bidul***, CdA entre A Veiga e Porto (M229-3)
- As Cargas do Bidul***, PnH en Vilamartín de Valdeorras (M190-1)
- A Lama do Bidul***, PnH na Veiga (M228-2)
- A Poula do Bedul***, PnH en Vilamartín de Valdeorras (M190-1)
- Lagoa do Bedul***, PnH en Viana do Bolo e Pías (M266-2)
- Alto da Veiga do Bidul***, PnH na Veiga (M229-3)
- Os Chaos dos Biduis***, PnH na Veiga (M228-4)

As formas idénticas que figuran no NG (***Bidul*** en Paradela, ***Liñares de Bidul*** na Fonsagrada) e a localización dada por Sarmiento para a variante *abedul* (*Vegetables*, 348) permitenmos considerar esta forma como característica do chamado bloque dialectal oriental, de aí que desbotemos a posibilidade de que teña relación con este fitónimo o nome do ***Río Brul***, no concello de Melón (M224-2), nalgúns tramos chamado ***Río Outeiro***, que atopamos rexistrado no século XIII coa forma e a grafía actuais:

- «*ad pontem de Brul I solidum*» (ano 1227, OSR1, nº 289)
- «*ultra flumen de Brul, quas fratres de Melone nunc propriis manibus excolunt*» (ano 1244, OSR1, nº 541)

035.1c) ***bidulo, bedulo***

Temos estas formas nos seguintes topónimos:

- O Bedulo***, PnH en Pías e Porto (M266-2)
- O Bedulo***, PnH en Pentes, A Gudiña (Cruz, 27)
- O Bedulo***, PnH no Tameirón, A Gudiña (Cruz, 27)
- Os Bedulos***, PnH en Riós (M303-2)
- Os Bedulos***, PnH na Gudiña (M265-4)
- Corga dos Bedulos***, PnH na Gudiña (M265-4)

O Abedulo, PnH en Pentes, A Gudiña (Cruz, 27)

Un derivado en *-ico*, sufixo diminutivo característico da zona (Alonso Núñez, 1996) é:

Os Bidulicos (*Bedolicos, Bedelicos, Bedulicos*), PnH en Hermisende (M304-2)

Un **Río Bedul** ou **Bidul** que non puidemos identificar na actualidade figura na documentación de Celanova:

«*rio de Betule*» (ano 936, CLN, nº 1218)

Parece pouco probable que algún dos topónimos que presentan estas formas poída ter orixe antropónima, a partir de nomes como *Betulio*, *Betilius* (Schulze, 23, 403, 406, 440), *Vetus* (Kajanto, 119bis, 302), *Vitulus* (Kajanto, 86, 329; Schulze 418) ou *Viturius* (Schulze, 260^a, 405), que así e todo poderían confluír nalgún caso cos fitotopónimos a partir da forma do xenitivo. Non puidemos identificar un topónimo que aparece escrito como **Bedur** no apelido dun «*frey Johan de Bedur*» da documentación de Montederramo (ano 1349, MdR, AHN Clero, Cpta. 1494, nº 20).

035.1d) *bidro*

Está presente esta forma en:

Fonte do Bidro, PnH en Avión (M186-2)

Os Bidros, PnH en Monterrei (M302-4)

035.1e) Outras formas

Poderíamos interpretar como unha variante **biro*, de *bidro*, a do topónimo:

Os Viros, EdP en Ourense

que debemos relacionar cun singular *Viro*, que figura no NG en Outes. Tamén podería pensarse nun deverbal de *virar*, sinónimo de *volta*, *revolta* e outros semellantes que aluden a curvas pronunciadas nos camiños. A realidade viaria do lugar chamado **Os Viros**, en Ourense, non contradí esta hipótese.

Un único exemplo topónimico de *bedugo* témolos en **Bedugos**, no concello de Abegondo. Ignoramos se corresponde a este *Bedugos* de Abegondo un topónimo non identificado que aparece na documentación antiga como *Bedulcos* en 1033, *Bedurgos* en 1133, *Bidurgos* en 1222 (Cañizares, p. 143), que semella representar un **BEDULICOS*, aínda que *bedugo* podería estar constituído por un sufixo *-UCU*, supostamente celta (cf. *teixugo*). Corominas cre que a forma *bedugo* constitúe un derivado regresivo de *bedugueiro*, variante de *bedueiro* (DCECH, 11, s.v. *abedul*).

Xa fixemos alusión a topónimos como **Vedro (Bedro)**, **O Vidreiro (Bedreiro)** e **Penavidreira**, para os que admitimos varias posibilidades etimolóxicas: ou ben teñen relación co adjetivo VĒTĒRU ou ben pertencen ós temas fitonímicos de *bido*, de *bredo* (vid. 034) ou de *vide* (vid. 228).

Anibal Otero (1953, p. 172) recolle unha denominación **budio** e localízaa en Aranga. Algúns dos topónimos aparentemente emparentados con *buda* ‘espadana’ (046b) poderían ser derivados desta variante do nome do bidueiro.

035.2. Bidueiro

Son moi frecuentes os derivados por medio do sufíxos *-eiro*, *-eira*. Dado que no territorio correspondente a *bidulo*, *bidul* non atopamos formas **biduleira* **biduleiro* e si formas co *-l-* intervocálico perdido (o mesmo acontece cos derivados en *-ALE* e *-ĒTU*), podemos pensar nun étimo **BETŪLE* para *bidul*, *bedul* e considerar que a forma *bedulo* actual non é propriamente unha variante de *bido*, *biduo* con extraña conservación do *-l-* senón unha variante de *bedul* con vogal paragóxica.

Algunhas variantes, na toponimia e na lingua común, presentan a forma *abidueiro* / *abidueira*, coincidentes no *a-* incial co castelán *abedul*. Un simple *a* protético explica estas variantes sen ter que recorrer ó «influjo de abeto, árbol más conocido y de hábitat semejante», como defende Corominas (DCECH, I, 11b), porque o abeto é especie insólita na flora de Galicia.

Temos a forma *bidueiro* < *BETŪLARIU* nos seguintes topónimos do territorio estudiado:

- O Bidueiro*, EdP en Cartelle
- O Bidueiro*, PnH en Nogueira de Ramuín (M188-3)
- O Bidueiro*, PnH entre Laza e Sarreaus (M264-4)
- O Bidueiro*, PnH en Vilardevós (M303-1)
- O Bidueiro*, PnH na Veiga (M228-2)
- O Bidueiro*, PnH en Trasmiras (M264-4)
- O Bidueiro*, PnH en Sandiás e Vilar de Santos (M264-1)
- O Bidueiro*, PnH en Rairiz de Veiga (M264-3)
- O Bidueiro*, PnH en Manzaneda (M227-2)
- O Bidueiro*, PnH en Lobios (M301-3)
- O Bidueiro*, PnH en Bande (M301-2)
- O Bidueiro*, PnH en Xinzo (M264-3)
- O Bidueiro*, PnH en Cualedro (M264-4)
- O Bidueiro*, PnH en Cualedro (M302-4)
- O Bidueiro*, PnH en Monterrei (M302-2)
- O Bidueiro*, PnH en Calvos de Randín (M301-4)
- O Bidueiro*, PnH en Manzaneda (M227-4)
- Campo do Bidueiro*, PnH entre Laza e Monterrei (M265-3)
- Canella do Bidueiro*, PnH en Muíños (M301-4)
- A Chan do Bidueiro*, PnH en Lobios (M336-1)
- Corga do Bidueiro*, CdA en Lobios (M301-3, M336-1)
- Coto do Bidueiro*, PnH en Lobios (M336-1)
- Marco do Bidueiro*, PnH en Calvos de Randín (M301-4)
- Regueiro do Bidueiro*, CdA na Rúa (M190-1)
- Río Bidueiro*, CdA en Rairiz de Veiga (M263-2, M264-1, M264-3)
- Bidueiros*, PnH en Riós (M303-2)
- Os Bidueiros*, PnH en Manzaneda (M228-1)

- Os Bidueiros*, PnH en Toén (M225-2)
- Os Bidueiros*, PnH en Verín (M303-1)
- Os Bidueiros*, PnH en Xinzo (M264-3)
- Os Bidueiros*, PnH na Gudiña (Cruz, 27)
- A Cruz de Bidueiros*, PnH en Riós e Vilardevós (M303-2)
- Porto dos Bidueiros*, PnH en Manzaneda (M227-2)
- Regueiro dos Bidueiros*, CdA en Vilar de Barrio (M265-1)
- Regueiro dos Bidueiros*, CdA en Verín (M303-1)

O NG recolle 10 (*O*) *Bidueiro* en Abadín, Friol, Narón, Ordes, Ourol, Paradela, As Pontes, San Sadurniño, Vilalba e Xermade; 13 (*Os*) *Bidueiros* en Agolada, Carballedo, Cesuras, Dozón (parr. e lug.), A Laracha, Narón (2), Ortigueira, O Saviñao, Sobrado, Taboada, Valdoviño e Vilalba. No DCP figura 1 *Vidueiro*.

Nos textos antigos atopamos amplamente documentado o *Bidueiros* de Dozón

- «*Dezon et de Sancta Maria de Biduarios*» (séc. XIII, OSR2, nº 1296)
- «*parrochia sante Marie de Bidoeyros in terra de Dezon*» (ano 1264, OSR2, nº 918)
- «*in ecclesia sancta Maria de Vidueyrus*» (ano 1268, OSR2, nº 959)
- «*frijguesia de Santa Maria de Bidoeyros*» (ano 1325, HGP, nº 130), etc.

035.3. Bidueira

O feminino correspondente a BETÚLARIA pode ter valor colectivo ou constituir simple denominación da árbore. Dado que na fala do territorio estudo a forma predominante é a masculina (*bidueiro*) para designar a árbore, concluímos que moitos dos topónimos *Bidueira* han de ter na súa orixe un significado colectivo, como sucede en *piñeira*, *salgueira* ou outros casos en que a denominación común da árbore é un derivado en *-eiro*. Temos este feminino en

- San Miguel de Bidueira*, parr. en Manzaneda (M227-2)
- Bidueira*, EdP en Manzaneda (M227-2)
- Bidueira*, PnH en Oimbra (M303-3)
- Bidueira*, PnH en Sarreaus (M264-2)
- A Bidueira*, PnH entre Calvos de Randín e Os Blancos (M302-1)
- A Bidueira*, PnH en Castro Caldelas (M189-3)
- A Bidueira*, PnH en Cualedro (M302-2)
- A Bidueira*, PnH entre Laza e Castrelo do Val (M265-3)
- A Bidueira*, PnH en Manzaneda (M227-2)
- A Bidueira*, PnH en Montederramo (M189-3)
- A Bidueira*, PnH no Pereiro de Aguiar e de Nogueira de Ramuín (M188-3)
- A Bidueira*, PnH en Rairiz de Veiga (M264-1)
- A Bidueira*, PnH na Teixeira (M189-3)
- A Bidueira*, PnH en Viana do Bolo (M266-1)
- A Bidueira*, PnH en Vilar de Barrio (M264-2)
- Cavorco da Bidueira ou da Lagúa*, CdA en Quiroga (M190-1)

- Pena da Bidueira*, PnH entre Amoeiro e Ourense (M187-4)
Regueiro da Bidueira, CdA en Viana do Bolo (M266-1)
Alto de Bidueiras, PnH en Montederramo (M227-3)
As Bidueiras, PnH en San Xoán de Río (M189-4)
As Bidueiras, PnH en Montederramo (M227-1)
As Bidueiras, PnH en Pantón (M188-2)

O NG recolle 2 **Bidueira** en Moeche e Ortigueira, **Bidueiras** en Becerreá, As formas con *a-* protético témolas en 2 **Abidueira** en Muras e 2 **Abidueiras** en Foz e Mondoñedo. No DCP figuran 2 **Bidoeira**, 2 **Vidueira** e 2 **Vidigueira** (cf. *Vidigal*) que parecen corresponder á variante galega (*a*)*bidugueira*.

O lugar e parroquia de **Bidueira** en Manzaneda atopámolo na documentación medieval coa forma actual: «**Bidueyra**» (ano 1274, MdR, ACO Perg. Monac. nº 1157); «*Gonçaluo Afonso de San Miguel de Bidueyra*» (ano 1448, VFD1, nº 75).

035.4. Bidual

Son igualmente numerosos os derivados en *-al* correspondentes a BETÚALE. Tamén os derivados mediante este sufixo perden o *-l-* intervocálico na zona de *bedul*, *bedulo*.

No territorio estudiado recollemos os seguintes:

- O Bidual*, EdP en Sober
O Bidual, PnH en Vilariño de Conso (M227-4)
O Bidual, PnH en Rubiá (M190-2)
O Bidual, PnH en Porto e Pías (M266-2)
O Bidual, PnH en Lubián (M266-4)
O Bidual, PnH en Castrelo do Val (M265-4)
O Bidual, PnH na Mezquita (M266-3)
O Bidual, PnH en Lobios (M301-3)
O Bidual, PnH en Chandrexá (M227-4)
O Bidual, PnH en Viana do Bolo (M228-3)
O Bidual, PnH na Veiga (M228-4)
O Bidual da Freixiña, PnH en Porto (M229-3)
Alto do Bidual, PnH en Chandrexá (M227-3)
Cavorco do Bidual, CdA en Rubiá (M190-2)
A Cruz do Bidual, PnH en Pías e Porto M266-2)
Monte do Bidual, PnH en Monforte e Sober (M189-1)
Río do Bidual, CdA en Monforte (M189-1)
Os Biduás, PnH en Monterrei (M302-4)
Os Biduás, PnH no Irixo e Beariz (M153-4)
Os Biduais, PnH en Lubián (M266-4)
Os Biduais, PnH na Veiga e Carballeda de Valdeorras (M228-2)
Cavorca dos Biduais, PnH na Veiga e Carballeda de Valdeorras (M228-2)

Atopamos un único exemplo duna forma *bidal* en
Outeiro do Bidal, PnH en Baltar (M302-3)

pero este segundo elemento semella máis ben un antropónimo *Vidal* (< VITALE).

No NG hai 3 ***Bidual*** en Cabana, Cereda e Ortigueira. No DCP, 2 ***Vidual***, 7 ***Vidigal*** (cf. *Vidigueira*).

No NG aparecen coa grafía ***Vedral*** dúas localidades nos concellos de Cervo e Frades e como ***Vidral*** outra en Outeiro de Rei; poderían corresponder a un ***bidral***, derivado da variante ***bidro***, ou ben ter outra orixe (vid. supra 034).

035.5. Biduedo, bidueda, biduído

Son igualmente numerosos os topónimos correspondentes ós derivados colectivos BETULÉTU, BETULÉTA:

- Biduedo***, EdP en San Cristovo de Cea (M187-2)
- Biduedo***, EdP en Nogueira de Ramuín (M188-1, M188-3)
- Biduedo***, Edp(n) no Bolo (M228-1)
- Biduedo***, PnH en Sober (M188-2, M188-4)
- Biduedo***, PnH en Cualedro, (M302-4)
- Biduedo***, PnH en San Cristovo de Cea (M187-2)
- O Biduedo***, PnH en Chandrexa (M227-1)
- O Biduedo***, PnH na Gudiña (M266-3)
- O Biduedo***, PnH en Monterrei (M302-4)
- O Biduedo***, PnH en San Xoán de Río (M189-4)
- O Biduedo***, PnH en Cartelle (M225-3)
- A Bidueda***, PnH en Manzaneda (M227-2)
- Cavorco de Biduedo***, PnH na Veiga (M190-4)
- Os Lameiros do Biduedo***, PnH na Pobra de Trives (M227-2)
- Os Poulos de Biduedo***, PnH na Veiga e Carballeda de Valdeorras (M190-4)
- Regato de Biduedo***, CdA en Nogueira de Ramuín (M188-1)
- Regato do Biduedo***, CdA en Monterrei (M302-4)
- Bidueda***, PnH en Laza e Sarreaus (M264-4)
- Os Biduedos***, PnH en Montederramo (M188-4)

O NG recolle ***Biduedo*** en Negueira de Muñiz, A Pobra de Brollón, Trabada e Triacastela; ***Bidueda*** en San Sadurniño (2 tops.); ***Biduído*** en Ames (parr., cos lugares de ***Biduído de Abaixo*** e ***Biduído de Arriba***), Cedeira, Ceredo, Ortigueira, As Somozas e Vilalba. No DCP hai 2 ***Beduído*** e 3 ***Viduedo***.

Posuímos documentación medieval do ***Biduedo*** de Nogueira de Ramuín:

«ubi miscet se rivulus qui venit de Pardelias ad illum qui venit per ***Biduedum***» (ano 1227, XEsP, nº 3)
 «da carta por que a aforou de ***Bidoedo***» (ano 1349, RdS, nº 75).

Do de San Cristovo de Cea:

- «*in villa de Palaciis de Biduedo*» (ano 1222, OSR1, nº 224)
- «*Laurencius Fernandi de Biduedo*» (ano 1254, OSR1, nº 716)
- «*Rodericum Alfonsi de Biduedo*» (ano 1256, OSR1, nº 763)
- «*Dominicus Fernandi de Biduedo*» (ano 1257, OSR1, nº 772)
- «*in Vidueodo (...) in ipso loco de Biduedo*» (ano 1257, OSR2, nº 795)
- «*de Biduedo sub parrochia sancte Eulalie de Pereda*» (ano 1257, OSR2, nº 795)
- «*in termino de Palacios de Bidoedo*» (ano 1267, OSR2, nº 950)
- «*o nosso erdamento que avemos en Biduedo*» (ano 1304, OSR2, nº 1317), etc.

A parroquia de *Biduído* de Ames atopámola no sec. XIV como «**Bedoydo**» (ano 1352, TzS, fol aR).

035.6. Bidueiral, bidouredo

Os derivados con dupla sufixación –ARIU + –ALE ou –ARIU + –ĒTU han de ser propriamente derivados colectivos a partir do nome da árbore con sufixo –eiro:

O Bidueiral, PnH en Manzaneda (M227-2)

Corgo do Bidoiral, CdA en Vilariño de Conso (M265-1)

O NG inclúe *Bidueiral* nas Pontes de García Rodríguez e *O Bidueiral* en Xermade. De ARIU + ĒTU temos un posible exemplo en *Bidouredo*, que figura no NG como parr. e lug. en Monterroso.

035.7. Biduela

Recollemos unha forma co sufixo –ela que podería ser un derivado diminutivo do nome da árbore ou más ben unha forma con dupla sufixación, diminutiva dun colectivo BETŪLĒTĒLLA e posterior redución haplolóxica **biduedela* > *biduela*:

A Biduela, PnH en Vilariño de Conso (M265-2)

Fraga da Biduela, PnH en Laza e Vilariño de Conso (M265-1)

Penedo da Biduela, unha parte da anterior (M265-1)

Corgo da Biduela ou de Forcadello, CdA en Vilariño de Conso (M265-2)

035.8. Biduíza

Derivados colectivos correspondentes a BETŪLĪCĒA son os seguintes:

A Biduíza, PnH en Paderne de Allariz, Esgos e Maceda (M226-1)

Coto da Biduíza ou da Birbiza, PnH en Paderne de Allariz (M226-1)

As Biduizas, PnH en Vilar de Barrio (M227-3)

E talvez derivado destas formas por medio dun segundo sufixo en -ALE o topónimo

O Bidozal (<*Biduizal*) na Gudiña (Cruz, 27).

036. *bieito*

O adjxectivo *bieito* (< BENEDICTU) co sufixo procedente de -ARIU forma a denominación de *bieiteiro*, nome do arbusto ou árbore que tamén recibe os nomes *sabugo*, *sabugueiro* e corresponde ó *Sambucus nigra*, da familia das umbelíferas. Sarmiento di de *bieiteiro* que é «voz común en Galicia para significar el *sabugueyro*, y *bieyteiras* a las viejas que con esos palos hacen curas» (*Vegetables*, 1085). Non atopamos nos dicionarios galegos unha forma equivalente sen sufixo, **bieito*, non sendo en Eladio Rodríguez, que recolle de Aníbal Otero un *bieito* co significado de «retoño» (DEGC III, 473). En Asturias, non obstante, si atopamos *benitu* co significado de «saúco» (Sánchez Vicente, 93). De existir unha forma equivalente en galego, podería ser fitopónimo un

O Bieito, PnH na Pobra de Trives (M227-2)

que en principio debemos considerar antropotopónimo, procedente do mesmo étimo BENEDICTU.

Son antropónimos os *Bieite* que recolle o NG (algúns escritos tradicionalmente con V– non etimolóxico) en Boimorto, Coristanco (B. de Arriba e B. de Abaixo) e Outeiro de Rei, procedentes do xenitivo BENEDICTI, e tamén os plurais (*Os*) *Bieites* (*Vieites*) da Estrada e Ordes, que son propiamente o patronímico de *Bieito*. Tamén é antropónimo o segundo elemento de *Casalbieito* (Boqueixón); é probablemente un adjxectivo BENEDICTA ‘bendita’ o de *Fontebieita*, en Vilarmaior. Non hai no DCP topónimos semellantes, pois o portugués ten para BENEDICTU o resultado *Bento*.

Han de ser fitonímicos 2 *Bieiteiras*, en Cedeira e en Moeche, e 2 *Bieiteiro* nas Somozas e Valdoviño, os catro localizados nunha área reducida do N da provincia da Coruña.

037. *bión*

Co nome de *bión* coñécese na Limia certa variedade de xunco «un tanto arqueado y no recto del todo» (Crespo Pozo, NCVCG II, 506); e a mesma lagoa da Antela, onde esa especie medra, é coñecida tamén co nome de *Bión*. O nome *Belione* que Estrabon recolle como un dos nomes do río Limia é en realidade, segundo E. Rivas (1994, p. 165), erro gráfico por *Bedione* ‘lagoa encharcada’; e

para este autor esta forma, que dá nome á lagoa e mais á planta que nela medra, remonta a unha raíz hidronímica *BED– (vid. *infra buda* 046b). Témola en dous topónimos do territorio estudo. Un deles localízase na propia Veiga da Antela, e é o mesmo topónimo comentado por Rivas:

O Bión, Edp(n) en Nogueira de Ramuín (M188-2)

O Bión, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)

Descoñecemos se ten relación con estes o segundo elemento de

Penabión, PnH en Sober (M188-2)

038. *borraxa, borraxe*

O galego *borraxa* designa a *Borrago officinalis*, «planta herbácea anual o vivaz, de la familia de las borragináceas» (DEGC, I, 378), e corresponde ó cast. *borraja* e ó port. *borragem*. O étimo desta voz é controvertido. Segundo Corominas, procede dun baixo latín BORRAGO,-᷑NIS, e este sería palabra tomada del árabe vulgar *bu'araq* (ár. cl. 'ábu'áraq) 'padre del sudor', 'sudorífico', polas propiedades sudoríferas da planta (DCECH, I, 632). Outros autores como Diez e Gröber prefieren partir dun étimo emparentado con *burra*, *borra* 'la groseira', voz probablemente prelatina, «por el vello que cubre las hojas de la planta» (cit. por Corominas, id. *ibid.*). Esta é tamén a etimoloxía proposta por J. P. Machado (DELPI, s.v. *borragem*).

Segundo Corominas, que data as primeiras documentacións en castelán no século XV, «debió ya existir en la Edad Media esta forma del latín moderno botánico» (DCECH, I, 632).

Dado que en Galicia algúns dos aparentes derivados topónimos desta voz aparecen documentados no século XIII, podemos dubidar da etimoloxía e a cronoloxía propostas por Corominas, ou ben admitir que existe confluencia con outras familias léxicas (fitonímicas ou non) na toponimia galega. A principal destas é a emparentada con *borrea*, *borréen* “montóns de maleza que se queiman despois das rozas” e con *borralla*, *borrallo* ‘cinza’, e mais co cast. *borrajo* ‘res-coldo’, que Corominas supón derivado dun dialectal *aburar* ‘quemar’, contamulado foneticamente por *borra* (DCECH, I, 633).

Ademais da herba chamada *borraxa* ou *borraxa común*, a *Borrago officinalis*, existe tamén outra variedade silvestre, «la que en Castilla llaman lengua de buey» (DEGC, I, 379), que ha de ser a mesma especie para a que P. Sobreira

dá os nomes de *borraxa brava* e *borraxón*, localizando estas denominacións en Tabeirós e Ribadavia, respectivamente (*Papeletas*, 417; *Botánica*, 245).

Dos derivados desta voz, os dicionarios galegos recollen *borraxeira* «plantío de borraxas» (DEGC, I, 379).

038.1. Borraxa, borraxe

Entre as formas simples que recollemos atopamos alternancia *-a*, *-e*, que non ofrece dificultades pois o supostamente etimóxico *borraxe* pode alterarse normalmente en *borraxa* tratándose dunha forma feminina (cf. na toponimia *paraxe* / *paraxa*, etc.). Con todo, debemos manter as nosas reservas sobre a consideración de fitotopónimos para estas formas.

A Borraxa, PnH en Sarreaus (M264-2)

Outeiro da Borraxa, PnH en Calvos de Randín (M301-4)

Borraxas, EdP en Boborás

As Borraxes, PnH en Carballeda de Valdeorras (M190-4)

Poula das Borraxes, PnH en Carballeda de Valdeorras (M190-4)

Prados das Borraxes, PnH en Carballeda de Valdeorras (M228-2)

Regato das Borraxes, CdA en Carballeda de Valdeorras (M228-2)

Maiores dificultades de interpretación presentan os correspondentes masculinos. X. R. Cruz recolle na Gudiña o uso de *borraxo* como «*certa planta herbácea de flores azuis*» (Cruz, 19). Tamén poderían non ser fitonímicos e estar relacionados con *borrea*, *borrela*, *borréen*, etc. Son

Borraxos, EdP en Nogueira de Ramuín

O Borraxo, PnH en Calvos de Randín (M301-4)

O Borraxo, PnH en Cualedro (M302-4)

Regato Borraxo, CdA en Cualedro (M302-2)

Os Borraxos, PnH en Baltar (M302-1)

Os Borraxos, PnH en Castrelo do Val (M265-4)

Os Borraxos, PnH na Gudiña (M266-3)

Alto de Borraxos, PnH en Viana do Bolo (M228-3)

Algún deles poderían ter orixe antropónima, dado o uso de *Borraxo* como apelido ou sobrenome, que atopamos documentado polo menos desde o século XV nun «*Gomez Vorrajo*» do ano 1499 (HGP, nº 89).

038.2. Borraxeira, borraxeiro

O derivado por medio do sufíxio correspondente a *-ARIU*, *-ARIA* témolo en:

A Borraxeira, EdP en Ourense

A Borraxeira, PnH nos Blancos (M302-1)

- A Borraxeira*, PnH en Sarreaus (M264-4)
Borraxeiro PnH en Lobios (M336-1)
Borraxeiros, PnH na Peroxa (M188-1)
Penedo Borraxeiro, PnH en Carballeda de Valdeorras (M190-4)
Regueiro Borraxeiro, CdA en Carballeda de Valdeorras (M190-4)

O NG recolle lugares chamados *Borraxeiros* nos concellos pontevedreses de Agolada, A Cañiza e Ponteareas (2 tops.). O primeiro deles atopámolo adoito na documentación medieval:

- «*domnus Rodericus Petri de Borrageiros*» (ano 1255, OSR1, nº 742)
 «*Gonçalo Peres de Borrageiros*» (ano 1389, FDU, nº 252)
 «*Jacome de Borrageiros*» (ano 1434, FDU, nº 298)
 «*Tareyja de Borrageiros*» (ano 1434, FDU, nº 298)
 «*Taareyja de Borrageiros*» (ano 1442, FDU, nº 322 bis)
 «*morador en terra de Borrajeiros*» (ano 1442, FDU, nº 322 bis)

039. *bosque*

O substantivo *bosque*, que designa unha extensión grande de arborado, é voz de orixe xermánica de tardía penetración na península (Aebischer, 1948, 77-83; Corominas DCECH, I, 636). Non ten moito arraigo na toponimia galega e os topónimos en que está presente han de ser relativamente recentes. O seu significado estivo ocupado por sinónimos como *mato*, *mata* (vid. 149), *silva* (v. 211) e, nalgúns árees, *fraga* (pois na toponimia do territorio estudiado *fraga* é ‘penedo’). Temos a voz *bosque* nos seguintes exemplos:

- O Bosque de Ourantes*, PnH en Punxín (M187-3)
O Bosque, PnH en Punxín (M187-4)
O Bosque, PnH nos Blancos (M302-1)
O Bosque, PnH en Carballedo (M188-1)
O Bosque, PnH en Viana do Bolo (M228-3)
O Bosque, PnH na Veiga (M228-4, M228-1)
O Bosque, PnH en Ourense (M226-1)
O Bosque, PnH en Cualedro (M302-4)
O Bosque, PnH en Xinzo de Limia (M302-2)
Lombo do Bosque, PnH en Hermisende (M304-2)
Os Bosques, PnH en San Cibrao das Viñas (M226-1)
Os Bosques, PnH en Xinzo de Limia e Sandiás (M264-3)

E con moitas reservas interpretamos como posibles derivados en *-eira* dous topónimos:

- Bosqueira* PnH en Porqueira e Xinzo de Limia (M264-3)
Bosqueiriña ou Busqueiriña, PnH en Sandiás (M264-1)

pois sendo infrecuente o simple *bosque*, que é como dixemos voz de introdución recente, menos verosímil resulta a insólita derivación en *-ARIA* dunha palabra que de por si xa é un colectivo.

O NG recolle ***Bosque*** ou ***O Bosque*** en Arteixo, Bergondo, Cabana (a capital do concello), Ferrol, Monforte e O Saviñao. No DCP non figura ningún topónimo pertencente a este tema léxico, alleo ó portugués.

040. *boulla*

Eladio Rodríguez define o substantivo *boulla* como «Excrecencia o verruga que se forma en los árboles» (DECG, I, 385), e E. Rivas recólleo en Marín co significado de «la excrecencia del roble» (Rivas, 1982, 112), polo que é sinónimo de *bugallo* (vid. 047). Carré tamén recolle outro significado fitonímico para o seu correspondente masculino *boullo*, que define como «manzana agria», e o seu derivado *boulleiro* como «árbol que da boullos». Os topónimos en que aparentemente están presentes estas formas ou os seus derivados poderían ser non obstante hidrotopónimos emparentados con *boullón*, «sitio en que nace agua burbujeando» (Rivas, 1982, 112), «borbollón, erupción que hace el agua al hervir con algún ruido» (DECG, I, 385). Tanto un significado coma o outro poderían estar relacionados co lat. *BULLA* «vejiga, protuberancia» (Rivas, id. ibid.). No territorio estudiado, os significados hidronímicos están representados principalmente por formas derivadas dunha variante (?) monotongada *bull-* (*Bulleira*, *Bulleiro*), e podemos afirmar que nas áreas en que *lama*, *lameiro*, *lameira* teñen o significado de ‘prado’, praticamente en todo o territorio estudiado, é *bulleiro* o común que serve para designar o que no resto de Galicia se denomina *lama*, *lameiro* e *lameira*. Non podemos garantir, con todo, que non sexan igualmente hidronímicos os topónimos coa variante *boull-*.

No territorio estudiado localizamos os seguintes:

Boulla, EdP en Cea.

Boullanzo, PnH en Lubián (M266-4)

Vilamaior da Boullosa, EdP e parr. (*Santa María*) en Baltar (M302-1)

Regato da Boullosa, CdA en Cartelle (M225-1)

O segundo presenta probablemente un sufíxo ou segundo elemento de orixe prerromana **ANTIU*; os dous últimos, o sufíxo abundancial *-OSU*, *-OSA*.

O NG recolle outro lugar denominado ***Boullosa*** no concello de Vilaboa, e o correspondente masculino ***Boulloso*** no da Pontenova. Non hai DCP topónimos semellantes.

041. *bouza*

Bouza é unha palabra galega de orixe prerromana, viva no léxico común e moi presente na toponimia. No territorio estudiado ten o significado de ‘terreo inculto, con maleza, toxos, xestas, uces’. Esta é a acepción usual que figura nos dicionarios galegos. Así, «matorral, campo o monte inculto lleno de matas y malezas» en Carré, «matorral, jaral» en Cuveiro e Valladares; «terreno cercado en que crecen árboles de varias clases, como pinos, castaños y robles, y por abajo tojos, UCES, matas, etc.», «porción de terreno que está a monte; dehesa, tierra inculta que está convertida en matorral y llena de malezas» en DEGC e en Franco Grande. Existen outras acepcións próximas a estas, como a de «terreo desmontado para sementar», vivo en Pantón, onde *facer unha bouza* é roturar o monte para sementar cereal (Palacio, 1981, 197). Ten paralelo no portugués *bouça*, *boiça* e o leonés *boza* ‘matorral’ (DCECH, I, 747 s.v. *calabozo*).

E. Rivas defineo como «terreo húmedo, fondo, con herbazal ou matorreira, inculto» (Rivas 1994, 43-44), facendo prevalecer como sema principal o da humidade en apoio da súa etimoloxía hidronímica, que o emparenta con *balsa*. Dun xeito semellante, Sarmiento definía *bouza* como «en donde pacen los bueyes» (*Catálogo*, 212 r) porque consideraba que derivaba de *busto*, e este de *bos*.

A etimoloxía de *bouza* é controvertida. Piel (1954b) revisa as principais hipóteses propostas: A latina, defendida por Gonçalves Viana e dada por boa por Meyer-Lübke, propugna como étimo o adx. BALTĒUS, -ĒA ‘o que cingue’; é a aceptada por J. P. Machado no DELP, pero rexeitada por outros autores. H. Meier defende a mesma hipótese sustentada por Sarmiento, que emparentaba *bouza* con *busto*, e sostén que *bouza* é un deverbal de *BUSTIARE ‘queimar’. Piel rexeita esta explicación porque non hai constancia da existencia dese verbo, en tanto que o substantivo correspondente a *bouza* aparece nas fontes mais antigas (Piel, 1954b, pp. 23 e ss); Piel achega ademais unha razón fonética: de *BUSTIARE agardariamos *boiçar, *boiça*; e é certo que *boiça* é forma portuguesa, pero as más antigas formas documentadas desta palabra, anteriores ó ano 1000, ofrecen unicamente formas con *-au-*. «Todo aboga para que *-au-* en el latín medieval *bauza* sea originario», e como «en la esfera de la terminología agrícola latina no hay ninguna expresión que convenga a nuestro término, es obvio pensar en un sustrato galaico». Tamén Krüger propuxera un étimo prerromano *bauttia (Krüger 1950, 241). Máis recentemente, E. Rivas propón unha etimoloxía igualmente prerromana (dun substrato preindoeuropeo euroafricano), ó empa-

rentar *bouza* con *balsa* e consideralos hidronímicos (Rivas 1994, 43-44), o que presenta dificultades fonéticas e semánticas.

En intervención oral, no coloquio que seguiu á nosa lectura do relatorio sobre a toponimia de Chantada durante o Congreso do ILGA de 1996, o prof. Luís Monteagudo emparellou as voces prerromanas *bouza* e *touza*, vindo a dicir que os semas que as opoñen se refiren a *baixo* e *alto*, respectivamente, é dicir, monte baixo e bosque. Tamén Sarmiento emparellara estas voces: «*Touza*. Nombre antiguo y que hoy se usa; es casi lo mismo que *bouza*, salvo que la *bouza* no es cerrada, y la *touza* es como cerrada» (*Catálogo*, 105v-10r); «*Touza*. Aplícase a lana, pelo, cabello, copete, etc.: tiene una hermosa touza de pelo [...] *Touza*. Se llama un bosque cerrado» (*Catálogo*, 429)». Con todo, como dixemos, Sarmiento defendía a etimoloxía que vincula *bouza* con *busto*: “viene de *bustum*” (*Catálogo*, 106 r), “de busta, en donde pacen los bueyes” (*Catálogo*, 212 r).

041.1. Bouza, bouzas

A forma simple, adxectivada ou cun complemento con preposición, está presente nos seguintes topónimos do territorio estudiado:

- A Bouza*, EdP en Beariz
- A Bouza*, EdP en Cartelle
- A Bouza*, EdP en Castrelo de Miño (a precedente, repartida en 2 cllos.; M225-1)
- A Bouza*, EdP en Ourense
- A Bouza*, EdP en Viana do Bolo
- Bouzadrago*, EdP en Entrimo
- Bouzalonga*, EdP na Peroxa
- A Bouza*, PnH en Amoeiro e Punxín (M187-4)
- A Bouza*, PnH en Calvos de Randín (M302-3, M301-4)
- A Bouza*, PnH en Castrelo do Val (M303-1)
- A Bouza*, PnH en Cenlle (M187-3)
- A Bouza*, PnH en Cualedro e Monterrei (M302-2)
- A Bouza*, PnH en Cualedro e Sarreaus (M264-4)
- A Bouza*, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
- A Bouza*, PnH en Manzaneda (M227-4)
- A Bouza*, PnH en Monterrei (M303-1)
- A Bouza*, PnH en Muíños (M301-2)
- A Bouza*, PnH en Oímbra (M302-4)
- A Bouza*, PnH na Veiga (M228-4)
- A Bouza*, PnH en Vilardevós (M303-4)
- A Bouza*, PnH en Pantón (M188-2)
- A Bouza Alta*, PnH en Vilardevós (M303-4)
- A Bouza Fría*, PnH en Chandrexa de Queixa (M264-2)
- A Bouza Fría*, PnH en Trasmiras (M264-4)
- A Bouza Fría*, PnH en Vilar de Barrio (M264-2)
- A Bouza Fría*, PnH en Xunqueira de Ambía (M226-4)
- Bouza Fría*, PnH en Nogueira de Ramuín (M188-3)

- Bouza Fría*, PnH en Vilamarín (M187-2)
A Bouza Grande, PnH na Veiga (M228-2)
A Bouza Vella, PnH no Barco de Valdeorras (M190-4)
A Bouza Vella, PnH en Oímbra (M303-3)
A Bouza Vella, PnH en Parada de Sil (M189-3)
Ladeiras da Bouza, PnH na Gudiña (M265-4)
O Ceo da Bouza, PnH en Beariz (M186-2)
Regato da Portela da Bouza, CdA en Monterrei (M303-1)
Regato de Val da Bouza, CdA en Cualedro e Sarreaus (M264-4)
Rego da Bouza, CdA en Calvos de Randín (M301-4)
Val de Bouza, PnH en Riós (M303-2)
Val de Bouza, PnH en Sarreaus (M264-4)
A Bouza da Barra, PnH en Melón (M224-4)
Regato da Bouza de Cristo, CdA en Hermisende (M304-2)
Grallas de Bouzadrago, PnH en Entrimo (M301-1)
Monte de Bouzadrago, PnH en Entrimo (M301-1)
Bouza do Fondo, PnH en Cea (M154-4)
Bouza do Gaiteiro, PnH en Petín (M190-3)
A Bouza da Galiña, PnH en Melón (M224-2)
Bouza do Prin de Pazos, PnH en Cea (M187-2)

O NG recolle 39 localidades chamadas *Bouza* ou *A Bouza*. Ademais, *Bouza da Cabra* (Valdoviño), *Bouza da Fonte* (A Guarda), *Bouza da Pena* (2 tops. en Fene), *Bouza da Viña* (Lourenzá), *Bouza de Mouros* (Curtis), *Bouza de Padrón* (Cambados), *Bouza do Home* (Cotobade), *Bouza do Rei* (Cambados), *Bouza do Viso* (Salvaterra), *Bouzaboa* (2, Friol e A Caniza), *Bouzafría* (Tomiño), *Bouzalonga* (3, en Orosa, Ponteareas e Pontedeume, ademais do noso da Peroxa), *Bouzamaior* (2, Monfero e San Sadurniño), *Bouzapanda* (*panda* ‘inclinada’ en Salceda de Caselas), *Bouzarrara* (*rara* ‘pouco mesta’, en San Sadurniño), *Bouzarredonda* (Neda), *Bouzavalada* (< VALLATA, en Tui), *Bouzavedra* (Salceda de Caselas), *Bouzavella* (2 en Castro de Rei, 1 en Nigrán). En *Bouzamonte* (Frades) e *Bouzanogueira* (Carballo) perdeuse probablemente un nexo preposicional, o mesmo ca en *Bouzarroma* (Zas), se o segundo elemento é o xermanismo ROMA ‘construcción’ (cf. *Santa Cia de Roma*, veciña deste *Bouzarroma*). En *Bouzamelle* (Vilalba) e *Bouzamerelle* (Tordoia) temos un segundo elemento antropónimico. Posiblemente tamén en *Bouzamar* (< -AMARI, a -MARI?, na Estrada). O segundo elemento de *Bouzarán* (Tordoia) pode ser un oronímico prerromano Arán; en *Boucillao* (Cospeito), o antropónimo IULIANO.

E formas do plural:

- As Bouzas*, EdP en Allariz
Bouzas, EdP en Baños de Molgas
As Bouzas, EdP en Castrelo de Miño
Bouzas, EdP en Lobios
Bouzas, EdP en Maceda
Bouzas, EdP en Maside
Bouzas do Lago, EdP en Maside
Bouzas, EdP na Merca
Bouzas, EdP en Parada de Sil

- Bouzas*, EdP en Vilamarín
Bouzas Vedras, EdP na Peroxa
Bouzas de Fondo, EdP no Pereiro de Aguiar
Casa de Bouzas, Edp(n) no Pereiro de Aguiar
Bouzachás, EdP en Ourense.
- As Bouzas*, 18 PnH en Bande (M301-2), Os Blancos (M302-1), Carballeda de Valdeorras (M190-2), Chandrex de Queixa (M227-4), Larouco (M190-3), Laza (M227-3), Monforte (M189-1), Nogueira de Ramuín (M188-1), Oímbra (M302-4), Pantón (M188-2), Piñor de Cea (M154-3), Pobra de Trives (M227-2), San Xoán de Río (M189-4), A Veiga (M228-1, M228-2), Vilamarín (M1872), Vilardevós (M3034) e Xinzo de Limia (M264-4)
- Bouzas*, 5 PnH en Monterrei (M303-1), Pantón (M188-2), O Pereiro de Aguiar e Nogueira de Ramuín (M188-3), A Veiga (M190-4) e Verín (M303-1)
- Alto das Bouzas*, PnH en Vilar de Barrio (M227-3)
- Campo das Bouzas*, PnH en Carballedo (M188-1)
- Corgo das Bouzas ou do Folgueiro*, CdA en Vilar de Barrio (M227-3)
- Lama das Bouzas*, PnH en Chandrex de Queixa (M227-1)
- Pinar das Bouzas*, PnH en Piñor de Cea (M154-3)
- Tapada de Bouzas*, PnH en Nogueira de Ramuín (M188-3)
- Valdebouzas*, PnH en Beariz (M186-2)
- Mina de Valdebouzas*, PnH en Beariz (M186-2)
- Val das Bouzas*, PnH en Castrelo do Val (M265-4)
- A Poula das Bouzas*, PnH en Porto (M228-4)
- Poza das Bouzas*, PnH en Bande - Rairiz de Veiga (2634)
- Regato das Bouzas*, 3 CdA en Cartelle (M225-2), Laza (M265-1), Melón (M224-2)
- Regueiro das Bouzas*, 3 CdA en Baños de Molgas (M226-4), O Barco (M190-4) e A Veiga (M228-2).
- Río de Bouzas*, CdA en Melón e A Cañiza (M224-4)
- Tapada de Bouzas*, PnH en Nogueira de Ramuín (M188-3)
- As Tapadas das Bouzas*, PnH en Vilariño de Conso (M227-4)
- Bouzas de Ramilo*, PnH na Veiga (1904)
- Bouzas do Reboredo*, PnH en Sober (M188-2)
- Bouzas Vellas*, PnH en Vilardevós (3034)

Nos textos medievais rexistramos o común *bouza* cun significado de ‘terra inculta’ e documentamos algúns dos topónimos recollidos:

- «*terras cultas vel incultas, bauzas et omnem medietatem*» (ano 939, CLN, nº 221)
 «*in villare de Mulieres mea ratione in domos et bauzas*» (ano 947, CLN, nº 567)
 «*inter bauza que comparastes de Gondesindo et strada*» (ano 964, CLN, nº 379)
 «*terras cultas et incultas cum suas bauzas et limitibus suis*» (ano 975, CLN, nº 514)
 «*cum terris, pumares, saltos, bauzas, piscarias*» (séc. X, CLN, nº 91)
 «*et de illas Bauzas X^a integra*» (ano 1007, CLN, nº 198)
 «*in Bouças de Rebordello*» (ano 1093, BCMO, T2, p. 407)
 «*et illas bauzas quas comparavit ille abbas Aloytus*» (ano 1011-1045, CLN, nº 83)
 «*Bauzas in capite de bolonio*» (ano 1092, Lvcensia, p. 143)
 «*et per bauzam de menendo manaldiz*» (ano 1133, BCM, T6, p. 431)
 «*et ipsa de Bouza quomodo dividit per regum*» (ano 1219, OSR1, nº 186)

- «*bouza de Baralla*» (ano 1225, OSR1, nº 265)
 «*ad Bouzas de Grizoso*» (ano 1227, XEsP, nº 3)
 «*in loco qui dicitur Bauzas*» (ano 1232, RdS, nº 33)
 «*in Melees, in loco qui vocatur Bouza media*» (ano 1251, ROC, nº 27)
 «*polo marco de Souto da Bouça Canposa*» (ano 1252, VFD1, nº 4)
 «*hereditatem nostram quam dicitur Bouza Bona*» (ano 1252, BM, p. 120)
 «*et per portum de Bouza Bona*» (ano 1252, BM, p. 120)
 «*Bozafrigida, sub parrochia sancte Marie de Arravaldo*» (ano 1256, OSR1, nº 767)
 «*per regarium de Bouzafrigida*» (ano 1256, OSR1, nº 767)
 «*ad directum castenarie de Bouzafrigida*» (ano 1256, OSR1, nº 767)
 «*et per Laguoam de Buza Vetera*» (ano 1257, OSR2, nº 789)
 «*per lagonam de Bouza Vetera*» (Ano 1259, OSR2, nº 849)
 «*de bouza de Almoyti quartam partem panis*» (ano 1267, ROC, nº 32)
 «*ad torum castinarii de Bouza Frigida*» (ano 1269, OSR2, nº 966)
 «*leyre de Bouça*» (ano 1271, MdR, ACO Perg. Monac. nº 1052)
 «*aquella mina vina que chaman de Bouza*» (ano 1274, BM, p. 122)
 «*o nosso quinõ que chamã de Bouça d'Eya*» (ano 1289, HGP, nº 105)
 «*da herdade que chamã de Bouça Ffria de Ssusáá*» (ano 1289, HGP, nº 105)
 «*o meu agro que chaman de Bouça*» (ano 1332, FDU, nº 125)
 «*alende o outro agro de Bouça que ora laura Pero Eanes*» (ano 1332, FDU, nº 125)
 «*outra nosaerdade que chaman da Bouça bona*» (ano 1342, RAM, nº 302)
 «*outra nosa herdade de Bouçameá*» (ano 1351, ROC, nº 90)
 «*que vay topar enno camino de Bouça Xorda*» (ano 1389, ROC, nº 125)
 «*do feal da Bouça das terças*» (ano 1399, FDU, nº 258)
 «*â Bouça das terças cinco millarias*» (ano 1399, FDU, nº 258)
 «*con a leyra de Bouçafría*» (ano 1407, RdS, nº 111)
 «*a setima da bouça coroa e o tallo das Caruallas*» (ano 1433, FDU, nº 289)
 «*Item a bouça das terças*» (ano 1433, FDU, nº 289)
 «*monte de Bouzas Chaas*» (ano 1472, ROC, nº 408)
 «*moradores en Bouça Vedra*» (ano 1482, MdR, AHN Clero, Cpta. 1504, nº 14)
 «*ao marco que esta embaijo a Lama da Bouza*» (ano 1493, XEsP, nº 60)
 «*anta de pedra que esta enos pozos da Bouza*» (ano 1493, XEsP, nº 60)
 «*monte de Bouçachaa*» (ano 1494, ROC, nº 343)
 «*Bouza Xorda*» (ano 1495, ROC, nº 346)
 «*Bouzas Chaas*» (ano 1495, ROC, nº 348)

O NG recolle 32 entidades chamadas *Bouzas* ou *As Bouzas*. Ademais, *Bouzas de Abaixo*, *Bouzas de Arriba* na Cañiza, *Bouzaschás* en Cervo e *Bouzachás* en Palas de Rei (equivalentes do noso *Bouzachás* do cllo. de Ourense). O DCP recolle 93 *Bouça* e 46 *Bouças*, 6 *Boiça*, 1 *Boiças*, xunto con numerosos *Bouça*, *Bouças* + (de) + segundo elemento.

041.2. Bouzo, bouzos

O masculino *bouzo*, menos común ca *bouza*, ten os mesmos significados: terreo con árbores e matorral. Na documentación antiga lemos «*haa leyra do*

Bouço con todas las sitas árvores que están en ela» (ano 1417, RdS, nº 118). Palacio suxire a posibilidade de que a diferenza entre *bouzo* e *bouza* se refira ó tamaño (1981, 199). Temos esta forma en

O Bouzo, EdP en Baltar.

O Bouzo, Edp(n) en Avión (M186-2)

O Bouzo, Edp(n) na Peroxa (M188-1)

O Bouzo ou **Bouzo**, 14 PnH nos Blancos (M302-1), Coles (M188-3), A Peroxa (M188-1), Rairiz de Veiga (M264-1, M264-3, M263-4) Sandiás, (M2641), Sarreaus (M264-2, M264-4), Sober (2 tops. M188-2, M188-4), Verea (M263-2) e Xunqueira de Ambía (M226-3).

A Granxa do Bouzo, PnH en Baltar (M302-2)

A Praza do Bouzo, PnH en Sarreaus (M264-2)

Os Bouzos, PnH en Sober (M189-1)

Alto dos Bouzos, PnH en Sober (M189-1)

Os Bouzos de Vilar, PnH en Monterrei (M303-1)

Máis dubidosos son

Bozqueimado, EdP en Chandrex de Queixa

A Fraga de Bozqueimado, PnH en Chandrex de Queixa (M227-1)

Podería tratarse dun **Bouzo Queimado**, con redución do ditongo ó quedar en sílaba trabada por sibilante (*bouz-*) trala perda da vogal final do primeiro elemento. En tanto non dispomos de documentación que o dilucide, parece máis probable que o primeiro elemento non sexa *bouzo*, senón *busto* (*Busto Queimado*), coma noutros topónimos paralelos (vid. 048.1).

Na documentación antiga que manexamos, a forma masculina *bouzo* aparece máis tardivamente có correspondente feminino:

- «herdade da Garduñeyra e **do Bouzo** e de Coua de Lobo» (ano 1302, VFD1, nº 38)
- «vinas **dos Bouços**» (ano 1333, MdR, AHN Clero, Cpta. 1493, nº 9)
- «polla **praça do Bouço**» (ano 1340, MdR, AHN Clero, Cpta. 1494, nº1)
- «item çinquo enxertos **aos Bouços**» (ano 1370, RdS, nº 87)
- «a nossa **leyra de Bouço Bellulfe**» (ano 1385, RdS, nº 96)
- «vos aforamos ende haa **leyra do Bouço**» (ano 1417, RdS, nº 118)
- «vina **do Bouço**» (ano 1438, MdR, AHN Clero, Cpta. 1501, nº 1)
- «Afonso **do Bouço**» (ano 1448, VFD1, nº 75)
- «deyra **do Bouço**, que jas ñeno Eyvedo» (ano 1450, MdR, AHN Clero, Cpta. 1502, nº 10)
- «môte **do Bouço**» (ano 1475, MdR, AHN Clero, Cpta. 1504, nº 2)
- «e parte de hua parte con o **souto do Booço**» (ano 1498, RdS, nº 268)
- «per lo outeyro de par do **Val do Booço**» (ano 1502, RdS, nº 270)

E un derivado en -ÓNE **Bouzón**:

«**Martinus Bouzon**» (ano 1248, OSR1, nº 609)

«eno logar que chamã o **Bouçō** que iaz a par da Gestossa» (ano 1289, HGP, nº 105)

«mas vna orta que esta ao **porto de Bouçon**» (ano 1516, FDU, nº 402)

O NG recolle 2 lugares denominados **O Bouzo** (Vigo e Salvaterra de Miño) e 3 **Bouzón** (Sanxenxo, Tomiño e Tui), co sufijo correnspondente a -ÓNE. O DCP recolle 1 **Boiço**, 4 **Bouços**, 1 **Boução** e 2 **Bouzões** [sic].

041.3. Bouzoa

O diminutivo por medio do suf. -ÓLA témolo en

Bouzoás, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)

co despazamento acentual -oa > -oá característico da maior parte do territorio estudiado.

Palacio (1981, 199) recolle un **Bouzoa** en Pantón, concello polo que pasa a isoglosa -oa / -oá (máis ó leste, no mesmo concello, existe a entidade de *Ferreiroá*). No NG figuran 6 **Bouzoa** en Abegondo, Pol, Taboada (nome de parroquia, cos lugares de *Bouzoa de Riba* e *Bouzoa de Baixo*) e Vilarmaior.

Na documentación antiga rexistramos:

«*in ecclesia sancti Verissimi de Bouzua*» (ano 1238, OSR1, nº 436)

«*Johannes Petri de Bouzoaa*» (ano 1256, OSR1, nº 764)

«*de duobus casalis in villis de Bouzoa et de Serzedaa*» (ano 1260, OSR2, nº 876)

«*unum casale in Quirzam et alterum in Bouzoaa*» (ano 1263, OSR2, nº 902)

«*octavam partem unius casalis de Bouzoaa*» (ano 1252, OSR1, nº 683)

«*et de parrochia de Bouzoaa*» (ano 1254, OSR1, nº 718)

«*Domingo lohannis clero de Bouzoaa*» (ano 1271, OSR2, nº 987)

«*villa que vocatur Bozoaa cum omnibus terminis*» (ano 1272, OSR2, nº 1014)

«*frey Martin Eanes de Vouzoaa*» (ano 1282, OSR2, nº 1162)

«*no vosso casar de Bouçoaa*» (ano 1286, OSR2, nº 1181)

«*na villa de Bouçoaa*» (ano 1286, OSR2, nº 1181)

O **San Breixo (Bréixemo) de Bouzoa** dos documentos debe ser a actual parroquia de **Bouzoa** (*San Xoán*) en Taboada, con cambio de advocación. Tamén ha de ser esta parroquia o **Baucola** que rexistramos nun documento lugrés do ano 1093 (*Lvcensia*, p. 143), onde o c ha de representar un ç.

O NG recolle 3 **Bouzós** en Baiona, As Neves e Vigo. É a solución do galego suroccidental (tudense e das Rías Baixas) e tamén a do portugués común -ÓLA > -oa > -oo > -ó. No DCP figuran 8 **Bouçó**.

041.4. Bouciña, bouciño

É común o diminutivo co sufijo correspondente a -ÍNA,- ÍNU:

As Bouciñas do Río, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)

As Bouciñas, PnH no Pereiro de Aguiar (M188-3)

As Bouciñas, PnH en San Xoán de Río (M189-4)

Bouciño, PnH en Cea (M154-4)

Cavorco de Boucín, CdA en Carballeda de Valdeorras (M190-2)

Este último, localizado no NE do territorio estudiado, atópase en área onde o resultado común de -ÍNU é -iño na fala, pero que ofrece exemplos en -ín na toponimia (cf. *Cavorco de Carballín* en Vilamartín de Valdeorras, *Soutín* en Rubiá, etc.), coincidentes co resultado dialectal das áreas orientais luguesas, situadas algo máis ó

N do territorio estudiado (cf. *Vilarín* nas Nogais, *Sanrobredín* ou *San Robredín* en Cervantes, 2 *Carballín* en Becerreá, etc.).

O NG recolle 4 (*A*) **Bouciña** en Cambados, Ordes, Ribadumia e Vigo; e co plural 4 (*As*) **Bouciñas** en Láncara, Lousame, As Neves e Ribeira. No DCP figuran 28 **Boucinha**, 8 **Boucinhas**, 1 **Boucinho**, 2 **Bouinhos**.

041.5. Outros derivados e compostos

Un derivado de *bouza* por medio dun sufijo *-isco*, *-a* é

Alto da Boucisca, PnH en Vilamartín de Valdeorras (M190-1, M190-3) onde o sufijo achega posiblemente un significado parello ó que atopamos en *ramisca* (cf. *chuvisca*, *nevisca*, *corisco*...) e pode aludir a unha bouza con vexetación pouco mesta, o que o faría sinónimo do **Bouzarrara** mencionado.

O NG recolle unha localidade chamada **Boucisca** na Fonsagrada.

Aparentemente temos un derivado en *-īLE* en

Boucil, PnH en Oímbra (M302-4)

Outros derivados de *bouza* presentes no NG son 2 **Boucido** (en Castro de Rei e en Cerdido), co sufijo *-ĒTU*; **Boucia** (Gondomar) e **Boucigos** (A Cañiza), probablemente con sufixos de orixe prerromana; **Bouzal**, en Taboada, colectivo co sufijo correspondente a *-ALE* (cf. **Bouçoães** no DCP); **Bouzoso**, no Vicedo, co sufijo correspondente a *-OSU*; **O Boucello** en Xermade, un diminutivo en *-īCŪLU* que ten o equivalente feminino nun **Boucelha** do DCP; **Boucelos**, en Gondomar, é un diminutivo en *-ĒLLU*.

Palacio recolle en Pantón unha PnH co derivado en *-ACŪLU* **Bouzallo** (Palacio, 1981, 199)

Bouzada é forma participial de un **bouzar*, que imaxinamos equivalente do mencionado *facer bouza* ('roturar, arrotear, britar, romper monte para sementalo'). Temos un en

As Bouzadas, PnH na Merca (M225-4)

O NG recolle 1 **A Bouzada** en Tomiño.

Na documentación antiga atopamos a forma masculina como alcume: «*Velascus Petri, dictus Bauzado*», «*Fernandus Joannis dictus Bouzado*» (Ano 1271, RBV, nº 1)

X. Ferro Couselo (1974) explicou o topónimo **Bousés**, parr. e lug. en Oímbra, a partir dun suposto antropónimo **BOUSEDES* ou **BOUSIDIS*, emparentado con *bouza*. En caso de haber parentesco con *bouza*, cabería pensar tamén nun derivado en *-ENSE*, sufijo propio de xentilicios.

Cremos que topónimos como **Rebouzo** non pertencen a este tema léxico, senón que son derivados do lat. RÍPA co sufijo de orixe prerromana *-ouzo* (cf.

*morouzo, penouzo) ou sufixos semellantes. En moitos casos debeu de producirse interferencia, por etimoloxía popular, cos derivados de *bouza*:*

Rebouzo de Ribas, PnH na Mezquita (M304-1)

Rebouciñas, PnH en Muíños (M301-2)

O Rebouzal, PnH en Viana do Bolo (M228-3)

Alto de Rebouzo, PnH na Gudiña e Vilariño de Conso (M265-4)

Penedo da Rebucia, PnH en Calvos de Randín e Baltar (M302-1)

No DCP figuran dúas localidades chamadas *Rebouça* e *Reboucinhas*, para as que tamén podería pensarse, coma nas galegas equivalentes, nunha orixe a partir dun primeiro elemento RIVU OU RIPA seguido de *bouzas, bouciñas*.

042. *braña*

Igual que acontece con outros topónimos semanticamente afins, resulta difícil dilucidar se *braña* é propriamente hidrotoponímico ou fitotoponímico. Os dicionarios defíneno como prado con auga perenne, pasto de verán, terreo pantanoso e alagadizo ou broza que se extrae dese terreo (DEGC, I, 389). É voz presente no léxico e a toponimia de todo o noroeste peninsular: Cantabria, Asturias, Galicia, León. Non se rexistra na toponimia maior portuguesa. A súa etimoloxía deu lugar a controversias. A hipótese máis difundida, proposta por Carolina Michaëlis e compartida por Menéndez Pidal, Meyer-Lübke, Krüger, Piel, M. C. Bobes, etc. parte dunha base VERANĒA, derivada de VER ‘verán’ (Palacio 1981, 365 e ss.). Corominas rexeita esta hipótese e defende unha orixe prerromana, probablemente céltica (DCECH, I, 651-652). E. Rivas propón para *braña, breña* e outras formas emparentadas unha raíz hidronímica céltica *BAR– ‘auga’ (Rivas 1994, 167-168).

042.1. Braña

A forma simple atopámola en sete topónimos do territorio estudiado, o que representa unha presenza escasa en relación con outras áreas de Galicia, Asturias ou León (vid. Apéndice, mapa 7). A maior parte deles están na zona do cordal montañoso do Testeiro-Suído, onde estreman a provincia de Ourense e os concellos do nordeste pontevedrés. A única excepción é un topónimo de Sarreaus e falta en toda a área montañosa oriental da provincia, onde probablemente se ve substituída por *sestil, sistil, sisto, busto, mallada* ou outras voces para referirse ós pastos de monte. Non deixa de ser significativo que Sarreaus (< SARRIANOS)

deba o seu nome ó xentilicio de Sarria, por alusión á orixe xeográfica do grupo de colonos que entre os séculos VIII e X se instalaron nesa área do norte da Limia. Na zona de Sarria, *Braña* é topónimo común (Díaz Fuentes 1998, 62), o que podería explicar a presenza dese topónimo nesa área ourensá.

Os exemplos localizados son os seguintes:

- Casa da Braña*, Edp(n) en Beariz (M186-2)
- A Braña*, PnH en Beariz e Avión (M186-2)
- A Braña*, PnH en Sarreaus (M264-2)
- Braña de Campos Velllos*, PnH en Boborás e Beariz (M186-2)
- O Cotiño da Braña*, PnH en Boborás (M187-1)
- As Brañas*, PnH en Boborás (M186-2)
- As Brañas*, PnH en Lalín e O Irixo (M153-4)

No NG figuran localidades chamadas (*A*) *Braña* ou (*As*) *Brañas* nos concellos de Agolada, Cabana, Baleira (parr. e lug.), A Capela, Carballo (3), Cesuras (2), Cotobade, Coristanco, A Fonsagrada (3), Irixoa, A Laracha (2), Mondoñedo, Negreira, As Nogais, Pedrafita, Silleda, Toques (parr.), Vilalba (2), Vilanova de Arousa e Zas, ademais de *Brañas Verdes* en Camariñas, *Veiga da Braña* na Estrada, *Veiga de Brañas* en Pedrafita e na Fonsagrada un diminutivo *Brañela*.

Do mesmo modo que é significativa a ausencia do topónimo en Portugal e en parte da provincia de Ourense, a xulgar pola toponimia maior, en Galicia parece característico das provincias de Lugo e A Coruña. En Pontevedra só o rexistramos na ría de Arousa e na área montañosa do NE da provincia.

Na documentación medieval relativa ó territorio estudo non localizamos *braña* como forma común ou como topónimo. Si a atopamos en documentación relativa a outras áreas de Galicia:

- «outra uay ferir **na brana do vallo** (...) per la dita **brana** de so este agro» (ano 1331, FDU, 116)
- «o tallo da **brana das Caruallas**» (ano 1433, FDU, 289)

042.2. Brañal e outros derivados

Para o derivado en *-ALE* recollen os diccionarios os mesmos significados: terreo alagadizo, prado con auga perenne, pasto de verán (DEGC, I, 389). No territorio estudo temos dous exemplos:

- O Brañal de Parteme*, PnH no Irixo (M154-3)
- Sobrañal*, PnH en Verín (M303-3).

O segundo elemento do *Brañal de Parteme* debe de ser o xenitivo dun antropónimo PARTEMUS (Rivas, 1991, p. 244). O segundo topónimo presenta na fala a variante *sobriñal* e aparentemente contén un prefijo preposicional *so-* (< SUB); localízase nunha área

onde non ten presenza toponímica a forma simple *braña*, polo que debemos admitir que podería ter outra orixe, acaso en relación con *veriño* (vid. 227) ou con *bruño* (vid. 045).

No NG figura un derivado en *-ARIA*, *Brañeira*, en Coristanco e unha forma adxectiva no segundo elemento de *Toxobrañío* (Guitiriz). Probablemente tamén ten relación con *braña* unha aparente forma masculina *Braño*, nome de dúas localidades nos concellos de Outes e Vímianzo. Palacio (1982, p. 365) recolle un topónimo menor *Brañeiro* no concello de Pantón. A estes debemos sumar o mencionado diminutivo *Brañela*, da Fonsagrada. Na documentación antiga atopamos un derivado en *-ÉTU*:

«que foy de Afonso Anes do *brañedo* de Castro» (ano 1448, VFD1, nº 75)

043. *brión*

No DEGC figura un substantivo *brión* definido como «musgo que nace en la corteza de los árboles y que también se llama MACEIRENTA, según el DRAG», e nunha segunda acepción remítese a *briga*, e nesta entrada explícase *briga* como «palabra celta que significa villa, pueblo, ciudad, o sea una entidad de población» e menciona *bría*, *briallos*, *bribes*, *brigancia* e *brión*, tomados da toponimia, como variantes de *briga* (DEGC, I, 393). E. Rivas cre que é posible a relación do topónimo coruñés *Brión*, que dá nome ó seu concello, cunha raíz hidronímica céltica *BAR- ‘auga’ (Rivas 1994, 167-168). Nós inclinámonos polo significado de ‘especie de liqué’ para un topónimo

Penedo Brión, PnH en Hermisende (M304-2)

possible haploloxía dun *Penedo do Brión*.

Non cremos que teña orixe fitonímica o nome dos outros topónimos *Brión* que figuran no NG (nos concellos de Boiro, Brión, Ferrol, Malpica e Rianxo), para os cales se ten suxerido unha orixe prerromana (Cabeza 1992, 77).

044. *broza*

O gal. *broza*, port. *broça*, cast. *broza* ‘maleza’ ten paralelos no occitano, francés e dialectos da Italia setentrional; é voz de orixe prerromana, probablemente céltica (DCECH, I, 675). Na toponimia temos tamén unha forma masculina *brozo* que consideramos emparentada con ela, e designa seguramente lugares con “espesura de malezas” (DEGC, I, 397). Temos a feminina en:

As Brozas, PnH en Vilar de Barrio (M264-2)

Na documentación antiga rexistramos un topónimo menor co singular correspondente:

«*hereditatem meam de Broza*» (sec. XIII, s.d., OSR2, nº 1292)

O NG recolle lugares chamados (*A*) ***Broza*** en Monforte e O Saviñao (parr. e lugar).

E o masculino *brozo*:

O Brozo, PnH en Celanova (M263-2)

O Brozo, PnH en Parada de Sil (M188-4, M226-2)

O Brozo, PnH en Ramirás e Celanova (M263-1)

Cabeza do Brozo, PnH en Vilariño de Conso (M265-1)

Colado do Brozo, PnH en Vilariño de Conso (M265-1)

Corgo do Brozo, CdA en Vilariño de Conso (M265-2)

O NG recolle un ***Brozo*** en Cerceda. Non hai topónimos semellantes no DCP, fóra dun ***Bruçó*** que podería representar un diminutivo en -ÓLA.

045. *bruñeiro, abruñeiro*

Os *bruños* son en galego as ameixas bravas, froitos da *Prunus spinosa* (VCN, 103), e *bruñeiro* ou *abruñeiro* a árbore que as dá. En castelán recibe o nome de *endrino*. As denominacións de *escambrón*, *espiño* e *estripo*, más imprecisas, téñense aplicado ás veces a esta especie (vid. *escambrón* 099, *espiño* 103, *estripo* 104). Sobreira recolleu varias equivalencias para o nome desta árbore ou arbusto: *abruñeyro* e *abruño* (en Maceda), *ameyxreira brava*, *bruñeiro*, *bruño*, *escambroeyro* (en Ribadavia), *escambrón* e *escambruñeyro*, ademais de *andrino*, probablemente tomado da forma castelá (*Botánica*, 36v). Sarmiento incluía os *bruños* na relación de nomes de froitas baixo o epígrafe *ciruelas* (Sarmiento, *Catálogo* 93 r) e distinguía o «*abruñeyro hortense*, cuyos bruños (...) se venden y comen, y otro es silvestre, que no se comen. Especie de *estripo*» (*Vegetables*, 103r-103v). É a diferenza que no portugués establece Sampaio entre *Prunus insititia*, o *abrunheiro* propriamente dito, e a *Prunus Spinosa*, que recibe o nome de *abrunheiro bravo* (*Flora*, 394, 395).

A variante con *g-* foi recollida tamén por Sarmiento, quen a localiza en Ourense: «en Orense le llamaron *gruñeiros*. A otros oí pronunciar *bruñeiros*. (...) echa un género de andrinitas negras muy dulces, que comen los muchachos (...). Acaso de *pruno*» (Sarmiento, *Catálogo*, 134 v). Noutro lugar Sarmiento dá *gruñeiro* como denominación ourensá para o *lotus* ou *Celtis australis* (*Vegetables*, 655; vid. infra, *lodeiro, lodairo*).

A forma *bruño* procede, como intuíu Sarmiento, do latín PRŪNU ‘ameixa’, aínda que a palatal esixe un derivado *PRŪNĒU (DCECH, II, 89, s.v. *ciruela*).

Existe tamén en castelán como voz dialectal; a forma portuguesa estándar é *abrunho*.

A alteración *bruño* > *gruño* non é inusual en certos contextos fonéticos (cf. *Bustomeao* / *Gustomeao*; *Trevoás* > *Trigoás*; *vomitar* / *gomitar*, *borbullar* / *gurgullar*...).

Non temos na toponimia do territorio estudo nin no NG formas que conteñan o nome simple *bruño*. O DCP recolle 1 *Brunhós* que pode representar un diminutivo *PRŪNĒOLAS.

045.1. Bruñal, gruñal

Temos formas correspondentes a *PRŪNĒALE en:

O Bruñal ou *O Gruñal*, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)

O Bruñal, PnH en Calvos de Randín (M302-3)

E unha posible variante con alteración da vogal pretónica por efecto da consoante palatal (cf. *gruñir* ~ *grinir*) en dous topónimos

O Briñal, PnH en Muíños (M301-2)

O Briñal, PnH en Verea (M263-2)

igual que sucede en *Briñidelo* e *Abriñosa*, aínda que tamén podemos admitir a hipótese de que sexan derivados colectivos do adjetivo *veriño*, *biriño* ou *briño*, que designa unha variedade de carballo (vid. 011.6).

Quizais debemos contar con estes un topónimo ó que xa fixemos referencia:

Sobrañal, PnH de Verín (M303-3)

localizado en zona onde non hai presenza de *braña* na toponimia nin na fala local. Dado que ofrece na fala unha variante *Sobriñal*, podemos vinculalo ós *Briñal* citados.

O NG recolle un *Abruñas* en Cesuras, que semella unha forma feminina *(A)PRŪNĒAS se é que non se trata dunha grafía errada por *Abruñás*, *(A)PRŪNĒALES. No DCP figuran 1 *Abrunhal*, 1 *Brunhal* e 4 *Brunhais*.

Non cremos que teña relación con este tema o topónimo *Bornais*, en Santiago de Compostela, que nos levaría a considerar *Borneiros*, *Bornedo* e outras formas semellantes, de orixe e significado escuros, talvez relacionados cunha raíz hidronímica prerromana.

045.2. Bruñeiro, bruñeira, gruñeiro, gruñeira

Derivados de *PRŪNĒU por medio do sufijo correspondente a -ARIU, -ARIA son:

- O Bruñeiro*, PnH na Gudiña (M265-2)
O Bruñeiro, PnH en Viana do Bolo (M266-1)
Os Bruñeiros PnH na Veiga (M228-2)
Os Abruñeiros, PnH en Riós (M303-2)
Os Abruñeiros, PnH na Mezquita (M304-1)
Guruñeiros, PnH en Carballedo (M188-1)
As Guruñeiras, PnH en Chandrexas de Queixa (M227-1)
- Os Bruñeiros*, na Veiga, ten na fala local as variantes *Os Burruñeiros*, *Os Burriñeiros*.

No NG figuran *Abruñeiras* en Oroso, *Abruñeiros* en Cerdido, *Bruñeira* en Sanxenxo, *Bruñeiras* nas Neves, *Bruñeiros* na Cañiza. No DCP contamos 11 *Abrunheira*, 1 *Abrunheiras*, 1 *Abrunheiro Pequeno*, 4 *Brunheira*, 1 *Brunheirinha*, 1 *Brunheirinho*.

045.3. Bruñedo

O derivado colectivo co sufijo colectivo procedente de *-ĒTU*, *-ĒTA* témolo en:

- Briñidelo*, EdP en Lobios
O Gruñedo, PnH en Sandiás (M264-1)
Os Bruñadelos, PnH en Baltar (M302-1)

O primeiro e o terceiro son diminutivos en *-elo* (<*-ĒLLU*). En *Briñidelo*, como en *Briñal*, hai palatalización da vogal átona por contacto coa consoante nasal palatal ou ben podemos sospeitar relación co carballo *veriño* ou *briño* (vid. 011.6). Rivas suponle a *Briñidelo* parentesco etimolóxico con *breña* (Rivas 1994, 168).

Rexistramos formas idénticas na documentación medieval:

- «*discurrente rivulo Arnogia (...) in agro que dicunt Brunieto*» (ano 961, CLN, nº 413)
 «*et per penam do Brunedo et per telam de Cornedam*» (ano 1273, OSR2, nº 1042)

No NG figuran *Abruñedo* nos concellos de Arzúa e A Laracha; *Abruñido* en Neda; *O Bruñido* na Estrada, 3 (*O*) *Gruñedo* en Castroverde, na Pastoriza e no Saviñao; *O Gruñido* no Mañón. Na cartografía localizamos tamén un feminino *A Gruñeda*, PnH en Castro de Rei (M48-1). O DCP recolle 1 *Brunhido* e 1 *Brunheta*; este último podería tratarse dunha forma mozábe correspondente a *PRŪNĒTA*, e ten un paralelo masculino no topónimo madrileño *Brunete* (Nieto Ballester, 95).

045.4. Abruñoso, abruñosa

Recollemos un único exemplo de derivado por medio do sufijo *-ōSU*, *-ōSA*, que tamén presenta alteración en *i* da vogal pretónica:

- A Abriñosa*, EdP en Pías

045.5. Outras formas

Corominas explica a sonorización do *p-* inicial latino de *bruño* por contaminación co adjetivo *bruno* ‘escuro’ (DCECH, II, 89). Na documentación galega más antiga que posuímos, do ano 961, xa atopamos ***Brunieto***, con sonorización da inicial e con nasal palatal, o que indica que seguramente se trata dun derivado do nome da froita e non unha continuación do latín PRUNĒTU. A alternancia *p-* / *b-* non é exclusiva do galego —o catalán e occitano *prunyó* presenta variantes dialectais cat. *brunyó*, oc. *brunhon* (DCECH, ibid.)— e podería existir xa en latín.

En Asturias atopamos formas coa inicial xorda e o *n* sen palatalizar: *prunu*, *prunel*, nome da froita; *la prunal*, nome do arbusto (García Arias, 123; Sánchez Vicente, 306). Sería interesante saber se existiu tamén en Galicia unha variante coma a asturiana e se deixou restos na toponimia paralelos ós ***Prunadieña*** (< PRŪNĒTĒLLA), ***Prunales*** e ***Prunea*** (< PRUNĒTA) (García Arias, 123). Se fose así, algúns dos seus descendentes confluirían con tops. que Piel deu como derivados de PRŌNU, especialmente os ***Proída***, ***Pruída*** < *PRŌNĒTA, que segundo o profesor alemán presentan a singularidade da forma «feminino-colectiva do sufixo –ĒTUM / –edo, –ido» (Piel 1953, 32-34). O propio Piel lembra que existe un paralelo nouros tops. que tamén indican localización orográfica: ***Avesedo***, ***Aveseda***, formados sobre ADVERSUS co mesmo sufixo. Parece moi verosímil a hipótese de Piel e non posuímos elementos que permitan contradicila, pero cómpre ter en conta, así e todo, e vistas as formas asturianas de PRŪNU, que os tops. galegos mencionados por este estudioso alemán —tomados dun traballo de Aníbal Otero (CEG, XVIII, 1951), quen os dá erradamente como derivados de PŌDIU— corresponden todos eles ó oriente da provincia de Lugo, isto é, non moi lonxe do dominio lingüístico asturiano. No NG atopamos ***A Proída*** (un en Barreiros, outro na Pastoriza) e a ***Proída do Vale*** na Fonsagrada, todos eles relativamente próximos á fronteira oriental do galego en Asturias. Aínda podemos engadirllles algúns tops. menores que atopamos na cartografía, como ***Monte da Pruída*** no concello asturiano da Veiga (M25-I), ***A Pruída de Meredo***, no mesmo concello (M25-2), ***A Pruída*** en Santalla de Oscos (M49-2). Debemos dicir que a realidade orográfica destes topónimos, en pendente máis ou menos pronunciada, reforza a hipótese de Piel. Un top. moito más meridional, ***Proendos***, parr. e lugar en Sober, podería explicarse tanto como procedente de *PRŪNĒTOS como de *PRŌNĒTOS. Só a documentación antiga poderá esclarecer a súa orixe; o texto máis vello que posuímos con este topónimo é do ano 1218, e xa figura nel a forma actual

Proendos (RdS, nº 17). É un pequeno obstáculo para supolo derivado de PRŪNU o feito de non termos outros derivados *Prueiros / *Proeiros ou *Prual / *Proal.

046. *brusco*

Sarmiento dá diversos nomes para o *Ruscus aculeatus* (vid. *xardón* 233; *mezquita* 154). Co epígrafe “Rusco y brusco” recolle «*Mezquita. Mesquita. Metquita* (latín bárbaro). *Xilarda. Xil-* o *Gilardeyra. Picantel* en el Bierzo» (*Vegetables*, 105-110). Outras denominacións son *cespede* (en Allariz, segundo Sarmiento, *Vegetables*, 1295), *xenxibarbeira* (*Vegetables*, 217), *xarda e xardiña* (*Vegetables*, 326-327), *xilbarbeira*, *rascacú*, *azoutacristos*, *silbarda* (VCN, 147). As formas continuadoras da denominación que pervive no nome científico semellan ser consideradas propias do castelán, pero non galegas; e así non as recollen os dicionarios, non sendo un feminino *brusca*, que E. Rodríguez define como “brusco, especie de brezo, cuyas semillas son parecidas a cerezas” (DEGC, I, 397). Temos un derivado desta forma ou do seu masculino *brusco* en

Brusqueira, PnH na Pobra de Brollón (M189-1)

Non atopamos no NG nin no DCP outros topónimos pertencentes a este tema.

046b. lat. BŪDA ‘espadana’

A. Moralejo relaciona co lat. BŪDA ‘espadana’ topónimos como *Boeiro*, *Boedo*, *Boeiros* (TGL, 64). E. Rivas (1994, 165) coincide con J. M. González (1957, 189-212; 1959, 164) ó considerar que remontan a unha raíz hidronímica céltica *BED- *BUD-, á cal pertencerían tamén outros topónimos como *Bueu*, *Budiño*, *Boimorto*. Coma noutros casos, trataríase dunha familia léxica hidronímica que ten derivados fitonímicos (cf. *ameneiro/ amieiro*). Para Corominas, pola contra, os significados hidronímicos (cast. *budión* ‘lagoa invernal’, *buhedo* ‘lamazal’, *bodonal* ‘xunqueira, terreo lamacente’) son secundarios, pois derivan en última instancia do lat. BŪDA ‘anea, espadana’ (DCECH, I, 609).

Consideramos aquí algúns topónimos aparentemente pertencentes a esta familia léxica que localizamos no territorio estudiado e que poderían ter en orixe significado fitonímico, aínda que todos eles poderían ser igualmente hidronímicos. Tampouco non podemos confirmar que todos pertenzan á mesma familia, pois

uns presentan *-d-* intervocálico (*Bodas, Budeiro, Bodial*) e outros non (*Boedo, Boedas, Boeiros*), o que podería significar que responden a étimos distintos.

046b.1. Bodas

Temos probablemente a forma simple correspondente ó lat. BŪDA ‘espadana’ en

Ríodebodas (ou *Riobodas*), EdP en Paderne de Allariz

A dificultade fonética que ofrece a conservación do *-d-* evitaríase se o supomos procedente dun primitivo *Río de Boedas, e estariamos ante un derivado en *-ÉTA* (vid. infra). Non posuímos documentación antiga que permita confirmar ou desmentir esta hipótese.

Tamén podería ter relación con estas formas o topónimo composto

Escachabodas, PnH en Trasmiras e Cualedro (M264-4)

onde o primeiro elemento é o v. *escachar* ‘crebar’.

046b.2. Boeda, Boedo

Probables derivados de BŪDA ‘espadana’ a partir do sufixo colectivo *-ÉTU*, *ÉTA* son:

Cotarro das Boedas, PnH en Sober (M188-4)

Boedes, EdP no Carballiño

Boedo, PnH en Rairiz de Veiga (M264-3)

Boedes, EdP no Carballiño

Este último podería ser un primitivo *Boedas*, con palatalización do *-a* final (cf. *Cangues*, no mesmo cllo). Na documentación antiga xa o atopamos con *-es*:

«Eu Johan Garzia et Pedro Garzia de *Buedes* irmaos» (ano 1276, OSR2, nº 1111)

O NG recolle 2 *Boedo*, nos cllos. de Cerceda e Culleredo.

046b.3. Bueiro, budeiro, bodial

Co sufixo *-ARIU*, *-ARIA* temos un exemplo en:

Boeiros, EdP no Pereiro de Aguiar

Atopámolo na documentación antiga como «*Buarios*» (ano 975-1011, CLN, nº 205); «*villa in territorio Petragio quam dicit Buarios super rivulo Laonie*» (ano 1010, CLN, nº 334)

No NG figura 1 ***Boeiro*** no cllo. de Valdoviño. O DCP recolle 2 ***Boeira*** 1 ***Boeira***. Debe de ter outra orixe una forma aparentemente paralela pero con conservación do *-d-*:

O Budeiro, Edp(n) en Ribadavia (M225-1).

Podería tratarse dun hidrotopónimo, o mesmo ca

O Bodial, PnH en Xinzo de Limia (M264-3),

que semella un derivado en *-ALE*. Atopamos unha forma idéntica, aparentemente en función adxectiva referida a un castiñeiro, nun doc. do século XIII:

«*diuiditur per Auelairam, deinde per castenarium Bodial*» (ano 1254, RAM, nº 118)

E co mesmo radical e distinto sufijo recolle o DCP 1 ***Bodiosa***.

Cómpre lembrar que existe así mesmo unha variante minoritaria *budio* (Aníbal Otero, 1953, p. 172) para o *bido* ou *bidueiro*, que podería explicar algúns destes topónimos.

Discútese se o nome de ***Boal***, concello asturiano, é derivado en *-ALE* de *BÖUE* ‘boi’ ou ben ten relación co asturiano *boa* ‘especie de xunco’ (García Arias, 88), que sen dúbida é o mesmo có lat. *BÜDA*.

046b.4. *boudaña* e outras formas fitonímicas

Creemos que non ten relación cos topónimos precedentes, malia a semellanza, a voz *boudaña*, nome dunha especie ben distinta das anteriores: a *Bryonia dioica*, que figura no VCN cos nomes galegos de *saltasebes*, *nabo da nouza*, *nabo caíño* (VCN, 142). É unha planta vivaz pertencente á familia das cucurbitáceas, cunha raíz grande en forma de nabo, que explica algunas das súas denominacións, e follas parecidas ás da videira. O seu parentesco coas abóboras e plantas semellantes dá razón doutros nomes galegos como *cabaceira de raposa*, *cabaceira brava* (Font Quer, 766). Sarmiento identificou a planta e recolleu o nome *boudaña*: «*Boudaña. En Vilela es la brionia*» (*Vegetables*, 535); «*En Bayona (...) boudaña a la brionia nigra*» (*Vegetables*, 1170). «*Boudaña. Llaman así en Budiño a la vitis nigra, y a la vitis alba, norza*» (*Vegetables*, 1660).

Descoñecemos cal pode ser o étimo de *boudaña*. Sarmiento cita unha fonte escrita «que dice que los andaluces llaman a la vitis nigra *butania*» (*Vegetables*, 2490), pero Corominas dubida desa información. Noutro lugar, o sabio benedictino propón para *boudaña* unha etimoloxía a partir do nome latino (tomado do grego) *BRYONIA*, de onde saíría **bruaña* e *boudaña*, difícilmente

admissible. Tampouco resulta enteiramente convincente a suxestión de Corominas (DCECH, I, 667, s.v. *brionia*) dun étimo «*VITILAGINEM* > *vedolaina > *veduaña y trasposición de la *u*» fundada nas semellanzas coas videiras e mailas denominacións *Vitis nigra*, *Vitis alba*. A falta de explicacións mellor fundadas, cabe pensar nun étimo prerromano.

Temos un único exemplo en

A Boudaña, PnH en Maside (M187-3)

No NG aparece en *Boudañeira*, nome de dúas entidades de poboación no concello coruñés de Dumbría.

047. *bugallo*

O galego, portugués e leonés *bugallo*, *bugalla* (coas variantes *bogallo*, *bullaca*, etc.), que designa a excrecencia do carballo, é voz de orixe descoñecida. Corominas propón unha orixe céltica a partir de *BULLĀCĀ (DCECH, 690), que difícilmente explica a palatal das formas galegas e portuguesas. O mesmo defecto ten a forma proposta por M. Pidal, que parte dun cruzamento dos termos latinos BÜLLA ‘burbulla’ + GALLA ‘galada’ (cit. por Corominas, DCECH, 690). Elixio Rivas, seguindo a García de Diego, defende tamén unha orixe latina resultante dun cruzamento, neste caso de BACA ‘baga’ e GALLA ‘galada’. Esta hipótese mantén a mesma dificultade fonética, que E. Rivas obvia supoñendo un derivado *GALLĒA, que é o mesmo que explica en galego *gallo*, *galla* ‘póla de árbore’ (Rivas 1982, 113, p. 153).

Nos topónimos en que están presentes derivados desta forma debemos ter en conta outros posibles significados botánicos, pois Sarmiento recolle *bogallo* como un dos nomes galegos da *nocella* ou *quitamerendas* (*Catálogo*, 92r), *bogallas* como denominación das *landras* localizada en Viveiro (*Catálogo* 236v) e *bugallón* como nome dunha planta que non puidemos identificar, que noutros lugares chaman *lanzoa* ou *lanzoá* «y que mata las ovejas, y que es muy excoriativa, y que de ella se hace la cebadilla» (*Vegetables*, 765; Pensado, 1974, pp. 92, 102). Merino recolle tamén *bugallón* como nome de dúas especies de ranúnculo: o *Ranunculus Steveni*, tamén chamado *herba dos mendigos* (*Flora*, III, 503) e mailo *Ranunculus flammula* (*Flora*, I, 44). Un autor anónimo do séc. XIX escribe «*Bugalleira*. Sitio donde hay reunidos muchos *bugallos*. En Lantaño hay una aldea que llaman *A Bugalleira*» (TradGall, p. 33), cun significado seguramente

imaxinado a partir do topónimo. Paralelamente, Franco Grande recolle «bugallal. s.m. Sitio donde hay muchas bugallas formando montón o morea».

Refírase ou non ás excrecencias dos carballos ou a algunha outra especie vexetal, cremos que o significado na toponimia é sempre fitonímico, non sendo tal vez nas formas simples *bugallo*, *bugalla*, que poderían constituir algún tipo de metáfora oronímica para caracterizar un penedo ou formación pétreas ou terixes antropónímica.

047.1. Bugallo, bugalla

Temos a forma simple en:

O Bugallo, PnH en Viana do Bolo (M228-3)

A Pena do Bugallo, PnH en Quintela de Leirado e Gomesende (M263-1)

E dous derivados

O Bugallón, PnH en Cartelle (M225-3)

Bugallelas, PnH en Chandrexa de Queixa (M227-1)

O NG recolle **A Bugalla** no Saviñao e **Bugallón** en Ares. No DCP hai 1 **Bogalhinha** e 1 **Bogalhos**.

Un posible **Monte Bugallo**, non identificado na actualidade, atopámolo en doc. do séc. XII como *montem Bugaelu* [por *Bugaleu*?] (ano 1153, ROC, nº 3). Cortesão (OM, p. 60) rexistra un topónimo portugués *Cortina das Bugalias* no ano 1258.

Dado o uso de **Bugallo** como alcume ou apelido polo menos desde a Idade Media, é probable que algún dos topónimos en que está presente esta forma simple teña orixe antropónímica. Rexistramos «**Pedro Bugallo**» en Ourense no séc. XV (VFD1, nº 78), «**Afonso Bogalliño**» en Cortegada (ano 1486, VFD1, nº 103). En Portugal, o apelido **Bogalho** rexístrase na documentación máis antiga como *Bugalio*, *Bugaloo*, *Bugalho* (OM, 60).

047.2. Bugallal

Unha forma de plural do derivado en **-ALE** é

Os Bugallás, PnH en Xinzo (M264-3)

No NG figuran dúas formas do singular **Bugallal** nos concellos de Agolada e Salvaterra. No DCP, 2 **Bogalhal**.

047.3. Bugalleira, bugalleiro

Son derivados deste tema por medio de **-eiro**, **-eira**:

- A Bugalleira*, EdP no Irixo, composta por dous lugares:
A Bugalleira de Abaixo (M187-1) e mais
A Bugalleira de Arriba (M187-1)
A Bugalleira, PnH en Bande (M301-2)
A Bugalleira, PnH en Celanova (M263-1)
A Bugalleira, PnH en Cualedro e Monterrei (M302-2)
As Bugalleiras, PnH en Xinzo (M264-3)
O Bugalleiro, PnH en Sarreaus (M264-2)
O Bugalleiro, PnH en Chandrexas (M227-1)

O NG inclúe lugares denominados *Bugalleira* nos concellos de Agolada, A Estrada, O Pino, Ponteceso e Touro, e un plural *Bugalleiras* nas Neves. No DCP hai 6 *Bogalheira* e 1 *Bogalheiros*.

Un *Bugalleira* documentado no séc. XII («*usque ad alium cautum quem posuimus in Garciam, deinde ad bugaleiram, deinde inter Soutelum et Lauretum*» (ano 1145, BCM, T. 1, p. 148) podería corresponder ó mencionado topónimo menor de Celanova. Cortesão rexistra un topónimo portugués coa correspondente forma masculina *Bugaleiro* no ano 1220 (OM, p. 60)

047.4. Bugalleda

Derivado por medio de *-edo*, *-eda* temos un único exemplo en:

- A Bugalleda*, PnH en Chandrexas (M227-2)

Non parece admisible a interpretación que dan Silva e Almeida Fernandes (1995, 46) para un top. portugués paralelo: «*Bogalheda*, *Bugalheda*. Não nos parece ter seja o que for com “bugalha” ou “bugalho”, a excrescência das folhas de certas plantas, sobretudo o carvalho: não seria natural, numa designación toponímica, preferir-se, para ela, o accidente do objecto ao próprio objecto –ou, no caso, a excrescência à planta excretora. Acresce que, ainda hoje, os filólogos divergem sobre o étimo da palabra –razão esta, porem, que é a que menos importa. O melhor, parece-nos, e partir do lat. *bucula* “bezerra”, e considerar **buculia* seu derivado, e este com seu derivado **buculieta* (processo que mutatis mutandis tambem explicaría o topónimo *Bugalheira*, etc.). E assim, antes de *Bogalheda*, teríamos aqui *Bugulheda*, onde se deu a dissimilación forçosa *u-u > u-a*. E estaremos assim em presenza de um topónimo pastoril –perfeitamente comprehensível na localidade e sua regi  o».

O NG recolle 3 *Bugallido* en Ames (parr.) e Negreira (parr. e lugar).

Atopamos a primeira destas parroquias amplamente documentada no século XIV:

- «en Tario,   na frijglesia de *Bugallido*» (ano 1352, TzS, fol 19v)
 «  na jgleja de Sam Pero de *Bogallido*» (ano 1352, TzS, fol 56v)
 «Jtem o moy  o de *Bogallido*» (ano 1352, TzS, fol 59v)
 «da jgleja de Sam Pero de *Bogallido*» (ano 1352, TzS, fol 66 v), etc.

047.5. Bugalloso

Non recollemos no territorio estudiado ningún derivado en *-oso*, *-osa*, paralelo do **Bogalloso** que figura no NG no concello de Cospeito. O DCP recolle un feminino **Bogalhosa**.

048. *busto*

Eladio Rodríguez define *busto* como «extensión de tierra destinada a pasto del ganado» (DEGC I, 408). En asturiano é *bustu*, *bustiu* «lugar de pastos en el monte» (Sánchez Vicente, 101), portugués *busto*, cunha variante miñota *bosto*, *bostelo* «pastagem nas montanhas» (Piel 1954b, 26). A etimoloxía desta voz deu lugar a abundante bibliografía. As dúas hipóteses más aceptadas para explicala xa foron enunciadas no século XVIII. Unha delas, proposta polo ilustrado asturiano Jovellanos, parte do verbo latino COMBURĒRE, ou mellor dunha segmentación [COM]BURĒRE (aínda que COMBURĒRE é propriamente CUM+URĒRE), e dese suposto *BURĒRE teríamos un derivado participial *bustu*, e aludiría á queima de montes (coma en topónimos *Queimada*, *Queimadelos*, *Cernada* < CINERATA, etc.) para o seu ulterior aproveitamento como pasto. Seguen esta hipótese Harri Meier e G. Rohlfs, entre outros (Palacio, 1981, 357). A segunda, exposta por Sarmiento no *Onomástico* (1757) e noutras obras (*Catálogo*, 106 v) e tamén por J. Santa Rosa de Viterbo no seu *Elucidário* (1798-1799)³, emparenta *busto* con *bosta* e o antigo *bostar*, e todos eles con BÖUE ‘boi’. J. M. Piel defende esta teoría (1954b) e apóiasi na abundante documentación medieval en que *bustu* e *bostariu* equivalen a *armentu*, gando maior, rabaño vacún. *Busto* sería un regresivo de *bostar*, e este correspondería, como suxeriu Sarmiento, ó lat. BOS + STARE, paralelo do gr. ΒΟΥΣ-ΤΑΞΙΟΥ ‘corte dos bois’. A dificultade fonética da vogal tónica (esperaríamos **bosto*) pode salvarse considerando o paso *o* > *u* como unha inflexión provocada polo *-o* final. A mesma vinculación con *bosta* e *boi* é defendida por Corominas (DCECH, I, 637, s.v. *bosta*). Aínda admitindo

³ O profesor Piel, nun coñecido traballo sobre o tema (1954b), atribúe a paternidade desta hipótese etimolóxica ó P. Sarmiento (1695-1771), «cuya importancia no se ha estimado todavía suficientemente» (1954b, 28). Uria e Bobes, que se inclinan pola hipótese de Jovellanos aínda que aceptan as razóns expostas por Piel, atribúen a outra hipótese ó historiador portugués Joaquim de Santa Rosa de Viterbo (1744-1822) e engaden: «Sigue esta opinión, repitiendo los mismos extremos, sin citar la fuente, el P. fray Martín Sarmiento, en su *Onomástico etimológico de la lengua gallega*» (Uria-Bobes 1965, 78). Compárense as datas do *Onomástico* e do *Elucidário*; a obra de Sarmiento é máis de 40 anos anterior á de Viterbo.

remoto parentesco léxico con *boue*, debemos rexeitar a orixe latina e considerar tanto *busto* coma *bostar* e *bosta* como voces hispánicas prerromanas, dada a presenza do primeiro na epigrafía celtibérica (*boustom* no bronce de Botorrita).

048.1. Busto

A forma simple témola nos seguintes topónimos:

Bustos, EdP na Peroxa

Busto, Edp(n) en Beariz (M186-2)

O NG recolle lugares chamados (*O*) **Busto** na Baña, Baralla, Catoira (2 tops.), Curtis, Dumbría, Friol, Lalín (parr. e lugar), Láncara, Mazaricos, Meis, Mesía, Navia de Suarna, As Pontes, A Pobra de Brollón, Rois, Santa Comba e Santiago (parr. e lugar).

Máis común na toponimia é *busto* acompañado dun determinante, que pode ser un adjetivo, outro substantivo con nexo preposicional ou un antropónimo, polo regular en xenitivo. No territorio estudiado recollemos:

Bozqueimado, EdP en Chandrexa de Queixa

Bustavalle, EdP en Maceda.

Gustomeao, EdP en Lobios

Buscalque, EdP en Lobios.

Río de Bustavalle ou da Moura, CdA en Maceda (M226-1)

A Fraga de Bozqueimado, PnH en Chandrexa de Queixa (M227-1)

Bustocerdeira, PnH en Verea e Bande (M263-3)

Alto de Gustomeao, PnH en Lobios (M301-3)

Gustomeao, PnH en Lobios (M301-2)

Lama de Gustomeao, PnH en Calvos de Randín (M301-2)

Alto de Besticovo, PnH en Manzaneda e Vilariño de Conso (M227-4)

A Boca de Besticovo, PnH en Vilariño de Conso (M227-4)

Cavorco de Besticovo, PnH en Manzaneda (M227-4)

Buxesteiro, PnH en Vilariño de Conso (M227-4)

Busto Frío, PnH en Manzaneda (M227-4)

Para **Bozqueimado** poderíamos pensar nun primeiro elemento *bouzo* (vid 041.2), pero probablemente é paralelo do asturiano **Busqueimado**. Piel documenta formas apocopadas de *busto* en *bus-* desde o século X (1954b, 31); hai apócope en **Buxesteiro** (*Busto Xesteiro*). En **Besticovo** hai disimilación da vogal pretónica (cf. o paralelo *Souticovo* 215.2b). **Bustavalle**, segundo E. Rivas, «é forma composta de *busto* e do lat. VALLIS ‘val’, o que quere decir que debía ser *Bustaval*, como (...) *Bastavales*; pero unha castelanización temperá fixo que se dixese *Bustavalle*» (Rivas 1985, 478). Atopamos este top. na documentación antiga, en datas de improbable castelanización: «*in cauto de Bustavali*», «*exceptis cautis de Macea et de Bustavali*» (ano 1233, RdS, nº 34), e cun –i que pode facer sospeitar que xa se pronunciaba palatal, o que esixiría posiblemente un xenitivo antropónímico para o étimo. **Bustavalle** ten unha variante local **Gustavalle**, «como din más os vellos» (Rivas 1985, 478), con velarización da consoante inicial,

que aparece tamén en **Gustomeao**. Este último rexistrámolo como **Bustu mediano** en documentación do ano 1021 (CLN, nº 473). **Buscalque** presenta un segundo elemento escuro, talvez antroponímico.

O NG recolle **Bustofrío** en Samos; **Bustumaior** en Sobrado; **Bustomeao** no Valadouro; **O Busto Redondo** en Xermade; **Bustoseco** en Porto do Son; **Busto de Frades** en Brión; **Buscalte** en Xermade; **Busnullán** en Pedrafita (para o que suxire Piel un antrop. NOVELLIANI), **Busgardín** en Riotorto (cun antrop. xermánico GARDINIUS, segundo Piel), **Bugulmar** nas Nogais (doutro antrop. GODUMARUS, segundo Piel) e **Bustabade** nas Somozas (posiblemente ‘busto do abade’). A estes temos que engadir **Bustiguillade** en Porto do Son (tamén dun xenitivo antroponímico, cf. o top. *Guillade*), **Bustate** en Muras (< BUSTU TATTI?), **Bistixoán** ou **Vistixoán** en Guitiriz (BUSTU IOHANNE), **Bisticovo** ou **Visticovo** na Cañiza, **Bistuíde** ou **Vistuíde** en Rodeiro (< BUSTU OLITI?), **Buchaín**, na Baña (BUSTU FLAVINI), **Bostofréan** en Vilalba (BUSTU FROILANI), **Vistavós** en Muros (< BUSTO DE AVIOLOS?), **Vistipoi** en Porto do Son (BUSTU PAULI). **Buchabade**, en Ponte Caldelas, é equivalente de **Bustabade**.

Paralelo do noso **Gustomeao** é o **Bustomeao** do Valadouro. A mesma orixe teñen 2 **Vozmediano** de León e de Soria. A explicación xa fora dada por Sarmiento: «Este no viene de voz, pues sería concordancia ridícula de voz con mediano. Viene de *Busto*, pues de hecho leí en documento latino de Castilla el sitio de *Busto Mediano*, y de esto vino *Bost-mediano* y mudada la -st- en -z- *Boz mediano* y se debe escribir no con V sino con B. Este sitio se llamaría en Galicia *Bouzameá*» (Sarmiento, *Onomástico*, 127). Piel engade ademais **Voznuevo** (León), e posiblemente **Vozderrei** (nalgúns fontes escrito **Voz de Rey**, na Pastoriza, Lu) e **Vozpornoche** (Santander) (Piel, 1954b, p. 31).

No DCP figuran **Busto** (2 tops.), **Bustos**, **Bostochão**, **Bostofrio** e 1 **Busteliberne**, cun segundo elemento antroponímico (Piel, 1954b, p. 34).

As formas simples **Busto(s)** son exclusivas de Galicia, Asturias e o N de Portugal; os derivados ou compostos esténdense tamén por León, Burgos, Valladolid, Soria e Santander.

048.2. bustelo

Os topónimos en que está presente o derivado diminutivo co sufijo en -ELLU son os más numerosos da familia de *busto*. Os resultados son gal. e port. **Bustelo**, ast. **Bustielo** e cast. **Bustillo**. Estes últimos esténdense por todo o territorio leonés e penetran ata Santander, Burgos e Valladolid. A inexistencia de derivados con -iño (non sendo en dupla sufixación: *busteliño*) pode indicar que *busto* xa non era apelativo vivo na fala nos últimos séculos medievais, en concordancia co feito de que non rexistramos ese uso como apelativo en documentación posterior ó século XI. No territorio estudiado recollemos os seguintes:

Bustelo, EdP en Xunqueira de Ambía

Bustelo, EdP en Cea

Bustelo, EdP en Vilardevós

- Bustelos*, EdP en Montederramo
Busteliño, EdP en Xunqueira de Ambía
O Bustelo, PnH en Boborás (M186-2)
O Bustelo, PnH en Lalín (M153-4)
Bustelo, PnH en Baltar (M302-1)
Bustelo, PnH en Cenlle (M187-3)
Bustelo, PnH en Laza (M265-3)
Bustelo, PnH en Laza e Cualedro (M264-4)
Bustelo, PnH en Muíños (M301-2)
Bustelo, PnH en Sarreaus (M264-2)
Bustelo, PnH en Trasmiras (M264-4)
Bustelo, PnH en Viana do Bolo (M228-3)
Bustelo, PnH en Xinzo de Limia (M264-3, M264-4)
Bustelos, PnH en Laza (M264-4)
Monte Bustelo, PnH en Padrenda (M263-1)
Regato de Bustelo, CdA en Cenlle (M187-3)
A Bostela, PnH en Calvos de Randín (M301-2)
Bostelo, PnH en Cualedro (M302-2)
Penedo do Bostelo, PnH en Bande (M263-4)

No NG figuran 25 *Bustelo* en Alfoz, Arzúa, Becerreá, Bóveda, Cervantes, Coristanco, Covelo, Dodro, Dumbría, A Estrada, Ferrol, Friol, Guitiriz, Lalín, Láncara, Muras, Narón, Negueira de Muñiz, Outeiro de Rei, Santa Comba, O Saviñao, Silleda, Teo, Touro, Vilalba, Ademais de *Bustelo de Fisteus* (parr. e lugar) e *Bustelo de Lor* en Quiroga, *Bustelo Grande* e *Bustelo Pequeno* en Guntín e 2 *Bustelos* en Fornelos de Montes e Lalín. Algúns adoitan figurar escritos con *o*; así no NG atopamos 5 *Bostelo* en Carballedo, A Laracha, Mañón, Ortigueira e Vilalba. A mesma alternancia grafica presentan os topónimos portugueses do DCP, onde contamos 20 *Bustelo*, 1 *Bustelos*, 2 *Bostelo*, 1 *Bostelinhos*.

Busteliño, en Xunqueira de Ambía, aparece como *Bustelo* na documentación medieval. A veciñanza do outro *Bustelo* do mesmo concello obrigou, con posterioridade ó séc. XIII, a usar o diminutivo para distinguilos (Rivas, 1985, 479). O NG recolle outro duplo diminutivo *Busteliño* en Carballedo

Na documentación antiga atopamos algúns destes topónimos:

- «*vadit ad mamona de Bustelu*» (ano 1172, RdS, nº 3)
 «*in loco qui dicitur Bustelo per suos terminos antiquos*» (ano 1213, OSR1, nº 155)
 «*montem qui vocatur Bustelu*» (ano 1219, RdS, nº 18)
 «*villa que dicitur Bustelo, in parrochia sancti Mametis*» (ano 1239, OSR1, nº 453)
 «*Petro Micahelis de Bustello*» (ano 1251, OSR1, nº 664)
 «*de Bacar et de Bustelo*» (ano 1259, RAM, nº 139)
 «*Bustelo sub parrochia sanctae Mariae de Cobis*» (ano 1271, OSR2, nº 992)
 «*loco qui vocatur Bustelo, sub parrochia sancte Marie de Covis*» (ano 1271, OSR2, nº 999)
 «*Joannes Aiae de Bustelo*» (ano 1271, OSR2, nº 992)
 «*in Bustelo in feligresia sancte Marie de Covis*» (ano 1274, OSR2, nº 1047)
 «*do cassar de Bustelo*» (ano 1280, OSR2, nº 1148)
 «*Iohannis Dominici de Bustelo*» (ano 1283, FDU, nº 10)
 «*eno couto de Bustelos*» (ano 1417, VFD1, nº 69)

048.3. Outros derivados

Na documentación altomedieval atopamos outras formas emparentadas: *bostar* e *bostariu*. Para os partidarios da etimoloxía a partir de *bos*, destas formas nacería *busto* por derivación regresiva. Na toponimia do territorio estudiado recollemos algúns derivados co sufijo correspondente a *-ARIU*:

Bosteiro, PnH en Laza (M264-2)

Busteiro ou *Bosteiro*, PnH en Vilar de Barrio (M227-3)

Corgo do Bosteiro, CdA en Vilar de Barrio (M227-3)

En 1509 atopamos unha «*postura de Busteyro*» (ROC, nº 371)

O antigo *bostar* ou ben unha forma apocopada correspondente a **bosteiro* (cf. *Outar de Pregos* < ALTARIU, *Sacardebois* < SICCARIU) está presente no primeiro elemento de **Bustarvelle** (Negueira de Muñiz, cun segundo elemento antropónimico, probablemente o xenit. de *BELLUS*, se é que non se trata dunha alteración de **Bustarvello* por relaxación da vogal final e palatalización por efecto da consoante precedente).

Un derivado de *bostar* ou *bostariu* co sufijo *-ega*, de orixe prerromana (*-AECA* / *-ĒCA*) é

Bustarega, PnH en Castro Caldelas e San Xoán de Río (M189-4)

Paralelo dun *Bustaregas* que figura no NG en Paradela. O DCP recolle 1 *Bostorenga*, 1 *Bostarenga*. J. M. Piel cita tops. equivalentes *Bustarega*, *Bustariega*, *Bostarenga* da toponimia portuguesa e asturiana e considéraos derivados «en *-INGUS* y *-AECUS*» (Piel, 1954b, 34).

Atopamos un topónimo idéntico na Idade Media nunha «*hereditatem meam propriam pernominatam Bustarenga*» (ano 1138, CLN, nº 543)

049. buxo

O gal. *buxo*, port. *buxo*, cast. *boj* designan o *Buxus sempervirens*, árbore «común en Galicia» (DEGC, I, 409), polo menos no pasado, e de madeira apreciada na artesanía. Temos un único exemplo na toponimia en

Os Buxos, PnH en Toén (M225-2)

Non pertence a este tema léxico *Buxesteiro*, PnH en Vilariño de Conso, que contén un primeiro elemento *busto* (vid. 048.1).

No NG figuran *Buxeiros de Abaixo e Buxeiros de Arriba* en Vedra, que poderían conter un derivado en *-ARIU*. Non sabemos se ten relación con este tema *Pedrabuxiña*, EdP en Salceda de Caselas.

050. *cabaza*

Cabaza, cabazo (cast. *calabaza*, port. *cabaça, cabaço*) son palabras de orixe incerta, probablemente prerromana *CALAPACCIA ou se cadra emparentada con *CALAPĀCCU, *galápago* (DCECH, I, 745). A existencia de formas antigas e dialectais *carabaza* e os topónimos galegos con conservación do *-l-* fan pensar nunha variación *cara-* / *cala-* (cf. *Bracara / Bracala*), o que pode levar a identificalas como derivados das bases oronímicas prerromanas *cal-*, *car-* (Jensen 1955, 35) aplicada a obxectos de aspecto máis ou menos esférico, que na toponimia adoita ter valor “cefalo-oronímico” (González, 1953, 335; Rivas, 1994, 30, p. 185).

Os topónimos que conteñen esta raíz poden ser ou ben orónimos, ou ben fitónimos ou ben aludir á obra do home, dadas as denominacións de *cabaz*, *cabazo*, *cabozo*, *cabaceiro* e semellantes para desingar o hórreo, o que fai supor un posible parentesco con *cabana* < *CAPANNA.

050.1. *Cabaza*

A forma simple témola nos seguintes topónimos:

Cabaces, EdP en San Xoán de Río (M189-4)

Cabazas, PnH en Lobios (M301-1)

O primeiro podería conter o plural de *cabaz* «especie de pequeño hórreo de varas parecido al CABACEIRO» (DEGC, I, 415). O segundo podería aludir ós froitos da *cabaceira*, a planta cucurbitácea *Cucurbita pepo* (VCN, 110).

Na *Divisio Teodomiri* ou *Parroquial* suevo rexístrase *ad Auriensem sedem* unha xurisdición denominada *Calapacias Majores* ou *Calapacios Majores*, que Rivas identifica co topónimo actual *Calabor*, en Zamora (1994, p. 85). Un diminutivo *CALAPACIOLA dá nome a un lugar que aparece na doc. medieval: «*in loco qui dicitur Cabazoa*», «*ad petram de Cabazoa*» (ano 1282, ROC, nº 34). Temos un topónimo equivalente, con conservación da líquida intervocálica, en:

A Calabaza, PnH en Hermisende (M304-2)

Pedras da Calabaza, PnH en Hermisende (M266-4).

que como a mencionada *Petram de Cabazoa* han de ter significado oronímico.

O NG recolle 2 (*A*) *Cabaza* en Abadín e As Somozas e un plural *Cabazas* en Vimianzo. No DCP aparecen 2 *Cabaça*, 8 *Cabaços* e 1 *Cabaçotas*.

050.2. Cabaceiro, cabaceira

Un derivado por medio do sufixo correspondente a *-ARIA* é:

Cabaceiras, PnH en Coles (M188-3)

Possiblemente algún dos numerosos *Cabeceiros*, *Cabeceiras* da toponimia menor podería pertencer a este tema, con alteración da vogal pretónica por interferencia dos derivados de *cabeza*, tan comúns na oronimia. O NG recolle un lugar *Cabaceira* na Ribeira de Piquín. No DCP figura outro *Cabaceira*.

Parece esixir un antigo **CARAPACARIOS* ou **CALAPACARIOS* o topónimo

Calabagueiros, PnH no Barco de Valdeorras (M190-4)

050.3. Cabazal

Como sucede con *cabaceiros* / *cabeceiros*, nos derivados por medio do sufixo *-ALE* non sempre é doadoo distinguir os derivados de *cabaza* e os de *cabeza*. O NG recolle un lugar chamado *Cabazás* en Melide. Na documentación antiga atopamos un «*agro que chaman da Pereyra cabaçâal, que jaz en Vilachââ*» (ano 1330, FDU, 101). No DCP figura outro *Cabaçal*.

051. *cabrafiga*, *cabrafigo*

O latín CAPRIFÍCUS designaba a figueira brava *Ficus carica silvestris* (J.M. González, 1959, 281-282) ou *Ficus carica var. caprificus* (Sampaio, *Flora*, 149). Distínguese da figueira común por ser planta de flores masculinas, ou más propiamente con flores dos dous性 pero coas femininas estériles, que segundo J. M. González (id. ibid.) «*se ha utilizado desde hace miles de años en la práctica arborícola para polinizar mediante un insecto las higueras comunes cultivadas que poseen flores femeninas*». Este mesmo autor ilustra esta práctica co refrán «*Ni hombre sin ombligo ni huerta sin cabrahigo*». *Cabrahigo* é o nome castelán (DCECH I, 716), e *cabrafigo* o galego (NCVGC, I, 228); en port. denominase *figueira brava* (Sampaio, *Flora*, 149).

Na toponimia temos un exemplo en:

Cabrafigo, Edp(n) en Paderne de Allariz.

O NG recolle unha forma feminina *As Cabrafigas* no Valadouro.

Un afluente do Ulla no concello de Touro recibe o nome de *Rego de Cabrafigo* (M95-4).

Confirma a existencia en portugués dunha denominación paralela, xunto coa de *figueira brava*, o nome da localidade chamada *Cabra Figa* que figura no DCP.

Na toponimia asturiana recolle José Manuel González (1959, 281-282) varios exemplos pertencentes a este tema: *Cabrafigal*, *Cabrafío*, *Calafigal*, *Calafigar*, etc.

En doc. do séc. XIII rexistramos un topónimo menor *Cabrafigo* na zona de Monterrei, nun contexto que confirma o seu significado: «*cabo a igreya de San Bertolameu nas figeiras u chamā Cabrafigo*» (ano 1284, MdR, AHN Clero, C. 1487, nº 3).

052. *cabrúa*

Un aparente zootopónimo pertencente ó tema de CAPRA é

A Cabrueira, PnH na Teixeira

Pode tratarse dun fitotopónimo relativo á *herba do cabrón*, que é a *Linaria officinalis* (DEGC, II, 440) ou *Linaria vulgaris* (Crespo Pozo, NCVCG, II, 284). *A Cabrueira* sería un colectivo formado a partir dunha **(herba) cabrúa* (< CAPRŪNA) ou ben procede dun lat. CAPRONARIA.

O DCP recolle 1 *Cabroeira*, documentado en 1258 na forma *Cabroneira* (Cortesão, OM, 63).

053. *cachopa*, *cachopo*

O DEGC define *cachopa* e *cachopo* como «tronco seco del árbol cuando es grueso y rugoso» (I, 426) e faino sinónimo de *carocha*, *carrocha*, *caracocha*. É o mesmo có ast. *cachópu* «tronco de árbol viejo» (Sánchez Vicente, 105). Corominas emparéntao con *cacho*, e este viría de «**CACCŪLUS*, do lat. CACCĀBUS ‘olla’» (DCECH, I, 727 s.v. *cacho* I).

Temos esta forma en

Os Cachopos, EdP en Gomesende

Podería non ser fitonímico, dado o uso de formas paralelas como *cachoupa*, *cachoupo* co significado de ‘cabana, casa pequena e de teito baixo’ (DEGC, I, 426).

O NG recolle *A Cachopa* en Trabada, *As Cachopas* na Estrada, *As Cachopeiras* en Cotobade, *Cachupeiro* en Outeiro de Rei, 3 (*O*) *Cachopal* na Capela, Orosio e Salvaterra de Miño e *O Cachapal* en Pontevedra. No concello asturiano de Castropol hai unha PnH *El Cachopal* (M25-2).

Posiblemente teñen relación con este tema os tops. do NG *Cachufeira*, en Miño, e *O Cachafeiro* en Forcarei. No DCP figuran 2 *Cachopo*, 2 *Cachopos* e 1 *Cachofarra*.

054. *cádavo*

Sarmiento dános a primeira definición da voz *cádavo*: «*Cádabos ou cadabullos*. Son lo mismo que chamizos», e estes últimos defíneos como «aqueunos palos quemados o a medio quemar que quedan en los montes, que se han quemado; y después se traen para la lumbre, y suelen ser de *toxos, gestas, urzes, queirúgas, etc.*» (*Catálogo*, 112 v), e tamén en «*Cavecos, cañotos, cadavos*. Son los palos para alumbrar; pero los remates llaman *guizos*» (*Vegetables*, 219). O propio Sarmiento explica a toponimia relacionada coa voz *cádavo*: «Hay un monte en Moimenta llamado Cádavo. Hay un lugar en Sacos que llaman Cadabo. Creo hay en Asturias lugar Cadabedo (...). Cadaval, Cadavedo (...) significan lugares abundantes de cadavos; *Cadabullo*, diminutivo, y acaso de éste la voz *garabúllo*» (*Catálogo*, 112 v-113r)

Os dicionarios inclúen tamén o feminino *cádava* «tronco chamuscado que queda en el terreno donde se ha hecho unha quema» (DEGC, I, 427). Para *cádavo* recollen o significado dado por Sarmiento, como sinónimo de *chamizo*, *ganzo* ou *guizo*, e ás veces identificano cunha especie vexetal concreta. Así, Eladio Rodríguez (DEGC, 427), nunha das acepcións de *cádavo* dálo como sinónimo de *abrótega*. Krüger (1950, p. 247) define o feminino *cádava* como «tronco de tojo chamuscado». Nalgunha área de Asturias esta forma feminina é sinónimo de *tojo* (J. M. González, 1959, 317), pero en xeral predomina o significado xenérico proposto por Sarmiento, como *materies arida accendendo igni* (*Catálogo*, 112 v), pois *cádava* emprégase en asturiano «sin determinación de especie botánica para denominar la *arroxadura*, es decir, el combustible que se prepara para caldear el horno de pan» (J. M. González, 1959, 317). O seu significado estaría xa que logo emparentado co doutras familias léxicas (cf. *argana* 022, *árgoma* 023, *garabullo* 0127, etc.).

Para a etimoloxía de *cádavo*, *cádava* resulta máis aceptable a hipótese de Krüger (1950, 247-48), que as dá como prerromanas, antes cá de Aníbal Otero, que suxire unha orixe no lat. CALĀMU (H.E. II. p. 86), foneticamente indefendible. Tamén considera prerromanas estas voces Moralejo, ou polo menos di delas que son «de origen remoto y problemático» (TGL, 29, n 15).

054.1. Cádavo

Temos un único topónimo coa forma simple, en plural:

Cádavos, EdP e parr. (*Santa María Madanela*) na Mezquita

E un derivado a partir de sufíxo -ONES en

Os Cadavós [o], PnH en Lobeira (M301-1)

O NG recolle lugares chamados *Cádavo* ou *O Cádavo* en Baleira, Cotobade e Fene. No mapa M23-4 figura un top. *As Cádivas*, Edp(n) en Vilalba, que podemos identificar cun *Escádebas* que figura no NG en Guitiriz.

Na documentación antiga atopamos un *Casal de Cádavo* non identificado hoxe: «item no casal de Cadauo huun brito» (ano 1438, FDU, nº 314), e como apelido un «*Lopo do Cádavo*» (ano 1482, Oro77, nº 11) en Pontevedra, seguramente relativo ó topónimo *O Cádavo* de Cotobade.

054.2. Cadaval

O dicionario de E. Rodríguez define *cadaval* como «Chamicera, tojal quemado, pero que conserva aún en pie los troncos chamuscados o medio carbonizados» (DEGC, I, 427). Tamén en Asturias, *cadaval* é «el paraje donde, por la quema de un argomal, han quedado en pie munches cádaves» (Rato, *Vocabulario*, s.v. cit. por J. M. González, 1959, p. 318).

Temos este derivado en:

Cadaval, EdP en Laza

Cadaval, EdP en Montederramo

O Cadaval, PnH en Chandrexa de Queixa (M227-1)

Cadavais, PnH en Hermisende (M304-2)

Os Cadavais, PnH en Pías (M266-4)

Regato dos Cadavais, CdA na Mezquita e Pías (M266-4)

O NG recolle, ademais dos ourensáns, outros 9 lugares chamados *Cadaval* ou *O Cadaval* nos concellos de Abegondo, A Capela, Carballo, Dozón, Fene, Mañón, Narón, O Porriño e Valdoviño. E 4 co plural *Cadavás* na Capela (2 tops.: *Cadavás Grandes* e *Cadavás Pequenos*), Fene e San Sadurniño.

Na toponimia menor doutras árees atopamos *O Cadaval* en Barreiros (M24-2), Cospeito (M48-3), A Ribeira de Piquín (M48-2), A Pastoriza (M48-1), etc.

No DCP figurán 12 localidades chamadas *Cadaval* e 1 *Cadavais*.

A documentación antiga rexistra unha *Cortiña do Cadaval* en Lobios: «mas la mitad da cortina do Cadabal» (ano 1516, FDU, nº 396).

054.3. Cadavedo

Son derivados por medio do sufíxo procedente de -ÉTU:

Regueiro de Cadavedo, CdA en Quiroga (M190-1)

Os Cadavedos, PnH en Vilamartín de Valdeorras (M190-1)
Os Cadavedos, PnH na Pobra de Trives (M227-2)

O NG recolle *Cadavedo* como parroquia e lugar do concello da Pastoriza.

Un exemplo da correspondente forma feminina (en -ÉTA) é un topónimo *Cadavide* documentado na parroquia de Cerededo, no concello pontevedrés do mesmo nome, e desaparecido na actualidade (acaso absorbido polo propio núcleo urbano de Cerededo, ou talvez identificable co actual *Cavadosa* –vid.infra 054.5–, que é un derivado con diferente sufijo). Presenta alteración da vogal final *-a > -e*, posiblemente por atracción dos antropotopónimos en *-ide*, coma en *Ameixide*, *Carpacide*, *Castaíde*, *Cerquides*, *Malvide*, *Morxide*, *Salcide*, *Subride*, etc. (vid. *Cornide* 090)

054.4. Cadaveiro, cadaveira

Non recollemos no territorio estudiado ningún derivado por medio dos sufíxos *-eiro*, *-eira*.

Temos un único exemplo no NG no top. *Cadaveira*, en Carballo. O DCP rexistra 1 *Cadaveira*.

054.5. Cadavoso, cadavosa

Tampouco recollemos no territorio estudiado ningún derivado por medio de *-oso*, *-osa*.

No NG figuran 2 *A Cadavosa*. en Ourol e A Pastoriza. O DCP recolle 1 *Cadavoso* e 1 *Cadavosa*.

O nome do lugar de *Cavadosa*, parroquia e concello de Cerededo, podería ser un antigo *Cadavosa* cun troco de consoantes, se cadra con interferencia da familia de *cavar*. Figura como *Cabadosa* en Madoz (1845).

054.6. Cadabullo

Temos un único exemplo con esta forma que dá Sarmiento como sinónimo de *cádavo* en

Os Cadabullos, PnH na Peroxa (M188-1)

Para esta forma debemos considerar outra acepción de *cadabullo* como «el comareiro de las heredades, junto a los muros» (Sarmiento, *Catálogo*, 243). Posiblemente non ten relación con *cádavo* nin é fitonímico. Ha de ser un derivado de CAPUT ‘cabeza, extremo’, como propoñen Corominas (DCECH, I, 730a) e Mercedes Brea (Brea, 1981a).

054.7. Escadavada

Consideramos relacionados con *cádavo*, a partir quizais dun verbo **escadavar*, que significaría ‘arrincar os cádavos ou extirpar as raíces dun terreo para dedicalo a cultivo’, os topónimos seguintes.

A Escadavada, PnH en Porto (M22-8)

Regato da Escadavada, CdA en Porto (M228-4)

E posiblemente estea emparentado con eles

Escalivadas, PnH en Carballeda de Valdeorras (M190-4)

Fernandes e Silva propoñen para *cádava* un significado que fai referencia a estas prácticas: «Da toponímia (...) parece dever inferir-se de facto que *cat-* se refería á vegetación –raízes, caules ou troncos: daí o significado de “cádava”, arroteia com extirpação dos seus vegetais anteriores» (*Arouca*, 235).

Trataríase dun topónimo paralelo de *As Derreigadas* (vid. 192.2), procedente do verbo *derreigar* <*des-* (de–ex–) + RADICARE (cf. *ganzo* ~ *desganzado*, DEGC, II, 85).

O NG recolle 1 *Escadavada* en Vilalba.

054.8. Cadavés

O Cadavés, nome dunha EdP en Salvaterra de Miño, debe de ser en orixe un xentilicio formado co sufijo procendente de –ENSE a partir dun topónimo *Cádavo*.

055. *calvo*

O adj. *calvo* (< lat. CALVU) ten unha acepción relacionada coa fitonimia, alusiva á falta de vexetación: «Calvo, tratándose de un terreno, pelado, sin hierbas, matas ni plantas» (DEGC, I, 446). Atopámola na documentación máis antiga: «*illa terra calva qui est contra casa Felicia*» (ano 961, CLN, nº 380); «*in terras calvas, in vineas, pumares...*» (ano 1004, CLN, nº 340)...

055.1. Calvo, calva

A forma simple está presente nos seguintes topónimos:

Outeiro Calvo, EdP en San Cibrao das Viñas

Coto Calvo, PnH no Irixo (M186-2)

- Fonte do Calvo**, PnH en Rairiz de Veiga (M264-1)
Serra de San Cibrao de Monte Calvo, PnH entre Allariz, A Bola, A Merca e Rairiz (M263-2)
A Calva, PnH na Arnoia (M225-3)
A Calva, PnH en Monterrei (M303-1)
A Calva, PnH en Vilar de Santos (M264-3)
A Serra Calva, PnH na Veiga e Porto (M228-4)
O Teso da Serra Calva, PnH na Veiga e Porto (M229-3)

E en plural:

- Calvos de Randín**, parr. (*Santiago*) e concello do mesmo nome
Calvos (*Santiago*), parr. en Bande
Calvos, EdP en Calvos de Randín
Calvos, EdP en Parada de Sil
Calvos, EdP en Ramirás
Calvos, EdP en San Cibrao das Viñas
O Mesón de Calvos, EdP en Taboadela
Calvos, PnH en Lobios (M336-1)
Cabanas de Calvos, PnH en Lobios (M336-1)
Corga de Calvos, CdA en Lobios (M336-1)
Lomba de Calvos, PnH en Lobios (M336-1)
Monte de Calvos, PnH en Bande (M263-4)
Regato de Porto Calvos, CdA en Ramirás (M225-3)
Rego de Calvos, CdA en Muíños (M301-2)
Río de Calvos, CdA en Muíños (M301-2)
Río do Mesón de Calvos, CdA en Taboadela (M226-1)

Na documentación antiga rexistramos algúns destes topónimos:

- «*in loco qui dicitur Sautum Caluum*» (ano 1241, RAM, nº 31)
 «*uno casale de hereditate in Caluos de Penosinus*» (ano 1273, RAM, nº 187)
 «*o casar de Ramirães (...) e o casar de Caluos*» (ano 1273, RAM, nº 188)
 «*o herdamento dos Calvos*» (ano 1319, RdS, nº 67)
 «*Gonçalvo de Calvos e outros*» (ano 1400, Xantar, nº 3)
 «*Pena Calva, su signo do dito mosteiro*» (ano 1502, RdS, nº 270)
 «*felegresya da Pousa de Santiago de Calbos*» (ano 1516, FDU, nº 392)
 «*en a aldea e felegresia de Santiago de Calbos*» (ano 1516, FDU, nº 398)
 «*aldea de Calbos, feligresia de Santiago de Calbos*» (ano 1516, FDU, nº 398)
 «*todo jaz sito en la dita felegresia de Santiago de Calbos*» (ano 1516, FDU, nº 399)
 «*Rodrygo Coello, vezino de Calbos, del Bal de Salas*» (ano 1516, FDU, nº 400)
 «*Ruy Coello, vezino de la aldea de Calbos del Bal de Salas*» (ano 1516, FDU, nº 401)

O NG recolle lugares chamados **Calva** en Abegondo e **Calva da Viña** en Cotobade; 6 (**O**) **Calvo** en Abadín, Guitiriz, Moraña, Ortigueira, Ourol e Viveiro; 11 **Calvos** en Arbo, Arzúa (lug. e parr. de **Calvos de Sobrecamiño**), Carballo, Cuntis, Fornelos de Montes (parr.), O Incio, Monforte, Narón, Santiso e Touro (parr. e lug.); **Viso de Calvos** en Baiona e **Xestoso dos Calvos** na Fonsagrada. No DCP figuram 1 **Calva**, 3 **Calvo** e 14 **Calvos**.

Nalgúns destes casos a orixe pode ser antropónimica, dado o uso de *Calvo* como sobrenome desde o latín e na onomástica romance (Kremer, *Cognomina IV*, 56; Boullón 1994, 223), que deixa na toponimia do territorio estudo unha forma derivada do xenitivo no nome do lugar de *Calve* (cllo. de San Amaro). Tamén é sen dúbida antropónimico unha PnH *Peicalvo*, en Lobeira (M263-3), cun primeiro elemento que é a forma proclítica de *Paio* (< PELAGIU), paralelo dun antigo «casale de *Petro Caluo*» (ano 1262, RAM, nº 147). O NG recolle un *Arrescalvo* en Curtis, que podería ser un *Ares (Arias, Airas) Calvo*.

055.2. Calvelo, calvela

É moi común o diminutivo en –*ELLU*, –*ELLA*:

Calvelo, EdP en Baños de Molgas

Calvelo, EdP en Maceda

Calvelo, EdP en Muíños

Calveliño do Monte, EdP en Maceda

Calvelo, PnH en Maceda (M226-2)

Veiga do Calvelo do Río, PnH en Baños de Molgas (M226-4)

Ponte Calvelo, PnH en Baños de Molgas e Vilar de Barrio

Calvelos, EdP en Cartelle

Calvelos, EdP en Ourense

O *Calvelo* de Muíños rexistrámolo na documentación antiga:

«in loco qui dicitur *Caluillo* cultam et incultam» (ano 1271, RAM, nº 180)

«en *Caluelo* en a feglesia de Santiago de Ruuaes» (ano 1281, RAM, nº 228)

O NG recolle 4 *Calvelo* ou *O Calvelo* en Cotobade, A Estrada e Carballo (2 tops., *Calvelo de Abaixo e Calvelo de Arriba*); 2 plurais (*Os*) *Calvelos* en Abegondo e Caldas de Reis; 8 fem. (*A*) *Calvela* en Baralla, Cerdido, Cervo, A Laracha, Mondoñedo, Monfero, Ortigueira e As Pontes; 2 pl. *Calvelas* en San Sadurniño e As Somozas. No DCP hai 2 *Calvela*, 5 *Calvelo*, 4 *Calvelos*.

Este diminutivo tamén tivo moito uso como alcume ou sobrenome (cf. os tops. de xenitivo *Calvelle*); e mesmo rexistramos un duplo diminutivo *Calveliña* (ou acaso xentilicio de *Calvelo*) como nome dunha vaca medieval: «Mándolles a mea da bezerra, filla da *Calueliña*, e a mea dua vaca que anda en Fonteela» (ano 1292, VFD1, nº 33)

055.3. Calveiro e outros derivados

Tamén ten a mesma significación de ausencia de vexetación ou de arborado un derivado por medio do sufijo –*ARIA*, *calveira*, presente en

As Calveiras, PnH en Allariz (M264-1)

Marco das Calveiras, PnH en Muíños (M301-2)

Na documentación antiga atopamos unha «frigressia de *Seoane de Calveyros*» (ano 1309, OSR2, nº 1353), non identificada na actualidade.

Palacio recolle en Pantón outro PnH ***Calveira*** (Palacio, 1981, 215). No NG figura un derivado co sufijo correspondente a -ALE ***O Calvar*** (Moaña), e outro co sufijo -OSU ***Calvoso*** (Viveiro).

Creamos que os derivados ***Calvario*** han de ser topónimos relacionados co culto relixioso da *Vía crucis*: ***O Calvario***, EdP en Baños de Molgas e 7 PnH en Castrelo do Val (M303-1), A Gudiña (M266-2), Laza (M265-3), Leiro (M187-3), Oímbra (M302-4), Riós (M303-2) e Xinzo (M264-2); pl. ***Os Calvarios***, EdP en Parada de Sil non incluída no NG (M188-4) e PnH en Cartelle (M225-4). O NG recolle 19 (***O***) ***Calvario*** e 2 ***Calvarios***. No DCP contamos 68 ***Calvario***.

056. *campaiña*

Os dicionarios recollen a voz *campaiña* como nome de diferentes plantas, que reciben ese nome pola forma das flores (DEGC, I, 455). En Sarmiento atopámolo aplicado a unha especie anónima «que parece vesicaria y que uno llamó en Lérez campayña» (Sarmiento, *Vegetables*, 891), e tamén: «Campayñas. llaman así en Lérez a los narcisos» (Sarmiento, *Vegetables*, 1253). No territorio estudiado atopamos dous exemplos en que está presente esta forma, aínda que non temos certeza de que sexan fitonímicos:

- A Campaiña***, PnH na Gudiña (M304-1)
A Campaiña, PnH en Trasmiras (M264-4)

Campaiña é un derivado diminutivo de *campá* (< lat. CAMPANA). No DCP figuran 3 ***Campainha***.

Outro derivado correspondente ó lat. CAMPANARIOS é:

- Campairos***, Edp(n) e PnH na Gudiña (M266-3)

que presenta a solución *-aira*, *-airo* característica de Ourense e Lugo como resultado de étimos en *-AN-ARIA* e *-AN-ARIU*. Podería ter valor fitonímico a partir dunha denominación *campá* < CAMPANA para algunha especie botánica.

A forma castelá *campanilla* debe de ser recente na nosa toponimia. Atopámosla en dous exemplos e ignoramos se algún deles ten carácter fitonímico:

- Campanillas***, EdP en Cenlle
As Campanillas, PnH nos Blancos (M302-1)

No NG hai ***Campanilla*** en Pontedeume, ***Campaniña*** en Palas de Rei.

Outros topónimos que presentan o mesmo radical non parecen fitonímicos:

- O Campanario***, PnH en Beariz (M186-2)
Altos do Campanario, PnH en Carballeda de Valdeorras e A Veiga (M228-2)
A Campana, PnH en Melón (M224-2)

O NG recolle 6 *Campanario*, 4 deles en Porto do Son, 1 en Ortigueira, 1 en Vilagarcía. No DCP figuran 1 *Campana*, 1 *Campanas* e 1 *Campanario*; se non son castelanismos na toponimia portuguesa, poderíamos que pensar en derivados de *CAMPUS* cun sufijo *-ANNA* (cf. *argana*, *choupana*...).

057. *cana*

O substantivo *cana* (< lat. *CANNA*) ten en galego un significado botánico xenérico, aplicable ó talo de diversas especies, principalmente gramíneas, polo xeral oco e nodoso, e outro máis específico como nome da *Arundo donax* (VCN, 110). Crespo Pozo recolle como sinónimos de *cana*, entre outros, *canavea*, *canaveira*, *canavela* e *canela* (NCVCG, I, 253). Estas formas e os seus derivados, cun *-v-* que tamén está presente no portugués *canaveal*, *canavial* e no castelán *cañavera*, *cañaveral*, presentan algunha dificultade etimolóxica. Corominas, seguindo a Carolina Michaëlis, dá como probable que o segundo elemento proceda de *AVÉNA*. As formas galegas *Canaval* e semellantes parecen contradicir esta hipótese (de **canavea* < **CANNA+AVÉNA* esperaríamos *canavial*). Ignoramos se algún destes derivados pode ter relación con *cánabo*, que é a forma galega equivalente do cast. *cáñamo* e que xa foi glosada por Sarmiento: «*Canabo. Significa el cáñamo. De cannabis*» (Catálogo, 65 r).

Moitos derivados de *cana* presentes na toponimia non han de ser propriamente fitónimos, senón relativos a outros campos semánticos propios desta mesma familia léxica, sobre todo a partir da noción de cilindro, tubo, etc., aplicable metaforicamente a moitas nocións e dun xeito particular a conducións de auga (*cano*, etc. onde pode confluír con derivados de *CANALE*).

057.1. Cana, canas

Temos a forma simple en:

A Ponte da Cana, PnH en Lubián (M266-4)

Boca da Cana, PnH en Lubián (M266-4)

As Canas, PnH en Muíños (M301-2)

Val de Canas, PnH en Vilardevós (M303-1)

No NG figura *Pai da Cana* como lugar de Santiago. O topónimo é propriamente un antropónimo, coa forma proclítica do nome *Paio* e un apelido *da Cana* que si debe ter orixe fitonímica. Esta familia compostelá *da Cana*, da cal formaba parte o xograr tamén chamado *Pai da Cana*, aparece na documentación medieval. En textos do sec. XIV vemos: «*o qual casal teuo en sua vyda meu auôô Pay da Canna*» (ano 1347, FDU,

nº 203); «*a qual foy de Aras Peres da Cana*» (ano 1352, *TzS*, fol 3r); «*cō a cassa que fuy de Marina Ffernandes da Cana*» (ano 1352, *TzS*, fol 13r); «*ēnos bēs que forō de Pay da Cana, abbae que fuy de Valladolid et cōego de Santiago*» (ano 1352, *TzS*, fol 15r). Usada como apelido tamén rexistramos unha forma do plural: «*dom Johan Sanches de Canas, juyz de Vellestro*» (ano 1335, *FDU*, nº 148) e en «*Juan Fernandes de Canas, visino de Noyá*» (ano 1434, *FDU*, nº 298).

No DCP hai 4 tops. *Canas* (e 1 *Canha*).

O NG recolle 2 derivados *Caneta* en Cabanas e Cesuras, con orixe nun significado non fitonímico, posiblemente relacionado con conducións de auga. Este significado é evidente nos numerosos topónimos co masculino *O Cano*, *Os Canos*, que designan fontes ou conducións, e o mesmo podemos dicir de *Canella*, igualmente abundante na toponimia menor do territorio ourensán e estudada por Crespo Pozo, áinda que o seu étimo non pode ser o latín CANNELLA, como propón este autor (Crespo Pozo, 1973, p. 88), senón CANNICULA, tamén derivado diminutivo de CANNA pero con outro sufijo. Non sabemos se é un abundancial de *cana* co sufijo *-udo* (cf. *Carballudo*, *Carballude*, 062.7) ou ben o apelativo *canudo* (< CANNUTU, DCECH, I, 826, s.v. *cañuto* o *canuto*), probablemente alusivo a conducións de auga, o nome presente nos topónimos:

Alto do Canudo, PnH en Bande e Rairiz de Veiga (M263-4)

Trascanudo, P, PnH en Baltar (M302-1)

057.2. Canela, canelar

O derivado diminutivo por medio do sufijo correspondente ó lat. *-ELLA* pode designar outra especie ou ser sinónimo de *cana*. A forma simple deste diminutivo témtola en:

A Canela, PnH en Viana do Bolo (M266-1)

Regueiro da Canela, CdA na Gudiña e Viana do Bolo (M266-1, M266-3)

O NG rexistra *Canelas* nos concellos de Carballo, Dumbría, Malpica, Sanxenxo (coas praias chamadas de *Canelas* e de *Caneliñas*) e Xove, e *Caneliñas* en Cee e mais en Poio. No DCP contamos 11 *Canelas*.

Derivados desta forma por medio do sufijo procedente de *-ALE* son:

O Canelar, PnH en Allariz (M264-1)

Corga do Canelar ou *Barranco do Canelar*, CdA en Allariz (M264-1)

Atopamos na documentación medieval un top. menor *Canelar* non identificado hoxe:

«*alende dos conchousos yndo para o canelar*» (ano 1459, OXV, p. 217)

Poderían corresponder a derivados en *-ÉTU* a partir de *Canela* os nomes de dúas entidades de poboación *Canaledo* (*Caneledo* < CANNELLÉTU) nos concellos de Alfoz e Xove.

057.3. Canar, caneiro, caneira

Un dos resultados do derivado de **CANNA** por medio do sufijo **-ALE**, *canal*, conflúe co cultismo ou castelanismo *canal* procedente de **CANALE** (no NG atopamos *Canal* nos concellos de Cambre, Coristanco e Frades e descoñecemos cál das dúas orixes ten cada un deses topónimos). O outro, *canar*, pode igualmente non ter valor fitonímico na toponimia, pois recibían esa denominación ou a de *caneiro* (< **CANNARIO**) certos enxeños construídos nos ríos para a pesca («pesquera, canal compuesto ordinariamente de dos estacadas o muros (...) que forman en el río una represa en cuyo boquete se colocan las redes para pescar anguilas, reos, sábalos, etc.», DEGC, I, 465, s.v. *caneiro*). Son equivalentes do castelán *cañal*, *cañar*; *cañaliega* «cerco de cañas que se hace en los ríos para pescar» (DCECH, I, 821a). En última instancia son tamén derivados do fitónimo **CANNA**, o mesmo ca outros significados relacionados coa hidronimia (como *caneiro*: «caño, canal o agujero practicado en muro o pared para dar paso a las aguas» DEGC, I, 465). No territorio estudiado temos os seguintes exemplos de ***canar*, *caneiro* e *caneira***, que consideramos colectivos de *cana*, áinda tendo en conta que poden provir de significados secundarios non fitonímicos:

- O Canar*, PnH no río Sil, cllo. de Pantón (M188-2)
- A Caneira*, PnH en Riós e Castro do Val (M303-2)
- A Caneira de Cacheiro*, CdA en Vilar de Santos (M264-1).
- O Caneiro Grande*, PnH na Veiga (M228-1)
- Caneiro Mao*, PnH en Viana do Bolo (M266-2)
- O Caneiro Vello*, PnH en Maside (M187-1)
- Barranco do Caneiro*, CdA en Chandrex de Queixa (M227-1)
- O Caneiro*, PnH en Vilariño de Conso e Chandrex de Queixa (M227-4)
- O Caneiro*, PnH en Avión (M186-2)
- O Caneiro*, PnH en Cualedro (M264-4)
- O Caneiro*, PnH en Xinzo de Limia (M302-2)
- O Caneiro*, PnH en Manzaneda (M227-2)
- O Caneiro*, PnH en Monterrei (M303-1)
- O Caneiro*, PnH en Viana do Bolo (M228-3)
- Camino Caneiro*, top. urbano de Ourense, próximo á ribeira do Miño.
- A Ponte do Caneiro*, PnH en Baltar (M302-1)
- Regato do Caneiro*, CdA en Xinzo de Limia (M302-2)
- Regato ou Regueiro do Caneiro*, CdA en Cualedro (M264-4, M302-2)
- As Caneiras*, PnH en Laza (M265-1)
- Os Caneiros*, PnH no Bolo (M228-1)
- Os Caneiros*, PnH en Castro Caldelas (M189-3)
- Os Caneiros*, PnH en Manzaneda (M227-2)
- Os Caneiros*, PnH en Sarreaus (M264-2)
- Os Caneiros*, PnH na Veiga (M228-1, M228-4)

- Os Caneiros*, PnH en Viana do Bolo (M266-2)
Caneiros de Puñerba, PnH en Viana do Bolo (M266-2)
Regueiro dos Caneiros da Arcela, CdA na Veiga (M228-2)
Caneiriños Verdes, PnH en Lubián (M266-4)

O NG recolle lugares denominados *Caneiro* ou *O Caneiro* nos concellos de Baiona, Ourolo, As Neves, As Pontes, Valdoviño (2 tops.) e Xermade, e un plural *Caneiros* en Vilalba. O DCP trae 9 *Caneira*, 1 *Caneiras*, 12 *Caneiro*, 3 *Caneiros*.

O topónimo menor *O Caneiro do Cachón*, á beira do que hoxe é o encoro de Santo Estevo, era unha pesqueira do mosteiro de Ribas de Sil. Atopámola na documentación medieval como «*piscaria quam habemus in Cachonem de Camilo* (...) «*una piscaria in Cachonem de Camilo, qui iacet ultra flumen Silis*» (ano 1234, RdS, nº 38); «*quantas pesqueiras que estevesen eno rio do Syl eno dito Cachón*» (ano 1431, RdS, nº 153). Atopamos nos textos medievais outros *caneiros* ou *canares* para a pesca semellantes: «*aquis aquarum vel eductibus suis seu cannaros in Arnogia*» (ano 956, CLN, nº 373); «*per venam de Laonia ad venam de Mineo usque ad canare de Sancto Mamete*» (ano 1153, ROC, nº 4).

Outros topónimos *Caneiro* ou *Caneiros* que rexistramos na documentación antiga témolos en: «*Afonso Fernández de Caneyro*» (ano 1430, RdS, nº 148); «*na cabeça de Monte Rrey, u chamā os Caneiros*» (ano 1293, MdR, AHN Clero, Cpta. 1487, nº 20); «*u chaman Os Caneiros, término de Monte Rey*» (ano 1320, Devanceiros, 1, nº 48); «*et da pressa que el feso u chamā os Caneyros*» (ano 1320, MdR, AHN Clero, Cpta. 1492, nº 5); «*na ueyga v chamā os Caneyross*» (ano 1320, MdR, AHN Clero, Cpta. 1492, nº 4).

057.4. Canedo, caneda

Son tamén numerosos os derivados en *-ETU*, *-ETA*. Temos os seguintes:

- Canedo (San Miguel)*, parroquia de Ourense
Quintela de Canedo, EdP en Ourense
Canedo, EdP en Maside
A Costa de Canedo, PnH en Ourense (M187-4)

O NG recolle 9 *Canedo* en Aranga, Carnota, Carral, Frades, A Laracha, Monfero (2 lugares), Ordes e a Pobra de Brollón (parr.), 3 co feminino *Caneda* en Campo Lameiro, Monforte (parr.) e Boqueixón e 4 co plural *Canedos* na Cañiza, Castro de Rei, Cesuras e Frades. A variante con *i*, *Canido*, dá nome a lugares nos concellos de Nigrán e de Vigo. No DCP figuran 9 *Canedo*, 1 *Canedinho* e 3 *Canidelos*.

O lugar e parroquia de *Canedo* constituíu concello independente, con capital no actual barrio da Ponte, na marxe dereita do Miño, antes de integrarse no concello de Ourense. Rexistrámolo desde o século X:

- «*villa Canetum ab integrum (...) in giro villa Cannetum per ripa fluminis Minei*» (ano 916, CLN, nº 576)
«*In Buvale Caneto de Auriense adisso et suo porto de Reza*» (ano 934, CLN, nº 478)
«*Caneto de Auriense adiuso cum porto de Reza et suos saltos*» (ano 942, CLN, nº 2)
«*in monasterio Caneto vocabulo Sancti Vincenti*» (ano 974, CLN, nº 243)

«*vinum de Caneto cum suos vinatarios et cum suas vineas*» (ano 1004, CLN, nº 240)
 «*Rodericus Iohannis de Canedo*» (ano 1231, OSR1, nº 333)
 «*Petrus Fernandi de Canedo*» (ano 1239, OSR1, nº 456)
 «*I. Iohannis de Canedo*» (ano 1254, OSR1, nº 716)
 «*Petrus Pelaii de Canedo*» (ano 1255, OSR1, nº 737)
 «*in loco qui vocatur Canedo, sub parrochia sancti Michaelis*» (ano 1258, OSR2, nº 824)
 «*e en Canedo e en Bobadella e en Castelo*» (ano 1259, BCMO, T. 4 p. 76)
 «*Laurencius Petri de Canedo*» (ano 1261, OSR2, nº 883)
 «*Canedo (...) nas cortinas de Quintela*» (ano 1279, OSR2, nº 1146)
 «*Roy Martinez de Canedo, escudeyro*» (ano 1286, OSR2, nº 1188)
 «*D. Alvarez de Canedo*» (ano 1289, OSR2, nº 1207), etc.

Tamén posuimos documentación medieval do **Caneda** de Lemos:

«*in Veiga et in Vales et in Caneda et in Rocas*» (ano 1218, OSR1, nº 177)
 «*casali meu de Supperado qui est in Caneda*» (ano 1220, OSR1, nº 207)
 «*Ad Valle Viride unum casale in Caneda*» (s.d., sec. XIII, OSR1, nº 651)
 «*casale in Caneda (...) parrochia sancte Eulalie de Caneda*» (ano 1265, OSR2, nº 932)
 «*des Caneda ata Pineyra*» (ano 1314, MdR, AHN Clero, Cpta. 1491, nº 9)
 «*Álvaro Afonso, clérigo de Caneda*» (ano 1450, MdR, AHN Clero, 1502, nº 11)

E dun hidrónimo non identificado: «*Rigueira da Caneda*» (ano 1521, RdS, nº 293).

O lugar de **Caneda** en Boqueixón atopámolo en

«*in territorio montesacro uillam quam nominatur caneta*» (ano 1164, SAMI, nº LVII, p. 164)

O de **Canedo** en Carnota:

«*Martino Franquina, morador en Canedo*» (ano 1399, FDU, nº 258)
 «*na eyra em que tem Roy de Canedo môñllos*» (ano 1399, FDU, nº 258)

E un **Porto Canedo** non identificado, probablemente no Val de Salas ourensán:

«*mas otro terreo eno porto Canedo, que he de linal*» (ano 1516, FDU, nº 402).

057. 5. Canoso, canosa

O NG recolle un derivado **Canosa** como nome de lugares nos concellos de Carballe, Cee e Moeche. No DCP figuran 2 **Canosa**.

057.6. Canavela, canivela

Nos topónimos que presentan as formas *canav-*, *caniv-* debemos ter en conta que poden referirse a especies botánicas distintas ás *canas*. *Canaveleira*

ou *canabeleira* son así mesmo sinónimos de *cicuta* ou *cegude* (Pensado, 1974, p. 106-107). Aparecen indistintamente escritos con *b* ou con *v* na cartografía e nos nomenclátores.

No territorio estudiado recollemos:

Canavelas, EdP en Celanova

Os Canivelos, EdP en Ourense

Monte dos Canivelos, PnH en Ourense (M188-3)

No NG figura un lugar chamado *Canivelas* en Forcarei. No DCP hai 2 *Canavelas*.

057.7. Canaval

Crespo Pozo dá como correspondencias galegas do colectivo castelán *cañaveral* as formas *canaval*, *canaveira*, *caneira* e *canivelar*. Da primeira temos os seguintes exemplos na toponimia do territorio estudiado:

Canaval (San Pedro), parr. en Sober

O Carnaval, PnH na Arnoia (M225-3)

Regueiro do Canaval, CdA na Gudiña (M266-1)

O NG recolle 8 (*O*) *Canaval* ou (*O*) *Canabal* nos concellos de Arbo, Cedeira, Noia, Ortigueira, Sober (lug. e parr.), Vilaboa e Vilasantar.

Na documentación medieval atopamos o *Canaval* de Sober: «*Ad milites Templi quantum habeo in Canaval*» (s.d., séc. XIII, OSR1, nº 651).

057.8. Canavoso

Non temos no territorio estudiado ningún exemplo de derivado en -ōsu. No NG figura un *Canavoso* en Oza dos Ríos.

057.9. Canizo, Caniza

Os dicionarios dan para *canizo* (< lat. CANNICĒU) un primeiro significado de ‘tecido de varas ou canas’ e dan conta do uso deste termo para denominar diferentes obxectos realizados mediante varas ou canas tecidas. Eladio Rodríguez recolle tamén *cañizo*, seguramente castelanismo por *canizo*, como sinónimo de *canar*, *caneiro*: «Pesquería o pesquera que en el río Arnoia, de la provincia de Ourense, y en otros de Galicia construyen los habitantes de las orillas para coger truchas, anguilas, lampreas y otros peces» (DEGC, I, 477). Na toponimia,

canizo alude seguramente a este uso ou ó tecido de canas ou varas usado para pechar leiras ou defender do vento as hortas ou plantacións, aínda que non podemos descartar a posibilidade dun uso toponímico de *canizo* como sinónimo de *cabaceiro* ou *hórreo* (cf. o sinónimo *canastro*, tamén derivado de CANNA), ou de certa variedade deste, feita con canas ou varas e que Eladio Rodríguez dá como propio dalgunhas comarcas luguesas (DEGC. I, 468, s.v. *canizo*) ou pontevedresas (id. 477, s.v. *cañizo*).

Temos os seguintes exemplos:

- O Canizo (Santa María)*, parr. e lugar na Gudiña
- A Costa do Canizo*, PnH en Monforte (M189-1)
- A Serra do Canizo*, PnH na Gudiña, A Mezquita e Viana (M266-3)
- O Alto do Canizo*, PnH na Gudiña (M266-3)
- Prados do Canizo*, PnH en Lubián (M266-4)
- Os Canizos*, PnH na Pobra de Trives (M189-4)
- Os Canizos*, PnH en Sarreaus (M264-2)
- A Lama dos Canizos*, PnH en Viana do Bolo (M266-1)
- Os Caínzos*, PnH en Laza (M264-2)

Este último resultado *cainzo* < CANNICĒU, a xulgar pola toponimia maior, semella caracterizar o galego setentrional, e falta no toponimia do sur de Galicia e na portuguesa (vid. Apéndice, mapa 8). O NG recolle *Caínzo* en Lugo, 3 *Caínzos* en Aranga, A Pastoriza e Xove, *Río Caínzos* en Ribadeo e *Val do Caínzo* en Barreiros.

No DCP figuran 3 *Caniço* e 2 *Caniços*.

A forma feminina *caniza* denomina tamén pequenas construcións, casetas ou cabanas, e con este significado está na orixe do nome do lugar, parroquia e concello coñecidos hoxe como *A Cañiza*, coa forma castelanizada (na actualidade segue a ser a denominación oficial do concello, aínda que sobrevive na zona como minoritaria, entre falantes de idade, a forma lexítima galega *A Caniza*). Ávila y La Cueva (e non *Ávila de la Cruz*, como aparece en DEGC, I, 476, s.v. *cañiza*) dedica interesantes páxinas á orixe, no século XVII, desa localidade. No territorio estudo recollemos:

- A Caniza*, PnH en Porto (M228-4)
- A Caniza*, PnH en Hermisende (M304-2)

Non atopamos no NG formas idénticas fóra da *Cañiza* pontevedresa. *Canices*, lugar de Piñor, podería ser un plural con palatalización da vogal no *-as* final (cf. os veciños *Cangues*, *Rañestres*, fronte ós *Cangas*, *Rañestras* do NG).

Na documentación antiga atopamos un topónimo *Canizos* en Lemos, non identificado hoxe:

«*in loco predicto ubi dicunt Canizos ecclesie vocabulo Sancti Christovali iuxta flumen discurrente Mineo territorio Lemaus*» (ano 933, CLN, nº 444).

En datas posteriores atopamos

«*agro do caniço da Cura*» (ano 1433, FDU, nº 289)
 «*a la deçeda del caniço*» (ano 1531, RdS, nº 305), etc.

Da forma feminina temos exemplo nun top. co plural *As Canizas* na Peroxa:

«*unum casale in Sennon et aliud in nas Canizas*» (ano 1246, OSR1, nº 582).

O lugar de *Canices* xa o atopamos con esta forma na documentación antiga:

«*villa de Canices*» (ano 1271, OSR2, nº 996)
 «*Pero Domingez de Canizes*» (ano 1305, OSR2, nº 1325).

057.10. Canizal

Un derivado formado co sufijo colectivo *-ALE*, *canizal*, que o DEGC (I, 468) dá como sinónimo de *canizo*, témolo en:

O Canizal, PnH en Cartelle (M225-4)

O Canizal, PnH na Merca (M225-4)

Os Canizás, PnH en Riós (M303-2)

Unha variante sen *n* témola no topónimo *O Caizal*, Edp(n) en Foz (M9-4). No DCP hai 4 *Caniçal* e 1 *Caniçais*.

057.11. Canizada, caniceira

Outro derivado de *canizo* é *canizada*. Dada a súa morfoloxía, equiparable a un participio, supoñémolo alusivo a unha actividade humana (un verbo **canizar*), polo que a súa presenza na toponimia pode corresponder ó significado que dá Eladio Rodríguez de «seto formado por CANIZOS que cierra o cerca una finca labradía» (DEGC, I, 468). Témolo en

As Canizadas, PnH en Parada de Sil (M188-4)

No NG figura unha forma paralela *Cainzada*, correspondente á variante *cainzo*, en Castro de Rei.

No DCP vemos o seu equivalente *Caniçada*.

Non recollemos ningún derivado en *-eira*, comparable ós 9 *Caniceira*, 2 *Caniceiras* do DCP.

057.12. Cañota

O gal. *cañota* é sinónimo de *caracocha*, «castaño secular cuyo tronco está hueco o carcomido en gran parte» ou «tocón, raíz muy gruesa de cualquier árbol

viejo, que cuando éste se corta queda unida a él» (DEGC, I, 477). O masculino *cañoto* ten varios significados próximos: un deles como *cádavo* ou *caveco*, «palos para alumbrar» (Sarmiento, *Vegetables*, 219; *Catálogo*, 132r, 196r) e outro que o fai equivalente a *cañota*: «*cañoto*: es un cepo» (Sarmiento, *Catálogo*, 111r, 196r). Se pertencen á familia léxica de CANNA, como meros derivados cun sufijo *-ota*, a nasal palatal parece denunciarlos como castelanismos. A aparente ausencia de *cañota* na toponimia portuguesa (na galega documentámola polo menos no XV), apoia esa hipótese. Se así fose, habería que admitir que son castelanismos moi temperáns; xa observa Corominas que «se difundieron pronto y se han vuelto castizos» (DCECH, I, 821).

Témos un único exemplo en:

A Cañota, PnH en Beade (M225-1)

O NG recolle lugares chamados *Cañota* ou *A Cañota* nos concellos de Arzúa e O Porriño, o plural (*As*) *Cañotas* en Ortigueira e Val do Dubra e un masculino *Cañoto* en Crescente. Este último podería ter orixe antropónímica, dado o uso de *Cañoto* (posiblemente co significado de ‘zurdo’) como alcume ou apellido (Kremer, *Cognomina III*, 180).

O DCP tamén recolle 1 *Canhoto*, posiblemente tamén de orixe antropónímica.

Non posuímos no territorio estudiado topónimos derivados con sufixo. Noutras áreas de Galicia atopamos *Cañotal* (2 en Vilalba), e 4 (*A*) *Cañoteira* en Abadín, Castro de Rei, A Estrada e Silleda.

Da antigüidade destas formas na nosa lingua é exemplo unha PnH *A Cañota* rexistrada no séc. XV: «que quedase con os ditos Joán d'Arnoya Seca seu compañeiro Joán d'Arnoia Seca, a metade de erdade de Cobas, que chaman a *Cañota*» (ano 1486, VFD1, nº 103).

058. *candea*

O gal. *candea*, proveniente do lat. CANDĒLA ‘lume’, derivado do verbo CANDĒRE ‘arder’, figura nos diccionarios cos significados de «vela para alumbar», «amento, inflorescencia do castiñeiro, do millo e de árbores coma a abeleira, o bido, etc.» (DEGC, I, 463-464; Rivas, 1982, 43; Sánchez Vicente, 111, s.v. *candela*). A presenza deste tema na toponimia alude sen dúvida a lugares que fornecían de combustible para queimar ou alumbar, ben como frouma caída das árbores ou ben cun significado máis xenérico.

Non temos no territorio estudiado ningún exemplo de derivado deste tema.

O NG recolle lugares chamados *Candieiras* (< CANDĒLARIAS) en Cesuras, 2

Candieira ou *A Candieira* en Palas de Rei e Xermade e **O Candeal** (< CANDĒLALE) en Muras. Non pertence a este tema **Candeán**, parroquia e lugar do concello de Vigo, que procede dunha forma antropónimica xermánica GANDILANI (Piel-Kremer, HGN, 115, p. 146).

Na documentación antiga atopamos un **Candeal** como apelido en «*Pero Candeal de sam Cosma d'Outeyro*» (ano 1295, FDU, nº 16).

No DCP figuran 4 **Candeeira** e 2 **Candeeiros**.

059. *cando*

O galego *cando* e o asturiano e leonés *cándano* significan ‘póla seca de árbore, árbore seco’, ‘vara para alumbar’, ‘pau queimado’, ‘guizo, chamizo’ (Rivas 1982, p. 43; Sánchez Vicente, 111) e corresponden a un étimo *CANDĀNU. A orixe e significado deste son controvertidos. Corominas emparéntao co latín CANDĒRE ‘arder’ e suxire unha orixe a partir dunha palabra céltica da mesma orixe indoeuropea cá voz latina (DCECH, I, 800a). Atendendo ós significados de *cando* e *cándano*, parece moi verosímil a relación con CANDĒRE e con algúns derivados deste, como CANDĒLA (> *candea*, vid. supra 058).

Examinaremos aquí únicamente os derivados de CANDĀNO que consideramos fitónimos, como fan Piel (1936, 207) e Moralejo (TGL, 108, 344). Outros nomes de lugar aparentemente relacionados con este tema, como *Candamio* ou *Canduas*, poderían ter orixe oronímica.

059.1. Cando, canda

Atopamos as formas simples *cando*, *canda* < *CANDĀNU, *CANDĀNA en numerosos topónimos. O masculino en:

O Cando, Edp(n) en Carballeda de Avia (M187-3)

Río do Cando, CdA en Cea (M154-4)

Os Candos, PnH en Viana do Bolo (M266-1)

O Candón, PnH na A Veiga (M229-3), podería corresponder a un *CANDANONE ou *CANDANOLU, pero é probable que non pertenza a este tema nin sexa un fitónimo (cf. *Candones*, en Cabranes, Asturias, en zona onde se conserva *-n-* intervocálico, de aí que non sexa posible para este topónimo asturiano un étimo *CANDANÖNES). Podería ser oronímico. Hai tamén **Candón** como EdP nas Neves.

E o feminino *canda* en:

- A Canda (San Mamede)*, parr. en Piñor
A Canda, EdP na Mezquita
Freás da Canda, EdP en Piñor
San Mamede da Canda, EdP en Piñor
A Canda, PnH en Montederramo (M227-1)
A Canda, PnH en Ourense (M187-4)
A Canda, PnH en Larouco (M190-3)
A Canda, PnH en Lobios (M336-1)
A Canda, PnH na Veiga (M228-4)
Penedo de Val da Canda, PnH en Sarreaus e Vilar de Barrio (M264-2)
A Portela da Canda, PnH na Mezquita e Lubián (M266-4)
Río Canda, CdA na Veiga (M228-4)
Túnel da Canda, PnH na Mezquita e Lubián (M266-4)
Candas, PnH en Vilar de Barrio (M264-2)
As Candas, PnH en Cenlle (M187-3)
As Candas, PnH na Gudiña (M304-1, M266-3)
As Candas, PnH en Muíños (M301-2)
Corga da Canda, CdA en Lobios (M336-1)

O NG recolle 8 *Cando* ou *O Cando* en Boimorto, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz (2 tops.), Outes (parr. e 2 lugares: *Cando de Arriba* e *Cando de Abaixo*), *Armada do Cando* en Monfero e *Fonte do Cando* nas Nogais. E o feminino en 2 topónimos *Canda* ou *A Canda* na Estrada e Lalín e mais *Prado da Canda* en Covelo.

Na cartografía localizamos unha PnH *O Cando Vello* en Viveiro (M-82). No DCP figurán 2 *Cando*, 2 *Canda* e 1 *Candós* (< *CANDANÓLAS?).

Na colección diplomática de Oseira atopamos amplamente documentada a parroquia da Canda, en Piñor, en textos do séc. XIII, con grafías que se corresponden cun étimo *CANDĀNA:

- «*Amor, in terra de Bolo de Senda, sub signo sancti Mametis de Candaa*» (ano 1254, OSR1, nº 716)
 «*sub catena sancti Mametis de Candaa*» (ano 1257, OSR2, nº 782)
 «*in Vilarino sub parrochia sancli Mametis de Candaa*» (ano 1260, OSR2, nº 868)
 «*parochia sancti Mametis de Candaa*» (ano 1265, OSR2, nº 920)
 «*apud sanctum Mamenten de Candaa*» (ano 1271, OSR2, nº 992)
 «*sancti Mametis de Candaa, in loco qui dicitur Froanes [Freás da Canda]*» (ano 1272, OSR2, nº 1018)
 «*que e su cadea de san Mamede da Candaa*» (ano 1279, OSR2, nº 1142)
 «*san Mamede de Candaa*» (ano 1280, OSR2, nº 1148)
 «*Vilarinno de Amor qui est in filigresia sancti Mametis de Candaa*» (ano 1285, OSR2, nº 1178)
 «*san Mamede de Candaa*» (ano 1296, OSR2, nº 1247)
 «*en Vilarinno d-Amor su sino de san Mamede de Candaa*» (ano 1298, OSR2, nº 1270), etc.

Na documentación medieval atopamos outros topónimos semellantes non identificados na actualidade:

«*inde per ribulo de Candanas*» (ano 921, RdS, nº 1)
 «*ad rivulum de Canda*» (ano 1174, XEsP, nº 1)
 «*per rivulum de Candanas*» (ano 1214, RdS, nº 11)
 «*ad portum de Candana Superior*» (ano 1227, XEsP, nº 3)
 «*en Candaan, ao Marmoyral*» (ano 1438, RdS, nº 181)

059.2. Candela

Debemos interpretar como derivados diminutivos de *canda* os *Candela* (<*CANDANĒLLA) que recollemos na toponimia, pois non parece que constitúan derivados de CANDĒLA con conservación do *-l-* por castelanismo (vid. 058, *candeia*), dado o timbre aberto do *e*.

A Candela, PnH en Baltar (M302-1)
A Candela, PnH en Lobios (M336-1, 301-3)
Regato da Candela, CdA en Baltar (M302-1)
As Candelas, PnH en Vilardevós (M303-4)
Corga da Candela, CdA en Lobios (M336-1)

No NG figura *Candelos* na Fonsagrada, que responde a un diminutivo *CANDANĒLLOS. Na documentación medieval recollemos un topónimo semellante en «*o cassal de Candello que está a preto do paaço de Balcayre*» (ano 1352, TzS, fol 28v).

059.3. Candal

Candal corresponde ó colectivo en *-ALE*, *CANDANALE. Recollemos este derivado nos seguintes topónimos, que teñen o seu paralelo nos *Candalal*, *El Candalal* asturianos e leoneses (García Arias, 147):

O Candal, PnH en Avión (M224-2)
O Candal, PnH entre Calvos de Randín e Porqueira (M302-1)
O Candal, PnH en Castrelo do Val (M265-4)
O Candal, PnH en Manzaneda (M227-2)
O Candal, PnH en Monterrei (M302-2, M302-4)
O Candal, PnH en Viana do Bolo (M266-1)
O Candal, PnH en Vilar de Barrio (M227-3)
Alto do Candal, PnH en Calvos de Randín (M302-3)
Alto do Candal, PnH en Castrelo do Val (M265-4)
A Chan do Candal, PnH en Avión e Carballeda de Avia (M224-2)
Corga do Candal, CdA en Calvos de Randín (M301-4)
Fonte do Candal, PnH en Lobios (M301-3)
Regato do Candal, CdA en Melón (M224-2)
Río do Candal, CdA na Mezquita (M266-3)
Candás (San Martiño), parr. e lug. en Rairiz de Veiga

- Os Candás*, PnH en Muíños (M301-4)
Os Candaís, PnH en Manzaneda (M227-2)
Os Candais, PnH en Viana do Bolo (M266-1)

No NG figuran 4 lugares denominados *Candal* ou *O Candal* na Cañiza, Mesía, Castro de Rei e Pol, e 3 co pl. *Os Candás* na Pastoriza (parr. e lug.) e en Cedeira (NG de 1996 como *Candales*, en forma castelanizada). No DCP atopamos as mesmas formas en 8 *Candal* e 1 *Candais*.

Non traemos aquí, por consideralos oronímicos, os varios *Candán* da xeografía galega, ainda que admitan a hipótese dun resultado anormal do sufijo -ALE por influencia da nasal perdida na sílaba precedente (cf. *Feán* por *Feal* < FÉNALE).

Na documentación antiga atopamos un «*Candanali*» (ano 1077, *Lvcensia*, p. 145) que ha de ser un dos dous *Candal* lugueses (o de Pol ou o de Castro de Rei). A forma do plural recollémola nun apellido «*Pelayo Fernandez de Candaes*» (ano 1269, HGP, nº 92) e nunha PnH «*a leyra dos Candãas*» (ano 1436, FDU, nº 304).

059.4. Candaira, candairo

Como sucede cos derivados de ABELLANA, MATTIANA e outras formas que presentan no radical un -AN- ó cal se engade o sufixo, os derivados cos correspondentes a -ARIA, -ARIU, *CANDANARIA, *CANDANARIU presentan en boa parte das provincias de Ourense e Lugo os resultados -aira, -airo procedentes de -AN-ARIA e -AN-ARIU (cf. *abelaira* 001), fronte á solución común -eira do resto do galego e mais do portugués.

- Candaira*, PnH en Castrelo do Val (M265-3)
Candaira, PnH en Rubiá (M190-2)
A Candaira, PnH na Veiga (M228-2)
A Candaira, PnH en Sober (M188-2)
Outeiro da Candaira, PnH en Muíños (M301-4)
Rego da Candaira, CdA en Muíños (M301-4)
Regueiro da Candaira, CdA en Castrelo do Val (M265-3)
Regueiro da Candaira, CdA na Veiga (M228-2)
O Candairo, PnH na Gudiña (M304-1)

O NG recolle un topónimo *A Candaira* no Saviñao. A evolución común -eiro < AN-ARIU témola en topónimos doutras áreas: o NG recolle *Candeiro* en Porto do Son e 2 *Candeira* na Lama e Ponteareas. No DCP figura 1 *Candeiro*.

Na documentación antiga rexistramos topónimos semellantes:

- «*hū leiro d'erdade aa Corredoira, hyndo para Candayra*» (ano 1312, MdR, AHN Clero, Cpta. 1490, nº 5bis)
 «*Do quasar das Quandayras, XI soldos por Seoane*» (s.d., séc. XV, VFD1, nº 78)

059.5. Candedo, candaedo, candendo

Paralelamente ós derivados de ABELLANA, MATTIANA, etc., os derivados de *CANDANU por medio dos sufíxos correspondentes a -ĒTU, -ĒTA presentan tres soluciōns (vid. 001.4):

a) **candeda, candedo** < *CANDANĒTA, *CANDANĒTU:

Candeda EdP e parr. (*San Bernabeu*) en Carballeda de Valdeorras

Candeda EdP e parr. (*San Miguel*) na Veiga

Candeda, EdP en Monforte

Candeda, PnH en Cualedro (M302-2)

Candeda, PnH en Muíños (M301-2)

Regueiro de Candeda, CdA en Carballeda de Valdeorras (M190-4)

O Candedo EdP e parr. (*Santa María*) en Chandrexa de Queixa

Candedo, Edp(n) en Beariz (M186-2)

Candedo, Edp(n) no Carballiño (M187-3)

Candedo, Edp(n) en Leiro (M187-3)

Candedo, PnH en Muíños (M301-2)

Candedo, PnH en Nogueira de Ramuín (M188-4)

Candedo, PnH na Peroxa (M188-1)

O Candedo, PnH en Baños de Molgas e Xunqueira de Ambía (M226-4)

O Candedo, PnH en Laza (M265-3)

O Candedo, PnH en Parada de Sil (M188-4)

O Candedo, PnH en Vilar de Santos (M264-1)

O Candedo, PnH en Pantón (M188-1)

O Candedo, PnH no Bolo e A Veiga (M228-1)

Pozo Candedo, PnH en Muíños (M301-2)

Regato de Candedo, CdA na Peroxa (M188-1)

Os Candedos, PnH en Viana do Bolo (M228-3)

Na maior parte do territorio (na área correspondente a *candaira*), o e tónico deste resultado realiza aberto [ɛ], a diferenza do que sucede na mesma área cos derivados en -edo e -eda cando os radicais non conteñen -AN-, que se realizan conforme ó timbre etimolóxico pechado procedente do Ē longo latino.

b) **candaedo, candaído** < CANDANĒTU, con mantemento do hiato trala caída do -n- intervocálico:

Candaído, PnH en Vilariño de Conso (M227-4)

Candeido, PnH no Bolo 1903

Regueiro de Candeido, CdA no Bolo (M190-3)

A Veiga de Candaído, PnH en Vilariño de Conso (M227-4)

c) **candendo** < CANDANĒTU, coa singular conservación do -n- de que se ten ocupado J. M. Piel (vid. 001.4):

Candendo, PnH en Entrimo (M301-1)

O NG recolle 5 (*O*) **Candedo** en Dozón, Mañón, Monfero, Ourol e As Pontes; **Candedos** en Guitiriz; **Candedos de Abaixo e Candedos de Arriba** nas Pontes; *O Candaedo* en Alfoz; **Os Candaedos** na Pontenova; **Candaído** na Fonsagrada e en Vilalba; (*O*) **Candendo** en Cerceda, Guitiriz e Trazo. Para explicar a nasal palatal do nome do lugar chamado **Candañedo**, en Vila de Cruces, haberá que supor un étimo a partir de *CANDANIU, *CANDANĒU. No DCP figuran 4 **Candedo**.

Resultan significativos da distribución xeográfica aleatoria das soluciones *-edo / -endo* os topónimos **Candendo** e **Candedos** no mesmo concello de Guitiriz (vid. 001.4).

O **Candeda** de Muíños atopámolo rexistrado no século XI:

«*subtus monte Ferriolo, discurrente arrogio Candaneta*» (ano 1095, CLN, nº 13)

O homónimo de Carballeda de Valdeorras:

«*como deze á lagua de Iares fora das sortes dos casares de Candaeda*» (ano 1244, VFD1, nº 1)

O de Monforte:

«**Candaeda**» (ano 1293, Lvcensia, p. 145)

«en **Candeda** vna leira de dos xeiras e medea» (ano 1516, FDU, nº 395)

Candedo en Chandrexa de Queixa:

«en **Candēdo**» (ano 1272, MdR, ACO Perg. Monac. nº 1082);

«ẽ **Candeedo**» (ano 1275, MdR, ACO Perg. Monac. nº 1170);

«*Johan Martinez de Candeedo*» (ano 1287, OSR2, nº 1190);

«*e outro casar en Candedo, su signo da Santa María dý*» (ano 1291, VFD1, nº 32)

«*Casar d'erdade en Candēndo*» (ano 1324, MdR, AHN Clero, Cpta. 1492, nº 13)

E outros menos identificables na actualidade:

«*vadit ad cauctum de Candaneto*» (ano 1172, RdS, nº 3);

«*ao marco que está ao Porto do Candeedo*» (ano 1454, RdS, nº 201)

059.6. Candosa, candaosa

Temos un exemplo de derivado en *-ōsa* correspondente a *CANDANŌSA en **Candosa**, EdP no Irixo

O NG recolle outro **Candosa** en Boiro. No DCP figuran 3 **Candosa** e 2 **Candoso**.

Na documentación medieval atopamos un exemplo coas vogais en hiato en

«*ad couam de Ueeiro et fert ad portum inferiorem de Candaosa*» (ano 1224, Fiñes, N° 59)

059.7. Candeiral

Exemplos de derivados por dupla sufixación *CANDAN-ARI-ALE son:

- O Candeiral*, PnH en Carballeda de Avia (M225-1)
O Candeiral, PnH en Carballeda de Avia e Melón (M224-2)
O Candeiral, PnH en Entrímo (M301-1)
Corga do Candeiral, CdA en Entrímo (M301-1)

059.8. Candaínza

Temos un único exemplo do derivado colectivo *CANDANÍCĒA en
As Candaínzas, PnH en Parada de Sil e Montederramo (M188-4)

060. *cantroxo*

O VCN dá *cantueso* como denominación castelá para varias especies de plantas aromáticas do xénero *Lavandula*, e asígnalle a equivalencia galega de *lavanda*. Pero xa recollera Sarmiento a voz galega equivalente á castelá: «*Cantroxo. El cantueso, y le hay*» (Sarmiento, *Vegetables*, 239; *Catálogo* 134r, 135r, 141v). Segundo Corominas, as formas galega e castelá proceden probablemente do lat. *CHAMAETUSIUS, adaptación do grego χαμαι θύος, que significaba propiamente “incenso de terra” (DCECH, I, 819).

Crespo Pozo (NCVCG, I, 253) dá como equivalencias galegas do castelán *cantueso* as formas *arzaia* (talvez tomado de Sarmiento, *Catálogo*, 135r, quen trae *azaia*, non *arzaia*), *cantroxo* (localízao en Ceredo, seguindo tamén a Sarmiento) e mais *esprego* e *rosmaniño*, que son os nomes de diferentes especies deste xénero. Franco Grande dá unha variante *cantraxo* (XLFG, 241).

No territorio estudiado temos un derivado en -ALE:

- Cantroxal*, PnH en Porto (M228-4)

Non figuran no NG ou o DCP topónimos semellantes.

061. *carozo, carrozo*

Sarmiento recolle «*caruceiro*: Especie de manzano silvestre, y sus manzanillas se llaman *carozos* o *caruezos* (en el Bierzo) y aunque despues de maduras huelen mucho, no por eso se comen, y son muy pequeñitas (*Catálogo*, 143 r, p. 355); e ocúpase destas *maceiras bravas* en diferentes lugares (Pensado Tomé 1982, 462). En Asturias a maceira e a pereira bravas reciben o nome

de *carruezo* ou *caruezzo* (Sánchez Vicente, 117; García Arias, 119-120). A alternancia de formas con *r* simple e múltiple dáse tamén nas formas galegas que atopamos na toponimia.

Poderían ser formas emparentadas con *carozo* ‘óso de froita’ ou ‘corazón da mazaroca de millo’ que Corominas deriva do lat. vulgar CARŪDIUM, e este do grego καρύδιον (DCECH, I, 885), ou ben gardar relación coa familia de *carrasco*, *carrizo*, *carroucha* e semellantes, relacionadas por Sarmiento co lat. CARĬCE e segundo outros autores procedentes dunha raíz prerromana *KAR(R)– (vid. 067).

Conflúen con este tema os derivados doutra voz botánica recollida por Sobreira: «*carrouceyra*. Mata de toda o cualquier broza, en el río o en su orilla» (*Papeletas*, p. 439). O mesmo autor, baixo *carrizo* escribe «*Carrouceira*: su mata» (*Botánica*, 50 v), e noutro lugar, tras identificar *juncia* e *carrizo*: «*Carrouceyra*: mata de *juncia* y de *juncos*» (*Botánica*, 60 v). Eladio Rodríguez, que ofrece dúas variantes, *carroceira* e *carrouceira*, define esta voz como «prominencia que a modo de montículo se eleva sobre las aguas que la rodean o sobre terrenos que la circundan, y en la que crecen vegetales espontáneos» (DEGC, I, 506). Piel suxeriu a posibilidade adscribir os topónimos *Carroceiro*, *Carroceira(s)* a *carrizo* (Piel 1968a, II, 177), e Pensado Tomé cre que o texto de Sobreira confirma plenamente o acerto dessa adscrición (Pensado, 1974, p. 126).

Na toponimia áinda é posible a confusión de derivados de *car(r)ozeno* con outras voces non fitonímicas, emparentadas con *carrozo*, *carronza*, *carriozo*, que ten significado oronímico ou hidronímico no leste da provincia ourensá (‘corga, torrente, barranco, cavorco’: Rivas, 1982, 46; DEGC, III, 480) ou áinda con derivados de CARRU–, que polo regular designan camiños (*carroucho* DEGC, III, 480).

061.1. Caroza, carozo

Temos a forma simple en

Regueiro da Caroza, CdA en Hermisende (M266-4)
A Carroza, PnH en Quiroga (M189-2)

Tamén podería ter relación con estes

Os Corozos, PnH en Montederramo (M227-1)

O NG recolle 1 *Carozo* en Abadín.

Na documentación medieval temos *Carozo* como sobrenome ou apelido:

«*per hereditatem Iohannis Carozo*» (ano 1259, OSR2, nº 849)
 «*conprou de Lourenço Eanes Caroço na fiigrisia de Santa Maria de Prado*» (ano 1306, OSR2, nº 1334).

061.2. Caroceiro, carruceiro

Son posibles derivados en **-ARIU**, **-ARIA** deste tema:

Carruceiro, EdP en Ourense
Río da Carruceira, CdA na Veiga (M228-2)
A Carruceira, PnH na Veiga (M228-2)
As Caroceiras ou As Carruceiras, PnH na Veiga (M228-3)
A Caroceira, PnH en Manzaneda (M227-2)
A Caroceira, PnH na Pobra de Trives (M227-2)
As Caroceiras, PnH en Montederramo (M227-1)
Os Caroceiros, PnH en Cenlle (M187-3)
Os Caroceiros, PnH en Sober (M188-2)
Regato do Caroceiro, PnH en Carballeda de Avia (M187-3)
A Caruceira, PnH no Barco de Valdeorras (M190-4)
Cavorco Caruceiro, PnH en Rubiá (M190-2)

No NG atopamos *Caroceiro* nos concellos do Mañón e do Vicedo, *Carroceiro* en Ribas de Sil, *Carroceira* en Mondoñedo, *Caroceiros* en Ortigueira e *Carruceiras* en Lourenzá. O DCP recolle 1 *Caroceiras*. Teñen paralelo nos asturianos *Carrocera*, *Carroceiru*, *Caroceiro* (García Arias, 120).

Na documentación medieval rexístrase un *Monte Caroceira* no Ribeiro:

«*concedimus vobis illum nostrum montem de Ripario qui vocatur Caroseira*» (ano 1257, OSR2, nº 791)

061.3. Carozal

Son posibles derivados en **-ALE**, paralelos do asturiano *Caruzal* (Sánchez Vicente, 117), os topónimos:

O Carrozal, PnH en Montederramo (M227-1)
A Carezal, PnH en Carballeda de Valdeorras (M190-4)

Neste último con alteración da vogal pretónica, e co feminino de **-ALE** característico da fitonimia da área oriental e do leonés e asturiano.

061.4. Caroceda

Son derivados por medio do sufijo procedente de **-ĒTU**:

Carrocedo, PnH en Ribas de Sil (M189-2)
Regueiro do Carucedo, CdA en Petín (M190-3)

Coa mesma sufixación hai en Asturias *Carroceda* (García Arias, 120)

062. *carba, carballo*

Carba, *carballo* e outras formas semellantes constitúen unha familia léxica fitonímica de orixe prerromana con enorme presenza na toponimia de Galicia e na lingua galega en xeral. As voces galegoportuguesas deste tema teñen parentesco con formas afins no leonés, vasco, occitano e sardo (DCECH, I, 856a). Non hai unanimidade entre os filólogos acerca do estrato lingüístico a que pertencen —Corominas dáo como *prerromano*, sen maior precisión; García de Diego (DEEH, 1444) como ibérico; Rivas, seguindo a Alessio, Dauzat e outros, como preindoeuropeo (Rivas, 1994, 49-53)— nin tampouco nos propios límites da familia —Corominas considera difícil que haxa relación entre a raíz *CARB— e outro tema fitonímico prerromano *CARR- (*carrasca*, etc. vid. 067), en tanto que outros autores consideran estreitamente emparentadas varias familias léxicas fitonímicas e oronímicas e remontan todo a unha base *K-R ‘pedra’, por seren especies botánicas propias de terreos pedregosos— (Rivas, 1994, 49).

062.1. *carba*

Corominas (DCECH, I, 756a) considera o galego e portugués *carballo*, *carvalho* e o leonés *carbayo*, *carbajo* derivados dunha forma simple coincidente co leonés *carba* ‘matorral espeso’. Eladio Rodríguez recolle de Aníbal Otero para o galego *carba* o significado de «especie de roble, de hoja menuda y mala calidad de madera» (DEGC, III, 479); Crespo Pozo di de *carba* «l. m. q. *alberiño* y que *biriño*» e localiza este significado no Valadouro (NCVCG, IV, 75). Rivas dálle a *carba* o significado de «cepeira de carballo miúdo». A palabra é común na fala dalgunhas áreas do territorio estudiado e está presente na toponimia. Nós recollemos para lugares así chamados a explicación de ‘monte de leña miúda’ e ‘monte baixo’ entre informantes da Veiga e Viana do Bolo. En Asturias *carba* é tamén «matorral poblado de árboles, brezo, helecho, etc.» (Sánchez Vicente, 114).

Algúns filólogos suxiren un posible parentesco entre *carba* / *carva* e o latín CARBÓNE, remontando ambas voces a unha común raíz preindoeuropea (Arouca, p. 64).

Os significados das diversas formas galegas e leonesas pertencentes a esta familia léxica levan a Corominas a defender que «el significado fundamental de esta raíz CARB– o CARV– parece ser ‘ramaje’, de donde ‘arbusto’ y ‘roble joven’» (DCECH, I, 856a).

062.1a. A xeografía da forma simple *Carba* na toponimia ourensá faina característica da área oriental (vid. Apéndice, mapa 9):

- A Carba*, PnH no Bolo (M228-3)
- A Carba*, PnH en Carballeda de Valdeorras (M229-1)
- A Carba*, PnH en Castrelo do Val (2 tops., M265-3)
- A Carba*, PnH na Gudiña (M265-2, Cruz, 28)
- A Carba*, PnH na Mezquita (M304-1)
- A Carba*, PnH en Riós (2 tops., M303-2)
- A Carba*, PnH en Viana do Bolo (M228-3)
- A Carba*, PnH na Veiga (M228-2)
- Alto da Carba*, PnH en Castrelo do Val (M265-3)
- Picota da Carba*, PnH en Carballeda de Valdeorras (M229-1)
- Lombo da Carba*, PnH na Veiga (M190-4)
- As Carbas*, PnH en Castrelo do Val (M303-1)
- As Carbas*, PnH en Castrelo do Val (M265-2)
- As Carbas*, PnH en Castrelo do Val (M265-3)
- As Carbas*, PnH en Castrelo do Val (2 tops. M265-4)
- As Carbas*, PnH na Gudiña (M265-2, Cruz 28)
- As Carbas*, PnH en Viana do Bolo (M266-1)
- As Carbas*, PnH en Viana do Bolo (M266-2)
- As Carbas*, PnH en Viana do Bolo (M228-4)
- As Carbas*, PnH na Veiga (M228-1)
- O Lombo das Carbas*, PnH en Castrelo do Val (M265-4)

062.1b. E cos sufíxos diminutivos correspondentes a -ELLA e -INA:

- A Carbela*, PnH en Oímbría (M302-4)
- As Carbelas*, PnH en Laza (M265-3)
- As Carbelas*, PnH en Laza e Castrelo do Val (M265-3)
- A Carbiña*, PnH en Lubián (M266-4)

Con estes podemos relacionar o único exemplo localizado fóra da área oriental:

- O Carbelo*, PnH en Melón (M224-4)

aínda que a súa relación con *carba*, se existe, é moi indirecta, pois identificamos este topónimo de Melón, case na estrema da provincia de Ourense coa de Pontevedra, cun *Carabello* que aparece nun doc. do séc. X próximo a un *Río de Moas* que talvez podemos relacionar coa actual *Chan de Moeiras* ou *Chan de Moiras*

(< MOLARIAS), entre os concellos de Melón e Crecente (M224-4): «*Alios villares duos quos abemus inter Carabello et rio de Molas*» (ano 936, CLN, nº 228).

062.1c. Un derivado co sufijo -ADA:

As Carbadas, PnH en Castrelo do Val (M265-3)

Regueiro das Carbadas, CdA en Castrelo do Val (M265-3)

É un sufijo participial, polo que supoñemos algúns tipo de cruzamento co verbo *escarbar / escarvar* común ó gal., port. e cast., de orixe incerta (DCECH, II, 679), se é que non se trata dunha alteración por metátese de *r* dun oronímico *crebada, quebrada* < CREPATA.

062.1d. Un derivado co sufijo -ICÉA é *carbiza*, que ten uso como voz común cos significados de ‘retoño de carballo’, ‘tropeza’ (Rivas, 1994, 5, p. 52), idénticos ós de *carballizo, carballiza* (vid. infra 062.5):

A Carbiza, PnH en Castrelo do Val (M265-3)

Camiño da Carbiza, PnH en Castrelo do Val (M265-3)

No NG só atopamos un exemplo *Carba* en Xermade e un probable derivado en -ÉTU *Carbedo* en Folgoso do Courel, ademais de *Carbeira* en Valdoviño e *Carbeiral* en San Sadurniño. Un derivado por medio do sufijo átono prerromano -IA / -EA témolos en *Carbia*, nome de dúas entidades de poboación no concello da Estrada e dunha antiga xurisdición (a antiga *Terra de Carbia*, na beira sur da Ulla, entre as confluencias do Deza e o Arnego) que deu nome ó concello na actualidade chamado de Vila de Cruces, onde se conserva unha parroquia co nome de *Carbia*.

O DCP recolle 3 *Carvas*, 2 *Carvela* e 1 *Carviçais*. Na toponimia menor portuguesa de Tras-os-Montes, na raia coas Frieiras ourensás, son comúns os topónimos menores *Carba(s) / Carva(s)* (Cruz, 121). En Asturias hai 3 localidades denominadas *Carba* (Rivas, 1991, 539).

062.2. Carabullo, carrabouxo

Poden interpretarse como alteracións da raíz de *carba* por unha anaptixe *carb- > carab-, carrab-* algunas formas como *carabullo, carrabouxo*, presentes na toponimia e na fala con significados fitonímicos. Para *carrabouxo*, vid. 066; para *carabullo* e semellantes, vid. 123, onde os consideramos xunto coa familia léxica que presenta inicial sonora (*garabullo, garabato, garamata*).

062.3. Carballo

Sarmiento suxeriu un parentesco de *carballo* co latín *quercus* a partir dun suposto *querqualio > carqualio > carvallo* (*Vegetables*, 484), foneticamente

inadmisible. A opinión más estendida considera *Carballo* como derivado da voz prerromana *carba* (vid. supra 062.1) por medio dun sufixo *-ALIU (DCECH, I, 856; Rivas 1982, p.156). O gal. común *carballo*, ast. e leon. *carbayo*, port. *carvalho*, designan diversas especies do xénero *Quercus*, fundamentalmente o *Quercus robur*, carballo común, pero tamén se aplica, sobre todo con diferentes adjectivos, ó *Quercus pyrenaica* (*cerqueiro*, *rebolo*, *cerquiño*, *carballo cerquiño*, *carballo negro*, *carballo mouro*) e outras especies e variedades. Tendo en conta a abundancia de topónimos en que está presente este tema (e máis ainda se contamos as formas sinónimas como os derivados do lat. ROBUR), ha de concluírse que constitúe a realidade botánica máis importante da nosa fitotponimia.

Clasificamos os topónimos en que está presente segundo a morfoloxía:

062.3a. Carballo(s)

Temos a forma simple nos seguintes topónimos:

Carballo, EdP en Verea

O Carballo, EdP en Celanova

O Carballo, EdP en San Cibrao das Viñas

O Carballo, EdP en San Xoán de Río

O Carballo do Hospital, EdP en Quiroga

Cascarballo, EdP en Montederramo

O Carballo, Edp(n) en Avión (M224-2)

O Carballo, Edp(n) no Bolo (M228-1)

O Carballo, Edp(n) en Castro Caldelas (M189-3)

O Carballo, Edp(n) en Chandrex de Queixa (M227-1)

O Carballo, Edp(n) en Melón (M224-2)

O plural témolo en

Os Carballos, EdP na Pobra de Trives (M227-2)

Os Carballos, Edp(n) na Veiga (M228-1)

Na toponimia menor atopamos lugares denominados *O Carballo* por todo o territorio: nos concellos de Baltar (M302-3), Os Blancos (M302-1), Calvos de Randín (M302-1), Carballedo (M188-1), Celanova (M163-1), Cualedro (M302-2), Laza (M164-2), Manzaneda (M227-2), Monforte (M189-1), Pantón (M188-2), A Peroxa (M188-1), A Pobra de Trives (M227-2), Porqueira (M263-4), Rairiz de Veiga (M264-1), Ribas de Sil (M189-2), San Xoán de Río (M189-4), Sarreaus (M264-4), Sober (2 tops., M188-2, M188-4), Trasmiras (M164-4), A Veiga (M228-2), Vilar de Santos (M264-1). O plural *Os Carballos* en Calvos de Randín (M301-4), Castro Caldelas (M186-2), Muíños (M301-2), A Pobra de Trives (M227-2), Trasmiras (M264-4) e A Veiga (M228-1). Precedido de xenéricos: *Alto do Carballo* en Boborás (M186-2), *A Carreira do Carballo*, en Boborás (M186-2), *Cavorco do Carballo* en Vilamartín de Valdeorras (M190-1), *A Cha do Carballo*, na Veiga (M228-4), *A Chan do Carballo*, entre Melón e Covelo (M224-2),

A Chan do Carballo, en Entrimo (M301-3), *O Chao do Carballo*, en Castrelo do Val (M265-3), *Fonte Carballo* en Oímbra (M302-4), *Fonte do Carballo e Penedo da Fonte do Carballo* entre Bande e Raíriz de Veiga (M263-4), *Fontes do Carballo* en Muíños (M301-2), *Fraga do Carballo* en Muíños (M301-4), *Lama de Carballo* en Viana do Bolo (M266-2), *O Lombo do Carballo* en Porto (M266-2, 2284), *Porto Carballo*, *Ribeira de Porto Carballo e Regato de Porto Carballo* en Oímbra (M302-4), *Regato do Carballo* en Baltar (M302-3), *Regato do Carballo* en Verín (M303-1), *Regueiro do Carballo* en Castrelo do Val (M303-1), *Souto Carballo* en Sarreaus (M264-2), *Touza do Carballo* en Castrelo do Val (M303-1), *Val de Carballo* en Toén (M225-2), *Val de Carballo e Alto de Val de Carballo* en Hermisende (M304-2). O plural *Os Carballos* en Calvos de Randín (M301-4), Castro Caldelas (M189-3), Muíños (M301-2) e Trasmiras (M264-4). E precedido de preposición en *Entrecarballos*, en Xinzo de Limia (M264-3).

No NG figuran *Carballo* ou *O Carballo* nos concellos de Abadín, Ames, Antas de Ulla, Ares, Arzúa, Baiona, Cambre, A Cañiza, A Capela (2 lugs.), Carballo (vila, parroquia e concello), Castro de Rei, Cervo, Dozón, A Estrada (2 lugs.), Friol (lugar e parroquia), Guitiriz (2 lugs.), Guntín, Lugo, Mañón, Monfero, Monforte, Narón (2 lugs.), Oleiros, Ordes (2 lugs.), Ortigueira, Paderne, Ribeira, Rodeiro, Sada, Samos, San Sadurniño, Sanxenxo, Sarria (2 lugs.), O Saviñao, Taboada, Trabada, Tui, O Valadouro, Vilalba (2 lugs.), Vilanova de Arousa, Viveiro e Xove. *Chave de Carballo* en Brión, *Couto Carballo* na Baña (2 lugs. en dúas parroquias distintas), *Trasar de Carballo* en Carballedo, *Val do Carballo* na Cañiza e *Vilar do Carballo* en Carballo. O plural (*Os*) *Carballos* en Orosa, Ortigueira, Ouro, O Saviñao e Taboada.

O DCP recolle máis de 50 *Carvalho* e 20 *Carvalhos*.

062.3b. Carballo(s) + (de) + 2º elemento

Son igualmente numerosos os topónimos compostos:

CARBALLO(S) + PREPOSICIÓN + SUBSTANTIVO temos *O Carballo do Ramiro* nos Blancos (M302-1), *Carballo das Covas* en Cea (M187-2), *Carballo de San Tomé* en Muíños (M301-2), *Carballo dos Pitos* en Pías (M266-2), *Os Carballos da Portela* en Nogueira de Ramuín (M188-3, M188-4).

CARBALLO(S) + ADJECTIVO: *Carballos Altos* en Nogueira de Ramuín (M188-3), *Carballos Bríños* en Lobios (M3361), *A Cima de Carballo Cerquiño* entre Boborás e A Lama (M186-2) e *A Chaira do Carballo Cerquiño* entre este último concello e o de Beariz (M228-2), *O Carballo Groso* en San Xoán de Río (M189-4), *Carballos Loiros* en Boborás (M186-2) *O Carballo Longo* en Sandiás (M264-1), *Carballos Miúdos* na Lama (M186-4), *O Carballo Mouco* en Montederramo (M227-1), *O Carballo Queimado* e *A Cruz ~ O Cruce do Carballo Queimado* na Peroxa (M188-1), *O Carballo Señeiro* (< SINGULARIU) na Mezquita (M304-1), *A Chaira do Carballo Torto* na Veiga (M228-2) e *O Carballo Vello* en Montederramo (M227-3).

O NG recolle *Carballo Branco* en Barreiros, *Carballo da Pedra* na Cañiza, *Carballo de Boi* en Ortigueira, *Carballo de Lor* en Quiroga (co nome do río *Lor* como “apelido” para distinguilo do mencionado *Carballo do Hospital*, no mesmo concello), *Carballo do Pazo* en Pontevedra, outro *Carballo do Pazo* en Vigo, *Carballo Furado* en Narón, *O Carballo Gallardo* en Xermade, *Carballo Gordo* en Ortigueira, *Carballo*

Mariño en Alfoz, **Carballoguidín** (< *UITINI, xenit. da forma latinizada *Ui(c)TINUS dun antropónimo xermánico WIT(t)-, Piel-Kremer, HGN, 315, 14, p. 294) na Fonsagrada, **Carballoinfante** na Capela, **Carballolongo** en Vilalba, **Carballo Redondo** en Monfero, **Carballotorto** en Aranga, outro **Carballotorto** en Vilalba, **Carballos Altos** en Arzúa.

No DCP figuram **Carvalho Velho**, **Carvalho Verde**, **Carvalho de Egas**, **Carvalho de Rei**, **Carvalho de Vila**, **Carvalho da Vinha**, **Carvalho de Baixo** e **Carvalho de Cima**.

Na documentación medieval rexistramos topónimos semellantes: **Carballo Torto**: «*unum montem aut terrenum qui est in termino de Uilar in loco qui dicitur Carualio torto*» (ano 1250, RAM, nº 77); **Carballo de Agramonte** preto do Carballiño: «*per ipsos terminos de Orcellone per illo carvallo de Agramonte et per casa de Ansedo*» (ano 1176, OSR1, nº 55); **Carballo de Corredoira**: «*Item alia ad Carvallo de Curredoira*» (ano 1233, OSR1, nº 373); **Carballo de Pé Corto** localizado en Partovia «*et alia larea iacet in loco dicto ad Carvalium de pede corto*» (ano 1252, OSR1, nº 688); **Carballo de Pedro Mouro** ou **Pedro Moure**: «*diuiditur per carualium Petri Mauri, deinde ad forcadas de predicta Pena Porreira*» (ano 1248, RAM, nº 60); **Carballo de Xoán Carnaz**: «*ipsam nostram vineam quam habemus ad Carvallium de Iohanne Carnaz*» (ano 1222, OSR1, nº 217); «*vineam meam que iacet ad Carvallio de Iohanne Carnaz*» (ano 1239, OSR1, nº 457); «*ad carvalium que dicitur lohannis Carnaz*» (ano 1257, OSR2, nº 793); «*vineam quam comparavi de Silvestro Fernandi ad carballium Iohannis Carnaz*» (ano 1257, OSR2, nº 794); **Carballo do Lobo**: «*onde chaman Carballo de Lobo*» (ano 1520, VFD1, nº 123); **Carballo dos Bidos** e **Carballo de Certe** (?), posiblemente en Calvos de Randín: «*deinde ad quercus vitulorum, deinde ad quercus de Certem et deinde ad antea de Barreo*» (ano 1093, BCMO, T. 2, p. 407), un compostelán **Carballo dos Armíños** (¿cun segundo elemento zoonímico?): «*Item a cassa do Caruallo dos Armysnos está por cinque libras et mea*» (ano 1352, TzS, fol 4v), un **Carballo Retorto** preto de Padrenda e Entrimo: «*in loco qui dicitur Pousadela et Cauallo Retorto*» (ano 1234, Fiñes, nº 209), etc.

O lugar chamado **O Carballo** en Xunqueira de Ambía témolo rexistrado na documentación antiga: «*o noso casar do Carvallo, que he suu sino de San Romao de Sobradelo*» (ano 1340, RdS, nº 73), «*o noso casar do Carvallo*» (ano 1365, RdS, nº 86), «*con ho noso casar do Carballo*» (ano 1454, RdS, nº 201). Na toponimia menor dos documentos medievais atopamos unha **Leira de Carballo**: «*tercia da leira do Carvalo*» (ano 1275, OSR2, nº 1100) e outro homónimo en Bueu «*deyra de Caruallo*» (ano 1298, HGP, nº 113; ano 1299, HGP, nº 114); **Praza do Carballo**: «*inter casam que fuit de Gardelas et plateam de Carvalio*» (ano 1235, OSR1, nº 401); **Souto do Carballo**: «*esse nosso souto do carvalo con seu herdamento*» (ano 1287, OSR2, nº 1190), etc.

En usos antropónimos atopamos «*Johannes Carvalius*» (ano 1222, OSR1, nº 219) ou «*lohamnes Garvalius*» (ano 1229, OSR1, nº 316); «*Petro Petri dicto Carvalio*» (ano 1233, OSR1, nº 375), etc.

062.3c. Carballiño(s)

É igualmente común o diminutivo co sufijo correspondente a -ÍNO:

O Carballiño, lugar, parroquia e concello

O Carballiño, EdP en Ribas de Sil

O Carballiño, EdP(n) en Cartelle (M225-4)

Na toponimia menor atopamos **O Carballiño** en Hermisende (M266-4), en Monterrei (3 tops., M265-3, M302-2, M303-1), en Pantón (M188-2), en Sandiás (M264-1) e en Xinzo de Limia (M264-4), **Regato do Carballiño** entre Montederramo e A Teixeira (M189-3) e **Alto da Ourela do Carballiño** en Lobios (M336-1). O plural **Os Carballiños** en Boborás (M187-3), en Hermisende (M266-4), na Gudiña (M165-4), en Nogueira de Ramuín (M188-4), entre Oímbra e Verín (M303-3), en Vilar de Santos (M264-1), en Vilariño de Conso (M227-4). **Os Tres Carballiños** en Calvos de Randín (M301-2). Unha forma oriental presenta a terminación **-ín**, **Cavorco de Carballín** (M190-1), no concello de Vilamartín de Valdeorras, en área onde o resultado normal de **-ÍNU** é **-iño** na fala pero que ofrece esporádicos derivados en **-ín** na toponimia.

No NG atopamos lugares chamados **O Carballiño ou Carballiño** nos concellos de Frades, Monfero, Pazos de Borbén, O Pino, Redondela, Ribas de Sil, O Saviñao, Touro e Valga. Coa solución **-ín** do galego oriental norte temos **Carballín** en Becerreá e en Negueira de Muñiz. O plural **Carballiños ou Os Carballiños** témolo en Abadín, Cospeito, Guitiriz, Lalín e Pontevedra. Un topónimo **Carballoous**, que supoñemos proveniente dun diminutivo en **-óLOS**, figuraba no Madoz como pertencente á parroquia de Navallos (hoxe na Ribeira de Piquín) pero desapareceu dos nomenclátores.

No DCP hai 7 **Carvalhinho**, 10 **Carvalhinhos**, 1 **Carvalhinhas**.

062.3d. Carballón, carballóns, carballós, carballois

A terminación **-on** corresponde na maior parte dos casos a **-ÓNE**, aumentativo, aínda que algún **Carballós** aparentemente derivado de **-ÓNES** podería corresponder en realidade a un sufijo diminutivo **-ÓLOS**, e ter en orixe aberta a vogal tónica.

Os Carballois, PnH na Mezquita (M266-3)

Carballón, PnH en Lobios (M336-1)

Corgo do Carballón, CdA en Lobios (M336-1, M301-3)

Campo de Carballós, PnH en Pantón (M188-1)

No NG atopamos unha forma feminina **Carballoa** (<*CARBALIÓLA ou **-ÓNA**) no concello de Vilarmaior.

062.4. Carballa

En case todo o territorio estudo o feminino *carballa* designa exemplares de carballo de moita idade e gran desenvolvemento. É significado que recollen os dicionarios, que caracterizan o seu uso como ourensán: «Llaman así en algunas comarcas orensanas al roble ya viejo, de tronco voluminoso y de copa tupida y muy desarrollada» (DEGC, I, 487a). Témolo nos seguintes topónimos:

A Carballa, EdP(n) en San Amaro (M187-3)

As Carballas, EdP(n) en Amoeiro (M187-4)

- As Carballas*, EdP(n) en Ourense (M187-4)
A Carballa, PnH en Laza (M265-3)
A Carballa, PnH en Lobeira e Bande (M301-2)
A Carballa, PnH en Maceda (M226-2)
A Carballa, PnH en Manzaneda (M227-4)
A Carballa, PnH en Muíños (M301-2)
A Carballa, PnH na Pobra de Trives (M227-2)
Alto da Carballa, PnH en Muíños e Calvos de Randín (M301-2)
A Carballa da Cova, PnH en Lobios (M301-1)
A Carballa da Ribeira, PnH en Cualedro (M302-4)
A Carballa Seca, PnH en Muíños (M301-4)
Corga Carballa, CdA en Lobios (M301-3)
Chan da Carballa, PnH en Lobios (M301-3)
O Penedo da Carballa, PnH en Calvos de Randín (M301-2)
Rega da Carballa, PnH en Melón (M224-2)
Regato da Carballa, CdA en Oimbra (M303-3)
Val da Carballa, PnH no Irixo e Boborás (M187-1)
Val de Carballa, PnH en Verín (M303-3)
As Carballas, PnH en Cualedro (M302-2)
As Carballas, PnH en Entrimo (M301-1)
As Carballas, PnH en Lobeira (M301-1)
As Carballas, PnH en Muíños (M301-2)
As Carballas, PnH en Xinzo (M264-3)
As Carballas Brancas, PnH en San Xoán de Río (M189-4)
A Carballiña, PnH en Lobios (M301-3)
As Carballiñas, PnH en Muíños (M301-2)

O NG recolle lugares chamados *Carballa* ou *A Carballa* en Cabana, Cospeito, Dumbría, A Estrada, Mesía, Outes, Pontevedra (2), Ribeira, Valga e Vimianzo. *Carballa Redonda* na Laracha, *Carballadrade* (< HĚDĚRATA) en Tordoia, *Carballamarela* (< AMARĚLLA) en Pol e *Pedra Carballa*, seguramente de *Pedra (da) Carballa*, en Salceda de Caselas. O plural *Carballas* resulta máis problemático porque os nomencladores non empregan acentuación gráfica e algún deles pode representar un plural de *Carballal*, de modo que só o artigo masculino ou feminino (cando figura) permite diferencialos (así os «*Os Carballas*», que vemos nos concellos de Mesía, Xermade e Ourol —dous tops. neste último—, supoñemos que ha de lerse «*Carballás*»). Atopamos estas formas aparentemente femininas plurais *Carballas* nos concellos de Abadín (2 tops.), Cabana, Cambre, A Capela, Castro de Rei, Cerceda, Cerdido, Coristanco, Cospeito, Crescente, Curtis, A Estrada (4 tops.: 2 *As Carballas* e mais *As Carballas de Abaixo* e *As Carballas de Arriba*), Gondomar, Mañón, Muras, As Neves, Oroso, Ortigueira, Sobrado, Taboada, O Valadouro (2 *As Carballas*), Vilarmaior e Xove. Unha forma posiblemente diminutiva é o mencionado *Carballoa* (< *CARBALIÖLA, pero tamén sería posible un étimo *CARBALIÖNA) en Vilarmaior.

No DCP aparecen 24 *Carvalha*, 11 *Carvalhas*, 1 *Carvalhinhas*.

Na documentación antiga temos outros topónimos paralelos, non identificados na actualidade, como *Carballa do Forno* («*Carualiam de forno*», ano 1246, RAM, nº 42), *Carballa Viriña* («*leira que ayo in termio de Acoreiro a qual chaman da Carualla Viriña*», ano 1259, VFD1, nº 9), *Carballa Forcada* («*carvalla forcada*», ano 1289, OSR2, nº

1210; ano 1294, OSR2, nº 1240), *Carballa de Afonsín* («*Carualla d'Afonsín*», ano 1427, FDU, nº 281), *Fonte da Carballa* («*fonte da Carualla*», ano 1436, FDU, nº 304); *Dúas Carballas* (latinizado como «*Duas Quercus*» en doc. do ano 1227, XEsP, nº 3), *Carballas Vellas* («*in uilla que dicitur Pidrisqueira en Caruallas Vellas*», ano 1250, VFD1, nº 2).

O lugar das *Carballas*, en Ourense, atopámolo amplamente documentado desde o séc. XIV: «*Johan Cao das Carvalas*» (ano 1315, ROC, nº 59); «*cortiña das Qarbalas*», «*as caruallas*» (ano 1491, ROC, nº 338; ano 1512, ROC, nº 345; ano 1535, ROC, nº 394, etc.).

062.5. Carballizo

No territorio estudiado o derivado por medio do sufijo *-ÍCÉU*, *-ÍCÉA*, *carballizo*, *carballiza*, denomina os exemplares novos de carballo, cando áinda forman unha mata escasamente leñosa que non supera o metro de altura, ou ben o matorral composto por eles, o que noutras áreas se denomina *carba* (vid supra 062.1) ou *tropeza*, *trapeza*, «conjunto de robles muy juntos, de pequena altura, que nunca llegan a ser verdaderos árboles completos» (Crespo Pozo, NCVCG, I, 78). Eladio Rodríguez define *carballizo* simplemente como «dim. de carballo» DEGC (I, 487). Témolo en:

Carballizos, EdP no Pereiro de Aguiar (M226-1)
As Carballizas, PnH en Carballedo (M188-1)

No NG atopamos *Carballizos* en Chantada e *Carballiza* en Tui. O DCP recolle 1 *Carvalhiças*.

O lugar de *Carballizos* do Pereiro de Aguiar aparece na documentación medieval:

«*in Villar plano quatuor et in Carbalizos alia hereditate*» (ano 1007, ROC, nº 1)
 «*heredes de villa que vocatur Carvallizos*» (ano 1239, OSR1, nº 454)
 «*Pedro Perez de Carvalizus*» (ano 1281, OSR2, nº 1152)

Non identificamos na actualidade un hidrónimo medieval *Río de Carballizos*:

«*qui faciam unum molendinum iusta rivum de Carvalizus*» (ano 1260, OSR2, nº 875).

En uso antropónimico rexistramos un «*Petrus Carvalico* ts.» (ano 1232, OSR1, nº 351).

062.6. Carballal

Igualmente abundante é o derivado por medio do sufijo *-ALE*, *carballal*, que designa o bosque de carballos ou o lugar poboado de carballos (DEGC, I, 487). No territorio estudiado temos:

Carballal, EdP en Padrenda

- Carballal*, EdP en Petín
Carballal, EdP en Rairiz de Veiga
Carballal, EdP en Vilamartín de Valdeorras
San Paio do Carballal, EdP en Montederramo
O Carballal, EdP en Cartelle
Carballal, Edp(n) no Irixo (M153-3)

Na toponimia menor recollemos lugares chamados *O Carballal* nos concellos de Allariz (M264-1), Os Blancos (M302-1), Carballeda de Avia (M187-3), Cartelle (M225-1), Cualedro (M302-2, M302-4), Chandrex de Queixa (M227-3), A Gudiña (2 tops., M266-3, M304-1), Hermisende (M304-2), Laza (M265-1), Leiro (M187-3), Maceda (M226-2), Melón (M225-1), A Mezquita (M304-1), Montederramo (2 tops., M189-3, M227-1), Monterrei (M302-2, M303-1), Muíños (M301-4), Oímbra (M302-4), Pantón (M188-1), Parada de Sil (M188-4), A Pobra de Trives (M189-4), Porto (M266-2), A Rúa (M190-3), San Cibrao das Viñas (M225-2), Sandiás (M264-1), A Veiga (M228-4), Viana do Bolo (M228-3, M266-1), Vilardevós (M303-4) e Xinzo de Limia (M302-2). Ademais, *A Cabeza do Carballal* en Laza (M265-1), *A Caseta do Carballal*, na Gudiña (M304-1), *O Campo do Carballal* na Pobra de Trives (M227-2), *A Chaira do Carballal* en Quiroga (M190-1), *A Corga do Carballal* na Gudiña (M265-4), *A Corga do Carballal* en Lobeira (M263-3), *A Corga do Carballal* en Muíños (M301-4), *A Cortiña do Carballal* en Xinzo (M264-3), *A Cruz do Carballal* en Carballeda de Valdeorras (M190-4), *Os Curros do Carballal* en Carballeda de Valdeorras (M190-4), *A Ermida do Carballal* en Carballeda de Valdeorras (M190-4), *O Lagorzo do Carballal* na Veiga (M228-4), *O Paso do Carballal* en Carballeda de Valdeorras (M229-1), *O Porto do Carballal*, en Vilardevós (M303-4), *A Poula do Carballal*, en Castrelo do Val (M265-4), *Os Poulos do Carballal* en Carballeda de Valdeorras (M190-4), o *Regato do Carballal* en Baltar (M302-3), o *Regato Carballal* en Monforte (M188-2) e mailo *Regueiro do Carballal*, tamén chamado *Regueiro da Fonte da Pedra*, en Viana do Bolo (M228-3). *O Carballal do Campo* en Lubián (M266-4), *O Carballal da Facha* na Mezquita (M266-3), *O Carballal de Bocelo* en Laza (M265-1), *O Carballal do Pisco* en Muíños (M301-4), *O Carballal dos Lobos* na Veiga (M228-4), *Carballal Formoso* entre Viana do Bolo e Pías (M266-2) e *O Carballal Verde* en Melón (M224-2).

Unha única forma coa variante *-ar* (< -ALE) témolos nun topónimo menor *O Carballar*, en Montederramo (M227-1), excepción á regra disimilatoria do sufijo -ALE segundo a cal cando hai *-r-* no radical non se presenta o resultado *-ar*, que se produce cando no radical hai un *-l-*.

Diminutivos en *-iño* con *-c-* de enlace rexistrámoslos en área oriental:

- O Carballalcíño*, na Mezquita (M304-1)
Carballalcíño en Vilardevós (M303-4).

No NG *Carballal* ou *O Carballal* é un topónimo abundantísimo. Atopámolo nos concellos de Abadín, Abegondo (2 tops.), Alfoz, Aranga, Arbo, Baralla, Boiro, Cabana, Caldas de Reis, Cangas, A Cañiza (2 tops.), A Capela, Carnota, Castro de Rei, Cerceda (2 tops.), Cerdido, Cesuras, Coristanco, Cospeito (2 tops.), Cotobade, Curtis, A Estrada (2 tops.), Frades (3 tops.), Folgoso do Courel, Friol, Guitiriz, Laxe, Lourenzá, Lugo, Mañón, Marín, Meira, Melide, Mesía, Mondariz, Nigrán (2 tops.), Orosi, Ortigueira, Outeiro de Rei, Palas de Rei (2 parroquias e un lugar, ademais de *Carballal de Baixo* e *Carballal de*

Riba), A Pastoriza (2 tops.), Pol, Ponteareas, As Pontes, Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Salceda de Caselas, Santa Comba (2 tops.), Santiago de Compostela (unha parroquia e un lugar), Sanxenxo (2 tops.), Taboada, Teo, Trabada, Tomiño, Tordoia (2 tops.), O Vicedo, Vigo (3 tops.), Vila de Cruces, Vilalba (2 tops.). O DCP recolle máis de 150 **Carvalhal**.

Na documentación antiga rexistramos o lugar chamado *O Carballal* en Cartelle:

«*uno molendino, qui dicitur do Carualial cum sua leuada*» (ano 1254, RAM, nº 110)

O Carballal de Montederramo:

«*item hu chamā Paredes [...] ssaluo o Carualar*» (c. 1400, MdR, AHN Clero, Cpta. 1498, nº 12).

Outro topónimo igual na provincia de Ourense non identificado hoxe:

«*das ditas herdades do Carualyal*»

«*Mariña Fernandes de Carvalyal*» (ano 1265, VFD1, nº 12)

O Carballal en Arca:

«*tras lo uoso casal do Caruallal*» (ano 1332, FDU, nº 126)

O Carballal en Teo

«*do Caruallal, que he na frigissia de sam Simon d'Oôes*» (ano 1352, FDU, nº 231; ano 1356, FDU, nº 233)

O Carballal en Tomiño:

«*en Tebra a mōte & a ffonte & espesjalmete no Carualal*» (ano 1295, HGP, nº 108)

«*a uos Fferrnā Eanes do Carualal*» (ano 1297, HGP, nº 112)

«*Fernā Eaner do Caruallar*» (ano 1302, HGP, nº 121, n 122)

Para a forma do plural deste derivado en *-ALE* atopamos dúas solucións no territorio estudiado: **Carballais** e **Carballás**. Atopamos *-ais* (< *-ALES*) na área oriental:

Os Carballais, PnH en Riós (M303-2)

Os Carballais, PnH na Veiga (M228-2)

Os Carballais, PnH en Vilariño de Conso (M227-4)

Regato dos Carballais, CdA entre Viana e Vilariño de Conso (M265-2)

Regueiro dos Carballais, CdA entre Petín e A Veiga (M190-3)

E *-ás* (< *-ALES*) no resto do territorio:

Carballás, PnH en Xinzo (M264-3)

Carballás, PnH en Parada de Sil (M264-3)

Os Carballás, PnH en Parada de Sil (M188-4)

Os Carballás, PnH en Cualedro (M302-2, M302-4)

Os Carballás, PnH en Montederramo (M227-1)

Os Carballás, PnH en Monterrei (M302-2)

O NG recolle lugares chamados **Os Carballás** en Mesía, Xermade e Ourol (2 tops.). No DCP figuran cerca de 40 **Carvalhais**.

062.7. Carballeda, carballedo, carballido

O derivado correspondente a *CARBALIĒTA, *CARBALIĒTU está presente en:

- Carballeda de Avia*, nome de concello.
- Carballeda de Valdeorras*, nome de concello
- Carballedo*, nome de concello.
- Carballeda*, parr. en Carballeda de Avia
- Carballeda*, parr. en Piñor (M154-4)
- Carballeda de Valdeorras*, parr. no cllo. do mesmo nome
- Carballeda*, EdP no Irixo
- Carballeda*, EdP no Carballiño (M187-1)
- Carballeda de Abaixo*, EdP en Cenlle
- Carballeda de Arriba*, EdP en Cenlle
- Carballeda*, EdP en Coles
- Carballeda*, Edp(n) en Cortegada (M225-3)
- Carballediña*, EdP en Piñor
- Carballedo*, EdP na Peroxa
- Carballedo*, EdP en Quiroga
- Carballeda*, PnH en Calvos de Randín (M302-1, M302-3)
- Carballeda*, PnH en Xunqueira de Espadanedo (M226-2)
- A Carballeda*, PnH en Muíños (M301-2)
- A Carballeda*, PnH en Vilar de Barrio (M226-4)
- A Armada de Carballeda*, PnH no Irixo (M153-4)
- A Pena da Carballeda*, PnH en Lobios (M301-3)
- Carballedo*, PnH en Castrelo do Val (M265-3)
- Carballedo*, PnH en Porqueira (M264-3)
- Carballedo*, PnH en Rairiz de Veiga (M264-3)
- Carballedo*, PnH en Vilar de Santos (M264-1)
- Lombeiro de Carballedo*, PnH en Castrelo do Val (M265-3)
- Regueiro de Carballido*, CdA na Rúa (M190-1)

No NG atopamos *Carballeda* nos concellos de Covelo, Lalín, Silleda e Sober e un plural *Carballedas* en Narón. *Carballedo* no concello lugués así chamado, onde tamén dá nome a unha parroquia, e en Cotobade (nome de parroquia), Baralla, Carballo, Castroverde, Chantada, Guitiriz (2 tops.), Ordes, Palas de Rei, Pantón, Paradela, Quiroga e Salceda de Caselas. *Carballido* en Alfoz (parr.), Ames, Arzúa, Begonte, Boimorto, A Fonsagrada (parr. e lugar), Lugo (1 parr e 3 lugares), Moaña, Outeiro de Rei, Outes, Palas de Rei, Ponteceso, Porto do Son, Santiso, Vilagarcía de Arousa e Vilalba (parr e lugar), ademais dun diminutivo *Carballidiño* en Carballedo (escrito como *Carballediño* no Madoz) e un *Carballida* en Salceda de Caselas. Ademais destes temos un *Carballede* en Ponteareas, que suponemos alteración de *Carballeda* por palatalización do -a final, e un *Carballude*, que figura erradamente no Madoz como *Carballudo* (forma que non se corresponde coa realidade oral nin co apellido *Carballude*, común na zona) e no cal a alteración vocálica semella máis irregular, pois non parece que se trate do xenitivo dun hipotético antropónimo *CARBALIŪTUS, que non atopamos en ningún repertorio onomástico, senón dun abundancial **Carballuda*.

O DCP recolle 3 *Carvalheda*, 2 *Carvalhedo*, 1 *Carvalhedos*, 4 *Carvalhido*.

Na documentación medieval rexistramos *Carballeda de Avia*:

- «*Ad sanctum Michaellem de Carvalleda*» (ano 1227, OSR1, nº 289)
- «en a freigresia de san Migeel de Carbaleda» (ano 1333, RAM, nº 291)
- «enna feligresia de San Miguell de Carvalleda» (ano 1400, RBV, nº 8)
- «aa dita iglesia de San Miguel de Carvalleda» (ano 1400, RBV, nº 8)
- «San Miguel de Carualleda» (ano 1454, RBV, nº 16).

Carballeda en Piñor:

- «*Pero Domingez de Carvaleda*» (ano 1296, OSR2, nº 1250)
- «omees boos da villa de Barram et de Carvalleda» (ano 1305, OSR2, nº 1325)
- «o couto de Carvaleda que e do dito moesteiro» (ano 1305, OSR2, nº 1325)
- «*Roy Perez de Carballeda*» (ano 1307, OSR2, nº 1339)
- «*Lourenço Martinz de Carualleda*» (ano 1345, RAM, nº 305).

Atopamos así mesmo amplamente documentado o *Carballedo* que dá nome ó concello do sur da provincia de Lugo:

- «*et est ipsa hereditas in Carvaledo*» (ano 1232, OSR1, nº 370)
- «*in parrochia sancte Marie de Carvaledo, in villa que vocatur Morgade* » (ano 1234, OSR1, nº 386)
- «*Petrus Michaelis, laicus de Carvaledo*» (ano 1244, OSR1, nº 545)
- «*Dominicus Petri de Carvalledo*» (ano 1252, OSR1, nº 681)
- «*Martinus Ruderici de Carvalledo*» (ano 1252, OSR1, nº 692)
- «*duas quintas de voce in cauto de Carvaledo*» (ano 1258, OSR2, nº 824)
- «*Petro Fernandi clericu de Carvaledo*» (ano 1265, OSR2, nº 925)
- «*loco qui vocatur Pons Arintarii sub parrochia sancte Marie de Carvalledo*» (ano 1275, OSR2, nº 1088)

Nun texto de Oseira faise referencia a dous *Carballedo* «*in Carvaledo novo et in Carvaledo Velo*», ano 1220, OSR1, nº 200). Un deles ha de ser o que dá nome á parroquia e ó concello de Carballedo (Lugo); o outro o actual *Carballidiño* ou *Carballidiño*, na veciña parroquia de Beascós, no mesmo concello.

062.8. Carballeira

É abundantísima a presenza na toponimia do derivado *carballeira*, que ten uso vivo na fala co significado de ‘bosque de carballos’. Do correspondente masculino, presente na toponimia portuguesa, non recollemos ningún no territorio estudiado e un só exemplo na toponimia maior de Galicia.

No territorio estudiado recollemos:

- A Carballeira*, parr. en Nogueira de Ramuín
- A Carballeira*, parr. en Carballedo
- Carballeira*, 2 EdP en Celanova
- Carballeira*, EdP en Sober.
- A Carballeira*, EdP en Nogueira de Ramuín

- A Carballeira*, EdP en Punxín
A Carballeira, EdP en San Amaro
A Carballeira, EdP na Merca
A Carballeira, EdP en Maside
A Carballeira, EdP en San Cibrao das Viñas
A Carballeira, EdP en Xunqueira de Espadanedo
A Carballeira, Edp(n) en Avión (M186-2)
A Carballeira, Edp(n) en Castrelo de Miño (M225-1)
A Carballeira, Edp(n) en Coles (M188-4)
A Carballeira, Edp(n) en Ourense (M225-2)
A Casa da Carballeira, Edp(n) en Toén (M225-2)
As Carballeiras, EdP en Castro Caldelas
As Carballeiras, EdP en Gomesende
As Carballeiras, EdP en Ramirás

Na toponimia menor atopamos **Carballeira** en Celanova (M263-1), *A Carballeira* en Amoeiro (M187-4), en Avión (M224-2), en Boborás (M186-2), en Cartelle (M225-4), en Castro Caldelas (M189-3), en Cea (M187-2), en Coles (M188-1), en Crescente (M225-3), en Entrimo (M301-1), na Lama (M186-2), en Muíños (M301-2), en Nogueira de Ramuín (M188-4), en Pantón (M199-2), en Parada de Sil (M189-3), en Quiroga (M189-2), en Sober (M189-3), en Toén (M225-2), en Verín (M303-B), en Vilamarín (M187-2), e mais en Vilardevós (M303-1). *Alto da Carballeira* en Vilarinho de Conso (M265-2), *As Cortes da Carballeira* en Entrimo (M301-1) e *A Gándara da Carballeira* en Cartelle (M225-4), *O Monte da Carballeira* en Boborás (M186-2). **Carballeira Alta** en Lobeira (M263-3), *A Carballeira da Mourisca* entre Quintela de Leirado e Verea (M263-1), *A Carballeira do Regato do Porto* entre Ourense e Amoeiro (M187-4) e *A Carballeira do Sol* na Teixeira (M189-3).

En plural *As Carballeiras* en Castrelo de Miño (M225-1), en Castro Caldelas (M189-3, M189-4), en Nogueira de Ramuín (M188-1) e en Xinzo de Limia (M264-3), ademais do *Regato das Carballeiras* en Cualedro.

O NG recolle lugares chamados **Carballeira** ou *A Carballeira* nos concellos de Abadín, Aranga (2), Arbo, Arzúa, A Baña, Boimorto, Carballedo, Cerceda, Cesuras, O Covelo (2), Chantada, Dozón, A Estrada (4), Forcarei, Frades (2 tops.), Friol, Gondomar, O Grove, A Lama, A Laracha, Monfero, Nigrán, Ordes (2), Ortigueira, Ourol, Pantón, A Pastoriza (2 tops.), As Pontes (2 tops.), Pontevedra (2 tops.), Portomarín, Tordoia (2 tops.: *Carballeira de Abaixo* e *Carballeira de Arriba*), Mesía (2 tops.), Santa Comba, Vilaboa (2 tops.), Vilalba (4 tops.) e Xermade. O plural **Carballeiras** témolo na Cañiza, Ortigueira, Outeiro de Rei e Xermade. Un único exemplo masculino **Carballeiro** dá nome a unha localidade de Ortigueira (M8-1) non incluída no NG.

No DCP contamos 24 **Carvalheira**, 4 **Carvalheiras**, 6 **Carvalheiro** e 3 **Carvalheiros**.

062.9. Carballoso, carballosa

Derivados por medio do sufijo **-ōSU**, **-ōSA** temos:

- A Carballosa*, PnH en Lobios (M301-3)
Corga da Carballosa, CdA en Lobios (M336-1)
Curral da Carballosa, PnH en Lobios (M336-1)
A Carballosa, PnH en Trasmiras (M264-4)
A Carballosa, PnH en Vilar de Barrio (M264-2)
A Carballosa, PnH no Irixo (M187-1)
A Carballosa, PnH en Trasmiras e Sarreaus (M264-4)
Pena Carballosa, PnH en San Cristovo de Cea (M154-4)
Carballoso, PnH en Hermisende (M304-2)
A Pena de Carballoso, PnH en Hermisende (M304-2)
A Lama de Carballoso, PnH en Hermisende (M304-2)

O NG recolle localidades chamadas *A Carballosa* ou *Carballosa* en Castro de Rei, Cospeito, Crecente, Monfero, Muras, Narón, Paradela, Porto do Son, Val do Dubra e Xermade (2 tops.), e o masculino *Carballoso* en Friol, Meaño e Ribadumia.

No DCP figuran 8 *Carvalhosa*, 1 *Carvalhosas*, 3 *Carvalhoso*, 1 *Carvalhosos*.

A Carballosa de Trasmiras atopámola en texto do ano 1400: «*hña leyra ena Caruallossa*» (ano 1400, MdR, AHN Clero, Cpta. 1498, nº 10). E posiblemente algúns dos *Carballoso* mencionados corresponde a un antigo *Vilar Carballoso*, onde era evidente o valor adxectivo deste derivado: «*in Villari Carvallosio*» (ano 1274, OSR2, nº 1051). En uso antropónimico atopamos un «*Johan de Carvallosa*» (ano 1418, RdS, nº 123); «*Johan de Carballosa*» (ano 1418, RdS, nº 124).

062.10. Carballarego

Temos exemplos de dupla sufixación en *-ar-ego*, co sufijo de orixe latina *-ar-* (< de *-ARIU*) e o de orixe prerromana *-ego* (< *-AECU*), posiblemente formando adxectivos xentilicios derivados dun topónimo *Carballal*:

- O Lombo de Carballaregos*, PnH en Viana do Bolo (M266-1)
O Carballarego, PnH na Mezquita (M304-1)
Carballaregos, PnH na Mezquita (M266-3)

062b. caravel

Caravel é o nome galego de varias especies do xénero *Dianthus* e das súas flores (VCN, 110), e correspéndese co cat. *clavell*, cast. *clavel* e o port. *cravo*. Segundo Corominas, o cast. e o galego proceden do nome catalán do *clavell*, e este como forma diminutiva do nome da especie chamada *cravo* (< lat. CLAVU), en virtude da semellanza do aroma do caravel e esa especie (DCECH, II, 98). A forma galega explícase por anaptixe *cravel* > *caravel*.

Temos un só representante desta familia léxica en:

As Caraveleiras, PnH de Monterrei (M303-1)

E. Rodríguez recolle *caraveleira* como voz común co significado de «Mata del clavel o de varios claveles» (DECH, II, 486)

Outros topónimos aparentemente asociables a estes poden pertencer a familias léxicas distintas. Así, unha *Laxeira do Carabelo*, PnH entre Beariz e Boborás (M186-2), parece conter como segundo elemento o común *carabelo*, «cesto más pequeño que grande, con aro, que generalmente se lleva al brazo» (DEGC, I, 483), e son habituais os empregos dalgúns nomes de recipientes como metáforas oronímicas. O DCP recolle 1 *Caravela*, 1 *Caravelas*.

063. *cardo, cardea*

O nome *cardo* é designación xenérica que se aplica a varias especies de plantas. Sarmiento recolle os nomes e variedades de *cardo bravo*, *cardo corredor*, *cardo da ribeyra* (*Vegetables*, 761) e *cardo borriqueno* ou *burreiro* (*Vegetables*, 1849). O VCN dá os seguintes: cardo asneiro, *Onopordum acanthium*; cardo bravo, *Dipsacus fullonum*; cardo corredor, *Eryngium campestre*; cardo cundidor, *Cirsium arvense*; cardo da ribeira, *Eryngium maritimum*; cardo dourado, *Scolymus hispanicus*; cardo estrelado ou calcatripa (sic), *Centaurea calcitrapa*; cardo molar, *Sonchus oleraceus*; cardo santo, *Cnicus benedictus*; cardo veliño ou meimendro, *Hyoscyamus niger* (VCN, p. 111). En portugués aplícase o nome *cardo*, con diferentes adxectivacións, a polo menos quince especies, principalmente pertencentes ós xéneros *Eryngium*, *Centaurea*, *Scolymus*, *Cynara* e *Dipsacus* (Sampaio, *Flora*, 672).

Algunhas formas que atopamos na toponimia han de remitir ós derivados documentados no latín tardío CARD᷑NUS e CARD᷑NE (DCECH, 865b, 866a). O primeiro deu o galego antigo *cárdeo* ‘azulado’ (que atopamos como *cardeno* en docs. en latín de Celanova do séc. X), en alusión á cor das flores dos cardos. Sarmiento recolle *cardea* e *cardén* como un dos nomes da *carvén* (*Vegetables*, 779, 1472, 1697, 1918). Na lexicografía galega, por erro de interpretación dos textos de Sarmiento, adoita asignarse este nome á *Carum carvi* (así no VCN, p. 112). Para a identificación da especie e as súas denominacións na tradición lexicográfica, vid. Pensado, 1974, 111-114. É posible que na alteración de *carvén* a *cardén* haxa interferencia de *cardo* ou os seus derivados. Ignoramos a que planta concreta se referirán os derivados de CARD᷑NE que rexistramos.

Nalgún caso os derivados de *CARDU* poden confundirse na toponimia con formas procedentes de *CASA DE* (*carde-*, con rotacismo) ou derivados doutros temas non fitonímicos.

063.1. Cardo, cardón

Temos un único exemplo do nome simple en:

Os Cardos, PnH en Chandrexá de Queixa (M227-3)

No NG hai *Cardois* na Laracha, que, pola localización, resultaría un insólito resultado de *CARDÓNES*, pero pode non ser fitonímico. O aparente radical *Card-* pordería ser un *CASA DE* con rotacismo.

063.2. Cardal, cardeal

Non recollemos no territorio estudiado ningún exemplo de derivado en *-ALE*, comparable ós que atopamos noutras áreas de Galicia. Eladio Rodríguez dá *cardal* como voz común «sitio en que nacen cardos» (DEGC, I, 487).

O NG recolle 3 *Cardal* en Moeche, Toques e Valdoviño.

No DCP figurán 16 tops. *Cardal*, 3 *Cardais* e un diminutivo *Cardainho*.

Posibles derivados de *cardea* con este mesmo sufijo son:

Cardiás, PnH en Ribas de Sil (M189-1)

Cardeás, PnH en Vilardevós (M303-4)

No DCP vemos 3 *Cardeal*, 2 *Cardeais* e un diminutivo *Cardealinho*, ademais de 1 *Cardoal* que se non é variante de *Cardeal* pode ser derivado de *CARDÓNE*.

063.3. Cardeira, cardeiro

Non recollemos derivados en *-eiro* no territorio estudiado. No NG figura *Cardeiro* (parr.) en Boimorto.

O DCP trae unha forma feminina *Cardeira*.

Temos un derivado de *cardea* en:

Cardieiros, PnH en Vilamarín (M187-2)

E un posible derivado de *cardón* en

Cardoeiro, EdP en Baños de Molgas

O NG recolle outro *Cardoeiro* en Fene.

063.4. Cardeda, cardedo

Derivados por medio dos sufíxos correspondentes a *-ÉTA*, *-ÉTU* son:

- O Cardedo*, EdP no Irixo
- O Cardedo*, PnH en Porqueira (M264-3) [EdP en Madoz]
- O Cardedo*, PnH en Sandiás (M264-1)
- Cardedo*, PnH en Muíños (M301-4)
- Cardedo*, PnH na Pobra de Trives (M227-2)
- Cardedos*, PnH en Chandrexá de Queixa (M227-1)
- Regueiro de Cardedo*, CdA en Lubián (M266-4)

Un posible derivado de *cardea* con este sufíxo é un topónimo menor *Golada de Cardadelos*, no concello de Cervantes (M125-2), onde intrepretamos o segundo elemento como diminutivo de *cardiedos* ou *cardeedos* < CARDENÉTOS.

O DCP recolle un *Cardido* e un *Cardida*.

063.5. Cardoso, cardosa

Son moi comúns os derivados por medio do sufíxo procedente de *-ÓSU*, *-ÓSA*, que designarían lugares onde había abundancia dalgunha variedade de cardos. No territorio estudiado recollemos o seguinte:

Cardoso, PnH en Viana do Bolo (M228-3)

No NG figuran 1 *Cardoso* en Lugo, 4 (*A*) *Cardosa* en Cedeira, en Pontevedra (2) e en Valdoviño, e 2 *Cardosas* na Laracha e Vilalba.

O DCP recolle 2 *Cardoso*, 2 *Cardosa*, 4 *Cardosas* e 2 *Cardosinhas*, ademais dun *Cardosos* que pode ter orixe antropónimica, dado o uso deste topónimo como apelido. Non parece verosímil a pertenza a este tema dun aparente derivado con dupla sufixación *Cardosal*.

063.6. Cardadeira

Os topónimos derivados do verbo *cardar* son tamén indirectamente derivados de *cardo*, e aluden a lugares en que se realizaba o cardado da la, unha das fases da elaboración deste produto téxtil, para o seu posterior fiado e tecido. Temos un único exemplo en:

Cardadeira, PnH en Padrenda (M225-3)

064. carpaza, carpazo

Carpaza e *carpazo* constitúen denominacións xenéricas para varias especies botánicas, principalmente das familias das cistáceas e as ericáceas. Considérase

voz de orixe prerromana (Piel, 1968a II, 178), emparentada con outros fitónimos como *carrasco*, *carrizo*, etc., que Elixio Rivas (1994, 52) emparenta con *carba*, *carballo*, e fai derivar dunha raíz preindoeuropea *K-R. Sarmiento suxerira unha orixe a partir do lat. CARPĒRE ‘carpir, arañar’, tal vez con interferencia da familia de CAREX ‘carrizo’ (*Catálogo*, 203r), e Corominas relaciónao cun *CARAPACCIA, étimo que suxire para o cast. *calabaza* (DCECH, I, 889b). En calquera caso, semella voz de orixe prerromana.

Polo regular véñese identificando comunmente o galego *carpaza*, *carpazo* co xénero *Cistus*, como fai Sarmiento en *Vegetables*, 692, 1573. No dicionario de Valladares defíñese *carpaza* como «especie de cisto»; Cuveiro Piñol identifica *carpaceira* como o *Cistus hirsutus* ou «brezo de monte». O P. Merino tamén tamén identifica *carpaza* e *carpazo* co *Cistus hirsutus* (*Flora*, III, 517). O VCN dá o nome de *carpaza común* para o *Cistus hirsutus*, o de *carpaza do ládano* ó *Cistus ladanifer* (*jara* en castelán), o de *carpaza macho* ó *Cistus populifolius* e mailo de *carpaza moura* ó *Cistus salvifolius* (VCN, 112).

O DCP non recolle ningún topónimo pertencente a este tema. Na toponimia, polo menos na toponimia maior, é tema exclusivo de Galicia.

064.1. Carpaza, carpazo

Temos a forma simple nos seguintes topónimos do territorio estudiado:

A Carpaza, PnH en Lalín e Forcarei (M153-4)

Monte da Carpaza, PnH en Baños de Molgas (M226-4)

Val do Carpazo, PnH en Vilar de Barrio (M264-2)

As Carpazas, PnH na Mezquita (M266-3)

Non figuran topónimos semellantes no NG nin no DCP.

064.2. Carpazal

O derivado colectivo en -ALE témolos en

Carpazás EdP e parr. (*San Pedro Fiz*) en Bande

Ermida de Nosa Señora do Carpazal, santuario en Nogueira de Ramuín (M188-3)

Alto do Carpazal, PnH en Toén (M225-2)

O Carpazal, PnH en Carballeda de Valdeorras (M190-4)

O Carpazal, PnH en Cenlle (M187-3)

O Carpazal, PnH en Nogueira de Ramuín (M188-3)

O Carpazal, PnH en Riós (M303-2)

- O Carpazal*, PnH en Trasmiras (M264-4)
O Carpazal, PnH en Verea (M263-2)
O Carpazal, PnH en Viana do Bolo (M266-1)
O Carpazal, PnH en Xunqueira de Ambía (M226-3)
O Carpazal, PnH en Xunqueira de Espadanedo (M188-4, M226-2)
Carpazás, PnH en Parada de Sil e A Teixeira (M189-3)
Os Carpazás, PnH en Maceda (M226-2)
Os Carpazás, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
Os Carpazás, PnH en Allariz (M264-1)
Rego de Carpazás, CdA en Bande (M263-4)
Os Carpazais, PnH en Larouco (M190-3)

Non recolle o NG topónimos semellantes, non sendo un *Carpanzal* no Corgo, que semella unha variante de *Carpazal*.

A parroquia e o lugar de Bande chamados *Carpazás* atopámolos documentados desde o séc. XI, cunha grafía que presenta un *-n-* non etimolóxico no sufijo, que se non responde a unha falsa reconstrucción latinizante podería representar unha nasalización consecuente da caída do *-l-* intervocálico do sufijo:

- «*in terra de Limia et villa nuncupata Carpazanes*» (ano 1057, CLN, nº 23)
 «*In Carpazanes que ibidem ganavit Vimara Kagitz*» (ano 1062, CLN, nº 24)
 «*sursum per Celme et usque in Ederato, et tornat per aquam de Carpazanes*» (ano 1073, CLN, nº 57)

. A *Ermida do Carpazal* en Nogueira de Ramuín atopámola documentada por primeira vez nun texto do séc. XVI:

- «*Lamaboa, que está syta debaxo de la hermita de Santa María do Carpaçal*» (ano 1524, ROC, nº 390).

Sarmiento, na súa viaxe de 1745 (p. 165, 187 v) tamén fai referencia á ermida e á *Llanada del Carpazal* en que se atopa. No XIII documentamos unha PnH «*vinea de Carpacal*» (ano 1247, RAM, nº 52bis).

064.3. Carpaceira, carpaceiro

O derivado co sufijo correspondente a *-ARIA*, *-ARIU* é relativamente común:

- A Carpaceira*, EdP no Carballiño
Carpaceiras, EdP en Piñor
A Carpaceira, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
A Carpaceira, PnH en Sarreaus (M264-4)
A Carpaceira, PnH en Cenlle (M187-3)
A Carpaceira, PnH en Parada de Sil (M188-4)
A Carpaceira, PnH en San Amaro e Punxín (M187-3)
As Carpaceiras, PnH nos Blancos e Calvos de Randín (M302-1)
As Carpaceiras, PnH en Muíños e Calvos de Randín (M301-2)

As Carpaceiras, PnH en Cea (M187-1)
Carpaceiro PnH na Peroxa (M188-1)
O Carpaceiro, PnH en Xinzo de Limia (M302-2)

O NG recolle *Carpaceira* en Begonte e *Carpaceiras* en Vilalba, ademais dos ourensáns.

064.4. Carpaceda, carpacedo

Temos un único exemplo de derivado colectivo en *-ÉTU* en

O Carpacedo, PnH en Oímbra (M303-3)

Atopamos un topónimo idéntico en doc. do séc. XIV:

«*o noso souto do Rigueiro, así como parte pelo souto que soy de Lourenço Pérez, et da outra parte pelo Carpacedo*» (ano 1389, ROC, nº 125).

O NG recolle un *Carpacide* en Foz que podería constituir un derivado en *-ÉTA* cunha alteración *-ida > -ide* que tamén atopamos noutros fitopónimos con este sufijo, se cadra por interferencia dos antropotopónimos en *-ide* (do xenit. dun nome en *-ÍTUS*).

065. carqueixa

Sarmiento, que dedicou un estudo á *carqueixa* e ás súas propiedades, remontaba ó latín CARÍCE a orixe da palabra: «Creo que de *carex*, *icis* viene *carqueyxa*, *carrasca* y *cayruga*. *Carex*, *carequisa*, *carqueyxa*; *carex*, *carica*, *cairiga*, *cairuga*, *cairoga* y *Quiroga*, latin *cairoca*; *carex*, deshecha la X, *caresca*, *carrasca*, *carrasco*; y *carroucha* de *quercecula* (Sarmiento, *Catálogo*, 102 v, p. 312). Corominas susire un étimo *COLOCASIA, a partir do nome da planta *Arum colocasia*, pero conclúa que é voz de orixe incerto (DCECH, I, 888b).

O mesmo padre bieito recolleu a aplicación do nome *carqueixa* a diferentes especies (*Catálogo*, 134 v, 144 v; *Vegetables*, 249; 999) aínda que considera a «planta carqueixa legítima» (*Vegetables*, 1031, 1043), a que recibe, seguindo a Bauhino, o nome científico de *genistella herbacea*, *platyphyllus* e *chamaegenista* (*Vegetables*, 1324, 2301), ou outras denominacións segundo outros autores (*Vegetables*, 2263), e que se pode identificar co *Pterospartium tridentatum* (*Genistella tridentata* en Sampaio, *Flora*, 267: port. *carqueja*). Merino asigna o nome de *carqueixa* a dúas especies: o *Pterospartium cantabricum* e o *Pterospartium tridentatum* (*Flora*, I, 397). O VCN dá tamén o nome de *carqueixa común* ó *Pterospartium tridentatum*, o de *carqueixa boieira*

ó *Halimium occidentale* (VCN, 112; tamén Merino, I, 173) e *carqueixa de umbela* ó *Hallimum umbellatum* (VCN 112). Para o *Pterospartium* recollen os lexicógrafos outra denominación, *lavacuncas* (Merino, *Flora*, 397), derivada dunha antiga aplicación desta planta que foi reseñada por Sarmiento: «carqueyxas. A la izquierda del camino de Rianjo a Santiago, en los montes de Barbudo y Treito, sobre Fruime y Araño, hay muchas, y limpian los barcos con ellas, y las llevan a Santiago para las escudillas» (Sarmiento, *Vegetables*, 1031).

065.1. Carqueixa

Temos a forma simple en

A Carqueixa, EdP en Sober

Foio da Carqueixa, PnH en Carballeda de Valdeorras (M190-2)

As Carqueixas, PnH en Toén (M225-2)

A Poula das Carqueixas, PnH en Viana do Bolo (M266-2)

No NG figuran *A Carqueixa* na Cañiza (en pl. *Carqueixas* no NG de 1991) e outro *A Carqueixa* en Salvaterra de Miño, ademais do mencionado *A Carqueixa* de Sober.

Rexistramos o nome da aldea de Sober nun texto do século XV onde se mencionan unhas «*leiras da Cargueyga*» (ano 1436, RdS, nº 170).

065.2. Carqueixal

Moito máis común é o derivado en -ALE:

O Carqueixal, PnH en Bande e Lobeira (M301-2)

O Carqueixal, PnH en Lobios e Muíños (M301-4)

O Carqueixal, PnH no Carballiño e Cenlle (M187-3)

O Carqueixal, PnH en Avión (M186-2)

O Carqueixal, PnH en Calvos de Randín (M302-3)

O Carqueixal, PnH en Cualedro (M302-2)

O Carqueixal, PnH en Lobeira (M301-1)

O Carqueixal, PnH en Lobios (M301-1)

O Carqueixal, PnH en Lobios (M301-3)

O Carqueixal, PnH en Maceda (M226-2)

O Carqueixal, PnH en Monterrei (M303-1)

O Carqueixal, PnH en Muíños (M301-2)

O Carqueixal, PnH en Pantón (M188-1)

O Carqueixal, PnH en Parada de Sil (M188-4)

O Carqueixal, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)

Ladeira do Carqueixal, PnH en Bande e Lobeira (M263-4)

A Carqueixal, PnH en Vilardevós (M303-4)

O NG recolle unha localidade *O Carqueixal* no concello de Lalín.

065.3. Carqueixera, carqueixeiro

Derivados por medio do sufijo correspondente a *-ARIA* son:

A Carqueixeira, PnH en Monterrei (M302-2)

A Cruz da Carqueixeira, PnH en Baltar (M302-1)

065.4. Carqueixedo

Temos un exemplo de derivado por medio do sufijo correspondente a *-ĒTU* en

Carqueixedo, Edp(n) no Bolo (M228-1)

O NG recolle un equivalente feminino en *Carqueixeda* en Samos.

066. *carrabouxo*

Carrabouxo, *carrabouxa* son denominacións que reciben os bugallos ou excrecencias do carballo (VCN, 112) en boa parte das provincias de Ourense e de Lugo. E. Rodríguez, seguindo a Aníbal Otero, distingue entre o masculino *carrabouxo*, «agalla de roble, grande, redonda y con picos», e o feminino *carrabouxa*, «agalla de roble pequeña y lisa», e localiza esas acepcións en Chantada (DECH, III, 479). Figuran estas definicións no *Apéndice* do dicionario; no corpo principal só figura como entrada un pl. *carrabouxos*:

«**carrabouxos** s.m.pl. Niños pequeños hijos de un matrimonio pobre que los tiene muy seguidos: *xa tiñan cinco fillos, cinco carrabouxos que cabían debaixo dun cesto* (Pérez Placer, *Contos da terriña*).»

Trátase dunha definición tirada do contexto que se reproduce, onde os *carrabouxos* literais do carballo están empregados en sentido metafórico, usual na fala de amplas zonas do territorio estudiado, onde *carrabouxo* é común para designar os bugallos do carballo e, por extensión e con intención expresiva, calquera cousa pequeniña. Estes significados, paralelos dos de *carrapeto*, *carrapito* e voces semellantes, son os que están presentes no emprego de *Carrabouxo* como alcume e se cadra tamén como topónimo, aludindo ó pequeno tamaño dunha construcción ou dos seus habitantes.

Ten apariencia de voz prerromana, posiblemente emparentada con *carba* e *carballo* (vid. 062, 062.2).

Temos un único exemplo deste tema léxico en

Os Carrabouxos, Edp(n) entre Barbadás e Ourense, no lugar da Valenzá (M225-2)

Non debe ter relación con este tema un topónimo *A Carabuxreira* que recolle o NG en Sanxenxo: ha de constituir unha variante de *caramuxeira*, derivado do zoónimo *caramuxo*, molusco tamén coñecido como *bígaro* ou *mincha*, que corresponde á especie *Monodonta lineata* ou ó xénero *Littorina* (VCN, 240).

067. *carrasco*

Carrasco e *carrasca* denominan en galego diversas especies de plantas eriáceas. A identificación da especie botánica que designan resulta problemática, pois varía dun lugar a outro, e hai cruzamentos de denominacións entre estas e outras voces como *carrizo*, *carpaza*, *carqueixa*, *queiruga*, etc. Sarmiento xa reparou nesas interferencias (*Vegetables*, 1043) e propuxo para todos estes nomes unha orixe común, que el remontaba ó latín CAREX,-ÍCIS, etimoloxía xeralmente aceptada polos filólogos para *carrizo* (vid. infra 069):

«*Queiruga, queiroga, carpaza, carrasco, carrasca*, etc. Son nombres gallegos de unas mismas plantas en distintos parajes, v.g.: a la *carpaza* que parece urce pequeño y es de flores purpurinas, como cascabelitos, llaman *queiruga* o *queiroga*. (...) A la *carpaza* que parece *carqueixa* y tiene las hojas medianas y distintísima de la *carpaza* con flores amarillas llaman en Pontevedra *carrasco*. En Salnés *carrucho dos bois*, y es la *queiruga* blanca o *carpaza* de flor amarilla. (...) Por la voz *carrucho dos bois* se puede conjeturar que la voz latina *carex, caricis*, con sus derivados, inflexiones y analogías es la fuente de *carrasco*, *queiruga* y acaso de *carqueixa* (...) y de las voces *Carracedo*, etc. *Caricetum*, v.g., doblando siempre la *r* por regla general...» (*Viaje a Galicia* de 1745, 96v-97r, p. 91-92). «Creo que de *carex, icis* viene *carqueyxa, carrasca* y *cayriúga*. *Carex, carequisa, carqueyxa; carex, carica, cairiga, cairuga, cairoga* y *Quiroga*, latin *cairoca*; *carex*, deshecha la X, *caresca, carrasca, carrasco*; y *carroucha de quercecula*» (Sarmiento, *Catálogo*, 102 v, p. 312). «*Queyruga, queiroga, carpaza, carrasca* (creo todo de *carex*)» (*Vegetables*, 84, p. 65), etc.

Elixio Rivas remonta todas estas palabras a unha raíz preindoeuropea *CAR- ou *K-R «rocha, cousa de constitución dura, planta de monte, áspera e dura» (Rivas, 1994, p. 49), á cal tamén pertencerían *carba* e *carballo*, ademais doutras voces oronímicas. Corominas, aínda que acepta una raíz prerromana *KARR- para *carrasco* e formas emparentadas, cre que «es muy dudoso el parentesco que otros han supuesto con el port. *carvalho*» (DCECH, I, 892b). O sufijo *-asco* foi considerado elemento de orixe iliria ou lígur (MPidal, *Top. Prerr. Hisp.*, p. 79; Rohlf, 1951, p. 237, n. 35).

Merino asigna o nome de *carrasco bravo* ó *Helichrysum serotinum* (*Flora*, II, 350). O VCN (p. 140) dá o nome de *carrasco* ou *queiroga carrasco* á *Callu-*

na vulgaris, e *carrasca* de *San Xoán á Diotis candidissima*. Debemos considerar *carrasco* e *carrasca* como voces case xenéricas, que denominan varias plantas diversas, as más delas ericáceas. Rivas (1981, p. 157) advirte contra a definición que dan algúns dicionarios como «encina enana ou roble enano», pois é significado castelán de *carrasco*, pero non galego. En portugués, o nome de *carrasco* aplícase, como en castelán, a unha variedade de carballo, a *Quercus coccifera*, pero é especie propia do sur do país, desde a Beira ata o Algarve (Sampaio, *Flora*, 147).

En Sarmiento lemos: «**Carrasco** y **carrasca** de flor purpurina. Es el urce rastrero, que en otra parte llaman carpaza» (*Vegetables*, 580, p. 94). «Un muchacho de hacia Riazó me dijo que la planta que daba las pótigas era de flor amarilla y que se llama chagazo. Cotéjese con el portugués que llama *cargazo* y *cargaza* a la estepa macho y hembra. (...) A la misma planta que llamó el chico chagaso, y otros carpaza, llaman en Pontevedra **carrasca** y carroucha» (*Vegetables*, 623, p. 100). «*Carroucha*. Llaman así en Pontevedra a todo género de **carrasco**, **carrasca**, carpaza, queiruga» (*Vegetables*, 645, p. 102). «**Carrasco** y **carrasca**. Llaman así en Pontevedra a todo género de carroucha, carpaza, queiruga» (*Vegetables*, 646, p. 102). «**Carrasca**, **carrasco**, carroucha, carpaza y queiruga son nombres que se suelen confundir entre sí en Pontevedra, pero no tierra adentro» (*Vegetables*, 647, p. 102). «*Carroucha*. Llaman así en Rianjo a todo género de carpaza, también llaman **carrasca** (...). **Carrasca** y carroucha. Llaman así en Rianxo a aquella hermosa planta que cogí en Lérez y llamé urce» (*Vegetables*, 1033, 1034, p. 173). «Erica humilis de Tournefort o queiruga, en Pontevedra **carrasco**» (*Vegetables*, 1555, p. 264).

067.1. Carrasca, carrasco

A forma simple está presente nos seguintes topónimos:

- A Carrasca*, Edp(n) en Maside (M187-3)
- A Carrasca*, Edp(n) en Vilamarín (M187-2)
- A Carrasca*, PnH en Oímbra (M303-3)
- O Carrasco* PnH en Sandiás (M264-1)
- O Carrasco*, PnH en Cualedro (M302-2)

O NG recolle localidades denominadas 3 *A Carrasca* en Nigrán (2) e Ortigueira, e un plural *Carrascas* en Ponteareas. No DCP figuran 2 *Carrasco*, 3 *Carrascos*, 2 *Carrascas* (considerando que o significado que ten *carrasco* en portugués non coincide co galego).

067.2. Carrascal

O colectivo formado co sufijo correspondente a -ALE está presente en:

- O Carrascal*, PnH en Sarreaus (M264-2)
- O Carrascal*, PnH na Lama (M186-2)
- Río do Carrascal* ou *do Castelo*, CdA en Maceda (M226-2)

Regueiro do Carrascal, CdA na Lama (M186-2)

No NG figuran 4 lugares chamados *O Carrascal* nos Concellos de Ponteareas, O Rosal e Salvaterra de Miño (2 tops.). O DCP recolle 26 entidades denominadas *Carrascal*, 1 *Carrascalinho* e 2 *Carrascais*.

067.3. Carrasqueira

Derivados de *carrasco*, *carrasca* co sufijo correspondente a -ARIA son

A Carrasqueira, PnH en Ribadavia e Cenlle (M225-1)

A Carrasqueira, PnH en Xunqueira de Ambía (M226-4, M264-2)

O NG recolle lugares denominados *A Carrasqueira* nos concellos de Bueu, A Cañiza, As Neves (3 tops.), Ponteareas, Ponteceso, Ribadumia e Vigo, e un plural *As Carrasqueiras* en Salvaterra de Miño. No DCP atopamos 20 localidades chamadas *Carrasqueira*, 4 *Carrasqueiras* e 4 *Carrasqueiro*.

067.4. Carrasquedo

Non temos ningún exemplo desta forma no territorio estudiado. O NG recolle como única mostra os nomes de *Carrasquedo de Abaixo* e *Carrasquedo de Arriba* no concello de Gondomar.

Son derivados romances de *carrasco* ou *carrasca*. Da hipotética forma prerromance *CARRASCĒTU esperaríamos ou ben *Carraxedo* ou ben *Carrace-do*, producíndose confluencia cos derivados de *CARRÍCĒU, que presentan regularmente alteración vocálica (ou obrigan a supoñer un paralelo *CARRACĒU, *CARRACĒA). Entre os *Carracedo*, *Carraceda* que consideramos no capítulo de *carrizo* (vid. infra, 069.4), algúns ou todos eles son propiamente derivados de *carrasco*, con independencia do parentesco que exista entre estas dúas voces. Corominas (DCECH, I, 892a) exclúe dos derivados de *carrasco* os tops. *Carracido*, *Carracedo*, que identifica con CARICĒTUM (vid. infra *carrizo*, *carracedo* 069). Cómpre lembrar unha vez máis que o *carrasco* do gal., por unha banda, e o do esp. e o port., pola outra, non coinciden nos seus significados.

068. **carraxó*

A plantaxinácea chamada en galego *chantaxe*, cast. *llantén*, *Plantago lanceolata*, recibe en portugués o nome común de *carrajó* (Sampaio, Flora, 501). No territorio estudiado temos un homónimo

Carraxó, Edp(n) en Laza (M265-3)

Pero outras denominacións portuguesas como *correola* e *corrijó* (Font Quer, 721) permiten supoñer que o étimo do *carrajó* portugués é o lat. CORRIGIOLA, e como o topónimo de Laza se localiza en área onde o resultado do sufijo -ÓLA é -OÁ, non pode ser esa a súa orixe. O topónimo *Carraxó* é propiamente un diminutivo en -ÓLU dun topónimo veciño

Carraxo (*Nosa Señora das Neves*), parr. e lug. en Laza

para o cal non atopamos explicación convincente e o máis probable é que non sexa fitónimo. Rexistrámolo como apelido nun «*Martin Carraio*» no ano 1312 (MdR, AHN Clero, Cpta. 1490, nº 6).

069. *carrizo*

Consideramos fitotopónimos os nomes pertencentes ó tema de *carrizo*, aínda que é posible que algúns deles se remonte directa ou indirectamente (por medio de antropónimos) a unha orixe zoonímica, pois ademais do seu significado botánico, *carrizo* e *carriza* serven para denominar un pequeno paxaro moi común en Galicia, tamén chamado *pitorrei*, o *Troglodytes troglodytes*, da familia das *Troglodytidae*, a ave máis pequena da nosa fauna.

A identificación da planta correspondente á acepción botánica de *carrizo* resulta igualmente problemática. Os dicionarios adoitan identificalo co *carrizo* castelán pero é posible que en galego teña un significado máis xenérico. Sarmiento explica que *carrizo* «es equívoco en gallego» e engade que «en castellano es una cañita palustre. Latín *carex*» (*Vegetables*, 385). A «cañita palustre» que designa en castelán é a *Phragmites communis*, gramínea acuática (DCECH I, 895), e a esa mesma especie aplica o nome de *carrizo* o VCN (p. 112). Piel identifica o *carrizo* coa *Arundo phragmites*, que ha de ser a mesma especie (Piel, 1968a, II, 177). Pero en galego existen outros significados botánicos. Así, Sarmiento recolle: «*Carrizo*. Llamaron así hacia Setados a la carrasquilla, *queiruga*» (*Vegetables*, 1687). O Padre Sobreira escribe «*junca*, *juncia*» baixo a entrada *carrizo* (*Botánica*, 50 v, p. 248). Eladio Rodríguez dá para o feminino *carriza* (ademais doutras dúas acepcións botánicas co significados de *musgo* e *especie de alga*) a definición de «*junco* que se emplea para cubrir pajares, cabañas» (DEGC I, 505), que podemos asociar á nota de Sobreira pero que non

permite identificar a especie vexetal concreta. O mesmo dicionario dá para o masculino *carrizo* a acepción botánica de «cañuela, festuca, planta de raíz vivaz perteneciente a las gramináceas» (DEGC I, 505), coa que coincide Crespo Pozo ó dar o nome de *carrizo* á *Festuca spadicea*, localizando a denominación en Viana do Bolo (NCVCG, 253). En portugués só rexistramos un nome popular *leborinho* (Sampaio, *Flora*, 83) para as diversas especies do xénero *Festuca*. Nesta mesma lingua a *Phragmites communis*, correspondente ó castelán *carrizo*, recibe a denominación de *caniço* (Sampaio, *Flora*, 66). Elixio Rivas dá un significado máis xenérico de ‘herba dura’: «en gall. tenemos *carriza*, *carrizal*, *carriceira* (...) todas referidas a esta clase de hierbajos duros de sitios pantanosos» (Rivas, 1991, 406; 1982, p. 157).

Os filólogos aceptan polo regular a etimoloxía a partir de CAREX,—ÍCIS proposta por Sarmiento, con reduplicación do *r* (Piel, 1968a, II, 176 *CARREX; Rivas, 1982, p. 157). As formas topónimicas fan sospeitar a existencia de dúas raíces *CARRIC— e *CARRAC— ou de interferencias entre os temas de *carrasco* e o de *carrizo*.

069.1. Carrizo, carriza

Na toponimia do territorio estudiado temos exemplos da forma masculina e da feminina. Igual có masculino, o feminino tamén pode aludir nalgún caso ó paxaro referido.

- As Carrizas*, PnH en Vilardevós (M303-I)
- As Carrizas*, PnH en Cualedro e Xinzo (M302-II)
- Corga da Carriza*, CdA na Gudiña (M265-IV)
- Corga das Carrizas*, CdA en Muíños (M301-II).
- As Carrizas*, PnH na Estrada (M153-I).
- Regato dos Carrizos*, CdA en Oímbra (M303-3)

O NG recolle (*O*) *Carrizo* en Palas de Rei e en Vilalba. Na toponimia menor doutras árees rexistramos *Coto do Carrizo* en Ponte Caldelas (M186-3) e *O Carrizo* na Estrada (ER, 326), e un aparente diminutivo feminino en —ELLA en *Carracelas*, en Vilalba. No DCP figuran 5 *Carriça*, 5 *Carriço* e 1 *Carriços*.

Na documentación medieval atopamos un *Muíño das Carrizas* na zona de Ramirás: «*unum molendinum qui dicitur das Carricias*» (ano 1267, RAM, nº 159).

Cortesão documenta un *Carrizo* como apelido de home en 1258 (OM, 72), que Kremer interpreta como zoonímico, ainda advertindo que podería ter orixe fitotopónimica (Kremer, *Cognomina*, II, 171, n, 198). Algunxs topónimos poden ter orixe antropónimica a partir de formas coma estas. Por exemplo, un *Cas Carrizo*, cun primeiro elemento

casa, figura en documentos do séc. XIII. «quartam de casalibus de **Cas Carrizo** et de **Tauça**» (ano 1272, OSR2, nº 1006).

069.2. Carrizal, carregal

Entre os derivados en **-ALE** podemos distinguir os que esixen un éitimo ***CARRIC-ALE** e presentan unha velar (*carregal*, etc.) e os derivados de ***CARRÍC-ÉU + -ALE** ou más propriamente os derivados romances de *carrizo*, que presentan hoxe unha interdental (*carrizal*). Dado que maioritariamente aparecen formas con *a* na pretónica, podemos supor unha variante ***CARRAC-**, pois na documentación antiga xa atopamos formas con esa vogal, aínda que tamén podería explicarse por fonética sintáctica, tendo en conta a característica vacilación do vocalismo átono galego (neste caso, favorecido por asimilación á vogal da sílaba precedente e disimilación respecto da posterior).

Con interdental recollemos:

- O Carrazal*, PnH en Rairiz de Veiga (M264-1)
- O Carrizal* PnH na Mezquita (M304-1)
- O Carrizal*, PnH en Viana do Bolo (M266-II)
- Regueiro do Carrizal ou das Cortiñas*, CdA na Mezquita (M266-3)
- O Carrizal e Preseira do Carrizal*, 2 PnH na Gudiña (Cruz, 3)
- Os Carrizais* PnH en Vilariño de Conso (M266-I)

O NG inclúe localidades chamadas *Carrizal* en Arzúa, Coristanco e A Pastoriza, e un plural con *n* non etimolóxico en *Carrizáns* (M186-III), no concello da Lama (no NG de 1991 *Carrizanes*).

O DCP recolle 4 *Carriçal*.

Na documentación medieval atopamos unha parroquia *Carrazás* ou *Carrazais* non identificada na actualidade: «*Menendus Petri rector ecclesie de Carraças*» (ano 1274, OSR2, nº 1047)

Con velar recollemos:

- O Carregal*, EdP en Cartelle
- O Carregal*, PnH en Cualedro (M302-2)
- O Carregal de Baixo*, PnH en Leiro (M187-3)
- O Carregal de Riba*, PnH en Leiro (M187-3)
- O Carregal*, PnH en Hermisende (M304-2)
- O Carregal*, PnH en Vilardevós (M303-3)
- O Carregal*, PnH en Verín e Monterrei (M303-1)
- O Carregal*, PnH en Verín (M303-3)
- O Carregal*, PnH en Oímbra (M303-3)
- O Carregal*, PnH en Baltar (M302-1)
- O Carregal*, PnH en Sarreaus (M264-2)

- O Carragal*, PnH en Rairiz de Veiga (M264-1)
Regueiro do Carregal, PnH en Oímbra (M303-3)
Regato do Carregal, CdA entre Monterrei e Cualedro (M302-2)
Carregás, PnH en Vilardevós (M303-4)
Carregás, PnH en Verín (M303-1)

O NG recolle 9 (*O*) *Carregal* en Friol, Marín, Meis, Muras, Tomiño (*Carregal de Abaixo e Carregal de Arriba*), O Valadouro, Vigo e Vilalba. No DCP contamos 29 *Carregal* e 8 *Carregais*.

Un topónimo menor «*agro de so Carregal*» figura en doc. do séc. XV (ano 1438, FDU, nº 313).

069.3. Carriceira, carraceira

Temos derivados en *-ARIA* en:

- As Carriceiras* PnH en Verín e Vilardevós (M303-I)
A Carriceira, PnH en Cualedro (M302-II)
A Carraceira, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)

O terceiro podemos ou ben explicalo por unha disimilación da vogal pretónica respecto da tónica (e asimilación coa vogal precedente), ou supolo derivado da variante *CARRAC-ĒU.

O NG recolle *Carriceira* en Curtis, *A Carraceira* en Baleira e *Carraceiro* en Muras.

Se pertence a este tema o topónimo *Carrigueiros*, incluído no NG en Lugo, correspondería a unha forma latina *CARRICARIOS, e non a un derivado de *CARRICĒU, como sucede cos topónimos mencionados.

069.4. Carracedo

Desde Sarmiento véñse aceptando a relación entre o topónimo *Carracedo* e o fitónimo *carrizo* (Piel 1968a, I, p. 340, n. 23 e II, p. 178; Moralejo TGL, 308). A alteración vocálica atribúese a razóns de fonética sintáctica ou ben supонse unha raíz paralela *CARRAC-. Existe ademais posible interferencia dos derivados de *carrasco*, como demostra algunha grafía medieval *Carraszeto*. Temos os seguintes exemplos deste derivado en *-ETU*:

- Carracedo* EdP e parr. (*San Miguel*) na Veiga
Carracedo EdP e parr. (*Santiago*) na Peroxa
Carracedo da Serra, EdP e parr. (*Santiago*) na Gudiña
Carracedo, EdP en Celanova
Outeiro de Carracedo, EdP na Peroxa
Vilar de Carracedo, EdP na Peroxa

- Carracedo*, PnH na Mezquita (M304-1)
Carracedo, PnH en Muíños (M301-2)
Carracedo, PnH en Trasmiras (M264-4)
Carracedo, PnH en Viana do Bolo (M266-1)
Carracedo, PnH en Pías (M266-4)
A Lama de Carracedo, PnH en Sober (M188-2)
O Carracedo, PnH en Manzaneda (M227-2)
O Alto de Carracedo, PnH en Pías (M266-3)
Regato de Carracedo, CdA na Gudiña e Viana do Bolo (M265-2, M265-4)
Regueiro de Carracedo, PnH na Veiga (M228-1, M228-3)
As Chairas de Pedro Carracedo, PnH en Pías (M266-2),

Neste último, *Carracedo* está como apelido, ainda que a súa orixe é sen dúbida topónimica.

O NG recolle *Carraceda* en Oza dos Ríos, e 16 *Carracedo* en Caldas de Reis (parr.), A Cañiza, Carballo, Cedeira, Cerceda, A Estrada, A Fonsagrada, Lalín, Láncara (parr. e lug.), Moeche, Muras, Ordes, As Pontes, Vilalba, Viveiro; *Carracedo de Abaixo* en Irixoa: *Carracedos* en Abadín; *Carracido* en Cospeito, Pontevedra, O Porriño, Silleda, Valga e Vilalba, e con grafía que reproduce o seseo, *Carrasido* en Noia.

No DCP contamos 16 *Carrazedo*, 2 *Carrazeda*, 1 *Carrazede* (que supomos variante de *Carrazeda*) e un diminutivo *Carrazedelo*.

Outra variante destas mesmas formas, con perda da vogal pretónica, poden ser os topónimos asturianos *Carcedo*, *Carceda*.

O lugar chamado *Carracedo* en Celanova rexistrámolo na documentación medieval:

- «*Solimia que est filia de Godegildo de Karraceto*» (ano 1044-1047, CLN, nº 239)
 «*Pelagius de Carrazedo*» (ano 942-977, CLN, nº 158)
 «*Carrazedo iusta rivulo qui vocatur Carpentario*s» (ano 1146, CLN, nº 564);

Carracedo na Peroxa:

- «*inter sanctum Iulianum et Carraceto, subtus alveum Mineum*» (ano 1002, CLN, nº 217)
 «*ecclesie sancti Iacobi de Charrazedo*» (ano 1237, OSR1, nº 421)
 «*Petrum Arie prelatum ecclesie de Carrazeto*» (ano 1254, OSR1, nº 723)
 «*domnus Petrus Arie prelatus ecclesie Carrazeti*» (ano 1258, OSR2, nº 811)
 «*P. Dominici de Carrazedo clericus ts*» (ano 1262, OSR2, nº 895)
 «*Fernandus Iohannis et Petrus Carrazedo, clerici ecclesie Trinitatis*» (ano 1273, OSR2, nº 1029)
 «*noso celeiro de san Martinu de Carrazedo*» (ano 1275, RAM, nº 205)
 «*a vos johan martines reitor da iglesia de santiago de carrasedo*» (ano 1374, OXV, p. 183)
 «*ygleia de Santiago de Carrazedo*» (ano 1499, HGP, nº 89), etc.

Carracedo en Cedeira:

- «*veo a os campos de Carraszedo et thomoulle LII ovellas*» (ano 1280, OSR2, nº 1147)
- «*de suas cassas de Mondim et de Carraszedo*» (ano 1280, OSR2, nº 1147)
- «*boyz de Mondim et ovellas de Carraszedo*» (ano 1280, OSR2, nº 1147)
- «*sobre raçon de dezemos de Carrazedo et de Mundim*» (ano 1289, OSR2, nº 1210)
- «*de casa dos frades de Mondim e de Carraszedo*» (ano 1262, VFD1, nº 11).

O lugar de **Carracedo** en Lalín:

- «*in villa que dicitur Carazidu et est in filigregia sancti Iacobi de Catasois*» (ano 1240, OSR1, nº 467)

Carracedo en Caldas:

- «*villa de Carrazedo que he en frijglesja de Santa Marina de Carrazedo*» (ano 1352, TzS, fol 17v)
- «*Item en Carrazedo, hūu cassal pobrado*» (ano 1352, TzS, fol 22v)
- «*Estevo Rodrigues de Carrasedo*» (ano 1482, Oro77, nº 11)

E o **Carraceda** de Oza dos Ríos nun

- «*Pedro Fraco de Carrezedo*» (ano 1262, HGP, nº 1).

069.5. Carracedeira

Un exemplo insólito de dobre derivación en **-ETU** e **-ARIA** témolo en

Carracedeira, PnH en Monterrei (M264-4)

que se cadra podería ser un adxectivo xentilicio relativo ó veciño *Carracedo da Serra*, na Gudiña.

069.6. Carraguedo

De ser un fitotopónimo pertencente a este tema, a única explicación que atopamos para

Carraguedo, EdP en Ramirás

é consideralo derivado con dupla sufixación en **-ALE** + **-ETU** (cf. *espiñaredo*).

Supomos que representa un topónimo idéntico a este a grafía *Carragedo* dun topónimo medieval non identificado na actualidade, localizado na parroquia da Mezquita, concello da Merca:

- «*in loco qui dicitur Carragedo et Frexenario*» (ano 1240, RAM, nº 30)
- «*in loco qui dicitur Carragedo et Freixenario*» (ano 1248, RAM, nº 55)

069.7. Carregoso, carragoso

A oclusiva velar de derivados como *Carragoso* permite consideralos, coma no caso de *Carregal* (fronte a *Carrizal*), topónimos antigos, provenientes do latín *CARRÍCOSU, e non unha forma romance.

Non temos ningún exemplo no territorio estudiado. O NG recolle *Carragoso de Arriba* e *Carragoso de Abaixo* en Lalín e *Carregosa* en Curtis.

No DCP atopamos 1 *Carragosa*, 3 *Carragosela* e 1 *Carragoso*, ademais dun *Carraçosa* que podería ser derivado dun *carraça* zoonímico (= *carrapata* ‘carracha’).

Carragoso de Lalín aparece na documentación medieval:

- «*Michael Petri de Caragoso et P. Martini de Lalim*» (ano 1242, OSR1, nº 498)
- «*casale de Carragoso*» (ano 1248, OSR1, nº 604)
- «*quam comparauit mater mea in Carragoso*» (ano 1255, OSR1, nº 748)
- «*Garsia lohannis de Carragoso, miles*» (ano 1257, OSR2, nº 797)
- «*Domingo loham de Carragoso dito Canato*» (ano 1290, OSR2, nº 1215), etc.

Un topónimo medieval *Carragosa*, localizado na raia de Entrimo ou Padrenda:

- «*de medietate de ipsa deuesa que dicitur Charregosa*» (ano 1238, *Fiñes*, nº 126)
- «*illa deuesa de toto monte quod dicitur Charregosa*» (ano 1238, *Fiñes*, nº 126)

E *Carragosa*, na Seabra:

- «*iungitur vie Zemorensi et uadit per terminos de Carragosa*» (ano 1183, CTÑ, nº 74)
- «*mea hereditate de Carregosa*» (ano 1187, CTÑ, nº 81)
- «*in uilare que dicitur Carragosa*» (ano 1194, CTÑ, nº 173)

070. carroucha

O DEGC define *carroucha* como «erica, brezo, carroncha, argaña, planta de la familia de las ericáceas que recibe también los nombres de CARPAZA, CARRASCA, FOUPA y UZ» (I, 506). O nome está emparentado etimoloxicamente con *carrasco*, *carrizo*, *carqueixa* e outras denominacións de pequenos arbustos do xénero *Erica* ou semellantes, que Sarmiento remontaba ó latín CAREX,–ICIS (vid. supra 067, 069). Para *carroucha* o padre benedictino propuña un étimon *quercecula* (*Catálogo*, 102 v, p. 312), inadmisible foneticamente. Polo que respecta ó significado, o mesmo Sarmiento dá *carroucha* como denominación local pontevedresa das *carrascas* ou *carpazas*: «*Carroucha: llaman así en Pontevedra a todo género de carrasco, carrasca, carpaza, queiruga*» (*Vegetales*, 645). O P. Merino (*Flora*, II, 251) aplica o nome de *carroucha* (cun sinónimo *carpaza*) ó xénero *Erica*, sen precisar especies concretas, cun significado equivalente

ó español *brezo*. O VCN fai corresponder o mesmo significado xenérico para *carroucha* e dá *queiroga* como sinónimo.

O masculino *carroucho* podería ter o mesmo significado ou outros distintos, como «espiga malograda del maíz», «carroncho» (DEGC, I, 507). Tamén consideramos pertencentes a este tema as variantes sen ditongación *carrocha* (vid. 053), aínda que poderían ter significados non fitonímicos, coma o de «cachopa» ‘cabana’ (DEGC, I, 506). Outro nome botánico *carruchos*, que o VCN identifica co xénero *Ustilago* (VCN, 112), tamén debe de estar emparentado etimoloxicamente con estas formas. Temos na toponimia do territorio estudiado os seguintes exemplos posiblemente pertencentes a este tema:

- As Carrouchas* PnH en Riós (M303-2)
- O Carroucho*, PnH en Cea (M187-1)
- Os Carrouchos*, PnH nos Blancos (M302-1)
- As Carrochas*, PnH en Bande e Verea (M263-4)
- As Carroucheiras* PnH en Muíños (M301-2)
- Lama das Currucheiras*, PnH en Lobios (M301-4)

O NG recolle un lugar *Carrucheiros* en Ordes.

Outro significado non fitonímico de *carroucho* é o de «carreiro crebado» (Rivas, 1994, 51), que supoñemos derivado de CARRU (cf. *carreiro*, *carreira*, *carral*, etc.). Na toponimia pode haber confusión así mesmo entre estas formas e as emparentadas co substantivo *carocha* (*caracocha* ‘tronco oco de árbore’ VCN, 111).

En documento do séc. XIII de Oseira atopamos unha *Leira da Carocheira*:

- «*quamdam leiram de Carocheira a muro ad superius*» (ano 1220, OSR1, nº 206)
- «*leira que iacet iuxta leiram de Carocheira*» (ano 1220, OSR1, nº 206)

071. *carrolo, carrola*

Carrolo e *carrola* (Aníbal Otero 1957, p. 174) son denominación dialectais que reciben os *conchos* ou noxes, froito da nogueira, *Juglans regia* (VCN, 137). Ademais deste significado, estas formas presentan outros igualmente fitonímicos: *carrola*, «en algunas comarcas la piña o fruto del pino»; *carrolos*, «en algunas comarcas, las castañas asadas o carrocós» (DEGC, I, 506); *carrulo*, «la espiga del maíz después de desgranada» (id., 507), que equivale a *carozo*, etc. Outras acepcións non fitonímicas, como *carrola*, «vía o calle formada con haces de mies en la era» (id., ibid.), non teñen relación con esta familia léxica e están emparentadas con CARRU.

Temos un único exemplo de topónimo pertencente a este tema en *O Carroleiro*, EdP en Ourense (M188-3)

O NG recolle *A Carrolla* no Porriño. No DCP figuram 2 *Carrola*.

072. castaña

Castaña é o nome galego do froito do castiñeiro, *Castanea sativa*, árbore da familia das fagáceas. Vén do latín CASTANĒA, que á súa vez era voz tomada do grego. Antes da chegada da pataca, as castañas ocupaban un lugar primordial na alimentación e na economía de Galicia, e a árbore que as produce constitúe unha das especies más importantes da nosa flora.

Para o nome desta árbore atopamos na toponimia dúas denominacións principais: por unha banda un primitivo *castaño*, voz común ó portugués (*castanho*), español (*castaño*) e occitano (*castanh*), e por outra formas derivadas (a partir da forma precedente ou do nome do froito) por medio do sufijo *-eiro* (< *-ARIU*). Destes derivados o más común é *castiñeiro*, cun *i* átono no lugar correspondente ó *a* da voz primitiva. Corominas (DCECH, I, 916) relaciona as formas galegas con *i* co italiano dialectal *castegna*, e susire un étimo alternativo *CASTINĒA; non obstante, non atopamos ningún exemplo non derivado que teña vogal palatal en posición tónica, **Castiña* ou **Casteña*, non sendo un único caso na documentación antiga que podemos interpretar como erro de grafía ou de lectura:

«de vineas que ibi plantavimus vel plantaverimus quarta integra et de casteneas similiter» (ano 959, CLN, nº 446),

de aí que poidamos supor que *castiñeiro* é forma de orixe romance e que o *i* átono é resultado dunha palatalización e pechamento polo contacto coa consoante palatal, como sucede noutras voces co mesmo contexto fónico, neste caso co reforzo da presenza do ditongo *ei* na sílaba tónica (que normalmente tende a pechar a vogal precedente: cf. *pireira*, *rigueiro*, etc.).

A forma derivada propiamente latina debeu ser *CASTANARIU, que daría en romance galego **casteiro*, se cadra o precedente de *castiro*, hoxe forma dialectal. Esta forma atopámola no masculino e no feminino en documentos do século XI:

«cum duos castarios et una ceresaria» (ano 1013, CLN, nº 367)
 «et sub illo sauto III^a de alia larea et de illas *castarias*» (ano 1028, CLN, nº 339).

072.1. Castaño, castaña

Temos a forma simple en:

Foio Castaño, PnH na Veiga e Carballeda de Valdeorras (M229-1)

Foio Castaño, PnH na Veiga e Porto (M229-3)

Val de Castaño, PnH en Castrelo de Miño (M225-1)

O Rial do Castaño, PnH en Chandrex de Queixa (M227-2)

Castaño Longo, PnH en Sarreaus (M264-4)

Nos dous primeiros cunha forma *foio* que corresponde á solución dialectal do extremo oriental ourensán para o común *foxo* (< FOVEU). A forma singular sen artigo de *Val de Castaño* debe conter valor colectivo, semellante a outros topónimos paralelos VAL + DE + subst. sing., e ten o seu correlato feminino no primeiro dos seguintes:

Val da Castaña, PnH en Montederramo (M227-1)

Laxa Castaña, PnH en Beariz (M186-2)

No primeiro, *castaña* debe de referirse ó froito e ter valor colectivo, como dixemos para o equivalente masculino. No segundo, *castaña* pode ser propiamente o adjetivo de cor e non ter valor fitonímico. O uso antropónímico de *Castaño* como apelido pode ter orixe topónimica, pero cremos que en xeral ha de ser o adjetivo de cor usado como alcume ou sobrenome, como nun *Martín Castaño* que atopamos como «*Martin dito Castaño*» (ano 1288, VFD1, nº 31), «*eu Martim dito Castanno doente no corpo pero com todo meu siso*» (ano 1288, RBV, nº 2).

O NG recolle *Castaño de Eirís* na Coruña, *Alto do Castaño* en Narón e *Os Castaños* en Caldas de Reis. En *Castenlo*, lugar de Vilaboa, se non é un *castelo* cun *-n-* parasito ou analóxico de formas como *Costenla* (< COSTANĒLLA), *Fontenla* (< FONTANĒLLA), etc., podería ser fitonímico e corresponder a un diminutivo CASTANĒLLU. O DCP recolle 1 *Castanhos*.

Castaña mariña ou simplemente *mariña* é unha das denominacións que recibiu en Galicia a pataca (Sarmiento, *Vegetables*, 1569). Temos un topónimo medieval «*castaneam marinam*» nun doc. de Oseira (ano 1263, OSR2, nº 905), que pola súa data non pode referirse ó tubérculo da solanácea. Na doc. medieval tamén rexistramos un *Casal do Castaño* ou *Casal da Castaña*: ««super casa de Fredenando comodo conclude per illo vallato estra ratione de Beloi et casare de illo castania [sic]» (ano 1012, CLN, nº 366). É probable que a forma feminina *Castaña* tivese valor colectivo, como en dous antigos topónimos –posiblemente dous soutos– chamados *Castanea de Arrogiaeas* e mais *Castaneam de Mato* que figuraron na demarcación da vila de Vilar, en Sarria (ano 1199, Lvcensia, p. 141, 162).

072.2. Castiñeiro, castañoiro

Os diferentes resultados do derivado en *-ARIU* constitúen a denominación común da árbore en galego. O maioritario, e tamén no territorio estudiado, é

castiñeiro, para o cal non podemos partir do éntimo CASTANARIU debido á consoante palatal, senón a unha variante *CASTANEARIU formada sobre CASTANĒA, se é que non se trata dunha formación romance *castaño*, derivada de *castaña*; desta forma *castaño* provén o *castiñeiro* actual, como explicamos máis arriba, por palatalización da vogal pretónica en contacto con consoante nasal.

No territorio estudiado recollemos:

Castiñeiro, EdP en San Xoán de Río

Castiñeiro da Viña, PnH en Cualedro (M302-4)

Castiñeiro do Cabo, PnH en Xunqueira de Ambía (M264-1)

O Castiñeiro, PnH na Arnoia (M225-3)

O Castiñeiro, PnH en Boborás (M186-2)

Castiñeiros PnH en Rairiz de Veiga (M264-1)

Os Castiñeiros, PnH en Riós (M303-2)

Os Castiñeiros, PnH en Monforte (M189-1)

A Mallada do Castiñeiro, PnH en Vilaríño de Conso (M265-1)

A Mallada dos Castiñeiros, PnH en Vilaríño de Conso (M227-3)

Castiñeiros do Bras, dos Bras ou dos de Bras, PnH en Monterrei (M302-4)

Neste último, o segundo elemento corresponde ó antropónimo procedente de BLASIUS.

Temos un único exemplo de diminutivo en:

O Castiñeiriño, PnH en Melón (M224-2)

O NG recolle lugares chamados ***O Castiñeiro*** ou ***Castiñeiro*** nos concellos de Abadín, Alfoz, Lalín, Melide, Monfero, Oza dos Ríos (2 tops.), Tordoia, Trabada, Xermade; ***Castiñeiro de Acó e Castiñeiro de Acolá*** na Capela; ***Castiñeiro do Lobo*** en Ames; ***Castiñeiro Longo*** na Cañiza; ***Castiñeiro Redondo*** en Frades; un plural ***Castiñeiros*** en Curtis e un diminutivo ***O Castiñeiriño*** en Santiago de Compostela.

Non figura no NG ningún *Castaño*, paralelo das formas femininas *Castaña(s)*. ***Castanheiro***, non obstante, é a forma común do portugués (Sampaio, *Flora*, 148) e da toponimia portuguesa; o DCP recolle 20 ***Castanheiro***, 3 ***Castanheiros***, 2 ***Castanheirinho***, 1 ***Castanheirinhos***.

Na documentación antiga en latín atopamos adoito a forma CASTANARIO como nome da árbore na documentación dos séculos X, XI e XII:

«*manzanarias IIas, castanarios IIos*» (ano 975, CLN, nº 197)

«*et feret in cepo de illo castanario qui stat in illo succo*» (ano 975, CLN, nº 368)

«*ipso sauto medietatem integrum, quomodo iacet in omni circuitu exceptis IIIes castanarios de Froilo, et IIIes zepos*» (ano 975, CLN, nº 197)

«*mazanares, castanarios, cersares et omnes arbores*» (ano 1007, CLN, nº 198)

«*pumares, cesares, castanarios, arbores fructuosas...*» (ano 1009, CLN, nº 202)

«*et inde per illo castanario que fuit de Ligo*» (ano 1012, CLN, nº 366)

«*et de illo castanario de medietate VII rationes integras*» (ano 1012, CLN, nº 366)

«*Pelagio Fernandiz medio de uno castanario*» (ano 1093, CLN, nº 515), etc.

Pero nesas datas a forma da fala tiña o *-n-* palatalizado e a vogal pretónica tamén, como mostra algúñ rexistro esporádico coa forma *castinario*:

«*in loco qui dicitur Mereli uidelicet III^{es} leiras et quatuor castineiros*» (ano 996, Fiães, nº 192)

Na documentación do séc. XIII e posterior o común xa é a forma con vogal palatal na pretónica:

«*uno castineiro que sta enos linares*» (ano 1229, MdR, AHN Clero, Cpta. 1484, nº 7)
 «*ad castenarium qui stat in octerio de Gundisaluo Didaci de Agro bono*» (ano 1245, RAM, nº 38)
 «*ad directum ad castinario de Edra*» (ano 1247, OSR1, nº 593)
 «*et per ipsum vallatus vadet ad castinario souctilao [¿soutelao?]*» (ano 1247, OSR1, nº 593)
 «*quomodo partitur per la do castineiro*» (ano 1249, RAM, nº 72)
 «*deinde ad ripam de castanario Badialis de Redondelo*» (ano 1253, RAM, nº 96)
 «*per castenarium Bodial, deinde ad petram de Moradili*» (ano 1254, RAM, nº 118)
 «*quomodo diuiditur per castenarium de Portagen*» (ano 1255, RAM, nº 124)
 «*deinde per castineirum de Linare Vetero*» (ano 1255, RAM, nº 128)
 «*tirado ende o castineyro que y esta*» (ano 1265, OSR2, nº 931)
 «*outra leyra d-erdade que ven ferir nos castineyros*» (ano 1275, OSR2, nº 1091)
 «*foron ao castineyro molar que chaman do Carualal et diseron que por ese castineyro conmo uay a dereyto o marco*» (ano 1315, FDU, nº 31)
 «*leyra do Castineyro*» (ano 1361, MdR, AHN Clero, Cpta. 1496, nº 4)
 «*per llo castineiro ripiado que esta ao canto do ryo de Lodosa*» (ano 1391, FDU, nº 254)
 «*Pero Martiis do Castineyro*» (ano 1396, MdR, AHN Clero, Cpta. 1498, nº 4)
 «*saluo huna leira que jaz aos castineiros de Bujam*» (ano 1427, FDU, nº 281)
 «*os castineyros do loureyro*» (ano 1460, RBV, nº 20)
 «*e per sus castaÑeyros de Soutiylyño*» (ano 1461, VFD1, nº 82)
 «*castineiros das Andurinas*» (ano 1483, RdS, nº 245)
 «*do Lyñar da Ryeyra de lo medyo pora o castyñeiro*» (ano 1486, VFD1, nº 104)
 «*do castiñeiro do Carril*» (ano 1493, XEsP, nº 60)
 «*con os castiñeyros da Pena da Sela*» (ano 1503, VFD1, nº 114)
 «*que se chama la casa do Castineyro, sita honde dizen, sita en la freyguesia de san Juan de Golpellaas*» (ano 1516, FDU, nº 391), etc.

072.3. Castañeira, castiñeira

Os derivados co sufijo correspondente a *-ARIA* constitúen o grupo máis numeroso dos topónimos que conteñen este tema léxico. A forma feminina en *-eira* puido ter nalgún caso valor colectivo, como sucede con outros nomes de árbores en que o nome común é un masculino en *-eiro* (cf. *Piñeira, Salgueira...*),

aínda que na documentación medieval aparece con frecuencia co mesmo valor de *castiñeiro* para designar un exemplar individual da árbore:

- «*de ipso sauto qui ad ipso villare pertinet medietatem de XX castanarias*» (ano 957, CLN, nº 423)
- «*mazanarias, castanarias, perarias, avelanarias*» (ano 1001, CLN, nº 555)
- «*illa III^a ab integro extra illas castanarias*» (ano 1025, CLN, nº 358)
- «*castinarias vero que stant in ipso monte*» (ano 1230, OSR1, nº 319)

Igual ca no correspondente masculino, na documentación más antiga podemos atopar a forma *castanaria*, pero desde o século XII ou XIII a forma común presenta vogal palatal na pretónica:

- «*pro ipso agro et ipso ameneto et ipsa castanaria*» (ano 1012, CLN, nº 366)
- «*et cum villa de Castanaria*» (ano 1025, CLN, nº 463)
- «*uno campo quod iacet in la Castineira de las Polas*» (ano 1232, OSR1, nº 362)
- «*Matheus Iohannis de Castineira*» (ano 1253, OSR1, nº 709)
- «*ad directum castenarie de Bouzafrigida*» (ano 1256, OSR1, nº 767)
- «*una delas iaz na castineyra do Lachelo*» (ano 1272, OSR2, nº 1007)
- «*o leyro que iaz sobre las casteineyras*» (ano 1274, OSR2, nº 1057)
- «*lohan Perez de Castineiras*» (ano 1275, OSR2, nº 1100)
- «*Sancho Monniz da Castineyra*» (ano 1275, OSR2, nº 1092)
- «*o foro da Castineyra*», (ano 1287, OSR2, nº 1190)
- «*a vos Pero Podente da Castineyra*» (ano 1291, OSR2, nº 1226)
- «*Domingo Perez de Castineyras*» (ano 1293, OSR2, nº 1231)
- «*domnus Petri de Castineyras dictus Mouram*» (ano 1296, OSR2, nº 1247)
- «*jazem entre ualos a a pedra da Castineyra*» (ano 1315, FDU, nº 31)
- «*todô ô agro da Castineyra que chaman do Couello*» (ano 1324, FDU, nº 49)
- «*que iaz aa Castineyra*» (ano 1328, MdR, AHN Clero, Cpta. 1492, nº 17)
- «*da nosa praça da castineira*» (ano 1334, MdR, AHN Clero, Cpta. 1493, nº 11)
- «*leyra da Castineyra*» (ano 1349, MdR, AHN Clero, Cpta. 1494, nº 20)
- «*dámosvos y a a outra leira da Castineira*» (ano 1351, ROC, nº 90)
- «*hū cassal ēna Castineyra, ēna fligesija de Sam Cristóuoo da Enfesta*» (ano 1352, TzS, fol 19v)
- «*viña que yaz no Hiuedo, a que chamā da Castineyra*» (ano 1352, MdR, AHN Clero, Cpta. 1495, nº 8)
- «*hu chamā Castineyra*» (ano 1361, MdR, AHN Clero, Cpta. 1496, nº 2)
- «*a castineira de Loureiro*» (ano 1427, FDU, nº 281)
- «*vina da Castineyra*» (ano 1437, MdR, AHN Clero, Cpta. 1500, nº 17)
- «*Pero da Castineyra*» (ano 1460, RBV, nº 20)
- «*vjña da Castineyra*» (ano 1455, MdR, AHN Clero, Cpta. 1503, nº 9), etc.

Tamén atopamos na documentación adxectivacións que designan variedades particulares de castiñeiro, como unha *castiñeira rubial*, alusiva á cor: «*per illa castanaria ruivial et de alia parte de ipso valato*» (ano 1025, CLN, nº 358) ou unha *castiñeira martinga* (< MARTINICA, porque dá froito polo San Martiño, o día 11 de novembro, do mesmo xeito que hai figueiras *ramonas* ou *migueliñas* segundo teñan o

froito maduro por San Ramón, o 31 de agosto, ou por San Miguel, o 30 de setembro): «*a par da Agra d'Anssende aa Fonte Salguda, hu está a castineyra martijnga*» (ano 1352, TzS, fol 65v).

No territorio estudiado recollemos os seguintes exemplos desta forma:

072.3a. Con *i* na pretónica:

Castiñeira EdP e parr. (*San Lourenzo*) en Vilariño de Conso

Castiñeira, EdP no Irixo

Castiñeira, EdP en Viana do Bolo

A Castiñeira, EdP en Montederramo

A Castiñeira, EdP en Punxín

A Castiñeira, Edp(n) en Ribadavia (M225-1)

A Castiñeira, PnH en Baltar (M302-1)

Castiñeira, PnH en Barbadás e San Cibrao das Viñas (M225-2)

Castiñeira, PnH na Bola (M263-2)

A Castiñeira, PnH en Carballedo (M188-1)

A Castiñeira, PnH en Cartelle (M225-2)

A Castiñeira, PnH en Lalín (M153-4)

A Castiñeira, PnH en Laza(M264-2)

A Castiñeira, PnH en Laza (M264-4)

Castiñeira, PnH en Lobios (M301-3)

A Castiñeira, PnH na Merca (M225-4)

Castiñeira, PnH en Porqueira (M263-4)

A Castiñeira, PnH na Teixeira (M189-3)

A Castiñeira, PnH en Xunqueira de Ambía (M264-1)

O Alto da Castiñeira, PnH en Ribadavia (M225-1)

Corga de Castiñeira, PnH en Entrimo (M301-1)

Outeiro da Castiñeira, PnH en Calvos de Randín (M301-2)

Regato Castiñeira, CdA en Oímbra (M303-3)

Regato da Castiñeira, CdA en Cartelle (M225-2)

Río de Val de Castiñeira, CdA en Boborás (M153-4)

Castiñeiras, EdP en Parada de Sil

Castiñeiras, EdP en Toén

Castiñeiras, EdP en Vilamarín

As Castiñeiras, EdP en Montederramo

As Castiñeiras, PnH en Bande (M301-2)

As Castiñeiras, PnH en Parada de Sil (M188-4)

Castiñeiras, PnH na Peroxa (M188-1)

Castiñeiras, PnH en Monterrei (M303-1)

O Pozo de Castiñeiras, PnH en Viana do Bolo (M266-1)

072.3b. Con *a* na pretónica:

A Castañeira, PnH en Monforte (M189-1)

A Castañeira, PnH en Sober (M188-2)

A Castañeira, PnH en Laza (M265-3)

Rego de Val de Castañeira, CdA en Laza (M265-1)

O NG recolle lugares denominados *Castiñeira* o *A Castiñeira* nos concellos da Cañiza, Capela (4 tops.), Castro de Rei, Cospeito, Chantada, Ferrol, A Guarda, Guitiriz, O Incio, Lalín, A Laracha (2 tops.), Meis, Mesía, Monfero, Muras, Ordes (2 tops.), Ortigueira, Ourol (2 tops.), A Pastoriza, Redondela, San Sadurniño (3 tops.), Santa Comba (2 tops.), Santiago (2 tops.), Trazo (2 tops.), Vimianzo e Xermade; *Castiñeira Vella* na Cañiza e *Castiñeira Nova* e *Castiñeira Vella* en Vilarmaior; un diminutivo *Castiñeiriña* en Rianxo e un único exemplo con *a* na pretónica *A Castañeira*, na Fonsagrada (en área onde é solución común, pois tamén hai *Castañeirúa* <-ÓLA no concello asturiano de Castropol e *As Castañeiras* no leonés de Valboa).

O plural *Castiñeiras* téromo en Baleira, A Cañiza, Castro de Rei, Lourenzá, O Mañón (2 tops.), Mesía (2 tops.), As Nogais, Ribeira (lugar e Parroquia), O Saviñao, Valga, Vilalba, Viveiro e Xermade. En Lourenzá, *Castiñeiras Verdes*.

Unha forma procedente do derivado diminutivo en -ÓLA é *Castiñeiroa*, no concello de Melide, paralela da *Castañeirúa* galego-asturiana mencionada.

No DCP contamos 37 *Castanheira*, 5 *Castanheiras*, 1 *Castanheirinha*.

Castiñeiroa de Melide aparece documentada a comezos do século XIII como «*villa que dicitur Castaneiroa*» (ano 1211, OSR1, nº 144).

O nome do coñecido mosteiro zamorano de *San Martín de Castañeda*, sobre o lago de Sanabria ou da Seabra, veciño do extremo oriental do territorio estudiado, constitúe unha alteración intencionada (¿acaso para evitar o sufíxio galego?) do nome primitivo *Castiñeira* con que aparece na documentación medieval:

«*monasterium quem dicunt castanaria*» (ano 940, CTÑ, nº 2)

«*ad fratres de castanaria*» (ano 952, CTÑ, nº 3)

«*de illo monasterio Sancti Martino de Castineira*» (ano 1150, CTÑ, nº 18)

«*dompno Martino abbatii Sancti Martini de Castineira*» (ano 1161, CTÑ, nº 44)

«*ad monasterium Sancti Martini de Castineira*» (ano 1239, CTÑ, nº 44)

«*a Sant Martiño da Castiñeira todas las herdades que eu ajo en toda Seabra*» (ano 1417, VFD1, nº 69), etc.

072.4. Castañar, castañal

A forma derivada por medio do sufíxio -ALE. *CASTANĒALE, ten valor colectivo e designa o lugar poboad de castiñeiro, aínda que é posible que nalgún caso se trate de formas en orixe femininas que designaban a árbore (cf. *As Nogais*, *A Figal*), igual ca no asturiano *la castañal*, *la castañar* (Sánchez Vicente, 118), coma as que atopamos na documentación antiga en latín:

«*ipso arroio qui discurrat de ipsa villa, et suas castaniares*» (ano 932, CLN, nº 163)

- «*pumares, figares, amexinares, castaniares, terras cultas vel incultas*» (ano 975-1011, CLN, nº 197)
- «*arbores, castaniares, mazanares, zeresales, perales, figares, ameisenares*» (ano 995, CLN, nº 343)
- «*arbores, mazanares, zeresales, castanares, figares que sunt in communes*» (ano 1025, CLN, nº 358)

Pero en xeral os topónimos ***Castañal*** son masculinos e teñen desde a súa orixe significado colectivo. Temos un singular nun hidrónimo para o que recollemos dúas denominacións alternativas que representan a dobre solución de *-ALE* en *-ar* e *-al*:

Regato do Castañal, CdA en Trasmiras (M264-4)

Regato do Castañar, o mesmo regato entre Trasmiras e Cualedro (M302-2)

E un exemplo de plural da variante con *r* e con *i* na pretónica:

Castiñares, PnH en Barbadás e San Cibrao das Viñas (M225-2)

que puido ter en orixe xénero feminino coma as formas recollidas na documentación latina medieval.

No NG figuran ***Castañal*** en Viveiro, ***O Castañal*** en Vigo. Outro exemplo da forma feminina deste derivado é ***As Castiñáns***, en Bueu, con *i* na pretónica e un *n* adventicio resultante dunha nasalización non etimolóxica producida coa caída do *-l-* intervocálico. O DCP recolle 4 ***Castanhais***.

072.5. Castiñeiral

Temos un único exemplo de dupla sufixación en *-ARIU* e *-ALE* en:

Castiñeiral, PnH en Lobios (M301-3)

072.6. Casteda, castenda, castañeda

Como acontece con outros colectivos derivados cos sufíxos *-ÉTA*, *-ÉTU* cando hai un *-n-* intervocálico na última sílaba do radical (cf. ABELANÉTA, CANDANÉTA, MATIANÉTA, etc.), a toponimia recolle diversos resultados do lat. CASTANÉTA, CASTANÉTU, ós cales debemos engadir as formacións romances con nasal palatal, creadas a partir de *castaña*. As formas recollidas no NG permítennos distinguir varios grupos:

a) Formas con caída do *-n-* intervocálico e redución silábica: CASTANÉTA > *Castæda* > *Castæda* > ***Casteda***. Son formas antigas que remontan ó derivado latino.

O NG recolle 2 **Casteda** en Antas de Ulla e Chantada; **As Castedas** en Monterroso; **Castedo** en Castroverde, **Castedos** en Castro de Rei, **Castido** en Valdoviño.

No DCP figuran 2 **Castedo**.

O lugar de **Casteda** no concello de Chantada rexistrámolo na documentación antiga:

«*Matheus Iohannis de Casteeda*» (ano 1257, OSR2, nº 790)

«*Gonçalo Eanes escudeyro de Casteeda*» (ano 1273, OSR2, nº 1036)

b) Formas cun *n* resultante da nasalización da vogal que estaba en contacto co *-n-* intervocálico: CASTANÉTA > *Castāeda* > *Castēda* > **Castenda**. Tamén son formas antigas que remontan ó derivado latino.

No NG figuran 4 **Castenda**, en Tordoia (parr.), Boqueixón e Ordes (2 tops.). No DCP, 1 **Castendo**.

Atopamos esta forma como apelido toponímico en:

«*Afonso de Seuilla e Aluaro de Casteenda, coengos de Santiago*» (ano 1434, FDU, nº 298)

«*Aluaro de Casteenda e Afonso de Berredo, criado*» (ano 1451, FDU, nº 330)

«*Afonso de Castenda, escudeiro*» (ano 1500, HGP, nº 90)

c) Formas con vogais en hiato trala caída do *-n-* intervocálico: CASTANÉTA > *Castāeda* > **Castaeda / Castaída** (cf. *Abelaedo*, *Candaído*). Coma as anteriores, remontan ó derivado latino.

Só recollemos un exemplo portugués no DCP: **Castaíde**, que representa seguramente un *Castaída* con alteración do sufijo *-ida* > *-ide*, provocada ou favorecida pola analogía con antropotopónimos de xenitivo en *-ide* < *-īti* (cf. *Carpacide*, *Freixide*, etc.).

d) Formas con nasal palatal, de orixe máis recente, posiblemente derivados romances ou protorromances de *castaña* co sufijo colectivo *-eda*, *-edo*.

O NG recolle **Castañeda**, parr. en Arzúa, e **Castañedo**, parr. e lugar en Navia de Suarna.

Esta última parroquia rexistrámola na Idade Media como feminina: «**Castaneda** (...) in territorio *Naviae*» (ano 1133, *Lvcensia*, 146).

072.7. Castañoso

Dos derivados co sufijo correspondente a *-ōsu*, *-ōsa* non recollemos ningún exemplo na toponimia ourensá. O NG recolle **Castañoso** na Fonsagrada, onde tamén hai o seu diminutivo **Castañosín**, co resultado de *-īnu* > *-ín* propio desa área. Son formas romances, derivadas de *castaña*. Non posuímos documentación

que poida confirmar que *Castosa*, no mesmo concello, conteña a forma máis antiga procedente do lat. CASTANÓSA.

072.8. Castaínzo

Un derivado CASTANÍCÉU, CASTANÍCÉA, cos sufíxos *-ÍCÉU*, *-ÍCÉA* que tamén forman derivados noutros temas fitonímicos (*Biduiza*, *Carballizo*, *Carballiza...*), podería dar razón do topónimo

Castizo, PnH en Monterrei (M302-2)

pois de tratarse do común *castizo*, «cerdo padre, verraco que se destina a la procreación» (DEGC, I, 522), esperaríamos artigo.

Ten paralelo nos *Castainço*, *Castiços*, *Casteição* (aumentativo de **Castaíço*?), *Castinçal* (con dupla sufixación *-ÍCÉU + ALE*) que recolle o DCP. Este último aparece como *Castinizale* en 1258 (OM, 74)

073. caxigo

O galego *caxigo*, cast. *quejigo*, designa unha variedade de carballo, a *Quercus lusitanica*, chamada en portugués *carvalhiça* e *carvalho-anão*, e procede probablemente da mesma raíz CAX- có fr. *chêne* ‘carballo’, raíz prerromana probablemente adoptada e transmitida polos celtas da Galia e Hispania (DCECH, IV, 712).

Só recollemos un derivado en *-osa*:

Caxigosa, PnH en Pantón (M188-2)

O NG recolle 2 (*O*) *Caxigo* en Pol e Mondoñedo; 5 (*O*) *Caxigal* en Castro de Rei, Mañón, Outeiro de Rei e Vilalba (2); e 4 (*A*) *Caxigueira* en Alfoz, Ortigueira, As Somozas e Vilalba. Non figuran no NG *Os Caxigos*, en Abadín (M24-3) e *Caxigueira* en Xove (M2-4). En área asturiana de fala galega hai *A Caxigosa* na Veiga (M25-4).

Teñen paralelo nos *Caxigo*, *Caxigal* asturianos (García Arias, 129) e *Cagigal*, *Quejigal*, *Quejigo* leoneses.

Como observou Palacio (1981, 228), a distribución deste tema na toponimia maior de Galicia permite caracterizalo como propio da provincia de Lugo e o NE da Coruña. Tampouco está representado na toponimia portuguesa.

Sarmiento localizao no sur da provincia de Lugo: «*caxigo*. Hacia Samos el carballo» (*Vegetables*, 491).

074. *cebada*

Cebada convive no galego con *orxo* (< (h)ORDĒU) para designar o cereal *Hordeum vulgare* (VCN, 112). Di o dicionario de E. Rodríguez que «aunque poco, la cebada se cultiva en Galicia, casi únicamente en las provincias de Lugo y Orense» (DEGC, I, 532). O nome *cebada* (< lat. CIBĀTA, derivado de CĪBU ‘alimento’) puido ter en orixe, como sucede noutras linguas peninsulares, un significado máis xenérico de ‘alimento para o gando, especialmente o cabalar’ (DCECH, II, 8). A presenza deste tema léxico na toponimia é escasa fronte á de (h)ORDĒU (VID. 166).

Temos un único exemplo no territorio estudiado en

Val da Cebada ou *Val de Cebada*, PnH na Gudiña (M265-4, M266-3).

075. *cebola*

O galego *cebola*, port. *cebola*, cast. *cebolla*, it. *cipolla*, etc. proceden do lat. CEPŪLLA, diminutivo de CĒPA ‘id’. Este nome aplícase á cebola común cultivada, *Allium cepa* (VCN, 113), e tamén a outras especies bravas das liliáceas, con diminutivos ou determinantes: *cebola das gaivotas* (VCN 113), *cebola de San Antonio*, *cebola do corvo*, *do cuco*, *do raposo* (DEGC, I, 533), etc.

Non recollemos na toponimia ourensá ningún exemplo coa forma simple *cebola*. No NG hai *A Cebola de Arriba* e *A Cebola de Abaixo* no concello de Zas (parr. do Allo; vid. 014.1). O DCP recolle un topónimo portugués equivalente *Cebola* (entidade que desde 1960 pasou a denominarse oficialmente *São Jorge da Beira*).

O NG recolle *Cboleira* en Caldas, *A Cboleira* en Vigo. O DCP, 2 *Cebolar*, 2 *Cebolais*, 1 *Cebolido*.

Un diminutivo *ceboliño* defineo o dicionario como «cebollino, planta tierna de la cebolla en disposición de ser transplantada antes de formado el bulbo» (DEGC, I, 533). Está presente en

Ceboliño, EdP e parr. (*Bon Xesús*) en Ourense

Cebolín, PnH en Quiroga (M189-2)

O segundo localízase nunha área onde o sufijo -ÍNO ofrece na toponimia algúns exemplos do resultado en -ín, pero tamén pode interpretarse como xenitivo dun antropónimo correspondente a *CIPŪLLÍNUS, e o mesmo podemos dicir do topónimo *Ceboliño*, que representaría a forma do acusativo. Reforza esta hipótese antropónímica a ausencia do artigo, manifesta nos documentos medievais:

«que faza no couto de *Cebolino*» (ano 1355, ROC, nº 95)

«Môr de *Ceboliño*, que era abadesa do dito mosteiro» (ano 1467, VFD1, nº 86)

Cortesão (OM, p.76) rexistra no século XIII alcumes masculinos medievais con formas emparentadas: *Cebola*, *Cebolão*. Este último témolo tamén nun galego «*Johan Cebolom*» (ano 1364, MdR, AHN Clero, Cpta. 1496, nº 10).

076. *cegaño, segaño*

Sarmiento recolle a voz *cegaño* ou *segaño* para denominar unha especie de carpaza: «*Segaño o cegaño*. Oí a un viejo de Lérez llamar así a la carpaza amarilla del núm. 841, y dijo que en Lérez se llamaba *carrasca*, y hacia Tuy *segaño* o *cegaño*. Averíguese». (*Vegetables*, 853). A especie descrita nese núm. 841 da mesma obra recibe alí o nome de «carpaza del hipocistis». Trátase dunha planta cistácea, moi probablemente o *Cistus hirsutus* ou *carpaza común* (VCN, 112), ou o *Cistus salvifolius* (*carpaza moura*, VCN 112), os cales reciben en portugués as denominacións de *saganho* e *saganho-mouro*, respectivamente (Sampaio, *Flora*, 198), que veñen sendo a mesma voz recollida por Sarmiento.

Non temos hipótese etimolóxica para esta voz, que non consta nos dicionarios galegos (non no DEGC nin no XLFG, tampouco en Crespo Pozo, NCVCG s.v. *cisto*, *brezo*, *carpaza...*). Os portugueses rexistran unha forma masculina e outra feminina, *saganha* e *saganho*, co mesmo significado de ‘planta cistácea’ e caracterizadas como voces provinciais (GDMU). Témolo en tres casos que propiamente corresponden a un único topónimo:

A Cegañeira, PnH en Lobios

Ponte da Reixa da Cegañeira, PnH en Lobios (M336-1)

Corga da Cegañeira, CdA en Lobios (M336-1)

Así aparecen escritos na cartografía. *Segañeira* e *Sogañeira* son as realizacións comúns nesa zona da raia, que é seseante. No DCP figura 1 *Saganhos*.

077. *ceguda, seguda, cegude*

Para o nome da cicuta, *Conium maculatum*, planta umbelífera da familia das apiáceas, tamén chamada *pereixil das bruxas*, *pereixil bravo*, *pé de sapo*, *cegude* (VCN, 113), Sarmiento recolleu a forma *ceguda*, paralela do portugués *cegude* e do castelán antigo *ceguda* (DCECH, II, 65b), formas que son continuación do lat. CICŪTA: «*Ceguda*, la cicuta» (*Vegetables*, 278). Crespo Pozo dá como equivalentes galegos do nome da *cicuta* outras dúas variantes con –e final, coma no portugués: *cegude* e *segude* (NCVCG, I, 309). Esta segunda forma con

s- inicial non debe de ser exclusiva das árees seseantes, se como supoñemos é derivado dela o topónimo

Segudais, EdP na Veiga

correspondente ó plural dun derivado en *-ALE*.

Tamén podería pertencer a este tema fitonímico, neste caso co sufíxio procedente de *-ARIA*, o topónimo

A Segureira, PnH en Oímbra (M303-3)

que podería explicarse como unha alteración de *Segudeira* por etimoloxía popular ó relacionalo co adxectivo *seguro*. Non cremos que sexa voz emparentada cos descendentes de SECARE ‘cortar, segar’, como *segure* ou *segura* «especie de azuela que corta verticalmente» (Sarmiento, *Catálogo*, 98 r), procedente do lat. SECŪRE.

Tamén cabe a posibilidade de que estea relacionado con esta planta o nome da coñecida *Serra Segundeira*, neste caso alterada a hipotética forma orixinal por asociación co numeral. O DCP recolle un topónimo idéntico *Segundeira*.

078. centeo

O nome do *centeo*, a gramínea *Secale cereale* (VCN, 113), provén do lat. CENTĒNUM e está emparentado co numeral CĒNTUM, facendo referencia, segundo Plinio e Santo Isidoro, «a que dá cento por un» (cit. por Abelardo Moralejo Lasso, que se ocupou da toponimia relativa ó *centeo* nun traballo clásico: TGL, pp. 156-158). En moitas árees emprégase *pan* como sinónimo de *centeo*.

O *centeo* tivo moita importancia na economía e a alimentación tradicionais de Galicia e en particular no territorio estudiado: «Cultívase mucho (...), y principalmente en las altas tierras montañosas de Ourense, que por eso se llaman *terras de pan*» (DEGC, I, 539). Na documentación antiga advírtese esta importancia, e o *centeo* adoita ser un dos produtos agrícolas (xunto co millo, o trigo e o orxo, ademais do viño) con que se pagan rendas e foros:

«Et accepi de vos pretium vino II^{os} sestarios, tritico II quartarios, **centeno** II modios, que michi bene complacuit» (ano 942, CLN, nº 170)

«accepimus de vos precio triticum et **centenum** et vino III modios et duos quartarios que nobis bene complacuit» (ano 961, CLN, nº 385)

«*dedistis vos nobis proinde pretium lenzio tremisale, Iº modio de centeno, II quartarios de vino*» (ano 967, CLN, nº 164)
 «*in cibaria, centeno et milio, et vino modios XXX^a*» (ano 1005, CLN, nº 204)
 «*vineam obtimam iuxta nostram casam pro que accepit de nos, centeno modios II, milio modios II, vino puzales II*» (ano 1010, CLN, nº 180)
 «*in casa de Pimia pro ipsos homines tritico, centeno, milio et ordio et vino de renovo*» (ano 1010, CLN, nº 180)
 «*in premium de meo renovo tritico quartario I, centeno quartario VI, milio modio VI, vino modio VII que illi et nobis bene complacuit*» (ano 1010, CLN, nº 180)
 «*pro quo accepit de nos in pretio de nostro renovo vino modios XV, tritico quartarios III, centeno modio I, que illi et nobis bene complacuit*» (ano 1010, CLN, nº 180)
 «*in precio centeno quartarios III, milio modio I quartario I, vino modios II, linteo I in modios II, que nobis bene complacuit*» (ano 1013, CLN, nº 310)
 «*inter centeno et milio et vino modios CLXXII*» (ano 1030, CLN, nº 10)
 «*et accepi a vobis premium centeno modios III*» (ano 1099, CLN, nº 142)

078.1. Centeo

Non recollemos no territorio estudo ningún topónimo coa forma simple.

Un *Centelo* de Ponteareas, que non figura no NG, é explicado por Moralejo como proveniente do diminutivo CENTĒLLU, e comparable a *Centenillo* e *El Centenillo*, en Cáceres e Jaén, respectivamente, e *Centenil* en Huelva, con fonética mozárabe (TGL, p. 157).

O NG figura un lugar chamado *Pancenteo* no Rosal, que corresponde ó comú *pancenteо* ou *pan centeo* (vid. 168.1). Cf. *Pantrigueiras*, 168.1

078.2. Centeal

Máis comúns na toponimia son as formas do derivado *centeal* (< CENTĒNALE):

Centeás, EdP no Carballiño.
Centeais, EdP en Quiroga
Centeás, PnH en Xinzo de Limia (M264-4)
Río de Centeais, CdA en Quiroga (M189-4)

O NG recolle 1 *Centeal* en Laxe e 5 pl. *Centeás* en Carballo, Curtis, Mondoñedo, A Pastoriza (*Os Centeás*) e O Valadouro; 2 *Centeais* na Pobra de Brollón e Quiroga; e 1 *Centeáns* no Porriño. Moralejo explica este último como «forma especial que conserva la nasal metatizada» (TGL, 157). En efecto, podería explicarse por CENTĒNALES > **Centelanes* > *Centeáns*, pero non é propiamente unha metátese o que orixina ese *n*, senón que, como proban outros resultados toponímicos en -ALES *Fentáns*, *Porráns*, *Sobráns* (< FILICTALES, PORRALES, SUBERALES, respectivamente), onde non existe nasal susceptible de metátese, xurdíu un *n* consonántico coa caída dun *-l-*, a partir dunha nasalización non

etimolóxica da vogal que precede ó *-l-* caído, posiblemente favorecida pola analogía dos numerosos topónimos que conteñen antropónimos xermánicos en *-áns* < *-ANIS*.

O DCP recolle 1 *Centiais*.

Na documentación antiga atopamos referencia ó *Centeais* de Quiroga nun «*môte de Centeaes*» (ano 1288, MdR, AHN Clero, Cpta. 1487, nº 10).

078.3. Centeeira

Temos un exemplo de derivado correspondente a CENTÉNARIA, CENTÉNARIU en *Corgo de Centeeira ou de Centieira*, CdA en Lobios (M301-3)

O NG recolle *Centieiras* en Fene. O DCP, 2 *Centieira*, 1 *Centieiras* e 1 *Centieiro*.

078.4. Centeooso

Non recollemos no territorio estudiado, nin no NG nin no DCP, ningún derivado correspondente a CENTÉNOSU. Só rexistramos un topónimo portugués medieval hoxe non localizado *Centeoso* (ano 1258, OM, 78).

079. *cepo*

Cos nomes de *cepo* e *cepa*, procedentes do latín CIPPU ‘estaca’, denomínase a base do tronco das árbores, unida ás raíces. O feminino *cepa* é «tronco de la vid, de donde brotan los sarmientos», ou ben «tocón, parte de un tronco que queda unido a la raíz cuando cortan un árbol» (DEGC, I, 541). Sarmiento dá *cepa* como sinónimo de *vide* (Sarmiento, *Catálogo*, 92 r), e en xeral a forma feminina *cepa* adoita referirse á videira, en tanto que o masculino *cepo* ten uso máis xenérico, referido a calquera árbore, e en particular a castiñeiros e nogueiras. En Maside denomináñanse *cepos* as bases de castiñeiros vellos, que acadan moito grosor ata pouca altura, polas sucesivas decotas, e por extensión é *cepo* un castiñeiro vello e groso. Esta mesma acepción parece atoparse na documentación medieval:

«*et feret in cepo de illo castanario qui stat in illo succo*» (ano 975, CLN, nº 368)

«*ad cepsus de nugueira de cantus de casa*» (ano 1247, OSR1, nº 593), etc.

«*exceptis IIIes castanarios de Froilo et IIIes zepos*» (ano 975, CLN, nº 197)

Algúns derivados desta mesma voz poden ter diversos significados botánicos. Sarmiento recolle un nome *herba cepeira* para o acanto ou herba xiganta, *Acanthus mollis* (VCN, 353): «*Herba cepeyra*. Herba das estacas y herba giganta. El año de 1746 dieron en Samos esos tres nombres a una planta. Ya sé que esa planta es la branca ursina o *acanthus*» (Sarmiento, *Vegetables*, 2479). O P. Merino dálle o nome de *herba giganta* (Merino, *Flora*, III, p. 578), un dos recollidos por Sarmiento, que ten o seu paralelo no portugués *erva-gigante* (Sampaio, *Flora*, p. 496). Os nomes de *herba das estacas* e *herba cepeira* baséanse na mesma noción semántica.

079.1. Cepo, cepa

As formas simples témolas en

A Fonte do Cepo, PnH en Vilardevós (M303-4)

O Cepo, Edp(n) en Boborás (M187-1)

Meson do Cepo, Edp(n) en Boborás (M187-1)

O Cepo, PnH en San Cibrao das Viñas (M225-2)

O Cepo, PnH en Sober (M188-4)

O Cepo, PnH en Monterrei (M302-2)

O Cepo, PnH nos Blancos (M302-1)

O Cepo, PnH en Rairiz de Veiga (M264-1)

Lagoa do Sestil do Cepo, PnH en Porto, Pías e Viana do Bolo (M266-2)

Casas de Cepobó (< BONU), PnH en Vilar de Barrio (M226-4)

Cepos Albos, PnH en Lobeira (M263-3)

Cepromouros (¿de *Cepos Mouros*, con rotacismo e metátese do *r*?), PnH en Monterrei (M302-4)

O feminino refírese seguramente a viñas.

A Cepa, PnH en Carballeda de Avia (M187-3)

As Cepas, PnH en Beariz e Avión (M186-2)

O NG recolle *Cepa* en Coristanco, *Cepo* en Abadín e Sobrado, *Cepomundín* en Castroverde (cunha segunda parte resultado dun xenitivo de posesor), *Cepiño* en Betanzos e *Cepelos* en Melide.

No DCP figuran 3 *Cepa*, 2 *Cepo*, 4 *Cepos*, 3 *Cepelos* e 4 *Cepões*.

Na documentación medieval atopamos referencia a algúns topónimos coma estes: «*villa Cepiis*» (ano 964, OM, 78), «*Cepa dAgrela*», «*Cepas*», «*Cepo cremato*» (ano 1258, OM, 79); «*leira do Çepo*» (ano 1282, MdR, AHN Clero, Cpta. 1487, nº 18bis); «*ena aldea de Nuzedo (...)* hu chamā o Çepo» (ano 1347, MdR, AHN Clero, Cpta. 1494, nº 15)...

079.2. Cepeira, cepal

Nos derivados non é posible saber se o significado orixinario aludía a *cepas* de viña ou a *cepos* de árbore.

Non temos na toponimia do territorio estudo exemplos do derivado en *-ARIA*.

O NG recolle 3 (*A*) *Cepeira* en Carballo, Guitiriz e Vilarmaior.

Tampouco rexistramos ningún exemplo de *Cepal*, paralelo dos recollidos por E. Rivas na toponimia de Marín (Rivas, 1982, 121). Eladio Rodríguez recolle como substantivo común *cepal*, e defineo como «terreno que está exclusivamente dedicado a *cepas*. || Más comunmente, viña» (DEGC, I. 542).

O DCP rexistra 3 *Cepães*, cunha nasalidade vocálica non etimolóxica, talvez paralela do *n* de *Centeáns* e semellantes (078.2).

079.3. Cepedo, cepeda

O derivado más común fórmase cos sufixos *-ÉTA*, *-ÉTU*. O seu significado ha de ser o de «finca con las *cepas* o tocones de los árboles o vides, cortados» (Rivas, 1982, p. 160).

Cepeda, PnH en Calvos de Randín (M302-1)

Chaira de Cepeda, PnH en Pontedeva, Cortegada e Gomesende (225-3)

O Cepedo, EdP en Vilamarín

Cepedos, PnH en Montederramo (M227-1)

Cepedelo, lugar e parroquia no cllo. de Viana do Bolo, e

Alto de Cepedelo, PnH en Viana do Bolo (M266-2)

Estes últimos correspondentes a un diminutivo CIPPETELLU, o mesmo ca un *Cepetelo* que figura no NG na Estrada, cunha forma con *t* (seguramente non por arcaísmo conservador da xorda intervocálica, senón por alteración de *Cepedelo*, se cadra debida a interferencia doutras voces como *peto* e derivados). O NG recolle tamén 2 *Cepeda* en Pazos de Borbén (parr.) e en Teo.

O DCP rexistra 2 *Cepeda* e 1 *Cepedros*. Este último ha de interpretarse como alteración de *Cepedos* por etimoloxía popular ó asocial ó antropónimo *Pedro* (cf. *Caçapedro* tamén no DCP, derivado de *caçapo* ‘cazapo’ co mesmo sufixo e interferencia do mesmo antropónimo).

Nos documentos medievais atopamos formas semellantes:

«in loco qui uocatur Subribas leira nominata *Zipedia*» (ano 1236, Fiñes, nº 87)
 «terminum de Ualongo, et iacet inter Decoladam et *Cepedam*» [Cortegada] (ano 1237, RAM, nº 23)

O *Cepeda* de Teo atopámolo como apelido toponímico nun «*Gonçaluo Franquo de Cepeda, morador enna frigesia de san Mamede de Carnota*» (ano 1466, FDU, nº 338).

Cortesão rexistra na documentación medieval un dos *Cepeda* portugueses coa mesma grafía cá actual e a forma correspondente masculina nun *Cepido* (OM, 78).

079.4. Cepada

Derivada deste mesmo tema a partir dun verbo *cepar* ('podar', Rivas, 1982, p. 160), é a forma do participio *cepada*, que pode aludir á decota completa dos castiñeiros para que nazan novas pólas desde a cepa ou ben á instalación de cepas de viña. Temos un exemplo en

A Cepada, EdP en Montederramo (M227-1)

O NG recolle lugares chamados *Cepada* no Saviñao e *Cepadas* en Paradela.

079.5. Cepegal, cepegosa

Non temos certeza de que pertenza á familia léxica de *cepo* un nome de árbore **cepego*, ausente dos dicionarios galegos e paralelo dunha denominación *sapiego* de que dá noticia Sarmiento, quen a localiza entre Asturias e o Bierzo. Hoxe non figura este *sapiego* nos dicionarios asturianos, mais as equivalencias castelás proporcionadas por Sarmiento permiten identificar a especie. Di o sabio bieito: «A lo último de Asturias, hacia el Bierzo, llaman *sapiego* a lo que allí llaman roble corcho (*mesto* en castellano)» (*Vegetables*, 2532). Este “*roble corcho*” é a *Quercus Hispanica*, especie híbrida de carballo e sobreira ou de aciñeira e sobreira, que «natura Quercus et Suberis participat», de aí o sinónimo castelán *mesto* < MÍXTU (DCECH, IV, 58).

Creamos que ese asturiano *sapiego* contén o sufijo de orixe prerromana -AECU (cf. o mesmo sufijo noutra árbore co nome leonés de *seriego* ou *cerriego*, 081). Malia o seu *s-* inicial recollido por Sarmiento, a toponimia galega e un único exemplo medieval portugués obrígannos a supor que a forma orixinaria, polo menos na nosa área lingüística, era *cep-*.

Concordan coa hipótese dunha denominación galega **cepego* para esta especie os topónimos:

A Cepagosa ou *A Cepegosa*, PnH en San Xoán de Río (M189-4)

Un topónimo portugués idéntico *Cepegosa* documéntao Cortesão en 1258 (OM, 78).

A estes topónimos debemos engadir o nome da localidade chamada ***O Cepegal***, no concello de Irixoa, e unha variante con s- inicial en ***Sopegal***, no concello de Baiona (en área seseante), co sufixo correspondente a -ALE. Tamén figuran con s- inicial catro topónimos portugueses paralelos: ***Casa do Sopegal*** en Monção, ***O Sopegal*** en Ponte de Lima, ***Sopegal*** en Castelo Branco e moi probablemente ***Sapogães***, na Póvoa de Varzim.

080. *cereixa*

O gal. *cereixa* (port. *cereja*, cast. *cereza*) provén do lat. CERĀSIA ou mellor da súa variante vulgar CERĒSIA (DCECH, II, 44b; Moralejo, TGL, 296). En latín era palabra de orixe grega κέρασος. Designa o froito do *Prunus avium* (VCN, 113). A árbore é coñecida comunmente en galego como *cerdeira* (< CERESARIA), ainda que existen outras denominacións como *cereixo*, *cereixeira*, *cereixeiro*, etc. (NCVCG, I, 304).

080.1. Cereixa, cereixo

Nun grupo de topónimos atopamos unha forma coincidente co nome da froita ou a forma masculina correspondente. No territorio estudiado temos os seguintes:

A Cortiña da Cereixa, PnH en Vilardevós (M303-1)

Dona Cereixa, PnH na Pobra de Trives (M227-2)

Río do Cereixo, CdA en Laza (M265-3)

O segundo destes topónimos pode constituír unha alteración, por etimoloxía popular, dun antropónimo ***Dona Tereixa*** ou ***Dona Tareixa***. Se así fose, cabe pensar tamén nun significado zoonímico, pois Sarmiento (*Catálogo*, A 19 v), nunha relación de nomes de aves, escribe: «*Bubela. Poupa Tuy (Upupa). Dª Tereixa (si de Tereo?)*» e noutro lugar «*poupa. es la bubilla. De upupa. También llaman dona Theresa, acaso del rey Thereo*» (*Catálogo*, 182 r-v). Esta designación que recolle Sarmiento non figura nos dicionarios galegos. Pensado comenta que «es posible que sea puramente ocasional y acaso surgida en medios cultos bajo la presión más o menos consciente de la fábula de Tereo como piensa Fr. Martín. No parece que pueda explicarse por razones de onomatopeya del canto del ave. En port. tampoco se encuentran datos que puedan ayudar a la explicación de esta palabra» (Pensado, *Catálogo*, 239). Podemos engadir que é posible que o realmente ocasional e xurdido en medios cultos sexa a etimoloxía a partir de Tereo, pero talvez non a denominación. Os significados franceses de *théresse* citados polo propio Pensado (*une coiffure de femme, faite en toile, e mais pélerine à capuchon*) poderían relacionarse coa crista da bubela, pero este camiño requiriría maior indagación. A designación humorística, afectiva ou eufemística de animais mediante antropónimos é frecuente na lingua popular (Maçãs, 55-61).

O NG inclúe 2 *Cereixa* en Coristanco e na Pobra de Brollón (nome de parr.), *Riocereixa* en Pedrafita (parr. e lugar); *Cereixo* en Vimianzo (nome de parroquia, onde hai tamén *Porto de Cereixo*), outro *Cereixo* na Estrada (nome de parr.), e un diminutivo *A Cereixiña* en Ourol.

No DCP figura 1 *Cerejo*.

É probable que en ningún destes topónimos haxa un fitónimo relacionado coas cereixas. O uso hidronímico que advertimos no nome da parroquia e o lugar de *Riocereixa* (Pedrafita) e no do *Río do Cereixo* (Laza) fan sospeitar que talvez *Cereixo*, *Cereixa* son hidrónimos prerromanos, en cuxa terminación estaría presente o sufijo *-asia -asio*, coñecido na toponimia galega prerromana (cf. *Cameixa*, *Arteixo*...). Tamén é hidronímica a motivación do nome da parroquia chamada *Cereixa* na Pobra do Brollón, pois recibe o seu nome do nome do río que a baña, segundo confirma a documentación antiga.

«*Pinario et Marturi discurrente rivulo Cerasia*» (ano 1005, CLN, nº 448)

«*villa vocabulo Ceresia, et habuimus ipsa villa per suum pretium subtus basilica sancte Marie, discurrente rivulo Cerasia*» (ano 1050, Samos, nº 131)

«*de monte Aguto et inde per aqua de Cerasia* » (ano 1074, Samos, nº s-17)

Se como suponemos tamén son hidrónimos os *Cereixo* da Estrada e de Vimianzo (*Cereixo* e *Porto de Cereixo*), probablemente sobrevive nestes últimos o nome prelatino do *Río Grande*. É excepcional que un río desa importancia (é o que forma a ría de Camariñas) teña nome latino ou latino-romance. Tamén han de ser hidrónimos, con diferente sufixación, os nomes de *Cerezo de Abaixo* e *Cerezo de Arriba* (en Ponteceso).

En microtopónimos como *A Cortiña da Cereixa* debemos considerar tamén a posibilidade dunha orixe antropónima, dado o emprego de *Cereixo*, *Cereixa* como sobrenome ou apelido (Rivas, 1982, p. 159), coma nestes exemplos medievais: «*Martinus Cerigia*» (ano 1125, BCMO, T. 2, p. 343); «*Arias Fernandiz, cognomento Cerasio (...) pro Arias Cereigo*» (s.d., Tsobrado 2, nº 165); «*Aluaro Cereyo*» (ano 1506, HGP, nº 136), etc.

080.2. Cereixal

Esta forma, correspondente a CERASIÁLE ou CERÉSÍALE, que pode conter o nome da árbore ou ter valor colectivo, púidose orixinar orixe xa en época románica, como derivado de *cereixa* (Rivas 1982, 159). A maior parte dos topónimos en que está presente atopámoslos na metade oriental da provincia. Só recollemos un exemplo de feminino en *-al*, equivalente das formas asturianas *La Cerezal* (Gacía Arias, 122) e doutros exemplos galegos, predominantemente orientais, da toponimia das árbores froiteiras (*As Nogais*, *A Figal*, etc.). Nos outros casos pode ter valor colectivo, semellante ó portugués *cerejal* «pomar de cerejeiras» (GDMU).

A Cereixal, PnH en Rubiá (M190-2)

O Cereixal, PnH na Pobra de Trives (M189-4)

- O Cereixal*, Edp(n) en Quiroga (M189-2)
Cereixal, PnH na Veiga (M228-2)
Cereixal de Ferro, PnH en Viana do Bolo (M266-1)
Os Penedos do Cereixal, PnH en Laza (M265-1)
Regueiro Cereixal, CdA en Vilamartín de Valdeorras (M190-1)
Regueiro do Cereixal, CdA na Veiga (M228-2)
Cereixás, EdP en Monforte (M189-1)
Cereixás, PnH en Chandrexá de Queixa (M227-1)
Cereixais, PnH na Veiga (M228-1)
A Pedra dos Cereixais, PnH en Viana do Bolo e A Veiga (M228-3)

No NG figuran 4 *Cereixal* en Becerreá (parroquia e lugar), Ortigueira e Paradela.

080.3. Cereixeiro, cereixeira

Creemos que han de ser tamén formacións romances a partir de *cereixa* os derivados en *-eiro* e *-eira*, que nalgúns árees de Galicia denominan a árbore (Rivas 1982, 159; NCVCG, I, 304), como o portugués *cerejeira*. Nos topónimos en que están presentes estas formas poden ter este significado ou se cadra valor colectivo.

- As Cereixeiras*, PnH en Entrimo (M301-1)
O Cereixeiro, PnH en Sober (M188-2)
O Cereixeiro, PnH no Bolo (M228-1)
Regato da Cereixeira, CdA en Baltar (M302-2)

O NG recolle lugares denominados *A Cereixeira* en Cambados e *O Cereixeiro* en Cambre. No DCP figuran 3 *Cerejeira* e 1 *Cerejeiras*.

Atopamos o *Cereixeiro* de Sober na documentación de Ribas de Sil: «que vos aforamos o nosso lugar do *Cereygeyro* con a vina da Pereira» (ano 1427, RdS, nº 141).

080.4. Cereixedo, cereixido

Un grupo de derivados cos sufíxos correspondentes a *-ÉTU*, *-ÉTA* presentan as formas *cereixedo*, *cereixeda* e deben de ser igualmente formacións romances a partir de *cereixa*:

- Cereixido (Santa María)*, parroquia en Quiroga

O NG recolle 5 *Cereixido* na Fonsagrada (parr. e lugar), en Quiroga (parr. e lugar) e no Incio; e 3 *Cereixedo* en Cervantes (parr. e lugar) e Paradela.

Vemos un topónimo menor *O Cereixedo* no séc. XV na ribeira do Sil:

«leyra de herdade de monte a que chaman do *Cereygedo*» (ano 1421, RdS, nº 131).

080.5. Cerdeira, cerdeiro

Cerdeira constitúe unha denominación tradicional da árbore, común ó galego e portugués. É forma resultante dunha disimilación consonántica dun antigo *Cerzeira* < CERESARIA (DCECH, II, 45a). En portugués é hoxe forma considerada dialectal (GDMU cualifica como “prov.”), que cedeu terreo fronte a *cerejeira*, de xeito paralelo ó que acontece nalgunhas áreas de Galicia, onde foi ou está sendo substituída na fala por derivados romances do nome da froita (Rivas, 1982, 159).

O masculino *cerdeiro* denomina así mesmo a árbore:

«*dous cerdeiros que están sobre la cassa de Afonso Carrejo*» (ano 1405, RdS, nº 105).

No territorio estudiado recollemos os seguintes exemplos:

Cerdeira (Santa María Madanela), parr. en San Xoán de Río

Cerdeira, EdP en San Xoán de Río

Cerdeira, EdP nos Blancos

Cerdeira, EdP en Xunqueira de Ambía

Cerdeira de Abaixo, EdP no Irixo

Cerdeira de Arriba, EdP no Irixo

A Venda da Cerdeira, EdP na Gudiña (tamén coñecida como *A Venda do Espiño*)

Cerdeiroa, EdP en Avión

A Cerdeira, PnH en Avión (M186-2)

Cerdeira, PnH en Laza (M264-2)

Cerdeira, PnH en Oímbrá (M303-3)

Cerdeira, PnH en Xunqueira de Ambía (M226-3)

Cerdeira Longa, PnH en Ramirás (M225-3)

Alto de Cerdeira, PnH en San Xoán de Río (M189-4)

Bustocerdeira, PnH en Bande e Verea (M263-3)

Campo da Cerdeira, PnH en Vilariño de Conso e Laza (M265-1)

Corga Cerdeira, CdA na Gudiña (M265-4)

Chan de Cerdeira ou Chan de Cerdeiras, PnH en Lobios (M301-3)

Corga de Val Cerdeira, CdA en Castrelo do Val (M265-3)

Fonte Cerdeira, PnH en Verín e Vilardevós (M303-3)

Porto Cerdeira, PnH en Laza (M265-3)

Regato de Cerdeira, CdA no Irixo (M187-1)

Regueiro de Val de Cerdeira, CdA en Boborás (M186-2)

Rego da Cerdeira, CdA en Laza (M265-1)

Rocha Cerdeira, PnH en Muíños (M301-2)

Val da Cerdeira, PnH en Castrelo de Miño (M225-1)

Val de Cerdeira, PnH na Gudiña (M304-1)

Val de Cerdeira, PnH en Riós (M303-2)

As Cerdeiras, EdP en Parada de Sil

As Cerdeiras, EdP na Peroxa

- As Cerdeiras*, Edp(n) en Ourense (M187-4)
Cerdeiras, PnH en Montederramo (M227-1)
Cerdeiras, PnH en Xinzo de Limia (M264-2)
As Cerdeiras, PnH no Pereiro de Aguiar (M188-3)
Entrecerdeiras, PnH en Sober (M188-4)
Fonte das Cerdeiras, PnH no Pereiro de Aguiar (M188-3)
A Cerdeiriña, Edp(n) en Laza (M265-3)
A Cerdeiriña, PnH en Quiroga (M189-2)
A Cerdeiriña, PnH en Monterrei (M303-1)
Alto de Cerdeiriña, PnH en Vilar de Barrio e Laza (M227-3)
Corgo de Cerdeiriña, CdA en Laza (M227-3)
Portela da Cerdeiriña, PnH en Lobios (M336-1)
As Cerdeiriñas, PnH en Oímbra (M302-4)
As Cerdeiriñas, PnH en Celanova (M225-4)
As Cerdeiriñas, PnH en Muíños (M301-2)
As Cerdeiriñas PnH nos Blancos (M302-1)
Alto das Cerdeiriñas, PnH en Castrelo de Miño e Cartelle (M225-1)
Alto de Cerdeiriñas PnH en Toén (M225-2)
Corga de Cerdeiriñas, PnH en Muíños (M301-2)
Cerdeiro, EdP en Padrenda
Cerdeiro, Edp(n) en Chandrex de Queixa (M227-1)
Cerdeiro, PnH en Ourense (M188-3)
Cerdeiro, PnH en Vilamarín (M187-2)
O Cerdeiro, PnH en Muíños (M301-4)
O Cerdeiro, PnH en Verín (M303-1)
Corgo Cerdeiro, CdA en Lobios (M301-3)
Penedo Cerdeiro, PnH en Laza (M265-1)
O Cirdeiro, PnH en Quiroga (M189-2),
Valdecerdeiro, PnH en Sarreaus (M264-2)
Regueiro de Portocerdeiríño, PnH na Lama (M186-4)
Río Cerdeiríño, CdA en Paderne de Allariz (M226-1)
Os Cerdeiros, EdP en Castro Caldelas
Os Cerdeiros, EdP en San Xoán de Río
Cerdeiros PnH en Vilar de Santos (M264-1)
Cerdeiros, PnH en Chandrex de Queixa (M227-1)
Os Cerdeiros, PnH en Rairiz de Veiga (M264-1)

En *Cerdeiroa* (Avión), localizado no occidente ourensán, o sufixo diminutivo procedente de *-óLA* non experimenta o desprazamento acentual a *-oá* característico do resto da provincia. En *O Cirdeiro* de Quiroga vemos unha grafía que reproduce o pechamento da vogal pretónica ante ditongo *ei*, común na fala da maior parte do territorio estudiado: *cireixa*, *cirdeira*, *rigueiro*, etc.

No NG atopamos 13 *Cerdeira* ou *A Cerdeira* na Cañiza, Cerceda, Cervo, Curtis, A Fonsagrada, Friol, A Laracha, As Neves (parr.), Ordes, O Pino, Teo, Trazo e Vigo, *Cerdeira de Cabalar* e *Cerdeira de Meroi* nas Somozas e Xermade; 12 *Cerdeiras* ou *As Cerdeiras* en Begonte (parr.), Cabanas, Campo Lameiro, Guitiriz, Narón, Ourol,

Tordoia (2), Santa Comba, Trazo, O Valadouro, Val do Dubra e un *Vilar de Cerdeiras* na Baña; 3 *Cerdeirña* en Boimorto, Cotobade e Foz; 4 *Cerdeiriñas* en Chantada, Ribadeo, Salvaterra de Miño e Vila de Cruces e 1 *Cerdeiro* no Saviñao.

Na documentación medieval atopamos o común *cerdeira* con diversas grafías. Ata o século XII aparece principalmente *ceresaria* e *cersaria* (alternando co feminino *cersale*, *cersare*, que é denominación dos textos máis antigos):

- «*manzanarias et cerasarias* (...) *ipsas manzanarias et ipsas cersares*» (ano 947, CLN, nº 229)
- «*usque in cerasaria ubi se fixit termino de Riquila*» (ano 951, CLN, nº 176)
- «*et medietate de illas cerasarias*» (ano 975-1009, CLN, nº 368)
- «*inter vestras vineas et sua cerasaria*» (ano 975-1009, CLN, nº 368)
- «*super illa cersaria et inde per alia cersaria qui stat in illo succu*» (ano 975-1009, CLN, nº 368)
- «*et torna per illa cersaria soldare et per illa figaria*» (ano 975-1009, CLN, nº 368)
- «*et illas cerasarias et suos fructuarios et de illo lovio*» (ano 975-1011, CLN, nº 197)
- «*cersarias IIIor, manzanarias IIas, castanarios IIos*» (ano 975-1011, CLN, nº 197)
- «*una peraria integra, et una cersaria media*» (ano 1009, CLN, nº 196)
- «*illa vinea que iacet ad illam cersaream ederatam*» (ano 1010, CLN, nº 180)
- «*uno sestario cum duos castarios et una cerasaria*» (ano 1013, CLN, nº 367)
- «*per illa cerasaria carnale*» (ano 1016, CLN, nº 313)
- «*ad illa cerasaria soldare qui fuit de Novello*» (ano 1025, CLN, nº 358)
- «*medietate de ipsa cerasaria et quarta de ipsa peraria*» (ano 1027, CLN, nº 574)
- «*super cersariam desuper sanctum georgium*» (ano 1133, BCM, T6, p. 431).

No século XIII aparece a forma correspondente ó romance *cerdeira* (*cerdaria* nos documentos en latín) e desaparecen praticamente da escrita as formas *cersaria* e semellantes:

- «*ad suum cellarium de Igredoã pro cerdariis et figariis et prixigis*» (ano 1250, RAM, nº 77)
- «*Petrus Iohannes de Çerdeyras*» (ano 1268, OSR2, nº 964)
- «*de contra ese lagar, per una cerdeyra que y esta*» (ano 1273, OSR2, nº 1038)
- «*de camino ad sursum, exceptis duobus et una cerdaria*» (ano 1274, OSR2, nº 1079)
- «*Domingo Perez da Cerdeyra*» (ano 1294, OSR2, nº 1240)
- «*Pedro Eanes de Cerdeyras*» (ano 1296, OSR2, nº 1246)

As Cerdeiras de Parada de Sil témolo nun apelido toponímico:

- «*o dito vigario Johán das Çerdeyras*» (ano 1364, MdR, AHN Clero, Cpta. 1496, nº 9)

É posible que a *Fonte Cerdeira* de Verín sexa a que atopamos en doc. do séc. XIII:

- «*aa fonte de Zerdeira*» (ano 1273, MdR, ACO Perg. Monac. nº 1103)

Outros topónimos medievais non identificados son os seguintes:

- «*deinde ad lamerium de Cerdeiras*» (ano 1245, RAM, nº 34)
- «*Johan Perez de Zerdeyras*» (ano 1291, OSR2, nº 1226)
- «*ás Cerdeyras Trabesas e hó marco que está a cerca de Soutelyño*» (ano 1461, VFD1, nº 82), etc.

Tampouco identificamos unha «*cortina do Cerdeyro*» (ano 1291, ROC, nº 42), preto da ribeira do Sil, nin un *Cerdeiro de Eiras* en Ramirás: «*de camino qui uenit de Penosinis ad cerdarium d'Eires ad sursum*» (ano 1246, RAM, nº 47); «*deinde per uiam de Cerdario de Eires*» (ano 1246, RAM, nº 45); «*qui iacet ad cerdarium de Eires*» (ano 1247, RAM, nº 49); «*medietatem unius terreni qui iacet ad Cerdarium de Eires*» (ano 1249, RAM, nº 71). Un topónimo *Campo Cerdeiro*, na zona de Monterrei: «*do padrón da Veyga que pasaua por Campo Cerdeyro, et vayse da outra parte ao monte do Ladayro*» (ano 1451, VFD1, nº 76), podería identificarse co actual *Cerdeiro*, en Verín; atopámolo tamén nunha referencia a unha «*carreira que vay para o cerdeiro*» (ano 1284, MdR, AHN Clero, Cpta. 1487, nº 2). Tampouco identificamos hoxe un topónimo co diminutivo *Cerdeiroas*: «*quomodo venit de carrale de Cersariolas et inde ad illa nugaria in ripa Fragoso*» (ano 1033, CLN, nº 137).

080.6. Cerdal, cerdeiral

Nos derivados en *-ALE* atopamos dúas formas. Unha probablemente máis antiga *Cerdal*, resultante de **cerzal* < CERESALE (nunha evolución paralela á de *cer'saria* > *cerdeira*) e outra con dupla sufixación, a partir do derivado en *-ARIA*: *Cerdeiral*. O primeiro con xénero feminino designaba a árbore (cf. o asturiano *cerezal*), como vemos na documentación antiga.

Esta forma *cersal* ou *cerzal*, correspondente ó actual *cerdal*, aparece só no latín de textos anteriores ó séc. XII:

- «*cersares, figares et nocarias*» (ano 889, CLN, nº 36)
- «*vineas, pumares, cersares, nogares, ficares, avellanares*» (ano 932, CLN, nº 163)
- «*cum manzanarias et ceresarias, preciata ipsa terra cum ipsas manzanarias et ipsas cersares*» (ano 947, CLN, nº 229)
- «*atque concedimus arbores, cersares, figares*» (ano 951, CLN, nº 176)
- «*illas cerasales et alio lovio qui iacet subtus nostro domo*» (ano 975-1009, CLN, nº 368)
- «*cersales una integra et alia media*» (ano 975-1011, CLN, nº 197)
- «*mea ratione in illa peraria et in illa cersaria*» (ano 1001, CLN, nº 359)
- «*in terras calvas, in vineas, pumares, cerasales, figares, perales, amesinares, arbores fructuosas, montes, fontes, pascuis, paludibus*» (ano 1004, CLN, nº 340)
- «*alio agro qui iacet super illas cerasales*» (ano 1005, CLN, 181)
- «*terras, vineas, pumares, cerasales, amexinales, perares vel omnium frondium arbusculis quos hic inveneritis in ipsos meos quiniones*» (ano 1005, CLN, nº 187)
- «*vineas, pumares, cerasares, ficares, manzanares, nucares*» (ano 1007, CLN, nº 203)
- «*vineis, pumares, ficares, cersares, nucares, amexinales*» (ano 1007, CLN, nº 203)
- «*ipsas vineas et de ipso pumare cum suas cerasares*» (ano 1008, CLN, nº 335)
- «*et una cersale integra*» (ano 1009, CLN, nº 195)
- «*damus vobis illa cum suas arbores cerasales et mazanares*» (ano 1016, CLN, nº 313)
- «*terras cultas et barbaras, pumares, cersares, vineas, saltos*» (ano 1026, CLN, nº 32)

«*terras, sautos, pumares, cersares vel quantum ad prestitum hominis est*» (ano 1036, CLN, nº 19)
 «*pumares, ceresares, ficares, saltos, devesas, montes, fontes, pascuis, paludibus*» (ano 1043, CLN, 245), etc.

Na toponimia do territorio estudo atopamos:

Cerdal, EdP en Gomesende
Cerdal de Abaixo, EdP na Bola
Cerdal de Arriba, EdP na Bola

O da Bola aparece como apelido toponímico en

«*Fernando do Çerdal*» (ano 1519, VFD1, nº 120)
 «*Aluaro do Çerdal*» (ano 1520, VFD1, nº 127).

Fóra destes, o NG non recolle ningún outro. No DCP figura 1 **Cerdal**.

O resultado do derivado por dupla sufixación en -ARI-ALE ten valor colectivo. Na toponimia do territorio estudo temos un único exemplo en:

Cerdeiral, EdP en Cortegada

O NG recolle 3 (**O**) **Cerdeiral** na Estrada, Salvaterra de Miño e Viveiro.

080.7. Cereda, cerdedo

Resultan problemáticos os derivados co sufixo correspondente a -ÉTU, -ÉTA, pois os fenómenos de asimilación e disimilación de sibilantes provocan confluencia dos topónimos procedentes de CER(E)SÉTU, CER(E)SÉTA, pertencentes a este tema léxico, cos de CERCÉTU, CERCÉTA, derivados de *cercus* (< latín clásico *quercus*) (vid. 082, *cerquiño*). A alteración da segunda sibilante en -d- que vimos en *cersal* > *cerdal* e en *cersaria* > *cerdeira*, vese reforzada nestes derivados pola asimilación á consoante do sufixo -edo, -eda para dar o resultado *Cerdedo*, *Cereda*. A confluencia produciuse probablemente en época moi temperá, polo que a documentación medieval de que dispomos non sempre é suficiente para distinguir, entre os topónimos que presentan ese resultado, os relativos a *cerasus* e os relativos a *quercus*. En principio podemos considerar derivados de CERASUS os topónimos que aparecen nos documentos con sonora (*cerzetu*, *cerzedo*), pero a variabilidade das grafías medievais para a representación das sibilantes non sempre ofrece garantía.

Outras formas semellantes, *Cercedo*, *Cerceda*, considerámolas, tal como se vén admitindo tradicionalmente, como derivadas de *quercus* (vid. 082), mais

tamén neste caso cómpre ser cauteloso, pois a partir de CER(E)SĒTU cabe tamén un resultado *cercedo*, se a asimilación é exercida pola consoante inicial.

Un *Cerdedo* que documentamos como *Cersetu*, *Cerzetu*, *Cerezedo* (vid. infra), ha de corresponder moi probablemente a CER(E)SĒTU, mentres que un *Cerdeda* que documentamos como *Cerceda* no século IX (o que levaría a pensar que deriva de CERCUS), figura como *Cerzedo* (e tamén *Cerceda* e *Cerdeda*) no século XIII, o que nos volve sumir na dúbida.

No territorio estudiado recollemos os seguintes:

Cerdedo, EdP en Ramirás

Cerdedo, EdP en Celanova

Cerdedo, EdP en Muíños

Cerdedo, Edp(n) en Coles (M188-3)

Cerdedo, PnH na Gudiña (M266-3)

E cos sufixos diminutivos procedentes de *-īNU* e *-ĒLLU*:

Cerdediño EdP en Ramirás

Cerdeñelo Edp e parr. (*Santa María*) en Laza

Estación de Cerdedelo, Edp(n) en Laza (M265-1)

O NG recolle *Cerdedo* en Cerdedo (lugar, parr. e concello), *Cerdido* en Ourolo e *Cerdido* en Cerdido (parr. e concello). O feminino *Cerdeda* dá nome a unha parroquia en Taboada. O diminutivo témolo en *Cerdeñelo*, en Mos, e probablemente en *Cerdeño*, en Aranga, que podería ser haploloxía de *Cerdeñelo*. O DCP recolle 3 *Cerdedo*.

Crespo Pozo interpreta o *Cerdeñelo* de Mos como derivado de «quercetum, encinar, lugar poblado de encinas» mediante «una asimilación de la primera *d* a la segunda» (Crespo Pozo, 1970, p. 345), mais non se apoia en documentación antiga, polo que xunto con *quercetum* (ou máis propiamente a variante vulgar *cercetum*) debemos admitir tamén a posibilidade alternativa dun étimo *cer(e)setum*.

O topónimo *Cerdedo* de Muíños atopámolo en documentos do séc. XI que parecen confirmar a súa pertenza ó tema de CERASUS:

«*In Cerseto hereditas de Sesmondo*» (s.d., ca. ano 1000, CLN, nº 82)

«*In Cerzeto hereditate que fuit de Florenzo*» (ano 1024, CLN, nº 281)

«*in Cerezedo erdade que fuit de Adaulfo*» (ano 1074, CLN, nº 278).

Para o *Cerdeda* de Taboada alternan na documentación antiga *Cerceda*, *Cerzedo* e *Cerdeda*:

«*Cerceda, ecclia. in Asma*» (ano 897, *Lvcensia*, p. 147)

«*sancta Maria de Cerzedo*» (ano 1238, OSR1, nº 436)

«*in parrochia sancte Marie de Cerceda in terra de Asma*» (ano 1254, OSR1, nº 718)

«*Garcia lohannis prelatus ecclesie de Cerdeda*» (ano 1257, OSR2, nº 796a)

«*et alterum in Cerzedo*» (ano 1263, OSR2, nº 902)

«*villa que chaman Cerzedo*» (ano 1267, OSR2, nº 945)

Non dispomos de documentación suficiente para confirmar se pertence a este tema ou ó de *quercus* o nome do concello e vila de **Cerdedo**, en Terra de Montes:

«*in locis qui vocantur Cerdedo*» (ano 1223, OSR1, nº 234)
 «*Cerdedo*» (ano 1300, OSR2, nº 1304).

O mesmo podemos dicir do lugar de **Cerdedo** en Ramirás:

«*o nosso casal de Cerdedo en que mora Johan Fernandes*» (ano 1292, RAM, nº 241).

E doutros topónimos **Cerdedo** medievais non identificados hoxe:

«*in supradictis locis de Cerdedo et de Castrelo*» (ano 1223, OSR1, nº 234)
 «*et a nossa cortina de Cerdedo*» (ano 1306, OSR2, nº 1334)
 «*o Cerdedo, que ias asua vila de Souto*» (ano 1356, ROC, nº 98)
 «*lugar de Cerdedo*» e «*herdade do Cerdedo*» (ano 1362, RdS, nº 82).

O lugar de **Cerdeñedo** en Laza rexistrámolo con diferentes grafías. A máis antiga leva a pensar nun étimo CER(E)STU:

«*de mea tia in Cerzedelo mea ratione*» (ano 985, CLN, nº 462)
 «*ho meu casal de Cerdedelo*» (ano 1290, HGP, nº 58)
 «*en Cerdedelo*» (ano 1322, MdR, AHN Clero, Cpta. 1492, nº 8)

080.8. Cerdeiredo

Un derivado con dupla sufixación en –ARIA + –ĒTU, ou tal vez un derivado romance ou protorromance a partir de *cerdeira*, é **Cerdeiredo**. Non recollemos ningún exemplo no territorio estudiado.

No NG figura **Cerdeiredo** (2 tops.) na Cañiza.

081. cerro

Lemos en Sarmiento: «Hay un árbol, que en castellano se llama *mesto*, al cual los diccionarios castellanos llaman *cerrus* (...). Este árbol *cerrus* es conocido e indisputable en los libros. Es especie de roble, cuyas bellotas tienen su cáliz espinoso. Pero dudo que *cerrus* sea el *mesto*. Fúndome en que el nombre *cerrus* se conserva hoy. En las montañas de León hay un árbol glandífero al cual llaman *serriego* o *cerriego* (...). Este cerriego es sin duda el *Cerrus glandifera*» (Pensado Tomé, 1982, 457; *Vegetables*, 319). É posible que a inicial identificación que fai Sarmiento do *cerro* co *mesto* teña orixe na confusión das denominacións leonesas *serriego* e *sapiego*, esta última si correspondente ó castelán *mesto* (vid. 075.9 *Cepegal*, *cepegosa*). Non sabemos se existiu en Galicia algunha

denominación botánica derivada dese lat. CERRUS para algunha variedade de carballo, xénero *Quercus*. Os topónimos en que aparentemente está presente este nome poderían ter orixe diferente: ou ben formas relacionadas co lat. CIRRUS (> *cerro*) ‘lombo dun monte’, ‘espiñazo dun animal’ (de onde *cerrizo* ‘soá’), ou ben co verbo *cerrar* < SERARE (cf. *cierro* en Asturias ‘cercado’, DCECH, II, 51, e cf. *zorra* noutras árees, como equivalente de *chousa*). Non obstante, os derivados mediante o sufijo correspondente a -ÉTU, -ÉTA, tan habitual na fitonimia, obríganos a considerar esta posibilidade.

O *Quercus cerris* é unha especie característica do Mediterráneo central e oriental, mais na Península Ibérica tamén se dá espontaneamente nas rexións setentrionais e centrais. Deste feito parte Menéndez Pidal para explicar os topónimos galegos e asturianos **Cerredo** como colectivos do nome dunha especie de carballo, emparentado co it. *cerro*, rum. *cer*, alb. *kar*, árabe *querrus* (Menéndez Pidal, *Orígenes*, 408-409). Segue esta opinión A. Palacio, quen resume a opinión de Pidal: «los **Cerredo** asturianos y gallegos no tendrán nada que ver con *cerro* ‘elevación de tierra aislada menos considerable que una montaña’, que es voz desconocida en Galicia y cuya área geográfica no coincide con los topónimos citados. Por otra parte, el sufijo -edo es colectivo y suele unirse a los fitónimos» (Palacio 1981, 225). Se nos derivados en -edo podemos supor unha orixe fitonímica, non temos esa certeza nas formas simples, pois aínda negando a existencia do *cerro* oronímico en Galicia debemos admitir a posibilidade de que esos topónimos pertenzan á familia léxica de *cerrar*. Palacio interpreta como fitopónimo un **Cerro Redondo** de Pantón.

No territorio estudiado temos a forma simple en:

Cerro Valcovo, PnH en Boborás (M186-2)

Cerro da Vexiga, PnH en Rubiá (M191-3)

O Cerro, PnH en Parada de Sil (M188-4)

O NG recolle un lugar chamado **Cerro** en Irixoa. Na documentación antiga atopamos un plural **Os Cerros**: «Item nos Cerros outra leyra en Codesal» (ano 1436, FDU, nº 304).

No DCP figuran 52 **Cerro**, 1 **Cerros**, 1 **Cerrinho**.

Temos un aparente derivado diminutivo en:

O Lombo da Cerrica, PnH en Riós e Castrelo do Val (M265-4)

que polo seu xénero feminino non ha de ser fitonímico. Presenta o sufijo -ico, diminutivo, característico dalgunhas árees da zona oriental da provincia (Alonso Núñez, 1996; cf. *Os Bidulicos*).

Os derivados en -ÉTU, -ÉTA si é probable que sexan fitonímicos:

- Cerreda*, EdP e parr. (*Santiago*) en Nogueira de Ramuín
Vilar de Cerreda, EdP e parr. (*Santa Baia*) en Nogueira de Ramuín
Cerredelo, EdP en Sandiás
A Cerreda, PnH en Porto (M266-2, 228-4)
Pena Cerreda, PnH en Parada de Sil (M188-4)
Cerredo, PnH en San Xoán de Río (M189-4)
Cerredos, PnH en San Xoán de Río (M189-4)
O Cerredo, PnH na Pobra de Brollón (M227-2)
Regueiro de Cerredo, CdA en Quiroga (M190-1)

O NG recolle *Cerreda* en Baleira e 3 *Cerredo* na Fonsagrada, Lalín e Navia de Suarna.

Na documentación medieval atopamos adoito referencias ós *Cerreda* de Nogueira de Ramuín e ó *Val de Cerreda*, formado polas parroquias de *Cerreda* e *Vilar de Cerreda*:

- «*hereditate mea quam habeo in Cerreda*» (ano 1163, RdS, nº 2)
 «*homines de Valle de Cerreda*» (ano 1220, RdS, nº 22)
 «*ecclesiam de Cerreta cum Capella*» (ano 1247, RdS, nº 44)
 «*ego Maria Iohannis de Çerreda*» (ano 1264, RdS, nº 49)
 «*in vila de Çerreda*» (ano 1264, RdS, nº 49)
 «*Pero Cerreda*» (ano 1313, MdR, AHN Clero, Cpta. 1490, nº 9)
 «*Domingo Afonso morador eno Val de Çerreda*» (ano 1362, RdS, nº 82)
 «*contra Çerreda*» (ano 1407, RdS, nº 109)
 «*suu sygno de Santiago de Çerreda*» (ano 1407, RdS, nº 109)
 «*et de Santa Vaya e de Santiago de Çerreda*» (ano 1418, RdS, nº 124)
 «*sub signo de Santa Vaya de Cerreda*» (ano 1418, RdS, nº 124)
 «*Ares Mourino, morador en Çerreda*» (ano 1421, RdS, nº 132)
 «*sub signo de Santa Vaya de Vilar de Çerreda*» (ano 1421, RdS, nº 133)
 «*sub signo de Santa Vaya de Vilar de Çerreda*» (ano 1422, RdS, nº 134)
 «*do Val de Çerreda*» (ano 1422, RdS, nº 134)
 «*moradores ena aldea de Çerreda*» (ano 1431, RdS, nº 153)
 «*Juan Fernández de Vilouixe clérigo de Vilar de Cerreda*» (ano 1434, RdS, nº 159)
 «*Fernando de Çerreda*» (ano 1437, MdR, AHN Clero, Cpta. 1500, nº 15)
 «*por tega dereita do Val de Çerreda*» (ano 1439, RdS, nº 75)
 «*Afonso de Çerreda*» (ano 1486, MdR, AHN Clero, Cpta. 1504, nº 16)

Cerredelo, en Sandiás, contén un diminutivo en -ÉLLU. Atopámolo en uso antropónimo na mesma zona nun

- «*Cerredelo, veziño de Vilariño das Poldras*» (ano 1510, VFD1, nº 116)

Cerredo, en Lalín:

- «*ho meu quiñõ do trigo de Çerredo*» (ano 1348, HGP, nº 72)
 «*Martin Lourenço de Çerredo*» (ano 1348, HGP, nº 71)

E outros topónimos non identificados hoxe:

«*locus dicitur Petra, quomodo diuiditur per Serredum*» (ano 1253, RAM, nº 101)
 «*uos damos a peça da Cerreda & o noso moyno do Burgo*» (ano 1360, HGP, nº 73)

O nome dun lugar chamado

Cerradao, EdP no Pereiro de Aguiar

ha de ser un xentilicio en **-ANO** derivado do veciño topónimo *Cerreda*.

Unha posible denominación galega **cerrego*, paralela do *cerriego* leonés mencionado por Sarmiento, podería estar na base do topónimo

O Zarraguedo, PnH en Viana do Bolo

Que constituiría un derviado colectivo en **-ÉTU** (**Cerreguedo*)

082. *cerquiño, cerqueiro*

Non temos constancia da existencia en galego dun substantivo *cerc*o procedente do latín vulgar CERCUS OU CERQ(U)US (lat. clas. QUERCUS) para designar unha variedade de carballo, denominación paralela doutros nomes peninsulares para especies semellantes (DCECH, II, 358, s.v. *chilca*). Só E. Rivas dá noticia dun *cerc*o que define como «Clase de roble, roble albar» (*Frampas I*, 1978, s.v.). O que non falta nos dicionarios é o derivado *cerquiño*, que é denominación común da especie *Quercus pyrenaica*, sinónimo de *cerqueiro, rebolo, carballo negro* ou *carballo mouro* (VCN, 113). En portugués recibe o nome de *carvalho cerquinho* esta especie (Sampaio, *Flora*, 147). O nome deriva do lat. QUERCUS, como soubo ver Sarmiento (*Catálogo*, A44v), aínda que a partir dunha variante lat. vg. CERCUS OU CERQ(U)US (DCECH, ibid.), cun sufijo procedente de **-INUS** ou de **-INÉUS**. A ausencia destas formas na toponimia das provincias de Ourense e Lugo fainos sospeitar que se trata dunha denominación eminentemente occidental, como amosa a localización dos topónimos que reseñamos (vid. mapa no Apéndice).

082.1. Cerquiño

Recollemos só un exemplo da forma simple, no habitual uso adxectivo acompañando ó substantivo *carballo*, no extremo occidental do territorio estudiado:

Cima de Carballo Cerquiño, PnH en Beariz e A Lama (M-186-2)

No DCP figura 1 *Cerquinho* e 2 femininos *Cerquinha* que deben de ser derivados de *cerca* ‘valado, cerrume’.

082.2. Cerquedo, cerqueda, cercedo, cerceda

O NG recolle exemplos das formas correspondentes a CERQUĒTU, CERQUĒTA en *Cerqueda*, parr. e lugar en Malpica, *Cerquides* en Lousame (que interpretamos como *Cerquidas*, con palatalización do *a* final, dun xeito semellante a outros fitónimos en *-ida > -ide*), *Cerquido* en Salceda de Caselas e *O Cerquido* no Porriño. Non rexistramos ningún exemplo paralelo no territorio estudiado.

O DCP rexistra 3 *Cerqueda*, 2 *Cerquido* e un diminutivo *Cerquidelo*.

Os topónimos que remontan a CERCĒTU, CERCĒTA poden confluír na súa forma cos procedentes de CER(E)SĒTU, CER(E)SĒTA nos resultados *Cercedo*, *-eda* e *Ceredo*, *-eda*. Non recollemos no territorio estudiado ningún exemplo dos primeiros; os segundos vímolo no capítulo de *cerasus*, áinda que non sempre teñamos certeza de que pertencen a ese tema léxico (080.7). O NG recolle noutras zonas de Galicia 7 *Cerceda*, no concello así chamado (lugar e parroquia), O Corgo (lugar e parroquia), O Pino (lugar e parroquia), 4 *Cercedo* en Coristanco, Guitiriz e Ordes (2 tops.), *Cercido* na Laracha e *O Cercido* na Estrada.

O lugar e concello de *Cerdido* rexistrámolo como apelido toponímico con tres variantes gráficas:

- «*Fernan Perez de Cirçido*» (ano 1267, OSR2, nº 942)
- «*Fernan Pereç de Circido*» (ano 1268, OSR2, nº 955)
- «*Pedro Iohannis de Cirdido*» (ano 1267, OSR2, nº 942)
- «*Pedro lohannis de Circido*» (ano 1268, OSR2, nº 955).

Os dous últimos corresponden á mesma persoa, monxe de Oseira.

Unha antiga parroquia denominada *Cercedelo*, que lemos nun texto medieval: «*ena fligesja de Sam Payo de Çerçedello, en Amarelle, hūu casal*» (ano 1352, TzS, fol 56v), é probablemente a actual parroquia de San Paio de Sabugueira (A Lavacolla, Santiago).

082.3. Cerqueiro, cerqueira

O NG rexistra derivados correspondentes a CERQUARIU / CERCARIU, CERQUARIA / CERCARIA noutras áreas de Galicia: 4 *Cerqueiro* en Tui, Vigo (2 tops.) e Vilaboa; *Cerqueiros* en Monfero; 2 *A Cerqueira* na Estrada e na Laracha; 2 co plural *As Cerqueiras* en Cereda e na Laracha e outro *Cerqueiras* en Rianxo.

É posible que algunha destas formas non sexa fitonímica e garde relación con CIRCA ou *cerca*.

O DCP recolle 2 *Cerqueira*.

082.4. Cerqueiral

Derivados das formas precedentes por medio do sufijo correspondente a -ALE son 2 *O Cerqueiral*, que recolle o NG en Xermade e Salceda de Caselas, e un plural *Cerqueirás* (2 tops. *C. de Arriba* e *C. de Abaixo*), en Coristanco.

No DCP figuran 3 *Cerqueiral*.

083. *chagazo, chougazo, chaguazo*

Sarmiento recolle *chagazo* e *chougazo* como sinónimos de *carpaza* (*Cistus hirsutus*, VCN, 112) e equivalentes do castelán *estepa* ou *jara* (xénero *Cistus*): «...la planta que daba las poutegas era de flor amarilla, y que se llamaba *chagazo* (...). A la misma planta que llamó el chico *chagaso* y otros *carpaza*, llaman en Pontevedra *carrasca* y *carroucha*» (*Vegetables*, 623). «*Chagazo* (...) acaso del nombre *xarguazo* castellano, que Clusio da al *cistus ledon*» (*Vegetables*, 870); «*Chougazo*. La carpaza amarilla hacia Rocas, que hacia Chouzán llamaron *chagazo*» (*Vegetables*, 1370). Noutro lugar localiza en Chantada a denominación *chagazo* (Pensado, 1974, 121). Sarmiento relaciona estes nomes galegos cos portugueses *çargazo* e *çargaza* (*Vegetables*, 623), que Pensado toma erradamente por formas galegas (Pensado, 1974, pp. 121-122):

O eminent filólogo galego escribe «...hay que consignar la existencia de *çargazo*, *çargaza*, como nombres de la estepa macho y hembra, hasta hoy desconocidos para el gall., aunque no para el port. No tenemos datos para saber qué es lo que pretendía escribir Sarmiento con la grafía ç, pero sospechamos que intentaba representar un sonido diferente de la s y de la z comunes al gall. de su época» (1974, p. 122). Realmente Sarmiento só reproducía a grafía portuguesa. Transcribimos a continuación o texto de Sarmiento enteiro, marcando entre corchetes o fragmento que omite Pensado (en 1974, p. 121), o que o leva a interpretar erradamente o texto. Tomámolo da edición do propio Pensado:

«*Chagazo*. Un muchacho de hacia Riazó me dijo que la planta que daba las poute-gas era de flor amarilla, y que se llamaba [*chagazo*. Cotéjese con el portugués que llama] *çargazo*, y *çargaza* a la estepa macho y hembra. Hayla en Pontevedra hacia Campañó, y la vio el dicho muchacho, y yo la cogí. A la misma planta que llamó el chico *chagaso* y otros *carpaza*, llaman en Pontevedra *carrasca* y *carroucha*». (Sarmiento, *Vegetables*, 623).

Sobreira rexistra a variante *chaguazo* (Pensado, 1974, p. 121). Crespo Pozo inclúe *chougazo* entre as equivalencias do cast. *brezo* e localiza esa forma en Ourense (NCVCG, I, 212), e entre as de *cisto* (NCVCG, I, 317) recolle *zoungazo* e localíza en Lobios.

O profesor J. M. Piel, que se ocupou da etimoloxía das formas portuguesas e da súa presenza na toponimia (1953a, pp. 89-93), apunta a unha orixe árabe para *chaguarço*. Nas formas do tipo *sargaço* ven outros autores parentesco co lat. SALÍCE ‘salgueiro’ a partir dun derivado *SALICACĒU (Pensado, 1974, p. 122), mais non vemos que relación pode haber entre os salgueiros e os cistos ou carpazas. Eladio Rodríguez recolle *chaguazoso*,^{-sa} como adjetivo e defineo así «Dícese del terreno en que hai agua casi todo el año. || Aguacento.» (DEGC, I, 704). Descoñecemos se responde a unha acepción viva na fala ou deriva dunha falsa interpretación da relación con *auga* / *agua* de topónimos como *Chaguazoso*.

Fóra dos topónimos que aquí recollemos, non coñecemos na toponimia de Galicia outros derivados destas formas. Tampouco atopamos ningún na toponimia portuguesa do DCP.

083.1. Chagazo

É a forma que Sarmiento localiza «hacia Chouzán» (*Vegetables*, 1370). Témola en dous derivados cos sufíxos correspondentes a *-ARIA*, *-ARIU*:

- Chagaceira*, Edp(n) en Vilamarín (M187-2)
Chagaceiro, PnH na Peroxa (M-1881)

083.2. Chaguazo

É unha das formas recollidas por Sobreira como sinónimos de *carpaza* (*Botánica*, 50r). Témola nunha forma simple feminina coa consoante inicial desafricada (Piel, 1968a, II, 183) e en derivados cos sufíxos correspondentes a *-ĒTU*, *-ŌSU* e nun plural en *-ALES*:

- O Chaguacedo*, EdP en Castro Caldelas
Chaguazoso (*San Bernabeu*), parr. en Vilariño de Conso
Chaguazoso (*Santiago*), parroquia na Mezquita
Regueiro de Chaguazoso, CdA na Mezquita (M304-1)
Chaguazais, PnH en Hermisende (M304-2)

E talvez teñamos unha variante con diferente consoante incial no topónimo *Xagoaza* EdP e parr. (*San Miguel*) no Barco de Valdeorras

083.3. Chougazo

Chougazo é a denominación que Sarmiento localiza «hacia Rocas» (*Vegetables*, 1370) e Crespo Pozo en Ourense (NCVCG, I, 212). Témola en:

Chougaceiros, PnH en Xunqueira de Ambía (M226-3)

083.4. Zargazo

É Sarmiento quen proporciona a información de que o portugués «llama *cargazo*, y *cargaza* a la estepa macho y hembra» (*Vegetables*, 623). Os dicionarios portugueses só recollen para *sargaço* a acepción común que se refire a certo tipo de alga mariña; con outros significados botánicos, entre eles o que o fai sinónimo das formas galegas que acabamos de ver, é un «provincianismo beirão» (Piel 1953a, 90).

Atopamos un derivado en –ALES dunha forma *zargazo*, paralela do portugués *sargaço*, en

Zargazás, PnH en Cualedro (M302-4)

No DCP hai 2 *Sargaça*, 2 *Sargaçal*, 1 *Sargaceira*.

084. *chamizo*

Os dicionarios recollen un substantivo *chamiza* cun significado botánico de «especie de junco bravo que nace y crece en tierras aguanosas» (DECIG, I, 706) e o correspondente masculino *chamizo* como «tizón o leño medio quemado y ennegrecido por el fuego» e «ganzo, especie de gamón (...) con cuyos tallos se alumbran las gentes pobres» (id. ibid). A presenza destes temas léxicos na toponimia ten un significado botánico xenérico, pois alude a lugares onde se procuraban guizos para alumbar ou para o lume, procedentes de diferentes especies vexetais. A vinculación co lume está nos propios étimos FLAMMīCĒA, FLAMMīCĒU, derivados de FLAMMA ‘chama’.

No territorio estudiado temos un exemplo coa forma simple en

Camiño de Chamizas, PnH en Baltar (M302-1)

Rexistrámolo como apelido nun «*Fernandus Petri Chamizo*» (ano 1243, OSR1, nº 524), seguramente un sobrenome alusivo á cor escura da pel. Non hai no NG topónimos semellantes; no DCP figura un masculino *Chamiço*.

E un derivado colectivo en –ALE:

O Chamizal, PnH en Boborás (M186-2)

O DCP recolle un **Chamiçal**.

E. Rodríguez define un derivado en –ARIA *chamiceira* como «chamicera, pedazo de monte con la leña medio quemada por acción del fuego» (DEGC, I, 706). Temos esta forma en

A Chamiceira, PnH en Cualedro (M302-2)

O DCP recolle un **Chamiceira**.

Tamén poderían ter significado fitonímico, se cadra alusivo a lugares onde se ía buscar material para o lume, diferentes topónimos aparentemente derivados de FLAMMA co sufijo adxectival –ÓSU, ÓSA:

Chamoso, EdP en Parada de Sil

Chamosiños, EdP e parr. (*Santa Baia*) en Trasmiras

Chamosiños ou **Chamusiños**, PnH en Cualedro (M264-4)

O segundo ten a variante gráfica **Chamusiños**. O NG recolle, ademais, 6 **Chamoso**, 4 no Corgo (3 parr., *Santo André*, *San Bartolomeu* e *San Cristovo de Chamoso*, e 1 lug.), e outros 2 en Fene. No DCP figuran 2 **Chamosinhos**.

A parroquia de Trasmiras témola na documentación antiga como apellido toponímico en

«*Pero Sanches de Chamossinos*» (ano 1329, VFD1, nº 48)

«*Pero Seuane de Chamoosinus que ora mora en Lobaçes*» (ano 1400, MdR, AHN Clero, C. 1498, nº 10)

En Portugal rexistramos un **Chão das Chamosinas** en 1258 (OM, 81).

Algúns dos anteriores poden ser xentilicios relativos ó territorio medieval de Chamoso, en Lugo. Outros derivados de FLAMMA poderían aludir a terreos queimados ou ben ter significados fitonímicos semellantes ós anteriores. O NG recolle **Chamusco** na Laracha e 2 **Chamusqueira** neste mesmo concello e no de Carballo. No DCP figuran 9 **Chamusca**.

085. cidrón

Non recollemos ningún exemplo de **Cidral**, **Cidrás**, **Cidreira** semellante ós doutras áreas de Galicia (Rivas, 1982, 161), que son fitotopónimos derivados do substantivo latino CÍTRUS ou o advx. CÍTRĒUS. Palacio relaciona cunha denominación *cidrón* ('limón' en XLF) para designar a *herba luísa*, aboada por Colmeiro, debida ó cheiro a limón desta planta (xén *Lippia*, VCN, 130), un topónimo

menor de Pantón **Moncidrón** (Palacio 1981, 303). A mesma explicación podería darse ó nome de

Cacidrón, EdP en Castro Caldelas

aínda que semella máis ben un antropónimo se o primeiro elemento é *ca-* < CASA. Pero non atopamos non repertorios onomásticos un nome *CITRONE ou semellante que dea razón dese topónimo.

No DCP hai 7 **Cidral**, 2 **Cidreira**, 1 **Cidreiro**.

086. *coaño*

Coaño é voz común co significado de «tamo, paja muy menuda que queda entre los granos de algunos cereales después de trillados y separados de la espiga» (DEGC, I, 562). Dado o significado, parece un derivado do verbo latino COLARE. Está presente en

O Coaño, PnH en Rairiz de Veiga e Vilar de Santos (M264-3)

Os Coaños, PnH en Vilar de Santos (M264-3)

087. *codeso*

O nome de *codeso* aplícase en galego, portugués (*codesso*) e castelán a varias plantas leguminosas do xénero *Adenocarpus* e *Cytisus* (VCN, 114; Sampaio, *Flora*, 273), semellantes ás xestas. As formas romances esixen un étimo en latín vulgar *CŪT̄SUS, en lugar do clásico CYT̄SUS, procedente este do grego χυτίσος (DCECH, II, 116b). O cambio de acento e mailo *s* xordo do portugués *codesso* explícaos Schuchardt por influencia doutros fitónimos como CUPRESSUS e NARCISSUS (cit. por Corominas, DCECH, 117a).

087.1. Codeso

Temos a forma simple do nome da planta en:

Casa do Codeso, PnH en Hermisende (M304-2)

Outeiro do Codeso, PnH en Calvos de Randín (M301-4)

Os Codesos, PnH en Sandiás (M264-1)

O NG recolle 8 (*O*) **Codeso** en Boqueixón (parr.), Cee, Cesuras, Curtis, A Estrada, Guitiriz, Rois e Xermade. No DCP hai 2 **Codezzos**.

Atopamos na documentación medieval un topónimo co derivado diminutivo **Os Codesiños**, non localizado hoxe: «item nos **Codesinos** huun brito» (ano 1438, FDU, nº

314). A parroquia de **Codeso** en Boqueixón rexistrámola nun texto do séc. XV: «*quarta sine cura parte sancte Eolalie de Codesso*» (ano 1492, FDU, nº 368).

087.2. Codeseira

Recollemos os seguintes compostos co sufijo –EIRA:

- A Codeseira**, PnH en Avión (M186-2)
- A Codeseira**, PnH en Carballeda de Avia (M224-2)
- A Codeseira**, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
- A Codeseira**, PnH en Ramirás (M225-3)
- A Codeseira**, PnH en Sandiás (M264-1)
- Corga da Codeseira**, CdA en Padrenda (M263-1)

O NG recolle 3 (**A**) **Codeseira** en Arzúa, Cesuras e Silleda, e o plural **Codeseiras** en Coristanco e Monforte de Lemos. No DCP contamos 9 **Codesseira**, 1 **Codesseirinha**, 1 **Codesseiras**, 1 **Codesseiro**, ademais dun **Codixeira** que podería ter a mesma orixe. Un destes rexístrase como **Codessaria** no séc. XIII (OM, 87)

087.3. Codesal

O derivado co sufijo correspondente a –ALE está presente en:

- Codesal**, PnH en Castrelo do Val (M303-1)
- O Codesal**, Edp(n) en Esgos (M226-1)
- O Codesal**, PnH en Lobeira (M263-3)
- O Codesal**, PnH en Montederramo (M189-3)
- O Codesal**, PnH na Veiga (M228-4)
- Codesás**, EdP en Melón
- Penas de Codesás**, PnH en Verín na raia con Portugal (M303-3)

O NG recolle 5 (**O**) **Codesal** nos Concellos da Estrada, Guitiriz, Narón, Sanxenxo e Tordoia e 4 **Codesás** na Capela, Forcarei, Salvaterra de Miño e Toques. No DCP figuran 11 **Codessal**, 6 **Codessais**.

Rexistramos o topónimo **Codesás** de Melón no séc. XIII: «*et incipit in rium de Brul et intestat in carrilem de Codessaes*» (ano 1257, OSR2, nº 785). Acaso faga referencia a este mesmo topónimo unha **Viña dos Codesás** rexistrada nun documento que en tempos se tivo polo máis antigo redactado en galego: «*a mina vina dos Codessaes para a mesa dos clericos*» (ano 1230, OSR1, nº 325) e tamén «*in Francellos in loco qui dicitur Codessaes*» (ano 1257, OSR2, nº 780); «*quandam nostram vineam que iacet in Francellos, in loco qui dicitur Codessaes*» (ano 1257, OSR2, nº 785).

O lugar de **Codesal** de Tordoia atopámolo documentado no XV: «*Item nos Cerros outra leyra en Codesal*» (ano 1436, FDU, nº 304). En Portugal documéntanse varios **Codesal**, **Codessal** en 1258 (OM, 86, 87).

087.4. Codesedo, codeseda

Temos derivados cos sufíxos *-edo*, *-eda* en:

Codosedo EdP e parr. (*Santa María*) en Sarreaus

Codeseda, EdP en Amoeiro

Codesedo, EdP na Peroxa

Codesedo, PnH en Beariz e Forcarei (M153-4)

Codesedo, PnH en Vilariño de Conso (M227-4)

O primeiro, con alteración vocálica da pretónica, figura como *Codesedo* no Madoz (1845).

O NG recolle lugares chamados **Codeseda** na Estrada (lugar e parroquia), Lalín, Ordes, Palas de Rei e Salvaterra. **Codesedas** en Santiago. **Codesedo** en Santa Comba. **Codesido** en Boimorto, Coristanco, O Incio, Rois e Vilalba (nome de parroquia). No DCP figuran 3 **Codeseda**.

Atopamos o **Codosedo** de Sarreaus como feminino nun texto do séc. X: «*in caput Limie Villare et Codesseta*» (ano 950, CLN, nº 7), e como **Codesedo** en: «*a dos ffreyres de Codessedo*» (ano 1285, MdR, AHN Clero, Cpta. 1491, nº 1); «*Pero Martiis, escudeyro de Codessedo*» (ano 1324, MdR, AHN Clero, Cpta. 1492, nº 12); «**Codesedo**» (ano 1324, MdR, AHN Clero, Cpta. 1492, nº 13).

O **Codeseda** da Estrada: «*mando corpus meum sepeliri in cimiterio de Codesseda*» (ano 1263, OSR2, nº 903); «*Jtem en Codeseda, hūu cassal pobrado*» (ano 1352, TzS, fol 23r). O **Codesedas** de Santiago rexistrámolo en singular, o mesmo có nome da parroquia a que pertence, coñecida hoxe como Figueiras: «*Jtem dous cassares de herdade, hūu en Carualal et o outro en Codeseda*» (ano 1352, TzS, fol 20r); «*Jtem en Codeseda, fligesja de Santa María de Figeyra*» (ano 1352, TzS, fol 43v); «**Codeseda, fligesja de Santa María de Figeyra**» (ano 1352, TzS, fol 67r). Outros tops. idénticos non identificados atopámolos en: «*cum larea de Lama Monnio, quomodo vadit ad fundum rivuli et cum aliis tribus lareis de Condesseda [sic]*», «*cum omni hereditate de ipso loco de Codesseda*» (ano 1256, OSR1, nº 768).

Cortesão rexistra en 1258 **Codeseda**, **Codessido** e **Codosedo** (OM, 86, 87), este último coa mesma alteración da vogal pretónica que vimos no **Codosedo** de Sarreaus.

087.5. Codesoso

Non rexistramos no territorio estudiado ningún derivado por medio do sufíxo *-oso*, comparable ó nome da parroquia de **Codesoso** no concello de Sobrado, que está presente tamén nos lugares de **Fondo de Codesoso** e **Codesoso do Monte**, ámbolos dous na mesma parroquia.

O DCP recolle 5 **Codessoso** e 1 **Codessosa**. O primeiro documéntase como **Codesoso** en 958, o segundo coa grafía actual en 1228 (OM, 87).

088. *col, couve, coia*

No territorio estudo conviven varios resultados do latín CAULE para denominar a verza, *Brassica oleracea*. Crespo Pozo dá, entre outros, os de *coia* (en Xunqueira de Ambía), *coeiro* (en Barcia), *col* (“moi común”) e *couveiro* (“nalgúnhas partes”). E ademais *couceiro*, *couveiro*, *cobilleiro* e *coio* como talo da verza (os primeiros “nalgúnhas partes”, o terceiro en Vilardevós, o cuarto en Rubiá). A estes podemos engadir os de *couve*, *couva* e *coella* que dá Eladio Rodríguez (DEGC, I, 568 e 665), quen di deste último que «generalmente se nombra en pl., *coellas*, denominación que es comunísima en la provincia de Orense y otras comarcas». Os derivados desta última forma presentes na toponimia confúndense con zootopónimos derivados de *coello*.

Temos a forma simple *coia* en

As Cortiñas das Coias, PnH en Monterrei (M303-1)

Nos derivados en *-eiro*, *-eira* a partir desta forma hai problema de homonimia coa familia léxica de *coio* ‘pelouro, canto rodado’, ‘croio, canto, seixo, pedra’. Recollemos os seguintes:

A Coieira, PnH en Verín (M303-3)

A Coieira, PnH en Vilar de Santos (M264-1)

Os Coieiros, PnH en Paderne de Allariz (M226-3)

Fonte Coeira, PnH en Maside e O Carballiño (M187-1)

O mesmo podemos dicir das formas en *-edo*, *-eda*, *-ido*. A. Moralejo Lasso considéraos derivadas de *coio* (TGL, 65, 351, n. 1). No territorio estudo temos:

Coedo, EdP e parr. (*Santiago*) en Allariz

Coedo, EdP e parr. (*Santo Antonio*) no Barco de Valdeorras

O Coedo, EdP en Carballedo

O Coedo, EdP en Cenlle

Coedo, PnH en Maceda (M226-2)

O Coedo, PnH en Pantón (M188-2)

O Coedo, PnH en Porqueira (M264-3)

O Coedo, PnH en Sober (M188-2)

O NG recolle 5 *Coedo* no Corgo (3 tops.), As Nogais e Ribadeo, ademais do mencionado *O Coedo* de Carballedo; *O Coído* en Cambre e *Coído* en Miño.

O DCP recolle un só topónimo *Coedo* en Vila Real, non moi distante da raia con Ourense.

Na costa de Fisterra e Bergantiños, *coído* é un apelativo común para designar praias formadas por pedras, e con ese valor ten abundante presenza na toponimia litoral.

Na provincia de Lugo hai *Coea* en Castro de Rei (parroquia e lugar), Vilalba e Navia de Suarna; e o correspondente masculino *Coeo* en Lugo (parroquia e dous lugares). Este último atopámolo como *Cauleo* en docs. dos anos 897, 1042, 1083, 1107, 1112, 1120 (Olano 1954, 198; *Lvcensia*, p. 147), o que aparentemente o relaciona con CAULE. Pero a terminación *-eo* ofrece maior dificultade. Resulta difícil aceptar que sexa *-edo* con perda do *-d-* intervocálico secundario (que é o resultado asturiano). Precisamente a grafía con que aparece *Coeo* nos documentos más antigos impide identificar ese *-eo* co sufijo *-edo* (en textos de data tan recuada, en latín e latinizantes, cabería esperar **Cauleto* ou **Cauledo*). Ademais, a hipotética evolución de *-ētu* a *-eo* contradí o resultado normal dese sufijo na mesma área xeográfica. Cremos que no nome de *Coeo*, igual ca no homónimo *Río Coeo*, tamén en Lugo, que atopamos así mesmo documentado como *Cauleo* desde o século IX (*Lvcensia*, 139, 146, 147), a relación con CAULE é só aparente. *Coeses*, nome doutra parroquia e lugar do mesmo concello de Lugo, procede seguramente dun xentilicio en *-enses* derivado do nome do río ou da non moi distante parroquia de *Coeo* (cf. *Armeses*, *Astureses*, *Cambeses*, *Fondoreses*, etc.), aparece documentado como *Colegeses* no anos 897 e 950 e como *Coleses* en 1120 (Olano 1954, pp. 198).

Na documentación antiga só atopamos topónimos *Coedo* en textos tardíos que non botan luz sobre a súa etimoloxía. O PnH de Porqueira que recollemos pode ser un que consta en docs. do s. XVI: «duas geyras de heredad que son eno terreo de *Coedo*» (ano 1516, FDU, nº 398); «mas otro terreo do porto *Coedo*, que fara tres geyras» (ano 1516, FDU, nº 403).

Eladio Rodríguez recolle *coído* como voz común e dálle o significado de «lugar o terreno donde hay muchos colos», ademais dunha segunda acepción como «prado que tiene regadío permanente» (DEGC, I, 570), que semella nacida da falsa interpretación dun topónimo.

089. *concho*

Concho figura nos dicionarios como unha das denominacións da *noz* (cf. *carolo*, *carrolo*, 071; *noz*, 162). Sarmiento explica «cóncho, *conchos*. Llaman así en Chantada a las nueces tier necitas, casi como leche» (*Catálogo*, 130 v). Nós recollemos esta denominación na zona luguesa e ourensá do Sil e noutras áreas do territorio estudiado, ben como denominación común da *noz*, ben para referirse á envoltura verde que contén a *noz* propriamente dita. Crespo Pozo localiza esta denominación *concho* en Vilardevós, e engade que «es una var. de *zoncho*, como se observará fácilmente» (NCVCG, III, 220). O que se obxerva é que o radical de ambas voces é diferente, e resulta imposible explicar o *z-* inicial de *zoncho* a partir do mesmo étimo. *Concho* é dunha forma masculina de *concha* (< CÓNCHULA). Ten paralelo co ast. *cuenyu*, *escuenyu* ‘cubierta de la avellana’, *escuenyar* ‘quitar la monda verde a la avellana y otras frutas’ (DCECH, II, 167, s.v. *concha*).

Dado o uso de derivados do tema de CÖNCHÜLA como metáforas oronímicas (*A Conchada*, etc.), non podemos confirmar que todos os topónimos en que están presentes estas formas sexan fitonímicos. E áinda sédoo, poderían non aludir ás nogueiras e si a algunha outra especie, como a *herba concheira* ‘escrofularia nodosa’ (DEGC, II, 437). Temos un único exemplo en:

Coto Concheiro, PnH en Toén (M225-2)

Pode aludir ás nogueiras o nome de *Concheiros*, localidade do cllo. de Bóveda, pois *concheiro* é denominación usual da nogueira na zona. Outros topónimos que figuran no NG, como *Conchidos* en Pontevedra e *Conchido* na Pobra do Caramiñal, son seguramente colectivos de *concha*, *cuncha*.

090. *corno*

Sarmiento fai referencia a árbore chamada «árbol de San Gregorio y en Deza árbol da rabia, y en Tenorio y sus vecindades paugurgorio» (*Vegetables*, 654, p. 103), e áinda que non a identifica ben, sospeita «que este árbol de la rabia es el *cornus* o cerezo silvestre antiguo, de Europa, anterior a las cerezas que Lucullo trajo de Cerasunto, en el Ponto. Este árbol *cornus* se llama en francés *cornelier*. Le hay macho y de cerezas largas, y hembra y las da redondas. A este *Cornus foemina* llaman algunos *Virga sanguinea*, pero el sanguíno es en todo árbol muy distinto» (id., p. 104). O xénero *Cornus* ten varias especies, a máis común das cales é o *Cornus sanguinea*, chamado en castelán *cornejo*, o cal aparece no VCN (p. 142) como equivalente do nome galego *sangumiño*. Nótese que esta mesma obra dá o nome galego de *sanguiño* a unha especie botánica diferente: a árbore *Frangula alnus* (VCN, 142).

Piel inclúe os derivados do latín CÖRNU no seu estudo fitotponímico máis extenso (Piel 1968a, II, pp 179-180), pero advirte que moitos dos aparentes derivados deste tema poderían ser dun orónimo metafórico CÖRNU ‘corno’, homonímico do fitónimo. Algúns dos topónimos recollidos por Piel (*Cornedo*, *Corneda*, *Cornido*, *Cornide...*) son estudiados por Isidoro Millán (1987, 166-174) a propósito de *Cornide*. Para este autor, non existe en galego denominación derivada de CÖRNU para as especies botánicas do xénero *Cornus*. Tras rexeitar algunhas como *cornido*, *corneira*, que figuran erradamente na tradición lexicográfica galega como equivalentes do castelán *cornejo* (p. ex. en DECG, I, 640, s.v. *corneira*: «cornejo, más comúnmente llamado *sangumiño*»), conclúa que o fitónimo CÖRNU non deixou descendencia en galego: «Si voces comunes

derivadas de CÖRNUS ‘cerezo silvestre’ hubiesen sido las que han sembrado de tal número de topónimos el solar galaico-portugués, resultaría inexplicable que, barridas por las de la familia *sanguíño*, hayan desaparecido ellas mismas casi por arte de ensalmo en la lengua actual y no se nos ofrezca ejemplo ninguno suyo en época pretérita». E engade «Es, en resumen, una ficción enteramente infundada la de un apelativo *cornide* o *cornido* en gallego o portugués, que valdría por “cerezo silvestre”. Debe tenérsela tan sólo por “voz toponímica de Galicia”, como hace Rodríguez González, a lo que añadimos nosotros “y de Portugal”» (Millán 1987, 168). Desbotada a hipótese fitonímica, o profesor Isidoro Millán defende para *Cornide* e semellantes un étimo céltico *KOR-NĒTOS ‘círculo de Neto’, sendo este último un teónimo.

Aínda que admitamos que as voces comúns derivadas de CÖRNU na tradición lexicográfica galega parten de errores de interpretación dos textos de Sarmiento ou da consideración como voces comúns de topónimos, iso non significa necesariamente que non existisen non pasado formas emparentadas co castelán *cornejo*. Debemos insistir, ademais, nas palabras de Sarmiento cando explica que o *sanguíño* «es en todo árbol muy distinto».

Fronte á explicación do profesor Millán, cremos que a terminación dos mencionados topónimos é o sufixo –ĒTU, –ĒTA. Do que non podemos ter garantías é do carácter fitonímico da raíz e temos que admitir a posibilidade dun significado orixinario oronímico.

No territorio estudiado temos:

Corneda (*Santiago*), parroquia no Irixo

Corneda, EdP na Peroxa

O Cornedo, PnH no Carballiño (M187-3)

Este último presenta un artigo que induce a pensar que nun tempo se sentiu como nome común, o que probablemente contradí a hipótese teonímica de Millán. Este autor dá a relación dos topónimos maiores galegos e portugueses relacionados, que son 5 *Cornido*, 1 *Cornidos*, 1 *Cornedos*, 1 *Cornida*, 5 *Corneda* e 15 *Cornide*. Se como cremos constitúen derivados por medio do sufixo –ĒTU, –ĒTA, as formas *Cornide* serían alteración de *Cornida*. O paso de –ida a –ide pode explicarse por relaxación da vogal final e talvez interferencia de antropotopónimos en –ide (do xenitivo de nomes en –īTUS). Na toponimia do territorio estudiado hai dous topónimos maiores *Ermide* (en Celanova e en Paderne de Allariz) que foron en orixe *Ermida*. No NG atopamos *Pedride* en Arzúa, *Ladride* en Baleira, outro *Ermide* en Boiro, *Escouride* na Fonsagrada, *Carpacide* en

Foz, *Carrocide* en Alfoz, *Morxide* na Estrada, *Cerquides* en Lousame, *Malvide* en Mañón, *Freixide* na Pastoriza, *Salcede* en Salvaterra de Miño, *Subride* en Vigo. Non sendo *Pedride*, *Ermide* e *Escouride* (< ESCORIĒTA), todos os demais son fitonímicos, correspondentes ós fitónimos *ladairo*, *carpaza*, *carrasca*, *moruxa*, *cerquiño*, *malva*, *freixo*, *salgueiro* e *sobreira*, respectivamente.

Na documentación medieval rexistramos os seguintes topónimos do territorio estudoado:

- «en **Corneda** cumcurrente fluvio Dezum» (ano 1184, OSR1, nº 67)
- «mediatatem unius casalis in **Corneda**» (ano 1212, OSR1, nº 146)
- «in loco qui dicitur **Corneda**» (ano 1232, OSR1, nº 362)
- «in **Corneda** cum omnibus terminis suis» (ano 1237, OSR1, nº 421)
- «Ares Perez de **Corneda**» (ano 1239, OSR2, nº 1234)
- «et monte de **Corneda**» (ano 1251, OSR1, nº 671)
- «Arias Petri de **Corneda miles**» (ano 1255, OSR1, nº 741)
- «a vos Martín Pérez de **Corneda**» (ano 1272, OSR2, nº 1021)
- «Outeyro que e en flegresia de Santiago de **Corneda**» (ano 1272, OSR2, nº 1021)
- «et per telam de **Cornedam** et per petram scritam» (ano 1273, OSR2, nº 1042)
- «Rodericus Arie armiger de **Corneda**» (ano 1274, OSR2, nº 1080)
- «Ares Perez prelado de Santiago de **Corneda**» (Ano 1285, OSR2, nº 1177)
- «todo o herdamento que eu hy en **Corneda**» (ano 1287, OSR2, nº 1192)
- «herdamento que eu ey en **Corneda**» (ano 1297, OSR2, nº 1260)
- «eu Joan Ares morador en **Corneda**» (ano 1297, OSR2, nº 1256)
- «et dissi a mamoia de **Cornedo** que se scripta» (ano 1239, OSR2, nº 1239)
- «ego Petrus Pelagii de **Cornedo**» (ano 1245, OSR1, nº 563)
- «meum quinionem de Mato de **Cornedo**» (ano 1254, OSR1, nº 721)
- «Arias lohannis do **Cornedo**» (ano 1266, OSR2, nº 938)
- «Arias lohannis do **Cornedo**» (ano 1266, OSR2, nº 938)

O lugar de **Cornido**, en Carnota, atopámolo en textos do século XV:

- «enna villa de **Cornydo**» (ano 1406, FDU, nº 270)
- «Item o paaço de Fernan clérigo de **Cornido**» (ano 1433, FDU, nº 289)
- «Martin d'Ariis que era flllo de Roy de **Cornido**» (ano 1433, FDU, nº 289)
- «Afonso Martinz, morador en **Cornido**» (ano 1434, FDU, nº 292)
- «en Jusoa et en Olueira, et en **Cornido** et en Louredo» (ano 1436, FDU, nº 309)

Non debemos relacionar con estes os 7 topónimos **Cornado** que figuran no NG, que consideramos oronímicos, derivados de CORŌNA.

091. *cortizo*

O galego *cortizo* (< CORTICĒU, deriv. de CORTEX,-ÍCIS) é nalgúnhas árees de Galicia a denominación da *sobreira* (*Quercus suber*). Así o recolle Eladio Rodríguez, quen comenta que esta acepción «no figura en ninguno de los diccionarios

gallegos hasta agora publicados; y eso que ya la empleó Curros en la *Introducción de Aires da miña terra*, donde se lee: *Escribir sobre a casca dos curtizos...*» (DEGC, I, 653-654). Crespo Pozo engade os derivados *corticeiro*, *curticeiro* e *curticeira* como nomes desta árbore (NCVCG I, 67, s.v. *alcornoque*). Dado que ademais deste significado botánico *cortizo* e *cortiza* son tamén denominacións da *colmea*, ou de certo tipo de colmea feito de cortiza de sobreira, e que Crespo Pozo localiza estas formas con este significado en Ourense (NCVCG, I, 330. s.v. *colmena*), nos topónimos do territorio estudiado en que está presente esta forma non podemos discernir cáles son propiamente fitonímicos.

091.1. Cortizo

Temos a forma simple masculina nos seguintes topónimos:

Os Cortizos, PnH en Muíños (M301-2)

Os Cortizos, PnH en Porqueira (M263-4)

Os Cortizos, PnH en Toén (M225-2)

Rego Cortizos, CdA en Celanova (M263-1)

Rego do Cortizo Mouriño ou *Cortezo Mouriño*, CdA en Avión e Beariz (M186-2)

O NG recolle *Cortizo* na Pobra do Caramiñal e *Os Cortizos* na Cañiza. No DCP hai 1 *Cortiço*, 1 *Cortiços*, 2 *Cortiçô* (<-óLU, documentado como *Cortizoo* en 1142, OM, 93).

091.2. Cortiza

E a forma feminina en:

Val de Cortiza, PnH en Castrelo de Miño e Cartelle (M225-1)

As Cortizas, PnH en Barbadás e San Cibrao das Viñas (M225-2)

A Fonte Cortiza, PnH en Melón (M224-2)

O NG recolle un pl. *Cortizas* en Monfero. No DCP hai 4 *Cortiça*.

No DCP figurán derivados en -ARIA, -ARIU nun *Corticeira*, 2 *Corticeiro*.

Outro derivado deste tema é *Cortizada*, nome dun lugar en Vila de Cruces. O DCP recolle 6 *Cortiçada* e 3 *Cortiçadas*.

092. *couselo*

Couselo é o máis común dos nomes galegos do *Umbilicus pendulinus*, coñecido en castelán como *ombligo de Venus* (VCN, 116). Na toponimia, *Couselo* (e a variante *Conselo*) ha de ser na maior parte dos casos un diminutivo

de *Couso* (< lat. medieval CAUSU), e polo tanto non ha de ter significado botánico. Para a etimoloxía do nome botánico *couselo*, Corominas suxeriu con dúbidas unha hipótese a partir de CAPSA ‘caixa’, CAPSĒLLU, dun xeito paralelo ó feminino CAPSĒLLA, que deu o medieval *cousela* ‘sepulcro, nicho’ (DCECH, I, 742, s.v. *caja*). O vocalismo dos numerosos ***Couso*** da toponimia galega, cun ditongo ben atestado na documentación medieval, non permiten identificalo co *coso* do castelán, continuador do lat. CURSU (DCECH III. 209, s.v. *correr*), senón co CAUSUS medieval que Du Cange (s.v.) vincula co verbo latino CAUERE. Un uso metafórico do seu significado oronímico, alusivo a depresións no terreo, tamén podería explicar o nome do *Umbilicus pendulinus*, pola concavidade das súas follas (que é tamén a razón do nome latino *umbilicus*).

Talvez son fitonímicos dous topónimos en que aparece esta forma en plural, áinda que tamén poderían ter orixe antropónimica, dado o uso de *Couselo* como apelido:

A Chaira de Couselos, PnH en Carballeda de Valdeorras (M228-2)

Os Prados dos Couselos, PnH en Carballeda de Valdeorras (M228-2)

Os topónimos que conteñen o singular ***Couselo*** (3 no NG) han de ser diminutivos de ***Couso***.

092b. *couce*

O substantivo masculino *couce*, ademais da acepción común co significado de “golpe dado co pé”, ten acepcións fitonímicas como “pé dunha planta” ou “a parte máis baixa dun cepo”, e o seu derivado *couceiro* é nalgúns lugares o nome do “cañoto da verza” (Rivas, 1985, 485). Derivan do lat. CALCE ‘calcañar’. Non podemos saber se a presenza destas formas na toponimia se debe a un significado orixinario fitonímico ou se se corresponde con alguma das múltiples acepcións que ten o portugués *couce* (p. ex. *couce da procissão* ‘cabo ou fin da procesión’). Na documentación medieval do territorio estudiado atopamos o lat. CALCE cun significado oronímico ou de “posición relativa”, equivalente ó que ten *pé* en topónimos como *Pé de Monte*, etc. Así, nun documento relativo á fundación de Celanova, lemos:

«*construi monasterium ad calcem montis Leporari*» (ano 942, CLN, nº 2)

Seguramente é ese valor de “pé de” o que conserva nun topónimo *Couce do Monte* que non identificamos hoxe pero que atopamos como apelido no séc. XV:

«*que agora ten arrendada Juan de Couce do monte*» (ano 1422, FDU, nº 277)

Non temos no territorio estudiado ningún topónimo coa forma *Couce*, que si rexistramos no NG, con varios exemplos localizados no extremo N de Galicia: *Couce* en Aranga, A Capela, Mañón (2 tops.), Muras, San Sadurniño e As Somozas; *Couce das Taugas e Couce Mosquento* en Ortigueira; O *Couce de Paredes e Couce Gordo* en Ourol; *Couce Redondo, Couce Seco* e outro *Couce Gordo* nas Pontes; *Couce Mouro* en Muras; *O Couce da Nova, O Couce Nabeira e O Couce da Laxe* en Monfero; O *Couce do Baño e Coucevilar* nas Somozas; e *Coucefraga* en San Sadurniño. No concello das Somozas hai tamén *Coucixoso*, cun segundo elemento opaco, para o que poderíamos proponer un étimo fitonímico *JOJOSU, derivado adxectival de *JOJU, variante vulgar do lat. clas. LÖLÜI da cal proceden o gal. xoio, port. jóio, cast. joyo (DCECH, III, 531), nome do *Lolium temulentum* (VCN, 148).

No DCP figuran 2 *Couce*, 1 *Couces*, 2 *Coucela*.

Este último, que semella un diminutivo en -ELLA dunha forma feminina, ten correspondencia no territorio estudiado nos topónimos:

Conceliñas, PnH na Teixeira e Parada de Sil (M189-3)

A Ponte de Conceliñas, PnH na Teixeira e Parada de Sil (M189-3)

092b.1. Coucieiro, Concieiro

O derivado en -eiro representa probablemente o lat. *CALCEARIU ou constitúe un derivado romance a partir de *couce*, seguramente con significado botánico ou relativo a labores agrícolas. No territorio estudiado temos:

Coucieiro, EdP e parr. (*San Vicente*) en Paderne de Allariz

Coucieiro, EdP en Padrenda

Coucieiro, EdP no Irixo

Os Conceiros, PnH en Quiroga (M189-4)

Os dous primeiros teñen na fala común a variante *Concieiro*, con alteración en nasal do ditongo decrecente da pretónica. Nestes topónimos ourensáns a variante con *n* é a que rexistramos escrita na documentación máis antiga:

«hereditate sua de *Concieiro*» (ano 1155, MdR, AHN Clero, Cpta. 1481, nº 11)

«*Concyeyro a vobis post obitum Velasci Menendiz recipimus*» (ano 1174, XEsP, nº 1)

«*Johan Rodriguez clérigo morador no Conçeiro*» (ano 1285, OSR2, nº 1177)

«*toda a miña parte da herdade do Conçeyro*» (ano 1361, VFD1, nº 57)

«*lugar do Concieiro, so sino de San Martino de Moreiras*» (ano 1461, ROC, nº 233)

O NG recolle localidades chamadas *Coucieiro* en Muxía e Val do Dubra (parr. e lugar) e *Couceiros* en Curtis. A segunda atopámola na documentación antiga:

«*Garçia Peres, clérigo de san Martin de Coucieyro*» (ano 1351, FDU, nº 223)

«*da frigesia de sam Martino de Couçeyro*» (ano 1380, FDU, nº 246)

«*frigrisia de san Martino de Coucieiro, que he en terra de Dubra*» (ano 1427, FDU, nº 281)

O DCP recolle 1 *Couceiro*, 1 *Couceiros*, 1 *Coucieira*, 3 *Coucieiro*, 1 *Coucinheira*, 5 *Coicinheiro*.

092b.2. Concedo

O derivado colectivo por medio do sufixo -ÉTU témolo en

Concedo, PnH en San Xoán de Río (M189-4)

Concedo, PnH en Ribas de Sil (M189-1)

093. coza

Sarmiento recolle *coza* como equivalente de *torgos*. «*Torgos. Cozas. Troncos y raíces de uces. Cozas acaso de caudices*» (Sarmiento, *Vegetables*, 299-300). Non ten que ver co substantivo *coza* recollido por E. Rodríguez no seu dicionario, onde figura cunha única acepción «Trabajo que produce mucha fatiga y cansancio || *Levei unha boa coza*, significa estar molido como una alheña, según Noriega (*Cómo falan os brañegos*)» (DEGC, s.v. *coza*), que podemos supor deverbal de *cocer*. Pero o P. Crespo (NCVCG, I, s.v. *brezo*) recolle *coz*, *coza* como ‘raíz del brezo’ e localiza esta acepción no Val de Lemos, que é onde se atopan os topónimos recollidos, e XLFG define *coza*, *coz* como «raíz del brezo para hacer carbón» (p. 310) e *coceira* como «sitio donde abundan las *coces* o raíces de brezo» (p. 279).

Corominas vincula o s. *coza* recollido por Sarmiento co galego común *couce*, cast. *coz*, CALX,-CIS: «el gall. *couce*, además de ‘coz’ significa ‘extremo inferior o más grueso de un palo’ (Vall); en Soria *coz* designa ‘el tronco de un árbol’...» «No puede aceptarse la etimología CODEX, CAUDEX (...) pues no ha dejado descendencia en ningún romance, por más que Sarm. anotó una vez *cozas* como sinónimo de *torgos*: “los troncos y raíces de los urces” (Ca137r, con una o sorprendente, en vez de *ou*, pero acaso haya notación o copia inexacta...)» (DCECH, s.v. *coz*).

Os topónimos recollidos e as outras fontes confirman que non se trata dun erro de notación ou copia inexacta. Que non presente ditongo na primeira sílaba é efectivamente un obstáculo para a etimoloxía tanto a partir de CODICE como de CALCE. Debemos ter en conta que *coza* podería ser palabra de orixe prelatina, acaso emparentada con COTO (Rivas, 1994, 33).

Temos posibles derivados de *coza* en:

Serra dos Cocedos, PnH en Quiroga (M190-1)

Coceira, PnH en Pantón (M188-2)

Os Coceiros, PnH en Quiroga (M190-1, M190-3)

Ademais do *Coceira* mencionado, Palacio recolle outro topónimo *Coceiro* en Pantón; este autor tamén o fai derivado do fitónimo *coza* (Palacio, 1981, p. 285) e propón para este nome a etimoloxía suxerida por Sarmiento, o lat. CAUDEX, -̄CIS ‘árbole’, «ya en lat. vg. CODEX; hay que suponer una variante *CODIA, o mejor *COTIA» (Palacio, 1981, p. 285). Non atopamos outros exemplos semellantes nin no NG nin no DCP.

094. *devesa*

O común *devesa* designa en boa parte do territorio estudiado un “bosque de carballos” (Palacio 1981, 200). Os dicionarios definen *devesa* como «dehesa, porción de tierra acotada y con arbolado, destinada generalmente a pasto de ganados» (DEGC, I, 105). Provén do lat. tardío DEFENSA, participio de DEFENDERE ‘prohibir’, pois as devesas están polo regular acoutadas ou cercadas.

No territorio estudiado está presente en numerosos topónimos, que conteñen a forma simple *devesa* ou un diminutivo. Son os seguintes:

- Devesa*, EdP en Vilardevós
- A Devesa*, EdP en Celanova
- A Devesa*, EdP en Lobios
- A Devesa*, EdP en Piñor
- A Devesa*, EdP en Sober (M188-2)
- As Devesas*, EdP en Pontedeva
- A Devesa*, Edp(n) no Carballiño (M187-1)
- A Devesa*, PnH en Allariz (M264-1)
- A Devesa*, PnH en Allariz e A Merca (M225-4)
- A Devesa*, PnH en Baltar (M302-1)
- A Devesa*, PnH en Beariz (M186-2)
- A Devesa*, PnH en Boborás, O Irixo e Beariz (M153-4)
- A Devesa*, PnH no Bolo (M228-1)
- A Devesa*, PnH en Calvos de Randín (M301-2)
- A Devesa*, PnH en Carballeda de Valdeorras (M190-4)
- A Devesa*, PnH en Coles (M188-3)
- A Devesa*, PnH en Cualedro (M302-4)
- A Devesa*, PnH en Cualedro (M302-2)
- A Devesa*, PnH en Lubián (M266-4)
- A Devesa*, 2 PnH en Maceda (M226-1, M226-2)
- A Devesa*, PnH en Manzaneda (M227-2)
- A Devesa*, PnH en Melón (M224-2)
- A Devesa*, 2 PnH na Mezquita (M304-1)
- A Devesa*, 2 PnH en Muíños (M301-2, M301-4)
- A Devesa*, 2 PnH en Oímbra (M303-3, M302-4)
- A Devesa*, PnH en Paderne de Allariz (M226-1)

- A Devesa*, PnH en Pantón (M188-2)
A Devesa, PnH en Parada de Sil (M188-4)
A Devesa, PnH en San Xoán de Río (M189-4)
A Devesa, PnH en Rubiá (M190-2)
A Devesa, PnH en Sandiás (M264-1)
A Devesa, PnH en Sarreaus (M264-2)
A Devesa, PnH na Veiga (M228-2)
A Devesa, 4 PnH en Viana do Bolo (M228-3, M266-1, M266-2)
A Devesa, PnH en Vilamarín (M187-2)
A Devesa, PnH en Vilamartín de Valdeorras (M190-3)
A Devesa, PnH en Vilar de Barrio (M226-4)
A Devesa, 3 PnH en Xinzo de Limia (M264-3, M264-4)
A Devesa Chá, PnH en San Xoán de Río (M189-4)
A Devesa Grande, PnH en Viana do Bolo (M266-2)
A Devesa Longa, PnH en Quiroga (M190-1)
A Devesa da Chanca, PnH en Viana do Bolo (M228-4)
A Devesa do Monte, PnH en Monforte (M189-1)
A Devesa da Portela, PnH en Vilariño de Conso (M228-3)
A Devesa das Quintás, PnH en Montederramo (M227-1)
A Devesa de Casares, PnH na Gudiña (M266-3)
A Devesa de Liñares, PnH en Viana do Bolo (M228-3)
A Devesa de Valdefranca, PnH na Veiga e Viana do Bolo (M228-4)
A Devesa de Xermeade, PnH en Muíños (M301-2)
As Devesas, PnH no Barco de Valdeorras (M190-2)
As Devesas, PnH en Calvos de Randín (M301-4)
As Devesas, PnH en Coles (M188-3)
As Devesas, PnH en Cualedro (M302-2)
As Devesas, PnH en Chandrex de Queixa (M227-1)
As Devesas, PnH en Xinzo de Limia (M264-2)
As Devesas, PnH en Maceda (M226-2)
As Devesas, PnH en Montederramo (M227-1)
As Devesas, PnH en Riós (M303-2)
As Devesas, PnH na Veiga (M228-2)
As Devesas, PnH en Viana do Bolo (M228-3)
A Deveseña, PnH en Manzaneda (M227-2)
A Deveseña, PnH en Viana do Bolo (M266-1)
As Deveseñas, PnH en Raíriz de Veiga (M264-1)
A Corga da Devesa, PnH no Bolo (M228-1)
O Corgo das Devesas, PnH en Calvos de Randín (M302-3)
Fonte da Devesa, PnH en Calvos de Randín (M301-4)
Monte da Devesa, PnH en Laza (M226-2)
Pardevesa, PnH en Muíños (M301-2)
Pedra da Devesa, PnH en Bande (M301-2)
Ponte da Devesa, PnH en Lobios (M301-3)
Regato da Devesa, CdA en Cualedro (M264-4)
Río da Devesa, CdA en Cualedro (M302-4)
Río da Devesa, CdA en Piñor (M154-3)

Val da Devesa, PnH en Allariz (M264-1)

Val da Devesa, PnH en Rairiz de Veiga (M264-1)

Lombo das Devesas, PnH en Vilariño de Conso (M265-2)

No NG figuran 58 lugares chamados (*A*) *Devesa* nos concellos de Agolada, Arbo, Arzúa, Cabana, Cangas, Carballo, Ceredo, Chantada, Dodro, A Estrada (4), Forcarei (2), Frades, Friol (parr. e 4 lugs.), Guntín, Lalín (2), Monterroso, Negreira, Nigrán, Noia (3), Palas de Rei (2), A Pobra do Caramiñal, Ponteareas, Pontevedra, O Porriño (2), Porto do Son, Rianxo, Ribas de Sil, Ribadeo (parr.), Ribeira, Rodeiro (2), Salvaterra, Sarria, Salceda de Caselas, Santiago, O Saviñao (2), Silleda, Soutomaior, Teo, Tui (2), Valga, Vimianzo, Zas; *Devesas* en Monforte, *Devesela* en Curtis, *A Devesiña* en Trazo, *Devesa Nova e Muíño da Devesa* en Palas de Rei, *Casal da Devesa* en Tordoia, *Vilardevesa* ou *Vilar Devesa* en Mesía. Dunha forma masculina DEFENSU han de proceder os nomes das parroquias de *Deveso* (*Santa María*), nas Pontes, e *Devesos* (*San Sebastián*) en Ortigueira. O DCP recolle máis de 100 *Devesa*, 9 *Devesas*, 1 *Deveseira*, 8 *Devesinha*, 1 *Devesinhas*.

095. *dentabréu*

Sarmiento di desta planta que «ni es fento o fenta, ni es polipodio, ni es osmunda, pero a todas se parece en algo». Recolle para ela os nomes de *dentegil* (*dentejil*, *dentexil*), *dentabruño* ou *denteabruño* (*Vegetables*, 1061, 1201, localizado na Ría de Arousa), *dentabrón* (id. 1723, localizado en Rocas) e *dentagrón* (id. 2475 en Caldelas). Sobreira rexistra as denominacións *dentabruño*, *dente brú*, *dentagrón* e *dentragón* (Sobreira, *Botánica*, 54v-55r, p. 250). Sarmiento propón un étimo: «*Acaso dente apruno*» (*Vegetables*, 1061), e ó mencionar unha forma asturiana *diente abrum* explica que «El denteabruno (...) se llamará *diente abrum* por un diente que en la base de las hojitas tiene, para distinguirla del helecho» (id. 2325). Tamén recolle en Trives unha forma que non ten o primeiro elemento *dente*, senón *fento* ou *fenta* «*Fentabró*. En Tribis. Es bueno para quebrados. Creo es la *osmunda* o la *lonchitis*. Acaso el *dentexil*, *dente abruño* y *dentabron* será lo mismo, y no será *denta* sino *fenta*» (id. 2423).

O VCN asigna o nome de *dentabréu* á *Osmunda regalis*, chamada en castelán *helecho real* (Merino, *Flora III*, 490; Crespo Pozo NCVCG, II, 258; VCN, 118). Merino dá como nomes galegos da planta *dentrabú* e *dentabrun*⁴; Crespo Pozo, *dentabú* e *dentabréu*.

⁴ *Dentrabrum* en Flora, III, 490, corrixido para *dentabrun* en III, 678.

En Portugués, as formas emparentadas con estas *dentebrum* e *dentebrura* designan unha especie diferente. En Sampaio (*Flora*, 13) *dentebrura* é o fento macho, *Nephrodium filix-mas*, mentres que a *Osmunda regalis* é denominada *fento-real* (id. 14). Seguramente guiado polo portugués, P. Font Quer asigna ó *helecho macho* os nomes galegos de *dentabró*, *dentebrum* e *dentebrura* (Font Quer, 58).

A etimoloxía suxerida por Sarmiento explícase por DENTE APRUNU ‘dente de xabaril’ (Crespo Pozo, NCVCG, II, 258), é a paralela doutras metáforas zoonímicas que serven de denominacións botánicas (cf. *lingua cervina*, *dente de león*, etc.).

Temos un único exemplo coa forma *dentrabú* recollida por Merino:

O Dentrabú, PnH en Riós (M303-2)

Palacio recolle unha PnH de Pantón **Dentrigón**, que considera alteración, por interferencia de *trigo*, do *dentagrón* recollido por Sarmiento e Sobreira (Palacio 1981, 289).

096. *enxerto*

Enxerto é substantivo procedente do participio do verbo latino INSĒRĒRE ‘inserir, introducir’, no que confluíron un derivado de SERĒRE (participio SERTUM) ‘tecer’ e outro de SARĒRE (participio SARTUM) ‘sementar, plantar’ (DCECH, III, 454). Deste substantivo naceu o verbo *enxertar*. Aínda que os *enxertos* adoitan practicarse en todas as árbores froiteiras, cremos, seguindo a A. Palacio, que a súa presenza na toponimia debe de referirse nos máis dos casos ós castiñeiro, pois na maior parte do territorio estudiado, «era una práctica habitual el que los castaños fuesen injertados para acelerar su fructificación; los árboles no injertados no dan castañas sino después de los 25 años de edad, mientras que los injertados fructifican 7 u 8 años después de haberseles practicado el injerto» (Palacio 1981, 251-252). Este autor achega probas documentais do cultivo de castiñeiro en lugares denominados *Inxertedo*, *Inxertos*, etc. Na documentación antiga *enxertos* adoita equivaler a *castiñeiro* *enxertados*:

«e fere **enos** *enxertos* que están abaxo da fonte de Rante» (ano 1484, VFD1, nº 97).

No territorio estudiado temos:

- Os Enxertos**, Edp(n) no Pereiro de Aguiar (M188-3)
- Os Enxertos**, Edp(n) en Nogueira de Ramuín (M188-1)
- Os Enxertos**, Edp(n) en Melón (M224-2)
- Enxerto**, EdP en Carballedo (M154-4)
- O Enxerto**, PnH en Porqueira (M264-3)

O Enxertado, PnH en Castrelo de Miño (M225-1)

Algúns destes rexistrámoslos na Idade Media. O lugar de *Enxerto* en Carballedo:

«*in feligresia de Agoada in loco qui vocatur Ingerto*» (ano 1254, OSR1, nº 729)

O Enxertado de Castrelo de Miño:

«*sautum de Exertato*» (ano 1265, OSR2, nº 926),

co común *souto* que confirma o seu significado relativo ó cultivo de castiñeiro.

Un único exemplo de derivado por medio do sufixo -ÉTU rexistrámolo nun topónimo menor de Pantón *O Inxertedo* (Palacio 1982, 252).

O NG recolle *Enxertos* en Cambre, *Inxerto* en Porto do Son, *Inxertos* en Ortigueira (2), 2 *Enxertado* no Vicedo e Oza dos Ríos e 3 *Enxertados* nas Somozas e na Capela (2).

097. érbedo

Érbedo, *érbedo*, *érbedro* e *albedro* constitúen as denominacións galegas que recollen os dicionarios para o *Arbutus unedo*, arbusto ou árbore da familia das ericáceas. Hai aínda outras variantes como *erbedeiro* (VCN, 103, 119), *bedreiro* (Sarmiento, *Vegetables*, 446: «*Vedreyro* o *bedreyro*. Llaman así en Mondoñedo al arbuto –*erbedo* en gallego– o madroño) ou *esbedro* (Sarmiento, *Vegetables*, 2319: «*esvedro*, en Vivero es el madroño»). Nós rexistramos na zona occidental do territorio estudiado (Maside e O Irixo) a denominación actual de *morogueiro*, a causa dos seus froitos, chamados na zona *morogos* (DEGC, II, 227: «el fruto del érbedo se llama en gallego morodo y morogo»), nome que designa así mesmo outras foitas silvestres; para estes froitos recolleu Sobreira os nomes de *morodo*, *amorodo* e *morote* (*Botánica*, 243) e Merino o de «*morotes d'hérbedo*» (Merino, *Flora*, II, 249). En asturiano Sánchez Vicente dá a denominación de *erbidu*, con acentuación grave, para a árbore (Sánchez Vicente, 179).

Sarmiento facía derivar o nome da forma latina («de *arbutariu*, *erbedeyro*, en *Vegetables*, 446). Merino (*Flora* II, 249), sen citar fonte, explicaba o nome galego a partir do «celta *arbois* = granujiento, tuberculado, por la superficie tuberculada del madroño, su fruto», seguindo interpretacións suxeiridas para o francés *arbouse*, *arbousier*. Piel propón para o nome galego unha variante do ARBUTUS clásico que sería *ARBÍTUS, *ERBÍTUS (Piel, 1968a, I, 334), paralela do *ARBÍTEUS que explica o nome francés. Piel (1968a, I, 334-337) e

Moralejo (1976, TGL, 288-289, 325), entre outros, ocupáronse da presenza deste tema na toponimia.

Interpretacións erradas de topónimos pertencentes a este tema poden reproducir na grafía dos nomenclátores e na cartografía interferencias con derivados do tema de *herba* ou de voces castelás (*hervir*, *olvidar*), e así atopamos formas escritas como *Herbededo*, *Hervideira*, *Olideiro*, etc. Estas grafías levaron a Rohlfs a interpretar fitotopónimos galegos e asturianos desta familia (escritos *Hervedosas*, *Hervederas*, *Hervededo*) como «nombres que se relacionan a la espumadura ('hervor') del agua en los saltos de los ríos» (Rohlfs, 1951, pp. 231-232).

097.1. Érbedo

O nome simple da árbore está presente nos seguintes topónimos do territorio estudiado:

- O Érbedo*, PnH en Cualedro (M302-2)
- O Érbedo*, PnH en Parada de Sil (M189-3)
- O Érbedo*, PnH en Viana do Bolo (M228-3)
- O Érbedo*, PnH en Baltar (M302-2)
- Os Érbedos*, PnH en Entrimo (M301-1)
- Regueiro do Érbedo*, CdA en Viana e Vilariño de Conso (M228-3)

Unha forma diminutiva en -ÉLLU é

Erbedelo, topónimo urbano no concello de Ourense.

A variante *albedro* témola en dous topónimos coruñeses *Alvedro* (Culleredo) e *A Ponte de Alvedro* (Cambre), tradicionalmente escritos con v, aínda que a grafía etimolóxica debería ser *Albedro*. Do primeiro temos documentación do século XV coa forma actual:

- «*Pero Pardo de Alvedro*» (ano 1482, Oro77, nº 11).
- «*Gometio d'Aluedro*» (ano 1485, FDU, nº 348).

O nome da parroquia de *Ermelodo*, en Rois, semella un *Erbedelo* por alteración de labiais. A grafía medieval *Ermelodo* (Salvado 1990, “Rois”) leva a considerar un étimo a partir de *ermo* (ERĒMU), aínda que resulta de difícil explicación, pois parecen pouco satisfactorias tanto unha dupla sufixación (EREMĒTĒLLU) en ĒTU + ÉLLU, como un diminutivo masculino (?) *EREMĪTĒLLU.

Non pertence ó tema léxico do *érbedo* o topónimo *Ervedín*, EdP en Arteixo, que parece esixir un étimo en -INES e que atopamos na documentación como «*villa d' Eruidijns*», «*Heruidijns*», «*Eruidijss*» (ano 1352, TzS, fol 22r, fol. aR). Non podemos afirmar tampouco que pertenza a este tema *Alvidrón*, nome dunha parroquia e dous lugares (*Alvidrón* e *Alvidrón de Outeiro*) no concello de Antas de Ulla, documentada como *Arbitron*, *Alvidrum* na documentación medieval (*Lvcensia*, 140, 141). Finalmente, non posuimos documentación antiga que nos permita saber se pertence a este tema,

na forma dun derivado diminutivo, o topónimo *Albudiño*, entidade de poboación do concello de Santiago de Compostela.

O DCP recolle 1 *Ervedinho*.

097.2. Erbedal

O derivado en -ALE témolos en

O Erbedal, PnH en Ourense (M188-3)

O Erbedal, PnH en Rubiá (M190-2)

O Erbedal, PnH na Pobra de Brollón e Quiroga (M189-1)

O NG recolle un derivado da variante *esbedro* en *Esvedral* ou *Esbedral*, nas Pontes de García Rodríguez. No DCP figuran 8 *Ervedal*.

097.3. Erbedeiro

Son derivados co sufijo correspondente a -ARIA, -ARIU:

A Erbedeira, PnH en Castrelo do Val (M265-3)

A Erbedeira, PnH no Barco de Valdeorras (M190-4)

O Olvideiro (Olbideiro), PnH en Baltar (M302-1)

O Olvideiro (Olbideiro), PnH en Nogueira de Ramuín (M188-3)

O Olvideiro (Olbideiro), PnH en Vilar de Barrio (M264-2)

O NG recolle *Erbedeiro* en Carballedo (parr. e lugar) e *Erbedeiros* en Salvaterra. O DCP, 10 *Ervideira*, 1 *Ervideiras* e 3 *Ervideiro*.

097.4. Erbededo

Son derivados colectivos en -ÉTU, -ÉTA:

Erbededo de Abaixo, EdP en Cenlle

Erbededo de Arriba, EdP en Cenlle

Erbededa, PnH en Lobios (M301-1)

O Erbededo, PnH en Entrimo e Lobios (M301-1)

O Erbededo, PnH en Pantón (M188-2)

O DCP recolle un só *Ervededo* en Chaves, que identificamos co que atopamos en docs. do séc XI:

«in valle Baroncelli, *Ervededo*» (ano 1029, CLN, nº 457)

«alia in *Erbeteto* que fuit de Materno Revelliz» (ano 1031, CLN, nº 148)

«duas in Baroncelli una que vocitant Villa Maior et alia de *Ervededo*» (ano 1041, CLN, nº 459).

097.5. Erbedoso

Non temos no territorio estudiado ningún exemplo derivado de *-OSU*, *-OSA*. O DCP recolle 4 *Ervedosa* e 1 *Ervedoso*. Noutras áreas de Galicia identificamos o nome do río *Albedosa* (*Alvedosa*), que desemboca na ría de Vigo en Redondela, fronte ás illas chamadas *Alvedosas*, *Arbedosas* ou *Erbedosas*, no chamado Mar de San Simón.

098. *ervella*

Eladio Rodríguez define *erbella* como «habichuela» e o masculino *errello* como «guisante», e dá como sinónimos *faba* para o primeiro e *chícharo* para o segundo. Outros dicionarios dan *ervella* e *ervello* como equivalentes. O VCN identifica *ervella* con *chícharo* e asignalle varias especies do xénero *Lathyrus* (VCN, 117). Son formas paralelas do castelán *arveja*, que designa diversas leguminosas, e proceden do lat. *ERVILIA*. Con diferentes adjectivos ou sufixos poden designar outras especies silvestres; así, o derivado *ervellaca* —portugués *ervilhaca* (Sampaio, *Flora*, 311)— é nome da *Vicia sativa*, coñecida tamén como *vezá* ou *herba da fame*. Algúns dos topónimos en que está presente véñense representando na tradición escrita con *h* e con *b*, por interferencia de *herba*, ou con *h* e *v*, coma os derivados de *érbedo* que levaron a Rohlfs a interpretalos como emparentados co lat. *FERVĒRE*.

098.1. Ervella

Algúns topónimos que aparentemente conteñen a forma simple presentan un *-e* final que pode interpretarse como palatalización dun *-a*. A terminación fainos semellar antropotopónimos procedente do xenitivo dun nome en *-ILIUS*, pero non atopamos nos repertorios onomásticos un suposto **ERVILIUS* ou forma semellante. Para algúns deles cabería pensar nunha orixe hidronímica prerromana. No territorio estudiado recollemos:

Ervelle, PnH en Quiroga (M189-1)

O Ervellón, Edp(n) en Castrelo de Miño (M225-1)

Este último contén un derivado en *-ÓNE* ou en *-ÓLU*.

O NG recolle outro *Hervelle* ou *Ervelle* na Pontenova, *Erville* en Mos, *Ervella* en Ortigueira, *Ervello* en Cangas (*Herbello*).

Na documentación antiga vemos unha *Costa da Ervella* ou *de Ervella* en Trandeiras, Xinzo: «*e mays un leyro que jaz en a Costa d'Erbella*» (ano 1454, VFD1, nº 79). Un *Monte Ervella* ou *Ervilla*, próximo a Tui, aparece en textos do séc. XII: «*Et uocitant ipsam hereditatem Kaualeiros et iacet secus ripam Minei subtus monte Eruelia*» (ano 1131, Fiães, nº 32); «*sub monte Eruilia discurrentes aque ad fluumum Minei*» (ano 1152, Fiães, nº 38); «*subtus mons Heruilia terminus Tude fliscerente ribulo Minei, prope aulam Sancte Marine Virginis*» (ano 1174, Fiães, nº 36); «*in uilla que uocitant Caualeiros sub mons de Erbilia*» (ano 1175, Fiães, nº 194), etc.

098.2. Ervellal

Non recollemos no territorio estudiado ningún exemplo do derivado correspondente a *ERVILIALE*, paralelo doutros que figuran no NG como *Ervellás* en Cedeira (2 topónimos), *Os Ervellás* en Ourol, *Ervellais* na Fonsagrada, *Os Ervillás* en Gondomar (2 topónimos).

No DCP hai 1 *Ervilhal*, 1 *Ervinhal*, 1 *Ervilhais*.

098.3. Ervelteira

Temos un derivado correspondente a *ERVILIARIA* en

A Ervelteira, PnH en Porqueira (M264-3)

O NG recolle *Ervelteira* (*Erbelleira*) en Coristanco.

098.4. Ervellaca

Xa fixemos mención do derivado *ervellaca*, que designa unha especie diferente, a *Vicia sativa*, herba espontánea que medra nos campos de labor, tamén coñecida como *veza*. Non recollemos ningún derivado deste nome no territorio estudiado. No NG figura *Ervellaqueira* en Ortigueira.

098.5. Outros derivados

Un derivado por medio do sufijo de orixe prerromana *-ega* (< -AECA), característico da fitotoponimia luguesa, témolo no topónimo *A Ervellega* (*Arbillega*), na Pastoriza.

Orbellido, EdP en Vimianzo, é explicado por Piel (1948, 56) como antropotopónimo, dun nome medieval feminino procedente do lat. *Auru-Bellitu, pero

a consoante palatal obríganos a considerar a posibilidade de que sexa un derivado en *-ĒTU* do tema fitonímico de *ERVĒLIA*, con aglutinación do artigo (*O Ervellido*).

Palacio recolle en Pantón unha PnH *Ervellaínza*, exemplo de derivado con dupla sufixación en *-ALE* + *-ĪCĒA*, **ERVILIALĪCĒA*.

099. *escambrón*

Segundo o VCN (120, s.v. *estripo*), *escambrón* é un dos nomes galegos do *espiño albar*, *estripo albar*, *estripo* ou *cambrón*, *Crataegus monogyna*, en castelán *majuelo*. Na tradición lexicográfica galega hai tendencia a confundir esta especie e a *Prunus spinosa* (vid. *bruñeiro* 045, *estripo* 104) ou outras semellantes, que teñen en común o seu uso como patróns para enxertos de froiteiras. Sarmiento non recolle *escambrón* nin outra forma desta familia léxica no seu *Catálogo de voces gallegas de vegetables*, e utiliza o nome de *espiño albar* para o *majuelo* castelán (*Vegetables*, 523) e *estripo* e *estripeiro* como nome xenérico para designar varias especies botánicas: «*Estripo y estripeyro*. Le hay que da bruños silvestres —y es el *bruñeiro*— negras [sic] y de figura redonda. Latin *spinus*. Hayle que da peritas y es el *piraster*» (*Vegetables*, 103r-103v). E dentro do primeiro fai diferenza entre o «*abruñeyro hortense*, cuyos bruños (...) se venden y comen, y otros es silvestre, que no se comen. Especie de *estripo*» (id. *ibid.*). Sobreira identifica o *escambrón* ou *escambroeiro* co *abruñeyro*, e recolle unha forma híbrida *escambruñeyro* (Sobreira, *Botánica*, 36 v). Eladio Rodríguez, non obstante, diferénciaos e define *escambrón* e *escambroeiro* como «especie de ciruelo espinoso, llamado también espino negro y parecido al abruñeyro» (DEGC II, 238).

En portugués existe *cambroeira* como nome dunha planta moi distinta, o *Lycium europaeum*, propio da flora meridional portuguesa, e só dialectalmente existe *escambrão*, *escambrueiro* en Tras-os-Montes co mesmo valor ca en galego, como nome do espiño (RL, XIII, 124, cit. por DCECH I, 784).

A forma común en castelán é *cambrón*. O DCECH (I, 784a) fai derivar esta forma do lat. «*CRABRO*,[—]*ONIS*, ‘abejorro’, por comparación de las espinas y el ramaje enmarañado del cambrón con el aguijón y las alas de este insecto». Corominas inclínase a crer que esta metáfora «sería ya de fecha latina», e que as variantes galegas e portuguesa con *es-* «están en relación con la variante it. *scalabrone*, *scarabone*, sic. *scalambru*, *sclambruni*, ‘abejorro’, que según indica M-L. [Meyer-Lübke] se explica por influjo de *SCARABAEUS* ‘escarabajo’ sobre *CRABRONEM*» (DCECH, I, 784b). Máis relación con esta variante italiana

parece gardar outra variante galega *escalambrón*, que nós escoitamos en Allariz e en Maside e que deixa pegada na toponimia en Ramirás. Esta forma talvez foi interpretada erradamente como castelanismo polo seu *-l-* intervocálico, pois está ausente da tradición lexicográfica galega; só o recolle Elixio Rivas (Frampas I, s.v.) na comarca de Ambía co significado de ‘pereira brava’.

099.1. Escambrón, escalambrón

Temos a forma simple en:

O Escambrón, PnH en Cualedro (M265-3)

O Escambrón, PnH en Monterrei (M264-4)

O Escambrón, PnH en Oímbra (M303-3)

O Escabróñ, PnH en Porqueira (M263-4)

Regato do Escambrón, CdA en Vilariño de Conso (M265-2)

Escambrois, PnH en Hermisende (M304-2)

E a variante con *-l-* en

Escalambrón, PnH en Ramirás (M225-4)

099.2. Escambroeiro

Un derivado por medio do sufijo correspondente a *-ARIU* é

Escambroeiro, PnH en Muíños (M301-4)

No NG figura un topónimo idéntico *Escambroeiro* en Salvaterra. Non atopamos outros topónimos pertencentes a este tema, fóra dos recollidos no territorio estudiado.

099.3. Escambredo

Un posible exemplo de derivado en *-edo* é un dimunitivo con alteración da vogal pretónica (*escambredelo* > *escambradelo*):

O Escambradelo, PnH en Vilar de Barrio (M227-3)

100. *escoba*

Non figura nos dicionarios galegos o nome de *escoba* (lat. SCÓPA) para a *xesta* ou especies afins, seguramente por considerala forma propia do castelán e allea á nosa lingua.

Do latín SCŌPA ‘vasoira’ procede *escoba*, que en castelán designa a vasoira e nalgúns árees dá nome a varias especies de leguminosas como xestas, codesos ou piornos, dos cales se facía o instrumento para varrer. A acepción botánica da forma procedente do latín SCŌPA é propiamente dialectal en castelán, pero ten unha xeografía dispersa na Romania: no Val de Arán, no catalán de Pallars, no Bierzo, Sajambre, dialectos portugueses e alpino-lombardos (Corominas, DCECH, II, 697). Crespo Pozo (NCVCG, I, 584), seguindo a *Flora de Merino*, asigna para a acepción botánica do cast. *escobas* ou *escobones* os galegos *codeso* e *piorno*, e identifica a especie como o *Adenocarpus commutatus*. O VCN fai corresponder o castelán *escobón* co galego *xesta negra*, nome do *Cytisus scoparius*. En Asturias a acepción botánica de *escoba* ten un valor xenérico e designa varias especies (García Arias, 166; Sánchez Vicente, 185). Joseph M. Piel ocupouse da presenza deste tema na toponimia portuguesa (Piel 1968a, II, 184-185).

Ten presenza relativamente abundante na toponimia leonesa e asturiana, con topónimos como *Escobedo* ou *Escobeu*, *Escobedal*, *Escobar* e *Escobal*. Con esta última forma hai en Asturias sete entidades de poboación (García Arias, 166), e con forma idéntica atopamos un exemplo no extremo oriental da provincia ourensá:

O Escobal, PnH na Veiga (M228-4, M229-3)

No NG figura un topónimo *Escobeiro* en Mondariz, que parece corresponder a SCŌPARIO, mentres que unha forma do territorio estudiado, **Os Escaveiros**, PnH en Carballeda de Avia e Melón (M224-2), parece un derivado de EXCAVARE, pero unha e a outra poderían ter a mesma orixe, e é razoable pensar en posibles cruzamentos ou interferencias de formas derivadas de CŌVA, EXCAVARE e SCŌPA. O mesmo podemos dicir para *Escobadas*, en Arteixo, que semella un derivado dun verbo *escobar*, que en cast. é ‘varrer con escoba’ (DRAE) e podería ter na toponimia acepcións figuradas.

Unha forma correspondente a SCŌPĒLLA témtola en

As Escobelas, PnH en Viana do Bolo e Piás (M266-2),

tamén no límite oriental do territorio estudiado. É comparable ó castelán *escobilla* ‘especie de brezo de que se hacen escobas’, rexistrado como *eškopéla* no botánico mozárabe de 1100 (DCECH, II, 697b). Non cremos que se trate dunha deformación de *As Covelas*, coma nunhas *Escovas de Livón*, en Marín, que é forma deturpada de *As Covas de Livón* (Rivas, 1982, p. 108).

Resulta máis difícil explicar como fitotopónimo a forma **O Escobio** (PnH de Boborás, M187-1), comparable a outros que figuran no NG: **Escobia** en Ponteceso e no Saviñao e **Escobias** en Boiro, que han de ser orónimos e debemos relacionar cunha forma hispánica setentrional *escobio*, «ast. leon., santand., ‘angostura, hoz, garganta

o paso estrecho en una montaña o en un río', 'vericuento', de origen incerto, quizá prerromano o derivado de *escoba*» (DCECH, II, 698). O noso *Escobio* de Cameixa, en Boborás, hoxe deshabitado, constitúiu unha entidade de poboación e rexistrámolo en docs. do séc. XIII:

«*villa quam vocitant Escovium, sub aulas sancti Martini de Camesia*» (ano 1224, OSR1, nº 254)

«*a qual iaz en Escovio, a qual teemos a foro dese moesteyro de Oseyra*» (ano 1274, OSR2, nº 1072)

«*et da outra parte [pe-lo sou]to dos d-Escoveo*» (ano 1293, OSR2, nº 1232), etc.

101. *espadana*

O nome común *espadana* designa varias especies botánicas, principalmente tifáceas ou iridáceas, con follas semellantes a unha espada, de aí o seu nome, procedente do lat. SPATHA, ainda que cun «estraño sufijo -ANNA» (DCECH, II, 732), requirido polas formas castelá *espadaña* e galega e portuguesa *espadana*. Sobreira dá como sinónimo de *espadana* unha variante *espadela* (Sobreira, *Botánica*, 56 r). Merino asigna o nome galego de *espadana* ó *Iris pseudacorus* identificándoo co cast. *espadaña* (*Flora*, III, 145, *Iris pseudacarus* [sic]). Tamén o VCN (p. 119: cast. *lirio espadañal*, *Iris pseudocorus* [sic]), mentres que fai corresponder o cast. *espadaña* coa *Typha latifolia* e o galego *palla real* (VCN, 363). No portugués, Sampaio asigna o nome de *lírio dos charcos* ó *Iris Pseudacorus* (*Flora*, 123) e o de *espadana* a varias especies do xénero *Gladiolus* (p. 121). Font Quer dá como nomes portugueses do *Iris pseudacorus* os nomes de *ácoro-bastardo*, *lírio-amarelo*, *lírio-dos-pantanos* e como nomes galegos os de *espadaina amarela* e *abollacandelas* (Font Quer, 918). En Eladio Rodríguez figura *espadana* (na acepción botánica, pois dá *espadaina* para a arquitectónica correspondente ó cast. *espadaña* 'campanario') e o seu derivado *espadaneira*; o primeiro defíneo simplemente como «planta de la familia de las tifáceas y de raíz vivaz» (DEGC, II, 269).

101.1. Espadana

Non recollemos no territorio estudiado ningún exemplo coa forma simple. No NG figura un topónimo *Espadana* en Monfero, pero non sabemos se corresponde a un fitónimo ou se está relacionado coa acepción arquitectónica da voz *espadana*. Podería ser fitonímico un *Regueiro de Espadas*, PnH en Vilar de Barrio (M264-2).

101.2. Espadanal

Temos dous exemplos do derivado colectivo en -ALE:

O Espadanal, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)

Regueiro do Espadanal, CdA na Gudiña (M266-3)

No NG figura outro *O Espadanal* en Alfoz. O DCP recolle 5 *Espadanal*.

101.3. Espadanedo

O derivado co sufijo colectivo correspondente a -ÉTU está presente en:

Espadanedo, EdP en Xunqueira de Espadanedo

Xunqueira de Espadanedo, lugar, parroquia e concello

O NG recolle un topónimo *O Espadanedo* no concello de Mesía. No DCP figurán 2 *Espadanedo* e 1 *Espadanido*.

Do mosteiro de Xunqueira de Espadanedo posuímos documentación desde o séc. XI:

«*ecclesie Sancti Iuliani de Iuncaria de Espadanedo*» (ano 1174, XEsP, nº 1)

«*filiis Montis de Ramae et Iuncarie de Spadanedo Abbatibus in Auriense diocesi constitutis*» (ano 1198, XEsP, nº 2)

«*monasterio de Juncaria de Spadanedo*» (ano 1227, XEsP, nº 3)

«*moesteyro de Jūqueyra d'Espadanedo*» (ano 1313, MdR, AHN Clero, Cpta. 1490, nº 14)

«*ffrey Martin Lourenço, mōge de Junqueyra d'Espadanedo*» (ano 1324, MdR, AHN Clero, C.1492, nº 13)

«*Domīngo Perez de Villarjño, tauerneyro de Junqueyra d'Espadanedo*» (ano 1333, HGP, nº 68)

«*do mosteyro de Jūqueira d'Espadanedo*» (ano 1463, MdR, AHN Clero, Cpta. 1503, nº 14)

«*do couto do moosteiro de Junqueyra d'Espadanedo*» (ano 1482, MdR, AHN Clero, Cpta. 1504, nº 14)

«*logar de Ossende, que pertenece o dito mosteiro de Junqueira de Espadanedo*» (ano 1493, XEsP, nº 60)

O lugar de *Espadanedo*, no mesmo concello, atopámolo dun doc. do séc. XIV: «*eu, Sancha Pérez, moradeira no lugar a que chaman Espadanedo*» (ano 1333, ROC, nº 68).

No DCP figurán derivados en -ARIA, -ARIU en 2 *Espadaneira*, 1 *Espadaneiro*.

102. *esparto*

Esparto vén do lat. SPARTUM OU SPARTON, tomado do grego (DCECH, II, 738). En castelán e en portugués *esparto* designa varias especies do xénero

Stipa, principalmente a *Stipa tenacissima* (Sampaio, *Flora*, 66), empregadas para facer cordas. Non son especies moi abundantes na nosa flora, e tal vez sexa esa a razón de non atoparmos a voz *esparto* entre os nomes galegos de plantas recollidos por Sarmiento e por Sobreira. Merino (*Flora*, III, 349) non dá nome vulgar galego para as distintas especies do xénero *Stipa*. Crespo Pozo asigna ó cast. *esparto* as correspondencias galegas de *baracexo*, *mostil* e *lavacuncas*, polo que entendemos que non considera *esparto* voz galega (NCVCG, I, 592). Tampouco figura *esparto* no VCN. Si o encontramos en Eladio Rodríguez, que o explica como «*esparto, planta gramínea*» (DEGC, II, 271).

Temos dous únicos topónimos pertencentes a este tema no territorio estudiado, un co sufijo correspondente a *-ARIU* e o outro con *-ÉTU*:

Espartedo, EdP en Nogueira de Ramuín

Esparteiro, PnH en Maside (M187-2)

O primeiro figura como apelido toponímico en «*Pedro de Espartedo*» (ano 1485, RdS, nº 249).

Podería ser unha forma feminina plural coa variante en *i* do sufijo un topónimo medieval *Espartidas* que non identificamos na acualidade, localizado en Melias, A Peroxa: «*in loco qui vocatur Spartidas in Ripa Miney iusta grangiam Sancti Laurencii*» (ano 1162, OSR1, nº 40).

Non temos documentación antiga dun topónimo *As Partidas*, Edp(n) en Parada de Sil (M189-3), que podería responder a unha falsa interpretación dun topónimo idéntico ó *Espartidas* mencionado, áinda que a existencia do topónimo *A Partida*, EdP en Ramirás, mostra que *As Partidas* (e tamén *Espartidas*) pode ser igualmente un derivado de PARTIRE.

Non figura no NG ningún outro topónimo deste tema botánico. O DCP recolle 1 *Espartosa*.

103. *espiño*

A voz *espiño* (< lat. SPÍNU) ten un significado xenérico que pode designar diversas especies botánicas. Eladio Rodríguez defínea como «espino, arbusto espinoso de uno a tres metros de altura, perteneciente a las rosáceas (...) común en Galicia, donde se conocen diversas variedades» (DEGC, II, 279). Con diversos adjetivos designa distintas plantas; úsase frecuentemente para o espiño albar ou estripo, *Crataegus monogyna* (VCN, 120). Merino asigna o nome de *espiño* á *Prunus insititia* (*Flora*, I, 416), variedade de *abruñeiro* (vid. *abruñeiro* 045, *escambrón* 099, *estripo* 104).

103.1. Espiño

A forma simple é bastante común na toponimia; pode ter valor colectivo:

Espiño, EdP e parr. (*San Vicenzo*) na Veiga

Espiño, EdP en Oímbra

A Venda do Espiño, EdP na Gudiña

O Espiño de Sanmil, PnH en Cea e Piñor (M154-4)

O Espiño, PnH no Irixo (M153-4)

Alto do Espiño, PnH na Gudiña (M266-3)

Porto do Espiño da Veiga, PnH en Riós (M303-2)

Porto Espiño, PnH en Lubián (M266-4)

Regato de Val do Espiño, CdA en Riós (M303-2)

Espiños, PnH na raia con Portugal no cllo. de Calvos de Randín (M302-3)

O NG recolle lugares chamados *O Espiño* ou *Espiño* nos concellos de Carballo, Cerdido, Ferrol, Lalín (2 tops.), Oleiros, Ordes, Paradela, O Vicedo, Vilalba, Viveiro; *Espiño do Cal* en Abadín e *Cal do Espiño* en Monfero, *A Chan de Espiño* en Ponteareas, *Fonte Espiño* en Zas e *Rego de Espiño* en Lugo. *Espín*, en Trabada, presenta o resultado do galego nororiental para o sufixo -īNU. No DCP contamos 13 *Espinho*, entre eles a cidade de *Espinho*, documentada como *Spino* no ano 950 (OM, 327).

Na documentación antiga correspondente ó territorio estudiado atopamos outros topónimos idénticos: «*locum predictum quos vocitant Spino*» (ano 983, CLN, nº 432); un «*atalo de Spino*» ou «*Talo do Espino*» (anos 1257, OSR2, nº 799; 1273, OSR2, nº 1035), un *Espiño da Carbal* (?): «*outra leyra a o Espino da Carval; et som todas estas leyras na villa de Pedraficta*» (ano 1285, OSR2, nº 1174); un «*espino da Lama*» (ano 1324, FDU, nº 48); unha «*fonte de sobre lo Espino*» (ano 1352, TzS, fol 32v); un «*porto darriba de Espiño*» (ano 1427, FDU, nº 281), etc.

103.2. Espiña

A forma feminina podería non estar na toponimia con valor fitonímico, senón como metáfora oronímica.

Espiñas, EdP en Parada de Sil

Espiñas, PnH en Carballeda de Valdeorras (M188-4)

As Espiñas, PnH en Monforte (M189-1)

No NG figura *A Espiña* en Baleira. O DCP recolle 1 *Espinha*.

O topónimo *Espiñas* de Parada de Sil atopámolo en docs. do XIII: «*sursum a rivulo Sicco et inde sursum ad penedo de su Espinas*» (ano 1249, BCMO, T. 2, p. 292). Como apelido toponímico rexistramos un «*Pero d'Espiña*» (ano 1493, VFD1, nº 111).

103.3. Espiñeiro, espiñeira

Os derivados por medio dos sufixos correspondentes a -ARIU, -ARIA son moi numerosos:

- Espiñeiro*, EdP en Avión
Espiñeiro, EdP en Rairiz de Veiga
Espiñeiros, EdP e parr. (*San Breixo*) en Allariz
Espiñeiros, EdP no Irixo
Espiñeiros, EdP en Maside
Os Espiñeiros, EdP en Castro Caldelas
Espiñeira, EdP e parr. (*San Pedro*) no Irixo
Espiñeira, PnH en Lobios (M301-3)
A Espiñeira, PnH en Calvos de Randín (M302-3)
A Espiñeira, PnH en San Amaro (M187-3)
A Espiñeira, PnH en Vilardevós (M303-4)
A Espiñeira, PnH en Xinzo de Limia (M264-4)
Río de Espiñeira, CdA no Irixo (M154-3)
Espiñeiras, PnH en Xinzo de Limia (M264-4)
O Espiñeiro, PnH nos Blancos (M264-3)
O Espiñeiro, PnH en Calvos de Randín (M301-2)
O Espiñeiro, PnH en Chandrex de Queixa (M227-1, M-227-3)
O Espiñeiro, PnH en Cualedro e Monterrei (M302-2)
O Espiñeiro, PnH en Lobios (M301-3)
O Espiñeiro, PnH en Manzaneda (M227-2)
O Espiñeiro, PnH en Muíños (M301-2)
O Espiñeiro, PnH en Parada de Sil (M188-4)
O Espiñeiro, PnH na Peroxa e Carballedo (M188-1)
O Espiñeiro, PnH en Pontedeva (M263-1)
O Espiñeiro, PnH en San Xoán de Río (M189-4)
O Espiñeiro, PnH en Viana do Bolo (M266-1)
O Espiñeiro de Abaixo, PnH en Sandiás (M264-1)
Campo do Espiñeiro, PnH en Avión (M186-2)
Chaira do Espiñeiro, PnH en Padrenda (M263-1)
Val de Espiñeiro, PnH na Veiga (M228-1, M228-2)
A Veiga do Espiñeiro, PnH na Veiga (M228-4)
Picouto de Espiñeiros, PnH en Allariz (M226-3)
O Espiñeiriño, PnH en Melón (M224-2)

No NG figuran 16 (*A*) *Espiñeira* en Aranga, Barreiros, Boqueixón, Cangas, Cerceda, Cesuras (2 tops.), Cospeito (2 tops.), Curtis, Foz, Friol, Ordes, A Pastoriza, Rois e Sobrado, e *Castro de Espiñeira* na Fonsagrada; 4 (*O*) *Espiñeiro* en Outeiro de Rei, Tomiño, Vila de Cruces e Vilalba, e 2 (*Os*) *Espiñeiros* en Brión e Forcarei. No DCP contamos 18 *Espinheira*, 1 *Espinheirinha*, 2 *Espinheiras*; 17 *Espinheiro*, 3 *Espinheiros*, 1 *Espinheirinho*.

Rexistramos un topónimo *Espiñeira* non localizado na actualidade en «*in loco qui dicitur Ispineyra, dividentem per viam que vadit de Pousada ad montem*» (ano 1267, ROC, nº 32). O lugar da Espiñeira, en Rois, rexistrase no XIV como «*casal da Espineira*» (ano 1389, FDU, nº 252). Un *Espiñeiro* medieval en Melón podería identificarse co actual *Espiñeiriño*: «*pelo sebeiro de noso casal do Souto que oora ten Francisco Giraldes e ende como se uay ao Espineiro*» (ano 1366, RAM, nº 345). Na documentación antiga recollemos outros moitos topónimos idénticos: «*jaz ao Espineyro*» (ano 1413, MdR,

AHN Clero, Cpta. 1499, nº 10), «*et deinde per Spinarium*» (ano 1155, MdR, AHN, Clero, Cpta. 1481, nº 11); «*et ad illo Spinario aliam laream seminatura*» (ano 1106, CLN, nº 45); «*in illa senra circa illo Spinario inter larea de Amico*» (ano 1005, CLN, nº 204) etc.

103.4. Espiñal

Menos común é o derivado en **-ALE**:

Espiñal, EdP na Bola

Espiñas, EdP en Padrenda

O NG recolle un lugar *Espiñarcao* (< CANU, branco?) no concello de Abadín.

No DCP figuran 9 *Espinhal*.

103.5. Espiñedo, espiñeda

Temos derivados cos sufíxos correspondentes a **-ĒTU**, **-ĒTA** en

Espiñedo, EdP no Pereiro de Aguiar

A Espiñeda, PnH en San Xoán de Río (M189-4)

Espiñedos, PnH en Montederramo (M227-1)

Pola nasal palatal poden ser derivados romances de *espiño*, mentres que o segundo elemento de

Casal do Espido, Edp(n) en Sandiás (M264-1)

procede da forma latina SPINĒTU.

No NG figuran 4 *Espido* en Curtis, Meira, Monforte e o Vicedo, ademais dun *Ospido* (= *O Espido*) en Alfoz. A variante con *-n-* témtola en *Espindo* (*Espindo* < *Espiido* < SPINĒTU), en Forcarei. E unha forma con palatal *Espiñedo* na Pastoriza.

O DCP recolle 3 *Espindo*, 1 *Espido* e 1 *Espidelos* (< SPINĒTELLOS). Pode ser algúns dos primeiros o que aparece rexistrado como *Speedo*, *Spenido*, *Spiido* en 1258 (OM, 326); unha forma do diminutivo documéntase como *Spinitello*, ano 950, *Spiindelo*, 1258 (OM, 327).

Na documentación antiga rexistramos o lugar do *Espido* en Curtis: «*parrochialis ecclesie sancte Eulalie de Curtis et prestimonium nuncupatum del Villar do Spiindo*» (ano 1486, FDU, nº 354); «*sant Aya de Curtes, con el villar do Spyndo*» (ano 1524, FDU, nº 407). E unha PnH *Espiñeda* non identificada hoxe: «*per illo comaro usque feret in agro de Spineda*» (ano 1074, CLN, nº 278).

103.6. Espiñoso, espiñosa.

O derivado en **-OSU**, **-OSA** está presente en

Espiñoso, EdP e parr. (*San Miguel*) en Cartelle
A Espiñosa, PnH en Trasmiras (M264-4)
A Espiñosa, PnH en Sarreaus (M264-2)

O NG recolle un topónimo *Fonte Espiñosa* en Porto do Son. No DCP figuran 2 *Espinhuso*, 1 *Espinhuselo*, 3 *Espinhusa*.

Temos abundante documentación antiga do topónimo *Espiñoso* de Cartelle:

«*in villa quam vocitant Spinoso*» (ano 1005, CLN, nº 204)
 «*villa de Spinoso, quomodo iacet cum suos terminos levat se de rivulo Arnogia*» (ano 1005, CLN, nº 204)
 «*villa nostra quam abemus in villa de Spinoso*» (ano 1009, CLN, nº 202)
 «*divident ipsas villas cum Spinoso*» (ano 1051, CLN, nº 79)
 «*villas de regalengo, de Perarias, Nonnelli et Spinoso*» (ano 1077, CLN, nº 147)
 «*ualituram de Paazoo et de Spinoso*» (ano 1186, BCMO, T. 3, p. 174)
 «*Iohannes Petri de Spinoso*» (ano 1245, RAM, nº 35)
 «*doze moyos de pan en Espinoso e en Prado*» (ano 1302, VFD1, nº 39)
 «*o casar d'Espinoso que chaman da Cruz*» (ano 1302, VFD1, nº 39)
 «*o meu casal de Spinoso*» (ano 1402, RAM, nº 404)
 «*partindo ho monte de Minegeyra do d'Espinoso*» (ano 1461, VFD1, nº 82)
 «*Fernando de Freyxoso, veziño d'Espyñoso*» (ano 1510, VFD1, nº 116), etc.

103.7. Espiñeiral

Un exemplo de dupla derivación en *-ARIA/-ARIU* e mais en *-ALE* é o topónimo

Regueiro do Espiñeiral, CdA en Vilardevós (M303-4)

Outras formas con dupla sufixación son 2 *Espiñaredo* que o NG recolle na Capela (parr.) e Cedeira, 1 *Espiñarido* en Vilalba e 2 *Espiñeirido* en Ribeira e Cervo. Os primeiros procedentes de SPINARĒTU, estes últimos derivados romances de *espiñeira* ou *espiñeiro*.

Un exemplo de derivado con outro sufixo é o topónimo *Espiñuda*, que o NG recolle en Valdoviño.

103b. esteba

Sarmiento (*Vegetables*, 353) recolle *estepa* e *esteba* como denominacións galegas da planta cistácea chamada en castelán *estepa*, port. *esteva*, *Cistus ladaniferus* (Sampaio, *Flora*, 199) ou *Cistus ladanifer* (VCN, 112), que recibe tamén os nomes de *chagazo* (vid. 083) e *carpaza* ou *carpaza do ládano* en

galego e *jara* en castelán (VCN, 112). Noutros dicionarios, coma o DEGC, só figura a forma *estepa*. A mesma denominación aplícase en ocasións a outras especies do mesmo xénero, coma o *Cistus populifolius* (*estevão* en portugués).

O cast. *estepa* procede dun hispano-latino STÍPPA, de orixe incerta; o portugués *esteva* e as formas galegas con *-b-* proceden dunha variante STÍPA, rexistrada en Santo Isidoro (DCECH, II, 783, s.v. *estepa* II).

O prof. Piel asigna a este tema léxico derivados en *-ALE* e *-ARIA* (10 *Esteval*, 7 *Estevaes*, 12 *Esteveira*) da xeografía portuguesa e posiblemente 2 formas simples galegas *Esteva* (*Esteba*) nos concellos de Monterroso e Taboada (Piel, 1968a, II, 182). Na toponimia menor do territorio estudiado recollemos un exemplo de derivado en *-ARIA* e outro en *-ÉTU*:

Penedo da Estibeira, PnH en Cualedro (M302-4)

Estibido, PnH en Manzaneda (M227-2)

Non teñen relación con este tema os numerosos (*A*) *Estibada*, (*As*) *Estibadas*, que derivan de *estivar* < STÍPARE (DCECH, II, 787).

Ós topónimos portugueses citados por Piel debemos engadir un diminutivo *Esteveirinha* e varios exemplos que evidencian a existencia dunha variante portuguesa *esteba*: 2 *Estibeira*, 1 *Estibeiras*, 1 *Estibeiral*, este último con dupla sufixación, todos eles no DCP.

104. *estripo*

O gal. *estripo*, port. *estripo*, *estrepe* ou *esterpe*, son nomes do espiño albar, *Crataegus monogyna*, e outras rosáceas (vid. *escambrón* 099, *espiño* 103). Proceden do lat. STÍRPE, debido ó seu uso para enxerto dalgúnhas variedades de árbores froiteiras. Sarmiento emprega *estripo* como denominación xenérica que pode referirse a varias especies (*Vegetables*, 103r-103v). Eladio Rodríguez defineo como «espino albar, píruétano, peral silvestre, majuelo, majoleto, arbusto que crece en los setos de la tierra gallega» (DEGC, II, 308), e dá ademais as variantes *estripeiro* e *estripio*. O VCN (p. 120) dá *estripo* como sinónimo de *escambrón*, *espiño albar*, *estripo albar*, *estripo* ou *cambrón*, que corresponde á *Crataegus monogyna*, en castelán *majuelo*. Do latín STÍRPE esperaríamos formas con *-e* coma as portuguesas mencionadas; o común *estripo* pode ser un derivado regresivo de *estripeiro*, e este é derivado de STÍRPE co sufijo *-ARIU*.

Non localizamos no territorio estudo ningún derivado deste nome. No NG atopamos un único exemplo no lugar chamado *O Estripeiro*, en Gondomar. Na toponimia menor da Galicia suroccidental son topónimos relativamente comuns *Estripeiro* ou *Estrepeiro* e *Estripeiral* (Rivas 1982, p. 165). O DCP só recolle 1 *Estrepal*.

105. *faba*

O gal. *faba* designa a semente comestible de diversas leguminosas hortícolas, principalmente do xénero *Phaseolus*. Dado que formas derivadas ou adxectivadas de *faba* teñen outras acepcións botánicas (Pensado, 1974, p. 148; Sarmiento, *Vegetables*, 1158, 1311, 1606), é posible que algúns topónimos non se refira ás especies cultivadas senón a calquera outra variedade silvestre.

105.1. Faba

Non recollemos ningún topónimo coa forma simple. Atopamos exemplos na toponimia menor medieval:

- «*a nossa vina da fava que est no ouliuar*» (ano 1307, HGP, nº 62)
- «*praça da Faua*» (ano 1344, MdR, AHN Clero, Cpta. 1494, nº 11)
- «*vina da Faua*» (ano 1365, MdR, AHN Clero, Cpta. 1496, nº 11)
- «*Muro da Faua*» (ano 1401, MdR, AHN Clero, Cpta. 1498, nº 15)
- «*Leyra chamada da Faua*» (ano 1449, MdR, AHN Clero, Cpta. 1502, nº 8), etc.

105.2. Fabal

O derivado en *-ALE*, *fabal*, é voz común que figura como entrada nos dicionarios. Eladio Rodríguez define *fabal* como «habar, terrreno sembrado de habas, y sitio donde sólo se cultiva esta planta» e dá como sinónimo *fabeiro* (DEGC, II, 317).

Temos este derivado nos seguintes topónimos do territorio estudo:

- O Fabal*, PnH en Riós (M303-2)
- O Fabal*, PnH en Porto (M266-2)
- O Fabal*, PnH na Pobra de Trives (M227-2)
- O Fabal*, PnH en Lobios (M301-1)

O NG recolle 4 *Fabal* ou *O Fabal* en Arzúa, Cervantes, San Sadurniño e Sanxenxo, e 6 plurais *Fabás* ou *Os Fabás* en Cambre, Cesuras, Ortigueira, O Vicedo, Vilalba e Viveiro.

A correspondente forma portuguesa derivada de *fava* dá nome a 5 *Faval*, 4 *Favais*.

Na documentación medieval rexistramos topónimos menores semellantes no territorio estudiado: «*que chaman o Fauall*» (ano 1343, RAM, nº 304); «*con a vina do Faval*» (ano 1417, RdS, nº 117); «*a nosa vina do Faval*» (ano 1418, RdS, nº 126).

105.3. Fabeiro

O derivado *fabeiro* que figura nos dicionarios como sinónimo de *fabal* atopámolo en:

Fabeiros, EdP no Irixo

O Fabeiro, PnH en Carballedo (M188-1)

No NG hai un feminino *Fabeira* en Catoira; o masc. *O Fabeiro* en Monforte (onde hai tamén *O Chao do Fabeiro*) e Ortigueira; e *Vilafabeiro* en Noia.

O DCP non recolle ningún derivado en –ARIA, –ARIU.

105.4. Fabariza

Temos un exemplo de derivado en –AR–ÍCÉA en

A Fabariza, PnH en Coles e A Peroxa (M188-1)

Elixio Rivas (1982, p. 166) recolle e comenta un topónimo menor idéntico *A Fabariza* en Marín. Paralelo destes é *Fabaínza*, en Pantón, recollido e comentado por Palacio (1981, 351) e que esixe un étimo FABALICÉA, pois presenta un –n– xurdido dunha nasalización non etimolóxica das vogais que estaban en contacto co –l– caído.

No DCP hai o equivalente *Favariça*.

105.5. Faboca, fabaca e outros derivados

Os derivados *faboca*, *fabaca* designan certa variedade de fabas. Eladio Rodríguez define *faboca* como «Haba silvestre que se cultiva mucho en algunas comarcas gallegas; *faba loba*». Franco Grande define *fabaca* como «variedad de arveja, mas gruesa y vellosa» (XLFG, 495). Sarmiento recolleu a variante *fabaca* en Samos: «*Faba loba. La fabaca de Samos*» (*Vegetables*, 396), e identifica a planta como *Lupinus* (*Vegetables*, 657, 1158). En portugués reciben os nomes comúns de *tremoço*, *tremoceiro*, *tremôço-bravo* as diferentes especies do xénero *Lupinus* (Sampaio, *Flora*, 275), que se corresponden cos *altramuces* do castelán, voz de orixe árabe (DCECH, I, 222). Non recollemos no territorio

estudado nin no NG derivados de *faboca* ou de *fabaca*. Esta última tivo uso en Portugal, competindo coas voces mencionadas para designar as matas de *Lupinus* e as súas sementes comestibles, como proban os topónimos recollidos no DCP: 2 *Favacal* e 1 *Favaqueira*.

Outro derivado de *faba* mediante o sufijo de orixe prerromana *-ego* (<—AECL) é *A Fabega*, nome de dúas entidades de poboación en Abadín e Mondoñedo.

106. *faísca*

Os dicionarios galegos recollen para *faísca*, ademais do significado que a fai sinónimo de *charamusca* ou *chispa* e outras acepcións secundarias, o de folla do piñeiro, que recibe na nosa lingua numerosas denominacións (DEGC, II, 324; Bouza Brey 1948). As formas *faísca* galega e portuguesa esixen unha base *FALISCA, que tamén explica o salmantino *fuisca* «'broza, ramaje vicioso'» (DCECH, II, 378b s.v. *chispa*). Para Corominas, este *FALISCA resultaría dun cruzamento do lat. FAVILLA e o xermánico FALAVISKA, ámbolos dous co mesmo significado de 'chispa', e aínda pode considerarse tamén a posibilidade dun cruzamento coa familia de FALÜPPA (DCECH, II, 379b), da que procede a forma *foupa* (Meyer-Lübke, REW, 3173; Piel, 1953a, pp. 171-172), que ten, como *faísca*, non só o significado de 'chispa' senón tamén o de 'folla do piñeiro', e outra acepción máis xenérica como material para acender o lume, que aparece nunha glosa do séc. X: «*paleas minutissimas uel surculi minuti quos faluppas uocant*» (cit. por Piel, 1953a, p. 171), e que seguramente é a que explica a presenza de derivados de *faísca* na toponimia.

106.1. Faísca

Só atopamos un exemplo no NG no nome dun lugar en Narón chamado *Faísca*. O DCP recolle 1 *Faísca* e 1 pl. *Faíscas*. Probablemente deben o seu nome ó feito de seren lugares onde abundaba a frouma ou garamalla empregada para acender o lume.

106.2. Faiscal

Nos derivados, o desprazamento acentual reduce o hiato *aí* da forma simple e temos:

Fiscal, EdP en Nogueira de Ramuín
Fiscás, EdP en Carballeda de Avia
Fiscal, PnH en Riós (M303-2)
Souto de Fiscal, PnH en Riós e Vilardevós (M303-2)
Río Fiscaño, CdA na Pobra de Trives (M189-4, M227-2)

Este último correspondente a un diminutivo *FALISCALÍNU.

O DCP recolle 2 *Fiscal*.

Rexistramos o lugar chamado *Fiscal* en Nogueira Ramuín na documentación antiga, con grafías que posiblemente apoian a hipótese etimolóxica proposta:

«duo casalia que habemus in **Fiscal** de Susano» (ano 1196, RdS, nº 7)
 «hereditate de Celeiroo, que est inter **Fiiscal** et rivulum Caeu» (ano 1196, RdS, nº 7)
 «lugar de **Fiiscal**, su o signo de San Juan de Moura» (ano 1447, RdS, nº 198)

e como apelido en

«Areas Peris de **Fiscal**» (ano 1381, MdR, AHN Clero, Cpta. 1497, nº 9)
 «Ares Peres de **Fiscal**» (ano 1407, MdR, AHN Clero, Cpta. 1499, nº 1), etc.

O *Fiscás* de Carballeda de Avia témolo en «Johan de **Fiscaes**» (ano 1288, RBV, nº 2; VFD1, nº 31), «Gomes Vazques de **Fiscas**» (ano 1483, RBV, nº 25), etc.

Un medieval *Souto Fiscal*, non identificado hoxe mais localizado nos arredores de Ponteareas (en Cillarga, Ribadetea), atopámolo nun documento do século XI: «In giro Ziliarea, **Sauto fiscal**» (ano 1019, Tumbo A, nº 61).

106.3. Faisqueiro

O derivado por medio do sufijo -ARIU témolo en:

Fasqueiros, PnH en Sandiás (M264-1)
Fasqueiros de Abaixo, PnH en Sandiás (M264-1)
Fasqueiros do Medio, PnH en Sandiás (M264-1)

Con monotongación da sílaba pretónica.

107. *fariña*

Os dicionarios galegos recollen algúns derivados do latín FARÍNA con significados botánicos concretos. E. Rodríguez define *farnar* (< FARINARE) como «fecundarse los cereales y las vides», e de aí o substantivo *farna*, *esfarna*, «Fecundación de ciertas plantas» (DEGC, II, 334) e «amento del maíz o pendón». De FARINA derivan tamén os nomes de *farnelo* (< FARINELLU) e mais *farnento* (< FARINÉNTU) cos que se coñece a planta *Chenopodium album* (Merino, *Flora*, 2, 586).

107.1. Fariña

Descoñecemos cal é o verdadeiro significado que encerran os topónimos en que aparece a forma simple *fariña*. É probable que directa ou indirectamente aludan á flora, ben polo cultivo de cereais (cf. *pan* como denominación do *centeo*) ou ben por outras especies silvestres, pero tamén poderían constituír antropotopónimos, dado o uso común deste substantivo como apelido, en singular e plural, talvez nacido por referencia ó cabelo branco ou á condición de muiñeiro. Temos dous exemplos, o primeiro semellante a outros nomes de entidades de poboación que conteñen o plural dun apelido; o segundo cun epíteto de cor:

Fariñas, Edp(n) na Veiga (M228-1)

Fariña Branca, PnH en Vilar de Barrio (M265-1)

O NG recolle *As Fariñas* en Santa Comba; *Mollafariña* en Xermade (cf. *Mollapán* en Crecente) e *Val de Fariña* en Pedrafita

No DCP figuran 1 *Farinhas* e 1 *Farinha Branca* coma o ourensán

107.2. Farnadeiros

Crespo Pozo dá para *farna* o significado de ‘amento del maíz’ e considera derivados seus *farnadeiro* e *farnadeiros*, que son formas toponímicas (NCVCG, III, 91). Dado que atopamos documentados estes topónimos desde o século X, é evidente que non se refiren ós amentos ou barbas do millo chegado de América. Interésanos máis para explicar estes topónimos a forma *farnentos* e outras paralelas que dan nome ó *Chenopodium album*. Sarmiento identificou esta planta, chamada *ceñigo* ou *cenizo* en castelán, e deu a explicación etimolóxica: «*farnento* (o *farnentos*) esto es, *fariñento*, por la casi harina o ceniza que tienen debajo de las hojas cuando están tiernas» (Sarmiento, *Vegetables*, 777), «*farnentos*; acaso de *farinentos*, por el polvillo» (*Vegetables*, 453). Merino asigna ó *Chenopodium album* os nomes galegos de *farnelo* e *farnento* (Merino, *Flora*, II, 586; III, 679). Ademais de *farnelo* e *farnento* debemos considerar unha denominación *fernandos* recollida por Sarmiento «*Fernandos*: Llaman así en Armenteyra a los *farnentos*» (*Vegetables*, 856). Dada esta forma, e mailo paralelismo, indicado xa por Sarmiento, do italiano *herba infarinata* para a mesma planta (*Vegetables*, 730, 777), parece evidente que *fernandos* é unha corrupción, por interferencia do antropónimo, dun hipotético **farnados* (< FARINATOS), co que podemos explicar os topónimos seguintes, derivados co sufijo correspondente a -ARIOS:

Farnadeiros, EdP e parr. (*San Pedro*) en Muíños,

Deste **Farnadeiros** recollemos na zona as variantes vulgares **Fernandeiros** e **Fornadeiros**, a primeira por interferencia do antropónimo, a segunda probablemente por *forno*, *fornada*. Esta forma *Fornadeiros* chegou a ter presenza nos nomenclátores e na rotulación viaria.

Rexistramolo na documentación antiga:

«*in ripa Limie, in Farnatarios villa quos fuit de Amico Aloytiz ab integro*» (ano 1051, CLN, nº 292)

«*super villas de Sautello et Farnatarios*» (ano 1062, CLN, nº 526)

O NG recolle **Farnadeiros** como nome de dúas parroquias (*San Pedro*, *Santo Estevo*) no concello lugrés do Corgo.

Tamén rexistramos estes **Farnadeiros** lugueses na documentación antiga: «*S. Petro de Franatarios*» (ano 747, Olano 54, p. 202), «*Farnatarios*» (ano 897, Olano 54, p. 203; *Lvcensia*, p. 152); «*Sancti Stephani de Farnadarios*» (ano 1120, Olano 54, p. 202); «*S. Petri de Farnadarios*» (ano 1120, Olano 54, p. 203); «*Farnadarios*» (anos 1133, 1207, 1228, *Lvcensia*, p. 152).

107.3. Outros derivados

Non posuimos documentación que permita confirmar que **Fernal**, nome de 2 lugares en Salvaterra de Miño e Tui, corresponde a un derivado de FARINA co sufijo correspondente a **-ALE**, ***FARINALE**.

Un derivado de *fariña* co sufijo correspondente a **-ARIU** é

Outeiro dos Fariñeiros, PnH en Laza e Sarreaus (M264-2)

No DCP figura 1 **Farinheiro**.

108. fatón

Sarmiento recolle en Ourense o nome dos *fatóns*, *fatós*: «en Orense un género de ciruelas muy panzudas» (*Vegetables*, 470), tamén chamadas *fartabellacos* (*Catálogo*, 93 r). Corominas relaciona o nome dos *fatóns* coa voces comúns galegas *fato* ‘vestidos’, ‘porción de gando, grupo de persoas ou cousas’ e *fatelo*, port. *fato*, cast. *hato*, *hatillo*, para os que defende un étimo xermánico ***FAT-** (DCECH, III, 326-328).

Dous topónimos do territorio estudiado poderían estar emparentados con este tema:

Fatón, EdP en Cea
Fatón, PnH en Maceda (M226-2)

Pola súa terminación e a ausencia do artigo parece que igualmente poderían ter orixe antropónímica, pero non atopamos nos repertorios onomásticos latinos nin xermánicos un nome que os explique satisfactoriamente. Dun nome persoal *Fato* rexistrado por Schulze (163, 315) esperaríamos a sonorización do *-t-*, polo que temos que desbotalo. Aínda cabería consideralos zoonímicos, derivados en *-ÔNE* de *fato* no sentido de ‘rabaño’. Non atopamos no NG nin no DCP topónimos semellantes. O DCP inclúe 1 ***Fato*** e 1 ***Fatacos***, dos cales ignoramos a orixe e o significado, aínda que cremos que poderían estar relacionados cos *fatos* de gando.

Se dúbida é un fitotopónimo relacionado coa variedade de ameixa chamada *fatón* o PnH ***O Fatoeiro***, no concello de Pantón (Palacio 1981, 242).

109. *feixó, freixó*

Feixó e *freixó* (< lat. PHASĒOLU) son denominacións comúns de certa variedade de fabas, ou das fabas en xeral (DEGC, II, 341, 377). A primeira destas formas, coas grafías *Feijó*, *Feijoo*, *Feixoo*, ten presenza como apelido na onomástica do territorio estudiado. Debeu de tratarse en orixe dun alcume (cf. lat. *Cicero*).

Temos a forma simple en tres topónimos:

Feixó, PnH en Hermisende (M304-2)
Os Feixós, PnH en Muíños (M301-2)
Os Feixós, PnH na Veiga (M228-4)
Os Freixós, PnH en Manzaneda (M227-2)

Algún dos tres primeiros podería ter orixe no apelido, en alusión a antigos propietarios. O DCP recolle 3 ***Feijó***, 2 ***Feijão***.

E un único derivado en *-ALE*:

O Freixoal, PnH en Chandrex de Queixa (M227-1)

O NG recolle outro ***O Freixoal*** en Tomiño. No DCP figuran 4 ***Feijoal***, 1 ***Feijoais***, 2 ***Feijoeira*** e 1 ***Feijoeiro***.

110. *feno, feo*

As voces galegas *feno* e *feo* proceden do lat. FĒNU «hierba segada y seca para alimento del ganado» (DCECH, III, 342). A forma sen *-n-* é continuadora do *fēo*

medieval, que en portugués foi desprazada pola variante culta *feno*, latinizante ou castelanizante, supostamente para evitar a homonimia co advx. *feo ~ feio* na forma simple e con *fio* nos derivados (Leite de Vasconcelos, *Opúsculos*, I, 527; Piel 1989, p. 79). En galego conviven *feno* e *feo*. Na tradición lexicográfica galega atribúeselle a *feno* un significado xenérico, idéntico ó que tiña en latín e ó de *heno* en castelán. En cambio, a *feo* asígnanselle significados más específicos para denominar outras especies vexetais concretas que non teñen relación co *feno* de que se alimenta o gando (Pensado, 1974, 150-152). Sarmiento recollía unha variante *freo* e definía así: «*freo* en Tenorio es el *feo* o *feno* verdadero o *heno*, que es como juncos muy fuerte» (*Vegetables*, 1438). Eladio Rodríguez explica *feno* como «*heno, hierba de los brañales, perteneciente a las gramíneas*» (DEGC, II, 342). Merino recolle *feo bravo* como nome galego da *Deschampsia flexuosa* ou *Aira flexuosa* (*Flora*, III, 294) e *feo* como designación local en Olveira e Corrubedo para outra especie: a *Ammophila arenaria* (*Flora*, III, 264), asignación que reproduce o VCN (p. 121).

Da presenza deste tema na toponimia galega ocupáronse, entre outros, J. M. Piel (1948, p. 325) e A. Moralejo Lasso (TGL, 103).

110.1. feo, feno

A forma patrimonial galega e portuguesa é a que presenta perda do *n* intervocálico. A variante *feno* temos que considerala cultismo ou resultado da reposición do *-n-*.

A forma simple témtola nun único topónimo

O Feno, PnH en Vilardevós (M303-2, M303-4)

No NG figura unha entidade chamada **Feo** no concello de Ortigueira.

110.2. Feal, fial

É moi común o derivado por medio do sufixo *-ALE*, *FĒNALE*, que dá as variantes *Feal* / *Fial*. As formas con *e* e con *i* conviven ás veces na fala para un mesmo topónimo, mentres que noutros casos prevaleceu unha variante sobre a outra na lingua oral e na tradición escrita. No territorio estudiado recollemos os seguintes:

Feal de Ansemil, EdP en Celanova

- O Feal*, PnH en Vilar de Santos (M264-1)
O Feal, PnH en Toén e Barbadás (M225-2)
O Fial, PnH en Quiroga (M189-1)
O Fial, PnH na Veiga (M228-4, M229-3)
O Feal ou O Fial, PnH en Lobeira e Lobios (M301-1)
Costaneiras do Feal, PnH en Lobios e Muíños (M301-4)
O Fial das Corzas, PnH en Vilariño de Conso (M265-1)
Serra do Fial das Corzas, PnH en Laza e Vilariño de Conso (M265-1)
Alto do Fial, PnH na Veiga (M228-4)
A Fonte do Feal, PnH en Lobeira (M263-3)
O Marco do Fial, PnH en Sarreaus e Vilar de Barrio (M264-2)
A Veiga do Fial, PnH en Laza e Vilariño de Conso (M265-1)
A Cabeza da Veiga do Fial, PnH en Laza e Vilariño de Conso (M265-1)
Regato ou Rego do Fial, CdA en Quiroga e Ribas de Sil (M189-1, M189-2)

O NG recolle 14 localidades chamadas *Feal* ou *O Feal* en Cabanas, A Cañiza, Castro de Rei, Cerdido, Fene, Irixoa, A Laracha, Melide, Monfero, Narón, Noia, Vedra, Vilagarcía de Arousa e Xermade.

No DCP figuram 5 *Fial*.

Na documentación antiga atopamos frecuentes topónimos menores semellantes:

«*do feal da Bouça das terças*» (ano 1399, FDU, nº 258); un «*Fenale de Cabrejra*» (ano 1134, MdR, AHN Clero, Cpta. 1481, nº 6), etc.

Parece pouco probable que corresponda a un derivado de FENO o nome da parroquia de *Santa María de Feá*, en Toén, que atopamos na documentación antiga: «*cum leyra de sancta Maria de Fiaa*» (ano 1264, OSR2, nº 917); «*et in termino de Fiaa*» (ano 1272, OSR2, nº 1017); «*Pay Martinez capellan de Fiaa*» (ano 1282, OSR2, nº 1158); «*Santa Maria de Fiáá*», «*na freegueria de Santa Maria de Fiáá*» (ano 1302, HGP, nº 61); «*á iglesia de Fiáá*», «*Santa María de Fiáá*», «*Santa María de Fiá*» (o mesmo documentación, ano 1302, en VFD1, nº 41); «*a Santa María de Feaa*» (ano 1303, VFD1, nº 42); «*Santa Maria de Fean*» (ano 1414, BCM, T 1, p. 306); «*Pero Lourenço de Feá clérigo*» (ano 1472, RBV, nº 24), etc.

110.3. Feás, fiás, feáns

Moi común é igualmente o plural FÉNALES, que presenta na toponimia as variantes *Fiás*, *Feás*, *Fiais* e *Feáns*. No territorio estudiado temos

- Feás (San Miguel)*, parr. e lug. en Calvos de Randín
Feás (Santo Antón), parr. e lug. en Boborás
Fiais, EdP en Quiroga
Casal de Feás, EdP na Bola
Feás, PnH en Baños de Molgas (M226-1)
As Lamas de Feás, PnH en Baltar (M302-1)
A Veiga de Feás, PnH en Calvos de Randín (M302-1)
Alto de Fiais, PnH na Veiga (M190-III, M190-3, M190-4)

Cavorco de Fiais, CdA na Veiga (M190-4)

Os Fiás, PnH en Vilariño de Conso (M265-2)

Regato dos Fiás, CdA en Vilariño de Conso (M265-2)

O NG recolle ademais 8 *Feás* en Antas de Ulla, Aranga (nome de parr.), Cervo, Lalín, Mesía (2 tops. *Feás e Feás de Riba*), Ortigueira (nome de parr.) e Paradela; e 3 *Feáns* na Coruña, Negreira e Santiago. O único que aparece no NG coa forma *Fiais* é o mencionado de Quiroga.

No DCP figuran 13 *Fiñas*.

Posuímos abundante documentación do mosteiro portugués de *Fiñas*, preto de Melgaço, con propiedades a un lado e outro da actual fronteira, do cal se publicou a colección diplomática en transcripción de Ferro Couselo, con docs. dos séculos XII e XIII. Xa atopamos referencias ó lugar de *Fiñas* en séculos anteriores:

««*alia villa quam dicunt Fenales*» (ano 916, CLN, nº 71)

«*Fenales, Bouvadella, Kastanaria*» (ano 1029, CLN, nº 457),

aínda que o editor do Tombo de Celanova dá o primeiro como lugar non identificado e o segundo erradamente como referido ó *Feás* de Calvos de Randín. En docs. doutras coleccións diplomáticas galegas lemos frecuentes referencias a esta parroquia e mosteiro que na Idade Media pertencían á diocese de Tui:

«*Lupus Martini monacho de Fenales*» (ano 1224, OSR1, nº 252)

«*ad operam de Fenalis II solidos*» (ano 1227, OSR1, nº 289)

«*in monasterio de Fenalibus, cisterciensis ordinis*» (ano 1249, OSR1, nº 617)

«*frater Pelagius conversus de Feaes*» (ano 1249, OSR1, nº 617)

«*a Santa Maria de Feaéés*» (ano 1281, HGP, nº 55)

«*monesterio de Feás*» (c. 1490, Entrimo, p. 265), etc.

O *Feás* de Cedeira témolo en «*Pedro Eanes de Feaens*» (ano 1280, OSR2, nº 1147); «*Pedro Eanes de Feaes*» (ano 1262, VFD1, nº 11); «*coutos de Môfero & de Pruços & de Mjñorferral & de Feás*» (ano 1367, HGP, nº 14)

Atopamos outro topónimo idéntico *Feás* ou *Feáns* próximo a Deva:

«*deinde cum souto de Feaes, deinde per caminum*» (ano 1266, RAM, nº 154)

«*diuiditur cum Feaes (...) deinde cum sancta Maria de Pao*» (ano 1268, RAM, nº 167)

«*en a feglesia de san Uereysemus de Deua hu chaman Leuada de Cidi (...) et da*

«*outra parte con a erdade de Feás*» (ano 1280, RAM, nº 226)

«*a metade do casal da Lama con a metade das casas do Outeiro, que jas na aldea de Feaas*» (ano 1460, RAM, nº 501), etc.

Pola súa localización, e considerando a variante *freo* recollida por Sarmiento, poderíamos pensar que se trata do lugar de *Freáns de Deva*, no concello de Pontedeira, pero temos que desbotar esta identificación pois este lugar atopámolo documentado como *Froiaas* (ano 1366, RAM, nº 345) ou *Froyaes de Tradeua* < TRANS DEVA (ano 1324, RAM, nº 278), formas que evidencian a orixe antropónímica a partir de FROILANIS, xenit. do nome persoal xermánico FROILA (Piel-Kremer, HGN, 106, 9).

110.4. Fieira, fieiro

Temos un exemplo de derivado FĒNARIU en

O Fieiro, PnH en Calvos de Randín (M302-3)

O NG recolle 2 *Fieiro* en Mazaricos e Porto do Son e 2 *Fieira* na Laracha e Ortigueira.

No DCP non hai ningún derivado deste tema cos sufíxos correspondentes a –ARIU, –ARIA.

110.5. Fiosa, fiallo

O NG recolle en Lousame un topónimo *A Fiosa* que corresponde moi posiblemente a ILLA FĒNŌSA, de *feno* ou *feo* co sufíxo –ŌSA.

O DCP recolle un exemplo do correspondente masculino *Fioso*.

No NG figura un topónimo *Fialla* en Noia que podería conter un derivado *FĒNĀCŪLA, paralelo dos *Fialho* (3 tops.) portugueses para os que Piel propón un sufíxo –ĀCŪLU sobre o tema de FĒNU (Piel, 1989, 79).

Non debe de pertencer a este tema *Fiaños*, en Cesuras, que semella un derivado de FĒLU ‘fío’, usual como apellido no singular *Fiaño*, polo que o topónimo podería ser un plural deste apellido.

111. *fento, felgueira*

As formas galegas *fento*, *fieito*, *feito*, port. *fento*, *feito*, *feto*, cast. *helecho*, proceden do latín FĒLICTU, que en orixe era un colectivo ‘mata de fentos’, derivado do clásico FĒLIX, –ČIS ‘fento’. Doutro nome colectivo paralelo, FĒLICARIA, saíron o fr. *fougère*, oc. *feuguiera*, cat. *falguera*, ast. *felguera* e o galego *felgueira*, *folgueira*, *folgueira*, que poden ter valor colectivo ou designar a planta simple. Para a forma feminina *felga* está rexistrado un latín tardío FĒLICA; o masculino *felgo* podería ser creación analóxica a partir de *felga* ou constituír un derivado regresivo de *felgueira* (DCECH, III, 339; Pensado, 1974, p. 150). Sobreira caracteriza *felga* como propio de Mondoñedo e faino sinónimo de *fento* (*Botánica*, 56 v), aínda que na tradición lexicográfica galega asígnanselle a *felga* outros significados botánicos distintos e más xenéricos (Pensado, 1974. 149-150): «raíces secas de hierbas, y principalmente de la grama», «maleza de los vallados» (DEGC, II, 351).

Todas estas son denominación que se aplican a múltiples especies botánicas das *Pteridophytae*, principalmente o *Pteridium aquilinum* (fento común, fieito

común, folgueira común), o *Polypodium vulgare* (fento das pedras, fento dos valos), *Athyrium filix-femina* (fenta, fento femia), *Dryopteris filix-mas* (fento macho), etc. (VCN, 121).

111.1. Fento, fenta

As formas *fento*, *fenta* derivan de FÍLICTU, FÍLICTA. O *n* pode explicarse como resultado dunha nasalización do hiato resultante da caída do *-l-* intervocálico, pero puido existir unha variante vulgar *FINICTU, dado o salmantino *fenecho* (DCECH, III, 339). Temos estas formas nos seguintes topónimos:

O Cavanco dos Fentos, PnH na Gudiña (M304-1)

As Fentas, PnH en Porqueira, Xinzo, Vilar de Santos e Rairiz (M264-3)

A Fentiña, PnH en Viana do Bolo (M266-1)

Regato das Fentas, CdA en Avión (M224-2)

Val de Faínto, PnH na Pobra de Brollón (M189-1)

Neste último coa forma *faínto*, idéntica a unha das denominacións sanabresas do *fento* recollidas por Krüger (*Homenaje a M.-P.* II, 125).

O NG recolle *Fetos* en Carnota, que presenta o mesmo resultado cá variante portuguesa *fêto*.

No DCP figurán 1 *Feitos*, 1 *Feitas*. A variante *fento*, que constitúe con *feto* a forma usual portuguesa (Sampaio, *Flora*, 10-12), non deixa restos na toponimia maior de Portugal, nin na forma simple nin nos seus derivados.

111.2. Fentar, fental

Temos os seguintes derivados en *-ALE* (FÍLICTALE):

O Fental, PnH en Cualedro (M302-2)

O Fental, PnH en Riós (M303-2)

O Fental, PnH en Castrelo do Val (M265-3)

O Fental, PnH en Vilariño de Conso (M265-2)

O Fental, PnH en Verín e Vilardevós (M303-1)

O Fental, PnH en Sandiás (M264-3)

O Fental, PnH en Muíños (M301-4)

O Fental, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)

O Fental, PnH en Cartelle (M225-3)

O Fental, PnH en Baltar (M302-1)

O Fental, PnH en Laza (M265-1)

Coto do Fental, PnH en Barbadás e San Cibrao das Viñas (M225-2)

Regato do Fental, CdA na Gudiña (M265-4)

Fental da Pena Redonda, PnH en Lobeira (M301-1)

Regato do Fontal de Cucos, CdA na Mezquita (M304-1)

Regato de Fontar de Sapos, CdA en Monterrei (M303-1)

Os Fentás, PnH en Riós (M265-4)

Os Fontais, PnH en Carballeda de Valdeorras (M229-1)

O Feintal, PnH en Pías (M266-2)

Este último correspondente á mencionada forma *fainto*, *feínto*.

As formas con *o*, *Fontal de Cucos*, *Fontar de Sapos* e *Os Fontais*, poderían non pertencer a este tema fitonímico e ser hidrónimos procedentes de FONTANALE (cf. *Hontanar* cast.), derivado de FONTE.

O NG recolle 4 *O Fental* no Corgo, Cotobade, Monterroso e As Neves e 1 pl. *Fentáns* en Cotobade. Derivados correspondentes á variante *fieito* son 3 *Fieital*, en Carballo, Curtis e Irixoa, e mais *Os Fieitás*, en Villalba.

No DCP contamos 4 *Feitais*, 5 *Feital*, 2 *Fetal*, 7 *Fetais*.

111.3. Fenteira, fieiteria

Recollemos os seguintes derivados correspondentes a FÍLÍCTARIA:

A Fenteira, EdP en Boborás

A Fonteiriña, EdP en Nogueira de Ramuín

A Fonteiriña ou *A Fenteiriña*, Edp(n) en Celanova (M225-4)

A Fenteira, PnH en Montederramo e Chandrex de Queixa (M227-1)

A Fenteira, PnH en Sober (M189-1)

A Fenteira, PnH en Vilariño de Conso (M265-2)

A Fenteira, PnH en Amoeiro e Maside (M187-4)

A Fenteira, PnH en Castrelo do Val (M303-1)

A Fenteira, PnH en Cualedro (M302-2)

A Fenteira, PnH en Baltar (M302-1)

A Fenteira, PnH en Lobios (M301-3)

A Fenteira do Pinal, PnH en Vilardevós (M303-3)

Fonteiriña, PnH en Monterrei (M303-1)

As Fenteiras, PnH en Castrelo do Val (M303-1)

Alto da Fenteira, PnH en Vilariño de Conso (M265-2)

Fonte da Fenteira, PnH en Cea (M154-4)

Fenteira de Trabazón, PnH no Irixo (M154-3)

Portelo da Fenteira, PnH en Beariz e Boborás (M186-2)

Corgo da Fenteira, CdA en Vilariño de Conso (M265-2)

O NG recolle 5 (*A*) *Fenteira* en Arbo, As Neves, Pontecesures, Taboada e Tui; *As Fenteiras* na Cañiza, *A Fanteira* en Sanxenxo e 2 *A Fieitiera* en Ortigueira e Mesía.

No DCP figuran 12 *Feteira*, 2 *Feteiras*, 19 *Feiteira*.

111.4. Fentoso, Fieitoso

Corresponden ó derivado FÍLÍCTOSA os seguintes topónimos do territorio estudiado:

As Fentosas, PnH na Teixeira (M189-3)
Regueiro da Fentosa, CdA en Vilariño de Conso (M228-3)

No NG figurán *A Fentosa* na Lama, *A Fieitosa* en Cerceda e mais Vilaba e *O Fieitoso* en Caldas de Reis e A Estrada (2 tops.).

O DCP recolle 5 *Feitosa*, 1 *Feitoso*. Unha das *Feitosa* aparece con esa mesma grafía en 1258 (OM, 127)

111.5. Fentedo

Non é moi común o derivado de *fento* por medio dos sufíxos correspondentes a *-ÉTU*, *-ÉTA*. Só recollemos un exemplo en:

Fendedo, PnH en Sober (M189-3)

111.6. Felga

Non temos no territorio estudiado nin no NG ningún exemplo da forma feminina *felga*, que procede do mencionado latín tardío *FILÍCA (vid. supra, 111). O DCP recolle 1 *Felga*.

111.7. Felgueira, filgueira, folgueira

As formas correspondentes a FÍLICARIA, FÍLICARIU son moi abundantes no territorio estudiado, sobre todo a feminina. Agrupámolas segundo o resultado da vogal pretónica, que ofrece unha distribución irregular (nunha mesma área poden convivir as diferentes variantes en distintos topónimos) e non responde á localización xeográfica:

1) con vogal pretónica palatal:

- A Filgueira*, EdP en Porqueira
- Filgueira*, EdP no Irixo
- Filgueira*, outra EdP no Irixo
- Filgueira (San Pedro)*, parr. en Crecente
- Filgueira*, EdP na Pobra de Trives
- Filgueiras*, EdP en Castro Caldelas
- Filgueiras*, EdP en Rairiz de Veiga
- Filgueiras*, EdP en Sober
- A Felgueira*, PnH en Boborás (M187-1)
- A Felgueira*, PnH na Gudiña (M266-3)
- A Filgueira*, PnH na Pobra de Trives (M189-4)

- A Filgueira*, PnH en Carballeda de Avia (M225-1)
A Filgueira, PnH en Castrelo do Val (M265-3)
A Filgueira, PnH en Lobios (M301-1)
A Filgueira, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
Filgueira, PnH en Muíños (M301-2)
Filgueira, PnH en Parada de Sil (M188-4)
Filgueira, PnH en Quiroga (M189-2)
Filgueira ou Felgueira, PnH en Quiroga (M189-2)
A Filgueira do Burro, PnH en Vilariño de Conso (M265-2)
A Filgueira do Monte, PnH en Laza e Castrelo do Val (M265-3)
Corgo da Filgueira Grande, CdA en Vilariño de Conso (M265-2)
Corgo da Filgueira Pequena, CdA en Vilariño de Conso (M265-2)
Fonte da Filgueira, PnH en Riós (M303-2)
Muíño de Filgueira, PnH en Vilardevós (M303-4)
Regato da Filgueira do Burro, CdA en Castrelo do Val (M265-2)
Regueiro da Felgueira, CdA en Laza (M265-1)
Ribeira de Filgueira, PnH en Vilardevós (M303-4)
Lombo da Filgueiriña, PnH en Castrelo do Val (M265-1)
As Felgueiras, PnH en Laza e Vilariño de Conso (M265-1)
Felgueiras, PnH en Lobios (M301-1, M301-3)
Filgueiras, PnH en Baltar (M302-1)
Filgueiras, PnH en Montederramo (M227-1)
Filgueiras, PnH en Nogueira de Ramuín (M188-4)
Filgueiras, PnH en Parada de Sil (M188-4)
Filgueiras, PnH en Rairiz de Veiga (M263-4)
As Filgueiras, PnH en Calvos de Randín (M302-3)
As Filgueiras, PnH en Castrelo do Val (M265-2)
Alto das Filgueiras, PnH en Boborás (M186-2)
Serra de Filgueiras, PnH en Montederramo (M227-1)
O Felgueiro, PnH na Gudiña (M266-3)
Os Filgueiros, PnH en Laza (M265-3)
Filgueiro, EdP en Ribas de Sil
Filgueiro das Covas, PnH en Castrelo do Val (M265-3)
Alto dos Filgueiros, PnH en Laza (M265-3)
Regueiro dos Filgueiros, CdA na Veiga (M190-3)
O Filgueiriño, PnH en Riós (M265-4)
Cavorco de Felgueirón, CdA no Barco de Valdeorras (M190-2)

Neste último cun derivado en -ÓNE ou -ÓLU.

O NG recolle 2 *Felgueira* en Cerdido e Ortigueira, 23 *Filgueira* en Agolada, Arzúa (2 tops.), Boimorto, A Capela, Cerededo, Crecente, Dumbría, Lalín (parr. e lug.), Lousame, Malpica, As Neves, Ordes, Ortigueira, Palas de Rei (1 parr. e 2 lugares), Pontevedra, O Porriño, Ribeira, Santiso e Vilaboa. 13 *Filgueiras* na Capela, A Estrada, Moeche (*Filgueiras de Abaixo e Filgueiras de Arriba*), Mondariz, Monfero (2 tops: *Filgueiras Grandes e Filgueiras Pequenas*), Monforte, Narón, O Porriño, San Sadurniño (2 tops.) e Vilasantar; *Filgueira de Traba e Filgueira de Barranca* en Cesuras e mais *Maldefilgueiras* en Monfero. 3 *Filgueiro* en Ribas de Sil, Outes e O Saviñao, 2 *Folgueiro* no Vicedo e Vilalba.

No DCP figuran 18 *Felgueira*, 22 *Felgueiras* e 1 *Feligueira*, pero ningún exemplo con *i* na sílaba inicial, que son relativamente comúns en Galicia. Na documentación antiga os topónimos galegos actuais *Filgueira* rexístranse como *Felgueira*, pero desde o século XV xa comezan a aparecer escritos con *i*.

- «*De Tetones medio porto de Felgarias*» (ano 934, CLN, nº 478)
- «*quod fuit villa de Felgaria integra*» (ano 955, CLN, nº 506)
- «*de ipsa villa de Felgaria*» (ano 985, CLN, nº 507)
- «*inter Bubale et Caldelas, super castro Litorie in loco predicto Felgarias*» (ano 873, CLN, nº 568)
- «*territorio Dezze, Felgaria*» (ano 926, CLN, nº 577)
- «*uadit ad moolendinum de Felgaria*» (ano 1240, RAM, nº 30)
- «*Pero Perez de Serceo e Ares Perez de Felgeyra*» (ano 1284, OSR2, nº 1172)
- «*lugar que dizem Filgeyras da frigesia de sam Gião dos Caualleiros*» (ano 1407, FDU, nº 271)
- «*aas Felgueyras, en Goylle, aa cima da Conchousa*» (ano 1438, RdS, nº 181)
- «*Vasco de Felgueira e Juan de Pena Alta*» (ano 1481, VFD1, nº 92)
- «*Vasco de Felgueira e Pero Roubón e outros*» (ano 1481, VFD1, nº 92)
- «*barca e pasaje do dito porto a Felgeyra*» (ano 1489, VFD1, nº 107)
- «*eno Porto de Felgueyra, que he eno rio de Miño*» (ano 1493, VFD1, nº 112)
- «*Gregorio Filgueira*» (ano 1508, BCM, T6, p. 307)

En Portugal rexístranse *Felgaria* en 974, *Felgarias*, séc. XI, *Felgeiras Rubeas* en 1059, *Felgeiras* en 1079, etc. (OM, 127)

A parroquia de San Pedro da Ramallosa, en Nigrán, aparece como *San Pedro de Felgueira* (esporadicamente *Felgueiras*) na documentación anterior ó século XIII. Foi sen dúbida a construcción da coñecida *Ponte da Ramallosa*, entre esta parroquia e a veciña de Santa Cristina (*Santa Cristina de Miñor* ata o XIII), na primeira metade dese século, a instancias do bispo tudense San Telmo (Pedro González Telmo), o que acabou modificando o nome das dúas parroquias (hoxe *Santa Cristina da Ramallosa*, en Baiona, e *San Pedro da Ramallosa*, en Nigrán).

2) con vogal velar na pretónica:

- Folgueira*, PnH en Muíños (M301-2)
- As Folgueiras*, PnH en Vilariño de Conso (M227-4)
- Folgueiras*, PnH en Maceda (M226-2)
- Folgueiras*, PnH en Manzaneda (M227-4)
- Folgueiras*, PnH en Sandiás (M264-1)
- Veiga das Folgueiras*, PnH en Calvos de Randín (M301-2)
- O Folgueiro*, PnH en Manzaneda (M227-2)
- O Folgueiro*, PnH en Vilar de Barrio (M227-3)
- O Folgueiro*, PnH na Gudiña (M265-4)
- Folgueiro Covo*, PnH en Manzaneda (M227-2)
- Corgo do Folgueiro ou das Bouzas*, CdA en Vilar de Barrio (M227-3)
- Folgueiros Rubios*, PnH en Manzaneda (M227-4)
- Regueiro de Folgueiros*, CdA na Veiga (M228-2)
- Folgueiriña das Pedrosas*, PnH en Laza (M265-3)
- Regueiro Folgueiroa*, CdA en Laza (M265-1)

Fregueiroas, PnH en Viana do Bolo (M266-1)

estes últimos cun sufijo diminutivo procedente de *-ÓLA*, e en *Fregueiroas* con alteración de líquidas *l > r* e metátese (cf. *Golpilleiras / Gorpilleiras / Grupilleiras*).

O NG recolle 18 *Folgueira* en Ames, Arteixo, A Baña, Begonte, Cambre, Castro de Rei, Castroverde, Cospeito, Culleredo, Friol, Miño, Monforte, Outeiro de Rei (parr.), Tordoia (3 tops.) e Vilalba (2 tops.), ademais dos diminutivos *Folgueiroa* en Cervantes e 2 *Folgueirúa* na Pontenova e Riotorto; 9 co plural *Folgueiras* en Muras, Navia de Suarna (parr. e lugar), Pol, Teo, Trabada, O Valadouro (*As Folgueiras*), Valdoviño, Xermade (*As Folgueiras*); e o masculino en *Folgueiros*, na Laracha, e *Valinfolgueiro* (< VALLÍNU FILÍCARIU) en Baleira.

No DCP non hai ningún exemplo de *Folgueira*. En Galicia, a variante *Folgueira* é característica das provincias setentrionais, onde conviven coas variantes con palatal, *Felgueira*, *Filgueira*, que son as únicas que rexistramos nas provincias de Ourense e Pontevedra. Outros derivados coma *Folgar*, *Folgoso* (vid. infra, 111.9, 111.10) teñen presenza máis ó sur, especialmente as formas en que é un *o* a vogal tónica, que favorece a asimilación vocálica (cf. os portugueses *Folgoso*, *Folgarosa*).

3) con *a* na pretónica:

É unha variante minoritaria que só atopamos no seguintes topónimos:

A Falgueira, PnH en Oímbra (M302-4)

Falgueira da Asna ou da Arna, PnH na Mezquita (M304-2)

Regueiro da Falgueira, CdA en Lubián (M266-4)

Regueiro da Falgueira da Asna ou da Arna, CdA na Mezquita (M304-2)

Falgueiro, PnH en Melón (M224-2)

Falgueiro, PnH en Hermisende (M304-2)

111.8. Felguedo, felqueda

Temos un único exemplo no territorio estudiado nun derivado en *-ÉTA* co diminutivo *-ÍNA*:

Folguediña, PnH en Vilardevós (M303-4)

Trátase dun derivado tardío, posiblemente romance, pois se non teríamos **feiceda* (< FILÍCÉTA) ou algunha forma semellante con interdental.

111.9. Felgar, folgar

Os derivados correspondentes a FILÍCALE localízanse no leste do territorio estudiado:

Folgar, PnH en Monterrei (M302-4)

- O Folgar*, PnH en Viana do Bolo (M266-1)
O Folgar, PnH no Bolo (M228-1)
Regueiro de Felgar, CdA na Veiga (M190-4)
Folgarón, PnH en Rubiá (M190-2)
Cavorco do Felgarón, CdA en Rubiá (M190-2)

estes últimos cun sufijo correspondente a -ÓNE ou -ÓLU.

Na documentación antiga atopamos unha «*viña de Felgal*» (ano 1514, XEsP, nº 100).

No NG figuran 7 *Folgar* en Carballedo, Castro de Rei, Cerceda, Cuntis, Friol, Paradela e Valdoviño, ademais dun *Folgorelo* en Ouro, que interpretamos como alteración dun diminutivo *Folgarelo*.

O DCP recolle 2 *Folgares*, 1 *Folgareira*.

111.10. Folgoso e outros derivados

Formas correspondentes a FILÍCÓSU, FILÍCÓSA son:

- Folgoso*, EdP e parr. (*Santiago*) en Allariz
Folgoso, EdP e parr. (*Santiago*) en Castro Caldelas
Folgoso, EdP na Bola
Folgoso, EdP en Esgos
Folgoso, EdP en Montederramo
A Folgosa, EdP en Piñor
Campo de Felgoso, PnH en Verín (M303-1)
Felgoso, PnH en Verín (M303-1)
A Barxe de Folgoso, PnH en Sarreaus (M264-2)
A Folgosa, PnH en Carballeda de Valdeorras (M229-1)
Regueiro da Folgosa, CdA en Carballeda de Valdeorras (M190-4)

No NG figuran 2 *Felgosa* nos concellos de Moeche e San Sadurniño; 1 *Felgosas* en Cerdido; 5 *Folgosa* no Corgo (2 parroquias), Dumbría, Foz e Ribadeo; 15 *Folgosos* en Abegondo (parr.), Cabana, A Cañiza, Cerdedo (nome de parr.), Cervantes, Folgoso do Courel (parr. e lug., ademais do nome do cllo.), Mañón, Ordes, Ortigueira, Ouro, Santiago, Sobrado (nome de parr.) e Xermade; e *Costa de Folgoso* na Cañiza

O DCP recolle 8 *Folgosa*, 3 *Folgoso* e 2 *Folgosinho*. Dubidamos se incluir con estes un *Folgoselhe* que semella resultado dun xenitivo en -elli, antropónimo, pero que podería constituir alteración dun diminutivo en -ÍCULA (¿*Folgoselha*?).

Outro derivado en -ÓSA con dupla sufixación é *Folgueirosa*, en Mondoñedo, en área onde *folgueira* (< FILÍCARIA) é denominación da planta e non colectivo, igual que no asturiano *felguera* (DCECH, III, 339). *Falgarosa*, en Aranga, semella más ben derivado en -OSA a partir de *Folgar* (< FILÍCALE).

No DCP hai 1 *Folgarosa*

A documentación antiga da parroquia de *Folgoso*, en Castro Caldelas, amosa que tivo como advocación San Xoán, polo menos ata o século XII, antes de cambiala pola actual de Santiago:

- «*in territorio Kaldellas ubi dicunt Felgoso*» (ano 934, CLN, nº 237)
 «*inde usque atrium de Felgoso super domum Servandi*» (ano 934, CLN, nº 224)
 «*et circa rivulo Felgusu*» (ano 935, CLN, nº 223)
 «*usque plegavimus ad agro Felgoso*» (ano 940, CLN, nº 502)
 «*mediatae eclesie sancti Iohannis de Felgoso*» (ano 1143, CLN, nº 106)

Os topónimos idénticos portugueses tamén aparecen con *e* na sílaba inicial na documentación antiga: *Felgosa* en 1081, *Felgosinas* en 1086, *Felgosino* en 1169, *Felgosas* en 1258 (OM, 127).

112. *ferraña*

Ferraña, ferraia veñen definidos nos dicionarios como «forraje, hierba de avena, trigo, cebada, centeno en verde, que se da como FORRAXE al ganado vacuno y al caballar» (XLFG, 508), e proceden do lat. FARRĀGĪNE a través dun latín vulgar FERRĀGĪNE, resultado da interferencia de FĒRRU na etimoloxía popular (DCECH, III, 349, s.v. *herrén*). Está presente a primeira das formas en:

- A Ferraña*, PnH en Xinzo de Limia (M264-2)
Ferrañas, PnH na Teixeira (M189-3)

O NG recolle un derivado *Ferraxosa* (< FERRAGÍNOSA) en Ourol. O DCP, 1 *Ferragem*, 1 *Ferrajosa*.

Á familia léxica de *ferro* pertence *ferrado* ('recipiente e medida para grans, e de aí medida de superficie') que aparentemente deixa na toponimia derivados co sufijo -ALE: 9 entidades de poboación no NG chamadas (*O*) *Ferradal* nos concellos de Arzúa, Carballo, O Incio, Palas de Rei (2), O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, San Amaro e Sarria, e no plural 3 *Ferradás* en Alfoz, Ortigueira e Vilalba. O DCP recolle 1 *Ferradal*, 2 *Ferradeira*, 3 *Ferradosa*.

113. *figo, figueira*

As formas correspondentes ó latín FÍCU, FICĀRIA e derivados constitúen un dos temas fitotopónimos más comúns, e designan o froito e a árbore da *Ficus carica* (VCN, 121).

113.1. Figal

O derivado do nome da froita por medio do sufijo -ALE, *figal, figar*, normalmente feminino, é forma antiga que sucumbiu fronte ó derivado en -ARIA (cf. *cerdal / cerdeira, nogal / nogueira ou noceira*, etc.). En Asturias son

formas comúns *la figar* e *la figal* como denominancóns da árbore (Sánchez Vicente, 214) e contan con abundante presenza na toponimia asturiana (García Arias, 125).

Na documentación antiga en latín rexistramos esta forma como nome común:

«*pumares, cersares, nogares, ficares, avellanares*» (ano 932, CLN, nº 163)

«*cersares, perares, ficares*» (ano 1001, CLN, nº 189)

«*ceresares, ficares, mazanares, nucares, terras cultas vel incultas*» (ano 1007, CLN, nº 203)

Nos textos do século XIII xa atopamos os derivados en *-ARIA* *ficaria* ou *figaria* como formas latinizantes do nome romance *figueira*: «*ducatis ad suum cellarium de Igredoāā pro cerdariis et figariis et prixigis*» (ano 1250, RAM, nº 77).

Na toponimia do territorio estudiado recollemos un único exemplo nun diminutivo en:

Cavorco das Figaliñas, CdA en Rubiá (M190-2)

Localízase na área oriental da provincia, onde recollemos outros fitotopónimos femininos en *-al*.

113.2. Figueira

Moito máis común é *figueira*, procedente do derivado en *-ARIA*. Témola nos seguintes topónimos:

Figueiras, EdP en Amoeiro

A Figueira, PnH en Lobeira (M263-3)

A Chan da Figueira, PnH en Lobios (M301-3)

Fonte Figueira, PnH en Monterrei (M302-4)

Figueiralba, PnH na Veiga (M228-2)

As Figueiras, PnH en Manzaneda (M227-2)

As Figueiras do Río, PnH en Manzaneda (M227-2)

Monte Figueiras, PnH no Carballedo (M187-3)

O segundo elemento de *Figueiralba* ha de ser *alba*, adjetivo de cor (< lat. ALBA); debe de tratarse dunha *figueira albar*, variedade oposta á chamada *figueira negral*. O adjetivo alude á cor da froita. Na documentación medieval rexistramos as dúas denominacións: «*pol a figueira alvar do Fondado, que esta na cortina que chaman Donega*» (ano 1265, OSR2, nº 931); «*a nosa leyra da erdale que iaz no Ryall a a figueira negral, con seus proffeytos*» (ano 1282, OSR2, nº 1160).

O NG recolle 17 (*A*) *Figueira* en Aranga, Boiro, Cerceda, A Estrada, Frades (3), Mazaricos, Monforte, Navia de Suarna, Noia, Ortigueira (2), A Pobra do Caramiñal, Santiago, Taboada e Valdoviño. *Pedrafigueira* en Carnota e *Souto Figueira* en Carral. E no plural 24 (*As*) *Figueiras* nos concellos de Abegondo, A Cañiza, Carballo, Cedeira,

Coirós, A Coruña, Coristanco (2), Melide, Narón, Mondoñedo (parr.), Muxía (2: *Figueiras de Abaixo, Figueiras de Arriba*), Ortigueira (4 tops.), O Porriño, A Ribeira de Piquín, Santa Comba, Santiago (parr.), Taboada e Vigo (2).

No DCP portugués contamos 29 *Figueira*, 9 *Figueirinha*, 19 *Figueiras* e 3 *Figueirinhas*.

Na documentación medieval rexistramos numerosos topónimos con esta forma. Algúns podemos identificalos hoxe, como a *Figueira* de Mazaricos: «en Arcos e Nongilde e en Graiun e en Figeira e en toda a fregesia de Santiago d'Arcos» (ano 1439, FDU, nº 317). Unha *Figueira* en Carnota que pode ser a *Pedrafigueira* de hoxe: «Moor Franquina morador en Figeira» (ano 1399, FDU, nº 258); «Afonso Dominges de Figeyra» (ano 1402, FDU, nº 264). Unha *Rúa da Figueira* en Santiago: «a meadade de húa cassa ēna rrúa da Figeyra que he ēna çidade de Santiago» (ano 1352, TzS, fol 19v). A parroquia de *Figueiras*, en Santiago, aparece co nome en singular na documentación antiga: «Teença de Figeyra» (ano 1352, TzS, fol aR), «Santa María de Figeyra» (id. fol 20r), «Santa María de Figeyra» (id. fol 43v), «fligesja de Figeyra» (id. fol 43v); «en Cedeseda, fligesja de Santa María de Figeyra» (id. fol 67r), etc.

A forma do plural atopámola nun «*casar das Figueyras*, que he en esse lugar de San Romao» (ano 1364, RdS, nº 85); «con o noso *casar das Figueyras*» (ano 1454, RdS, nº 201); unha *Cortiña das Figueiras* e unhas *Figueiras do Tellado* no Val do Támega: «cabo do Sarteuago e a *cortina das Figueiras*, cabo de San Paulo (...) *as fygeyras do Tellado*» (ano 1229, MdR, AHN Clero, Cpta. 1484, nº 7). É común como apelido toponímico: «*Martinus de Figueyras rusticus ts.*» (ano 1248, OSR1, nº 608); «*Johā Pelaez das Figueyras*» (ano 1287, HGP, nº 103), etc.

Outras formas rexistradas nos documentos corresponden a topónimos menores ou lugares que non puidemos identificar hoxe: Unha *Figueira Bacuriña* ou *Bacoriña* entre Carballeda de Avia e Ribadavia: «in Veronza in loco quod vocatur *Ficaria bacorina*» (ano 1239, OSR1, nº 457); unha *Figueira do Casal*: «in Paradela ad *ficariam de casali*» (ano 1274, OSR2, nº 1073); *Figueira de Outeiro*: «o meu baçelo da *Ffigeyra do Outeyro*» (ano 1308, trasl. de 1339, MdR, AHN Clero, Cpta. 1493, nº 19); *Figueira do Porto* en Monterrei: «et vay a çima aa *Figeyra do Porto*» (ano 1396, MdR, AHN Clero, Cpta. 1498, nº 4); *Casal da Figueira* en Esgos: «en Vilar dOrdeellas, o qual chaman o *casal da Figueira*» (ano 1342, ROC, nº 75); outro *Casal de Figueira* en Lalín «de *casali de Figeyra*» (ano 1253, OSR1, nº 709); unha *Pena da Figueira* no val do Támega: «aa *Pena da Ffigeyra*» (ano 1318, MdR, AHN Clero, Cpta. 1491, nº 19); unha *Figueira do Val* na riveira do Sil: «outra leyra que jaz aa *Figueira do Val*» (ano 1424, RdS, nº 138), etc.

As *figueiras bacuriñas* dan figos verdes e pequenos, usados habitualmente para cebar o gando porcino, de aí o adxectivo.

113.3. Figueiriña, figueiroa

Recollemos derivados diminutivos cos sufíxos correspondentes a *-IÑA* e mais a *-ÓLA*. Con este último poden ofrecer diferentes resultados con distribución xeográfica.

a) Co diminutivo en *-iña*:

- A Figueiriña*, Edp(n) en Vilamarín (M187-2)
A Figueiriña, Edp(n) en Ribadavia (M225-1)
Figueiriñas PnH en Cenlle (M225-1)

b) O diminutivo correspondente a *-óla* presenta tres posibles soluciones no territorio estudiado:

- 1) *Figueiroa*, que é o resultado do galego común
- 2) *Figueiroá*, variante da anterior co característico desprazamento acentual do galego ourensán e lugués.
- 3) *Figueiró*, variante característica do galego suroccidental, con redución *FICARIÓLA* > *Figueiroa* > *Figueiroo* > *Figueiró*; esta última forma, en ocasións pode xerar un *-n* non etimoloxico: *Figueirón*.

Noutras áreas de Galicia ofrece outro resultado alternativo:

- 4) *Figueirúa*, localizada principalmente no leste da provincia de Lugo

1. Os topónimos que presentan a primeira forma, a máis común en Galicia, localízanse no noroeste da provincia ourensá:

- Figueiroa*, EdP en Boborás
Figueiroa ou Figueiroa de Abaixo, EdP en Punxín
Figueiroa ou Figueiroa de Arriba, EdP en San Amaro, contigua da anterior
Figueiroa, EdP en Boborás

2. Na maior parte do resto do territorio estudiado temos a variante con desprazamento acentual:

- Figueiroá (San Salvador)*, parr. en Sober
Figueiroá (San Xillao), parr. e EdP en Paderne de Allariz

No NG recollemos 23 *Figueiroa* (en ocasións escrito *Figueroa*, vid. infra 113.8) nos concellos de Abegondo (parroquia e lugar), Arteixo, Arzúa, Carballo, Cerdedo (parr. e lugar), Coristanco, Covelo, Dumbría (2 tops.), A Estrada (*Figueiroa de Baixo*, *Figueiroa de Riba*, que alternan na fala local coa variante *Figueiró*), Lalín, Lousame, Muxía, Muros, Ortigueira, Outes, O Pino, Ponteceso, Rois e Viveiro, ademais dos recollidos no territorio estudiado. A variante *Figueirúa* na Pontenova. *Figueiró* en Gondomar e Tomiño, *Figueirós* en Vigo e *A Costa de Figueirón* en Bueu.

A solución portuguesa tamén presenta o resultado *-óla* > *-ó*. No DCP hai 14 *Figueiró* e 1 *Figueirós*.

Na documentación medieval atopamos o *Figueiroa* de Boborás: «*ontre o rigeyro que ven de Figueyroa et ontre o rigeyro que ven de Cameygia*» (ano 1297, OSR2, nº 1263).

O *Figueiroá* de Paderne: «*et unum in Figeiroa*» (ano 1199, OSR1, nº 99); «*in villa que vocatur Rekexo et unum in Figueiroaa*» (ano 1202, OSR1, nº 104) «*Martinus Fernandi prelatus sancti Iuliani de Figeyroa (...), Fernandus Menendi de Figeyroaa*,

Velascus Roderici de Figueyroaa» (ano 1239, OSR1, nº 458); «eu Lourenzo Garzia, caualeiro de *Figueiroaa*» (ano 1261, VFD1, nº 10); «ffligisia de Jullão de *Ffegeiroaa*» (ano 1292, MdR, AHN Clero, Cpta. 1487, nº 16); «testamento de Lourenço Garcia, caualeyo de *Figueyroaa*» (ano 1314, VFD1, nº 46); «enno casar de casa nova que he da mesa do bispo doureñse os quaes estam enna friigesia de sam juliao de *figeyroaa*» (ano 1403, OXV, p. 194).

O *Figueiroá* de Sober: «Lourenzo Garcia, caualeyo de *Figueyroaa*» (ano 1261, MdR, AHN Clero, Cpta. 1484, nº 12); «su o syno de San Salvador de *Figueiroá*» (ano 1364, RdS, nº 84); «*San Salvador de Figueyroá*» (ano 1383, RdS, nº 95); «en terra dos Berosmos, su signo de San Salvador de *Figueyroaa*» (ano 1431, RdS, nº 155), etc.

Outro *Figueiroá* non localizado, posiblemente no Val do Támega: «o erdamento de *Ffigeyroá*» (ano 12990, MdR, AHN Clero, Cpta. 1487, nº 13).

O *Figueiroa* de Arzúa atopámolo como *Figueiroo*: «et a apresentaçõ da jgleja de Ssan Payo de *Figeiroo*» (ano 1352, TzS, fol 26v). Dado de que non se atopa na zona onde se reduce *-oa* > *-oo* > *-ó*, debemos pensar que se trata dun erro gráfico ou de lectura, a non ser que corresponda a un antigo *Figueiró* (< FICARIÓLO) alterado posteriormente para o feminino. O *Figueiró* de Tomiño, en área de *-óla* > *-ó*, vémolo no século XIII como «*Figueiró*» (ano 1295, HGP, nº 107).

113.4. Figueiro

O correspondente masculino está presente nos seguintes topónimos:

Casfigueiro, EdP en Piñor (M187-2)

Corgo da Cenza de Valdefigueiro, PnH en Chandrex de Queixa (M227-4)

Corgo Figueiro, CdA en Laza e Montederramo (M227-3)

Corgo Figueiro, CdA en Vilariño de Conso (M265-2)

O Figueiro, PnH en Laza (M227-3)

Val de Figueiro, PnH en Vilariño de Conso (M265-2)

O primeiro deles é un composto cun primeiro elemento *cas-* (forma proclítica de *casa*). Dado que rexistramos un uso antropónimico desta forma, *Figueiro* podería ser aí un nome persoal, como en «*Petrus Fernandi de Tintoreyros dictus Figueyrus ts.*» (ano 1216, OSR1, nº 166); «carreira que vay para o cerdeiro de dō *Ffigeiro*» (ano 1284, MdR, AHN Clero, Cpta. 1487, nº 2).

O DCP recolle 1 top. *Figueiros*.

113.5. Figueiredo

O derivado de *figueira* co sufijo correspondente a *-ētu* é igualmente abundante:

Figueiredo, EdP en parr. (*San Pedro*) en Paderne de Allariz

Figueiredo, EdP en Boborás

Figueiredo, EdP en Celanova

- Figueiredo*, EdP en Coles
Figueiredo, EdP en Maside
Figueiredo, EdP en Ourense
Figueiredo, EdP no Pereiro de Aguiar
Figueiredo, EdP en Ribas de Sil
O Figueiredo, EdP en San Amaro
O Figueiredo, EdP en Vilamarín
Figueiredo, Edp(n) en Castrelo de Miño (M225-1)
Figueiredo, PnH en Nogueira de Ramuín (M188-1)
Val de Figueiredo, PnH en Ribas de Sil (M189-2)
Regueiro de Figueiredo, CdA en Ribas de Sil (M189-2)

O NG recolle 2 lugares chamados (*O*) *Figueiredo* en Vedra e Ribas de Sil. 3 *Figueredo* en Cesuras (parr. e 2 lugares) e Valdoviño, 2 *Figaredo* en Cedeira e Vimianzo. Co resultado –ido, 4 *Figueirido* en Cervo, Ribeira, Vigo e Vilaboa; e *Figuerido* en Pontedeume (vid. infra 113.08). No DCP contamos 36 *Figueiredo*, 1 *Figueiredos*.

Na documentación medieval atopamos o lugar chamado *Figueiredo* no Pereiro de Aguiar:

- «*Figuereido prope ecclesie Sancte Christine, ripa Minei*» (ano 1175, ROC, nº 7)
 «hereditatem de *Ffigueyredo*» (ano 1271, MdR, ACO Perg. Monac. nº 1052)
 «cassar de *Figeyredo*, que he na fregisia de Santa Christina de Vilarino» (ano 1347, ROC, nº 83)
 «a vos Afonso de *Figueyredo*», «e deçe junto con as casas de *Figueyredo*» (ano 1420, RdS, nº 130)

Figueiredo de Celanova:

- «casal de *Figueyredo* e outro lugar do serralleyro Johán de Mourilloós» (ano 1451, VFD1, nº 77).

Figueiredo de Vilamarín:

- «casale de *Figueiredo* que comparavi de Pelagio Guterrí» (ano 1215, OSR1, nº 218)
 «mediatatem cortine que iacet in *Figueiredo*» (ano 1258, OSR2, nº 817)
 «su a cadea de Santiago de Villamarín (...)lugar que e ditu *Figueredo*» (ano 1266, OSR2, nº 936)
 «Martin Savaschançe de *Figueyredo*» (ano 1298, OSR2, nº 1265).

Figueiredo de Boborás:

- «Martin Feote de Vanga, Domingo de *Figueyredo*» (ano 1287, OSR2, nº 1197).

O Figueiredo de San Amaro:

- «polo meu lóeo do *Figueyredo*» (ano 1361, VFD1, nº 57)
 «hua leyra de herdade e viña que jas eno *figeyredo*» (ano 1455, RBV, nº 18).

E outros topónimos idénticos non identificados:

- «Domingo Perez de *Figeyredo de Paaços*» (ano 1272, OSR2, nº 1001)
 «môte que uós britastes arredor do *Figueiredo*» (ano 1396, MdR, AHN Clero, Cpta. 1498, nº 4)

«viña da Trauessa per rredor do **Ffigeyredo**» (ano 1991-1495, MdR, AHN Clero, Cpta. 1505, nº 2)
 «parte con heredades de **Figueiredo**» (ano 1493, XEsP, nº 60), etc.

113.6. Figueiral

O derivado por medio do sufijo corespondente a -ALE (FICARIALE) témolos nun topónimo

O Figueiral, PnH en Taboadela e San Cibrao das Viñas (M226-1).

O NG recolle un *Figueiral* en Salvaterra de Miño. No DCP hai 4 *Figueiral*.

113.7. Figueirosa

Non recollemos en Ourense nin no NG ningún derivado cos sufixos -oso, -osa, coma o portugués *Figueirosa* que recolle o DCP.

113.8. Figaredo, figuerido, figueroa / figueiredo, figueiroa

Nos derivados en -edo resultan problemáticas as grafías dalgunhas formas. Supoñemos que *Figaredo* é derivado de FICALE (ou máis ben do lat. medieval *figare*) e non de FICARIA, de aí a ausencia do ditongo decrecente resultante da metátese (cf. *nogal* / *nogueira* e *Nogaredo* / *Nogueiredo*). Nos topónimo escritos como *Figueredo* e *Figuerido* podemos estar ante variantes de *Figaredo*, *Figarido* con alteración da vogal pretónica (especialmente explicable no caso de *Figuerido*, porque o *i* tónico adoita pechar a vogal precedente), ou ben poden representar formas deturpadas desgaleguizantes, con redución do ditongo decrecente. No caso de que as formas que figurán no NG reproduznan fielmente as vivas na fala, só a documentación antiga pode resolver a dúbida. Outro tanto podemos dicir dos derivados en -oa escritos como *Figueroa*, sen ditongo *ei*, áinda que neste caso cremos que se trata sempre de grafías deturpadas.

114. *fiúncho*

Fiúncho é o nome galego do *Foeniculum vulgare* (VCN, 121), planta ben coñecida, empregada como condimento. Ademais da forma *fiúncho*, que é se-

guramente a máis estendida (é a empregada por Sarmiento, que o identifica co lat. FOENICULUM en *Vegetables*, 2273), existen outras denominacións que constitúen variantes da mesma palabra, como *fiollo*, *fioncho*, *fionllo*, *fiunllo* (Sobreira, *Botánica*, 57r, 57 v) e *funcho* (Crespo Pozo, NCVCG, II, 305, onde advirte sorprendentemente «que en gall. a veces se confunde el hinojo con el helecho y hasta con el heno»). As formas galegas, portuguesa (*funcho*) e castelá (*hinojo*) esixen un variante *FENUC(Ü)LUM (DCECH, III, 365; Moralejo, TGL, 308).

Non recollemos no territorio estudo nin no NG exemplos coa forma simple. No DCP hai 1 ***Funcho***.

114.1. Fiunchal, funchal, fiollal

Non se rexistra no territorio estudo ningún exemplo de derivado en *-ALE*, comparable ós topónimos ***Funchal*** ou ***O Funchal*** que o NG recolle en Tui e Valdoviño.

O segundo elemento da parroquia e lugar de ***Fornelos de Filloás***, en Viana do Bolo, podería constituír unha alteración por metátese de ***Fiollás** < *FENUC'LALES, pero non posuímos documentación antiga que nolo permita confirmar. Débese ter en conta que a vogal da primeira sílaba pode ser en orixe non palatal, alterada pola consoante palatal, polo que tamén poderíamos estar ante un derivado de *FOLIA* (como en *filloa* < FOLIOLA, ou na toponimia *Fillateira* por *Follateira*, etc.).

O DCP recolle 1 ***Fiolhal***, 1 ***Fiolhais***, 6 ***Funchal***, 1 ***Funchalinho***, 2 ***Funchais***.

114.2. Fiolledo

Un derivado en *-edo* da forma *fiollo* ou o resultado dun latín *FENUC'LĒTU é ***Fiolledo***, PnH en Carballeda de Avia (M225-1)

Poderían ter a mesma orixe algúns topónimos ***Folledo*** aparentemente relacionados con *FOLIA*, pois é moi verosímil unha alteración *fioll-* > *foll-*.

O NG recolle ***Fiolleda*** en Monforte (lug e parr.) e ***Fiolledo*** en Salvaterra de Miño (parr.). Son formas paralelas dos asturianos ***Fenolleda***, ***Fenolledo*** (J. M. González, 1959, 327-328).

En documento do século XIII atopamos unha «*Orraqua Eanes Folleda*», cun apelido que alude probablemente á actual parroquia de ***Fiolleda*** en Monforte (ano 1291, OSR2, nº 1223).

Non rexistramos no territorio estudo ningún derivado da variante *fiúncho* ou *funcho* con este sufijo, comparable ó *Funchidos* que figura no NG na Guarda.

114.3. Funcheira, funchosa

Non recollemos en Ourense nin no NG ningún topónimo semellante ós 2 *Funcheira* e 1 *Funchosa* que figuran no DCP.

115. *flor*

A maior parte dos topónimos en que atopamos o latín FLÓRE ou os seus derivados son cultismos ou semicultismos que non presentan palatalización do grupo inicial *fl-* para dar lugar á africada correspondente á grafía *ch-*, como sería esperable en voces patrimoniais (cf. *chorima*, *chorir*).

115.1. Flor, flores

A forma simple do substantivo témola en:

Vilar de Flores, EdP en Allariz

Peñaflor, EdP en Allariz

Vilaflor, Edp(n) en Ramirás (M225-4)

Valdeflores, PnH en Boborás e O Carballiño (M187-3)

O terceiro destes topónimos non ten un século, e naceu como nome dunha “casa de indiano” bautizada en castelán como *Villa Flor* polo seu dono, de xeito paralelo a unha *Villa Vidal* (*Vilavidal*) relativamente próxima. O segundo, *Peñaflor*, áinda que algo máis antigo, non chega ó século e medio de antigüidade: trátase dun nome eufemístico que veu substituír a denominación tradicional da aldea, que era *Cabrón*. No *Diccionario* de Madoz (1843) figura como *Cabrón*, pero xa aparece como *Peñaflor* no nomenclátor de 1910; entre unha e a outra data naceu o nome actual.

O NG recolle lugares semellantes chamados *Flores* en Aranga, *Flórez* en Coirós (a grafía con –z, que o fai parecer patronímico de *Floro*, pode ser ultracorrección, pois é zona de seseo final); *Valdeflores* en Viveiro; 4 *Miraflores* en Muros, Noia, Ponteceso e Sanxenxo; un *Vila Flores* en Lalín e un *Casillaflor* en Meis. O primeiro elemento *Casilla-* deste último (*casilla* era o nome das construcións destinadas ós camiñeiros que se ocupaban do mantemento da rede viaria do Estado) delátao como topónimo moi recente. O *Vilaflor* ou *Vila Flores* de Lalín é tamén nome de creación recente para

unha urbanización nacida hai escasamente trinta anos. Os *Miraflores* de Muros, Noia e Ponteceso atopámoslos xa no dicionario xeográfico de Madoz. Tamén existiu no séc. XVII unha xurisdición dependente do conde de Lemos chamada de *Miraflores*, que comprendía unha pequena comarca na estrema das antigas provincias de Betanzos e a Coruña, coa vila de Sada e os seus arredores.

No DCP hai 2 *Flores*.

115.2. Florida

Nun grupo de topónimos temos a forma adxectiva *florido, -a*:

A Florida, PnH en Oímbra (M303-3)

A Florida, PnH no Barco de Valdeorras (M190-2)

Val Florida, PnH en San Xoán de Río (M189-4)

Vila Florida, Edp(n) en Gomesende.

En *Val Florida*, o xénero feminino do substantivo é indicio de antigüidade. *Vila Florida* é, coma os seus veciños xa mencionados *Vilaflor* e *Vilavidal*, a forma galega correspondente a unha casa de indiano bautizada como *Villa Florida*.

O NG recolle 7 lugares denominados *Florida* ou *A Florida* nos concellos de Friol, Melide, Neda, Palas de Rei, Teo, Sanxenxo e Vigo (neste último é nome dunha parroquia urbana).

115.3. Chorido

A forma patrimonial equivalente ás do apartado anterior pero con africada inicial témola en

O Chorido, PnH na Gudiña (M265-2).

Choride, EdP en Cesuras, podería conter a correspondente forma feminina, cunha alteración da vogal final *-ida* > *-ide*, por relaxación do *-a* final e talvez analoxía dos antropotopónimos en *-ide* (cf. outros fitotopónimos semellantes *Freixide*, *Carpacide*, etc., e aínda o *Ermide* do Barbanza, que corresponde a un top. *Ermida* medieval), pero tamén existiu o nome persoal *Floritus*, *Florido* (OM, 132). Para *Churío*, nome de parroquia e de río en Irixoa, e para *Churia*, en Zas, non podemos asegurar a relación con este tema fitonímico. *Churiz*, en Pol, igual ca outros topónimos semellantes, debe de remontar a un antropónimo da familia de *Florus*, e polo tanto só ten relación indirecta con este tema léxico.

115.4. Florderrei

Constitúen un caso particular os nomes de *Florderrei* e *Folderrei Vello*, entidades de pobación moi próximas nos concellos de Riós e Vilardelvós, respec-

tivamente. En orixe son un único topónimo, con paralelo noutros pares toponímicos que se diferencian cualificando un deles co mesmo adjetivo (*Argas / Argas Vellas; O Burgo / O Burgo Vello*, etc.) ou áinda máis frecuentemente co seu contrario *Novo / Nova* (e en tal caso o adjetivo cualifica a entidade de creación máis recente). Temos tamén un hidrónimo **Río de Florderrei** (en Vilardevós, M303-4), que toma o seu nome do da entidade de poboación máis próxima.

A documentación máis antiga que posuímos de **Florderrei** é do século XIV:

«*notario jurado publico del rey en Monte Rrey et en Ffrol de Rrey*» (ano 1308 MdR, AHN Clero, C 1493, nº 19)

«*notario jurado publico del rrey en Monte de Rrey et en Ffrol de Rrey et en Ual de Laça*» (ano 1310, MdR, AHN Clero, Cpta. 1489, nº 18)

«*Ffrol de Rrey*» (ano 1350, MdR, AHN Clero, Cpta. 1495, nº 2).

A falta de documentación máis antiga que poida esclarecer a orixe do topónimo, podemos considerar a hipótese de que a presenza do tema léxico FLOR en **Florderrei** sexa só aparente ou produto da etimoloxía popular e de que non se trate dun fitotopónimo, senón máis ben dun antropotopónimo procedente dun nome persoal xermánico que ten como segunda parte o coñecido elemento –REDO ‘consello’ (Piel-Kremer, HGN, 315), neste caso a partir da forma de xenitivo –REDI > –rei. Non figura no repertorio de antroponimia hispanogótica destes investigadores alemáns un nome que se axeite exactamente á forma do topónimo *Florderrei*, áinda que dada a existencia de nomes como *Falderedus* (HGN, 86, p. 126, de onde os tops. portugueses *Fraldrém / Faldrém*; cfr. tamén *Fuld-*, HGN, 142) e as interferencias do latino FLOR na nosa onomástica de orixe xermánica (cf. *Floresindus*, HGN, 94, p. 129), pódese supoñer un xenitivo *FLOREREDI ou algunha variante semellante que permitiu, logo de perderse a conciencia da súa orixe, unha interpretación popular como «*flor de rei*», favorecido tal vez polo paralelismo co topónimo veciño de *Monte (de) Rei*. Como vimos, xa aparece como *flor- (frol-)* nos textos medievais.

116. *folla*

Os derivados de FÖLIA presentes na toponimia fan alusión a lugares de vexetación frondosa ou onde se recollía frouma e follasca para prender o lume (Rivas 1982, p. 168).

116.1. Folledo

Algúns topónimos que aparentemente constitúen derivados de *folla* mediante o sufíxo *-edo* poderían estar relacionados co fiúncho (vid. 114.2) e responder propiamente a un *FOENICULÉTO. Son

O Folledo, PnH en Vilar de Barrio e Laza (M265-1)

As Ladeiras do Folledo, PnH en Vilar de Barrio e Laza (M265-1)

Regueiro do Folledo, CdA en Vilar de Barrio (M265-1)

116.2. Follato, follaco

Predominan os derivados cun sufíxo *-ato*, que debe ter na toponimia os significados que dá E. Rodríguez para o plural *follatos*: «conjunto de ramas o ramos que abundan en follaje. || Hojarasca, conjunto de las hojas que han caído de los árboles» (DEGC, II, 395). Conteñen o substantivo *follato* os seguintes:

A Follateira, PnH en Xunqueira de Espadanedo e Maceda (M226-2)

A Follateira, PnH en Coles (M188-3)

Fondo da Follateira, PnH en Riós (M265-4)

A Revolta da Follateira, PnH en Riós (M303-2)

Follateiros, PnH en Sober (M188-2)

A Fillateira, PnH en Porto (M266-2)

Este último cunha palatalización da vogal da sílaba inicial por contacto coa consoante palatal (cf. *filloa* < FOLIOLA).

O derivado cun sufíxo *-aco* (de orixe prerromana, probablemente celta, *-ACCO*, DCECH, III, 390), *follaco*, é sinónimo de *follato* (cf. *burato* / *buraco*) para denominar follas secas en xeral e especialmente a do millo, que se empregaba para facer colchóns. Témolo nun derivado en *-ALE* coa solución oriental do plural en *-ais*:

Follacais, PnH no Barco de Valdeorras (M190-4)

116.3. Follada e outros derivados

E. Rivas considera unha forma toponímica **Follada*, correspondente ó participio dun verbo *FOLIARE ‘botar folla frondosa’, para explicar un topónimo menor *A Folladiña*, en Marín (Rivas 1982, p. 168). A mesma etimoloxía (con diferente sufíxo diminutivo) admitiría *Folladela*, nome de parroquia en Melide. Pero dado que non rexistramos na toponimia galega ningún outro derivado dese

verbo *FOLIARE, debemos admitir a posibilidade de que eses dous topónimos sexan derivados de *Folleda* (< FOENICULĒTA) e pertenzan ó tema de *fiúncho* (vod. 114.2). Descoñecemos se ten relación con FÓLIA un top. medieval portugués *Foliadal* (ano 1065, OM, 133).

O NG recolle *Follanza* e Aranga e *Follenza* en Arzúa, que acaso conteñan un derivado *FOLIALÍCĒA.

117. *foupa, fopa*

Eladio Rodríguez recolle *foupa* e *fopa* como sinónimos de *carroucha* e asignálles a equivalencia equivalencia castelá de *brezo* (DEGC, II, 367, 374). En Portugal ámbalas dúas formas *fopa* e *foupa*, ademais do derivado *foupeira*, serven para denominar a folla do piñeiro (Piel, 1953a, p. 171). Bouza-Brey recolleu *foupa* en Galicia co mesmo significado có portugués e localiza o seu uso nas provincias de Ourense e Pontevedra. Estas formas proceden do lat. FALÜPPA, e a súa presenza na toponimia debe partir posiblemente dun significado xenérico de ‘frouma e garamallada para prender lume’, igual có seu sinónimo *faísca* (vid.). Este significado está presente nunha glosa do séc. X citada por Piel: «*paleas minutissimas uel surculi minuti quos faluppas uocant*» (id. ibid).

Na toponimia do territorio estudiado temos un exemplo en:

A Fopeira, PnH en San Cibrao das Viñas (M225-2)

Non existe no NG ningún derivado de *foupa* ou *fopa*. Carecemos de documentación antiga que permita saber se ten relación con este tema o topónimo *Fiopáns*, parr. e lug. na Baña, que poderíamos explicar a partir de FALÜPPALES. No DCP atopamos un derivado *Feiposa*.

118. *freixo*

Freixo é o nome galego do *Fraxinus excelsior* e outras variedades de árbores do xénero *Fraxinus* (VCN, 124). Constitúe un tema léxico con presenza relativamente abundante na toponimia de Galicia.

Non podemos contar entre os derivados de *freixo* os topónimos que presentan unha aparente forma feminina *Freixa*, *A Freixa*, que significa ‘fervenza’. Sarmiento identifica *freixa* con *feixa* e glósaos así: «*Feixa y freixa*. Es adjetivo de *roca* o *peña*. Acaso de *fissa* o de *fixa*. Por similitud se aplica a la *catarata* o *cascata* que hace un río precipitado de unas rocas, v. g.: las freixas

del río Caldelas, que vi, o de *frango, is*». Defende este parentesco co verbo *frango* latino E. Rivas a partir dunha forma suposta *FRAGIA (Rivas, 1982, p. 227). Corominas sospeita unha orixe céltica desde unha forma como *FRUESTIA, cun radical verbal que significa ‘ferver’ (DCECH, III, 350, s.v. *hervir*).

Nalgún caso os topónimos galegos relativos ó *freixo* tamén poden confundirse cos pertencentes ó tema de PHASEÖLU derivados da forma con *r*: *freixó(n)* (vid. 109). En principio esta confusión semella exclusiva da toponimia galega, pois na portuguesa nos derivados de PHASEÖLU deberían ter prepatalal fricativa sonora (*feijão*) e os de FRAXINU xorda (*freixo*), de aí que consideremos que os 2 *Freixoeiro* e 1 *Freixoeirinho* que figuran no DCP procedan de FRAXINARIU cunha disimilación vocálica (cf. *amoeiro* < *AMİNARIU). Por parte non temos constancia da existencia dunha forma con *r* (**freijão*) en portugués.

118.1. Freixo

Descoñecemos se a forma hidronímica *freixa* a que nos referimos, que Sarmiento cualifica de adxectiva, tivo un correspondente masculino *freixo* que confluiría cos topónimos que presentan a forma simple do nome da árbore (FRAXINU > *freixo*). Recollemos os seguintes:

Freixo, EdP e parr. (*Santa Cristina*) en Celanova

Freixo, EdP e parr. (*Santiago*) en Sarreaus

Freixo, EdP en San Xoán de Río

Freixo e Minas de Freixo, 2 EdP en Monforte

A Serra de Freixo, PnH en Monforte (M189-1)

O Freixo, PnH en Carballeda de Valdeorras (M190-4)

O Freixo, PnH en Leiro (M187-3)

O Freixo, PnH en Maceda (M226-2)

O Freixo, PnH en Sandiás (M264-1)

O Freixo, PnH en Cenlle (M187-3)

A Ponte do Freixo, PnH en Amoeiro (M187-4)

Os Freixos, PnH en Sandiás (M264-3)

Regato do Freixo, CdA en Hermisende (M304-2)

Cavanco do Freixo, CdA en Vilardevós (M303-4)

O Teso do Freixo, PnH en Sandiás (M264-1)

Río Freixo, CdA en Sarreaus (M264-2)

Este último hidrónimo daba nome á parroquia de *San Salvador de Riofreixo* ou *Río Freixo* (na doc. medieval *Río de Freixo*), hoxe chamada *Sarreaus* (*San Salvador*): o nome do lugar de *Sarreaus*, que é tamén o do concello, acabou substituíndo o nome tradicional da parroquia.

O NG recolle lugares chamados *Freixo* ou *O Freixo* en Becerreá, A Cañiza (*O Freixo*, *Costa do Freixo* e *Coto do Freixo*), Cervantes, Cervo, Crecente (parr. e lugar), A Fonsagrada (parr. e lugar), Monforte (3 tops: 2 *Freixo* e o mencionado *Minas de Freixo*), Oza dos Ríos, A Pobra do Caramiñal (onde tamén hai *Portofreixo*), As Pontes de García Rodríguez (parr.), Pontevedra, Ribadumia, Samos (parr. e lugar), San Sadurniño (2 tops.), Sanxenxo, Valdoviño e Vigo. Hai tamén a entidade do *Freixo* en Sabardes, Outes, que non figura no NG.

No DCP contamos 30 *Freixo* e 3 *Freixinho*.

Na documentación medieval temos referencia do topónimo *Freixo* e do *Río (de Freixo)* que daba nome á parroquia de Sarreaus:

«*villa de Fraxeno integra*» (ano 1033, CLN, nº 137)
 «*discurrente aqua Balderici et rículo de Fraxino*» (1092, CLN, ano 289)
 «*rículo de Fraxino*» (ano 1095, CLN, nº 287), etc.

Freixo (Santa Cristina), parroquia de Celanova, e o seu lugar homónimo atopámos en:

«*Rodrigo Fernandez d'Arnedo, clérigo de Santa Cristina de Freyxo*» (ano 1481, VFD1, nº 92)
 «*Aluaro Fernandes, ferreiro de Freyxo*» (ano 1481, VFD1, nº 92)
 «*Roy d'Arnedo, clérigo de Santa Xpna de Freyxo*» (ano 1488, VFD1, nº 105)
 «*Conçaluo Roçán, veziño de Freixo*» (ano 1520, VFD1, nº 123), etc.

A parroquia de *San Tomé de Merlán*, en Chantada, chamábase na Idade Media *San Tomé do Freixo*:

«*in parrochia sancti Thome de Frexion*» (ano 1240, OSR1, nº 466)
 «*na vila de Merela sub sino de san Tome de Freyxo*» (ano 1274, OSR2, nº 1050)
 «*Pedro Arteyro clérigo de san Tome do Freyxo ts.*» (ano 1274, OSR2, nº 1050)
 «*sub sinno de san Tome do Freyxo*» (ano 1274, OSR2, nº 1052)
 «*sub signo de santo Tome de Freixeiro*» (ano 1281, OSR2, nº 1154)
 «*o noso casal de Vilela, que jaz su lo signo de Santomé do Freixo*» (ano 1404, VFD1, nº 63), etc.

O Freixo das Pontes de García Rodríguez témolo en:

«*ao casal do Freixo et de sy aa Pontella*» (ano 1352, TzS, fol 50v)
 «*eno lugar do Freyxo que he couto de Môfero*» (ano 1399, HGP, nº 16)
 «*Joham Lopez do Freyxo*» (ano 1399, HGP, nº 16), etc.

118.2. Freixeiro, freixeira

Son moi comúns os derivados correspondentes a FRAXİNARIU, FRAXİNARIA,

Freixeiro, EdP na Merca

Freixeiro, EdP en Quiroga

A Lomba do Freixeiro, PnH en Rairiz de Veiga (M263-4)

Os Frexeiros, PnH en Xunqueira de Ambía (M226-3)

A Freixeira, PnH en Xinzo de Limia (M264-2)
Corga da Freixeira, CdA en Lobios (M301-3)

O NG recolle 20 lugares chamados *Freixeiro* ou *O Freixeiro* en Catoira, Cesuras, Coristanco, Meaño, Narón, Navia de Suarna, Palas de Rei, Pontevedra, Quiroga, Santa Comba (parr. e lugar), Sanxenxo, Silleda (2), As Somozas, Teo, Valdoviño, O Vicedo, Vigo (*San Tomé de Freixeiro*, parr. e lugar, na actualidade integrados no casco urbano de Vigo) e Vilagarcía de Arousa.

O DCP recolle 10 *Freixieiro*, 2 *Freixeira*, 1 *Freixeiro*.

Atopamos o lugar de *Freixeiro* da Merca en:

«*elevat de pumare de Feles et feret in Fraxinario*» (ano 1005, CLN, nº 186)
 «*per aqua de Frexenario et inde uudit ad azimola*» (ano 1240, RAM, nº 30)
 «*Freixenario*» (ano 1248, RAM, nº 55).

118.3. Freixal

É pouco frecuente no territorio estudiado o derivado co sufijo correspondente a –ALE. Recollemos un só topónimo coa forma oriental do plural –ais.

Regueiro de Freixaís, CdA en Carballeda de Valdeorras (M190-4)

No NG figuran 2 *Freixal* en Arteixo e Carballo. O DCP recolle 12 *Freixial*.

118.4. Freixedo, freixido, freixendo

Nos derivados co sufijo correspondente a –ĒTU, ademais das formas en –edo e –ido, recollemos a variante en –endo, presente nos derivados con este sufijo e temas que presentan un –N– intervocálico na última sílaba do radical.

Freixido (*Sagrado Corazón*), parr. en Larouco e Petín

Freixedo, EdP en Ourense

Freixendo, EdP en Toén

Freixido, EdP en Larouco

Freixido de Abaixo, EdP en Petín

Freixediño, PnH en Baltar (M302-2)

Freixedo, PnH en Baltar (M302-1)

Freixedo, PnH en Vilar de Santos e Rairiz de Veiga (M264-1)

O resultado *Freixendo* é paralelo de *Abelenda*, *Macendo*, *Padrenda* etc.

No NG figuran 2 *Freixedo* en Pantón e Porto do Son, 6 *Freixido* en Boimorto, Friol, Narón, Ortigueira, O Valadouro e Viveiro, 1 *Freixendo* en Salvaterra de Miño. O DCP recolle 5 *Freixeda*, 1 *Freixedas*, 1 *Freixedo*, 1 *Freixedinho* e 1 *Freixededo*, este cunha insólita forma que aparenta dobre derivación co mesmo sufijo.

Probablemente non pertence a este tema ***Freixende***, no concello de Sober, senón que é de orixe antropónimica a partir ***Fredesindi** ou formas semellantes, do xenitivo dun nome xermánico (Piel Kremer, HGN, 103, 17F), aínda que non resulta improbable unha alteración *Freixenda* > *Freixende*. Outro tanto podemos dicir de ***Freixide***, na Pastoriza, que podería proceder dun nome persoal ou pertencer a este tema (cunha alteración *-ida* > *-ide* presente noutros temas fitonímicos con este sufijo, favorecida pola analogía cos numerosos topónimos en *-ide* de orixe antropónimica).

O lugar de ***Freixedo***, en Canedo, hoxe pertencente ó concello de Ourense, atopámolo documentado desde o séc X:

- «*quam pumares de Vizoi et de Viduas et Fraxineto*» (ano 934, CLN, nº 478)
- «*in Bubale, Mauregati, Vizamondi et in pumares de Viduas et Fraxeneto*» (ano 943, CLN, nº 172)
- «*piscarias qui sunt in Fraxineto de porto deuntis*» (ano 952, CLN, nº 558)
- «*alias villas qui sunt secus litore Minei, vineas, terras vel omnia quantum habemus in villa que appellatur Frexeneto*» (ano 952, CLN, nº 558)
- «*De Fraxeneto lenzarios qui ducant vinum pro ad monasterio de vineas domnigas*» (ano 1004, CLN, nº 240)
- «*de Fraxineto, de Cambeo, de Bovata, de Tamaliancos*» (ano 1004, CLN, nº 240)
- «*in Araugio, in Frexenedo villa que fuit de Florenzo*» (ano 1024, CLN, nº 281)
- «*Untes, Barrio e Auteriz et Palmes et Fraxeneto*» (ano 1155, BCMO, T. 2, p. 169)

Un lugar chamado ***Freixedo*** en Longos, Cea, hoxe desaparecido como entidade de poboación:

- «*loco qui vocatur Freyxeedo, sub parrochia sancti Pelagii de Longos*» (ano 1242, OSR1, nº 507)
- «*et unum casale in Lamela et aliud in Freyxeedo*» (ano 1221, OSR1, nº 218)
- «*lohannem Petri de Ribela et Ariam Petri de Freyxeedo, milites*» (ano 1272, OSR2, nº 1017)
- «*filla de Aras Perez, cavaleyro de Freyxeedo*» (ano 1302, OSR2, nº 1313)

Un diminutivo en **–ELLU** téromo nun ***Freixedelo*** medieval localizado en Monterrei «*u chamā Ffreyxeedelo*» (ano 1300, MdR, AHN Clero, Cpta. 1488, nº 17).

118.5. Freixoso, freixosa

Non é moi abundante o derivado colectivo en ***-oso***, ***-osa***.

Freixoso ou ***Freixoso de Penela***, EdP en Cartelle
A Freixosa, PnH en Vilar de Barrio (M264-2)

Freixoso de Cartelle é o único top. con esta forma incluído no NG. O DCP recolle 2 ***Freixiosa***.

O de Cartelle e outros topónimos idénticos aparecen na documentación antiga:

- «*in villa de Fraxinoso*» (ano 1005, CLN, nº 204)
- «*in villa quam vocitant Fraxinoso, territorio Arnogie*» (ano 1027, CLN, nº 85)
- «*villa quam dicunt in loco predicto Fraxenosso*» (ano 1051, CLN, nº 79)

«hereditate quam abeo in villa de **Fraxenosos**» (ano 1144, CLN, nº 112)
 «casale quod abemus in loco qui dicitur **Freixinoso**» (ano 1253, RAM, nº 105)
 «na frigesia de Santiago de Penelas, a o qual chaman de **Freixoso**» (ano 1420,
 RAM, nº 415)
 «Fernando de **Freyxoso**, veziño d'Espyñoso» (ano 1510, VFD1, nº 116), etc.

Non teñen relación co tema de FRAXÍNU os topónimos

Freixinoces, PnH en Carballeda de Valdeorras (M190-4)

Regueiro de Freixinoces, CdA en Carballeda de Valdeorras (M190-4)

Dado que se trata do nome dun curso de auga e do terreo que rega, poderían conter o mencionado hidrónimo *freixa*. O segundo elemento parece conter o plural de *noz*, o que nos leva a suixerir un composto FRANGIT NÜCES, equivalente a *escachanoces* e semellantes, de uso como alcume ou sobrenome. Pretender asocialo a FRAXÍÑOSAS bate co obstáculo da conservación do *-n-*, ademais do da interdental.

119. *fronza, franza*

Dun derivado colectivo FRONDÍA do lat. FRONDE ‘follaxe’ procede o galego *fronza*, recollido por Sarmiento «fronzos y fronzas son las ramas de las gestas. De frondes» (*Vegetables*, 951). É paralelo do extremeño *francia* ‘rama o fronda de la retama’, e portugués *frança*, ‘ramas pequeñas de los árboles’, cun vocalismo non etimolóxico na vogal tónica que Corominas explica por un cruzamento con outra voz e que está na orixe do top. *Sierra de Francia*, en Salamanca (DCECH, II, 963). A voz *franza* é común no galego: «*franzas. s.f.pl.* Ramas más altas de los árboles» (DEGC, II, 376)».

No territorio estudiado temos

Franza, EdP en Boborás

O NG recolle 3 **Franza** en Chantada e en Mugardos (parr. e lugar).

Podería estar relacionado con estes o nome dunha entidade de poboación en Ortigueira, non incluída no NG (M2-3) chamada **Francia**. Noutros casos, a presenza desta forma na toponimia responde a unha advocación mariana (*Nosa Señora da Pena de Francia*).

Palacio (1981, 202) recolle un derivado **Franceira** en Pantón.

120. *gallo*

Resulta difícil dilucidar se son fitónimos ou non os topónimos en que está presente o común *galla, gallo* (< lat. *GALLĒU), cast. *gajo* ‘rama de árbore’, que

ten, cos seus derivados, múltiples significados nacidos da idea de ‘bifurcación’. Así, a **Pena Gallada**, PnH en Quiroga (M190-1), alude á forma da pena, partida verticalmente en dúas partes; **O Gallo Grande** e **O Gallo Pequeno**, no cllo. da Veiga, son os nomes de dous cursos de auga confluentes (M228-2). Si poderían ser fitonímicos dous topónimos paralelos

Val das Gallas, PnH en Riós (M303-2)

Val de Gallas, PnH en Xinzo de Limia (M264-2)

Palacio considera un derivado **Galleira**, PnH en Pantón, como fitotopónimo que designa un lugar onde se ía recoller leña, e asígnalles parecido significado ós topónimos **Galleiros** e **Galleiral** (Palacio 1981, 203), tendo en conta unha acepción de *galleiro* como «estaca que se pone a las habas tempranas para que éstas se encaramen fácilmente» (DEGC, II, 399). Temos un paralelo en:

Curral do Galleiro, PnH en Muíños (M301-2)

Nos topónimos en que temos a forma correspondente a *GALLEATA, *GALLEATU ‘bifurcado’ non podemos saber se alude a arborado (cf. unha PnH de Pantón **Degallada** ‘derramada’) ou se alude a unha bifurcación viaria, fluvial ou orográfica:

As Galladas, PnH no Irixo (M153-4)

Val de Gallado ou *Val Degallado*, PnH en Manzaneda (M228-1)

Barranco de Val de Gallado ou de *Val Degallado* CdA en Manzaneda (M228-1)

No NG figuran 2 **O Galleiro** (en Pazos de Borbén e Salvaterra) e 1 **Galoso** en Santiago. **Gallada de Piñeiro**, en Mugardos, alude sen dúbida a unha bifurcación. O DCP recolle 2 **Galheira** e 1 **Galhosa**.

121. *gamón*

O gal. *gamón*, cast. *gamón*, port. *gamão* designan o *Asphodelus albus*, a *abrótea* ou *abrótega*, ou especificamente a vara ou brote desta planta (DEGC, II, 400). Sarmiento dá como sinónimos «*gamón*, *abrotega* o *asfodelo*» (*Catálogo*, 206 r), aínda que nalgúns lugares recolle un significado específico para *gamón*: «*Gamón, gamóns*: En el Seixo son las varas del asfodelo, y secas sirven de luces. La planta es *abrotega*» (id. ibid.). É palabra de orixe incerta, probablemente prerromana (DCECH, III, 60-61).

Con *gamón* podemos relacionar unha serie de substantivos que significan ‘gromo, rebento’, ‘guizo, chamizo para alumbar’ ou ‘leña miúda para o lume’.

Sarmiento recolle algúns deles; explica *gamallo* dicindo que «Llaman así hacia Pontevedra a los renuevos, y espesos, de los carvallos, etc.» (*Catálogo*, 216 v), e relaciona esta forma *gamallo* con *xermolo* e *gameito*. «Gameito, gameitos. Son aquellos pezones de madera que salen de las ramas de los cerezos, de los cuales salen simul las hojas y cerezas, con sus pezoncillos y todo forma un ramillete. Acaso de *gamotas*, parte del *gamón*» (*Catálogo*, 205 v). O substantivo *gamallo* é sinónimo do seu parónimo *ramallo*; E. Rodríguez defineo como «ramo, cualquiera de las ramas con hojas verdes, cortada y desgajada de un árbol. || Cualquiera rama con follaje que está adherida al tallo o tronco vegetal» (DEGC, II, 400).

121.1. Gamoal

Os derivados en *-ALE* constitúen as formas más comúns entre os derivados de *gamón*. Recollemos os seguintes:

- O Gamoal*, EdP en San Cristovo de Cea
- O Gamoal*, PnH en Vilardevós (M303-4)
- Fonte do Gamoal*, PnH en Vilardevós (M303-4)
- O Gamoal*, PnH en Xinzo de Limia (M264-4)
- O Gamoal*, PnH na Mezquita (M266-3, M266-4)

O Gamoal de Cea é o único topónimo deste tema léxico que figura no NG. O DCP recolle 1 *Gamoal*, 1 *Gamoais*.

121.2. Gamoeda

O derivado cos sufíxo correspondente a *-ÉTA* témolos en:

- A Serra da Gamoeda*, PnH en Lubián e Hermisende (M266-4, M304-2)
- Altos da Gamoeda*, PnH en Lubián e Hermisende (M266-4)

Non hai topónimos semellantes no NG nin no DCP. Ten paralelo no *Gamoneda* leonés.

121.3. Gamota

Gamota é un substantivo da mesma familia léxica de *gamón*. Algunhas fontes dan *gamón* e *gamota* como sinónimos (XLFG, 537 define *gamota* como ‘ASFÓDELLO’); Sarmiento explica *gamotas* como partes del *gamón* (*Catálogo*,

205 v) cando considera *gamón* como nome da planta e *gamota* o seu rebento, pero noutro lugar denomina *gamón* o rebento e *abrótega* a planta (*Catálogo*, 206 r). En Hermisende, *gamotas* son «os gamois novos, cuando áinda se están formando». Debe ter relación con esta voz o topónimo:

O Gamote, PnH en Trasmiras e Cualedro (M302-2)

121.4. Gamallo

Moi posiblemente relacionado cos anteriores está o substantivo común *gamallo*, «ramo, rama con follaje», «arbusto», «punta de una rama», que ten unha acepción específica como sinónimo de *loureiro*, localizada en Laxe (XLFG, 537).

Derivados de *gamallo* son os 2 *Gamalleira* que recolle o NG na Fonsagrada e en Negueira de Muñiz.

122. ganzo

Emparentado con *gamón*, polo menos desde o punto de vista do significado, está o substantivo común *ganzo*, palabra de orixe incerta, probablemente prerromana (DCECH, III, 68-69) que os dicionarios definen como «vara del brezo o urce después de pasar uno o más años a la intemperie. || Servía a nuestras gentes aldeanas para alumbrarse» (DEGC, II, 404). Sarmiento recolle a variante *gancio* entre os sinónimos de *ardentes*, *cádavos*, *chamizos*, *cabecos* ou *cavecos*, *gamóns*, *gabizos*, *gabuzos*, *gabozos*, *guizos* (*Vegetables*, 379, 868; *Catálogo*, 206r, 206v), que designan varas ou pauciños (en xeral ou ben dunha planta específica) que se empregaban para alumbar ou prender lume. Tamén recolle un derivado asturiano *gancellas*: «oí al mismo asturiano que así llaman a las queirugas. Acaso de *gancios*» (*Vegetables*, 1667).

122.1. Ganzo

Temos un exemplo coa forma simple e un derivado diminutivo feminino:

Outeiro do Ganzo, PnH en Cualedro (M302-2)

A Ganciña, PnH en Oímbría (M302-4)

Non hai topónimos semellantes no NG nin no DCP.

122.2. Ganceiros

O derivado de *ganzo* por medio do sufixo correspondente a *-ARIU* térmolo en:

Ganceiros, EdP en Lobios (M301-1)

Non hai topónimos semellantes no NG nin no DCP.

123. *garabato, garabullo, garamata*

Corominas cre que o cast. «*garabato* ‘gancho retorcido’, dialectalmente *garabito*, port. *garavato* ‘palo con un gancho en la punta, para coger fruta’, *garavêto* ‘pedazo de leña menuda’ parecen ser derivados del ast. y sant. *gárabu*, *gáraba* ‘palito’, de la misma familia prerromana que *CARBA* ‘rama’, ‘matorral» (DCECH, III, 80). Os dicionarios galegos recollen *garamata* («rama de árbol que está seca y sólo sirve para quemar», DEGC II, 405), *garamatada* («conjunto de ramas, FOUPAS, leña, madera, etc., que se guardan en la leñera para la invernía», DEGC, II, 405), *garabullo*, *garabato* («palitroque delgado, generalmente seco, que se usa para hacer lumbre o encenderla», DEGC, II, 404), *carabullo*, idem (DEGC, I, 484), *garabelo*, *garamelo*, *gramela*, *gramelo* («trampa ou cepo para cazar animais», DEGC II, 404, 405, 421), etc.

A presenza na toponimia destas formas debe aludir a lugares onde se recollía leña miúda para o lume. É posible que algún caso responda a algunha especie botánica concreta, coma o port. *gramata*, que designa a *Salsola Kali*, tamén chamada *barrilha-espinhosa* (Sampaio, *Flora*, 604).

Son probables derivados deste tema prerromano os seguintes:

Os Garabatos, EdP en Amoeiro

O Garabato, PnH na Veiga (M228-2)

A Garabateira, PnH en Viana do Bolo (M228-3)

Regueiro da Garabitá, CdA en Laza (M265-3)

Garabixo, PnH en Sober (M188-2)

Garabás, EdP e parr. (*San Pedro*) en Maside

Garabás de Arriba, EdP en Maside

O Garabello, PnH en Castrelo do Val (M265-3)

Garabelos, EdP en Gomesende

Garabelos, EdP e parr. (*San Xoán*) en Bande

Garabelos do Bouzo, EdP e parr. (*Santiago*) en Baltar

Camiño de Garabelos, PnH en Baltar (M302-1)

Regato de Garabelos, CdA en Xinzo de Limia (M264-3, M264-4)

Regueiral de Garabelos, CdA en Baltar e Xinzo de Limia (M302-2)

A Garamateira, PnH en Benuza (M229-1)

- As Garamelas*, PnH na Gudiña (M303-2)
Penedo das Garamelas, PnH na Gudiña (M303-2)
Garmalleda, PnH en Manzaneda (M227-2)
As Garmallosas, PnH en Montederramo (M227-3)
Campo das Garmallosas, PnH en Montederramo (M227-3)
A Gramalleira, PnH en Laza (M265-1)
Lastra da Gramalleira, PnH en Laza (M265-1)

O NG recolle lugares chamados *Gramela* na Coruña e Toques, *Garabanxa* ou *Grabanxa* en Frades e Oroso, *Garabatos* en Abegondo e As Pontes; *Garabal* en Santiago, *Garabelos* en Chantada e Crecente, *Garavisco* nas Neves. No DCP hai 3 *Gravito*, 1 *Graveto*, 1 *Gravelho*, 1 *Gravelo*.

Garabás, en Maside, semella un plural de *garabal*. Na documentación medieval atopamos este topónimo:

- «*lohannes Petri de Garavanes*» (ano 1214, OSR1, nº 161)
 «*casale quod habebam in Garavanes*» (ano 1226, OSR1, nº 267)
 «*Pelagius Suerii capellanus de Garavaes*» (ano 1227, OSR1, nº 291)
 «*in Garavaes, in villa que dicitur Constancia*» (ano 1227, OSR1, nº 291)
 «*villa de Garavaes*» (ano 1235, OSR1, nº 410)
 «*Garsiam Fernandi, iudicem de Garavanes*» (ano 1244, OSR1, nº 544)
 «*Garsia Fernandi de Garavanes iudex*» (ano 1248, OSR1, nº 603)
 «*lohannes Fernandi de Garavaes*» (ano 1251, OSR1, nº 661)
 «*Garavaes in parrochia sancti Petri in terra de Castella*» (ano 1253, OSR1, nº 706)
 «*a iudice de Garavanes*» (ano 1254, OSR1, nº 723)
 «*Petro Fernandi, prelatus de Garavaes*» (ano 1255, OSR1, nº 736)
 «*Arias Martini, capelan de Garavaaes*» (ano 1257, OSR2, nº 786)
 «*Petrus Fernandi prelatus de Garavaes*» (ano 1259, OSR2, nº 844)
 «*Arias Martini de Garavaes capellanus*» (ano 1261, OSR2, nº 882)
 «*Petrus Fernandi prelatus de Garavaens*» (ano 1262, OSR2, nº 895)
 «*P. Fernandi prelatus de Garavaes*» (ano 1262, OSR2, nº 899)
 «*P. Fernandi de Garavaes*» (ano 1262, OSR2, nº 899)
 «*Costancia sub parochia sancti Petri de Garavaes*» (ano 1265, OSR2, nº 922)
 «*Facta carta apud Garavaens*» (ano 1265, OSR2, nº 922)
 «*Arias Martini, capellanus de Garavaes*» (ano 1266, OSR2, nº 933)
 «*Petrus Fernandi de Garavaes*» (ano 1266, OSR2, nº 936)
 «*Martinus Petri de Garavanis*» (ano 1267, OSR2, nº 946)
 «*sub parrochia sancti Petri de Garavanis*» (ano 1267, OSR2, nº 946)
 «*Fernan Eanes de Garavaes*» (ano 1275, OSR2, nº 1092)
 «*Fernan Eanes de Garavaens*» (ano 1279, OSR2, nº 1142)
 «*Fernan Suarez de Pazos de Garavaes*» (ano 1280, OSR2, nº 1148)
 «*da Cavyanca que vem da iglesia de Garavaes*» (ano 1299, OSR2, nº 1282)
 «*su cadea de sam Pedro de Garavaas*» (ano 1299, OSR2, nº 1282)
 «*o couto de Garabads*» (ano 1405, VFD1, nº 64)
 «*a Iglesia de San Pedro de Grabaás*» (ano 1405, VFD1, nº 64)

A consoante nasal que aparece nalgunha das grafías, o mesmo ca na forma castellanizada *Garabanes*, con que figuraba nos nomenclátores, debe ser a consonantización

dunha nasalización non etimolóxica do ditongo resultante da caída do *-l-* intervocálico (cf. *Freixáns*, *Fentáns*, *Porráns*, etc.).

Outros topónimos semellantes que atopamos na documentación antiga son:

- «*sua domna Maria Petri de Garavolos*» (ano 1248, OSR1, nº 611)
- «*leyra d-erdade no outeyro de Gramalam*» (ano 1285, OSR2, nº 1174)
- «*eu Lourenço Eans Garauito*» (ano 1286, VFD1, nº 26)
- «*segundo que topa enno agro do Garauito*» (ano 1439, FDU, nº 318)
- «*eu Diego de Garauolos, vendo a vos Aluaro de Garavolos, meu yrmao*» (ano 1477, RAM, nº 531)

124. *garavanzo*

A primeira dificultade que ofrece a toponimia emparentada co substantivo *garavanzo* e formas semellantes estriba na identificación da especie fitonímica que designan. Cremos que non se trata do que actualmente entendemos por *garavanzo*, cast. *garbanzo*, port. *grão de bico*, o *Cicer arietinum* (VCN, 124), que é legume relativamente recente en Galicia. No século XIX e comezos do XX era coñecido en Galicia como *garbanzo castellano* mentres que o *garbanzo* a secas designaba unha variedade de faba ou chícharo (A. Cotarelo Valledor, cit. en DCECH, III, 87).

A etimoloxía de *garavanzo* é dubidosa. É voz común ó castelán, galego e portugués (onde, ademais do estándar *grão de bico* existen denominacións locais *garbanço*, *grabanço*, *ervanço*, *erbanço*, *arvanço*...). Nas documentacións más antigas nestes idiomas aparece rexistrado como *arvanço*, *garvanço*. Corominas dubida entre unha orixe xermánica e unha prerromana, amosando certa preferencia por esta última «en atención a la terminación *-ANTIU*». Trataríase dunha voz indoeuropea *sorotáptica*, «un vocablo de los Urnenfelder» *ERVANTIOS, con raíz común ó lat. *ervum* (cf. ervella 098). O filólogo catalán explica o *g-* inicial como resultado dunha *invasión* do *g-* de *garroba*, «que en muchas partes se ha mirado como sinónimo de ‘vaina de fruto’ por excelencia» (DCECH, III, 88).

Por outra banda, a raíz *garab-* témtola en numerosos fitónimos que designan leña miúda (*garabullo*, *garabato*, *garamata...*; vid. 123). E. Rivas (1994, 52-53) emparéntao con voces coma o sant. *gáraba*, ast. *gárabu*, *garbu* ‘rama delgada’ e subordínaos a unha raíz primitiva *CAR- (vid. *carba*, *carballo*, vid. 062). Aínda podemos engadir o asturiano *garabanzu* ‘Centaura, planta composta’ (Sánchez Vicente, 226), *garabanzos* ‘herbas leñosas’, port. *gravanço* ‘angazo’ (DCECH,

III, 86), este último sen dúbida emparentado con *garabato*, *garabito* e formas semellantes (cf. ast. *garabato* “rastro, angazu”, en Sánchez Vicente, 226).

Aceptando a tese de Corominas en canto á orixe indoeuropea prelatina do antigo *arvanço*, cremos que semella tan razoable pensar que pudo ser esta familia de voces prelatinas (que contaba con derivados *garavanço*, *gravanço*, *garbanço*) a causa do *g-* no nome do legume, pois a forma por el mencionada *garroba* non ten uso en Galicia nin noutras áreas do norte peninsular.

Tamén é moi posible a interferencia desta familia con outros fitónimos coma *agavanzo*, *agavanza*. Sarmiento recolle «Gabanceyra, o agabanza y agarbanza en Campos. En Puente de Domíngo Flórez es el silvo macho» (*Vegetables*, 1744). O *silvo macho* ou *silva macha*, tamén chamada *roseira brava*, é a *Rosa canina* (VCN, 141), ben distinta da leguminosa dos *garavanzos*.

En calquera caso, tralo exposto escusaríase dicir que non podemos saber se os topónimos que recollemos aquí aluden ó cultivo dun legume, a lugares onde se obtén leña miúda ou a plantas indeterminadas. En calquera dos casos estariamos ante nomes de orixe prelatina.

124.1. Garavanceira, garabanceira, garbanceira

Son derivados co sufijo correspondente en **-ARIA**:

A Garbanceira, PnH na Mezquita e Pías (M266-4)

A Pedra da Garbanceira, PnH na Mezquita (M266-4)

124.2. Garavanzal, garabanzal

Temos un único derivado co sufijo correspondente a **-ALE**:

O Garavanzal, EdP en Ourense, parr. de Arrabaldo.

No VOLG optouse pola grafía con V para o nome do legume posiblemente atendendo ó seu parentesco indoeuropeo co lat. *ERVUS* e *ERVILIA*. A grafía oficial do nome da localidade ourensá é tamén *Garavanzal*, con V, o que non garante que o topónimo teña relación co legume, e de tela cómpre lembrar que seguramente aludiría a outra variedade e non ó *Cicer arietinum* que hoxe coñecemos como *garavanzo*. Onda non, estariamos ante un topónimo alusivo á leña miúda, emparentado con *garabullo*, *garabato* e semellantes (123).

125. *gorgullo*

O dicionario de E. Rodríguez explica os comúns *gorgullo* e *gurgullo* como denominacións xenéricas de varios insectos coleópteros (DEGC, II, 417). Corresponden ó cast. *gorgojo* e proceden do latín vulgar GŪRGŪLIU, clásico CURCULIōNE (DCECH, III, 175). Ademais deste significado zoonímico, existen outros fitonímicos: a *herba do gorgullo* (Sarmiento, *Vegetables*, 988, onde se identifica como *Virga aurea*) e o *gorgullo* ou *Datura Stramonium*, tamén chamada *figueira do demo*, *herba do morto*, *herba do demo*, *herba dos ourizos*, *herba fedenta* (VCN, 124). Debemos considerar ademais a posibilidade de homonimia con voces hidronímicas, cf. *gorgullar* «gorgotear, hacer gorgoteos el agua o un gas» (DEGC, II, 417), que é variante de *burbullar*. Así as cousas, non se pode confirmar o carácter fitonímico, zoonímico ou hidronímico dos topónimos:

- O Gorgullo*, PnH en Muíños (M301-2)
O Gorgullo, PnH en Pantón (M188-2)

126. *gromo*

Incluímos aquí algúns topónimos para os que non atopamos explicación satisfactoria. Algúns deles poderían estar relacionados co substantivo común *gromo* (lat. GRŪMU), que os dicionarios definen como ‘xermolo’, ‘rebento dunha planta’ e ‘yema, cogollo en los árboles» (DEGC, II, 427). Un posible derivado do lat. GRŪMU é o advx. *grumido*, *-a*, «frondoso, ameno, sombreado de follaje verde» (DEGC, II, 427), que ha de estar emparentado cun advx. recollido por Sarmiento «*Engromiñados* o *engrumiñados*. Díicense así los toxos cuando están muy juntos, rastreros y apiñados. De *grumo* se aplica a otras cosas» (*Catálogo*, 209 v). Debemos considerar ademais algunhas acepcións botánicas do asturiano *gromu*, como «ramito de árgoma» e «piornu» (Sánchez Vicente, 232).

Non temos seguridade de que este tema léxico deixe restos na toponimia. Un aparente derivado en *-ALE* podería ser

- Corga de Gromar*, CdA na Gudiña e Riós (M265-4)

Mais tamén podería ser antropónimo. Piel e Kremer consideran derivados dun nome persoal xermánico os topónimos lugueses *Golmar* e *Vilagromar*, procedentes de *GOLMARUS (HGN, 133) ou GODMARUS (HGN, 146).

Rexistramos, p. ex., *un «villare qui dicitur Golmaro»* no ano 1145 (CTÑ, nº 16), evidentemente antropónimico. Non obstante, temos outros derivados, aparentemente con sufixos colectivos *-ARIA*, *-ĒTU*, que nos obrigan a considerar a posibilidade de que o *-ar* dos precedentes sexa o resultado dun sufixo *-ALE*. Son:

Cavorco de Golmedo, CdA en Rubiá (M190-2)

Portela de Golmedo, PnH en Carballeda de Valdeorras e Rubiá (M190-2)

A Gulmeira, PnH en Vilar de Santos (M264-1)

Gulimeiras, PnH en Ribadavia (M225-1)

Grumieiras, PnH en Barbadás (M187-4)

127. *goldra*

Escribe Sarmiento acerca dunha planta chamada *goldra*: «*gualda*, castellano. *Gualda*, en Valcarcel *gualdra y goldra* en Lugo. (...) Latín luteola. Linneo también llama reseda. Tiñe lo blanco de amarillo, y lo azul de verde. Es thriaca. Nació en mi celda» (*Vegetables*, 1910). É voz de orixe xermánica (DCECH, III, 239). Non sabemos se deixou restos na toponimia galega. O NG recolle *Goldra* no concello de Gondomar, pero a semellanza coa forma recollida por Sarmiento ha de ser simple coincidencia, pois cremos que se trata dun antropotopónimo (HGN, 141). Tamén son antropónimos dous topónimos do territorio estudiado aparentemente relacionados con *goldra*:

Goldrés, PnH en Muíños (M301-2)

Outeiro de Goldrés, PnH en Muíños (M301-2)

Dado que se localizan na zona da Limia próxima á fronteira portuguesa, nunha subárea do galego caracterizada polo seseo, podería tratarse dun *Goldrez*, o xenitivo dun antropotopónimo xermánico coa raíz GOLD-, GULD- e equivalente ós *Guldrís*, *Guldriz* que recolle o NG. Polo que respecta ó *-e-* en lugar de *-i-*, debemos observar que co nome *Golderigo* (*Goldericus*) tamén está documentada a variante *Golderego* (HGN, 141).

128. *guinda*

A *guinda* é unha froita semellante á cereixa, xeralmente más redonda. A árbore que dá a guinda é a *guindeira*, *Prunus cerasus* (VCN, 127). *Guinda* é voz de etimoloxía incerta; Corominas e outros suxiren unha orixe xermánica (DCECH, III, 266-267).

Temos un único exemplo en

O Guindal, PnH na Gudiña (M266-3)

O NG recolle **O Guindal** en Tui e **As Guindeiras** na Cañiza.

O DCP recolle 1 **Gingeira**, 1 **Ginjal**, derivados do común *ginja* ‘guinda’. Non temos constancia da presenza deste nome ou de derivados seus na toponimia galega. Un común *xinxo*, tamén fitonímico, ten significado diferente do *ginja* portugués: «En tierras arousanas se llama XINXA a una variedad de la hierba alcuacil que se da espontáneamente en los terrenos de cultivo y se reproduce con gran rapidez y fuerza invasora, lo que obliga a arrancarla cuidadosamente para evitar que aniquele a las plantas de cultivo» (DECG, s.v.)

129. *hedra, edra*

Son numerosos os topónimos derivados de *HEDERA* na toponimia de Galicia e do territorio estudo. Atopamos dúas solucións principais: **a)** derivados que conservan o grupo consonántico *-d'r-* de *hedra*: *Hedrada, Hedrosa*, etc., e **b)** derivados en que se produce a redución do grupo *-d'r- > -r-*: *Herada, Herosa*, etc. (cf. os tops. *Pedra-* / *Pera-*). A alternancia gráfica con *h-* e sen *h-* dábase xa no latín e rexistrámola nos documentos medievais.

Os derivados que recollemos presentan todos sufixos de orixe latina. Non cremos que teña relación con este tema o PnH **Monte Édramo**, en Viana do Bolo (M266-1), cun sufixo átono *-amo* que o delata como prerromano. No NG figura outro **Édramo** en Cosepeito.

129.1. *Hedra*

A forma simple témola en:

Pena da Hedra, PnH en Beariz e Forcarei (M186-2)

Pena de Hedra, PnH en Vilamartín de Valdeorras (M190-3)

Pena de Hedra, PnH en Verea (M263-2)

Lombas de Pena de Hedra, PnH en Verea (M263-2)

Hedras, PnH en Quintela de Leirado (M263-1)

No NG figuran lugares chamados **Hedra** ou **A Hedra** (ou **A Edra**) en Cerceda, Mesía, Ordes e Pantón, ademais de **Casa da Hedra** en Santiago e Xermade (esta escrita como **Casadedra**). En Becerreá vemos outro PnH **A Pena da Hedra** (M125-1).

Atopamos un topónimo semellante na documentación antiga, localizado en Cenlle ou San Amaro:

«que atrabesa o camiño á dereyto ao **Penedo da Hedra**» (ano 1512, VFD1, nº 118).

129.2. Hedrado, hedrada

O sufíxo participial *-ATU*, *-ATA* forma con este tema adxectivos que significan ‘cuberto,—a de hedra’. Parte deles conservan o grupo *-d'r-*:

- A Hedrada** EdP e parr. (*Santiago*) en Parada de Sil
- San Mamede de Hedrada**, parr. en Vilariño de Conso
- Hedrada**, EdP en Vilariño de Conso
- As Hedradas**, EdP en Lubián
- Río da Hedrada**, CdA en Parada de Sil (M188-4)
- Presa de Hedrada**, PnH en Montederramo (M189-3)
- A Ponte da Hedrada**, PnH en Parada de Sil (M226-2)
- Regueiro das Hedradas**, CdA en Lubián (M266-4)
- Serra das Hedradas**, PnH en Lubián (M266-4)

e con aférese da vogal inicial:

- Dradelo**, EdP en Viana do Bolo
- Drados** EdP e parr. (*Santo Isidoro*) en Chandrexa de Queixa

Nalgúns topónimos a forma *hedrado*, *hedrada* mantén a súa función adxectiva, acompañando un substantivo:

- Penadrade**, PnH nos Blancos (M302-1)
- Penedrada**, PnH en Toén (M225-2)
- Regato de Penedrade**, CdA nos Blancos (M302-1)

O NG recolle (*A*) **Hedrada** ou (*A*) **Edrada** en Coristanco, Curtis, Irixoa e Paradela; (*A*) **Drada** en Cervantes e Guitiriz; plurais (*As*) **Hedradas** ou (*As*) **Edradas** en Vilalba e Xove, **Dradas** na Fonsagrada e Láncara e **Adrado** en Pol. En **Musdradas** e mais en **Picheira de Musdradas**, no concello de Muras, o primeiro elemento podería ser o mesmo substantivo que dá nome ó concello (*MURAS HEDERATAS). En **Penaedrade**, nas Somozas, e mais en **Carballadrade**, en Tordoia, produciuse unha palatalización do *-a* final, coma no mencionado **Regato de Penedrade**.

No lugar que figuraba nos nomenclátore como **Hedrao**, no concello de Outeiro de Rei, non sabemos se a grafía con *h*— é tradicional; de selo, poderíamos pensar nun *Hedrado* con redución do *-d-* secundario (cf. unha PnH **Penahedrá** no concello de Viveiro, M8-2, se non é erro por **Penahedra**), pero sen documentación antiga cómpre considerar a posibilidade de que se trate dunha forma antropónímica correspondente a HADRIANU ou ADRIANU, **Adrao**. O nomenclátor actual recolle o topónimo coa forma *Hedrado*.

A Hedrada de Parada de Sil atopámola na documentación antiga con diferentes grafías:

- «*in villa quam vocitant Aederata, territorio Caldellas*» (ano 884, CLN, nº 242)
- «*tam in Ederada quam in illos montes de Cesuras*» (ano 932, CLN, nº 163)
- «*nossa villa quam abemus in villa que dicent Edrata*» (ano 962, CLN, nº 169)
- «*iglesia de Santiago de Adrada*» (séc. XV, RdS, nº 212), etc.

O actual **Río da Hedrada** vémolo en documento de Santa Cristina de Ribas de Sil:

«*et fer in rivulo de sub hedradae et inde per rivulo Meizosso*» (ano 1249, BCMO, T. 2, p. 292).

O adjetivo *hedrado, hedrada* referíase con frecuencia a árbores, como na mencionada ***Carballadrade*** ('carballa hedrada') ou unha cerdeira que atopamos na doc. medieval: «*et suam rationem de illa vinea que iacet ad illam cersaream ederatam*» (ano 1010, CLN, nº 180), que teñen o seu paralelo nunha forma analítica: «*et vadet per ipsam aquam sursum ad directum ad castinario de Edra*» (ano 1247, OSR1, nº 593).

Non puidemos identificar hoxe un ***Monte Hedrado*** ou ***Monte Herado***, entre Bande e Verea, que figura na documentación medieval: «*villa que vocitant Sanguinetu, territorio Sorice subtus mons Ederato*» (ano 1034, CLN, nº 39); «*usque in Ederato et tornat per aquam de Carpazanes*» (ano 1073, CLN, nº 57), etc.

Un posible diminutivo en -ELLA, ***Hedradela***, en terra de Maceda, non identificado hoxe, témolo en «*a mea do Seengu, et a prisa dy Teysugeyras enteyra et a mea da décima et a terza et a Dydradela enteyra*» (ano 1267, VFD1, nº 16).

129.3. Herado, herada

Os derivados en que se produciu unha redución do grupo *-d'r-* a *-r-* son menos identificables, pois poden confluír con derivados de *arar* (< ARĀRE), *eira* (< ARĒA) ou outros temas topónimicos.

A Peneirada, PnH en Oímbra (M303-3)

que toma o seu nome duns penedos é posiblemente unha *Penna Hederata*, paralela dunha *pedra* que atopamos na documentación antiga: «*deinde ad portum de pedra de Heerada*» (ano 1239, Fiães, nº 58), e non debe gardar relación con *peneira* nin con *eira*.

Entre os topónimos aparentemente derivados de ARARE coas formas *Arado, Arada, Aradiña, Aradela*, etc., é posible que haxa algúns pertencente a este tema fitonómico, aínda que só a documentación antiga podería confirmalo.

No DCP figuran 1 *Erada*, 3 *Orada* e 1 *Eradela* (< HĚDĚRATA, HĚDĚRATĚLLA).

Atopamos frecuentes referencias a unha *Santa María de Herada* ou *Erada* na documentación medieval:

- «*pro hereditate Sancte Marie da Erada*» (ano 1199, Fiães, nº 47)
- «*circa ecclesiam Sancte Marie de Erada*» (ano 1240, Fiães, nº 92)
- «*ortis que sunt iuxta ecclesiam Sancte Marie de Herada*» (ano 1240, Fiães, nº 96)
- «*quobis fratri Lupo Petri de Sancta Maria de Heerada*» (ano 1241, Fiães, nº 89)
- «*Fernandus lohanis de Herada*» (ano 1242, Fiães, nº 178)
- «*abbas de Feaes et Pelagius monachus eius de Herada*» (ano 1247, Fiães, nº 129), etc.

que corresponde ó mosteiro portugués chamado hoxe de *Santa María de Orada*, pertencente na Idade Media á diocese de Tui.

Nos documentos de Oseira atopamos referencia a unha «*Sancta Maria de Erada*» (ano 1257, OSR2, nº 794) que podería ser *Santa María de Arada*, en Monterroso, ou a mesma *Orada* portuguesa.

Outros aparentes derivados do verbo *arar* poden pertencer a este tema fitonímico. No territorio estudo son os seguintes:

- A Chan de Aradas*, PnH en Lobios (M301-3)
- As Aradelas*, PnH en Avión (M186-2)
- As Aradiñas*, PnH en Vilar de Santos (M264-3)

Sen documentación antiga non podemos descartar que correspondan a HEDERATAS, HEREDATELLAS e HEREDATÍNAS, respectivamente. J. da Silveira recolleu exemplos de topónimos portugueses *Arada* rexistrados nos séculos XI-XIII como *Ederata*, *Eerada* (RL XXIV, 224-6, citado en DCECH, III, 352-353).

129.4. Hedreiro, hedreira, ereiro, ereira

Son comúns os derivados de *hedra* por medio dos sufíxos -ARIA, -ARIU. Recollemos os seguintes:

- Hedreira (Santa Comba)*, parr. na Veiga
- A Hedreira*, EdP en Avión
- A Hedreira*, EdP en Melón
- A Hedreira*, Edp(n) en Laza (M227-3)
- A Hedreira*, PnH nos Blancos (M302-1)
- A Hedreira*, PnH na Bola (M263-2)
- A Hedreira*, PnH en Calvos de Randín (M301-4)
- A Hedreira*, PnH en Manzaneda (M227-2)
- A Hedreira*, PnH en Parada de Sil e Montederramo (M188-4)
- A Hedreira*, PnH na Pobra de Trives (M227-2)
- A Hedreira*, PnH en Riós (M303-2)
- A Hedreira*, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
- A Hedreira Nova* Edp(n) en Avión
- A Hedreira Vella* Edp(n) en Avión
- Altos da Hedreira*, PnH en Oímbra (M302-4)
- Camiño da Hedreira*, PnH en Laza (M265-1)
- Chao da Hedreira*, PnH no Bolo (M228-1)
- Fonte da Hedreira*, PnH en Porqueira (M263-4)
- Monte da Hedreira*, PnH en Chandrex de Queixa (M227-3)
- Río da Hedreira*, CdA en Laza (M227-3, M265-1)
- Val da Hedreira*, PnH na Gudiña (M265-4)
- As Hedreiras*, PnH en Muíños (M301-1)
- As Hedreiras*, PnH en Baños de Molgas (M226-3)

Non localizamos no territorio estudo ningún derivado con estes sufíxos e redución do grupo *-d'r-*, coma unha denominación da planta recollida por Sarmiento: «*Areyra*.

Llaman así en Tuy a la hiedra, que el gallego dice *hedra»* (Sarmiento, *Vegetales*, 1116). Unha PnH *Ardereiras* ou *Aldereiras*, en Chandrexá (M227-1), podería ser en orixe unha forma con rotacismo por *As de Ereiras* (cf. *As do Medio* en 2227-1, *As de Arriba* en M227-1, *A de Alende* en M227-2, *As de Roque* en M227-2, *As do Val* en M227-4, *As do Vaqueiro* en M228-4, *As das Breñas* en M264-1, *As da Rudeira* en 264-3, *A do Carrreiro* en M264-3, *A de Crespo* en M264-3, etc. todos eles na mesma área xeográfica).

O NG recolle lugares denominados (*A*) *Hedreira* ou (*A*) *Edreira* nos concellos da Baña, Begonte, Curtis (2 tops.), Dozón, Friol (escrito *Hidreira*), Oleiros e Ordes. (*As*) *Hedreiras* ou (*As*) *Edreiras* en Zas. (*O*) *Hedreiro* ou (*O*) *Edreiro* en Abadín (*Odreiro* no NG), Narón, San Sadurniño (tadiconalmente *Idreiro* nos nomenclátores, hoxe *O Hedreiro*) e Vilalba; (*Os*) *Hedreiros* ou (*Os*) *Edreiros* en Aranga, Cedeira e Irixoa. *Sodreira*, en Aranga, se non é derivado de *zudro*, *sudro*, podería corresponder a un SUB-HEDERARIA.

O DCP non recolle ningún *Hedreira* ou *Edreira*; figuran en cambio 7 *Ereira* e 1 *Ereiras*.

Na documentación medieval atopamos topónimos menores semellantes: «*per petram scritam de fontem de Lagea et revolvit per edreyra*» (ano 1273, OSR2, nº 1042), «*ena cortina da Edreyra*» (ano 1407, RdS, nº 111), e unha forma de plural en «*a leyra das Edreyras, sub cadea de san Martino de Sagra*» (ano 1278, OSR2, nº 1121). Como apelido en «*Vasco Pérez da Hedreira*» (ano 1269, MdR, ACO Perg. Monac. nº 1010), «*Lopo Gómez da Edreira*» (ano 1498, ROC, nº 355).

129.5. Hedral

Tampouco non recollemos no territorio estudiado nin no NG derivados por medio do sufijo correspondente a -ALE. No DCP figura un *Edral*.

A parroquia de *San Vicente de Veral*, en Lugo, atopámolo como *Ederal* e *Sancto Vicencio de Ederal* en documentos do ano 1160 e 1221, e como *Sto Vincencio Deral* en 1289 (*Lvcensia*, p. 150). Pódese sospeitar que se trata dun “*de Eral*” (< HEDERALE); nese caso, a consoante inicial da forma actual habería que interpretala como un –b– epentético.

129.6. Hedroso, hedrosa

Son derivados cos sufíxos correspondentes a –OSU e –OSA con conservación do grupo –d'r– os topónimos:

Hedroso, EdP e parr. (*San Román*), parr. e lug. en Viana do Bolo
Quintela de Hedroso, EdP e parr. (*San Cosmede*) en Viana do Bolo
Tabazoa de Hedroso, EdP e parr. (*Santa María*) en Viana do Bolo
Hedroso, EdP en Lubián

O primeiro atopámolo como ***Odroso*** no ano 1324 (MdR, AHN Clero, Cpta. 1492, nº 12). ***Tabazoa*** (**Taboazoa*) é diminutivo en -ÓLA de ***Taboaza*** (cf. o veciño *Taboazas*), probablemente derivado de TABÚLA.

O NG recolle ***Edrosa*** en Ortigueira (*A Hedrosa* en M2-3) e ***Hedrosa*** en Castro de rei (*A Hedrosa* en M48-3) e ***Silvadrosa*** (< SILVA HEDĒRÖSA) na Fonsagrada. É moi posible que ***Adroza***, no Porriño, sexa tamén un *A Hedrosa* con hipercorrección do seseo.

No DCP figuran 1 ***Edrosa*** e 2 ***Edroso***.

129.7. Heroso, herosa

Son derivados con redución do grupo *-d'r-* no territorio estudiado:

Herosa, EdP na Gudiña

O Mesón de Herosa, EdP na Gudiña

O Alto de Herosa, PnH na Gudiña (M266-3)

Montes de Herosa, PnH na Gudiña (M265-4)

O Lombo de Herosa, PnH na Gudiña (M265-4)

Atopamos este topónimo en documento do séc. XVI escrito co grupo *-d'r-*: «na ***Edrossa*** et ē *Ossōyo* et en *Ousselhō*» (ano 1335, MdR, AHN Clero, Cpta. 1493, nº 13)

O NG recolle un ***Erosa*** en Chantada. Se *A Silvarosa*, no concello de Viveiro, é un derivado de SILVA con dupla sufixación ou se se trata dun paralelo da ***Silvadrosa*** da Fonsagrada con redución de *-d'r-* só poderá saberse con documentación antiga. O mesmo poderíamos dicir para algúns outros topónimos de apariencia prerromana coma os 5 que figuran no nomenclátor escritos como ***Arosa*** en Boimorto, Caldas de Reis, Meis, Mesía e Santa Comba, 1 ***Pé de Arosa*** no Valadouro (< PETRA HEDĒRÖSA?), 3 ***Orosa*** en Aranga, Palas de Rei e Vilalba (cf. o portugués ***Orada*** < HEDĒRATA) e 5 ***Oroso*** no concello do mesmo nome (nome de parr. e 3 lugares). J. da Silveira e Cortesão recollen igualmente exemplos de topónimos portugueses ***Arosa*** que amosan na documentación medieval a súa vinculación co lat. HEDĒRA (vid. supra *Arada*): ***Heerosa***, ano 1091, hoxe ***Arosa*** (OM, 175). Naturalmente, non ten relación co lat. HEDĒRA o nome da illa e da ría de ***Arousa***, con ditongo etimolóxico.

129.8. Hedredo

Non localizamos no territorio estudiado formas como ***Hedredo*** e semellantes, correspondentes ó lat. HEDĒRĒTU, non sendo un exemplo

Aredo, PnH en San Xoán de Río (M189-4),

aínda que non temos documentación antiga que confirme a súa pertenza ó tema de *hedra*.

130. *herba*

O substantivo *herba* (< lat. HĒRBA) é voz común para designar os pastos e en xeral toda clase de planta herbácea. Seguido dun segundo elemento, *herba* ten numerosísimos significados botánicos específicos (DEGC, II, 436-445). Na toponimia non é un tema moi abundante. Un derivado en -ALE (herbal) é común como apelativo e topónimo en áreas occidentais.

130.1. Herba

A forma simple está presente nos seguintes topónimos do territorio estudiado:

- Herba Boa*, PnH en Boborás (M186-2)
- Val de Herba*, PnH en Castrelo do Val (M265-3)
- Chan das Herbas*, PnH en Muíños (M301-2)
- Pena das Herbas*, PnH en Beariz (M186-2)
- A Poula da Herba*, PnH en Monterrei (M303-1)
- Regueiro de Val das Herbas*, CdA en Boborás e Beariz (M186-2)

O DCP recolle 1 *Ervas Tenras*.

130.2. Herboso, herbosa

Dos derivados deste tema, o máis común é o adxectivo formado mediante o sufixo -OSU, -OSA. Temos un exemplo no territorio estudiado en

- Lagoa Herbosa*, PnH en Viana do Bolo (M266-2)

No NG figura *Penerbosa* (*Pena Herbosa* < PÍNNA HĒRBOSA) en Rodeiro.

131. *horto, horta*

Os dicionarios definen *horta* como terreo dedicado ó cultivo de hortalizas, legumes e árbores froiteiras. O masculino *horto* ten o mesmo significado, aínda que «en Galicia es voz poco usada, pues en general se dice *horta*, para los huertos de pequeña extensión, lo mismo que para las huertas de mayor superficie» (DEGC, II, 457). *Horto* procede do latín HORTU ‘xardín’, mentres que o feminino *horta* constitúe en orixe un aumentativo-colectivo, que é común ós romances hispánicos e á lingua de Oc (DCECH, III, 420). O nome *horto* ou o seu plural designan ademais diferentes especies vexetais: “un género de col o

berza” (Sarmiento, *Vegetables*, 1169) e unha planta non identificada, semellante ás *chantaxes*, que Sarmiento fai corresponder cos nomes científicos de *Plantago minor*, *Alsine plantaginis* e *Tumeraria maior* (*Vegetables*, 1055, 1337).

A distribución da presenza de *horta*, *horto* no territorio estudiado pode ser significativa, pois case todos eles son topónimos da área oriental. Noutras zonas, *horta*, *horto* son substituídos por formas equivalentes no significado (*cortiña*, *nabal*, *nabeira*, *porral*, etc.).

131.1. Horto

No castelán, o masculino *huerto* mantivo ata moi tarde o significado que conserva a acepción latina de ‘xardín’ (DCECH, III, 420). Non sabemos se ocorreu o mesmo en galego; non é imposible que algún topónimo *Horto* tivera en orixe o significado de *xardín*, aínda que nos inclinamos a pensar que se cadra esa acepción é culta e nunca tivo arraigo na lingua popular, polo menos en Galicia; na documentación medieval o común *horto* apámolo co significado de terreo de cultivo de hortalizas: «*tirado ende orto e nabal et noses et castanas*» (ano 1301, OSR2, nº 1305). Temos esta forma masculina *horto* nos seguintes topónimos do territorio estudiado:

Os Hortiños, PnH en Viana do Bolo (M228-3)

O Teso dos Hortos, PnH no Bolo (M228-1)

Horto da Fonte, PnH en Quiroga (M189-2)

O Horto, PnH en Verín (M303-3)

Hortos, EdP en Sober (M188-4)

Os Hortos, Edp(n) no Bolo (M228-1)

A Porteliña dos Hortos, PnH no Bolo (M228-1)

O NG recolle 4 localidades chamadas ***Horto*** en Abegondo (parr. e lugar), Boqueixón e Ortigueira (escritas sen *h-* no NG de 1991), ***Hortovello (Horto Vello)*** en Riotorto, ***Hortos*** en Monforte e o mencionado de Sober, e ***Suhortos*** na Pobra de Brollón. O DCP recolle tres localidades chamadas ***Horto*** e un diminutivo ***Hortezelo***.

Na documentación antiga atopamos ***O Horto*** como apelido toponímico:

«*Frey Juam do Orto*» (ano 1475, MdR, AHN Clero, Cpta. 1504, nº 2)

«*frey Juā do Orto*» (ano 1479, MdR, AHN Clero, Cpta. 1504, nº 4)

131.2. Horta

É más común a forma feminina:

A Horta, PnH na Pobra de Trives (M189-4)

- A Horta*, PnH na Veiga (M228-4)
A Horta, PnH en Hermisende (M266-4)
Horta do Cura, PnH en Rubiá (M190-2)
Horta do Ferido, PnH en Rubiá (M190-2)
A Cavanca da Horta, PnH na Mezquita (M304-1)
Cavorco da Horta, CdA en Carballeda de Valdeorras (M190-4)
Regueiro da Horta, CdA en Larouco (M190-3)
Regueiro da Horta, CdA en Carballeda de Valdeorras (M190-2)
As Hortas, PnH en Baños de Molgas (M226-4)
As Hortas, PnH na Mezquita (M266-4)
As Hortas, PnH en Quiroga (M189-2)
As Hortas, PnH na Veiga (M228-4)
As Hortas da Capela, PnH en Viana do Bolo (M266-1)
A Praza de Hortas, PnH en Sarreaus (M264-2)
Regueiro das Hortas, CdA en Larouco (M190-3)
Regueiro das Hortas, CdA na Mezquita (M266-4)

O NG recolle 7 lugares chamados *Horta* ou *A Horta* en Becerreá, Cabanas, Cervantes, Lalín, Lousame, Padrón e Vilalba; *Horta do Conde* en Carral, *Casa da Horta* en Ortigueira, *Casal da Horta* en Santiago, *Fonte da Horta* no Mañón, *Rego de Horta* en Noia e na Pobra do Caramiñal, *Serra de Horta* en Becerreá, e 3 *Hortas* en Arzúa, Outeiro de Rei e Vilalba.

No DCP contamos 55 *Horta* (49 deles *Horta* + [de] 2º elemento), 5 *Hortinha*, 25 *Hortas* (7 *Hortas* + [de] 2º elemento), e 1 *Hortinhas*.

Na documentación antiga atopamos esta forma como nome común e como topónimo. Os últimos corresponden ó arrabalde das *Hortas*, en Santiago, hoxe *Rúa das Hortas* e aledaños:

- «*et alia larea vinee in orta*» (ano 1276, OSR2, nº 1108)
 «*ēna orta grāde do arçibispo onde estaua o pigneyro*» (ano 1352, TzS, fol 47r)
 «*o noso baçelo da Horta*» (ano 1417, RdS, nº 117)
 «*hiúña cassa ēnas Ortas en que mora Pero Afonso*» (ano 1352, TzS, fol 21v)
 «*I orta ēnas Ortas da Trijndade*» (ano 1352, TzS, fol 19r)
 «*Affonso Eanes das Ortas*» (ano 1359, FDU, nº 236)
 «*arrabal de las Hortas, a par de la noble çibdad de Santiago*» (ano 1536, FDU, nº 412)
 «*en la rua das Hortas desta cibdad de Santiago*» (ano 1536, FDU, nº 411)

131.3. Outros derivados

Temos un único exemplo dun posible derivado colectivo correspondente ó plural HORTALES como nome de dúas entidades:

- Hortás*, EdP en Sober
Campo de Hortás, EdP(n) en Sober (M188-2)

O DCP recolle 2 ***Hortal*** e 1 ***Hortais***.

Outro derivado de *horta* é o adjetivo e substantivo *hortelán*, *hortelá*, paralelo do castelán *hortelano*, *-ana* e portugués *hortelão*, *hortelã*. Procede do latín HORTULANUS ou HORTOLANUS, derivado de HORTULUS. Interésanos aquí especialmente unha acepción botánica desta forma: *hortelán* (fem.), recollido como un dos equivalentes galegos do castelán *menta* por Crespo Pozo, quen localiza esta denominación en Redondela (NCVCG, III, 137). Nós recollemos tamén a denominación *hortelán* para esa planta en Fornelos de Montes e Salvaterra, e *hortelá* en Castrelo do Val. En portugués reciben o nome de *hortelã* varias especies do xénero *Mentha*: *hortelã-de-agua* a *Mentha aquatica*, *hortelã-verde* a *Mentha spicata*, *hortelã-pimenta* a *Mentha piperita* (Sampaio, *Flora*, 509).

O substantivo común portugués *hortelã*, o mesmo cós galegos *hortelán*, *hortelá*, han de ser castelanismos, como evidencia a conservación do *-l-* intervocálico. Tamén é sinal de castelanismo, segundo Corominas, a disimilación da vogal pretónica, pois etimoloxicamente é unha velar. A forma sen disimilar témola no cat. *hortolà*, alto-arag. *ortolano*, *ortalano*, ast. *hortolanu* (DCECH III, 420). Como nome de diversas variedades de menta, non sabemos se existiu en galego unha forma tradicional sen disimilación vocálica, que sería paralela do asturiano *hortolana* «hierbabuena, planta labiada hortense de olor agradable que se emplea en condimentos» (Sánchez Vicente, 237). De existir, perdería tamén o *-l-* intervocálico. Cremos que se pode identificar esa forma co nome de ***Ortoá***, parroquia de Sarria, que aparece en documentos dos séculos X-XII como *Ortolana* (Díaz Fuentes, 152; *Lvcensia*, 165). Todo parece indicar que corresponde a HORTULANA, derivado de HÖRTULUS. O que non podemos afirmar é que tivera en orixe carácter fitonímico, pois HORTOLANUS tivo uso como cognome (Kajanto, 321), polo que ***Ortoá*** podería ser un antropotopónimo. En calquera caso, estariamos ante un derivado de HÖRTA.

132. *isca*

A. Palacio suxire como posible derivado de *isca*, *isco* –dous dos numerosos nomes da folla do piñeiro– o topónimo menor ***Isqueira***, en Pantón, que aparece así escrito en doc. do ano 1407 (Palacio 1981, 234). Sería un resultado do lat. ĚSCA ‘alimento’, que xa no baixo latín tomou o sentido de ‘alimento para o

lume' (cast. *yesca*); o mesmo autor admite a posibilidade de que se trate dunha variante gráfica de *esqueira* < SCALARIA. No territorio estudo temos 2 PnH *A Esqueira* en Lobeira e Bande (M263-4, M302-2), que poderían ser derivados de ĖSCA, pero tamén poderían proceder de ESCALARIA, pois é área de *maceira* (< MATIANARIA); no resto do territorio estudo (onde MATIANARIA > *mazaira*), só atopamos exemplos procedentes de SCALARIA, SCALARIU: *Escaira* en Celanova (M225-4), 8 *Escairo* en Allariz (M264-1), Baltar (M302-3), Calvos de Randín (M302-3), Monterrei (M302-2), Quiroga (M190-1), Vilar de Santos (M264-1), Verín (M303-1) e Xunqueira de Ambía (M264-1). Como o territorio de Pantón é tamén área de *mazaira* (cf. *Escairo*, *Escairos*, *Escairiño*, no mesmo concello de Pantón), se a forma *Isqueira* reproduce fielmente a fala temos que admitir o étimo a partir de ĖSCA. O DCP recolle 2 *Esqueiro*, 2 *Esqueiros*, 4 *Isqueiro*; é probable que non todos procedan de SCALARIA.

133. *lamagueiro*, *lamigueiro*

Sarmiento recolle os nomes *lamagueiro* e *lamigueiro* como denominacións alternativas do *lodoeiro*, *lodeiro* ou *ladairo* (o *lotus* latino, *Celtis australis*), propias dalgunhas áreas de Ourense e Pontevedra (*Vegetables*, 655, 1689, 1825). Segundo Corominas, estas formas poderían explicarse «quizá por cruce de un **lodogueiro* con ALMEZ, *almecino* o un **almechineiro*» (DCECH, III, 605). Sucede, non obstante, que ningunha das formas mencionadas polo ilustre filólogo catalán está documentada en galego. Parece máis razoable unha posible etimoloxía nacida da relación entre o *lodeiro* derivado de LŪTU ‘lodo’, homónimo do nome da árbore (derivado de LŌTU) e o seu sinónimo *lama*, voz galega de orixe prerromana. Habería que supor entón unha forma *LAMACARIU, *LAMICARIU OU *LAMECARIU (cf. LAMAECU / LAMECU > *lamego*).

Sobreira identifica, como Sarmiento, os nomes de *lamagueiro* e *lamigueiro* coa árbore tamén chamada *lodeiro* ou *lodoeiro*, cast. *almez* (Sobreira, *Botánica*, 60 v), pero outros autores dan os nomes de *lamagueiro* ou *lamigueiro* a outras árbores. Sarmiento dá noticia así mesmo de *lamagueira* e *lameira* (*Vegetables*, 250-253; 284) como denominacións dialectais minoritarias para unha árbore distinta, sen identificala (*Vegetables*, 250-253), e relaciona estes nomes co asturiano *lamera* (*Vegetables*, 1886). J. M. González (1959, 270-271) recolle para o asturiano *llamera* dous significados diferentes, un como “especie de aliso” e outro como “negrillo”. Esta mesma vacilación existe en galego, pois moitos

autores dan os nomes *lamagueiro* e *lamigueiro* ó *chopo branco*, *Populus alba*, cast. *álarbo blanco* (así Merino, *Flora*, II, 622; DEGC, II, 509, s.v. *lamigueiro*), ou ben ó *chopo negro* ou *negrillo*, *Populus nigra* (VCN, 117, 133).

Por todo isto ignoramos se se refire ó *Celtis australis*, a algunha especie do xénero *Populus* ou a outras ábores a presenza destas formas na toponimia. Temos as seguintes:

Lamagueiro, PnH en Lobios (M301-3)

O Lamagueiro, PnH en Allariz (M264-1)

Fonte do Lamagueiro, PnH en Allariz (M264-1)

A variante *Lamigueiro* dá nome a dous lugares do concello de Cerdido chamados *Lamigueiro Novo* e *Lamigueiro Vello*. *Lamacido*, en Ortigueira, e *Lamaceda*, en Viveiro, semellan derivados da forma correspondente a *lamego* (< *LAMAE^{CU}), que normalmente se considera hidrotopónimo derivado de *lama* (Moralejo, TGL, p. 28 n 13), pero polos sufíxos correspondentes a –ETU, –ETA, propios (se ben non exclusivos) de fitotopónimos, poderíamos pensar que tal vez *lamego* tivera uso fitonímico, o que nos obrigaría a considerar a posibilidade de que tamén fosen fitotopónimos derivados como *Lamagal*, en Carral, e outros semellantes.

134. *landra*

O galego común *landra* ‘froito do carballo de doutras ábores glandíferas’ procede do lat. GLANDE (DCECH, III, 574-574). Corominas explica o –r– a patir dun lat. vg. *glandine* (cf. cast. *sangre* < SANGUINE), pero en galego esperaríamos **lande* (coma en *sangue*, *arame*, etc.), polo que tamén podemos supor influencia do sufíxo átono –ara, de orixe prerromana (cf. *lóngara/longra*, *gándara/gandra*, etc.). Temos esta forma en dous únicos topónimos do territorio estudiado:

As Landras, PnH na Lama (M186-2)

Corga de Landras ou *das Landras*, PnH en Muíños (M301-2)

Non atopamos no NG outro topónimo semellante. Aparentes derivados deste tema por medio de diferentes sufíxos son 3 *Landeira* (1 parr. e lugar en Negreira, 1 lugar en Baleira) e *Landeiras* (Boiro), e no DCP 1 *Landal*, 1 *Landedo*, 4 *Landeira*, 1 *Landeiro*. Rivas considéraos procedentes da coñecida forma céltica NANT– ‘val’, coa «sabida alternancia L– / N–» (Rivas 1994, 177-178), aínda que algún dos topónimos mencionados por este autor ha de ter outra orixe, coma o *Nande* de Vedra, que semella más ben un antropotopónimo do xenitivo de NANDUS. Por outra banda, formas asturianas paralelas con *ll-* (García Arias, 129-130) opóñense a un étimo con *n-* inicial. Palacio (1981, 230) inclúe

un topónimo de Pantón **Landeira** na familia de *landra*. E. Rodríguez recolle como entrada no seu dicionario un s.f. **landeira** e defineo como «encinar, sitio o terreno poblado de encinas», o que reforza a súa vinculación con *landra*, pero máis ca unha voz común semella tomada da toponimia.

A parroquia de **Landeira** en Negreira dá orixe ó apellido **Landeira**: «*Fernan Garafate et Garçia de Landeira, moradores enna dita billa de Muro*» (ano 1425, FDU, nº 279); «*a outra meadade da dita vila han os de Landeyra*» (ano 1438, FDU, nº 315); «*de meu padre Roy Martins de Landeyra*» (ano 1450, FDU, nº 328); «*Dyego Ferrandes de Landeyra*» (ano 1450, FDU, nº 328). O **Landeiras** de Boiro atopámolo tamén como apellido nun «*Pero Zote de Landeyras*» (ano 1328, FDU, nº 88).

135. *labaza, lampaza*

Eladio Rodríguez explica *labaza* como «Romaza, planta poligonácea de raíz vivaz, que difícilmente se destierra del terreno que invade» (DEGC, II, 502, 510) e dá como sinónimo *lampaza* (id., ibid., 510). Corresponde a diferentes especies do xénero *Rumex*, principalmente ó *Rumex pulcher* (VCN, 131). A forma *labaza* procede da denominación latina (de orixe grega) da planta, LAPATHIUM (DCECH, III, 569), como xa afirmaba Sarmiento (*Vegetables*, 228, 309, 779, 1918, etc.).

En castelán *lampazo* designa outra especie vexetal, a *Arctium Lappa*, tamén chamada *bardana*. Corominas (id. ibid.) supón a existencia de cruzamentos entre as denominacións das dúas especies, procedentes unha do mencionado LAPATHIUM e a outra de LAPPACÉU, derivado de LAPPA. O *m* de *lampaza* ten paralelo noutras formas románicas, coma un francés *lampe*, denominación antiga da *Rumex pulcher* (DCECH, III, 569).

En portugués o nome *labaça* designa varias especies do xénero *Rumex*: *labaça* é o *Rumex conglomeratus*; *labaça-crêspa* o *Rumex crispus* e *labaça sinuada* o *Rumex pulcher* (Sampaio, *Flora*, 164-165).

135.1. Lampaza, lampazo

Sarmiento recolle *lampazo* como nome de planta e explícao así: «*Lampazo. Es el Lapathum magnum o rhabarbarum monachorum. Distinta de la bardana o personata que echa los pegadizos*» (Sarmiento, *Vegetables*, 781). O Padre Sobreira, en cambio, dá *lampaza* e *lampazo* como sinónimos de *amores*, *garrotes*, *bardana* e *namorados* (Botánica, 184, s.v. *amores*). No dicionario de Eladio Rodríguez figura *lampaza* como sinónimo de *labaza*, e tamén atopamos

rexistrado este nome para a *labaza* en autores recentes que presumiblemente tomaron o DEGC como fonte (así o VCN, 133). Merino dá *lampaza* como nome castelán do *Rumex pulcher*, e asignalle en galego únicamente a denominación de *labaza* (Merino, *Flora*, II, 557).

Son numerosos os topónimos en que aparece a forma *lampaza*, pero dada a abundancia de formas simples (fronte a un só derivado en *-eira*) e outros indicios, pódese sospeitar que tal vez non aludan a unha planta concreta e que constitúan topónimos alusivos á ausencia de vexetación. Resulta interesante a este respecto considerar un topónimo menor ***Monte das Lampas***, no Courel (M125-3) e as voces asturianas *llampa*, «f. Descampado, terreno desembarazado y libre. || 2. adj. Dícese de las madreñas desgastadas por su piso», e *llampazada* «f. Rodal, espacio pequeño de terreno que se distingue de lo que lo rodea por tener la hierba u otras plantas más crecidas, o, al contrario, por estar más pelado» (Sánchez Vicente, 243), as cales ben poden achegar elementos para a etimoloxía do gal., port. e cast. *lambiño* «vocablo de historia mal estudiada y de origen incierto» (DCECH, III, 569)⁵. Posiblemente debamos entender relacionadas con estes significados as *lampazas* que vemos nun texto galego do século IX:

«*Vendimus vobis maderia, clausuras, terras fundatas sive et non fundatas de omnia que vobis delimidavimus et coram testibus adsignavimus, vendimus ipsa nostra ratione media eraete [sic] integra et de ipsas lampazas et de ipsos montes*» (ano 885, CLN, nº 342).

Xa que logo, poderían ter significados paralelos ós que atopamos en *Calvo*, *Calvelo*, (*Campo*) *Rapado*, etc., os seguintes topónimos:

Lampaza EdP e parr. (*Santa María*) en Rairiz de Veiga

A Lampaza, EdP en Sober

A Lampaza, EdP en Celanova

A Lampaza, EdP en San Xoán de Río

Lampazas, EdP en Esgos

As Lampazas, Edp(n) no Carballiño (M187-3)

Lampaza, PnH nos Blancos

Lampaza, PnH en Muíños

A Lampaza, PnH en Baños de Molgas (M226-3)

A Lampaza, PnH en Castro Caldelas (M189-3)

A Lampaza, PnH en Muíños (M301-2)

A Lampaza, PnH en San Cibrao das Viñas (M225-2)

⁵ Tal vez garda relación con estas formas o substantivo galego *lampa*, variante de *lapa* que ten os significados de ‘laxe, pedra plana’ e tamén ‘sepulcro’, comentada por Sarmiento (*Catálogo*, 60 r), quen ademais recolle dun doc. do ano 1427 un contexto con este segundo significado: «*Mando enterrar o meu corpo (...) en a lampaña onde jaz miña filla Ynes*» (*Catálogo*, 168 v).

A Lampaza, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
Monte Lampaza, PnH en Verea (M263-2)
Petouto da Lampaza, PnH en Sober (M189-1)
Regato da Lampaza, PnH en Sober (M189-1)
Ribeira da Lampaza, PnH en Sober (M189-1)
As Lampazas, PnH no Barco de Valdeorras (M190-4)
Lampaciña, PnH en Lobios e Lobeira (M301-1)

O único derivado, fóra deste último diminutivo, é

As Lampaceiras, PnH en Oímbra (M302-4)

No nomenclátor correspondente ás outras provincias non atopamos exemplos non sendo *A Lampaza* de Sober e un plural *Lampazas* en Samos, polo que podemos concluír que se trata dunha forma eminentemente ourensá.

Na documentación antiga atopamos rexistrada a parroquia de *Lampaza* de Rairiz de Veiga:

«*villam iuris mei debitam in territorio Limie quam dicunt Lampatiam*» (ano 962, CLN, nº 8)

O lugar da *Lampaza* de Celanova:

«*unum casare in Lampaza de arras de ipso meo marito*» (ano 1156, CLN, nº 25)
 «*quanta herdade outra eu aio en essa vila de Lanpaza*» (ano 1258, VFD1, nº 8)

A Lampaza de San Xoán de Río:

«*casar de Lanpaza que ten Johan dos Caruallos*» (ano 1313, MdR, AHN Clero, Cpta. 1490, nº 14)

As Lampazas do Carballiño:

«*outorgo para por senpre o meu casal das Lanpaças*» (ano 1295, OSR2, nº 1245)
 «*casal de Lanpaças*» (ano 1301, OSR2, nº 1312)

Outro topónimo *Lampazas*, posiblemente o de Esgos:

«*et in villas de Lampazas V^a parte*» (ano 934, CLN, nº 478)
 «*In villas de Lampazas V^a parte*» (ano 942, CLN, nº 2)

e outros topónimos semellantes hoxe non localizados, como unha *Lampaza Pequena*:

«*hó marco que está a cerca de Soutelyño e per Lanpaça Pequena abayxo*» (ano 1461, VFD1, nº 82).

Atopamos tamén formas idénticas empregadas como apelido antropónimico, coma nun «*Pero Eanes de Lanpaça*» (ano 1258, VFD1, nº 8).

135.2. Labaza

A diferenza da anterior, a voz *labaza* debe de aludir a unha planta concreta, posiblemente o *Rumex pulcher* (VCN, 131). A forma simple témola en:

As Labazas, PnH en Verín (M303-3)
As Labazas, PnH en Trasmiras (M264-4)

No NG figura 1 **Labaza** en Vilarmaior.

Un derivado co sufijo correspondente a -ARIA é:

As Labaceiras, Edp(n) en Cartelle (M225-3)

Lebozás, EdP no Carballedo, podería corresponder a un *LAPATIALES, pois non cremos que teña orixe antropónimica vinculada ó nome de orixe latina NEPTIANUS (coma a de *Lebozán* < NEPTIANI).

136. laranxa

Laranxeira e *laranxa* son as denominacións galegas da árbore e da froita do *Citrus aurantium* (VCN, 133). O nome procede do árabe *nārānğā*, de onde proceden tamén o cast. *naranja* e o port. *laranja*; neste último, coma no galego *laranxa*, o *n-* disimilou en *l-* (DCECH, IV, 212). Como nome da árbore, o feminino *laranxeira* parece a forma máis común, pero tamén ten uso o masculino *laranxeiro*. Sarmiento recolle *laranxeiro* e *naranxeiro* (*Catálogo*, 93v). Na toponimia temos exemplos das formas masculinas e das femininas.

No territorio estudiado temos un único exemplo en

A Laranxeiriña, PnH en Lobios (M336-1)

O NG recolle 2 *A Laranxeira* na Cañiza e Salvaterra, *As Laranxeiras* en Creciente, *Os Laranxeiros* en Salvaterra, *Laranxeiras* en Tui e *O Laranxo* en Vigo. Non figura no NG unha entidade menor *As Naranxeiras*, no concello do Valadouro (M9-3).

Na toponimia maior de Galicia é un tema léxico claramente meridional, entre outras razóns debido á condicións climáticas que a especie require. En Portugal son más numerosos: o DCP recolle 4 *Laranjal*, 17 *Laranjeira*, 6 *Laranjeiras*, 2 *Laranjeiro*, 1 *Laranjeiros*.

137. legume

Do lat. LEGŪMĪNE procede o galego *legume*. Nos textos medievais atopamos adoito a forma *legumia* procedente do neutro plural LEGŪMĪNA e con claro valor colectivo.

Por exemplo:

«*de vineas que ibi plantavimus vel plantaverimus quarta integra et de casteneas similiter; de panem et legumina dimisistis illam nobis*» (ano 959, CLN, nº 446)

«*meo de quanto pan et de quanta legumia et de quanto lino Deus y der*» (ano 1300, OSR2, nº 1301)

«*terça de todo grao & de legumea & de nabal se for de barbeyto; y se for de reuolta, daredes quarta & terça de cebolas se as y ouer*» (ano 1314, HGP, nº 65)

Temos un único topónimo con este tema en:

A Legumieira, EdP en Gomesende

que ten na fala a variante *Algumieira*.

Non hai no NG nin no DCP outro topónimo semellante.

138. *lentella*

Do lat. LENTÍCÜLA, diminutivo de LENTE, proceden o gal. *lentella*, o port. *lentilha* e o cast. *lenteja*, denominacións da leguminosa *Lens esculenta* (Merino, *Flora*, I, 331), *Vicia lens* (Sampaio, *Flora*, 314) ou *Lens culinaris Medicus* (VCN, 133).

138.1. Lentella

A forma simple témola nun topónimo:

As Lentellas, PnH na Gudiña (M266-3)

138.2. Lentellais, lentellás

Dúas solucións do plural en -ALES son:

Lentellais, EdP e parroquia (*San Simón*) no Bolo

Lentellás, PnH en San Xoán de Río (M189-4)

Regato Lentellás, CdA en San Xoán de Río (M189-4)

Non atopamos no NG nin no DCP ningún outro topónimo pertencente a este tema. Na Idade Media rexistramos un top. portugués *Lentilae* (ano 1065, OM, 197).

O DCP recolle 3 *Lentiscais*, 1 *Lentisqueira*, igualmente fitonímicos pero relativos a unha especie diferente, o *lentisco* (< lat. LENTÍSCU), *Pistacia lentiscus* (VCN, 133), do cal non atopamos mostras na toponimia maior galega.

139. *lestá*

No seu coñecido traballo sobre os topónimos galegos en *-obre*, Moralejo Lasso considera fitonímico o primeiro elemento de *Lestrove* (**Lestobre*) e em-

paréntao con *Lestedo*, *Lestido*, *Lestón* e *Lesteiro* (TGL, 54), derivados do nome da planta chamada *lestá*, *Antoxanthum odoratum* (Merino, *Flora*, III, 248). Sarmiento recolle os nomes de *lestá* e *herba lestá* (*Catálogo* 143 v, 158 r, 221 r). Parece pouco probable a hipótese de Corominas que fai de *lestá* unha disimilación de *arestá*, a partir de *herba-arestá* > *herba lestá* (DCECH, I, 335, s.v. *arista*). Un parentesco co vasco *lasto* ‘paja’, suxerido polo propio Corominas (id. ibid.), levaríanos a considerar *lestá* como voz de orixe prerromana, como defenden Hubschmid (ELH, I, 53), Rivas (1982, p. 171) e outros (Corominas, *Tópica Hespérica*, II, 107-108). Un probable derivado con sufijo igualmente prerromano sería o *Lestrove* estudiado por Moralejo. Outro, o nome de

Listanco, EdP en Maside (M187-4),

co elemento *-ANCO*, igualmente prerromano.

Moralejo ofrece unha relación dos topónimos do NG que poden ter relación con este tema: 2 *Lesta* en Ordes (parr.) e Val do Dubra, *Lestaio* en Outes, 4 *Lestedo* en Boqueixón (parr. e lug.) e Palas de Rei (parr. e lug.), 3 *Lestido* en Padrón, Tordoia e Trazo (O Lestido), 5 *Lestón* en Coristanco, A Laracha (parr. e lug.) e Muros (2 tops.: *Lestón de Abaixo* e *Lestón de Arriba*).

Non achamos no DCP exemplos de derivados deste tema léxico. Na Idade Media rexistramos un topónimo portugués *Listosa* (ano 1258, OM, 197).

140. *limón*

Se ben a especie *Citrus limon* (VCN, 133) se dá, cultivada, nalgúnsas zonas do territorio estudiado, o seu nome non ten presenza na toponimia. Tampouco atopamos fitotopónimos pertencentes a este tema na toponimia maior doutras árees de Galicia.

O DCP só recolle un topónimo *Limoeiro* no Algarve.

141. *liño*

Aínda que o substantivo *liño* (< lat. LINU), cast. *lino*, port. *linho*, designan tamén outras especies, coma o *liño bravo* (*Linum angustifolium*) ou o *liño purgante* (*Linum catharticum*), a súa presenza na toponimia ha de referirse ó liño cultivado, *Linum usitatissimum*, de enorme importancia na economía tradicional polo seu emprego para a fabricación de tecidos e de cordeis. Un dos nomes con que se coñece esta especie en Portugal é o de *linho galego* (Sampaio,

Flora, 335). Na documentación antiga atopamos con frecuencia o liño entre os produtos con que se pagan rendas e foros:

«*accepimus de vos pretium VIII^{to} modios de cibaria, tres lenzos et VII fazes de lino, modio de triico, et IIII sestarios de vino vos dedistis, et nos de presente accepimus*» (ano 932, CLN, nº 163)

«*meo de quanto pan et de quanta legumia et de quanto lino Deus y der*» (ano 1300, OSR2, nº 1301)

«*damos vos as nossas castannas e os nabaas e toda a froita e o linno que nos avemos na Derrasa e no Salgueyro*» (ano 1343, ROC, nº 76)

«*çinquo seelos pendentes en baraças de linno pretas*» (ano 1376, RdS, nº 90)

Os topónimos relacionados cos labores do liño son moi numerosos. Consideramos aquí unicamente os fitotopónimos derivados do nome da planta, que son igualmente abundantes, non só na toponimia de Galicia senón en toda a península e noutras árees xeográficas.

141.1. Liño

A forma simple témtola en:

O Porto do Liño, PnH en Melón (M224-2)

O Porto dos Liños, PnH na Mezquita (M304-1)

O NG recolle un **Porto do Liño** na Capela

Resulta dubidosa a relación con este tema dos topónimos

Liñón, PnH en Sandiás (M264-1)

Liñón, PnH en Trasmiras (M264-4)

probablemente derivados diminutivos en -ÓLO. Se non pertencen ó tema de LÍNU, podería defenderse a idea dunha derivación diminutiva *LÍNÉÖLU emparentado con LÍNÉA, cun significado de ‘linde, estrema’. Rexistramos formas idénticas **liniolo** na documentación antiga, en contextos que conveñen con esta hipótese:

«*Transvimus Tamega invenimus iuxta Keizanes archam lapideam pergentes inde ad partes sancte Marie, invenimus aliam sic lapideam archam et gradientes pro liniolo et muliones fictos invenimus in lapidem scrubtos burgarios, et iterum transvimus ipso rivuli Tamegi precedentes signas et invenimus aliam petram iuxta carrariam fictam*» (ano 950, CLN, nº 93)

«*et feret in arca tras Limia ad casam de Domno et per suis terminis ubi inveneritis lacos anticos et mamolas, uno laco qui est tras Limia unde venit liniolo qui trauzit per Limia et venit inter sancto Martino de Calidas et feret in zima de villa ad alio loco maior per suo liniolo ubi iacit efigiem hominis sculpta in petra*» (ano 982, CLN, nº 265)

«invenimus alia sic lapidea, arca, et gradientes per *liniolo* et muliones factos invenimus in lapidem scubtos (sic) burgarios» (ano 950, CLN, nº 467)
 «per Rauoyna uedra et per *Lignoo*» (ano 1186, BCMO, T3, p. 175)

Teñen correspondencia nun portugués recollido no DCP *Linhó*, que se rexistra como *Liniolum* en 1085 (OM, 197).

141.2. Liñar

O derivado máis común é o correspondente ó sufijo -ALE, *liñar*, que é voz común en galego para designar o terreo dedicado ó cultivo do liño (DEGC, II, 537). Na documentación antiga atopamos o dobre resultado do sufijo *liñar* / *liñal*, se ben con predominio do primeiro, igual ca na toponimia actual.

«pro *illo linare* qui iacet circa pumare» (ano 964, CLN, nº 379)
 «et alia ratione **in illo linare**» (ano 995, CLN, nº 336)
 «sub ipsa fonte Maior suo *linare* (...) et super ipso *linare* suo pumare» (ano 1002, CLN, nº 382)
 «illo *linare* qui iacet sub sancta Eolalia» (ano 1007, CLN, nº 203)
 «et damus vobis **unum linare** iuxta ipsam vineam» (ano 1031, CLN, nº 108)
 «unam pellem optimam pro *linare*» (ano 1219, Fiães, nº 166)
 «in loco qui dicitur Quintana excepto **uno linare**» (ano 1231, OSR1, nº 339)
 «per caput de *lignare* de casale de Petro Caluo» (ano 1262, RAM, nº 147)
 «hua maçaayra que esta sob o *linar* de Pedro Carrejo» (ano 1405, RdS, nº 105)
 «mas otra cortina de *linal* na ayra vella» (ano 1516, FDU, nº 398)
 «otro terreo eno porto Canedo que he de *linal*» (ano 1516, FDU, nº 402)

No territorio estudiado recollemos os seguintes:

O Liñar, PnH na Peroxa (M188-1)
Regato do Liñal, CdA en Cualedro (M264-4)
Liñariño, PnH en Muíños (M301-2)
Liñares (*San Cosmede*), parr. na Pobra de Brollón (M189-1)
Liñares, EdP en Amoeiro
Liñares, EdP en Nogueira de Ramuín
Os Liñares, EdP en Avión
Os Liñares, EdP en Beariz
Os Liñares, Edp(n) en Muíños (M301-2)
A Ponte Liñares (ou *A Feira Nova*), EdP en Bande
Liñariños, EdP en Boborás
Liñariños de Abaixo, Edp(n) en Boborás (M187-3)
Liñares, PnH en Padrenda (M263-1)
Liñares, PnH en Vilardevós (M303-4)
Os Liñares, PnH en Verín (M303-3)
Os Liñares, PnH en Viana do Bolo (M266-1)
Os Liñares, PnH en Riós (M265-4)

- Os Liñares*, PnH en San Xoán de Río (M189-4)
Os Liñares, PnH en Muíños (M301-2)
Os Liñares, PnH en Manzaneda (M227-2)
Arroio de Liñares, CdA en Viana do Bolo (M2283)
A Devesa de Liñares, PnH en Viana do Bolo (M228-3)
Fonte Liñares, PnH en San Xoán de Río (M189-1, M189-2)
Alto das Ladeiras dos Liñares, PnH en Laza (M265-1)
Monte de Liñares, PnH en Nogueira de Ramuín (M188-3)
Monte dos Liñares, PnH en Avión (M186-2)
Monte de Liñares, PnH en Nogueira de Ramuín (M188-3)
Río de Liñares, CdA na Pobra de Brollón (M189-1)
Veiga de Liñares, PnH en Sober (M188-2)
Regato dos Liñares, CdA en Laza (M265-1)
Río de Liñares, CdA na Pobra de Brollón (M189-1)
Veiga de Liñares, PnH en Sober (M188-2)

No NG figuran 2 (*O*) *Liñar* en Alfoz e Portas, 1 *Liñariño* en Tordoia e 1 *Liñarcovo* en Mesía. Moito más común é o plural; no NG contamos 41 (*Os*) *Liñares*, pertencentes ós concellos de Becerreá, Brión, Campo Lameiro, Carballo, Cedeira, Cerceda, Cesuras, Culleredo, A Fonsagrada (onde hai, ademais, *Liñares de Bidul* e *Liñares de Vilafurada*), Forcarei, Lalín, A Lama, Lourenzá, Mazaricos, Meis, Navia de Suarna, As Neves (parr.), Neda, Outeiro de Rei, Pedrafita (parr. e lug.), O Pino, A Pobra de Brollón (parr. e lug.), Poio, Rois (2 tops.), Santiso (parr. e lug.), O Saviñao, Sober, Tomiño, O Valadouro, O Vicedo, Vilalba (2 tops.), Vilasantar, Vilarmaior e Xermade; *Ponteliñares* na Estrada e *Liñariños* en Campo Lameiro.

A Ponte Liñares de Bande aparece en docs. do séc. XI como *Porto de Liñares*. «per anta que stat super portum de Linares et vadit sursum per Celme et usque in Ederato» (ano 1073, CLN, nº 57).

Tamén rexistramos na Idade Media a parroquia de *Liñares*, na Pobra de Brollón: «in Linares iuxta terram de Mauregato, territorio Carioga, prope flumen Style» (c. 942, CLN, nº 170); «terra nostra propria qui iacet in Linares, territorio Keirogae» (ano 955, CLN, nº 496); «de duas illius villas, unam quam dicunt in Lemos Linares» (ano 955, CLN, nº 511), etc.

O lugar de *Liñares*, en Brión: «Ena fligesja de Sam Fijnz de Brjō ha a villa que chamā de Linares cō toda a herdade et froyta et castañas» (ano 1352, TzS, fol 64v); «ontre a Agra de Linares et a d' Ansetide» (ano 1352, TzS, fol 65v), etc.

Os Liñares, o PnH de Verín: «hun terreo que iaz aos Liñares, termio de Quyçaes» (ano 1338, VFD1, nº 53); «no rrigeyro dos Liñares» (ano 1312, MdR, AHN Clero, Cpta. 1490, nº 7)...

Outros topónimos semellantes, non identificados na actualidade: «larea dicitur do Linar et iacet sub signo sancti Micaelis» (ano 1253, OSR1, nº 710); «per castineirum de Linare uetero» (ano 1254, RAM, nº 120); «terreno aut mato, qui iacet in loco qui dicitur Orgaes et Linar uetero» (ano 1254, RAM, nº 120); «ad fontem do linar de Gulfe» (ano 1259, OSR2, nº 833); «Linar longo, que he enna friigresia de sam Michel de Pereyra» (ano 1330, FDU, nº 94); «a meatade do Lyñar da Ryeeyra» (ano 1486,

VFD1, nº 104); «item alios *linares* qui iacent sub casa de Osori» (ano 1007, CLN, nº 203); «de Guimara Pait et de Senra et *Linaribus*» (ano 1193, RAM, nº 6); «uno castineiro que sta *enos linares* a su as eiras» (ano 1229, MdR, AHN Clero, Cpta. 1484, nº 7); «alia quinta de *casali de Linares*» (ano 1238, OSR1, nº 438); «per *costam de Linares* (...) sub parrochia sancti Facundi» (ano 1254, OSR1, nº 727); «per *regarium de Linaris*, deinde per hereditatem de Táadro» (ano 1254, RAM, nº 115); «alterum in *Linaris* et alterum in Cerzeda et alterum in Pinor» (ano 1263, OSR2, nº 902); «na *villa de Linares*» (ano 1276, OSR2, nº 1109); «na *villa de Linares* (...) su sino de San Jurgo» (ano 1286, OSR2, nº 1182); «da Ponte Amaaraes con o de *Linares*» (ano 1295, RAM, nº 248); «leyra lôga de Monte de Rramo ata o *Porto dos Lynares*» (ano 1337, MdR, AHN Clero, Cpta. 1493, nº 15); «cerdeira de *Linares* (...) Cancela de *Liñarinos*» (ano 1287, OSR2, nº 1200); «e vay topar eno Porto *Alynariño*» (ano 1484, VFD1, nº 97);

Nunha serie de derivados diminutivos por medio so sufijo *-ello* (< ĪCULU) sobre a base de *LÍNARIU* atopamos unha alteración da consoante inicial *l-* > *n-*, posiblemente por asimilación á consoante nasal da sílaba seguinte. No NG presentan este resultado *Niñarellos* (Palas de Rei) e *Ninarellos* (As Neves), ade-mais de *Niñarella* (ent. de pob. nos concellos de Rois e Negreira, onde o *-e* final é resultado da palatalización do *-a* de *Liñarella*). No territorio estudiado atopamos un exemplo en

Niñarellos, PnH nos Blancos (M302-1)

Na documentación antiga localizamos un topónimo idéntico «per corrogo qui discurreit de *Linarellos*» (ano 948, CLN, nº 500)

O DCP recolle 4 *Linhar*, 21 *Linhares*, 1 *Linharelhos*, este último documentado como *Linarellos* en 906 (OM, 197).

141.3. Liñeira

Do derivado co sufijo correspondente a *-ARIU*, *-ARIA* só recollemos en Ourense a forma feminina *liñeira*, que é voz común tratada nos dicionarios como sinónimo de *liñar* (XLFG, 589).

A Liñeira, PnH nos Blancos (M302-1)

Liñeiras, PnH no Irixo e Lalín (M154-3)

No NG figura 1 *Liñeira* en Santiso, 2 *Liñeiras* en Lalín e A Pontenova, 4 (*O Liñeiro* en Boimorto, Carballo, Ribadeo e Valdoviño. O primeiro rexistrámolo como apellido toponímico no séc. XV en «Roy da Lineyra e Pero da Lineira seu fillo, moradores enno dito lugar de Bodan» (ano 1466, FDU, nº 336).

Non existen derivados de *liño* con este sufijo no DCP.

141.4. Outros derivados

Sen documentación antiga non podemos saber se

O Lindo, PnH en Cualedro (M302-2)

corresponde a un *LÍNÉTU (cf. *Espindo* < SPÍNÉTU ou *Pindo* < PÍNÉTU) ou se ten orixe non fitonímica (LEGITÍMU?).

O NG recolle *Liñardelo*, en Oza dos Ríos, que semella un exemplo de dupla derivación, como diminutivo en -ELLU dun colectivo en -ÉTU *Liñaredo*; *Liñaredo*, en Guitiriz, ha de ser alteración de *Liñareda* por palatalización do -a (cf. *Freixide*, *Carpacide*, etc.) e *A Liñarega*, no Valadouro, formado mediante o sufijo de orixe prerromana -ego, -ega (<-AECU, -AECA), característico da fitotponimia luguesa.

Tamén se poden relacionar co tema de *liño* os topónimos *Liñao*, parr. e lugar en Negreira, lugar en Noia, ainda que resulta problemática a terminación -aio. De ser de orixe latina constituiría talvez unha variante prerromance do sufijo -ARIU, pero podería ter orixe prerromana (cf. o *Pedraio* de Ourense, que recollemos na documentación medieval como *Petragiu* e *Pedraio*, *Pedrayo*; tamén *Peiraio* en Cambre, *Lestaio* en Outes, *Casaio* en Carballeda de Valdeorras..., etc.). Na documentación antiga que posuimos xa presenta a forma actual: «*a san Martino de Liñayo*» (ano 1434, FDU, nº 296); «*a igleia de san Martino de Liñayo*» (ano 1442, FDU, nº 322b).

Dun derivado LINACÉA proceden *liñaza* e *liñaceira*, «planta cuya simiente es la LIÑAZA» (XLFG, 589), que non deixan pegada na toponimia maior de Galicia, pero si na portuguesa en 1 *Linhaceira* e 1 *Linhaceiros*, incluídos no DCP.

142. *lodeiro*, *lodairo*, *ladairo*

Sarmiento recolle os nomes galegos de *lodeyro* e *lodoeiro* para a árbore chamada *lotus* en latín, o *Celtis australis*: «*Lodeyro y lodoeiro, lamigueiro*. En Orense *gruñeiro*. En castellano *lodón* y *alméz*, y en latín *lotus*. Hay dos en el Campo de la Tablada de esta villa de Pontevedra y hay infinitos en Ribadavia y en otras partes. En Pontevedra, por ser raros, no los conocían ni les daban nombre...» (*Vegetables*, 655); «*Lodeiro. Llaman así en Galicia (y también lamigueiro) a un árbol, y creo es el lotus de Vigier (...) que en portugués se dice lodam*. De aquí derivan algunos el origen de Torrelodones...» (*Catálogo*, A 45r). Tamén recolle a variante *lamagueiro*: «*Al entrar en Orense hay muchos lamagueiros o lamigueiros o lodeiros o lodoeiros.*» (*Catálogo*, 345).

Noutro lugar das súas obras refire o padre Sarmiento unha curiosa anécdota que nos mostra como el mesmo se encargou de preservar ou divulgar o nome de *lodoeiro* en Pontevedra: «En un paseo de Pontevedra hay dos grandísimos almezos o *lodoeiros* fructíferos (...). Cuando los vi pregunté el nombre y oí dos tonterías: a los niños que

era *cerezo*, y a los barbados que era *negrillo*. Enfadado de que un árbol tan común en Galicia mendigase nombres disparatados, y viendo allí una porción de muchachos que los apedreaban para comer su frutilla, que es muy dulce y gustosa, les dije que el verdadero nombre era *lodoeyro*, y les repartí un real de plata con condición de que no habían de olvidar dicho nombre, y que le habían de enseñar unos a otros. Creo que se logró, pues, mucho tiempo después, encontrándome uno de los dichos muchachos me dijo a voces: “Padre, aquel árbol se llama lodeiro”» (cit. por Pensado, *Catálogo*, p. 56).

Merino (*Flora*, II, 596) asigna ó *Celtis australis* o nome galego de *lodeiro* e os casteláns de *almez*, *alatonero*, *lodoño*. Eladio Rodríguez recolle *lodeiro* e *lodeiro* como nomes galegos correspondentes ó cast. *almez*, «arbolillo de 2 a 5 metros de altura» (DEGC, II, 543). Outros nomes casteláns son *latón*, *lidonero* e *lodón*, que Corominas explica tamén como derivados do lat. LOTUS, tomado este do gr. λοτός, nome do *Celtis australis* e aplicado tamén a outras plantas (DCECH, III, 604-605 s.v. *latón* II). O filólogo catalán suxire que «el derivado LOTO,-ÓNIS, que suponen la mayor parte de las formas hispánicas, pudo ya existir en la Antigüedad», e reclama a atención sobre a forma portuguesa «*lódão* (con *o* abierta y sufijo -ĀNUS átono), valioso para la etimología» e sobre un antigo *lotonario* que aparece nun documento portugués do sec. XI (DCECH, III, 605). O *lódão* portugués é a mesma voz que Sarmiento escribía como *lodam* (*Catálogo*, A 45r) ou *lodaom* (*Vegetables*, 282). Sampaio dá para o *Celtis australis* o nome vulgar de *lodo-bastardo* (*Flora*, 150).

Poderíase supor unha dobre variante a partir dunha parella *LOTÓNE /*LOTĀNU, con sufijo latino e prerromano, que tamén dan razón, como derivados en -ARIU, das formas galegas *Lodeiro* (< LOTONARIU) e *Lodeiro* (< *LOTANARIU), que son as formas recollidas por Sarmiento (Pensado, *Catálogo*, p. 56) e polos dicionarios como denominacións comúns do galego.

Como forma fitonímica, *Lodeiro* remite a *LOTANARIU e non a *LOTARIU porque así o confirma a variante ourensá centro-oriental *Lodairo* (cf. *mazaira*, *abelaira*, *padrairo*, fronte ó gal. común *maceira*, *abeleira*, *padreiro/pradeiro*, procedentes de formas en -N-ARIU). Precisamente as variantes en -airo permiten considerar con seguridade como fitonímicos os topónimos en que está presente esta forma, cousa que non acontece coa variante en -eiro no resto do territorio galego, pois conflúa con derivados de LÜTUM ‘lodo’, ó cal vincula Moralejo os diferentes *Lodeiro* e *Ludeiro* galegos (TGL, 307). Só podemos garantir a orixe proposta por Moralejo para *lodeiro* ou *ludeiro* no territorio onde o resultado de *LOTANARIU é *lodairo*.

142.1. Lodairo, lodeiro

Coa forma simple *lodairo* temos os seguintes exemplos :

O Lodairo, PnH en Padrenda (M263-1)

O Lodairo, PnH en Sarreaus (M264-2)

O Lodairo, PnH en Carballeda de Avia (M225-1)

O Lodairo, PnH en Xinzo de Limia e Porqueira (M264-3)

Na documentación antiga presentan grafía que confirma o étimo *LOTANARIU: «*et a cortiña do Lodaayro et aha chousa do Forno Telleiro*» (ano 1426, VFD1, nº 72)

Os topónimos

O Lodeirón, PnH en Xunqueira de Ambía (M226-3)

Ludeirós, EdP en Ourense

Montes de Ludeirós, PnH en Ourense (M187-4)

poderían corresponder a derivados en –ÓNE ou –ÓLO deste tema, pero tamén a un derivado de LÜTU, o mesmo cós que presentan a terminación –eiro:

Ludeiro, EdP en Padrenda

Ludeiros, EdP en Lobios

Ludeiros, EdP en Ramirás

O Ludeiro, Edp(n) en Coles (M188-3)

O Ludeiro, Edp(n) en Ourense (M187-4)

Alto de Ludeiros, PnH en Lobios (M301-3)

Os Ludeiros, PnH en Calvos de Randín (M301-2)

Lodeiro, EdP no Carballiño

O Lodeiro, PnH en Cualedro (M302-2)

Lodeiros, PnH en Ribas de Sil (M189-2)

Os Lodeiros, PnH en Boborás (M186-2)

Río dos Lodeiros, CdA en Boborás (M186-2)

Os de Cualedro e Ribas de Sil é probable que sexan derivados de LÜTU, pois de *LOTANARIU nesa área esperaríamos **Lodairo**. Tamén han de derivar posiblemente de LÜTU outros que presentan a forma *lodeiro* na documentación medieval, coma o de Ourense e o do Carballiño:

«*quandam hereditatem, partim cultam, partim incultam, in Lodeiro*» (ano 1211, OSR1, nº 142)

«*in parrochia sancte Marie de campo in loco qui dicitur Lodeiro*» (ano 1226, OSR1, nº 272)

«*parrochia sancte Marie de Arravaldo in loco qui vocatur O Lodeyro*» (ano 1244, OSR1, nº 531)

«*et alium in Castro de Lodeyro et alium in Zovra*» (ano 1235, OSR1, nº 403)

«*grangie Sancte Crucis in loco vocato Lodeyro*» (ano 1256, OSR1, nº 759)

«*Lourenço Perez de Lodeyro*» (ano 1306, OSR2, nº 1335).

O NG recolle 14 (**O**) *Lodeiro* en Carral, Cerceda (*Lodeiro de Arriba* e *Lodeiro de Abaixo*), Ferrol, Monforte, Ortigueira, Palas de Rei, Sobrado (2), Valdoviño, Vilalba, Viveiro, Xermade e Xove; **Traslodeiro** en Sarria; **Lodeiros** en Coristanco e O Valadouro,

e un feminino *A Lodeira*, en Ribadeo. Non é posible discernir cáles aluden á árbore e cales derivan de LÜTU.

Lodoso (parr. e lug. en Monterroso) e *Lodoselo* (parr. e lugar en Sarreaus) son derivados mediante o sufijo -OSU,-OSA, probablemente de LÜTU. O segundo atopámolo como *Lotosello* no séc XI: «*in territorio Limie villam quam dicunt Lotorellu [sic]*» (ano 1095, CLN, nº 287). Tamén rexistramos un feminino *Lodosa*: «*lugar que chaman Lodosa da friguesia de san Tome d'Oyames*» (an 1391, FDU, nº 254); «*per llo castineiro ripiado que esta ao canto do ryo de Lodosa*» (ano 1391, FDU, nº 254).

142.2. Ladairo, ladeiro

Pode considerarse a existencia dunha hipotética variante con *a* na sílaba inicial, ben procedente dun *LATANARIU ou ben de formación romance, comparable ó cast. *latón*, *latonero* (Sarmiento, *Vegetables*, 429), que serviría para explicar os seguintes topónimos:

O Ladairo, PnH en Monterrei, Oímbra e Verín (M303-1, M303-3)

Canteira do Ladairo, PnH en Oímbra e Verín (M303-3)

A Costa do Ladairo, PnH en Oímbra e Verín (M303-3)

Atopámolo en docs. do XV: «*dereito ao marco do Ladairo*», «*dereito ao monte do Ladairo*» (ano 1451, VFD1, nº 76).

Rexistramos unha variante como topónimo e apelido en «*Frey Afonso do Ledaayro*»; «*Frey Afonso de Ladairo* frayre da orden terceira que soy morador en Carvalleda», «*polo dito loueo a Santa Maria do Ledaayro*» (ano 1400, RBV, nº 8).

Os 3 *Ladeiro* que o NG recolle nos concellos de Neda, Ortigueira e O Pino poderían ser formas paralelas do *Ladairo* de terra de Monterrei, áinda que tamén poden corresponder a derivados de *lado* (< LATU), coma os topónimos *Ladeira* (< LATARIA), *Ladeirón* e áinda talvez algún topónimo *Ladrón* (< LATARIÖLU OU LATARIÖNE).

142.3. Ladiairo

Outra variante é a forma *ladairo*, procedente igualmente de *LATANARIU cunha disimilación vocálica trala caída do –N– intervocálico. Témola nos topónimos

Ladiairo Baixo, PnH en Hermisende (M304-2)

O Ladiairo, PnH en Hermisende (M304-2)

O Alto do Ladiairo, PnH en Hermisende (M304-2)

142.4. Outras formas

Máis problemática áinda resulta a vinculación con este tema de topónimos como

Ladarello, PnH na Pobra de Trives (M189-4)

que contén un derivado diminutivo co sufijo correspondente a **-ÍCULO**. Así mesmo, tamén podería tratarse dun derivado de LATU ou de LATERALE con ese mesmo sufijo diminutivo.

Outros posibles derivados do nome desta árbore co sufijo correspondente a **-ÉTU** serían

Ladredo, PnH en Bande (M301-2)

Ladredo, PnH en Calvos de Randín (M302-1)

Ladredo, PnH en Parada de Sil (M188-4)

O primeiro aparece documentado no séc. XIII: «*todo o nosso monte que dizen Ladredo*» (ano 1278, RAM, nº 217)

O NG recolle **Ladrido** en Ortigueira (parr.), Barreiros e Meis, e **O Ladredo** en Carballedo. **Ladride**, lugar en Baleira, malia a apariencia de xenitivo dun antropónimo en **-ÍTUS**, podería ser outro exemplo de palatalización de **-ida > -ide** en topónimos formados co sufijo **-ÉTA**.

A relación con este tema é só aparente nos topónimos que conteñen a forma **Ladaíñas** (*Monte de, Outeiro de*), resultado normal do LETANIAS (cf. *Estevaíña* < STEPHANIA) con que aparecen na documentación antiga. Non podemos saber, con todo, se este *Letanias* constitúe falsa latinización ou se responde realmente á forma latina do topónimo: «*per illum auctarium quod vocitant letaniarum*» (ano 886, BCM, T. 6, p. 350); «*in auctario de Letanias, et inde per radicem Litorie, deinde in Almautia*» (ano 921, RdS, nº 1); «*in locum que dicitur Eirola ubi addidit Letanias et inde per villam viam recta ad fogium*» (ano 1106, BM, p. 119); «*inde ad autarium de Letaniis, et inde per iuxta castrum de Lidoria*» (ano 1214, RdS, nº 11); etc.

143. loureiro

Loureiro é a denominación común galega do *Laurus nobilis* (VCN, 134). Procede do latín vulgar LAURARIU, clásico LAURU. Este tema ten abundante presenza na toponimia de Galicia e doutras áreas xeográficas.

143.1. Loureiro

A denominación común galega corresponde ó derivado en **-ARIU**, *loureiro*. Esta forma está presente nos seguintes topónimos:

Loureiro (*Santa Mariña*), parr. no Irixo

Loureiro, EdP en Amoeiro

Loureiro, EdP en Nogueira de Ramuín

Loureiro, EdP na Merca

- Loureiro*, Edp(n) en Boborás (M187-1)
Cabanas de Loureiro, EdP na Merca
Loureiro, PnH en Carballeda de Avia (M187-3)
Montes de Loureiro, PnH en Nogueira de Ramuín (M188-4)
O Loureiro, PnH en Oímbra (M302-4)
Os Loureiros, Edp(n) en Leiro (M187-3)
Os Loureiros, PnH en Cortegada (M225-3)
Os Loureiros, PnH en Vilamartín de Valdeorras (M190-1)

O NG recolle máis de oitenta entidades de poboación chamadas (*O*) *Loureiro* ou (*Os*) *Loureiros*. O singular (*O*) *Loureiro* en Abegondo (2), Baleira, A Baña, Boqueixón, Bueu, Cambados, Carral, Carballedo (2: *Loureiro de Baixo e Loureiro de Riba*), Carballo, Ceredo, O Corgo, A Coruña, Cuntis (2: *Loureiro de Abaixo, Loureiro de Arriba*), *Loureiro de Arriba*), A Estrada (2: *Loureiro de Abaixo, Loureiro de Arriba*), Forcarei, Frades, Friol, Gondomar, A Laracha (3 *Loureiro*, 1 *Loureiro de Bocixa e 1 Loureiro de Borrerios*), Mazaricos, Moeche, Monfero, Noia, Ortigueira (3), Ourol, Outes, Oza dos Ríos, Padrón, Pantón, Paradela, Rodeiro, Salceda de Caselas, Samos (parr. e lug.), Santa Comba, Sarria (parr. e lug.), Teo, Trabada, O Valadouro, Val do Dubra, Vigo, Vilarmaior e Xove. O plural (*Os*) *Loureiros* en Ames, Arzúa, A Cañiza, Carballo, Cedeira, Cesuras, Coirós, Coristanco, Cotobade (parr.), Covelo (2), A Estrada, Fene, Guitiriz, Moeche, Narón, Oia, Ordes, Ortigueira (2), Pontedeume, As Somozas, Touro, As Pontes e Xove. Ademais, un *Soosloureiros* no concello de Cerdido, coa forma preposicional procedente do lat. SUB como primeiro elemento.

No DCP figuran 38 localidades chamadas *Loureiro e 5 Loureiros*. Os 6 coa forma feminina *Loureira* supómolos derivados colectivos en -ARIA.

Na documentación medieval atopamos numerosos exemplos destes e outros topónimos idénticos.

Loureiro, lugar da parroquia de Rouzós (San Cibrao), concello de Amoeiro, dá en ocasións nome á parroquia na documentación antiga: «*De Laurario de Amonario iuniores qui ducant vinum pro ad monasterio modios VI*» (ano 1004, CLN, nº 240); «*o lugar de Çima de Vila, que está en Loureiro*» (ano 1418, RdS, nº 124); «*San Cibrao de Loureiro*» (ano 1421, RdS, nº 133); «*Eno lugar de Loureyro que he eno couto e jurdición do mosteiro de Santo Estevo de Riba de Syl*» (ano 1498, RdS, nº 268); «*o noso casal do Loureiro que jaz su sino de Rouçoos*» (ano 1500, HGP, nº 90).

Loureiro, no concello Carballedo, hoxe lugar pertencente á parroquia de Buciños, figura en ocasións como parroquia coa advocación de San Xoán: «*in villa de Laureiro*» (ano 1172, OSR1, nº 51); «*in Bucinos et in Laurario et in Trasar*» (ano 1193, OSR1, nº 81); «*casale illud de Laureiro in quo moratur Petro Villano*» (ano 1206, OSR1, nº 115); «*ecclesiam sancte Iohannis de Loureiro*» (ano 1208, OSR1, nº 123); «*in villa de Bucinos et in Laureiro*» (ano 1223, OSR1, nº 238); «*in Bucinos et in Laurario et in Casares de Maria*» (ano 1223, OSR1, nº 238); «*de predicto casali de Laureyro*» (ano 1223, OSR1, nº 234); «*ecclesiam de Laurario, ecclesiam sancte Christine, ecclesiam de Agoada, ecclesiam de Oleiros*» (ano 1224, OSR1, nº 251); «*cum quaque adiacentibus, scilicet, Laureiru et Buzinus*» (ano 1226, OSR1, nº 278); «*in parrochia de Laureiru*» (ano 1232, OSR1, nº 360); «*Johannes Petri prelatus ecclesie de Laurerio*» (ano 1240, OSR1, nº 468); «*in loco qui vocatur Laureyro, sub parrochia sancti Iohannis in terra de Asma*» (ano 1242, OSR1, nº 503); «*Martinus Pelagii prelatus sancti Iohannis de*

Laureyro» (ano 1248, OSR1, nº 599); «*quantam etiam hereditatem habebam in Loureyru»* (ano 1253, OSR1, nº 704); «*quanto dereyto et voz ayo et devo a aver na freygregia de Loureyro»* (ano 1304, OSR2, nº 1316), etc.

Un Loureiro, en Freás, Punxín, hoxe perdido: «*in casali de Laureyro in terra de Castella sub parrochia sancte Marie de Froyaes»* (ano 1223, OSR1, nº 234); «*in villa que vocatur Froaens, videlicet m locis qui vocantur Laureiro et Puzos in parrochia sancte Marie»* (ano 1239, OSR1, nº 451), etc.

O lugar chamado **Os Loureiros**, en Cortegada, é probablemente o que figura nun doc. de Ramirás do século XIII: «*in locum qui dicitur Loureirus»* (ano 1248, RAM, nº 56), etc.

143.2. Loureiral

Un derivado en –ALE a partir de *loureiro* é

O Loureiral, PnH en Nogueira de Ramuín (M188-4)

O NG recolle un lugar chamado **Loureiral** en Baiona.

143.3. Louredo, lourido

Son igualmente comúns os derivados por medio do sufijo colectivo *-edo / -ido, -eda:*

Louredo, EdP e parr. (*San Xoán*) en Cortegada

Louredo, EdP e parr. (*Santa María*) en Maside

Louredo, EdP en Gomesende

Louredo, EdP na Peroxa

Louredo, PnH en Quiroga (M190-1)

Louredo, PnH en San Xoán de Río (M189-4)

O Louredo, PnH en Laza (M265-1)

Altos do Louredo, PnH en Laza (M265-1)

O Castro de Louredo, PnH en Carballeda de Avia (M187-4)

Regato do Louredo, CdA en Laza (M265-1)

Lourido, PnH en Quiroga (M189-4)

Regato de Lourido, CdA en Quiroga (M189-4)

Lourido, PnH na Pobra de Trives (M189-4)

O NG recolle **Loureda** nos concellos de Arteixo (par.), Bergondo, Cesuras (parr.), Boqueixón (parr. e lugar), Ordes, Touro; **Louredo** en Arbo, Carnota, Mos (parr.) e O Saviñao (parr. e lugar); **Lourido** en Barro, Cambados, Ceredo, Cervo, O Covelo, Friol, Gondomar, Laxe, Muxía, Oleiros (**Lourido Grande e Lourido Pequeno**), Ortigueira, Outes, Poio, Pontedeume, Ribadeo, Riotorto, Salvaterra de Miño (parr.), Samos (**Lourido Grande, Lourido Pequeno e Castro de Lourido**), San Sadurniño, Soutomaior, O Valadouro, Valdoviño (parr.); **Louridos** en Moeche.

No DCP figuran 29 localidades chamadas **Louredo**, 1 **Louredinho**, 1 **Loureda**.

A parroquia de **Louredo**, en Maside, atopámola documentada desde o séc. XII: «*in Castella de Buval scilicet Laureto*» (ano 1155, BCMO, T2, p. 169); «*Petrus Alfonsi clericus de Lauredo*» (ano 1214, OSR1, nº 161); «*Alfonso Quintiaz rectore ecclesie de Lauredo*» (ano 1242, OSR1, nº 494); «*Garsia Petri capellanus de Louredo*» (ano 1262, OSR2, nº 899); «*P. Gunsalvi rector ecclesie de Louredo*» (ano 1285, OSR2, nº 1178), etc.

A parroquia de **Louredo**, en Cortegada: «*Sauto, Laureto cum raucis, Monte Rotundo et Sallare*» (ano 986, CLN, nº 5); «*et dividet cum villas de Laureto et de Zaparin*» (ano 986, CLN, nº 84); «*villa quod nuncupant Laureto iusta vocabulo Sancto Michael et Sancto Iohanne*» (ano 1008, CLN, nº 495); «*per terminos de Cortegata et de alia parte per terminos de Laureto*» (ano 1045, CLN, nº 83); «*dividens cum Laureto et Cortegata*» (ano 1088, CLN, nº 76); «*Fernan García escudeyro de Louredo*» (ano 1302, OSR2, nº 1313); «*Pedro Yans Alfayate morador en Louredo*» (ano 1356, RBV, nº 3); «*do noso Couto de Merens e Louredo*» (ano 1414, BCM, T 1, p. 306); «*dentro da casa e Torre de Louredo que é na freiguesia de San Vieito*» (ano 1414, BCM, T 1, p. 304), etc.

A parroquia de **Louredo** no Saviñao: «*in locum qui dicitur Laureto in valle Saviniani*» (ano 842, CLN, nº 208); «*arrogio qui discurret de castro Laureto*» (ano 934, CLN, nº 478); «*sancto Iacobo in Laureto*» (ano 941, CLN, nº 249); «*sub castello quod vocitant Lauretum*» (ano 952, CLN, nº 558), etc.

Un topónimo **Louredo**, que daba nome a unha “terra” entre os actuais concellos de Ourense e o Pereiro de Aguiar, aparece nos documentos medievais: «*per terminos nominatos que incipiunt a Louredo et inde per Vacarizam de Pedraio*» (ano 1133, BCM, T 6, p. 430); «*in termino de Moreiras de terra de Louredo*» (ano 1241, OSR1, nº 487); «*Afonso Yáñez de Moreyras de Louredo e Afonso Eanes de Moreyras d'Aguiar*» (ano 1361, ROC, nº 105), etc.

O **Louredo** de Gomensende pode ser o que aparece nun documento do séc. XII: «*deinde inter Soutelum et Lauretum, usque ad ilum Campum de Molendino*» (ano 1145, BCMO, T 1, p. 148).

143.4. Lordelo

Un derivado de *Louredo* mediante o sufixo diminutivo correspondente a –ELLU é o topónimo

Lordelo, EdP en Padrenda,

que presenta redución do ditongo da sílaba inicial ó quedar en sílaba pechada por –r trala caída da vogal pretónica, coma no nome do río *Lor*, afluente do Sil pola dereita, que aparece como *Laure* na documentación medieval: a perda da vogal final conduciu á redución do ditongo: «*territorio Lemaos, secus rivulo Laure*» (ano 886, CLN, nº 233); «*de Carioca, Cartelion, Laure medio, Saviniano et Loseiro*» (ano 929, CLN, nº 207), etc.

No DCP figuran máis de 20 ***Lordelo***. Algúns deles rexístranse na documentación medieval coas formas ***Lauritellu***, ***Lauridelus***, ***Loordelo*** (Piel, 1968 a, I, 343).

Unha forma paralela feminina, con conservación da vogal pretónica (e o consecuente mantemento do ditongo da sílaba inicial) é ***Louredela***, que figura no NG no concello de Touro.

143.5. Louro

En portugués existen os substantivos correspondentes á forma simple e ó derivado (*louro* e *loureiro*) como denominacións da árbore (Sampaio, *Flora*, 194). O galego, segundo E. Rivas, «no parece haber heredado ya del latín la forma simple», de aí que este autor sinale para topónimos como ***Louro*** unha orixe prerromana (Rivas, 1982, p. 174), fronte ó que opinaba Sarmiento (*Onomástico*, 123) e seguía mantendo Piel (1968 a, I, 342), que os relacionaban co loureiro. A forma simple correspondente ó latín LAURU, ou ben unha derivada adjetival LAURĒU (Ernout, 346, cit. por Rivas, 1982, p. 174), poderían explicar algúns dos topónimos que incluímos neste apartado, se ben outros poderían conter o adjetivo de cor *louro*, -a ou unha raíz prerromana (orónímica ou hidronímica). Son os seguintes:

Loiro (*San Martiño*) e ***Loiro de Arriba***, parr. e EdP en Barbadás

O Louro, PnH en Monterrei (M302-2)

O Loiro, PnH en Lobios (M301-3)

Val do Loiro, PnH en Entrimo (M301-3)

Dadas as características dialectais da área estudada, que distingue entre os resultados *-oiro* < *-ORIU* e mais *-ouro* < *-AURU*, as formas *loiro* só poden proceder de étimos con iode na sílaba seguinte. Para o adjetivo de cor atopamos na documentación antiga alternancia de formas con iode e sen el (isto é, *louro* / *loiro*): «*de vos precio aderato vaca soldare colore laurea*» (ano 941, CLN, nº 452); «*bove Iº colore lauro*» (ano 1011, CLN, nº 197).

O nome da parroquia de ***Loiro*** aparece latinizado como ***Laurio*** na documentación medieval: «*id est sexta de Laurio cum suis adiunctiones*», «*id est de Laurio VI^a et de Pennosinos tercia integras*» (ano 1095, CLN, nº 563).

O NG recolle 4 ***Louro*** en Muros (parr. e lug.), Trabada e Valga. O plural ***Louros*** en Abegondo e ***Lobán de Louros*** en Vilalba.

143.6. Loural

Un derivado de **LAURU** por medio do sufijo **-ALE** é

Loural, PnH en Leiro (M187-3)

O NG recolle ***Souto Loural*** en Arzúa e un plural ***Lourás*** en Silleda. En Madoz figura tamén un lugar ***Loural*** en Cesantes, Redondela.

O DCP rexistra 4 ***Loural*** e 2 ***Lourais***.

143.7. Outros derivados

No DCP figuran 11 ***Lourosa***, ademais dun plural ***Lourosas*** e un diminutivo ***Louroselha***. No *Lourosa* de Viseu tiña propiedades Celanova e atopámolo na documentación medieval deste mosteiro: «*In Anegia villa de Pegias et villa de Laurosa cum omne integritate per terminos*» (ano 950, CLN, nº 7). Non atopamos topónimos semellantes na toponimia galega.

Só como hipótese consideramos relacionados con este tema fitonímico os topónimos

Louriña, PnH en Quiroga (M190-1)

Louriña, PnH na Peroxa (M188-1),

que conterían un derivado por medio de sufíxos **-INA** ou **-INÉA**. A posibilidade de que teñan orixe nun significado fitonímico vén apoiada pola existencia de ***louriñeira*** «planta parecida al laurel, que crece espontánea en los montes y no da olor» (DEGC, II, 548; Piel 1968 a, I, 343-344).

O NG recolle ***Louriña*** en Cuntis e 2 ***Louriño*** en Boiro e en Mos. Tamén se chama ***A Louriña*** a comarca bañada polo río ***Louro***, nos concellos de Mos, O Porriño e Salceda de Caselas, que probablemente formou o seu nome como un derivado do nome do río.

No DCP figuran 6 ***Lourinha***, 2 ***Lourinal***, 1 ***Lourinhos***.

Un topónimo portugués ***Lordosa*** contén un derivado de LAURU con dupla sufixación en **-ETU** ou **-ETA + ōSA**, tal como confirman os ***lauridosa***, ***laordosa*** da documentación antiga (Piel, 1968 a, I, 343).

Descoñecemos se ten esta mesma raíz o nome de ***Loureza***, parr. e lugar en Oia. Con ela debemos relacionar así mesmo os portugueses 2 ***Lourizela***, 12 ***Louriceira*** e 3 ***Louriçal***.

144. *madroa, madarnás*

Sarmiento recolle ***madroa*** como denominación imprecisa de varias especies do xénero *Artemisia*, e explica a voz galega coa correspondencia castelá *matricaria* (*Vegetables*, 263). Noutro lugar lemos: «*Madroa*. La planta que vulgarmente llaman *the*. Es muy común en el Poyo. Allí le llamaron unos canteros *madroa*» (id., 629), «*la artemisa*» (id., 661) «en Pontevedra es la *artemisia*

vulgaris major» (id., 796, 1083), «en Pontevedra llaman *madroa* a la artemisa mayor, que casi es ajeno, y *altemixa* o *artemixa* al parthenio o matricaria». (id. 2188). Nos dicionarios galegos *madroa* é sinónimo de *herba de Nosa Señora*. A esta planta atribúeselle certa virtude medicinal «anti-histérica» (Valladares, s.v. *madroa*), que xa foi comentada por Sarmiento para explicar a etimoloxía do seu nome, vinculando este, igual cá denominación *matricaria*, co latín *mater*, pois «sirve mucho para enfermedades de mujeres» (*Vegetables*, 629). E. Rodríguez identifica *madroa* coa planta chamada *asento*, *asentes*, *axenxo* (vid. 025), a *Artemisia absinthium*. En portugués outra especie do mesmo xénero, a *Artemisia crithmifolia*, recibe a denominación de *madorneira* (Sampaio, *Flora*, 571), que sen dúbida está emparentada lexicamente coa *madroa* (Piel, 1968a, I, 336).

Atopamos esta forma en

A Madroa, EdP en Manzaneda

Os Soutos da Madroa, PnH en Manzaneda (M227-2)

Non podemos confirmar o carácter fitonímico da *madroa* destes topónimos, pois a mesma forma *madroa* constitúe unha variante da voz prerromana *madora*, *madorna*, *medorra* (Rivas 1994, 10), de significado oronímico e as más das veces de interese arqueolóxico, pois adoita designar mámoas ou enterramentos megalíticos. O nome do coñecido *Monte da Madroa*, onde se atopa o parque zoológico de Vigo, alude á mámoa con construción dolménica que se conserva no lugar (Sacau, 1996, 55).

O DCP recolle 1 *Madroa* e 1 *Madroeira*. A morfoloxía do segundo fai que nos inclinemos pola hipótese fitonímica.

Con estes poderían estar emparentados outros topónimos do territorio estudiado:

Madarnás, EdP e parr. (*San Tomé*) no Carballiño

Madarnás, EdP en Cartelle

que aparentemente conteñen un derivado colectivo en -ALES, tan común na fitonimia. Pola contra, non semella fitonímico outro topónimo

Os Madornos, PnH en Lobios (M301-3),

que debe aludir a mámoas ou construcións megalíticas.

O DCP recolle unha localidade chamada *Madorno*.

Un parónimo *madroño*, igualmente fitonímico, dá nome ó érbedo (*Arbutus unedo*, vid. 097) en castelán e en portugués. Corominas propón para esa forma un étimo emparentado con *MORÖTÖNU (DCECH III, 757), *morodo*, *morogo*, *meruéndano*, etc.

(vid.157). Non sabemos se existiu en galego unha forma emparentada co *madroño* castelán e portugués; en xeral está ausente dos dicionarios galegos, se ben Sarmiento recolleu no Bierzo o nome de *madroñeiro* para unha especie distinta, o *Sorbus aucuparia* (vid. 214).

145. *malva*

O nome de *malva* designa en galego, coma noutras linguas próximas, diferentes especies da familia das malváceas, principalmente do xénero *Malva* (Merino, I, 243 e ss.), e en especial a máis común *Malva silvestris* (VCN, 134). Procede do latín MALVA.

Derivados de *malva* que designan outras especies botánicas son:

Malvarisco (VCN, 134; DEGC, II, 572) en galego, **malvavisco** en castelán e **malvaíscio** en portugués. Proceden probablemente de MALVA HÍBISCU (DCECH, III, 788, s.v. *malva*), e as formas portuguesa *malvaíscio* e galega *malvarisco* serían xa que logo o resultado de respectivas disimilacións consonánticas. Designa a *Althaea officinalis* (VCN, 104), tamén coñecida co nome de *altea*. Non temos constancia da presenza na toponimia de derivados do nome desta especie.

Malvela, un diminutivo por medio do sufijo correspondente a -ELLA, designa unha «hierba terrestre de la familia de las labiadas», de uso medicinal (DEGC, III, 572), que Merino (II, 202) identifica como *Glechoma hederacea* L. (*Nepeta Glechoma* Benthám), para a que recolle así mesmo os nomes de *herba redonda* e *herba de reste*. O VCN engade ainda para este especie os sinónimos *herba dos bolos* e *herba de olor*, e a variante *herba do [sic] reste* (¿da reste?) (VCN, 134). Sarmiento explica o común *malvela* como «malva rastrera, cuya hojita es menor que una peseta» (*Vegetables*, 799). *Malvela* si ten presenza na toponimia, como veremos.

145.1. Malva

Non consta entre os topónimos recollidos ningún exemplo da forma simple do fitónimo. O topónimo **Malvas**, parroquia do concello de Tui, non ten relación con este tema léxico, pois aparece nos textos medievais más antigos como *Malones* e *Mallões*:

«de **Malones** de Susanos» (ano 1287, BM, p. 124)

«en esse uosso couto de **Malloes** de Jussao» (ano 1289, HGP, nº 105)

«eno dicto couto de **Malloes**» (ano 1289, HGP, nº 105)

«que vay por ontre San Migel de Carregal e **Maloes**» (ano 1310, CMG, p. 89)

Debemos ler esas grafías *Malones* / *Maloes* como esdrúxulas para explicar a forma actual por consonantización da vogal velar átona. Cremos que contén un sufijo átono prerromano –ONES (acaso étnico, coma o correspondente tónico –ÕNES), que atopamos tamén, na mesma área, no topónimo *Camos*, parroquia do concello de Nigrán, que aparece como *Calamones* no latín medieval, grafía que debemos ler igualmente como un esdrúxulo, pois así o esixe a forma actual *Camos*, polo que non é verosímil a hipótese etimolóxica sustentada por Filgueira Valverde (1958, 35-38) para explicar a orixe do topónimo, do cal efectivamente deriva o apelido do gran poeta portugués. Malia a diverxencia das evolucións, sospeitamos que *Malvas* e *Camos* constitúen topónimos morfoloxicamente paralelos e que nos seus radicais están respectivamente os temas prelatinos de significado oronímico *MAL– / *MAR– e *CAL(A)– / *CAR(A)– (Badia i Margarit, 1949; González, J. M., 1953; Rivas, 1994, pp. 40, 134).

145.2. Malvar

Non atopamos no territorio estudiado ningún exemplo de derivado colectivo en –ALE coma o que dá orixe ó apelido *Malvar*. Tamén ten presenza na onomástica galega como apelido o seu correspondente plural *Malvares*, que probablemente ten orixe nos lugares que figuran no NG nos concellos de Tordoia e Val do Dubra, e que presenta unha variante *Malvárez* por falsa interpretación como apelido patronímico.

Se ten relación con este tema un topónimo menor *Torre Malvado*, en Monterrei (M302-4), podería constituír unha alteración dun derivado de *malva*, posiblemente debida á etimoloxía popular, pois o sufijo –ado non parece compatible coa orixe fitonímica.

145.3. Malveira

Derivados por medio do sufijo correspondente a –ARIA, –ARIU son:

A Malveira, PnH en Calvos de Randín (M302-3)
Molveiros, PnH na Pobra de Brollón (M189-1)

No segundo cunha alteración da vogal pretónica. O NG recolle un *Malveiros* no Saviñao.

No DCP figuran 2 *Malveira*.

145.4. Malvedo

Derivado por medio do sufixo **-ĒTU** é:

O Pazo do Malvedo, EdP en Coles (M188-3)

O NG recolle unha forma equivalente coa solución **-ido**, **Malvido**, en Marín. Unha variante do correspondente feminino (con alteración da vogal final en **-e** por posible analoxía cos antropotopónimos en **-ide**, procedentes do xenitivo de nomes persoais en **-īTU**) é **Malvide**, en Mañón.

145.5. Malvaredo

Un exemplo de dupla sufixación en **-ARIU + -ĒTU** é

Malvaredos, PnH en Lalín e Forcarei (M153-4).

145.6. Malvela

O nome da *malvela* está presente no derivado

A Malvelosa, PnH en Toén (M225-2)

E posiblemente tamén na forma simple en

Malvela, PnH en Rubiá (M190-2)

Río de Malvela, CdA en Rubiá (M190-2)

146. maraña

Maraña vén definido como «maleza o abundancia de hierba silvestre» no DEGC (II, 589); é voz común ó castelán, galego e portugués. Podería ser voz prerromana (DCECH, III, 839). Teñen aparente relación con este tema tres topónimos do territorio estudiado:

Marañís, EdP en Piñor de Cea

Río Marañao, CdA en Cea e O Carballiño (M187-1)

As Marañas, PnH en Sober (M188-2)

Todos tres poderían ser en realidade hidrónimos prerromanos relacionados cunha raíz hidronímica prelatina ***MAR-**, ***MER-**, como a de *mera*, *meira*, etc. (Rivas, 1994, 85). O segundo semella un derivado en **-ANU**; o primeiro podería conter un sufixo **-ĪLES**, e aparece na documentación antiga:

«*Cartam istam L. Maraniz, scolaris, notauit*» (ano 1255, VFD1, nº 6)

«*de Formigario, de Maranies, de Silvares*» (ano 1224, OSR1, nº 251)

«frey Martin de Maraniis» (ano 1285, OSR2, nº 1177)
 «Petro Pelagii de Maraniis grangiario» (ano 1246, OSR1, nº 586)

147. *margarida*

O substantivo común galego *margarida* designa a *Bellis perennis* e outras especies semellantes, plantas pequenas con flores compostas. O nome procede do lat. MARGARITA, tomado á súa vez do grego, onde significaba ‘perla’.

147.1. Margarida, Margaride

Os topónimos en que aparentemente está presente o nome simple deben ter orixe antropónimica, dado o uso de *Margarita* como nome feminino (Kajanto, 346; Duval, 124, 451) e, áinda que menos común, o de *Margaritus* como masculino (Piel, 1948, 226).

No territorio estudiado localizamos:

Margarida, Edp(n) en Parada de Sil (M189-3)

Margaride, EdP en Quiroga.

O NG recolle 5 *Margarida* en Arteixo, Cabana, O Covelo, Muras e Ordes, e 4 *Margaride* no Pino, Silleda (parr.) e Trabada, ademais do mencionado de Quiroga. O DCP recolle 1 *Margarida* e 1 *Margaride*.

Piel inclúe os *Margaride* de Quiroga, Silleda e Trabada entre os derivados do xenitivo do nome persoal latino MARGARITUS. Leite de Vasconcelos (*Opúsculos III*, 221) ocúpase do topónimo portugués actual *Margaride*, vila do concello de Felgueiras, e achega documentación antiga que o rexistra como *Villa Margariti* desde o séc. XI e confirma a orixe antropónimica.

147.2. Margarideiros

Ten orixe fitonímica o derivado en –ARIU, –ARIA:

Margarideiros, EdP en Ramirás.

Rexistramolo na documentación medieval:

«de nostro casali de *Margarideiros*» (ano 1246, RAM, nº 44)

«unum terrenum qui est de casali de *Margaridarius*» (ano 1248, RAM, nº 59)

«deinde cum Petro de Merca per fontem de *Margarideiros*» (ano 1249, RAM, nº 67)

«de casali de *Margarideiros*» (ano 1251, RAM, nº 88)

«de casali de *Margarideiros*» (ano 1253, RAM, nº 103)

«Johan Gomes o Uelo, que morou en *Margarideyros*» (ano 1329, RAM, nº 285)

Non atopamos no NG nin no DCP outro topónimo paralelo.

148. *marrubio*

Eladio Rodríguez define *marrubio*, *melrubio* como «planta labiada que se usa en medicina», tamén empregada «en muchos remedios caseros» (DEGC, II, 595). Ten outras variantes, como *marroxo* (XLFG, 617) e *malrubio*: «Malruvio, en Vilela el marrubio» (Sarmiento, *Vegetables*, 557), «marrubio (*malruvio* en gallego)» (id., 1579). Ten paralelos no cast. *marrubio* e o port. *marroio*. Nesta lingua, recibe o nome de *marroio* ou *Marrubium vulgare* e o de *marroio negro* a *Ballota nigra* (Sampaio, *Flora*, 517, 518). O VCN recolle a denominación galega de *marroio negro*, coincidente coa portuguesa, para a *Ballota nigra*, e a de *marroio de auga* para o *Lycopus europaeus*, cast. *menta de lobo* (VCN, 135).

No territorio estudiado temos:

Marrubio, EdP e parr. (*Santo André*) en Montederramo

Marrubio, EdP en Carballedo.

A coincidencia co nome da planta non pode garantir o carácter fitonímico deste topónimo. A documentación antiga tampouco bota luz sobre a súa orixe:

«*Marrubio*» (ano 1144, MdR, AHN Clero, Cpta. 1481, nº 7, ano 1144)

«*Pero Marruuió*» (ano 1326, MdR, AHN Clero, Cpta. 1492, nº 16)

«*Domingo García de Marruuió*» (ano 1327, VFD1, nº 50)

«*Pero Peres de Marruuió*» (ano 1327, VFD1, nº 50)

«*Rodrigo de Marrubio*» (ano 1437, MdR, AHN Clero, Cpta. 1500, nº 15)

O NG inclue tres topónimos semellantes que pola súa morfoloxía poderían suxerir unha orixe antropónimica: *Marrube*, EdP en Cervo e en Vilalba e parroquia no Saviñao. Este último atopámolo na documentación antiga:

«*alium casale in Marruvi*» (sec. XIII, OSR1, nº 651)

«*Álvaro Lopes de Marrubi*» (ano 1418, RdS, nº 123)

«*a vos Álvaro Lopes de Marruve*» (ano 1418, RdS, nº 122)

Palacio recolle unha PnH *O Marroxo* en Pantón (Palacio, 1981, 300).

149. *mato, mata*

As voces *mata*, *mato* ‘arbusto, planta espesa’ e ‘bosque, selva’ son de orixe prelatina e están presentes nos diferentes romances peninsulares. Hubschmid (ELH, I, 39) dáas como preindoeuropeas. Antonio Tovar (cit. por Rivas, 1994, p. 56) considéralo íbero. A oclusiva xorda intervocálica esixe un étimo *MATTU, *MATTU.

Eladio Rodríguez define *mata* como «planta de tallo bajo ramificado», «sitio poblado de árboles silvestres» e «pie de ciertas plantas» (DEGC, II, 599). Cremos que na topónimia o seu significado ha de ser o que corresponde á segunda acepción, equivalente ó valor que este autor asigna para a forma masculina *mato*: «matorral, sitio cubierto de matas, arbustos, helechos, etc.», «terreno inculto lleno de malezas» e «Breñal, tojal, monte en que abundan las breñas» (DEGC, II, 600). Con este termo prerromano veu competir o latín *silva*. Na documentación antiga atopámolo adoito co significado de ‘terreo inculto’ (‘bravo, a monte’):

«*unum terrenum siue matum, qui est iusta ipsum casal in quo abitatis*» (ano 1254, RAM, nº 118)

149.1. Mata

A forma feminina conflúe cun substantivo homónimo *mata*, derivada do verbo *matar*, que en diversas partes de Galicia significa «matanza do porco» ou «época en que esta se realiza», e mais cunha terceira persoa deste mesmo verbo, que podería dar orixe a topónimos con formas compostas verbo+substantivo. Consideramos fitonímicos, pertencentes ó tema prerromano *mato*, *mata*, alusivo a terras incultas e con moita vexetación, os seguintes topónimos do territorio estudiado:

- A Mata*, EdP en Manzaneda (M227-2)
- A Mata*, PnH en Laza (M265-1)
- A Mata*, PnH en Manzaneda (M227-2)
- A Mata*, PnH en Pías (M266-2)
- A Mata*, PnH en Petín e Vilamartín de Valdeorras (M190-3)
- Cruz da Mata*, PnH en Pías (M266-2)
- A Ladeira da Mata*, PnH en Manzaneda (M227-2)
- Mata da Veiga*, PnH en Baltar (M302-1)
- Mata Ladeira*, PnH en Pías (M266-2)
- Mata Redonda*, PnH en Carballeda de Valdeorras (M229-1)
- Regueiro da Mata da Osa*, CdA na Veiga (M228-4)
- Vertiente da Mata da Osa*, PnH en Viana do Bolo (M266-2)
- Matamá*, EdP en Sober (M188-2)
- Matamá*, EdP en Gomesende (M225-3)
- Matamá (Santa María)*, parr. en Laza (M265-3)
- As Matelas*, PnH en Ribas de Sil (M189-2)
- Mateliña*, PnH en Sober (M188-2)
- Malmata*, PnH na Mezquita (M266-3)
- Regato de Malmata*, CdA na Mezquita (M266-3)

O NG recolle 5 (*A*) **Mata** en Cabana, Mesía, Narón, Pantón e Pedrafita, e **Matamá** en Vigo (ademas dos de Gomesende, Laza e Sober mencionados). No DCP contamos más de 80 topónimos **Mata**.

En **Mata Ladeira** hai posiblemente unha perda do nexo prepositivo *de*, áinda que non podemos desbotar unha orixinaria función adxectiva do segundo elemento.

En **Matamá**, o segundo elemento é o adxectivo *má* (< lat. MALA), e fai referencia moi posiblemente á calidade da terra ou á dificultade para traballala ou transitala, coma outros casos en que está presente este adxectivo.

O lugar e parroquia de **Matamá**, en Laza, atopámolo na documentación medieval:

- «*Ffernám Estéueaz de Matamaa*» (ano 1269, MdR, ACO Perg. Monac. nº 1010)
- «*Steuo Paaz de Mata Maa*» (ano 1286, MdR, AHN Clero, Cpta. 1487, nº 7)
- «**Mata Maa**» (ano 1319, MdR, AHN Clero, Cpta. 1492, nº 3)
- «*casar da Yrmida de Matamaa*» (ano 1428, RdS, nº 144)
- «*Afonso Alfayate, morador en Matamaá*» (ano 1488, VFD1, nº 106)
- «*Johán Garrido morador eno couto de Matamá*» (ano 1493, VFD1, nº 112);

O **Matamá** de Gomensende:

- «**Mata mala cum adiunctionibus suis**» (ano 1044, CLN, nº 350)
- «**Mata Mala cum suis adiunctionibus**» (ano 1047, CLN, nº 351)
- «*in villa quam vocitant Matamala*» (ano 1091-1106, CLN, nº 115)
- «*in territorio sancta Maria de Palo in villa Matamala ad illo barrio*» (ano 1105, CLN, nº 103)
- «**Matamala subtus monte Silva Scura discurrente rivulo Deva**» (ano 1104, CLN, nº 135)

A documentación máis antiga que posuímos de **Matamá** de Vigo é do séc. XIII:

- «*Petro Perez, dito Costas, prelado da ygleia de Mata Ma*» (ano 1280, HGP, nº 97, p. 187).

Matelas é un derivado diminutivo co sufijo correspondente a -ELLA, que aparece reduplicado co correspondente a -INA en **Mateliña**. O NG recolle lugares chamados **Matela** en Baralla e Outeiro de Rei (parr.), e un plural **Matelas** en Pantón. O DCP recolle así mesmo 1 **Matela**.

Atopamos na Idade Media un uso de **Matela** como apelido, probablemente de orixe toponímica, nun «*Pedro Matella de Uiana*» (ano 1313, MdR, AHN Clero, Cpta. 1490, nº 14)

No topónimo **Malmata** non sabemos se o primeiro elemento corresponde á raíz oronímica prerromana *MAL- (Badia i Margarit, 1949; J. M. González, 1953; Rivas, 1994, 40) ou se contén o adxectivo procedente do lat. MALU,-A, áinda que este último esperariámolo posposto ó substantivo.

O segundo elemento de **Matasueiro**, parroquia en Outes, é o antropónimo *Sueiro* (< SUARIU), común na Idade Media (como testemuña a abundancia do seu patronímico *Suárez*).

Outras formas recollidas no NG son *A Porta das Matas*, en Mesía, e **Matafaxín**, no Corgo, este cun segundo elemento procedente do xenitivo dun antropónimo de orixe xermánica *Faginus* (HGN, 83, 7b)

Nunha serie de topónimos que presentan un elemento *Mata-* seguido dun zoónimo en plural, o primeiro elemento pode corresponder a unha forma do verbo *matar* e non ó fitónimo *mata*. Aluden posiblemente a declives pronunciados no terreo, como puidemos comprobar nalgún caso, onde talvez se produciron accidentes anecdóticos concretos que deron orixe ó topónimo. Con todo, non podemos desbotar a posibilidade de que conteñan efectivamente o fitónimo *mata* e non o verbo *matar*. Son os seguintes:

- Matabois*, PnH na Veiga (M228-2)
- Regueiro de Matabois*, PnH na Veiga (M228-2, M228-4)
- Matalacorza*, PnH en Viana do Bolo (M266-2)
- Matalobos*, PnH en Cartelle (M225-4)
- Matavacas*, PnH en Cualedro (M302-2)
- As Penas de Matacás*, PnH en Castro Caldelas (M189-1, 189-3)

En *Matalacorza*, a forma *-la* (< ILLA) para o artigo feminino podería corresponder a un castelanismo ou unha alteración castelanizante de *Matadacorza*. En *Matalobos*, igual ca noutrios topónimos idénticos (3 no NG, en Pontevedra e na Estrada, lug. e parr.; 2 *Mata Lobos* no DCP), debemos considerar así mesmo unha terceira posibilidade, tamén fitonímica, pois *matalobos* é unha das denominacións galegas do acónito, xénero *Aconitum* (VCN, 103), «planta anual ranunculácea de flores azules» (DEGC, II, 599).

Corresponde a un plural CANES o segundo elemento de *Matacás*, que parece facer referencia ó forte desnivel do terreo (cf. cast. *Despeñaperros*). Semellantes a este, coa solución do galego oriental son os toponímos *Matacais*, *Cavanco de Matacais*, *Preseira de Matacais* e *Fonte de Matacais*, na parroquia de San Lourenzo de Pentes, e outro *Matacais* na de Erosa, todos eles no concello da Gudiña (Cruz, 33). Unha entidade de poboación do concello de Vimianzo, non incluída no NG, recibe tamén o nome de *Matacás* (M68-III), e por ela discorre o *Rego de Matacás*. No concello do Covelo hai tamén o hidrónimo *Regueiro de Matacán* (M224-I). Unha horta chamada *de Matacás*, en Rianxo, é citada polo P. Sarmiento (*Vegetables*, 156 r). En documentos de Samos encontramos outros topónimos idénticos en Láncara:

- «*et inde ad matacanes*» (ano 997, Samos, 73)
- «*et alia villa in Mathachane*» (ano 1110, Samos, 87)

Cabe a posibilidade de que algunha destas formas topónimicas teñan orixe antropónima e procedan dun alcume persoal, idéntico ó dun *Rudericus Fernandi matacanes* que figura nun documento de 1266 (RAM, nº 348). O DCP recolle 1 *Matacás*. Non temos noticia dalgún uso fitonímico de *matacán*, *matacás* ou *matacás*, áinda que existen formas paralelas, con outros nomes de animais (*matacabalos*, *matapulgas...*), que designan especies vexetais.

Igualmente problemáticos son os topónimos que presentan a forma *Matanza*, coma o do lugar padronés que foi residencia de Rosalía de Castro e que aparece recollido no NG. Dado que algúns designan paraxes afastadas de calquera núcleo de poboación, non parece razoable asocialos co común *matanza* ‘mata do porco’. Tampouco consideramos verosímiles algunas interpretacións

populares que explican eses topónimos como alusivos a unha batalla entre «romanos e mouros» (?), como a que recollemos no lugar da *Matanza* do concello de Carballedo, na estrema entre as provincias de Ourense e Lugo e o concello pontevedrés de Rodeiro, en Terra de Camba. En tanto non teñamos outra explicación, podemos incluílos, con certas reservas, neste tema fitonímico.

A Matanza, PnH en Cualedro (M302-2, M302-4)

A Matanza, PnH en Castro Caldelas (M189-3)

A estes hai que engadir os 3 (*A*) *Matanza* recollidos no NG en Carballedo, Padrón e Paradela. O DCP recolle 2 *Matança* e 1 *Matancinha*.

O lugar *da Matanza* de Carballedo atopámolo desde a documentación medieval, nalgunha ocasión dando nome á parroquia: «*subtus monte Navego villa pernominata Matancia*» (ano 1230, OSR1, nº 330; *Navego* é a denominación con que aparece nos documentos medievais o que hoxe coñecemos como *Serra do Faro*, na estrema das provincias de Ourense, Lugo e Pontevedra); «*totam meam hereditatem quantam habeo vel habere debeo in parrochia de Matancia*» (ano 1234, OSR1, nº 390); «*hereditatem de Matancia de Portu*» (séc. XIII, OSR2, nº 1296); «*domnus F. prelatus ecclesie sancti Iohannes de Matancia*» (ano 1248, OSR1, nº 610); «*I. Fernandi de Matancia*» (ano 1265, OSR2, nº 923); «*Petrus lohannis de Matanzia*» (ano 1254, OSR1, nº 735), etc.

149.2. Matula

Non garda relación co tema de MATTA un s. común *matula*, «torcida, mecha de candil», «moco, extremo dilatado del pabilo de una vela o candil encendido» (DEGC, II, 600), significados xa recollidos en Sarmiento (*Catálogo* 109 r, 187 r). Eladio Rodríguez engade o significado de «hoja de verbasco o gordolobo, que de seca sirve para usar como torcidas», en acepción que toma de Valladares, áinda que nota que «Valladares da como esdrújulo este vocablo», e recolle un derivado *matuleira*, que define como «planta perteneciente a las labiadas». Ten orixe no árabe *maftūla* ‘mecha, torcida’ (DCECH, III, 887). Descoñecemos se contén esta voz ou se é un derivado de *mata* un topónimo

Matula, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)

Non rexistramos no NG nin no DCP topónimos semellantes.

149.3. Mato

É moi abundante o correspondente masculino *mato*, que ten na toponimia o significado de *bosque* e constitúe sinónimo de *silva*. Na Idade Media é voz

común e usual co mesmo valor que ten na toponimia: «*unum terrenum et matum qui iacet in loco qui dicitur Arrifana*» (ano 1253, RAM, nº 102); «*en outro cabo meo do mato de sob elo casar do Mato e so u quiñon das Curuias*» (ano 1255, VFD1, nº 6).

Recollemos os seguintes exemplos:

- O Mato*, EdP na Pobra de Trives
- O Mato*, EdP en Allariz
- O Mato*, EdP en Carballedo (M188-1)
- O Mato*, EdP en Cartelle
- O Mato*, EdP en Celanova
- O Mato*, EdP en Padrenda
- O Mato*, EdP en Maside
- O Mato*, EdP en Pantón (M188-2)
- O Mato*, Edp(n) na Peroxa (M188-1)
- O Mato*, EdP na Pobra de Trives
- O Mato*, EdP en Xunqueira de Espadanedo
- O Mato*, PnH en Calvos de Randín (M301-2)
- O Mato*, PnH en Parada de Sil (M188-4)
- O Mato*, PnH en Ramirás (M225-3)
- O Mato*, PnH en Xinzo de Limia (M264-3, M264-4)
- O Mato*, PnH en Porqueira e Xinzo de Limia (M264-3)
- Mato de Mouros*, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
- Mato Lobeiro*, PnH en Calvos de Randín (M301-2)
- Matomeao*, Edp(n) en Cenlle (M187-3)
- O Matovello*, PnH nos Blancos (M302-1)
- Matos*, Edp(n) en Pantón (M188-2)
- Entre os Matos*, PnH en Manzaneda (M227-2)
- Casardomato*, EdP en Lobios
- Casar do Mato*, EdP en Ourense
- Casar do Mato*, EdP en San Amaro
- Casar do Mato*, EdP en Montederramo
- Casar do Mato*, EdP na Teixeira
- Casar do Mato*, EdP en Cenlle
- Monte do Mato*, PnH en Sober (M188-2)
- Sistín do Mato*, EdP en Sober
- Regato do Mato*, PnH en Ramirás (M225-3)
- Vila do Mato*, EdP en Pantón
- Vilar do Mato*, EdP en Ribas de Sil

Nas formas compostas témolos cos adjectivos *lobeiro* (< LUPARIO), *vello* (< VĒTŪLU) e *meao* (< MEDIANO). Composto cun primeiro elemento *Casar* (< CASALE) e *Vilar* (< VILLARE) dá nome a varias entidades de poboación. O primeiro elemento de *Sistín do Mato* é probablemente un antropotopónimo procedente do xenitivo dun nome persoal SEXTÍNUS ou SIXTÍNUS, áinda que sen documentación

antiga debemos considerar a posibilidade de que corresponda a un común *sestil* ('lugar onde pace o gando').

A forma **Mato** está presente en numerosos topónimos recollidos no NG. (**O Mato** en Aranga, Arbo, Barreiros (*Matomaior*), Begonte, Bergondo, Boqueixón, Brión, Caldas de Reis (*Casal do Mato*), Carballedo, Castro de Rei (1 *Mato* e 1 *Matodoso*, que interpretamos como *Mato do Oso* < URSU), Cesuras, Chantada (1 parr. *O Mato* e 1 lugar *Vilar do Mato*), Cospeito (1 *Mato* e 1 *Matocovo*, co adv. covu), Cuntis (1 *O Mato* e 1 *Vilar do Mato*), A Estrada, Guitiriz, Lalín (3 tops.), Melide, Mondariz (*Santa Baia do Mato*), As Neves (*Casal do Mato*), Noia, Sobrado, Mesía (dous tops., *Mato de Baixo*, *Mato de Riba*), Monforte (4 tops.), Oia (*O Matovello*), Outeiro de Rei, Oza dos Ríos (*Corte do Mato*), Palas de Rei (parr. e lug.), Pantón (1 parr., 3 lugs. *Mato*, 1 *Casdomato* cun primeiro elemento *Cas* < CASA, 1 *Viladomato* e 1 *Torre do Mato*), O Páramo, Poio, Redondela (*O Vilar do Mato*), Ribas de Sil (*Vilar do Mato*), Santa Comba (2 *O Mato*), Sanxenxo (*Salgueiro do Mato*), Sarria (2 parr., 1 lugar), O Saviñao, Sober (o mencionado *Sistín do Mato*), Taboada (parr.), Teo (*Rial do Mato*), Tomiño (*Villardemato* e *Villardematos*) Trazo (*Casal do Mato*) e Zas (*Vilar do Mato*).

O DCP recolle 29 *Mato*, 40 *Matos*.

Unha forma diminutiva co sufijo correspondente a -ELLU témtola en:

Matelo, EdP no Irixo

O NG recolle **Matelo** en Lugo, Tui e Vedra, e o pl. **Matelos** en Outeiro de Rei.

Algúns dos topónimos do territorio estudiado rexistrámoslos na documentación antiga:

- «*in grangia que dicitur Mato que est in Camesia*» (ano 1213, OSR1, nº 151)
- «*Iohanne converso magistro grangie de Mato*» (ano 1225, OSR1, nº 261)
- «*in parrochia sancti Iuliani de Mato*» [de Asma] (ano 1227, OSR1, nº 288)
- «*Petrus Fernandi de Casali de Mato*» (ano 1236, OSR1, nº 411)
- «*sancti Martini de Mato*» (ano 1238, OSR1, nº 436)
- «*Fernandus Petri mancipius in grangia de Mato*» (ano 1240, OSR1, nº 474)
- «*in filigregia Sancti Stephani de Mato*» (ano 1243, RdS, nº 41)
- «*Fernandus Iohannis de Casar do Mato*» (ano 1252, OSR1, nº 698)
- «*et meum quinionem de Mato de Cornedo*» (ano 1254, OSR1, nº 721)
- «*sancti Petri de Benvivre et sancti Martini de Mato*» (ano 1254, OSR1, nº 718)
- «*do mato dos Uales cum toda sua dereyturna da terça*» (ano 1255, VFD1, nº 6)
- «*Dominicus Regeiro de casali de Mato*» (ano 1260, OSR2, nº 878)
- «*en Mato Redondo con todas suas dereituras*» (ano 1271, OSR2, nº 989)
- «*in casali de Mato (...) in filigressia sancte Marie de Restande*» (ano 1271, FDU, nº 4)
- «*Martin do Mato de Cusanca*» (ano 1272, OSR2, nº 1001)
- «*frey Silvestre grangeyro de grangia do Mato*» (ano 1273, OSR2, nº 1028)
- «*a vos frey Domingo grangeyro da Granna do Mato*» (ano 1280, OSR2, nº 1149)
- «*en a vina do Mato, a qual yaz en a Boveda*» (ano 1285, OSR2, nº 1177)
- «*Pedro Iohanis de Villar de Mato do couto de Tomiño*» (ano 1289, HGP, nº 105)
- «*pe-lo muro da cortina da grangia do Mato*» (ano 1293, OSR2, nº 1232)
- «*et en Ansaar et en a villa do Mato*» (ano 1285, OSR2, nº 1175)
- «*Pero Garcia de Casar de Mato*» (ano 1300, OSR2, nº 1298)

- «ao **cassal do Mato**» (ano 1318, MdR, AHN Clero, Cpta. 1491, nº 19)
 «toda a villa et herdadura do **casal do Mato**, con casas, casaes, chantados, pertenças et suas dereyturas» (ano 1337, FDU, nº 165)
 «Teença do Outeyro de **Mato Mao**» (ano 1352, TzS, fol aV)
 «ena **grania do Mato**, que he em terra d'Orzelón» (ano 1365, VFD1, nº 58)
 «frey Pedro, morador ena dita **grania do Mato**» (ano 1365, VFD1, nº 58)
 «lugar de **Millán do Mato**, su signo de San Nicolao de Millán» (ano 1434, RdS, nº 160)
 «Iohannis de **Casar de Mato**» (ano 1256, OSR1, nº 759)

149.4. Matoso

O derivado por medio do sufixo **-OSU**, *matoso*, atopámolo en forma diminutiva plural en

Matusiños, EdP na Merca

É común o pechamento *o > u* da pretónica por efecto do *i* tónico.

Non puidemos localizar na actualidade unha **Pena de Matoso** que aparece na documentación medieval no concello da Teixeira: «et deinde ad ponticela et deinde **ad pena de matoso**» (ano 1127, BCM, T1, p. 393).

O NG recolle a correspondente forma feminina **Matosa** na Laracha.

No DCP figuran 1 **Matosa**, 1 **Matoso**, 1 **Matosos**, 4 **Matosinhos**.

149.5. Outros derivados

Máis problemáticos resultan os posibles derivados deste tema mediante os sufíxos de orixe prerromana *-aca*, *-aco*, *-oca*, *-oco* < *-ACCA, *-ACCO, *-ÓCCA, *-ÓCCO (cf. *Foxaco*, *Batoco*), sufíxos para os que se acham «seguros antecedentes célticos», segundo Corominas (DCECH, III, 390, in *buraco*, s.v. *horadar*). Son os seguintes:

O Matraco, PnH en Verín (M303-3)

Os Matuquiños, PnH en Lobios (M301-3, M301-4)

A Mataca, PnH en Lalín (M153-4)

O primeiro cun *r* adventicio, posiblemente por interferencia do substantivo común *matraca*.

O NG recolle **A Matoca** no concello de Vigo. Rivas explica esta e outras formas semellantes (*metoca*, *metoco*, *metouca*) que designan prominencias no terreo, botánicas ou orográficas, vinculándoas cos derivados de MATTA e tamén cos do lat. MĒTA (> *meda*), pois considera que entre uns e outros se produciu un «encontro de termos» e que posiblemente remontan a unha orixe remota común (Rivas, 1994, 9, 10).

O NG recolle en Laxe un lugar chamado *Matío*, derivado en *-ío* deste mesmo tema (cf. *Plantío*, *Poulío*).

150. *mazá*

Mazá é a forma común no territorio estudiado para designar o froito de diversas variedades da *Malus domestica* (VCN, 134). No suroeste da provincia de Ourense presenta a variante *mazán*, coma no galego occidental. Correspón dese co cast. *manzana*, port. *maçã*, e procede do lat. vg. MATIANA ou MATTIANA, voz derivada do nome dun personaxe romano MATIUS, difusor desta árbore froiteira, segundo Plinio. A presenza deste tema na nosa toponimia xa foi estudada por diferentes autores (Aebischer, Alvar, Rohlfs, etc. Vid. Rivas, 1982, 175).

No DCP figuran 5 *Maçás* e 1 *Maçainhas*. Na toponimia maior de Galicia non existen topónimos equivalentes e só atopamos formas derivadas. Cómpre advertir que, de existiren, en case todo o territorio estudiado confluirían na mesma forma o simple *Mazás* (< MATTIANAS) e o derivado *Mazás*, plural de *Mazal*, port. *Maçal* (< MATTIANALE).

150.1. *Mazaira / maceira*

O nome común da árbore en galego corresponde ós diferentes resultados de MATTIANARIA, que rexistramos escrito *mazanaria* na documentación máis antiga do territorio estudiado:

- «contra casa Felicia et de illas **mazanarias**» (ano 961, CLN, nº 380)
- «vinea integra et **mazanaria** cum suo terreno» (ano 961, CLN, nº 374)
- «ipsum pummarem cum suo terreno et suas **mazanarias**» (ano 961, CLN, nº 393)
- «et X **mazanarias** inter vestros pomares que iam vobis comparatos habetis» (ano 962, CLN, nº 396)
- «et duas **mazanarias** et media in ipso pumare» (ano 964, CLN, nº 405)
- «arbores, castaniares, **mazanares**, zeresales, perales, figares, ameisenares» (ano 995, CLN, nº 343)
- «vendo ibidem vineam, terram et arbores, **mazanarias** IIIor et una casa» (ano 1001, CLN, nº 192)
- «mea larea cum VI **mazanarias** integras et una peraria integra, et una cersaria media» (ano 1009, CLN, nº 196)
- «vineas multas et bonas, et arbores, **mazanarias**, figares et perares» (ano 1010, CLN, nº 180)
- «per illa rama de illa mazanaria que stat in comedio inter vos et nos» (ano 1016, CLN, nº 313)
- «ipso pumare quomodo est concluso de IIIor **mazanarias**» (ano 1016, CLN, nº 341)
- «ipso casare et duas **mazanarias** et una figare ab integro» (ano 1027, CLN, nº 85)
- «et de ipsas **mazanarias** qui stant in vestro casale» (ano 1075, CLN, nº 348)

Na maior parte da provincia de Ourense, agás a área occidental, o resultado é *mazaira*, igual que sucede con *abelaira*, *pradairo* e outras voces procedentes de étimos en A-N-ARIA, A-N-ARIU (vid. Apéndice, mapa 12). Na toponimia predomina a forma feminina, mais tamén hai exemplos do masculino correspondente (*mazairo*). Recollémolos nos seguintes topónimos:

- Mazaira*, EdP e parr. (*Santa María*) en Castro Caldelas
- Mazaira*, EdP en Montederramo
- Mazaira*, EdP en Carballedo
- A Mazaira*, PnH en Verín (M303-1)
- A Mazaira*, PnH na Mezquita (M304-1)
- A Mazaira*, PnH en Lobios (M301-3)
- A Mazaira*, PnH na Gudiña (M266-3)
- A Mazaira*, PnH en Xinzo de Limia, Os Blancos e Porqueira (M302-1)
- A Mazaira*, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
- A Mazaira*, PnH en Baltar (M302-1)
- A Mazaira*, PnH en Calvos de Randín (M301-4)
- Mazaira Brava*, PnH en Xinzo de Limia (M264-4)
- A Poula da Mazaira*, PnH na Mezquita (M304-1)
- Val da Mazaira*, PnH en Vilariño de Conso (M227-4)
- As Mazairas*, PnH na Pobra de Trives (M227-2)
- As Mazairas*, PnH en Trasmiras (M302-2)
- Corga da Mazaira*, PnH en Muíños (M301-4)
- A Fraga da Mazaira*, PnH en Vilardevós (M303-4)
- A Lama da Mazaira*, PnH en Monterrei (M302-2)
- A Lama da Mazaira*, PnH en Porqueira e Calvos de Randín (M264-3)
- Lombo da Mazaira*, PnH en Castrelo do Val (M265-4)
- Penedo da Mazaira*, PnH en Muíños (M301-4)
- Regato da Mazaira*, CdA en Castrelo do Val (M265-4)
- Regato da Mazaira*, CdA en Calvos de Randín (M301-4)
- Val da Mazaira*, PnH en Trasmiras e Cualedro (M264-4)
- Val da Mazaira*, PnH en Vilariño de Conso (M227-4)
- Valmazaira*, PnH en Monforte (M189-1)
- Mazairo*, PnH en Celanova (M263-2)
- O Mazairo*, PnH en Verín (M303-1)
- O Mazairo*, PnH en Xunqueira de Ambía e Baños de Molgas (M226-3)
- O Mazairo*, PnH en Oímbra (M303-3)
- A Mazairiña*, PnH en Rairiz de Veiga (M264-1)

Neste último conviven na fala as formas *Mazairiña/Maceiriña*, pois polo regular o ditongo tende a realizarse como *ei* en sílaba átona mesmo en área de *mazaira*:

- A Maceiriña* PnH en Castro Caldelas (M189-3)
- Maceiroás*, PnH en Sober (M188-4)
- Maceirós*, PnH en Verea (M263-1)

As dúas últimas procedentes dun diminutivo en -ÓLAS, con dous resultados diverxentes do galego común (*maceiroas*). O primeiro (*Maceiroás*) coincide co

resultado maioritario na toponimia de Ourense e boa parte de Lugo para este sufixo, isto é, presenta desprazamento progresivo do acento (*-óa* > *-oá*). Na segunda forma (*Maceirós*), o sufixo *-óLA* resólvese nun *o* aberto (*-óa* > *-ó*), conforme o resultado dialectal característico da área suroccidental da provincia (cf. o veciño *Porqueirós* < PORCARIÓLAS), que é tamén o resultado do galego suroccidental e do portugués.

Presentan o resultado común *-eira* as formas localizadas no occidente do territorio estudiado:

Maceira, EdP en Ramirás.

Porta Maceiras, PnH en Carballeda de Avia (M224-2).

A primeira convive na fala local coa variante en *-aira*. O primeiro elemento de *Porta Maceiras* é probablemente un masculino *porto*, aglutinado co *a* da preposición (PORTU AD MATTIANARIAS).

Os lugares denominados *Mazaira* que figuran no NG atópanse nas provincias de Ourense e Lugo. Nesta temos 3 *Mazaira* en Bóveda, Carballedo e Navia de Suarna.

O NG recolle 6 *Maceira* en Covelo (parr.), Lalín (parr. e lug.), Monfero, Salceda de Caselas e Vilarmaior; 5 *Maceiras* en Carnota, Dozón (*As Maceiras*, parr. e lug.), As Neves, Salvaterra e Vilagarcía. 2 *Ponte Maceira* en Ames e Negreira *Lombo da Maceira* en Barro, *Vilar da Maceira* en Sobrado

No DCP hai 1 *Maçaira*, 11 *Maceira*, 2 *Maceirinha* e 1 *Maceiras Muitas*, ademais das formas Macieira e semellantes (vid. infra).

O lugar de *Mazaira*, en Montederramo, atopámolo nos documentos antigos: «territorio Ramo, predicto loco ubi dicunt Vistremiri et Latre de illo circa villa que vocitant *Mazanaria*» (ano 922, CLN, nº 173); «Pedro *Mazaayra*, ts., monges de Monte de Ramo» (ano 1261, VFD1, nº 10); «moradores en *Maçāyra*» (ano 1340, MdR, AHN Clero, Cpta. 1494, nº 1); «Gomes de *Maçayra*» (ano 1450, MdR, AHN Clero, Cpta. 1502, nº 12); «Dieg'Ares de *Maçaira*» (ano 1465, VFD1, nº 85), etc. Algunxs deles poden referirse á parroquia de Mazaira, en Castro Caldelas: «*Mazeanarium et Sanctum Fitorium*» (ano 1144, MdR, AHN Clero, Cpta. 1481, nº 7).

O topónimo menor *A Mazaira*, en Verín, rexistrámolo en doc. do séc. XIV: «termjo de Cabreyroaa, u chaman a *Maçayra*» (ano 1312, MdR, AHN Clero, Cpta. 1490, nº 7).

A parroquia de *Maceira* de Lalín aparece en docs. dos séculos XIII e XIV: «domnus Egas abbas *Macenarie*» (ano 1243, OSR1, nº 520); «domno E. quondam abate de *Macenaria*» (ano 1244, OSR1, nº 541); «en essa egleia de San Martiño que he en essa villa de *Maceeyra* (...) ena uylla de *Maçeyra* en Deça» (ano 1333, HGP, nº 131), etc.

As Maceiras de Dozón rexistrámolas nun «Johanne Anes das *Maceyras*» (ano 1348, HGP, nº 72).

Maceira en Covelo: «en Deua de Susán e en Gundían e en *Maceira*» (ano 1331, VFD1, nº 51); «e en *Maceyra* e en Pereiras e en Torcelos» (ano 1331, VFD1, nº 52).

No NG atopamos tamén un ***Mazarelas*** en Oza dos Ríos e dous ***Mazarelos*** no Saviñao e en Silleda. Con estas podemos relacionar a coñecida ***Porta de Mazarelos*** de Compostela, que na documentación antiga atopamos altermando como feminina ou masculina (*Maçarelas / Maçarelos*). Algunhas das formas con que aparecen estes topónimos na documentación antiga poden permitir interpretalos como formas diminutivas en **–ELLA**, **–ELLU** de MATTIANARIA:

«*Fernan Lourenço de Maçarellas*» (ano 1332, FDU, nº 128); «*Sancha Peres, dita Ordeyra, morador en Maçaerellas*» (ano 1347, FDU, nº 202); «*ēna rrúa de Maçerellas*» (ano 1352, TzS, fol 39 r); «*Eu Gonçaluo García de Maçarelas*» (ano 1436, FDU, nº 303, 306); «*ēna rrúa Vella de Maçarellas*» (ano 1352, TzS, fol 61 v), etc.

A grafía *maçaerellas* fai pensar nun derivado de *mazá* e non no común *mazarelo*, derivado de *mazo* «mazo del almirez» (DEGC, II, 603).

Unha terceira variante ***maciñeira*** (DEGC, II, 559) debemos interpretala como resultado dun antigo ***macieira*** onde a resonancia nasal consecuente do **–N–** intervocálico perdido se resolveu nunha consoante nasal palatal. Esta forma dá nome a entidades de poboación chamadas ***Maciñeira*** nos concellos de Alfoz, Muras, Neda, Ortigueira, Ourol, As Pontes (2 lugares) e Vilalba; e na forma plural ***Maciñeiras*** en Ortigueira e A Pastoriza. Todas elas localizadas nunha zona coincidente aproximadamente coa chamada Área Mindoniense. Doutras variantes como ***mazaeira***, ***mazanceira***, ***maciñeiro*** (DEGC, II, 559, 603) non atopamos presenza na toponimia maior recollida nos nomenclátores.

Unha forma equivalente pero sen desenvolvemento de consoante nasal palatal ten presenza na toponimia portuguesa en 28 localidades chamadas ***Macieira***, ademais de 1 ***Macieirinha***, 1 ***Macieiro*** e 1 ***Macieiros***.

150.2. Maceda

Os derivados colectivos cos sufíxos **–ETA**, **–ETU** presentan diversos resultados, paralelos dos que vimos para **ABELLANÉTA**, **ABELLANÉTU** (vid. 001) e outros temas léxicos que conteñen na última sílaba do lexema un **–N–** intervocálico. No territorio estudiado recollemos exemplos de ***Maceda***, ***Macedo*** (con **/é/** en áreas de *mazaira*, con **/é/** en áreas de *maceira*) e da variante con ***n*** (***Macendo***):

Maceda, lugar, parroquia e concello

Maceda, PnH en Castrelo do Val e Monterrei (M303-1)

Macedo, PnH en Sober (M188-2)

Río de Maceda, CdA en Baños de Molgas e Maceda (M226-2, M226-4)

As Chairas de Maceda, PnH en Chandrexas, Manzaneda e P. de Trives (M227-2).

Macendo (*Santa María*), parr. de Castrelo de Miño

O topónimo ***As Chairas de Maceda*** fai referencia á antiga ***Maceda de Trives***, hoxe ***Manzaneda***. O topónimo actual ***Manzaneda*** constitúe un caso particular da toponimia maior do territorio estudiado. Trátase dunha forma castelanizada, co ***n*** adventicio da primeira sílaba, característico da forma castelá

manzana, e mais a conservación do *-n-* intervocálico ante o sufixo. Temos esta forma en:

Manzaneda, nome de concello, lugar e dúas parroquias
A Cabeza de Manzaneda, PnH entre Manzaneda e A Pobra de Trives (M227-2)

Cabeza de Manzaneda é a denominación que substituíu a tradicional (conservada na fala da zona) **A Cabeza Grande**, coñecida tamén como **A Cabeza Grande da Serra ou Cabeza Grande de Manzaneda** (M227-2)

O castelanismo *Manzaneda* só se consolidou a partir do século XVIII, favorecido probablemente polo desexo de diferenciar os nomes das xurisdicións de *Maceda de Limia*, hoxe Maceda, e *Maceda de Trives* ou *de Tribes*, Manzaneda (Navaza, 1995).

Atopámola coas seguintes formas: «**Mazaneta**» (ano 959, CLN, nº 566); «*Pedro Perez de Maçaneda*» (ano 1257, MdR, AHN Clero, Cpta. 1484, nº6, ano 1257); «*notarius publicus de Mazaneda*» (ano 1273, MdR, ACO Perg. Monac. nº 1099); «*in Sortes, sub signo de Santa María de cesuras (...) concelo de Mazaneda*» (ano 1274, MdR, ACO Perg. Monac. nº 1157); «*su signo de San Martiño de Maçeeda*» (ano 1309, VFD1, nº 44); «*Sseoane de Maçeda de Triues*» (ano 1350, MdR, AHN Clero, Cpta. 1495, nº 3). Figura como **Maceda de Tribes** no mapa polícromo de 1598 (“Descripción del Reyno de Galizia”) de F. Fer Ojea. Aparece como **Manzaneda** no mapa de Domingo Fontán (1845).

De **Maceda** (antigo **Maceda de Limia**) posuímos documentación en que aparece con formas idénticas ó anterior: «*exceptis cautis de Maceeda et de Bustavali*» (ano 1233, RdS, nº 34); «*morador en Maçeda de Lymja*» (ano 1248, MdR, AHN Clero, Cpta. 1494, nº 18, ano 1348); «*concello e juiz e alcaydes de Maçaeda*» (ano 1279, VFD1, nº 25); «*a Juan Pato e Vertolameu Pato e a Gonçalo Pateiro, veziños de terra de Maçenda*» (ano 1520, VFD1, nº 124); «*Johán Nunez de Mazaeda*» (ano 1305, VFD1, nº 43); «*Tereija de Maçenda muller que foy de Goncaluo de Maçenda*» (ano 1454, RBV, nº 16), «*Macenda de Limia*» (ano 1487, BCMO, T5, p. 357), etc.

Macendo atopámolo ás veces como **Macendo de Montes**, que alude á adscrición ó antigo arciprestado ourensán de *Montes*. Pola documentación sabemos que antes recibía o nome de **Datio**: «*hereditates de mellarios de Mazaneto que sunt de monasterio de Cellenove*» (ano 1033, CLN, nº 137); «*et alia Mazeneto in ripa Mineo*» (ano 1037, CLN, nº 469); «*Mazeneto in ripa Minei*» (ano 1037, CLN, nº 262); «*villas que iacent in Mazaneto non procul fluvio Mineo*» (ano 1085, CLN, nº 110); «*quam abeo in villa Mazanedo antiquitus vocata Datio*» (ano 1131, CLN, nº 109); «*quod iacet sub carreira que vadit ad Mazaedum*» (ano 1220, OSR1, nº 198); «*lohanus subdiaconus de Mazaedo ts.*» (ano 1220, OSR1, nº 206); «*duas leyras in loco qui vocatur Mazanedo*» (ano 1241, OSR1, nº 485); «*et aliud est in Mazeedo*» (ano 1272, OSR2, nº 1017); «*per ad Mazaendo super caminum*» (ano 1274, OSR2, nº 1060); «*e outro en Vilela que iaz ena freeguesía de Maçeendo*» (ano 1302, VFD1, nº 39); «*do camyno que uay de Maceedo para o porto Aoleyros*» (ano 1314, HGP, nº 65); «*Scta Maria de Macendo de Montes*» (ano 1487, BCMO, T 5, p. 357), etc.

O NG recolle 7 ***Maceda*** en Castroverde, O Corgo (parr. e lugar), Melide (parr. e lugar), Outeiro de Rei e Palas de Rei (parr. e lugar); 2 ***Macedo*** en Friol e Ourol e 1 ***Macedos*** en Rois.

No DCP figuran 1 ***Maceda***, 4 ***Macedo***, 1 ***Macedinho***, 2 ***Macida***, 1 ***Macido***.

O resultado con dúas vogais en hiato (cf. *Abelaeda*, *Abelaído*) está presente en 2 ***Mazaído*** (en Ares e A Coruña) e 1 ***Mazaeda*** (A Fonsagrada). O resultado con consoante nasal ***Macenda*** dá nome a unha parroquia en Boiro e un lugar en Abegondo.

En ***Lamaceda***, en Viveiro, que aparentemente se descompón en “*lama aceda*”, poderíamos estar ante o resultado dunha haplologoxía a partir de *Lama-Maceda*, pero só a documentación antiga podería confirmalo. Con todo, dado que existen ***Lamacido*** (Ortigueira) e ***Lamacide*** (Abadín), podería tratarse dun derivado de *lama* (cf. *lamazal*) e o suf. **–ETO**, **–ETA** (aínda que *Lamacido* e *Lamacide* tamén poderían interpretarse como compostos de *lama* e un segundo elemento antropónimico). Vid tamén supra 133.

150.3. Outros derivados

Non recollemos no territorio estudiado nin no NG ningún topónimo correspondente ó derivado **MATTIANALE**, presente no DCP en 2 ***Maçal***.

Exemplos con dupla derivación cos sufixos correspondentes a **–ARIA** e **–ALE** e **–ARIA** e **–ĒTU**, respectivamente, son ***Maceiral*** e ***Maceiredo***, en Marín (Rivas, 1982, p. 174). Este último atopámolo como apelido toponímico nun «*Johan de Maçeyredo, mercader*» (ano 1506, FDU, nº 386).

E. Rivas (1982, p. 175) explica ***Macenlle***, EdP de Marín, como proveniente de ***MATIANÍCÜLA**. Resulta insólito un derivado con ese diminutivo a partir do nome da froita, polo que talvez debamos inclinarnos por unha hipótese antropónimica.

151. *mazaroca*

Os topónimos que conteñen a voz *mazaroca* non son propriamente fitónimos aínda que *mazaroca* sexa unha das denominacións da espiga de millo. Este, como sucede no cast. *mazorca* e o port. *maçaroca*, é un significado secundario, pois o principal é o de «husada, porción de lino, lana o estopa que se pone en el huso» (DEGC, II, 603), que é tamén o do ast. *mazorga* (Sánchez Vicente, 260). A partir dunha semellanza formal pasou a designar a espiga dunha especie de procedencia foránea. Son voces de orixe controvertida (DCECH, III, 901). Os topónimos en que está presente esta forma deben ser propriamente metáforas oronímicas, e nos máis dos casos aluden a pedras que teñen forma parecida a unha mazaroca de fier:

As Mazarocas, PnH en Sober (M188-1)
Peneda das Mazarocas, PnH nos Blancos (M302-1)

152. mes

No galego actual non parece conservar vixencia o substantivo correspondente ó latín MĒSSE (*mēssis, -is* ‘colleita de cereais’, ‘sega, seitura’, emparentado co verbo *mēto* ‘segar, colleitar’). En castelán, ademais do substantivo *mies*, existen ou existiron os derivados *mesar* ‘segar’, *meseguero* ‘el que guarda las mieles’, *mesadura*, *remesar*, etc. Outras linguas románicas conservan derivados de MĒSSE para referirse á sega (fr. *moisson*, sardo *messare* ‘segar’, etc.) e no galego e o portugués antigos existiu tamén o verbo *messar* (Corominas DCECH, IV, 73-74, sv. *mies*). En asturiano existen *mesories* o *mesorías* (nome de certo instrumento «para coyer o cocher el pan o trigo»); *esmesar* («entresacar la hierba de la tenada o el balagar») e *remesar* («arrancar a mano la hierba menuda que crece entre las plantas»), etc. (Sánchez Vicente, 194). García Arias dá como derivados de MĒSSE os topónimos asturianos *Misiegos* (Lena), *Misieu* (Villaviciosa), *Misiego* (Mieres), en que aparece un derivado por medio do sufijo prelatino -AECU (García Arias, 170).

152.1. Mesego

As formas correspondentes ós *Misiego* asturianos mencionados son :

Mesego, parroquia e lugar do concello do Carballiño

Mesego do Cabo, lugar da mesma parroquia

O NG recolle outro *Mesego* en Cuntis.

O top. *Mesego* do Carballiño atopámolo na documentación medieval: «*Pedro Ceveyra de Mesego*» (ano 1274, OSR2, nº 1077); «*hereditatem meam de Mesego*» (séc. XIII, OSR2, nº 1292); «*Afonso Rodrigues de Mesego*» (ano 1299, OSR2, nº 1282).

Tamén o *Mesego* de Cuntis: «*hūa orta ēnas Ortas da Trijndade, parte cō outra orta que he da Teença de Mesego*» (ano 1352, TzS, fol 19r; «*da teēça de Mesego*» (ano 1352, TzS, fol 30v); «*Teença de Mesego*» (ano 1352, TzS, fol aR), etc.

Outro derivado é un topónimo hoxe perdido que aparece na documentación de Celanova como *Mesegueiros* ou *Mesegaos* (*Meseganos*, *Mesegarios*): «*En et Gorgula, id est villare qui dicunt Avessos, alio villare que vocitant Cova de Vero, tercio villare que nuncupant Portellina, quarto villare que dicunt Meseganos*» (ano 940, CLN, nº 456); «*in monte que vocitant Leporario, locum predictum in curros, qui vocitant Mesegarios*» (ano 941, CLN, nº 476). Podería ser un xentilicio plural derivado dun

topónimo *Mesego*.

Un derivado co sufijo correspondente a -OSU é o topónimo portugués *Maçagoso*, recollido no DCP.

152.2. Remesal

Consideramos aquí con moita cautela algúns topónimos que poderían ter orixe non fitonímica, senón antropónímica. A. Palacio explica un *Remesar* de Pantón como proveniente do xenitivo do antropónimo xermánico REMESARIUS (Palacio, 1981, p. 849) e supón a mesma orixe para outros 5 *Remesal* ou *Remesar* que recolle o NG (4 *Remesar* en Bóveda –parr. e lugar–, Rodeiro e A Estrada –parroquia–; 2 *Remesal* en Tui e Cedeira). Pero a presenza de formas toponímicas precedidas de artigo, de formas plurais e mais doutros topónimos co mesmo radical e o sufijo –edo (cf. *Romesedo*, no NG en Palas de Rei, equivalente a un *Remesedo* de Pantón que Palacio emparenta coa mesma raíz antropónímica) inclínannos a interpretalo coma un substantivo común. As formas que recollemos son as seguintes:

Remesais, PnH en Manzaneda (M227-2)

O Remesal, PnH en Nogueira de Ramuín (M188-3)

Deben ter a mesma orixe os 2 *Romezal* portugueses que recolle o DCP. Podemos supoñer que teñen algunha relación con MĒSSE ou con algún dos seus derivados, ainda que a sibilante sonora dos topónimos portugueses contradí esta hipótese.

Tamén poderían ter relación con este tema léxico topónimos como *Mesoiro* (A Coruña), *Mezoiras* (Guitiriz) e outros semellantes (por exemplo, *O Mesadoiro*, no concello da Estrada), todos eles cun sufijo procedente de –ORIU, –ORIA, que adoita designar lugares onde se desenvolven certas actividades humanas.

153. mexacán

Mexacán é forma composta do verbo *mexar* (< lat. vg. MEJARE, clás. MINGERE) e o substantivo *can*. Coméntao Sarmiento como «nombre común en Galicia, que se da a todo género de plantas enredaderas, que echan uvas malas, y así llaman también *ubas do can*» (*Vegetables*, 908, pp. 150-151). No *Catálogo de voces y frases gallegas* parece identificala cunha planta concreta, «de granos colorados como la madreselva» (160 v, p. 372). Na *Viaxe a Galicia de 1745* (95 r), referíndose á planta denominada *calzamo*, *calcemo*, *cazamélo* e *calsamelo*, di que é chamada «en algunas partes mexacán porque a ella se van a ensuciar los

perros», pero que «en Pontevedra llaman *mexacanes* a otra planta distinta que nace en las bardas, y se enreda como la *madreselva*, y da unos racimos de uvas muy encarnadas, que huelen mal».

O P. Sobreira define o *mexacán* como «nombre común a las cicutas y prixeles o perexiles bravos de tierra seca» e dá a mesma explicación de Sarmiento: «porque contra ellos con especialidad orinan los perros» (Sobreira, *Botánica*, 257; Pensado, *Opiúsculos*, 132-133). Eladio Rodríguez defineo como «amargón, diente de león, planta de raíz vivaz perteneciente a las chicoriáceas, familia de las compuestas» (DEGC II, 622). Xosé Ramón García (1991, pp. 59 e 150) asigna o nome de *mexacán* a dúas plantas distintas: á *Solanum dulcamara*, tamén denominada *escornacabras* en galego e *vid silvestre* en castelán, da familia das solanáceas (a identificada por Sarmiento con *mexacán* no *Catálogo de vegetables*), e o *Taraxacum officinale*, tamén denominada *leitaruga* (en castelán *achicoria amarga* e *amargón*), da familia das compostas (X. R. García, 1991, p. 150). O VCN tamén asigna o nome de *mexacán* ó *Taraxacum officinale* (VCN, 135).

Temos este fitónimo nos seguintes topónimos:

Poula do Mexacán PnH na Gudiña (M266-3)

Mexacais, PnH na Mezquita (M304-2)

No segundo, co resultado *-ANES* > *-ais* característico do galego do bloque oriental.

Tamén se localiza no territorio estudiado un derivado deste fitónimo por medio do sufixo *-eiro* (neste caso coa variante dialectal *-airo* < *-aeiro* < *-ANARIO*): ***Mexacairos***, PnH en San Xoán de Moreiras, no concello do Pereiro de Aguiar (Ramón e Fernández-Oxea, 1982, 190).

154. *mezquita*

Mezquita ou *mesquita*, ademais de “oratorio musulmán” designa en galego a planta *Ruscus aculeatus* (vid. *brusco* 046, *xardón* 233), tamén chamada *xilbarbeira*, *xilbarda*, *rascacíu*, *azoutacristos* e *silarda* (VCN, 147), port. *gilbarbeira*. Esta *mezquita* botánica é recollida por Sarmiento: «En la Puebla del Deán llaman los labradores al brusco *mezquita*, como llaman hacia Sotelo de Montes» (*Vegetables*, 1044), «*Mezquita. Mesquita. Metquita* (latín bárbaro). *Xilarda. Xil-* o *Gilbardeyra. Picantel* en el Bierzo» (*Vegetables*, 104-111). «*Mezquita*. Llaman así en Montes al brusco y también *xenxibarbeyra* por *xilbardeyra*» (*Vegetables*, 217). «*Mezquita*. El brusco. Llaman en la Granja de

Montes Viñas de la Mezquita, pero no llaman *mezquita* a la planta sino *picantel*» (*Vegetables*, 370); «*Mezquita*. Brusco» (*Vegetables*, 458). Non sabemos se a orixe do fitónimo é a mesma ou diferente da de *mezquita* ‘oratorio musulmán’. Os topónimos en que aparece esta forma son:

- A Mezquita*, EdP, parr (*Santa María*) e concello do mesmo nome
- A Mezquita* (*San Pedro*), parroquia na Merca
- San Vitoiro da Mezquita*, parroquia en Allariz
- A Mesquita*, PnH en Sober (M188-2)

O último, lugar despoboad, parece esixir mellor unha orixe fitonímica. Para os outros cre Corominas que «aunque desde luego no suponen la existencia de mezquitas en esta zona en época alguna, aludirán seguramente a pobladores de procedencia no católica o por lo menos lejana (aunque no moros y quizá ni siquiera mozárabes), pero no creo que se refieran a la abundancia de esta planta» (DCECH, IV, 64).

Para o filólogo catalán, *mezquita* como nome da planta procede de *mezquita* ‘oratorio musulmán’: «el sinónimo *jovis barba* ‘barba de Júpiter’ (de donde el fr. *joubarbe* y el nombre *gilbarbeira* que tiene esta planta desde Pontevedra hasta Portugal y Canarias [...]) indican que el brusco, por su relativa rareza y su fuerte valor ornamental, tiene tendencia a llevar nombres cultistas y alusivos a cosas lejanas como lo musulmán y lo pagano» (DCECH, IV, 65).

Corominas dá como primeira datación peninsular de *mezquita* ‘oratorio musulmán’ en territorio romance un documento de finais do século XI, e sinala o século XII como a data da expansión do termo «en documentos latinos de tierras de hispanohablantes» (ibid., 63). Con todo, coñece que «un lugar llamado *Sancto Petro de Mezquita* aparece una vez en doc. de 986 transcrita en el Tumbo de Celanova (Galicia). Pero no siendo escritura original es dudoso a qué fecha corresponde en realidad, pues hay razón de sobra para sospechar una interpolación posterior, en este dato cronológicamente aislado» (ibid., 65).

Aínda admitindo como falsa ou interpolada a referencia máis antiga do topónimo (que corresponde á parroquia da Mezquita, no concello da Merca, relativamente próxima ó mosteiro de Celanova), non podemos consideralo un dato cronoxicamente illado:

- «*villam quam vocitant Villare subtus sancto Petro de Mezquita*» (ano 989, CLN, nº 68)
- «*subtus ecclesie vocabulo Sancto Petro de Mezquita*» (ano 1012, CLN, nº 548)
- «*in termino de Pasatane et sursum incinia per illa mezkita*» (ano 1031, CLN, nº 540)
- «*Et alia ibi que vocitant Sancto Petro de Mezquita*» (ano 1041, CLN, nº 458)
- «*villam meam propriam que fuit de avios meos nominata sancto Petro in Metquita*» (ano 1052, CLN, nº 67)

«item na friigesia de san pedro de mysquita» (ano 1355, OXV, p. 181)
 «ena filigresia de **San Pedro de Myzquita**» (ano 1423, VFD1, nº 71)

As atestacións da primeira metade do século XI obrigan a corrixir a data da expansión do termo *mezquita* ‘oratorio’ na península. Ese é o significado orixinario, e non o fitonímico, deste topónimo concreto (San Pedro da Mezquita, na Merca), pois a documentación permite sospeitar que se trata dunha denominación de orixe burlesca ou despectiva, alusiva, como sostén Corominas, a «pobladores de procedencia no católica o por lo menos lejana (aunque no moros y quizá ni siquiera mozárabes)», denominación que acabou por imponerse sobre unha denominación anterior *Ecclesiola*⁶.

O DCP recolle 7 *Mesquita*, ademais dunha parella *Mesquita Alta*, *Mesquita Baixa*, e 3 *Mesquitela*. Escúsase dicir que canto máis meridional é o topónimo, máis probable resulta o significado de ‘oratorio musulmán’.

155. *millo*

O nome común *millo*, do lat. MĪLĬU, denominaba a gramínea cultivada *Panicum miliaceum* ata que pasou a designar unha nova especie chegada de América, o *Zea mays*. Moralejo Lasso ocupouse deste tema e da súa presenza na toponimia (Moralejo 1969; TGL, pp. 147 e ss.). É denominado en castelán *mijo*, en tanto que no portugués se produciu o mesmo desprazamento ca no galego, pois o nome actual do *Panicum miliaceum* é *milho-alvo* ou *milho-miuído* («cultivado ainda no Norte do País, sobretudo no Minho; era êste o antigo *milho*, o saboroso “pão de passarino” de que se alimentavam os minhotos antes da introdução do

⁶ O lugar rexistrado en documentación anterior ó ano 1000 como «villam quam dicunt Ecclesiola» (ano 48, CLN, nº 48) é identificado “probablemente” por J. M. Andrade, editor do *Tombo de Celanova*, co lugar da Igrexa da actual parroquia de San Pedro da Mezquita (CLN, II, Índice toponímico, s.v. *Ecclesiola*, p. 813). Esa *villa*, xunto con outras posesións, pasou a depender de Celanova na segunda metade do século X co ingreso no mosteiro do antigo señor, Vistriario. Logo da morte do *frater Vistriario*, esas posesións son obxecto de litixio entre o mosteiro e a familia do defunto. O sobriño de Vistriario apela ó rei Afonso V para que resolva a disputa, pero o rei adia a sentenza indefinidamente e envía un seu *saión* para que tome posesión das propiedades obxecto de litixio en tanto non se chega a un acordo entre uns e outros. Non figura o substantivo *saión* nos dicionarios galegos; no da RAE, *sayón* é «En la Edad Media, ministro de justicia, que tenía por principal oficio hacer las citaciones y ejecutar los embargos», e ademais, «Verdugo que ejecutaba las penas a que eran condenados los reos» e «coloq. Hombre de aspecto feroz»: «*Et ille rex mandavit suo sagione Sarracino ut prendidisset ipsa hereditate et tenuisset eam sanam usque quando devenisset ad concilio et abuisserent unus cum aliis eritatem*» (ano 1012, CLN nº 548). É moi posible que a orixe foránea do novo posesor, e especialmente o seu nome, favorecesen a alteración humorística de *Ecclesiola* en *Mezquita*.

milho-maês ou milho-grosso» (Sampaio, *Flora*, p. 56). Na maioría case absoluta dos casos, os topónimos actuais que conteñen este tema léxico son anteriores á chegada da especie americana, polo que han de referirse forzosamente ó *Panicum miliaceum*, o *millo miúdo*. O emprego do mesmo nome para o millo miúdo e o millo americano débese a que antes da chegada deste último as *broas* se facían co primeiro: «hoy el mijo apenas se emplea más que para las aves, mientras que en la Edad Media proporcionaba la mayor parte de la harina de pan en las zonas rurales» (DCECH, IV, 75). Dada a súa serodia chegada, a enorme presenza que ten hoxe a especie procedente de América na paisaxe galega non se corresponde coa súa pegada toponímica, praticamente inexistente.

Explícase a conservación do *i* da vogal tónica (procedente dun *i* breve latino) por interferencia do numeral MÍLLE (probablemente por etimoloxía popular: cf. o nome do *centeo* e o numeral CÉNTUM).

A documentación medieval testemuña abundantemente o cultivo deste cereal e tamén a estreita relación entre *millo* e *paínzo* (vid. 169) e a frecuente identificación entre un e outro (Moralejo, TGL, 148):

«*ssemearō de millo* ena herdade que chamā d’Ontranbas Agoas» (ano 1287, HGP, nº 103)

«*in terrenum cultum exiente inde millio et panicio*» (ano 1230, OSR1, nº 322)

155.1. Millo

A forma simple atopámola nos seguintes topónimos:

O Millo, PnH en Manzaneda e Chandrexá (M227-4)

A Boca do Millo, PnH en Manzaneda e Chandrexá (M227-4)

O Grao de Millo, PnH en Viana do Bolo (M228-3)

Millo Miúdo, PnH en Xinzo de Limia (M264-4)

Picamillo, PnH en Monforte (M189-1)

Picamillo, PnH en Manzaneda (M227-2)

Os Millos, PnH en Cualedro (M302-2)

Penedo dos Millos, PnH en Cea e Carballedo (M154-4)

Veiga dos Millos, PnH en Baltar (M302-3)

O adjetivo do topónimo *Millo Miúdo* debe de ser posterior á chegada do *millo groso* ou *millo graúdo* de América; *O Grao de Millo* pode encerrar unha metáfora oronímica ou aludir a unha propiedade de pequeno tamaño; nos 2 *Picamillo* parece estar presente como primeiro elemento unha forma do verbo *picar* ('petear'). Non deixan de resultar curiosos os topónimos que presentan o plural *Millos*, pois non atopamos paralelo noutros formados con nomes de cereais.

155.2. Millal, millar

O derivado co sufijo correspondente a *-ALE* resólvese en *-ar* ou *-al*. No territorio estudiado recollemos os seguintes:

Os Millais, PnH en Hermisende (M304-2)

Regato dos Millais, PnH en Hermisende (M304-2)

Ponte Millares, PnH en Rairiz de Veiga (M264-3)

Millariños, PnH na Bola e Verea (M263-2)

Este último alterna na fala cunha variante *Villariños*, polo que temos que admitilo con cautela.

O NG recolle 5 *Millares* en Baleira, Folgoso do Courel, Touro (*Millares Grande*, *Millares Pequeno*) e Vilalba. No DCP hai 1 *Milhais*.

O *Millares* de Touro rexistrámolo documentado no século XIV: «*villa de Millares, na freguesia de san Viçenço de Vama*» (ano 1333, FDU, nº 137). Outro atopámolo como apelido en Ourense no século XV: «*juan dos millares*» (ano 1459, OXV, p. 217).

155.3. Milleiro, milleira

Temos un único exemplo de derivado co sufijo correspondente a *-ARIU*, *-ARIA* no topónimo:

A Milleira, PnH en Verín (M303-1)

Neste, coma noutros topónimos comentados aquí, non sempre é posible discernir se derivan do nome do cereal ou do numeral *MÍLLE*, dada a estreita relación entre ambos, o que explica tamén a conservación do *i* procedente do *ī* breve latino (DCECH, III, 75). Nótase ademais a existencia na lingua medieval dun substantivo *milleira* como medida para cereais, e especialmente de millo miúdo:

«*enno tallo do Esqueyro quatro millarias de millo*» (ano 1399, FDU, nº 258)

«*a marquada do Padron que tiran dela tres millarias*» (ano 1438, FDU, nº 313)

O NG recolle lugares denominados *Milleirós* en Carballedo (dun diminutivo *MILIARIÓLOS*), *Milleiro* en Ourol e 7 *Milleiros* en Boqueixón, Lalín, Lugo (onde hai tamén *A Tolda de Milleiros*), Monterroso (parr. e lug.) e Pol (parr.). Non podemos desbotar a posibilidade de que algún destes non sexa fitotopónimo e derive do lat. *MILLARIU*, derivado do numeral *MÍLLE*, *MÍLIA* / *MÍLLIA*, en referencia ós miliarios das vías de comunicación romanas.

Milleirós, parr. e lug. en Carballedo, atopámolo na documentación medieval:

«*et hereditate de Mileiroos et casale de Pereda*» (ano 1226, OSR1, nº 279)

«*in alio casali de Myleiroos sub parrochia sancti Iohannis*» (ano 1252, OSR1, nº 690)

«*in villa sancte Eugenie et in villa de Mileirous*» (ano 1255, OSR1, nº 752)

«*in na vila de Mileirous et in na de Sauriz, su sino de Seuani de Mileirous*» (ano 1274, OSR2, nº 1046)

«*in a vila de Mileirous et in na de Savariz*» (ano 1274, OSR2, nº 1046)

- «*Pedro Garcia de Mileirous*» (ano 1274, OSR2, nº 1046)
 «*Johan Ares de Milleyroos*» (ano 1330, FDU, nº 110)
 «*eu frey Iohan Peres de Mileyrôôs*» (ano 1362, FDU, nº 241)
 «*Pedro Lourenço prelato de Seuane de Mileirous*» (ano 1274, OSR2, nº 1046)

Millariñas, PnH en Quintela de Leirado e Verea, é un diminutivo de **Millara**, topónimo relativamente común na toponimia do territorio estudo (29 exemplos recollidos). Cremos que non ten relación con *millo*, o mesmo ca outras formas emparentadas como **Millarada**, **Millaradelo**, etc., que se refiren a demarcacións ou estremas entre propiedades (cf. *amillaramento* ‘parcelación do terreo’, ‘catastro da propiedade rústica’; cf. os correspondentes casteláns *millarada*, *amillarar*, *amillaramiento*: Corominas, DCECH, III, 75). **Millara** podería ser un derivado regresivo de (*a*)*millarar*, asimilado ó característico sufíxo átono de orixe prerromana. Moralejo (TGL, 152), segundo o diccionario portugués de Figueiredo, considera como pertencentes ó tema fitonímico de *millo*, cremos que erradamente, *Millarada* (port. *Milharada*) e outros topónimos emparentados. Na documentación medieval galega atopamos abundantes topónimos **Millara**, **Millarada** e semellantes.

155.4. Millaroso

Un probable derivado abundancial en –ōSU a partir do derivado en –ARIU é **Millarouso** EdP e parr. (*N^a S^a da Concepción*) no Barco de Valdeorras.

Presenta unha ditongación da vogal tónica do sufíxo debida se candra á analogía con outros topónimos veciños de orixe distinta, como *Couso*, *Chouso*, *Rechouso*, *Correchouso*, etc. (estes últimos procedentes do advx. CLAUSU).

155.5. Millarengo

Moralejo inclúe entre os derivados de *millo* co sufíxo prerromano –AECU / –AECA o asturiano **Millariega** (propiamente con dupla sufixación, posto que o interfixo –ar– corresponderá a –ALE ou –ARIU, –A, coma en *pumarega*, *nabarega*, etc.), mais remite os galegos **Millarenga** e semellantes ó sufíxo –INGU/–A, de orixe xermánica (TGL, 152) e indica que «no podemos afirmar su relación con el cereal que nos ocupa», malia recoñecer que Rodríguez González recolle *millarengo* coa acepción de ‘ave que se alimenta de millo’. Cremos que **Millarenga** é unha variante de **Millarega** cun –N– adventicio (cf. infra *Nabarega* / *Nabarenga*, en NABO, ou outras alternancias semellantes: *noitarega* / *noitarenga*). É posible que a alteración –ega > –enga sexa debida á analogía con outras voces que conteñen o mencionado sufíxo xermánico, algunas delas con moita presenza na toponimia, como *Reguengo*, *Reguenga*. Os topónimos que presentan este derivado limitanse no territorio estudo a

A Millarenga, PnH na Pobra de Trives (M227-2)
Regato de Mallarengos, CdA en Laza (M265-1),

este último cunha alteración vocálica na sílaba inicial, se cadra por interferencia de *mallada* ou do verbo *mallar*.

O NG recolle 2 *Millarengo* en Abegondo e Vilarmaior e 1 *Millarenga* en Camariñas.

155.6. Millaza, millariza

Como sucede con outros nomes de cereais, non ten presenza na toponimia o derivado co sufijo -ÉTU.

Carecemos de información que nos permita asegurar a pertenza a este tema dos PnH *Millazas* e *Millazas de Arriba*, en Verín (M303-2). O DCP recolle 1 topónimo semellante *Milhazes*.

Non recollemos exemplos de derivado por dupla sufixación en -ÍCÉA, coma nunha *Pedra da Millariza*, PnH do Ribeiro do Miño, que atopamos na documentación medieval: «*per agrum ecclesie de Prato et quomodo dividit per Petram de Milariza*» (ano 1257, OSR2, nº 789).

No DCP figuran 1 *Milhariça*, 1 *Milhariças*, 1 *Milheiriças*.

155b. molar

Molar é adxectivo derivado en -ALE do adx. latino MÖLLIS ‘flexible, mol, brando, suave’. Aplícase a diferentes especies vexetais para designar variedades menos leñosas ou más brandas, como *pexego molar* (Sarmiento, *Catálogo*, 93 r), *xesta molar* (id., 132 r), *toxo molar* (id., 210 r), *molariñas* ‘variedade de cereixas’ (CEGC, II, 639), etc. Na documentación antiga atopamos «*Et foron ao castineyro molar que chaman do Carualal*» (ano 1315, FDU, nº 31). Os topónimos en que está presente este adxectivo ou formas emparentadas han de referirse seguramente á flora. É posible que nos máis dos casos aluda a especies aproveitables para formar *molime* (< MOLLÍMINE) para estrar nos camiños ou nas cortes. Temos os seguintes:

- A Molar*, Edp(n) en Lobeira (M301-1)
- Moleiras*, PnH en Bande (M301-2)
- A Chan do Moleirón*, PnH en Entrimo (M301-1)
- Molelos*, PnH en Monterrei (M302-4)
- A Moleriña*, PnH en Verín (3031)

Toxo Molar, PnH en Baltar (M302-2)

Regueiro de Mulariño, CdA no Barco de Valdeorras (M190-4)

Molar corresponde a MÖLLALE, segundo a regra disimilatoria que fai que cando o radical ten L apareza R no sufixo e viceversa. **Moleiras** corresponde a MÖLLARIAS. *Moleirón* presenta dupla sufixación en -ARIU e mais en -ÖLU ou -ÖNE. **Molelos** é un diminutivo MÖLLËLLOS. Cremos que **Mulariño** e **Moleriña** son propiamente **Molariño** e **Molariña**, diminutivos de **molar**.

Outro adjetivo da mesma raíz está presente en *Baños de Molgas*, que aparece na documentación antiga como *Amolicas*, *Amolgas* (< AD MÖLLICAS); ten valor hidronímico, co adjetivo aplicado a AQUAS (Rivas, 1985, 484).

O NG recolle lugares chamados **Moláns** en Vigo e 7 **Moledo** nos concellos da Cañiza (3 tops., *Moledo*, *Moledo de Pereiras*, *Moledo de Sobradelo*), Marín, Outes, Ponteareas e Vigo. No DCP contamos 1 **Moläes**, 1 **Molares**, 1 **Molaredo**, 1 **Molarido**, 7 **Moledo**, 2 **Moleiros**, 1 **Molelo**, 1 **Molelos**, 1 **Molelinhos**.

156. *mora, amora*

Os dicionarios recollen un substantivo común *amoreira* ou *moreira* como «morera, moral, árboles de la familia de las moráceas cuyo fruto es la mora o AMORA» (DEGC, I, 155; II, 646). As denominacións do cast. *morera* e *moral* corresponden ás especies *Morus alba* e *Morus nigra*, respectivamente, en galego *moreira branca* e *moreira negra* (VCN, 136). Ámbalas dúas especies, de orixe persa, cultívanse en Occidente desde o tempo dos romanos; a primeira delas é pouco común en Galicia. O froito de ambas, o mesmo có da *silveira* (vid. 211), recibe os nomes galegos de *mora* ou *amora*. Sarmiento recolleu denominacións locais diferenciadoras: «*Amoras* en Pontevedra son las de zarza y *amorotes* las de la amoreyra o moral» (*Vegetables*, 1291). Son formas relacionadas co lat. MÖRU ‘moreira’, lat. vg. MÖRA (DCECH, IV, 135), aínda que algúns autores defenden unha raíz prerromana paralela coa cal pode haber interferencia (vid. infra *morodo*).

A tradición filolóxica española vén explicando a partir do lat. MÖRU, MÖRA os topónimos *Moreda*, *Morera*, *Moreruela*, *Moral*, *Moraleja*, etc. do dominio lingüístico castelán, e fai extensible a explicación ós correspondentes *Moreira*, *Moreda* galegos (Nieto Ballester, 1997, 246-247), e a mesma opinión sostén a tradición portuguesa cos *Moreira*, *Moreiras*, *Amoreiras*, etc. (Machado, DEP., s.v. *moreira*) e a galega (Moralejo, TGL, 119).

Fronte a estas opiniós, E. Rivas desbota a explicación fitonímica para *Moreira*, *Moreda* e propón unha orixe oronímica a partir dunha base prerromana *_{M-R-}, inicialmente ‘roca, monte’ e posiblemente asociable cun radical *MOR- proposto por Hubschmid co significado de ‘escuro, pardo’ (Rivas 1994, 20). O profesor Rivas explica así como orónimo prerromano un *Moreira* de Marín argumentando o seguinte:

«Aunque parece lo más obvio, descarto para *Moreira*, como origen, el árbol conocido por *morera* en castellano. El primer documento que habla de la producción de seda en Galicia y que supone dicho árbol, *moral* o *morera*, gall. *moreira*, es de 1231 y de hacia el NE de Orense (Duro, Catál. 46). Siendo una especie arbórea foránea y apropiada para el gusano de seda, llega tardíamente desde Al-Ándalus cuando los cristianos empezaron a triunfar en la Reconquista (*Enciclopedia Larousse*, IX, 505. Barc. 1975). El moral o morera no puede responder de *Moreta* (745), de *Moraria* (951), de *Morales* (1170). Este árbol, siempre exótico entre nosotros y algo extendido por los monjes de las riberas del Sil, no se haya ni una sola vez mencionado en la documentación local, donde tanto se mencionan otras especies, incluidos naranjo y limonero». (Rivas 1982, p. 87).

Debemos considerar que as formas relacionadas co lat. vg. MŌRA designan en todas as linguas romances os froitos «del moral, de la morera y de la zarza» (DCECH, IV, 135), e que mesmo no caso de que os dous primeiros sexan especies foráneas, resta o terceiro para explicar os topónimos como *Moreira*. A existencia de variantes con *a*- inicial coincide coa alternancia *amora* / *mora* como nome do froito, aínda que esta segunda forma, por coincidir co castelán, se viu relegada no estándar léxico galego. Reforza a idea de que algúns dos *moreiras*, *moreda* da toponimia poden aludir ás *amoras* o feito de que a voz que designa a planta na actualidade (*silva*, *silveira*) é relativamente recente no idioma con ese significado, pois no período de formación do galego *silva* equivale a *bosque* (vid. *silva* 211, *bosque* 039), polo que a planta debeu de ter outras denominacións. Recollemos dúas minoritarias (vid. *Santigoso*, *Zarza*), pero a súa presenza na toponimia parécenos insuficiente para unha planta tan abundante. En conclusión, cremos que os topónimos *Moreiras*, *Moreda*, *Morás* han de ser polo regular fitonímicos, alusivos á moreira, ás amoras e se cadra tamén a outros froitos silvestres semellantes (*morodo*, *morogo*, etc.). A morfoloxía destes topónimos (derivación en -ALE feminino, -ARIA, -ĒTA, -ĒTU, etc.) concorda con esta explicación fitonímica. Aínda que admitamos, como Rivas, que a chegada da árbore a Galicia está condicionada polo cultivo da seda, á vista da documentación medieval hai que retrasar polo menos en tres séculos o *terminus post quem* que el fixa no XIII, ou ben considerar que xa existía previamente a *moreira* en Galicia. En calquera caso, a filiación

fitonímica das formas *moral*, *moreira* parece indubidable en contextos medievais como os que seguen:

«*domos, pumares, figares, morares vel quicquid ad prestitum hominis est in ipsa hereditate per suos antiquiores terminos*» (ano 931, CLN, nº 518)

«*Damus in ipsa villa kasas, vineas, mazanarias, morarias, perarias, arbores fructuosas*» (ano 1032, CLN, 464)

Con todo, non podemos garantir que todos os topónimos incluídos aquí teñan valor fitonímico.

156.1. Amora, mora

Non recollemos na toponimia ourensá ningún exemplo que poida interpretarse como a forma simple deste tema léxico. No NG figura un *As Amoras* na Pastoriza.

O DCP recolle 1 *Amora*, 2 *Mora*.

156.2. Moreira. amoreira

O derivado más común é o que contén o sufijo correspondente a *-ARIA*. Está presente en singular nos seguintes topónimos:

Moreira, EdP en Celanova

A Moreira, EdP en Ramirás

A Moreira, Edp(n) en Leiro (M187-3)

A Moreira, PnH na Bola (M263-2)

A Moreira, 2 PnH en Xinzo de Limia (M264-3, M264-4)

Campo da Moreira, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)

Campo da Moreira, PnH en Verín (M303-1)

A Costa da Moreira, PnH en Calvos de Randín (M302-1)

A Fraga da Moreira, PnH na Veiga (M228-2)

A Amoreira, PnH en Lobios (M336-1)

Alto da Moreira ou da Amoreira, PnH en Padrenda (M263-3)

Alto da Amoreira, PnH en Lobios (M336-1)

A Ponte Moreira, PnH en Celanova (M263-2)

Portela da Amoreira, PnH en Lobios (M336-1)

Río da Amoreira ou Río de Vilameá, CdA en Lobios (M301-3)

E o plural:

San Martiño de Moreiras, EdP e parr. (*San Martiño*) no Pereiro de Aguiar

San Xoán de Moreiras, EdP e parr. (*San Xoán*) no Pereiro de Aguiar

Santa Marta de Moreiras, EdP e parr. (*Santa Marta*) no Pereiro de Aguiar

- Moreiras*, EdP e parr. (*San Pedro*) en Toén
Moreiras, EdP e parr. (*San Tomé*) en Xinzo de Limia
Moreiras, EdP e parr. (*Santa Mariña*) en Boborás
Fonte Moreiras, EdP en Boborás
Moreiras, EdP en Gomesende
Moreiras, EdP na Merca
O Outeiro de Moreiras, EdP no Pereiro de Aguiar
Moreiras, PnH no Pereiro de Aguiar (M188-3)
Moreiras de Abaixo, EdP en Ribas de Sil (M189-2)
Moreiras de Arriba, EdP en Ribas de Sil (M189-2)
As Moreiras, PnH en Allariz (M264-1)
As Moreiras, PnH en Calvos de Randín (M301-2)
As Moreiras, 3 PnH en Xinzo de Limia (M264-2, M264-3, M302-2)
As Moreiras, PnH en Riós (M303-2)
A Ponte Moreiras, PnH en Xinzo de Limia (M264-4)
A Ponte Moreiras, PnH en Boborás (M187-1)
Regato de Moreiras, CdA en Boborás (M187-1)
Regueiro de Moreiras, CdA en Ribas de Sil (M189-2)
A Veiga de Moreiras, PnH en Xinzo de Limia (M264-4)

O NG recolle 3 *Amoreira* en Cervo, Porto do Son e Valdoviño; 19 (*A*) *Moreira* en Arbo, Castroverde (parr. e lugar), Chantada, A Estrada (1 parr., 2 lugares: *Moreira Nova* e *Moreira Vella*), A Fonsagrada, Gondomar, Irixoa, Marín (*A Moreira*), Monterroso (*A Moreira*), Muxía, As Neves, Palas de Rei, Ponteareas (parr., *San Martiño*), Soutomaior, Vila de Cruces e Vimianzo; *Fragamoreira* en Poio, *Lamas de Moreira* na Fonsagrada (parr. e lug.); e o plural *Moreiras* en Chantada, Guntín, Monforte, Ortigueira, Portomarín (*As Moreiras*), Ribas de Sil (3 tops.: *Moreiras de Baixo*, *Moreiras do Medio*, *Moreiras de Riba*), Sober e O Vicedo; e *Cal de Moreiras* na Coruña.

O DCP recolle 24 *Amoreira*, 2 *Amoreiras*, 22 *Moreira*, 4 *Moreiras*

Na documentación antiga rexistramos algúns dos topónimos do territorio estudiado:

- «*ripam rivusculi Sorice (...) vocati Moraria, Sampiri*» (ano 936, CLN, nº 256)
 «*de villas quam inquiunt Moraria, Cellos et Rubiolos*» (ano 974, CLN, nº 575)
 «*villam nostram propriam hic in Moraria*» (ano 1000, CLN, nº 182)
 «*in loco predicto Moraria super flumine Sorice*» (ano 1000, CLN, nº 182)
 «*in villa de Moraria seu in Cellariolo*» (ano 1001, CLN, nº 188)
 «*Ipsa fundato iacet in villa Moraria*» (ano 1001, CLN, nº 189)
 «*in villa Moraria*» (ano 1002, CLN, nº 183)
 «*Moraria, iuxta vocabulo domni Salvatoris*» (ano 1005, CLN, nº 181)
 «*villa de Moraria iuxta vocabulo sancto Laurentio*» (ano 1005. CLN, nº 181)
 «*de villa quam nuncupant Moraria, iuxta vocabulo monasterio Cellenove*» (ano 1005, CLN, nº 187)
 «*Morarias media, et Sorveto integro*» (ano 1025, CLN, nº 463)
 «*in villa que vocitant Moraria prope monasterii Cellenove*» (ano 1027, CLN, nº 574)
 «*Gonçalo Gonçalvez de Moreyra cavalleyro*» (ano 1274, OSR2, nº 1084)
 «*et o nosso quinnon da cortina da Moreyra*» (ano 1279, OSR2, nº 1134)
 «*salvo ende o igligiario da iglesia de Moreyra*» (ano 1288, OSR2, nº 1201)
 «*Johán Martiz de Moreyra*» (ano 1292, VFD1, nº 33)

«*casar de Moreyra*» (ano 1344, MdR, AHN Clero, Cpta. 1494, nº 12)
 «*frey Aras de Moreira, estando ena friguesía de Sanamede de Palmés*» (ano 1436, VFD1, nº 64)
 «*Juan da Lama de Moreira*» (ano 1481, VFD1, nº 92)
 «*ecclesie sancti Michaelis de Moreyra*» (ano 1492, FDU, nº 368)
 «*Item in Morarias hereditates tredecim*» (ano 1007, ROC, nº 1)
 «*per terminos de Morarias*» (ano 1045, CLN, nº 270)
 «*per carrariam publicam que vadit de Auria ad Moreiras*» (ano 1204, OSR1, nº 108)
 «*per carrariam publicam que vadit de Auria ad Moreras*» (ano 1207, OSR1, nº 120)
 «*Sancti Martini de Moreiras*» (ano 1215, RdS, nº 16)
 «*villa que vocatur Moreiras in parrochia sancti Michaelis de Monte*» (ano 1240, OSR1, nº 478)
 «*in termino de Moreiras de terra de Lauredo*» (ano 1241, OSR1, nº 487)
 «*Morariis sub parrochia sancti Michaelis*» (ano 1252, OSR1, nº 695)
 «*Garssia Gundisalvi, milite de Moreyras*» (ano 1272, OSR2, nº 1014)
 «*Moreyras sub parrochia sancti Michaelis de Monte*» (ano 1272, OSR2, nº 1014)
 «*lugar de Sam Yrgo de Moreyras (...) doutra parte o río de Esgos contra Pedrayo*» (ano 1299, ROC, nº 47)
 «*suu signo de Santa Marta de Moreyras*» (ano 1312, ROC, nº 56)
 «*na friigísia de Moreyras ena villa de San Johane*» (ano 1313, ROC, nº 57)
 «*do Outeyro de Moreyras dAguiar*» (ano 1326, ROC, nº 62)
 «*em Caspinoo, que he ena friiguesía de Santa Marta de Moreyras*» (ano 1346, ROC, nº 79)
 «*que he na frigisia de Santa Marta de Moreyras*» (ano 1355, ROC, nº 94)
 «*Afonso Yánes de Moreyras de Louredo e Afonso Eanes de Moreyras dAguiar*» (ano 1361, ROC, nº 105)
 «*San Pedro de Moreyras*» (ano 1365, MdR, AHN Clero, Cpta. 1496, nº 12)
 «*Caspino, que he su o sino de Santa Marta de Moreyras*» (ano 1394, ROC, nº 127)
 «*que jas a par da vina das Moreiras*» (ano 1403, RdS, nº 101)
 «*Touçaboa, su o syno de Seoane de Moreiras*» (ano 1412, ROC, nº 152)
 «*ás nosas Eigrexas de San Pedro de Moreiras*» (anop 1414, BCM, T1, p. 306)
 «*ena aldea de Moreiras de Louredo*» (ano 1422, VFD1, nº 70)
 «*viñas das Moreyras en San Miguel de Roosende*» (ano 1423, RdS, nº 135)
 «*et outro leyro que jas en as Moreyras*» (ano 1426, VFD1, nº 72)
 «*et outro leyro que jaz ennas Moreyras*» (ano 1426, HGP, nº 78)
 «*moradores en Santiago de Moreiras*» (ano 1427, Xantar, nº 4)
 «*lugar do Concieiro, so sino de San Martino de Moreiras*» (ano 1461, ROC, nº 233)
 «*granja de San Jorgo, so sino de Seoane de Moreiras*» (ano 1463, ROC, nº 247)
 «*so sino de Santa Marta de Moreiras*» (ano 1464, ROC, nº 257)
 «*Río Meedo en Santa Marta de Moreiras*» (ano 1498, ROC, nº 355)
 «*do naval das Moreyras (...) felegresia de san Juan de Golpellaas*» (ano 1516, FDU, nº 391)

156.3. Moreiriña, moreiroa

O diminutivos cos sufíxos correspondentes a **-ÍNA** e **-ÓLA** están presentes nos topónimos:

Moreiriñas, EdP na Bola

A Moreiriña, PnH en Xinzo de Limia e Sandiás (M264-3)

As Moreiriñas, PnH en Verín (M303-1)

Moreiroá, PnH en Verín (M303-3)

O DCP recolle 1 *Amoreirinha*, 1 *Amoreirinhas*, 3 *Moreirinhas*, 2 *Moreiró*.

Moreiroá de Oímbra e as 2 *Moreiró* portuguesas son dúas solucións dun mesmo étimo MORARIOLA, que ten correspondencia nos *Moreruela* casteláns.

Na documentación antiga rexistramos o nome do mosteiro zamorano de *Moreruela* «*in villa quam dicunt Morariola*» (ano 951, CLN, nº 130) e as *Moreiró* portuguesas como *Moreriola* en 1068, *Morerola* en 1079, *Moreirola* en 1091 (OM, 230).

156.4. Moreiro

É moito menos común o masculino correspondente a MORARIU.

O Moreiro, EdP en Toén

Monte Moreiro, PnH en Oímbra (M303-3)

No DCP figura 1 *Moreiros*.

156.5. Moreda

Son numerosos os topónimos que conteñen os derivados colectivos cos sufíxos correspondentes a -ETA, -ETU. No territorio estudiado son todos eles entidades de poboación.

Moreda, EdP na Peroxa

Moreda, EdP en Sober

Moreda, EdP en Pantón

Moredo, EdP en Ribas de Sil

O Moredo, EdP(n) en Leiro (M187-3)

O Moredo, EdP en Paderne de Allariz

No NG figuran 10 *Moreda* en Folgoso do Courel, Monforte (parr., *San Salvador*), Pantón (parr., *San Romao*), Santiso, Taboada (parr. e 2 lugares: *Moreda de Riba*, *Moreda de Baixo*) e Vilalba, ademais dos mencionados da Peroxa e Sober; e 7 *Moredo* en Bóveda, Monforte, Palas de Rei (parr., *San Fiz*, e lug.), ademais dos de Paderne de Allariz e Ribas de Sil. *Moradela*, en Sober, é alteración de *Moredela*, diminutivo relativo á veciña localidade de *Moreda*, no mesmo concello. O NG recolle *Moradella* nas Neves, corrixido en *A Muradella* no nomenclátor de 1998; trátase dun diminutivo de *murada* (< MŪRATA) ‘cercada con muro’, e non ten relación co noso tema fitonímico.

O DCP recolle 1 *Moredo*, 1 *Moredos*.

Na documentación antiga rexistramos estes topónimos:

«*in Moreta iuxta vestra terra*» (ano 879, CLN, nº 441)

«*in loco predicto que vocitant Moreta territorio Lemabus*» (ano 942, CLN, nº 451)
 «*In villa Moreta (...) prope ecclesie sancti Iuliani*» (ano 936-977, CLN, nº 454)
 «*Moreda prope domum Sancti Iuliani territorio Lemos*» (ano 946, CLN, nº 450)
 «*et aditio vobis ibidem illo moreto*» (ano 975-1105, CLN, nº 205)
 «*sancti Iuliani de Moreta in terra de Lemabus*» (ano 1064, CLN, nº 455)
 «*Martinus de Moredo*» (ano 1231, OSR1, nº 333)
 «*et sancti Iuliani de Moreda*» (ano 1238, OSR1, nº 436)
 «*mando supramisso monasterio casale meum de Moreda*» (ano 1252, OSR1, nº 683)
 «*quinionem meum de cauto de Moreda*» (ano 1252, OSR1, nº 683)
 «*Froyla Alfonsi de Moredo*» (ano 1252, OSR1, nº 687)
 «*Martinus Petri, prelatus sancti Iuliani de Moreda*» (ano 1255, OSR1, nº 743)
 «*Petro Petri de Moredo*» (ano 1255, OSR1, nº 736)
 «*meum casale de Moredo cum totis suis pertinenciis*» (ano 1262, OSR2, nº 895)
 «*et unum est in Moreda de Asma*» (ano 1264, OSR2, nº 912)
 «*todo o herdamento que eu hey in san Juliao de Moreda*» (ano 1267, OSR2, nº 945)
 «*Pedro Cartas de Moreda*» (ano 1274, OSR2, nº 1057)
 «*Pedro Perez de Moreda*» (ano 1297, OSR2, nº 1264)

156.6. Moreiral

Non recollemos no territorio estudiado nin no NG derivados con dupla sufixación *Moreiral* < MORARIALE.

No DCP figura 1 *Moreiral*.

156.7. Moral

En castelán os derivados *morera* e *moral* distinguen a *Morus alba* e a *Morus nigra*. Non existe esa diferenciación en galego (*moreira branca*, *moreira negra*; VCN, 136) nin en portugués (*amoreira branca*, *amoreira negra*; Sampaio, *Flora*, 149). Os derivados en *-ALE* que recollemos na toponimia teñen valor colectivo cando son masculinos, pero son femininos e designan a árbore na área nororiental de Ourense, onde recollemos varios exemplos de femininos que podemos considerar característicos do galego oriental, coincidentes con formas leonesas e asturianas semellantes (*As Nogais*, *La Figal...*). Temos dous exemplos, o primeiro feminino. Do segundo non podemos saber o xénero, e podería corresponder a un apelido *Morales*, posiblemente castelanización dun *Morais* local:

As Morais, EdP(n) no Barco de Valdeorras (M190-2)
Agro de Morales, PnH na Pobra de Trives (M189-4)

O NG recolle 1 ***Moral*** nas Nogais, que seguramente tivo xénero feminino coma no nome do concello. Tamén figuran no NG 3 ***Morás***, EdP e parr. (*Santo Estevo*) en Arteixo e parr. (*San Isidoro*) en Xove, que parecen conter un plural MÓRALES. Non debe ter relación con este tema fitonímico o nome de *Morá*, en Pantón.

No DCP hai 1 ***Morais***.

157. *morogo, morando*

Os nomes que dan título a esta entrada e outras formas emparentadas con eles poden designar diferentes especies vexetais ou os seus froitos. Na tradición lexicográfica hai por veces cruzamentos e confusións entre especies e denominacións semellantes. Como interfieren ademais con *arando* (vid. 019), comezaremos sinalando tres significados botánicos antes de ver os significantes que se lles asignan. O primeiro é o correspondente ó arbusto *Vaccinium myrtillus* e os seus froitos, comunmente denominados *arando*, *arandos* en galego (VCN, 106) e *arándanos* en castelán. O segundo son plantas e froitos do xénero *Fragaria* e especies afins, coma a *framboesa* e os *morotes*, *amorodos*, *careixóns*, cast. *fresas* (*Fragaria vesca*, VCN, 104). O terceiro é o froito do érbedo ou o érbedo mesmo (*Arbutus unedo*, VCN, 119).

O nome *arando* non é problemático. Distínguese ben a especie, xa identificada por Sarmiento: «el myrtillo o arando gallego» (*Vegetables*, 1938) «Arandos. En Galicia los *arándanos* (*Vegables*, 524). É problemática a súa etimoloxía; parece voz prerromana emparentada con *arán* «que en vasco designa el endrino» (DCECH, I, 309). Pero por parte ocorre que a mesma especie é ás veces denominada con nomes pertencentes ás familias léxicas de MOR– e variantes (leonés *meruéndano*, gal. *morodo*), e así Sarmiento tentou buscarllas unha orixe común: «Véase si de *melandryo* viene *miruéndano* y *arándano* y *morondo* fruta» (*Catálogo*, 160 r).

O grupo das froitas silvestres estudiado por Bouza Brey en «Onomástica y tradición de la fresa en Asturias», que inclúen diversas variedades de morodos e framboesas, recibe nomes cun radical MOR–, que identificamos co das *amoras*, de orixe latina (MÓRU), aínda que algúns autores propoñen unha orixe prelatina, como E. Rivas (1994, 157) quen, seguindo a J. Hubschmid (ELH, I, 41), defende un radical prerromano *MOR– co significado de “escuro” (vid. *moreira* 156). Corominas postula un étimo *MORÖTĀNU (DCECH, I, 309, s.v. *arándano*) para o gal. *morodo*, ast. e leon. *meruéndano*, de *meruédano «por repercusión

de la nasal» (DCECH, *ibid.*). Outras denominacións galegas con *mor-* son *morotes*, *amorotes*, *morogos*, *amorodos*, *morangos*. Sarmiento rexistra *morodo* (*Vegetables* 1161), *morondo* (*Catálogo*, 160 r), *morangos* (*Colección*, “Borrón de vegetables”, 4, 30) *moróbos* (erro por *morodos*?) e *morouguiños* (*Catálogo*, 135 r), como equivalentes da *fresa castelá*.

O froito do érbedo (*Arbutus unedo*), semellante na forma e na cor ós morotes, é coñecido en moitas zonas de Galicia con nomes coa raíz *mor-*, coma no grupo anterior. Sarmiento recolle para *morodo* os dous significados «[para *fresas*] aquí la voz *morodos*, y para el madroño» (*Vegetables*, 1161), «una rama de *madroñeyro* (cuya fruta *herbedo y morodo*)» (*Vegetables*, 794); e como nome do érbedo di «*Morogueiros*. Son los madroños» (*Catálogo*, 135r). Eladio Rodríguez dá *morogo* como sinónimo de *morodo*, e a este asígnalle dúas acepcións: «fresa silvestre, que también se llama *AMOROTE*», e «en muchas comarcas gallegas el fruto del HÉRBEDO o madroño; MOROGO» (DEGC, II, 647).

Parece innecesario dicir que as confusións entre as denominacións dunhas e outras especies non son un defecto da tradición lexicográfica galega, senón que responden á realidade lingüística. No leonés, onde conviven as mesmas formas cás galegas só que con conservación de *-n-* intervocálico e ditongación das vogais tónicas abertas, existen as mesmas interferencias. Tomando como referencia o *Diccionariu* de Sánchez Vicente, vemos que se dan para o cast. *arándano* os sinónimos *arándanu*, *miruéndanu* (p. 74) e *mirándanu* (264); por outra banda emparéllanse *meruédanu*, *meruéganu*, *meruéndanu* (262) *miruégano*, *miriguéndanu* (265), *moruéganu* (268), *muruéganu*, *muruénganu* (271) e definense como “fresa silvestre” (265); finalmente, a entrada *miruéndanu* vén definida como «Madroño. || Fruto del mismo árbol» (265).

157.1. Morondo

Un derivado por medio do sufijo colectivo *-ALE* da voz *morondo*, recollida por Sarmiento (*Catálogo*, 160 r), paralela da voz leonesa *moruéndano* e correspondente ó mencionado **MORÓTĀNU*, podería estar presente nos topónimos

Os Morendais, PnH na Gudiña (M266-3)

As Fragas do Morendal, PnH na Mezquita e A Gudiña (M266-3)

Onde *e* da pretónica pode ser resultado dunha disimilación a partir de **morondal*. Mais tamén é posible que estes topónimos conteñan formas deri-

vadas do común *merenda* (< lat. MERĒNDA), que pode ter presenza na toponimia ben por alusión a lugares onde se adoitaba facer esa comida lixeira a media tarde ou ben por algunha das acepcións botánicas desta voz. Sarmiento recolle *merendiñas* (*Catálogo*, 135 r) e *merendas* (*Vegetables*, 997) como nomes da *quitamerendas* ou *tollemerendas*, cólquico (*Colchicum autumnale*, VCN 114) e dá unha explicación etimolóxica para o nome: «porque salen en septiembre, cuando ya no se dan meriendas a los oficiales» (*Catálogo*, 134 r). Está presente en:

Regato da Merenda, CdA en Hermisende (M304-2)

Portela do Penedo das Merendas, PnH na Pobra de Trives e Chandrex (M227-2)

O significado non botánico ten paralelo nun topónimo *Campos dos Almorzadoiros*, PnH en Montederramo (M227-3).

157.2. Morogo, morango

Co mesmo radical do *morondo* precedente, mais cunha terminación *-ogo* que Elixio Rivas identifica co sufijo *-OKO*, *-OKA* de *queiroga* < CARIOCA e cualifica, seguindo a Corominas, de “propio do céltico” (DCECH, I, 352; II 270, Rivas 1994, 157), a voz *morogo* pode designar os morotes ou ben o érbedo e os seus froitos. Nos topónimos en que está presente esta voz ou os seus derivados non podemos saber cál foi o significado primixenio. En áreas occidentais do territorio estudiado, onde *morogo* e *morogueiro* son denominacións habituais para o *Arbutus unedo* e o seu froito, atopamos presenza de *érbedo* na toponimia mentres que na fala é denominación praticamente esquecida. A forma *morango* presenta aparentemente diferente sufixación, mais tamén cabería explicala, malia a diverxencia no vocalismo, a partir dun mesmo étimo (*MORÖKĀNU?) ca *morogo* e *moruéganu* (e variantes).

Poderían referirse ben ós morotes ou ben ós érbedos os topónimos seguintes:

Regato das Morogueiras, CdA en Laza (M265-3)

Regueiro Morogueiras, CdA en Monterrei (M303-1)

Picoto da Morogueira, PnH en Monterrei (M303-1)

No NG figura un topónimo *Morangueiros* en Curtis. Tampouco neste caso podemos saber cál dos significados botánicos mencionados pode conter.

E posiblemente poidamos dicir outro tanto dos 2 *Morangal* portugueses que recolle o DCP, malia ser *morango* hoxe o nome común do froito da *Fragaria vesca* no portugués padrão.

158. morteira

Eladio Rodríguez define *morteiro* como «trozo de heredad dedicado a plantación de legumbres u hortalizas» (DECH, II, 650). No territorio estudiado é común o feminino *morteira*, aínda que o significado non corresponde exactamente con ese, pois é máis ben cada unha das pequenas partes en que se divide unha *horta*, *nabal* ou *porral*, para dedicálas a un cultivo: *unha morteira para cebolas*, *unha morteira para repolos*, etc. A etimoloxía é escura. Semella pouco probable a súa relación cun fitónimo *murta* ‘mirto’, paralelo do castelán *murta* («variante popular o semipopular, pero só local», DCECH, IV, 88, sv. *mirto*), catalán *murta*, italiano *mortella* e portugués *murta*, que deixá abundante representación na toponimia portuguesa, pois aínda que en áreas meridionais da península foi común a utilización de cercados de mirtos para defender do vento hortalizas e plantas delicadas na horta, non temos constancia dessa práctica en Galicia. Os topónimos ourensáns son todos derivados en *-ARIA*, e aínda que na fala o ditongo tónico *ei* do resultado tende a pechar a sílaba pretónica (*murteira*), todos se veñen representando tradicionalmente como *morteira* na cartografía ou nos nomenclátores.

Temos os seguintes topónimos:

A Morteira, EdP no Pereiro de Aguiar

A Morteira, PnH en Viana do Bolo (M228-3)

Morteira Cavada, PnH en Carballeda de Valdeorras (M229-1)

A Portela da Morteira, PnH en Carballeda de Valdeorras (M228-2)

Cavorco da Morteira, CdA en Carballeda de Valdeorras (M228-2)

Regueiro Morteira, CdA na Veiga (M228-4)

Poula da Morteira, PnH en Carballeda de Valdeorras (M190-4)

Regueiro Morteiroá, CdA no cllo da Veiga (M228-4)

este último procedente dun diminutivo en *-ARIÓLA* con desprazamento acentual.

Na documentación medieval atopamos coa mesma grafía actual *A Morteira* do Pereiro de Aguiar como apelido toponímico:

«*Iohannis de Morteira*» (ano 1260, RAM, nº 142)

«*Alfonso Gomez da Morteira*» (ano 1472, ROC, nº 262)

O NG recolle un masculino *Morteiro* en Barreiros.

As formas que recolle o DCP, sempre con *u* na sílaba inicial, si teñen relación co mirto: 4 *Murta* e 2 *Murtas* coa forma simple; 8 *Murtal* e 2 *Murtais*, derivados en *-ALE*; 14 *Murteira*, 1 *Murteiras*, 1 *Murteirinha*, 1 *Murteiro*, derivados en *-ARIA*, *-ARIU*; 2 en *-OSA* *Murtosa*; 1 *Murtede*, probable alteración de **Murteda*, derivado en *-ETA*. Ademais, dun diminutivo *Murtinha*, 2 *Murtinheira*, 1 *Murtinhosa*.

159. *moruxa, muruxa*

A tradición lexicográfica galega presenta algunas vacilacións na identificación da especie botánica denominada en galego co nome de *moruxa*, *muruxa*, *moruxes* e outras variantes. Sarmiento fai *moruxa* sinónimo de *rabaza*: «*Rabáza*: Es el moho verde de la agua que en Pontevedra llamábamos *moruxas*» (*Catálogo*, 135 v), e noutro lugar identifica as *morujes* como a *Anagallis* latina (*Catálogo*, 140 r). Merino dá o nome de *muruxas* ou *muruxa* a dúas especies botánicas: a *Stellaria media*, «comunísima en toda Galicia» (*Flora*, I, 232-33), e a *Fumaria agraria*, tamén chamada *pomba* e *herba dona*, común «en las paredes y matorrales de muchos puntos de la provincia de Ourense» (*Flora*, III, 508). Eladio Rodríguez recolle de Merino, co mesmo comentario acerca da distribución, estas dúas acepcións para *muruxa* (DEGC, II, 663-64), e diferenciais da *anagálide* identificada por Sarmiento, para a cal asigna o nome de *muraxes*, que caracteriza como masculino plural (?) e define como «Anagálide, planta anual primulácea, que en Galicia se llama herba da rabia» (DEGC, II, 663). O VCN (p. 136) identifica como *muruxa* a *Stellaria media*, tamén chamada *herba paxareira*. Na *Flora Portuguesa* de G. Sampaio (p. 348) recóllese unicamente a forma *morigem*, que é identificada tamén como a *Stellaria media*. A confusión entre a *Stellaria* e a *Anagallis* parece explicable pola semellanza das especies destes xéneros. Afirma Corominas que ámbalas dúas teñen unha única denominación en francés, e susire para as denominacións galegas e portuguesas e as dialectais españolas emparentadas unha probable orixe a partir do latín MŪS, MŪRIS ‘rato’ (DECH, IV, 192-193).

159.1. Moruxa

Temos a forma simple nos topónimos

A Fontela da Moruxa, PnH en Monforte (M189-1)

A Moruxa, PnH en Riós (M265-4)

As Moruxas, PnH en Pantón (M188-2)

A primeira convive na fala cunha variante *A Fontela da Maruxa*, por identificación na etimoloxía popular coa forma hipocorística común de *Maria*. Do mesmo xeito, poderíase sospeitar unha probable relación con esta familia fitonímica noutro topónimo que aparentemente contén o nome persoal:

Reboredo de Maruxa, PnH en Avión (M186-2)

Non parece que teña relación con esta planta, senón que máis ben debe derivar dunha raíz oronímica prelatina *MOR– (Rivas 1994, pp. 72-74) o nome de *Moruxo*,

que figura no NG como parroquia e lugar no concello de Bergondo. Do nome deste lugar e parroquia deriva sen dúbida o topónimo que designa outra pequena entidade de poboación relativamente próxima: ***Muruxeses***, en Oza dos Ríos, un xentilicio co sufijo correspondente a **-ENSES**.

159.2. Moruxal

O derivado por medio do sufijo correspondente a **-ALE** témolo en:

A Fonte do Moruxal, PnH en Lubián (M266-4)

Na documentación antiga atopamos esta forma nun topónimo:

«*et aliam quam uocant Murugal*» (ano 1219, *Fiães*, nº 166)

«*unum bouem optimum pro Murugal*» (ano 1219, *Fiães*, nº 166)

O diccionario xeográfico de Madoz recolle un ***Muruxal (Murujal)*** no concello de Ribadeo, hoxe desaparecido dos nomenclátores. No NG hai 2 plurais ***Muruxás*** (< **-ALES**) en Cedeira e Vilalba.

No DCP figura un ***Murejães***.

159.3. Moruxoso

O derivado por medio do sufijo abundancial correspondente a **-OSU** témolo en:

Alto de Mourixoso, PnH en Castrelo do Val (M265-3)

Mourixoso, PnH en Castrelo do Val (M303-1)

Presenta un ditongo na sílaba inicial que pode obedecer á interferencia de *mouro*. A alteración da vogal pretónica *u* > *i* débese ó contacto coa consoante palatal: *Muruxoso* > *Murixoso*, coma en *Toxosa* > *Tixosa* (vid. 219.8), *Fixón* (< *FOVEÓLU*), *Mixós* (< medieval *Muxoos*), *rixóns/roxóns*, etc.

O NG recolle entidades denominadas ***Moruxosa*** en Toques e ***Murixoso*** na Capela. Este último tamén presenta a alteración da vogal velar pretónica en contacto con consoante palatal.

159.4. Moruxido

Non temos no territorio estudiado ningún exemplo de derivado deste tema con sufijo correspondiente a **-ÉTU**, **-ÉTA**. O NG recolle un ***Murxido*** no concello de Gondomar, con caída da vogal pretónica. Cremos que tamén está este sufixo na forma feminina (**Murxida*) en ***Morxide***, na Estrada, alterado en **-ide**, coma noutrios casos paralelos, por posible atracción analólica dos antropotopónimos procedentes do xenitivo de nomes persoais en **-ÍTU**.

160. *nabo*

Da importancia do *nabo* (*Brassica napus*) na economía agrícola tradicional é mostra a súa ampla presenza na toponimia. Algunxs do derivados de *nabo*, como *nabeira* e *nabal*, engaden nalgúnhas áreas ó significado específico ‘plantío de nabos’ (DEGC, III, 9) outro máis xenérico que denomina calquera terreo dedicado ó cultivo de hortalizas (cf. *porral*, *pomar*, *viña* e outros casos semellantes) ou tamén os seus produtos:

«*de napis et orto unius sextarii mensurati in seminatura*» (ano 1251, OSR1, nº 671).

Os topónimos pertencentes a este tema poden confundirse nalgún caso con derivados da raíz indo-europea prerromana presente en *Nava*, *Navia*, *Navallo...*, etc., hidronímica ou oronímica.

160.1. Nabo

A forma simple está pouco representada na toponimia:

San Pedro dos Nabos, EdP no Bolo

Fonte do Nabo, PnH en Avión (M186-2)

Non rexistramos no NG ningún topónimo con esta forma.

O DCP recolle 1 *Nabo* e 2 *Nabiças*.

160.2. Nabal

Está moito máis frecuente na toponimia o seu derivado en –ALE, *nabal*. Non significa exclusivamente ‘terreo dedicado ó cultivo de nabos’, senón que ten un significado máis xenérico de ‘terreo para diferentes hortalizas’. É voz común que atopamos xa na documentación antiga:

«*ubi faciatis cortinam de ortos, porros, nabaes*» (ano 1251, OSR1, nº 657)

«*tirado ende orto e nabal et noses et castanas*» (ano 1301, OSR2, nº 1305)

«*a quarta toda dos nabaes e da froita que nos avemos*» (ano 1304, ROC, nº 51)

«*as nossas castannas e os nabaas e toda a froita e o linno que nos avemos na Derrasa*» (ano 1343, ROC, nº 76)

«*de Pousada quarta de nabal e dárvores aa coçina*» (ano 1347, ROC, nº 82)

«*mas vn tarreo de nabal en Fonte de loça*» (ano 1516, FDU, nº 396)

«*mas otra cortina de nabal enas Moas*» (ano 1516, FDU, nº 398)

No territorio estudiado temos os seguintes exemplos, algunxs dos cales viñan rexistrándose tradicionalmente nos nomenclátores e noutras fontes escritas cun *v* non etimolóxico:

O Nabal, PnH en, Xinzo de Limia (M264-3)
Nabal Novo, PnH en Baltar e Os Blancos (M302-1)
Nabal Novo, PnH en Monterrei (M302-4)
Nabal de Cobreiro, PnH en Vilar de Santos (M264-3)
Nabás, EdP en Cenlle
Nabás, EdP no Irixo
Nabás, EdP en Sober
Nabás de Porto Cego, PnH en Xinzo de Limia (M264-4)
Os Nabás do Río, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
Os Nabás, PnH en Muíños (M301-2)
Os Nabais, PnH na Gudiña (M265-4)
Os Nabais, PnH en Viana do Bolo (M266-1)
Os Nabales de Mirós, PnH en Riós (M303-2)
Nabales do Val, PnH en Cualedro (M302-2)

Possiblemente podemos engadir a estes un

Arnabal, PnH en San Amaro e O Carballiño (M187-3)

que podemos interpretar como AGRU NAPALE.

Na documentación antiga atopamos estes e outros topónimos idénticos:

«*Petrus Pelagii dictus Nabaes*» (ano 1256, OSR1, nº 764)
 «*ego Martinus lohannis de Outeyro, dictus Nabaes*» (ano 1258, OSR2, nº 810)
 «*per pennam de Nabalibus (...) per terminum filigresie de Orvan*» (ano 1273, OSR2, nº 1040)
 «*outra leyra a o Naval (...) na villa de Pedraficta*» (ano 1285, OSR2, nº 1174)
 «*cortina d'Orto et de Porron et por Nabal de Rouolta*» (ano 1296, RAM, nº 251)
 «*que eu Nunno Pelas Nabaes, criado de don Fernan Pâes Nabaes*» (ano 1353, FDU, nº 231)
 «*ao Penedo do Rio dos Nabaes*» (ano 1473, VFD1, nº 89; HGP, nº 84)
 «*tarreo do Naval das Moreyras (...) felegresia de S Joan de Golpellaas*» (ano 1516, FDU, nº 391)

O NG recolle topónimos semellantes: 1 **O Nabal** na Estrada e 7 plurais **Nabás** en Arzúa, Cesuras, Lousame, Nigrán, Sarria, O Saviñao e Sober. Na maior parte dos casos viñan figurando coa grafía non etimolóxica de *Naval*, *Navás*.

No DCP figuran 4 **Nabais**, 1 **Nabainhos**, 1 **Navais**, este último na Póvoa de Varzim, cunha grafía explicable nesa área onde a realización dialectal é bilabial e só a escolarización vai impondo a oposición [b] / [v] (cf. os textos dos panos bordados tradicionais minhotos: «*aqui teis meu coração / e uma chabe para o abrir...*»).

Xunto con estes podemos considerar un topónimo con dupla sufixación *Nabaleira*, na Cañiza.

160.3. Nabeira

Eladio Rodríguez define *nabeira* como «plantío de nabos después de nacidos y mientras están lozanos», e engade que «en las comarcas gallegas donde los na-

bos se cultivan, las tierras dedicadas a nabeiras son generalmente aquellas en que se recolectaron ya el maíz, el centeno o el trigo» (DEGC, III, 9). Malia a aparente relación con *nava*, *navia*, etc., cremos que pertencen a este tema moitos dos topónimos idénticos (e os apelidos correspondentes) escritos tradicionalmente con *v*: *Naveira*, *Naveiras*. No territorio estudiado recollemos os seguintes topónimos:

- As Nabeiras*, PnH en Sandiás (M264-1)
As Nabeiras, PnH na Peroxa (M188-1)

Máis problemático resulta o PnH *A Naveira*, na estrema das provincias de Ourense e Pontevedra (entre Beariz e a Lama, M186-2), que pola súa localización, próxima ós 1000 m. de altitude e lonxe dos núcleos de poboación, semella máis ben unha alteración de *Neveira*, derivado de *neve*, coma outros *Neveira*, *Niveiro* e semellantes repartidos polas zonas de montaña da xeografía galega.

No NG atopamos 2 *Nabeira* (*Naveira*) en Cesuras e Monfero, 3 *Nabeiras* (*Naveiras*) en Cesuras, Culleredo e San Sadurniño.

O DCP recolle unha forma masculina *Nabeiros*.

160.4. Nabedo

Son derivados por medio do sufixo correspondente a *-ETU*, *-ETA*:

- Nabedos*, PnH na Teixeira (M189-3)
O Nabedo, PnH no Barco de Valdeorras (M190-4)
Cavorco do Nabedo, CdA no Barco de Valdeorras (M190-4)

No NG figura un feminino *Nabeda* (*Naveda*) en Castroverde.

160.5. Nabariza

Non recollemos no territorio estudiado ningún exemplo de derivado en *-ARÍCĘA*, *Nabariza*, que non obstante aparece con frecuencia na documentación medieval cos significados de *nabal*:

- «*a cortiña da Lavandeira que anda de nabariza*» (ano 1437, ROC, nº 200)
 «*que jaz dentro na Cortiña de Viñaás que anda de naberiza*» (ano 1493, XEsP, nº 60)

160.6. Nabarega

Do derivado por medio do sufixo correspondente ó prelatino *-AEKO*, *-A* recollemos un exemplo con *n* (-enga) e outro sen el, o que nos confirma a consideración de *Millarenga* entre os derivados de *millo* (vid. supra 155.5):

Nabaregas, PnH en Castrelo do Val (M303-1)
As Nabarengas, PnH en Viana do Bolo (M266-1)

161. *néspera*

A *néspera* é o nome galego da froita da *Mespilus germanica*, árbore froiteira chamada *nespereira*. Non sendo os portugueses *Nesperal* e *Nesperido*, derivados en –ALE e –ĒTU, só atopamos na toponimia maior portuguesa e galega exemplos do derivado mediante o sufixo correspondente a –ARIA, *Nespereira*. No territorio estudiado localizamos:

Nespereira, EdP en Nogueira de Ramuín
Nespereira, PnH en Coles (M188-3)
A Nespereira, PnH en Castrelo do Val (M265-3)

No NG figuran 9 *Nespereira* en Alfoz, Carballedo, Cerceda, Pazos de Borbén (parr., *San Martiño*), Portomarín (lug. e parr., *San Cibrao*), Sarria (lug. e parr., *Santiago*) e Teo. O DCP recolle 16 *Nespereira*.

Na documentación antiga tamén atopamos unicamente este derivado en –ARIA. Só vemos unha forma masculina *Nespereiro* en «*in agro de Nesperario iuxta carral de vereda*», pero debe ser erro, pois o mesmo lugar aparece no mesmo documento como «*in loco predicto in agro de Nesperaria*» (ano 1001, CLN, nº 346) e tamén noutros posteriores «*vinea ubi dicent Nesperaria*» (ano 1026, CLN, nº 309); «*in villa Buvatella in loco predicto in agro de Nesperaria*» (ano 1075, CLN, nº 348). Outros topónimos idénticos: «*per Nesperarium*» (ano 1207, MdR, AHN Clero, Cpta. 1481, nº 19); «*o herdamento que eu ey en Nespereyra*» (ano 1302, VFD1, nº 39); «*et huna cortiña a a Nespereira*» (ano 1427, FDU, nº 281); «*Pedro de Nespereyra, clérigo de Santa Justa de Morana*» (ano 1506, HGP, nº 136).

Unha PnH *Nespereira*, en Zamáns, Vigo, vivo na actualidade, atopámolo desfigurado con apariencia de antropónimo nun documento en castelán de 1528 como «*camino del porto de Inés Pereira*» (CMG, p. 92).

162. *noz*

O galego *noz*, portugués *noz*, catalán *nou*, as formas occitanas paralelas, todos eles con *o* aberto, ademais do castelán *nuez*, co ditongo resultante dun ɔ breve, contradín o timbre etimolóxico do latín clásico NŪCE. Segundo Corominas, que resume varias das hipóteses que se teñen proposto para explicar a aperture da vogal, a causa desta «no está bien averiguada». A presenza de derivados desta voz na toponimia é mostra da importancia histórica que tivo esta especie botánica, *Juglans regia*, na economía e na paisaxe galegas.

Non recollemos ningún topónimo coa forma simple. Podería estar esta en *Freixinoces*, PnH en Carballeda de Valdeorras (M190-4) *Regueiro de Freixinoces*, CdA en Carballeda de Valdeorras (M190-4)

Nestes topónimos podemos identificar un segundo elemento que parece conter o plural do nome do froito, áinda que non resulta doadamente explicable o *freixi-* inicial. É talvez unha forma relacionada cos topónimos *Freixa/Feixa* ('cachón, fervenza'), que E. Rivas emparenta co verbo latino FRANGO (Rivas, 1982, pp. 227-28), ou ben outro fitónimo derivado de FRAXINU. Cabe igualmente a posibilidade de que *Freixinoces* sexa un composto de verbo + substantivo, onde o primeiro elemento é un antigo *franxe* (< FRANGIT 'rompe, parte, creba'). Sería, polo tanto, unha forma equivalente a *Escachanoces* ou *Crebanoces*, tal vez a partir dun uso como alcume.

162.1. Nogueira

A pesar de que na fala actual o derivado co sufijo correspondente a -ARIA, que denomina a árbore que dá noces, presenta os resultados *nogueira* e *noceira* (ademais doutros sinónimos como *caroleiro, -a, carroleiro, -a, concheiro, -a...*), na toponimia só recollemos a primeira, o que leva a pensar que a forma *noceira*, formada por nova derivación co mesmo sufijo a partir do nome romance da froita, ha de ser por forza recente, como proba a súa propia estrutura fonética. Na maior parte dos topónimos en que está presente a forma *Nogueira* en singular, o seu significado orixinario non ha de referirse á árbore individualmente, senón que posiblemente ten valor colectivo.

- Nogueira de Ramuín*, nome de concello
- Nogueira*, EdP e parr. (*San Martiño*) en Nogueira de Ramuín
- Nogueira de Abaixo*, EdP en Baños de Molgas
- Nogueira de Arriba*, EdP en Baños de Molgas
- Nogueira (Santa María)*, parr. en Montederramo
- Nogueira (Nª Sra. das Neves)*, parroquia en Ribas de Sil
- Nogueira*, EdP en Boborás
- Nogueira*, EdP en Cea
- Nogueira*, EdP en Lobeira
- Nogueira*, EdP en Leiro
- Nogueira*, EdP na Merca
- Nogueira*, EdP en Ourense
- Nogueira*, EdP en Padrenda
- A Nogueira*, EdP en Punxín
- A Nogueira*, EdP en Sober
- Nogueira*, EdP na Teixeira
- Nogueira*, EdP en Verea
- Nogueira*, PnH en Montederramo (M227-1)
- A Nogueira*, Edp(n) en Avión (M186-2)

- A Nogueira*, Edp(n) no Bolo (M228-1)
A Nogueira, Edp(n) en Sandiás (M264-1)
A Nogueira, Edp(n) en Trasmiras (M264-4)
A Nogueira, PnH en Allariz (M264-1)
A Nogueira, PnH no Irixo (M153-4)
A Nogueira, PnH no Irixo e Beariz (M153-4)
A Nogueira, PnH en Sandiás (M264-1)
A Nogueira, PnH en Oímbra (M303-3)
A Nogueira, PnH na Pobra de Trives (M227-2)
A Nogueira, PnH na Veiga (M190-4)
Corga da Nogueira, CdA en Bande (M301-2)
Monte Nogueira, PnH en Sober (M188-2)
As Penelas de Nogueira, PnH en Sober (M188-2)
Regato de Nogueira, CdA en Ramirás (M225-3)
O Pico de Nogueira, PnH en Boborás (M187-1)
Val de Nogueira, PnH en Castro Caldelas e A Teixeira (M189-3)
- Nogueiras*, EdP en Calvos de Randín
Cinco Nogueiras, EdP na Peroxa
As Nogueiras, Edp(n) en Carballeda de Valdeorras (M190-4)
As Nogueiras, EdP en Pantón (M188-2)
As Nogueiras, PnH en Allariz (M226-1)
As Nogueiras, PnH no Bolo (M228-3)
As Nogueiras, PnH en Muíños (M301-4)
Outeiro das Nogueiras, PnH en Paderne de Allariz e Baños de Molgas (M226-1)
Lombo de Nogueiras, PnH en Castrelo do Val (M265-3)
Val de Nogueiras, PnH en Cartelle (M225-1)

Na documentación medieval atopamos moitos destes topónimos

Nogueira en Nogueira de Ramuín:

- «*Gonçaluo Eanes, dito Gato, rector da eglesia de Nugueyra*» (ano 1314, VFD1, nº 46)
 «*sub signo de San Martino de Nugueira*» (ano 1430, RdS, nº 152)
 «*San Martiño d Nogueira*» (ano 1423, VFD1, nº 71)

Nogueira (Montederramo):

- «*carreyram maiorem que dicit ad Nugariam*» (ano 1124, MdR, AHN Clero, Cpta. 1481, nº 3)
 «*sancte Marie de Nogaria*» (ano 1229, OSR1, nº 314)
 «á iglesiaa de *Santa María de Nugueira*» (ano 1302, VFD1, nº 39)
 «*quanto eu ey en Nugueyra*» (ano 1302, VFD1, nº 39)
 «*a nosa erdade de Nugueira*» (ano 1370, RdS, nº 87)
 «*Nugueira*» (ano 1487, BCMO, T 5, p. 373)

Nogueira (Cea):

- «*meu quinon do terreo da Nugeyra*» (ano 1291, OSR2, nº 1224)

Nogueira (Leiro):

- «*larea de Nugaria integra*» (ano 1010, CLN, nº 180)

Nogueira en Ribas de Sil:

- «*flumine discurrente Style (...) in villa que vocitant Nugaria*» (ano 963, CLN, nº 165)
- «*iuxta flumen Style in villa de Nugaria*» (ano 964, CLN , nº 174)
- «*Nugaria, iuxta flumen Syl*» (ano 965, CLN, nº 161)

Nogueira (hidrónimo en Ramirás):

- «*inde uadit per aqua de Nugeira*» (ano 1240, RAM, nº 30)
- «*ad molendinum de Nugaria*» (Ano 1244, RAM, nº 33)
- «*per uiam que uadit ad molendinum de Nugaria*» (ano 1248, RAM, nº 55)
- «*et de carril ad iusu, quod uadit per ad Nugariam*» (ano 1257, RAM, nº 135)
- «*derdade que chaman da Nugeyra*» (ano 1367, RAM, nº 350; HGP, nº 74)

O NG recolle lugares chamados **Nogueira** ou **A Nogueira**, ademais dos mencionados, nos concellos de Arbo, Cedeira, Cervo, Coristanco, Crecente, Chantada (parroquia e 2 lugares), A Estrada (3 lugares), Gondomar, Lalín, Meis (2 parroquias), Monforte (2 lugares), Nigrán, Ouro, Ponteareas (parr. e lugar), Redondela, Ribas de Sil (parr. e lugar), San Sadurniño, Santiago de Compostela, Sarria, Sober (2 lugares), Sobrado (parr. e lugar), As Somozas, Taboada, Tordoia. O plural **Nogueiras** ou **As Nogueiras** en Abegondo, Aranga, Dozón, Guntín de Pallares, Lalín, Ortigueira, Oza dos Ríos, Pantón, A Pobra de Brollón, Pontevedra, Sarria, Vigo e Vila de Cruces, ademais dun **Bouza Nogueira** en Carballo, **Souto Nogueira** en Silleda e un **Teinogueira** en Poio, este último cun primeiro elemento que non puidemos identificar.

No DCP figuran 53 **Nogueira**, 8 **Nogueirinha**, 15 **Nogueiras**, 2 **Nogueirinhas**.

Os **Nogueira** de Meis atopámolos na documentación antiga:

- «*da igleia de San Viçenço de Nogeyra que he de Santiago*» (ano 1318, HGP, nº 127)
- «*Johan Eanes, clericus de Sam Lourenço de Nogeyra*» (ano 1318, HGP, nº 127)
- «*do couto de Nogeyra & de Caldas de Rey*» (ano 1403, HGP, nº 132)
- «*slifgessýa de Sam Viçenço de Nogeyra en Salnés*» (ano 1452, TzS, ano 1352, fol 15r)

O diminutivo por medio do sufijo correspondente a -INA téromo en

- Nogueiriñas**, PnH en Ribas de Sil (M189-2)
- As Nogueiriñas**, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)

No século XIV rexístrase unha «*vina da Nugeyrina*» en Verín (ano 1312, HGP, nº 63).

162.2. Nigueiroá

O diminutivo co sufijo correspondente a -ÓLA presenta na maior parte do territorio estudiado o resultado particular con desprazamento acentual no sufijo (-oá) e alteración da vogal velar inicial, que presenta unha palatal (cf. *Negueira de Muñiz*, que remonta igualmente a un NUCARIA).

- Nigueiroá** (*Santiago*), parr. en Bande
- Nigueiroá**, EdP na Merca

Nigueiroá, EdP en Nogueira de Ramuín

Nigueiroá, EdP en Rairiz de Veiga

Nigueiroá, EdP en Verea

Outeiro de Nigueiroá, PnH en Verea (M263-2)

Río Nigueiroá, CdA en Verea (M263-2)

Nogueiró, EdP en Cartelle

Esta última tamén procedente de NUCARIÓLA. Podería corresponder a un diminutivo en -óLA do masculino *nogueiro*, pois tamén atopamos esta forma na lingua antiga como nome da árbore (vid. infra 162.3); así e todo, a localización e a documentación medieval permítennos saber que representa outro exemplo do resultado -ÓLA > -óA > -ÓO > -Ó, característica do galego suroccidental (cf. *Eiró* < AREÓLA).

Na documentación medieval atopamos moitos destes topónimos nos diferentes estadios da súa evolución, mais sempre con vogal velar na sílaba inicial, de onde deducimos que a súa alteración en vogal palatal tivo que producirse en data relativamente recente:

Nigueiroá en Bande:

«*illa de Nugariola et illa de Portella*» (ano 941, CLN, nº 418)

«*Gonzaluo Yañes de Nogueiruaa*» (ano 1440, BCMO, T. 4)

«en *Sordos de Vaande, que compramos a Durança de Nugueyroá*» (ano 1451, VFD1, nº 77)

Nigueiroá en Rairiz de Veiga:

«*inde per villam de Nugueirola*» (ano 1005, CLN, nº 204)

«*ad eam villa Nugariola*» (ano 1005, CLN, nº 275)

«*alia media in Nugariola*» (ano 1103, CLN, nº 41)

«*in Nugariola de meo kasare medium*» (ano 1101, CLN, nº 98)

«*aldea de Nugeyroá de Todea, que he ena fregesia de Santo André de Guillamil*» (ano 1493, VFD1, nº 113)

Nigueiroá en Verea:

«*Juan de Nugueyroá que tiña aforada aldea de Çejo*» (ano 1481, VFD1, nº 92)

Nigueiroá en Ribas de Sil:

«*in prestimonia de ipso monasterio in villa de Nugueyroaa*» (ano 1234, ROC, nº 25)

«*domnam Orracam de Nugueyroaa*» (ano 1234, ROC, nº 25)

«*Feyta a sentença en Nogeyroaa*» (ano 1283, ROC, nº 35)

«*fillo de Pedro Rodríguez cavaleiro que soy de Nugueyroáa*» (ano 1328, ROC, nº 63)

«*na villa sobre dita de Nugueyroáa*» (ano 1328, ROC, nº 63)

«*a vos Rodrigo de Nogeyroaa*» (ano 1417, RdS, nº 119)

O *Río Nigueiroá*, de Bande e Verea:

«*subtus monte Calvo discurrente rivulo Nugariola*» (ano 996, CLN, nº 303)

Nogueiró de Cartelle:

«*de villa de Sabuz et inde per villam de Nugueirola*» (ano 1005, CLN, nº 204)

«*e Sabuz e Oitomur e Cortiñas e Nogueiroo e Soutelo*» (ano 1319, BCMO, T. 3)

«que jaz ena aldea de *Nogueyroó*» (ano 1451, VFD1, nº 77)

Remontan igualmente a un NUCARIÓLA os 2 *Nogueiró* que figuran no NG en Salvaterra e Meis e os 5 *Nogueiró* portugueses do DCP.

Recollemos ademais outros dous exemplos con diferentes solucións; o primeiro no extremo noroeste do territorio (na estrema coa provincia de Pontevedra), sen desprazamento acentual, coa solución do galego estándar –ÓLA > –oa, e o segundo no norte (xa na provincia de Lugo, na ribeira norte do Sil) cun resultado en –úa especialmente característico da toponimia luguesa:

Nogueiroa, EdP no O Irixo

Nigueirúa, PnH en Sober (M188-2)

162.3. Nogueiro

Aínda que infrecuente, o uso do masculino para denominar a árbore atopámolo xa na documentación medieval:

«vay topar afondo a *hun nogueyro* que está...» (ano 1417, RdS, nº 117).

Temos un caso de forma masculina en

O Nogueiro, PnH na Gudiña (M265-4)

O NG recolle 2 *Nogueiro* en Bóveda e A Cañiza.

No DCP hai 1 *Nogueiros* e 2 *Nogueirão*, este último coa terminación correspondente ó sufíxo –ÓNE.

O apelido *Noguerol* aínda é na actualidade característico da cidade de Ourense e arredores. Rexistrámolo na zona desde a Idade Media e con ditongo galego: «*tibi Munio Fernandiz dicto Nugeyrollo*» (ano 1195, OSR1, nº 89); «*M. Fernandi de Nugeyrollo*» (ano 1252, OSR1, nº 687); «*Dominicam Gundisalvi quondam uxorem Iohannis Fernandi, dicti Nugeyrollo*» (ano 1274, OSR2, nº 1075), etc.

162.4. Noceda

O derivado colectivo *Noceda*, *Noledo*, correspondente a NUCÉTU, NUCÉTA, témolo en:

As Nocedas (*Santo Estevo*), parr en Monforte

A Veiga das Nocedas, PnH en Monforte (M189-1)

Noledo (*San Cibrao*), parr. nos Blancos

Noledo do Val (*San Salvador*), parr. en Castrelo do Val

O Noledo, EdP e parr. (*San Lourenzo*) en Quiroga

Río Noledo, CdA en Xinzo de Limia (M264-3, M264-4)

Río da Baira de Noledo, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)

Este último co común *baira* ‘poza, presa nun río, balsa’.

O NG recolle 14 *Noceda* en Boiro, Cervantes (parr. e lugar), Folgoso do Courel (parr. e lugar), A Fonsagrada, O Incio (parr.), Lalín (parr. e lugar), As Nogais (parr. e lugar), Ribadeo, Teo e Vedra.

No DCP figuran 1 *Nozedo*, 3 *Nuzedo*.

Na documentación medieval atopamos rexistrado o *Noceda* de Lalín:

- «in Rielo et in Cortegada et in *Nozedo*» (ano 1236, OSR1, nº 412)
- «vobis Fernando Petri de *Nozedo*» (ano 1255, OSR1, nº 744)
- «de Martino Sancii de *Nuzeda*» (ano 1274, OSR2, nº 1045)
- «meo de hun casal que ey en *Nozedo* a Santa Maria d-Osseyra» (ano 1304, OSR2, nº 1316)

E *Nocedo do Val*:

- «villa quod vocitant *Noceto* ab integro» (ano 1025, CLN, nº 463)
- «Petrus Veremudi de *Noceto*» (ano 1242, OSR1, nº 510)
- «Pedro Meendiz de *Nuzedo*» (ano 1266, MdR, AHN Clero, Cpta. 1484, nº 19)
- «en *Nuzedo*, que iaz u dizē o Seixo» (ano 1284, MdR, AHN Clero, Cpta. 1487, nº 2)
- «San Saluador de *Nozedo*» (ano 1290, MdR, AHN Clero, Cpta. 1487, nº 13)
- «o bazelo que cōpley de Ffernan Paez en *Nozedo*» (ano 1290, HGP, nº 58)
- «en *Nuzedo*, hu chaman a Auessada» (ano 1314, MdR, AHN Clero, 1490, nº 20)
- «hu chamā Bárreo, su térmjno de *Nuzedo*» (ano 1314, MdR, AHN Clero, 1490, nº 19)
- «Ssāt Ssaluador de *Nosedo*» (ano 1308, MdR, AHN Clero, Cpta. 1493, nº 19)
- «en *Nozedo* u dizē ao Barrio» (ano 1345, MdR, AHN Clero, Cpta. 1494, nº 14)
- «Oliuar a que chamā dos de *Nozedo*» (ano 1365, MdR, AHN Clero, 1496, nº 11)
- «ēna aldea de *Nuzedo*» (ano 1347, MdR, AHN Clero, Cpta. 1494, nº 15)

Nocedo no concello dos Blancos:

- «sancto Mamete et *Noceto* de nostra ganantia» (ano 1043, CLN, nº 274)
- «ubi determinat Laragiola cum *Noceto* et cum Fenestras» (ano 1045, CLN, nº 270)

162.5. Noguedo

Tamén atopamos a variante *Noguedo*, cun /g/ que non se pode explicar polo étimo NUCĒTU, polo que debemos supoñelo ou ben analóxico de *nogueira*, *nogal* ou ben admitir un improbable étimo NUCALĒTU > *nogaedo* > *noguedo*, que por localizarse en área de *mazaira*, *abelaira* seguramente esixiría /e/ (nesa área, dos medievais *Maçāeda*, *Abelāeda* temos hoxe *Maceda*, *Abeleda* con /e/ aberto), mais o destes topónimos é /e/ pechado. Son os seguintes, todos eles localizados na ribeira do Sil e sen paralelo noutras áreas de Galicia:

Noguedo, EdP en Castro Caldelas

Noguedo, EdP en Sober

Noguedo, PnH en Quiroga (M189-2)

O Noguedo, Edp(n) en Parada de Sil (M188-4)

O Noguedo, PnH na Pobra de Trives (M227-2)

Na documentación medieval xa atopamos topónimos idénticos:

«*casa do Noguedo*» (ano 1294, MdR, AHN Clero, Cpta. 1488, nº 2)

«*lugares do Noguedo*» (ano 1469, RdS, nº 221)

«*lugares de Castroseyros, do Noguedo, San Gillaao...*» (ano 1486, RdS, nº 253)

162.6. Nogal

O derivado por medio do sufijo **-ALE** como nome da árbore, NUCALE, coma noutrous casos paralelos, presentaba xénero feminino. Atopámolo en documentos en latín dos séculos X e XI:

«*pumares, nugares, amexinares, perales vel omnem pomiferis arbores*» (ano 989, CLN, nº 327)

«*ceresales, amexinares, perales, nugares, figares*» (ano 999, CLN, nº 353)

Non recollemos no territorio estudiado ningún exemplo actual. No NG figura o concello, parroquia e lugar *As Nogais* (<ILLAS NUCALES). O DCP recolle 1 *Nogal*.

162.7. Nogaledo

Un derivado de *nogal* mediante o sufijo correspondente a **-ÉTU** (cf. supra *Noguedo*) é *Nogaledo* (con conservación do *-l-* intervocálico, o que probablemente indica que se trata dun topónimo relativamente tardío), que atopamos en

Nogaledo, lugar e parroquia (*Forcadela e Nogaledo*) do Barco de Valdeorras.

Outra hipótese é que se trate dunha variante metatizada de *Noguedelo*, diminutivo en **-ÉLLU** duha forma como as que recollemos en 162.5, pois atopámolo como *Nucadelo* (¿erro de grafía ou de lectura por *Nucaledo*?):

«*et casale de Nucadelo*» (ano 1254, OSR1, nº 722)

162.8. Nogueiredo

Os derivados con dupla sufixación en **-ARIA/-U** e **-ÉTU/-A** que recollemos no territorio estudiado son:

Nogueiredo, EdP en Castrelo de Miño

Nogueiredo, EdP na Arnoia

Regato de Nogueiredo, CdA en Castrelo de Miño (M225-1)

O lugar de *Nogueiredo*, en Castrelo de Miño, atopámolo na documentación medieval (nos textos en romance precedido de artigo):

«ad **Nugueyredum** super valadum» (ano 1254, OSR1, nº 721)
 «outra leyra de vinna que jaz **eno Nugeiredo**» (ano 1369, RBV, nº 5)
 «das vinnas que jasen ennos cortinaas **do Nugeiredo**» (ano 1369, RBV, nº 5)

No NG atopamos formas paralelas con diferentes variantes: **Nogareda** en Carballo, **Nogaredo** en Boimorto, 3 **Nogarido** en Ourol (2 tops.) e Viveiro; 8 **Nogueirido** en Fene, Neda, Ortigueira (3 tops.), Paderne, Vilagarcía de Arousa e Vilarmaior, e 2 **Nogueiredo** en Barreiros e Lourenzá.

No DCP hai 1 **Nogueiredo**.

162.9. Nogueirosa

Non recollemos ningún exemplo de abundancial en -oso, -osa. O NG recolle un **Nogueirosa** en Pontedeume (parr.). Atopámolo na documentación medieval: «enna Beyga, couto de **Nogeyrosa**» (ano 1467, FDU, nº 339). Non hai topónimos semellantes no NG nin no DCP.

163. oliva

Oliva (< lat. OLIVA) é o nome galego do froito da árbore *Olea europaea*, a oliveira. Como proba a abundante presenza deste tema na toponimia, foi especie relativamente común na flora galega. As disposicións reais que no século XVIII promoveron o cultivo da oliveira en extensas áreas andaluzas contribuíron á progresiva desaparición da especie en Galicia. Fóra de exemplares illados distribuídos por todo o territorio, na actualidade só existen plantacións de oliveiras no NE do territorio estudiado, na zona de Larouco e Valdeorras (GEG, 23, p. 43, s.v. *oliveira*).

163.1. Oliva

A forma simple é infrecuente na toponimia. Témola en

A Oliva, PnH en Rubiá (M191-1)
Val da Oliva, PnH en Rubiá (M190-2)

No NG non atopamos outros topónimos equivalentes. Non pertence a este tema **Olives**, nome dunha parroquia da Estrada, que corresponde a un antigo **Oulives** < **Ourives** < AURÍFICES, plural de oficio (cf. *Oleiros*, *Ferreiros*, etc.)

163.2. Olival, olivar

O derivado por medio do sufijo -ALE dá como resultado na toponimia unha forma patrimonial ***Oival***, con caída do *-l-* intervocálico, e unha forma más serodia que o conserva, ***Olivar***. No territorio estudo temos exemplos dos dous resultados:

O Olivar, EdP en Cenlle

O Olivar, Edp(n) en Toén (M225-2)

O Oval ou O Ival PnH no Pereiro de Aguiar (M188-3)

En documentos dos séculos XIII e XIV relativos á terra de Caldelas rexistramos un topónimo menor ***O Olivar***:

«*hereditate de Oliuar*» (ano 1207, MdR, AHN Clero, Cpta. 1481, nº 19)

«*praça das Oliueras (...) pello diuiso do Oliuar*» (ano 1344, MdR, AHN Clero, Cpta. 1494, nº 11)

«*da nossa vina da Ffaua que est no ouliuar*» (ano 1307, HGP, nº 62)

«*a nossa praça do Oulyuar*» (ano 1340, MdR, AHN Clero, Cpta. 1494, nº 1)

«*que llamān Olyuar, que es cabo del Rrio de Rriba de Ssil*» (ano 1341, MdR, AHN Clero, Cpta. 1494, nº 4)

«*ēno Oliuar a que chamā dos de Nozedo*» (ano 1365, MdR, AHN Clero, Cpta. 1496, nº 11); etc.

O DCP recolle 27 ***Olival***, 9 ***Olivais***.

163.3. Oliveira

O derivado más común é o formado co sufijo correspondente a -ARIA:

Oliveira, EdP na Arnoia

A Oliveira, Edp(n) en Beade (M225-1)

A Oliveira, Edp(n) no Pereiro de Aguiar (M188-3)

Unha posible explicación para o topónimo menor ***Montiveiro***, no concello de Carballedo (M188-1) sería MONTE OLIVARIO, a partir dunha forma intermedia ****Montoiveiro***. Non atopamos outras variantes de ***Oliveira*** no territorio estudo.

Para a igrexa ***Santa María da Oliveira***, topónimo urbano da vila de Ribadavia, rexistramos diversas grafías na documentación antiga:

«*santa Maria da Oliveyra de Ribadavia*» (ano 1299, OSR2, nº 1281)

«*Santa Maria da Oliueyra*» (ano 1314, VFD1, nº 45)

«*en a freigresia de Santa Maria de Ulibeira*» (ano 1333, RAM, nº 291)

«*Santa Maria da hulliueira desta dita villa*» (ano 1361, RBV, nº 4)

«*Santa María da Hulliueira*» (ano 1361, VFD1, nº 57)

«*da iglesia de Santa María de Huliueira*» (ano 1378, RBV, nº 6)

«*por un lagar que esta ena Oliueira*» (ano 1412, RBV, nº 10)

«*Santa Maria da Ouliuera*» (ano 1460, RBV, nº 21)

«da dita Iglesia da **Oulibeira**» (ano 1483, RBV, nº 25)

En documentación referida á xa mencionada ribeira sur do Sil atopamos topónimos menores idénticos: «*praça das Oliueras*» (ano 1344, MdR, AHN Clero, Cpta. 1494, nº 11); «*Viña das Oliueyras*» (ano 1352, MdR, AHN Clero, Cpta. 1495, nº 7); «*viña das Ouliueyras (...) ao rrío do Ssil*» (ano 1495, MdR, AHN Clero, Cpta. 1505, nº 2)

No resto de Galicia, esta forma é a maioritaria, e o NG recolle 8 **Oliveira** en Corcubión, Gondomar, Poio, Ponteareas (unha aldea e 3 parroquias) e Vigo. Tamén figuran no NG 5 **Olveira**, con caída da vogal da sílaba pretónica, en Ribeira (parr. e lugar), Teo e Dumbría (parr. e lugar), e neste mesmo concello de Dumbría 2 correspondentes diminutivos **Olveiroa** < OLIVARIOLA (parr. e lugar).

O DCP recolle 41 **Oliveira**, 4 **Oliveiras**, 5 **Oliveirinha**, 2 **Oliveirinhas**, ademais dun **Oliveirões** que debe de ser un xentilicio en -ANOS derivado dun topónimo *Oliveira*.

163.4. Olivedo, Oivedo, Olveda

Do derivado colectivo en -ÉTU, -ÉTA temos os seguintes exemplos

O Ibedo, EdP en Castro Caldelas

O Ibedo ou **O Oivedo**, Edp(n) en Leiro (M187-3)

Regueiro do Olivedo, CdA en Petín (M190-3)

Os primeiros constitúen formas patrimoniais con caída do *-l-* intervocálico. O NG recolle unha forma paralela **O Oivedo**, que tradicionalmente se viña escribindo cun h- non etimolóxico (**Hivedo**), no concello de Quiroga. Outra variante con conservación do *-l-*, pero neste caso debida á caída da vogal pretónica, coma nos mencionados *Olveira*, *Olveiroa*, é o topónimo **Olveda**, parroquia en Antas de Ulla.

A documentación mostra a antigüidade de grafías con *h*- inicial *Hivedo* e da deglutinación do *o*-. Rexistramos o mencionado topónimo de Caldelas: «*no camino do Yuedo*» (ano 1328, MdR, AHN Clero, Cpta. 1492, nº 18), «*que ias no Yuedo*» (ano 1328, MdR, AHN Clero, Cpta. 1492, nº 18); «*camiño do Hiuedo* /.../ viña da casa do **Hiuedo**» (ano 1352, MdR, AHN Clero, Cpta. 1495, nº 7); «*viña que yaz no Hiuedo, a que chamā da Castjneyra*» (ano 1352, MdR, AHN Clero, Cpta. 1495, nº 8); «*vŷñas do Yuedo*» (ano 1355, MdR, AHN Clero, Cpta. 1495, nº 14); «*hu chamā a casa do Yuedo*» (ano 1395, MdR, AHN Clero, Cpta. 1498, nº 2); «*ditos leyros do Yuedo*» (ano 1399, MdR, AHN Clero, Cpta. 1498, nº 5); «*e jas ēno Eyvedo*» (c. 1400, MdR, AHN Clero, Cpta. 1498, nº 9); «*vŷña que nós avemos no Oyuedo*» (ano 1401, MdR, AHN Clero, Cpta. 1498, nº 15); «*na ffraga do Yuedo*» (ano 1403, MdR, AHN Clero, Cpta. 1498, nº 17); «*jaz á casa do Yvedo*» (ano 1427, MdR, AHN Clero, Cpta. 1499, nº 20); «*camjño do Eybedo*» (ano 1441, MdR, AHN Clero, Cpta. 1501, nº 5); «*do camjño do Ybedo ata o Rrigeyro das Caales*» (ano 1441, MdR, AHN Clero, Cpta. 1501, nº 8); «*que jas ēno Eybedo*» (ano 1450, MdR, AHN Clero, Cpta. 1502, nº 10); «*eno Ybydo*» (ano 1476, MdR, AHN Clero, Cpta. 1504, nº 3); «*viña do Ybedo*» (ano 1526, MdR, AHN Clero, Cpta. 1505, nº 16), etc.

164. *olmo, ulmeiro, umeiro*

Olmo (DEGC III, 43), *ulmeiro* (id., 395) e *negrillo* (id., 17) constitúen as denominacións comúns galegas para diversas especies arbóreas da familia das ulmáceas pertencentes ó xénero *Ulmus* (VCN, 146), principalmente o *Ulmus campestris*, chamado en castelán *olmo* e *álaro negro* e en portugués *olmo*, *ulmeiro* e *negrilho* (Sampaio, *Flora*, 150). As primeiras proceden do latín ŪLMU e o seu derivado *ULMARIU. Resulta problemática a identificación das especies a que se refiren algúns nomes que presentan un radical (*h*)um-. O VCN dá *umeiro* como sinónimo de *olmo* (VCN, 146), pero o berciano (*h*)umeiru designa unha árbore diferente, a *Alnus glutinosa* (vid. *ameneiro*, *amieiro*, 017). Para Isidoro Millán, este fitónimo *umeiro* deriva dunha raíz hidronímica *UM- (Millán, 1987, 155-156).

Poden confundirse os topónimos relativos ós *olmos* cos que conteñen formas emparentadas cun feminino *ulmeira*, que E. Rodríguez define como «planta rosácea sudorífica» e corresponde á *Ulmaria pentapétala*, que ten o mesmo nome de *ulmeira* en portugués (Sampaio, *Flora*, 384) e que en castelán se coñece co cultismo *ulmaria* (DCECH, IV, 281). En última instancia é tamén derivado do lat. ŪLMU.

164.1. Olmo

A forma *olmo* é idéntica á castelá, razón pola cal non figura nalgúns dicionarios galegos (XLGF, 656, non inclúe a acepción botánica de *olmo*, aínda que si figuran os derivados *olmedal* e *olmedo*). Non obstante, temos documentación do século XIII que amosa a súa presenza na nosa toponimia desde a época medieval:

- «*cassal que chaman dos Olmos, que he enna frigrissia de santa Aya d'Archa*» (ano 1325, FDU, 56)
 «*cassalis quod uocatur dos Olmos*» (ano 1324, FDU, nº 52)

No territorio estudiado temos os seguintes topónimos:

- Olmo***, Edp(n) na Merca (M225-4)
O Olmo, PnH en Lobios (M301-3)
A Mallada do Olmo, PnH en Lubián (M266-4)
Os Olmos, PnH en Vilariño de Conso (M227-4)

O NG recolle lugares chamados ***Olmo*** en Cedeira, ***Olmos*** en Cervantes, ***Os Olmos*** en Monterroso. No DCP figura 1 ***Olmos***.

164.2. Ulmeira, ulmeiro

Derivados de ŪLMU por medio do sufixo correspondente a -ARIA SON:

A Ulmeira ou A Olmeira, PnH en Monforte (M189-1)

Regueiro da Ulmeira, CdA en Monforte (M189-1)

Trocha da Ulmeira, PnH en Monforte (M189-1)

Non localizamos ningún exemplo coa forma masculina. No DCP hai 1 *Ulmeiro*, 1 *Ulmeirinho*.

Non rexistramos no territorio estudiado nin noutras árees de Galicia o correspondente derivado por medio dos sufixos *-edo*, *-eda*, paralelo dos *Olmedo*, *Olmeda* casteláns.

164.3. Umeira e outras formas

Nos topónimos que presentan a mesma raíz có mencionado *umeiro* ou *humero* non podemos saber se o valor orixinario era fitonímico (ben referido ó olmo, ben ó amieiro) ou hidronímico, dada a recoñecida presenza da raíz hidronímica prerromana UM- (p. ex. nos ríos Umia, Uma, etc.) na toponimia galega (Millán, 1987, 155-156), dun xeito paralelo ó que acontece coa familia toponímica de *ameneiro* ou *amieiro* (017). É posible que sexan fitónimos algúns dos que presentan sufixos comúns na fitonimia, como -ARIA e -OSU:

A Umeira, PnH en Rubiá (M190-2)

Valdumeira, EdP en Pontedeva

Umoso, EdP en Viana do Bolo

Quintela de Umoso, parr. En Viana do Bolo

Tabazoa de Umoso, EdP en Viana do Bolo

Etes últimos viñan representándose tradicionalmente con h- inicial, acaso por falsa asociación co castelán *humo*.

O NG recolle un *Umeiros* no Vicedo,

165. ortiga

Ortiga (< lat. URTICA) é forma común ó galego, portugués (coa variante *urtiga*) e castelán para denominar distintas plantas do xénero *Urtica*. Ten abundante presenza na toponimia.

Unha forma sinónímica é *estruga*, en ocasións preferida nos diccionarios galegos a *ortiga* por diferencialismo respecto do castelán (VCN, 127). A orixe desta forma é incerta; podería ser un derivado regresivo dun suposto verbo **estrugar* (< *EXTRUCARE, por EX-URTICARE), paralelo doutras formas dialectais

hispánicas como o arag. *exordigar, xordigar* ‘ortigar(se)’ (DCECH, IV, 308-309). De *estruga* non hai exemplos na toponimia maior de Galicia.

O nome do *Cabo Ortegal* pode explicarse por URTICALE, pero resulta máis problemática a relación con URTICA dos topónimos con *e* na tónica: *Ortega* (no concello de Mañón, e tamén *Ortega* en Burgos e *Ortegas* en Albacete), que debeu dar lugar ó apellido *Ortega*. Algún dicionario recolle esta forma como variante galega de *ortiga* (Cueiro, s.v. *ortega*) e existen variantes dialectais italianas tamén con *e* na tónica (DCECH, IV, 309) que poden facer supor para estes topónimos unha orixe fitonímica.

165.1. Ortiga

A forma simple está presente en:

- A Ortiga*, PnH en Laza (M265-3)
- A Ortiga*, PnH en Vilariño de Conso (M265-2)
- Altos da Ortiga*, PnH en Laza (M265-1)
- A Fonte da Ortiga*, PnH en Laza (M265-3)
- Pico da Ortiga*, PnH en Vilariño de Conso (M265-2)
- Colado da Ortiga*, PnH en Vilariño de Conso (M265-2)
- Corga da Ortiga*, CdA en Vilariño de Conso (M265-2)

O NG recolle un lugar denominado *Ortiga* en Monfero. No DCP figuran 2 *Ortiga*.

165.2. Ortigal

Son derivados por medio do sufixo correspondente a -ALE:

- O Ortigal*, PnH na Mezquita e A Gudiña (M266-3)
- A Cavaxe do Ortigal*, PnH na Mezquita e A Gudiña (M266-3)
- A Pedra do Ortigal*, PnH na Veiga (M228-4)
- Os Ortigais*, PnH na Mezquita (M304-1)

Con estes podemos relacionar o nome do *Cabo Ortegal*.

165.3. Ortigueira

Son derivados por medio do sufixo correspondente a -ARIA:

- A Ortigueira*, PnH en Quiroga (M190-3)
- Alto da Ortigueira*, PnH en Quiroga (M190-1)

No NG hai 5 *Ortigueira* en Barro, Vedra e Ortigueira (lug., parr. e concello).

O DCP recolle 4 *Ortigueira*.

165.4. Ortiguedo

Temos un único exemplo en

O Ortiguedo, PnH nos Blancos (M302-1)

é un derivado tardío a partir de *ortiga* co sufijo *-edo*, pois, se non, esperaríamos **Orticedo*.

O DCP recolle 1 *Ortezedo*, que contén a forma patrimonial correspondente.

164.5. Ortigoso

Non recollemos no territorio estudiado ningún exemplo de derivado por medio do sufijo correspondente a *-OSU*, *-OSA*.

No NG figura *Ortigoso* na Fonsagrada. O DCP recolle 3 *Ortigosa*.

166. orxo

Moralejo Lasso (TGL, 151 e ss.) tense ocupado dos descendentes do latín HÖRDĒUM ‘cebada’ na toponimia galega. A forma tradicional *orxo*, procedente do (H)ÖRDĒU latino, foi substituída, de xeito paralelo ó acontecido co castelán, por *cebada*, derivado de CĪBUS ‘alimento’. O VCN asigna o nome de *cebada* ó *Hordeum vulgare* e fai do tradicional *orxo* un sinónimo de *cebadiña* (cast. *cebadilla*), *Hordeum murinum* (VCN 112-113).

Na documentación antiga atopamos exemplos do emprego da forma *orxo*:

«III^{es} modios de milio et *de ordeo* per mensuram de Avia» (ano 1222, OSR1, nº 223)
 «outra cuba pequena *d'orgio*» (ano 1281, HGP, nº 55)

166.1. Orxo

Non recollemos ningún exemplo coa forma simple no territorio estudiado. No NG figura un topónimo non recollido por Moralejo no mencionado traballo: *Cantodorxo*, no Grove, que ha de representar un *Canto do/de Orxo*.

166.2. Orxal

O derivado máis común é o correspondente ó sufixo *-ALE*, *orxal*, equivalente dos *Urdial*, *Ordiales* e *Urdiales* da toponimia doutras árees peninsulares (Moralejo, TGL, 154). No territorio estudiado temos:

Os Orxaís, EdP no Bolo

O Orxal, PnH en Calvos de Randín e Muíños (M301-2; M3014)

Cavorco de Orxaís, CdA en Vilamartín de Valdeorras (M190-1)

Orxás, PnH en Parada de Sil (M188-4)

Este último aparece ás veces escrito como *Xas* (IGN, M-188 1:50.000), por interpretación da primeira sílaba como o artigo masculino plural *Os Xas* (con rotacismo do *s*, habitual na zona, neste caso ante consoante fricativa xorda).

Na documentación medieval correspondente á área estudiada atopamos outros exemplos semellantes:

«ad Areiam de *Orgiaes*» (ano 1155, MdR, AHN Clero, Cpta. 1481, nº 11)

«mediatatem de toto casali de *Orgaes*» (ano 1252, OSR1, nº 697)

«in loco qui dicitur *Orgaes* et Linar uetero» (ano 1254, RAM, nº 120)

«in loco qui dicitur *Orgaes*» (ano 1255, RAM, nº 128)

Dado que non identificamos os topónimos precedentes, non podemos saber que valor ten nos tres últimos textos o grafema *g* de *Orgaes*, áinda que supoñemos que representa a fricativa palatal e non a oclusiva velar sonora. Cómpre lembrar que algún *Orxal*, *Urxal*, *Orxás* e *Urxás* da cartografía más recente poderían ser falsas galeguizacións de formas con gheada correspondentes a *Urgal*, *Urgás* < UL(i)CAL(ES), derivado de *urce* (< ULICE ‘uz’). Así acontece con *Urgal*, EdP en Baiona, que mesmo atopamos na rotulación viaria como *Urxal* (vid. infra *uz*, 225).

O NG recolle 2 (*O*) *Orxal* en Arzúa e Viveiro, 8 (*Os*) *Orxás* en Castro de Rei, Curtis, Lalín, Mondoñedo, Muras, A Pastoriza, San Sadurniño (este, ata o nomenclátor de 1986 coa grafía *Horjales*), Sobrado, Vigo e Xermade. A forma coa solución oriental en *-ais* témola no mencionado *Os Orxaís* do Bolo e outro *Orxaís* que recolle o NG en Quiroga. Todos estes son mencionados por Moralejo no citado traballo, onde se inclúen ademais un *Orxás* en Meira que non figura na actualidade no NG.

No DCP figuran 2 *Urjal*, 2 *Urjaís*, ós que posiblemente debamos sumar 1 *Orjás*, en Melgaço, preto da raia con Galicia.

166.3. Orxeira

Recollemos un único exemplo de derivado correspondente a (H)ORDĒARIA en

A Orxeira, EdP en Punxín

que rexistramos escrito coas variantes *Urgeira* e *Urigeira*. O NG recolle *A Orxeira* en Abadín, Cerceda, A Laracha e Malpica, un masculino *Orxeiro* en

Cariño e un *Urxeira* en Nigrán. Moralejo cita tamén un *Urgeira* ou *Urxeira* en Mondariz, que non figura hoxe no NG. Como sucede nos derivados en *-ALE*, a hipergaleguización de formas con gheada pode dar lugar a confusións con derivados de *ULICE* (cf. *Urgueira*, en Salceda de Caselas: vid. infra *uz*, 225).

O DCP recolle 1 *Urgeira*, 1 *Urgeiro*.

166.4. Orxaínza

O topónimo *A Orxaínza*, entidade de poboación no Saviñao, explícao Moralejo dicindo «que recuerda a Paínza y Maínza y que se formaría por contaminación de orxo y paínzo». Outras derivacións fitonímicas semellantes (cf. *Trigariza* / *Trigaínza*) fannos preferir supoñelo formado con *-ICÉA* a partir do derivado en *-ALE*, ou sexa **(H)ORDÉALICÉA*, cunha consoante nasal non etimolóxica xerada trala caída do *-l-* intervocálico.

No DCP figuran 1 *Urjariça*, 1 *Urjeiriça*, que responden ó étimo en *-AR-ICÉA* (cf. os tres resultados nos galegos *Trigaínza*, *Trigariza/Trigueriza*, *Trigueiriza*).

166.5. Outros derivados

O Orxado, no concello de Ortigueira, tamén mencionado por Moralejo, presenta unha estraña sufixación que nos obriga a considerar dubidosa a súa relación con este tema léxico.

Moralejo engade “con reservas” o nome do concello, parroquia e lugar de *Ordes*, e o de dúas parroquias homónimas nos municipios de Toques e de Rairiz de Veiga, que poderían derivar dunha forma do dativo-ablativo plural (H)ORDEIS. Resultaría insólita esta pervivencia do sistema casual latino, e se admitimos esta orixe deberíamos considerar hiperlatinizacións as formas con *n* que rexistramos desde o século X, polo menos no último dos tops. mencionados, localizado no territorio estudiado. O *h-* inicial con que aparece algunas veces non confirma a súa relación con HÖRDĒUM:

«*villa quam dicunt Sarrianos prope domum sancte Marie de Hordines*» (ano 962, CLN, nº 8)

«*eclesia de sancta Maria de Ordines*» (ano 1061, CLN, nº 238)

«*erant habitantes in Hordines in casa de Cellanova*» (ano 1007, CLN, nº 552)

«*Martinus Martini de Ordines*» (ano 1252, RAM, nº 95)

«*Ordees*» (ano 1487, BCMO, T5, p. 295)

Rivas Quintas suponllas a estas formas unha orixe prelatina a partir dunha base *ORD-, *URD-, hidronímica ou oronímica, e relaciónaas co vasco *ordo* ‘chai-ra’ e topónimos biscaíños como *Orduña* e semellantes (Rivas, 1994, pp. 97-98).

Emparentados con *Ordes* están sen dúbida o topónimos *Ordelles* e *Vilar de Ordelles*, nome de dúas localidades de Esgos, que Rivas asocia ó mesmo tema prelatino. Estes topónimos aparecen na documentación antiga como:

- «*villa de Ordenelias*» (ano 1007, ROC, nº 1)
- «*in outario de Lagenas de Ordeenas*» (?) (ano 1229, ROC, nº 22)
- «*Maria López, moradeira en Vilar dOrdeellas*» (ano 1341, ROC, nº 72)
- «*en Vilar dOrdeellas*» (ano 1342, ROC, nº 75)
- «*o nosso casal dOrdeellas*» (ano 1351, ROC, nº 87)
- «*en Vilar dOrdeelles o noso casar de Paaçios*» (ano 1351, ROC, nº 89)
- «*os nosos casares que avemos en Ordeees*» (ano 1354, ROC, nº 92)
- «*na vila de Vilar dOrdeelas*» (ano 1363, ROC, nº 107)
- «*Ordeellas*» (ano 1420, ROC, nº 165)
- «*sub signo de Santa Maria de Villar de Ordeenlles*» (ano 1427, ROC, nº 180)

Para estes e outros topónimos semellantes debemos admitir a hipótese prelatina.

167. *ourego, ourogo*

As denominacións galegas do *Origanum virens* (VCN, 137), igual que o cast. *orégano* e o port. *ourego*, proceden dun latín vulgar AURIGĀNU, variante do clas. AURIGĀNU (Baltar Veloso, 1984, 290), que á súa vez deriva do grego οὐργάνος (DCECH, IV, 292-293). As dúas formas que figuran nos dicionarios, *ourogo* e *ourego*, foron xa recollidas por Sarmiento, que localiza a primeira en Bergondo (*Vegetables*, 224). Sarmiento recolleu tamén a denominación *ourego bravo* como sinónimo da *seixebra* (*Vegetables*, 2456; VCN, 137).

Na toponimia únicamente atopamos presenza da forma simple:

Regato da Valiña do Ourego, CdA na Mezquita (M304-1)

Carecemos de documentación antiga que permita confirmar a relación con este tema do topónimo *Oulego* (*San Miguel*), parroquia e lugar do concello de Rubiá. Dada a existencia de ríos chamados *Ouro*, *Oulo*, é moi probable que se trate dun hidrónimo prerromano, dunha raíz *-OR, e o mesmo debemos pensar do mencionado *Ourego*. Malia a apariencia, non é paralelo destas formas o nome do lugar chamado *Ourigo*, que figura no NG no Saviñao, pois corresponde a un antropónimo xermánico ODORICO (HGN, 203,7).

É posible que algúns derivados *AURIGANALE, *AURIGANARIA vivan na toponimia confundidos con outros fitotopónimos emparentados coa *uz* (*Urgal* < ULICALE, *Urgueira* < ULICARIA) (vid. 225).

168. *pan*

O gal. *pan* (< lat. PANE), ademais de designar o alimento elaborado, pode ter así mesmo valor fitonímico: «en lenguaje campesino llámase así al centeno, al trigo y también al maíz cuando están todavía en la LEIRA, próximos a madurar, o cuando ya están en la EIRA, los dos primeros dispuestos para la MALLA» (DEGC, III, 75). Con todo, non sempre resulta doador saber a orixe e o significado exactos que ten esta voz nos topónimos en que está presente.

168.1. Pan

O escaso corpo fónico do substantivo *pan* e as probables alteracións por cruzamento ou etimoloxía popular con outras voces obrígannos a considerar con reservas moitos dos topónimos en que aparentemente atopamos a forma simple. No territorio estudiado son os seguintes:

- Panforte* PnH en Melón (M224-2)
- Pampodre* ou *Pan Podre*, PnH en Quiroga (M189-2) .
- Fartapán*, PnH en Quintela de Leirado (M263-1)
- Quellepán*, Edp(n) en Toén (M225-2)
- A Champán*, Edp(n) en Cenlle (M187-3)

Podemos relacionar entre si os dous primeiros, nos cales atopamos o substantivo acompañado dos adjectivos *forte* e *podre*. Parece más probable que aludan ó centeo ou outro cereal e non ó alimento elaborado. Tal vez teñan relación con algúns das pragas periódicas, coma o *caruncho*, que afectaban ós cultivos: no primeiro dos casos designaría terras de cereal resistente; no segundo, de colleitas estragadas.

No primeiro elemento de formas coma *Panforte*, *Pampodre* debemos considerar tamén a posibilidade dunha alteración dun antropónimo *Pai*, hipocorístico de *Paio* (< PELAGIU). O nome *Paio*, de enorme uso na onomástica galega medieval, produciu numerosas lexicalizacións, case sempre seguido dun segundo elemento, para referirse a individuos con determinadas calidades. Moitas destas lexicalizacións chegaron ata o galego actual, como as comúns *paioco*, *pilaroco*, *pailán*, etc. (Navaza, 1991). Cremos que nalgúnha delas *pai-* se viu alterado en *pan-*; unha ollada superficial ó DEGC permite considerar esta orixe no primeiro elemento de formas como *panchulas* (III, 78), *panfornias* (III, 79), *panximicas*, *panximiqueiro* (III, 81).

A. Palacio ocupouse do topónimo *Panfolía*, EdP en Pantón, relacionándoo con *pan* e cualificándoo de «extraño topónimo» (Palacio 1981, 953), aínda que reconoce a presenza aparente dos substantivos *pan* e *folía* ‘tolería, loucura, xoldra, festa’. Cremos que se trata así mesmo dunha forma antropónimica *Pai Folía*, se cadra xa lexicalizada

como alcume composto. Sería entón unha forma idéntica a un antropónimo que atopamos en Carnota en documentos dos séculos XIV e XV:

«ââ Bouça das terças çinco millarias a par de **Pay Follia**» (ano 1399, FDU, nº 258)
 «que entesta de huna mââo e da outra con **Pay Fulia**» (ano 1433, FDU, nº 289)
 «so a Cura, que entesta de huun cabo **Pay Follia**» (ano 1433, FDU, nº 289)
 «fregesia de san Mamede de Carnota, que he na voz de **Pay Folya**» (ano 1434, FDU, nº 299)

Temos un exemplo dun uso antroponímico de compostos de *pan* no apelido ou alcume dun «*Antonio Pantrigo, vecino de Sabadelle*» (ano 1520, ROC, nº 388)

En *Fartapán* e *Fontapán* recollemos dúas variantes para un mesmo topónimo. A primeira ten como primeiro elemento unha forma relacionada co verbo *fartar*; a segunda, con *fonte*. Ignoramos cal é a forma antiga. Existe efectivamente un manancial que puido dar orixe á segunda denominación; a primeira podería aludir á produtividade das terras.

O NG recolle formas semellantes con preposición entre os dous elementos: *A Fonte de Pan* en Cambre e *A Laxe do Pan* na Illa de Arousa.

En *Quellepan* parece estar como primeiro elemento o substantivo *que(n)lla, que(n)lla* (< CANALICULA). Na zona, así e todo, o resultado común desta forma é *quenlle*, con *n*, coma no nome da veciña localidade de *Quenlle*, no mesmo concello de Toén. A falta de documentación antiga podería permitirnos considerar a hipótese dunha alteración de *Collepán*, cun primeiro elemento verbal *coller*, paralelo doutros topónimos que teñen un primeiro elemento verbal seguido do subst. *pan*: cf. *Esbarazapán, Gastapán, Mollapán* en Pantón (Palacio 1981, 949, 951) e o citado *Fartapán*. Coma noutros topónimos semellantes, *pan* pode referirse nese hipotético *Collepán* ó cereal (*coller* como ‘coleitar’) ou ó alimento, se cadra como metáfora relativa a terras produtivas. Non descartamos a posibilidade dunha orixe episódica ou anecdótica.

Téñase en conta que «En toda la región gallega se rinde al pan un respeto tan extraordinario que nuestros campesinos no lo arrojan al fuego ni lo tiran al suelo; y si alguna vez se cae lo recogen inmediatamente, besándolo, lo mismo que besan el que dan de limosna los pordioseros; y si se encuentra en el camino algún pedazo, nuestras gentes lo cogen, lo besan también y lo ponen respetuosamente donde no pueda ser pisado» (DEGC, s.v. *pan*).

O NG recolle *Mollapán* en Cambre.

Deste xeito poderíamos engadir para o topónimo *A Champán*, a falta de documentación antiga, unha explicación que o supón alteración relativamente recente dunha forma **Achapán*, igualmente episódica ou anecdótica, cun primeiro elemento do verbo *achar* ‘atopar’ (< AFFLARE), perdido no léxico común de moitas áreas de Galicia. Esta perda permitiría a alteración do topónimo, ó se volver opaca a forma do verbo *achar*.

Con estes debemos considerar o composto **Pancenteo** (vid. *centeo* 068.1), que figura no NG no concello do Rosal, e que contén o común *pancenteo ou pan centeo*, «el de harina de centeno, que se consume mucho en las aldeas oreñas, donde abunda ese cereal, que es el que más caracteriza las *terras de pan*, que son las de montaña» (DEGC, III, 75). Ten paralelo en *pantrigo*, «Pan de harina de trigo, que también se llama de molete. Llámase además *pan de boda* y *pan dos días de festa*, porque en la población rural de Galicia el pan que más se consume es el *pan centeo* y la *broa*» (DECG, III, 80). Xa vimos arriba o uso antropónimo de **Pantrigo**.

168.2. Paneiro, panadeiro

Nos derivados que localizamos, coma nas formas equivalentes do léxico común galego, consérvase o *-n-* intervocálico, o que permite consideralos semicultismos (cf. gal. *panadeiro*, port. *padeiro*).

O derivado por medio do sufijo correspondente a *-ARIU* está aparentemente presente en

O Paneiro, PnH en Baltar (M302-1)

O Paneiro, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)

Entre os significados da correspondente forma feminina *paneira*, figura nos dicionarios unha acepción como sinónimo de tulla «*dónde se recogen los granos de los cereales*» (DEGC, III, 79).

A Panadeira, PnH en Vilar de Santos (M264-1)

Contén igualmente un derivado de *pan*. Esta forma convive na fala con **A Penadeira**, o que nos obrigaría a considerar **A Panadeira** unha alteración por etimoloxía popular dun topónimo cun primeiro elemento *Pena* (< P̄NNA).

O NG recolle **Panadeiros** en Melide (cf. *Oleiros*, *Ferreiros*). **A Panadería**, na Estrada, debe de ser de creación recente. Un derivado en *-ARIU* da mencionada forma composta *pantrigo* é **Pantrigueira**, en Vilanova de Arousa.

169. paínzo

Sarmiento non inclúe o *paínzo* no seu *Catálogo de voces de vegetables* pero si no *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*, onde figura entre os cereais, tras *Trigo*, *Centeo*, *Millo meudo* e antes de *Avea* (*Catálogo*, 91 v). No seu coñecido traballo sobre a toponimia dos cereais de cultivo, A. Moralejo dedica

un capítulo á «toponimia del *painzo* o *panizo*» (TGL, 148 e ss). O substantivo galego *painzo* procede dun latín PANÍCÉUM OU PANÍCUM e pode referirse nalgúns casos ó *Panicum miliaceum* (o *millo* tradicional), aínda que propiamente alude ó *Panicum italicum* (Moralejo, id. ibid.), *Setaria itálica* (Merino, III, 234) ou *Setariopsis itálica* (Sampaio, *Flora*, p. 55: «com o nome popular de *painço* cultiva-se entre nós desde os tempos préhistóricos»). A confusión entre estas especies cultivadas parece común en moitas linguas (vid. supra *millo*).

O galego *painzo*, *paízo* (Merino, id. ibid.) corresponde ó castelán *panizo* e ó portugués *painço*. Nesta última lingua aplícase o adjetivo derivado *painceiro,-a* a outras especies bravas, coma a *milhã painceira*, *Setariopsis glauca* (Sampaio, *Flora*, 55). Como se dixo acerca do *millo miúdo*, a importancia destas gramíneas na economía e na alimentación tradicional antes da chegada do *millo* americano foi enorme. O seu nome «parece aludir también a su valor alimenticio si se relaciona con *panis* ‘pan’ y con el verbo *pasci* ‘alimentarse’, viniendo a significar ‘fruto o cereal de pan o de comer’» (Moralejo TGL, 147).

Na documentación atopamos frecuentes testemuños do cultivo deste cereal: «*in quo seminent unum sestarium de pane annuatim in terrenum cultum exiente inde milio et panicio*» (ano 1230, OSR1, nº 322).

169.1. Paínzo, paínza

Non atopamos na toponimia ningún exemplo coa forma simple do fitónimo. Moralejo fai remontar a un neutro plural PANÍCIA o nome de dous lugares de Arzúa e Tordoia chamados ***Paínza*** (TGL, 148). Con eles vincula ***Pinza*** en Sarria e outro ***Pinza*** que é nome de parroquia no territorio estudiado, no concello de Viana do Bolo. Isto esixiría unha evolución PANICIA > *Paíza* > *Peinza* > *Pinza*. A existencia dun topónimo ***Pinzais*** no mesmo concello parece reforzar esta hipótese, se ben neste caso a redución do ditongo prodúcese en sílaba átona, onde é más esperable. Debe considerarse, ademais, a presenza deste topónimo vianés nun documento datado no século IX onde aparece coa mesma grafía ca actual, o cal contradí a redución vocálica: «*Limia, Berrugio, Lemaos, Bebalos, Zepstos, Geurres, Pinza, Casavio, Verganos...*» (ano 886, BCM, T. 6, p. 350). Igualmente podería ser un derivado de PÍNU, *PÍNÍCÉA (vid. 177).

Si conteñen a forma simple correspondente a PANÍCÉU os 4 ***Paiço*** que figuran no DCP.

169.2. Painzal

Abunda na toponimia o derivado por medio do sufijo correspondente a -ALE, que dá lugar a diversas formas dependendo do resultado das vogais iniciais o da presenza ou non dun *n* (resultante da consonantización da nasalidade vocálica orixinada pola caída do *-n-* intervocálico).

Non recollemos no territorio estudo ningún exemplo coa forma singular *Pai(n)zal*, *Pei(n)zal*.

No NG figura **O Painzal** no Porriño e en Aranga e **Paizal** en Dodro. A variante **O Pinzal** é PnH en Nigrán, onde dá nome a unha urbanización. Moralejo menciona tamén un **Peizal** en Mos que non localizamos no NG nin no dicionario xeográfico de Madoz.

O DCP recolle 4 **Painçal**.

Na documentación antiga atopamos unha PnH idéntica non identificada na actualidade:

«per portum de Bouza Bona sicut dividitur de Cavanqua et sicut vadit ad cotoro de **Painzal** et per cautum de rotea de Pelagio Fernandi» (ano 1252, BM, p. 120)

Os exemplos recollidos no territorio estudo corresponden á forma do plural:

Paizás ou **Peizás**, EdP e parr. (*San Salvador*) en Ramirás

Paizás, PnH en Celanova (M263-1)

Peizás, PnH en Nogueira de Ramuín (M188-3)

Os Pinzais, PnH en Viana do Bolo (M228-3)

Peizais, PnH en Quiroga (M189-2)

Río Peizais, CdA en Quiroga (M189-2)

O **Paizás** de Ramirás atopámolo na documentación antiga:

«in illa bouza de **Paizaes** in agro de Auteiro» (ano 1217, *Fiñes*, nº 157)

«em peyçaas fiigrisia de sam Saluador deiras» (ano 1347, *RAM*, nº 309)

«a uos Giomar Martines natural de **Peiças**» (ano 1358, *RAM*, nº 328)

«en **Peyçaas**, ireysya de San Saluador d'Eyras» (ano 1369, *RAM*, nº 355)

«aldea de **Paiças**» (ano 1490, *RAM*, nº 547)

«que esta ena aldea de **Peyçaas**» (ano 1459, *RAM*, nº 496)

«ena aldea de **Peyças** onde chaman Ollo de Cabra» (ano 1483, *RAM*, nº 540)

«*S. Salvador de Eiras alias Peizaas*» (ano 1487, *BCMO*, T. 5, p. 355)

O de Nogueira de Ramuín:

«et fer in pena lobera et vadit ad **penizales**» (ano 1249, *BCMO*, T. 2, p. 292)

«e con nas quintas de **Peyçaes**» (ano 1302, *ROC*, nº 50)

«leira de **Peyçaas**» (ano 1421, *ROC*, nº 166)

O NG recolle 8 **Painzás** en Guitiriz, Lourenzá (3 tops.: **Painzás**, **Painzás de Arriba**, **Painzás de Abaixo** en 2 parroquias), Narón, O Valadouro, Vilasantar (2 tops.), 3 **Paizás** na Capela, Vedra e Vimianzo, 3 **Peizás** en Boimorto, O Corgo e As Neves, **Peizais** na Fonsagrada e **Pinzás** en Tomiño. Moralejo (TGL, 149) menciona un **Painzais**

na Pontenova, que non figura no NG e que debe ser o *Peizais* que aparece na cartografía (M24-4). No DCP hai 3 *Painçães*, 4 *Painçais*, 1 *Pinsais*, 1 *Pinsalinhos*.

Do *Pinzás* de Tomiño cita Moralejo unha forma *Painzaes* rexistrada en 1288 (TGL, p. 149). A algúns deles ha de referirse o apelido dun «*Diego Peres de Peynçaes*» que atopamos no ano 1352 (TzS, fol aV).

169.3. Panceira

Tamén é moi común o derivado co sufijo correspondente a *-ARIA*, *-ARIU*. No territorio estudiado localizamos:

A Paiceira, PnH en Bande (M301-2)

A Panceira, PnH en Baños de Molgas e Xunqueira de Ambía (M226-4)

As Panceiras, PnH en Boborás (M186-2)

As Peinceiras, PnH en Esgos (M188-3)

O NG recolle 6 (*A*) *Panceira* en Cedeira, Cerdido, A Estrada, A Laracha, Mesía e Vilalba; 2 *APanceira* en Muras e en Viveiro (este último como *Pancieira* no nomenclátor de 1981, pero *A Panceira* na cartografía, M8-2); *A Peiceira* no Saviñao; 2 *Panceiras* en Ortigueira e nas Somozas; *Panceiros* en Campo Lameiro (*Penceiros* na fala). Un *Rego de Panceiro* figura no mapa M23-1 no concello de Muras.

A algúns dos mencionados podería referirse o apelido toponímico dun «*Juan da Pençeyra, labrador, vesino e morador de san Pedro d'Outes, en el lugar de Canbeyro*» (ano 1537, FDU, nº 413).

169.4. Outros derivados

O NG recolle un exemplo de derivado co sufijo correspondente a *-AECA* *Paincegas*, en Cospeito.

Un derivado en *-OSA* é *Paizosa*, en Cuntis. No DCP figura un *Pai Souso* que baixo a apariencia antropónimica pode agachar o correspondente masculino (**Paiçoso*).

170. *palla*

O gal. *palla* (< lat. PALĒA) é o nome da cana das gramíneas despois de seca e separada do gran. Corresponde ó cast. *paja* e o portugués *palha*.

170.1. Palla

A forma simple está presente en:

A Palla, PnH en Vilariño de Conso (M227-4)

As Pallas, PnH en Monterrei (M302-4)

O NG recolle 2 *Aspallas* en Carballo, que interpretamos como *As Pallas. Porpalla*, en Ordes, podería representar un nome propio *Pero Palla*, cun uso antropónimico de *palla* como sobrenome ou apelido, coma o doutros exemplos semellantes que atopamos na documentación medieval: «*Petro Michaelis dicto Palla, tolleytoribus monete domini regis in Decia*» (ano 1283, OSR2, nº 1168); «*Teença de dom Johán Palla*» (ano 1352, TzS, fol aR).

170.2. Pallar, pallal

O derivado co sufijo correspondente a -ALE presenta comunmente a forma *pallar*, aínda que tamén existe a variante *pallal* (DEGC, III, 73). Ademais do valor propiamente fitonímico cando significa ‘meda de palla’, *pallar* e *pallal* poden designar tamén a construción destinada a almacenar a palla (*palleira*) ou que ten a cuberta de palla (DEGC, III, 73, s.v. *pallal*).

Polo regular atopamos na toponimia exemplos coa forma plural.

O NG recolle un único singular en *Pallarvello*, en Pedrafita, co adjetivo *vello* < VETÜLU. Na estrema galego-asturiana entre A Pontenova e Taramundi atopamos os topónimos menores *O Pallar*, *O Pallarín* e *O Pallarón* (M25-3), estes últimos cos sufíxos diminutivo e aumentativo.

No territorio estudiado atopamos

Adepallares, PnH en Verea (M263-2)

que intrerpretamos como *A de Pallares*. Temos a mesma estrutura en topónimos paralelos como, no mesmo concello de Verea, a PnH *Adabranca* (M263-2), a EdP *Ademourán* no veciño concello de Celanova e, nunha forma do plural con rotacismo, *Ardamestra* (= ILLAS DE ILLA MAGISTRA), PnH en Manzaneda (M227-4).

O NG recolle 3 *Pallares* nos concellos de Agolada, Cee e Monforte, ademais de *Ferreira de Pallares* e *Guntín de Pallares*, parroquias e lugares do concello deste nome, que conservan a denominación do antigo condado altomedieval e posteriormente xurisdición de *Pallares*.

O *Pallares* de Guntín atopámolo adoito na documentación medieval:

- «*Paliares comitatus*» (ano 569, *Lvcensia*, p. 166)
- «*comitatus quod nuncupant paliares*» (ano 1027, *Lvcensia*, p. 141)
- «*Insula mediana in palliaries*» (ano 1119, *Lvcensia*, p. 157)
- «*ecclias. de Pallares*» (ano 1118, *Lvcensia*, p. 167)
- «*Ferraria de Paliares*» (ano 1199, *Lvcensia*, 152)
- «*Ferreira de Pallares*» (ano 1283, *Lvcensia*, p. 152)
- «*ad Ferreram de Palares*» (ano 1259, OSR2, nº 845)

O *Pallares* de Monforte atopámolo na documentación antiga como *Pallares de Lemos* ou como *Pallares de Baamorto* (ano 1243, *Lvcensia*, p. 166).

A algúns dos dous *Pallares* lugueses han de referirse os apelidos idénticos que atopamos na doc. medieval do territorio estudiado: «*Fernan Pallares*» (ano 1283, OSR2, nº 1165), «*freey Gonçaluo de Pallares*» (ano 1490, RBV, nº 26), etc.

O plural correspondente á solución *Pallal* témolo no nome de dúas localidades de Tui chamadas *Palláns* (< PALEALES) cun *-n-* non etimolóxico consecuente da perda do *-l-* intervocálico.

Pode derivar deste topónimo ou doutro idéntico o apelido dun «*Fernando Pallaes*» (ano 1356, RBV, nº 3).

No DCP figuran 4 *Palhal*, 17 *Palhais*, 2 *Palhares*.

170.3. Palleiro, palleira

O derivado máis común no territorio estudiado é formado co sufijo correspondente a *-ARIU*, *palleiro*. Debemos ter en conta que o significado orixinario de moitos destes topónimos, igual ca nos do apartado anterior, non sempre é propriamente fitonímico, pois ademais de designar as medas que se forman coa palla, tamén poden dar nome a diversos tipos de cobertizos ou edificacións; en calquera caso, o seu nome garda relación coa *palla*, ben porque se destinaban ó seu almacenamento ou ben porque empregaban colmo ou palla como cubrición (vid. infra *pallota*). Temos derivados en *-ARIU*, *-ARIA* en:

O Palleiro, EdP en Ourense.

O Palleiro, Edp(n) en Cenlle (M187-3)

O Palleiro, PnH en Barbadás (M187-4)

Val do Palleiro ou *Val de Palleiro*, PnH en Laza e Cualedro (M264-2)

Val do Palleiro, PnH en Cualedro (M264-4)

Vilaríño dos Palleiros, EdP en San Xoán de Río

Os Palleiros, EdP en Monforte

Os Palleiros, Edp(n) no Carballiño (M187-1)

Os Palleiros, PnH en Castrelo do Val (M265-3)

Os Palleiros, PnH en Lobios (M336-1)

Os Palleiros, PnH en Riós (M303-2)

Os Palleiros, PnH en Vilar de Barrio (M227-3)

Alto dos Palleiros, PnH en Castrelo do Val (M265-3, M265-4)

Lombo dos Palleiros, PnH en Castrelo do Val e A Gudiña (M265-3, M265-4)

Portela dos Palleiros, PnH en Castrelo do Val (M265-3)

Val de Palleiros, PnH en Chandrex de Queixa (M227-1)

Corgo dos Palleiros, CdA na Gudiña (M265-4)

Regueiro dos Palleiros, CdA na Pobra de Trives (M227-2)

Regato dos Palleiros, CdA en Vilardevós (M303-4)

Río de Palleiros, CdA en Castro Caldelas (M189-3)

Río dos Palleiros, CdA en Monforte (M189-1, M189-3)

Palleirós (/ɔ/), EdP en Manzaneda, representa un diminutivo en *-ÓLOS*.

O NG recolle 2 ***O Palleiro*** na Cañiza e Vilalba, ademais do mencionado ***Os Palleiros*** de Monforte; e o feminino ***A Palleira*** en Cabana de Bergantiños, ***As Palleiras*** en Mañón.

No DCP contamos 2 ***Palheira***, 1 ***Palheiras***, 11 ***Palheiros***, 3 ***Palheirinhos***.

170.4. Pallota

Outros de derivados de PALEA que denominan construcións orixinariamente cubertas de palla son *palloza*, *pallaza*, *pallota*. Esta última é a forma máis común no territorio estudo. Eladio Rodríguez definea como «*casetas que se hace en las huertas y se cubre con paja... (...) // Choza, (...) PALLOZA*» (DEGC, III, 74), e dá significados semellantes para *pallazo*, *pallaza*, *palloza*. Temos os seguintes exemplos:

A Pallota, EdP en Piñor

A Pallota, EdP en San Amaro

A Pallota, PnH en Vilar de Santos e Rairiz de Veiga (M264-1)

A Pallota, PnH na Arnoia (M225-3)

A Ponte da Pallota, PnH en Ourense (M187-4)

O NG recolle 16 ***A Pallota*** en Dozón, Fene (2), Ferrol, Friol (2), Monterroso, Moraña, Narón, Palas de Rei (2), San Sadurniño (2), Santa Comba, Silleda e As Somozas; outra ***A Pallota*** en Vilalba (M23-4) non figura nos nomenclátores. E 2 ***As Pallotas*** en Guitiriz e Valdoviño. Outras variantes son 2 ***A Pallaza*** en Muras e O Vicedo; 6 (***A Palloza*** en Alfoz (2: ***A Palloza*** e ***A Palloza Pichín***), Lugo, A Pastoriza e Vilalba (2), e o plural ***As Pallozas*** en Mañón.

No DCP contamos 7 ***Palhota***, 1 ***Palhotas***, 5 ***Palhaça***.

Outro derivado con distinto sufijo é ***O Pallete***, PnH en Viveiro (M8-2).

170.5. Pallarega

Os derivados en *-ega* (< -AECA prerromano) son característicos da toponimia luguesa. ***Pallarega*** pode ter significado fitonímico (cf. *Carballarega*, *Millarega*, *Nabarega*, etc.) ou aludir, coma os anteriores, a unha construcción, pois E. Rodríguez define *pallarega* como «casa pequena cubierta con paja» (DEGC, III, 73). Este sufijo tamén pode formar xentilicios que, á súa vez, poden dar orixe a novos topónimos. O NG recolle 4 ***A Pallarega*** en Ortigueira, Ouro, O Vicedo e Viveiro. Un plural ***As Pallaregas*** é topónimo menor neste último concello (M8-2).

171. *papoula*

Papoula e *mapoula* son as denominacións galegas más comúns para varias flores do xénero *Papaver*, principalmente a *Papaver rhoeas*, a papoula común (VCN, 138). *Papoula* é a forma que recolle Sarmiento: «Papoula. Es la amapola de los trigos. De papavera» (*Vegetables*, 539). *Mapoula* é o resultado da disimilación de bilabiais.

Os dicionarios recollen para *papoia* un único significado que o fai sinónimo de *xoaniña* ‘insecto coleóptero’ (DEGC, III, 83; XLF, 670), mais cremos que poderíamos estar ante un *papoia* fitonímico, variante de *papoula*, *mapoula*, no topónimo

Papoias, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)

Krüger (cit. por DCECH, I, 232, s.v. *amapola*) recolle *papoya* como nome sanabrés da *papoula*.

172. *parra*

Parra ‘videira levantada artificialmente’ é voz común ós romances ibéricos, de orixe incerta. Ténense proposto etimoloxías prerromana e xermánica. Parece que o significado mencionado é secundario (DCECH, IV, 409-412). En ast. *parra* significa «cualquier mata espesa de árboles o arbustos» (Sánchez Vicente, 286). Outra voces afins teñen significados non fitonímicos: en provenzal hai *parran* ‘cercado, horto, xardín’; en ast. *parreru* é «pajar» (Sánchez Vicente, 286), ast. occid., *parreiro* ‘graneiro’, paralelo do gal. *parreiro*, «lugar onde se secan as castañas» (DEGC, III, 533, que o localiza en Baleira); tamén en gal., *parrocha* ‘caseta’. Isto parece indicar que o sentido inicial de *parra* foi o de ‘cercado’ ou ‘cuberto’, e que está emparentado co do latín medieval *parricus* ‘graneiro’, ‘cercado’, aínda que a procedencia última deste *parricus*, común ós romances e ó xermánico, é incerta; Corominas inclínase pola hipótese xermánica (Palacio, 1981, 339).

Xa que logo, é probable que algúns dos topónimos en que está presente esta forma ou os seus derivados non tivera en orixe carácter fitonímico e aluda a construcións. A mesma ambigüidade semántica presenta a voz *lobio*, port. *loivo*, de orixe xermánica, probablemente sueva, que noutras áreas de Galicia pode ter o significado de ‘emparrado de videira’, pero que no territorio estudiado é sinónimo de *alpendre*, *alboio* (así no concello que leva o nome de *Lobios*). No territorio estudiado atopamos o substantivo *parra* nos seguintes topónimos:

Campo das Parras, EdP en Pantón
Cavorco das Parras, PnH en Rubiá (M190-2)

E un derivado por medio do sufijo -ALE é

O Parral, PnH en Ourense (M187-4)

O DCP recolle 1 *Parral*, 5 *Parreira*, 2 *Parreirinha*, 4 *Parreiras*.

Xa fixemos alusión ó significado de *parrocha* como pequena edificación: «caseta para guardar herramientas o para guarecerse cuando se tiene una finca lejos de casa» (DEGC, III, 533, que localiza a acepción en Lemos). Unha acepción fitonímica dánola o P. Sobreira cando baixo *parrocha* escribe *videyra e cepa silvestre* (*Botánica*, 65 r, p. 255). E en ast. *parrucha* é «terreno poblado de parres» (Sánchez Vicente, 286), e *parres* son ‘matas espesas’, como vimos. Algún dos dous significados (como construcción ou fitonímico) ha de estar presente en:

A Parrocha, EdP en Maceda

A Parrocha, Edp(n) en Esgos (M226-1)

Outeiro da Parrocha, EdP en Maceda (M226-2)

O NG recolle 7 (*A*) *Parrocha* en Cabana, Paradela (2 tops.), Rodeiro, Vigo e Vilalba (2 tops.), ademais dun *Parruchas* en Miño. Ignoramos que significado poden ter os topónimos *Parrugueira* (Vilalba) e *As Parrugueiras* (Xermade), tal vez relacionados cun común *parrugueira*, variante de *parrumeira* e sinónimo de *borralleira*, que nas cociñas tradicionais é o «lugar en donde se echa la ceniza» segundo o DEGC (III, 533), que localiza a acepción en Xove; sería entón unha forma emparentada con *parrume* ‘feluxe, borralla’ ou *parruma* ‘borralla’.

O DCP recolle 1 *Parracha*, 1 *Parracheira*, que poderían ter orixer semellante a *parrocha*.

Outro topónimo posiblemente relacionado con *parra* é:

O Parrao, PnH nos Blancos, Xinzo de Limia e Baltar (M302-1)

Semella un derivado en -ANO, se cadra xentilicio. Non cremos que se trate de *Parral* cunha inaudita vocalización do -l- nin de *Parrado* con caída do -d- intervocálico.

Tampouco ha de ter relación con este tema unha PnH *Parrellos*, en San Xoán de Río (M189-4), que semella simple variante fonética dun *Perrellos*.

Podería estar emparentado con *parra* o topónimo *Parga*, nome de río, de parroquia e de antiga xurisdición en Guitiriz, e tamén de dúas aldeas en Zas e Pontedeume. O de Guitiriz aparece na documentación medieval como *Aparraca*, *Aparreca*, *Parreca*, *Parraga*, que debemos ler como esdrúxulos, e é «topónimo antiquísimo» (Rivas, 1991, p. 601). Del derivan outros topónimos como *Trasparga* e o xentilicio *Parraguesa*, que é nome dunha aldea no concello de Viveiro e na lingua común unha das denominacións da *barbantesa* ou *mantis* relixiosa. O a- que presenta na documentación antiga podería ser paralelo do dos topónimos *Aparral* (parroquia e dous lugares) das Pontes de García Rodríguez. Se *Parga* está emparentado co común *parra*, cobra máis peso a hipótese dunha orixe perromana, en lugar da xermánica que mencionamos arriba.

173. *pasto*

O verbo latino PASCERE significaba ‘apacentar o gando’. Algúns dos seus derivados teñen presenza na toponimia. De *pasto* < PASTU, procedente do seu participio, derivan o verbo *pastar* ‘pacer’ e o substantivo *pasteiro* ‘lugar de pastos’. Temos esta última forma en:

O Pasteiro, PnH en Oímbra (M303-3)

Os Pasteiros, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)

O lat. PASCUUM ‘pastizal’, «que ha dejado bastantes derivados galorrománicos (...), sólo dejó en la Península alguna huella suelta en la toponimia mozárabe (...) o en gallego antiguo *pascos* ‘pastos’ Gral. Est. gall. 89.29» (DCECH, IV, 332), está presente en:

Os Pazcos, PnH en Montederramo (M227-1)

E a forma correspondente ó plural PASCUA en:

A Pascua, PnH en Coles (M188-3)

Un derivado de PASCUUM por medio do sufijo -ALE é PASCUALE, presente en:

Pascais, EdP en Avión.

Pascual, PnH no Barco de Valdeorras (M190-3)

Piel, que estudiou o tema PASCUALE na toponimia peninsular, enumera os derivados que figuran no NG: **Pascual** en Lousame, **Pascal** en Muras e 2 **Pascais** en Avión e mais en Samos, ós que engade os portugueses **Pascoal** e **Pascoais** (Piel, 1954b, 37-38). Pode confundirse esta forma co antropónimo PASQUALIS, coma no nome do lugar de **Pascualmuñoz**, en Ávila.

Á mesma familia léxica de *pasto* pertence *pastoriza*. J. M. Piel ocupouse da presenza desta forma na toponimia: «*Pastoriza*, que traduce Carré como ‘pastizal, terreno de pasto abundante’, se limita como topónimo a Galicia, donde aparece una docena de veces. Portugal desconoce esta derivación PASTOR-ÍCIUS, -ÍCIA. Tenemos un aislado *Pastoria* (Chaves, VR), que está respecto de *Pastoriza* en la misma relación de *Vacaria* a *Vacariça*» (Piel 1954b, 39-40). No territorio estudiado por nós temos:

A Pastoriza, PnH en Carballedo (M188-1)

O NG recolle 17 (**A**) **Pastoriza** en Arteixo (parr. e lug.), Arzúa (2 tops. **Pastoriza a Nova**, **Pastoriza a Vella**), A Fonsagrada, Lousame, O Mañón, Marín, Noia, A Pastoriza (lug., parr. e cllo.), Rianxo, Ribadeo, As Somozas e Vila de Cruces (2 tops.).

O substantivo *pastor* está presente nun topónimo

As Fragas do Pastor, PnH en Carballeda de Valdeorras (M229-1)

E unha forma do verbo *pacer, apacer* en

Pazacordeiros, PnH en Porto (M266-2)

174. *pente*

Aínda que os dicionarios só recollen para *pente, peite e pieite* (< lat. PECTÍNE) o significado común de ‘utensilio para pentear o cabelo’, é probable que existise en galego unha denominación derivada de PECTÍNES, paralela da castelá *peines* (Font Quer, 761), para o *cardo bravo, Cardo fullonum* ou *Dipsacus fullonum* (VCN, 111), chamado en portugués *cardo penteador* (*Dipsacus sativa* en Sampaio, *Flora*, 555) e en español tamén *cardencha* e *cardo de cardar*. É unha especie moi común, e empregouse na industria tradicional da la. No *Dióscorides* de Andrés de Laguna dise respecto desta planta: «En esto conoceréis la gran providencia de la naturaleza y el cuidado que de nosotros tuvo, pues no solamente nos dio toda suerte de mantenimientos para sustentar nuestros cuerpos y mil diferencias de algodones, lanas y sedas para cubrirnos y defendernos de las injurias extrínsecas, empero también fue solícita de darnos instrumentos aptos y convenientes para adelgazar las semejantes materias y perficionar los paños que hiciésemos dellas, para el cual negocio son muy a propósito las cardenchas, de los griegos llamadas *dípsacos*. Crece por todo el mundo esta planta y no hay hombre que no la conozca, porque de sus erizadas cabezas ordinariamente se hacen las cardas» (cit. por Font Quer, p 762).

174.1. Pentes

É posible que teñamos un plural correspondente ó lat. PECTÍNES baixo as variantes *pentes* e *peites*, ademais dunha forma *pentas* nos seguintes topónimos:

Pentes, EdP e parr. (*San Mamede*) na Gudiña

San Lourenzo de Pentes, parr. na Gudiña

O Mesón de Pentes, Edp(n) na Gudiña (M266-3)

Río Pentes, CdA na Gudiña (M266-3)

Porta de Pentas, PnH en Lobios (M301-3)

Peites, EdP e parr. (*San Martiño*) en Ribas de Sil

Regueiro de Peites, CdA en Ribas de Sil (M189-4)

Na documentación antiga atopamos un ***Peitas*** hoxe non identificado:

«*et ipsa laria est de autario quod vocitant Peitas*» (ano 1221, ROC, nº 15)

Elixio Rivas ten identificado o *Pentes* da Gudiña co *Pinetum* do Itinerario de Antonino. Aínda que non dubidamos de que poida ser esa a localización da *mansio* dos romanos, o topónimo actual non pode proceder de PINĒTUM nin doutra forma emparentada (*PINĒTAS), pois en contextos fonéticos equivalentes sempre rexistramos sonorización do –t– intervocálico (PÍNĒTU > *Pindo*, SPÍNĒTU > *Espindo*, *Espido*...). Teríamos que admitir que *Pinetum* é unha falsa latinización dun topónimo prerromano semellante; nese caso deberíamos descartar o éntimo PECTÍNES para os catro primeiros topónimos da relación anterior.

174.2. Peitás

Non podemos saber se un probable derivado correspondente a PECTÍNALES que recollemos na documentación antiga

«*et sic per alia parte per Peitanes*» (ano 1096, CLN, nº 294)

«en *Peytaas*, terra de Cellanoua» (ano 1466, RAM, nº 514)

pode identificarse co topónimo co actual

Pintás, EdP en Calvos de Randín

Fóra deste, non temos no territorio estudo nin no NG ningunha forma derivada de PECTÍNE mediante este sufixo. O DCP recolle un diminutivo ***Pintainhos*** (< PECTINALÍNOS?).

174.3. Peitieiros

O NG recolle tres derivados correspondentes a PECTINARIU, PECTINARIA: ***Peitieiros***, parroquia en Gondomar, ***Peitieiras***, lugar en Ponteareas, ***Peiteiros***, lugar en Lugo.

Este último rexistrámolo como ***villa Peitanarios*** en 1088 e en 1133 (*Lvcensia*, 167, 168).

Poderían ser todos colectivos fitonímicos; pero os masculinos, dado que se trata de entidades de poboación, tamén poderían aludir ó oficio dos seus habitantes (cf. *Oleiros*, *Ferreiros*, etc.), neste caso escardadores de la ou artesáns dedicados á fabricación de *peites*, *pentes* ou *pieites*. Atopamos estas mesmas formas como alcume de profesión na documentación medieval:

«*Dominicus Iohannis dictus pectieyro de Cibran*» (ano 1273, OSR2, nº 1040)

«*Maria Martinz filla de Martin Peyteeyro*» (ano 1274, OSR2, nº 1068)

No DCP figuran 2 ***Pentieiros***, 1 ***Penteareiros***.

175. *pera, pereira*

O substantivo *pera* (< lat. PÍRA, plural de PÍRUM) denomina a froita de diferentes variedades do *Pirus communis*, e o seu derivado *pereira* (< lat. PIRARIA) é o nome da árbore que a dá. Os masculinos *pero* e *peruco* designan certas variedades de mazá (*Malus domestica*). A denominación común en Galicia da árbore que dá as peras é *pereira*; os dicionarios recollen o correspondente masculino *pereiro* co significado de «Pero, variedad del manzano común que produce el fruto llamado pero» (DEGC, III, 132). O masculino *pero* tamén é o nome da *pereira brava* e do seu froito «pequeño y de sabor acerbo», dos cales existen diversas variedades (DEGC, III, 135). Entre os diferentes nomes que reciben en galego estes *peros* da *pereira brava*, algúns pertencen a esta mesma familia léxica, como *perotes* e *perillotes* (Sarmiento, *Vegetables*, 2460).

175.1. Pera, pero

As formas simples *pero*, *pera*, con valor fitonímico, son infrecuentes na toponimia. Como primeiro elemento de topónimos compostos, formas idénticas constitúen polo regular os resultados do nome propio PĒTRU e o do común PĒTRA, respectivamente. No territorio estudiado temos exemplos do maculino en

Sabucedo dos Peros, EdP en Baltar

San Martiño dos Peros, EdP en Baltar

Fonte do Pero, PnH en Allariz (M264-1)

O NG recolle *Quinzán das Peras* en Chantada e *Vila de Peras* na Pobra de Brollón.

En posición átona, en topónimos compostos cun segundo elemento, a forma *Pera* pode ser o resultado de PĒTRA, como nos galegos *Perafita / Parafita* < PĒTRA FÍCTA, *Peralonga*, *Peralta*, etc., ou os portugueses *Peras Pardas*, *Peras Ruivas*, etc., o segundo documentado como *Petras Rubias* en 1090 (OM, 267).

175.2. Pereira, pereiro

Son numerosísimos os topónimos que conteñen formas correspondentes ós derivados PÍRARIA, PÍRARIU. Poden presentar homofonía con derivados de PĒTRA, pois *pereira*, *pereiro* son nalgún caso variantes alternativas de *pedreira*, *pedreiro* < PETRARIA, PETRARIU (cf. Rivas, 1982, p. 185). Só a documentación antiga pode dilucidar a orixe de cada topónimo; con todo, pensamos que a maioría deles ha de ser fitonímica. Dos aparentes fitotopónimos recollidos, só tivemos que

rexitar incontestablemente un diminutivo *Pereiroás*, en Pantón, que aparece na documentación medieval como *Petrariolas* (Palacio 1981, 266).

- Pereira*, EdP en Bande
- A Pereira*, EdP e parr. en Entrimo
- A Pereira*, EdP en Cortegada
- A Pereira*, EdP en Nogueira de Ramuín
- A Pereira*, EdP na Pobra de Trives
- A Pereira*, EdP en Rairiz de Veiga
- A Pereira*, EdP en Coles
- Pereira de Montes*, parr. na Merca
- Pereira*, EdP na Merca
- Pereira*, EdP en Piñor
- Pereira de San Tomé*, EdP en Ramirás
- Val de Pereira*, EdP en Ribadavia
- Pereira*, PnH en Monterrei (M302-4)
- A Pereira*, PnH en Bande (M263-4)
- A Pereira*, PnH en Carballeda de Valdeorras (M301-2)
- A Pereira*, PnH en Castrelo do Val (M303-1)
- A Pereira*, PnH en Monforte (M189-1)
- A Pereira*, PnH en Oímbra (M303-3)
- A Pereira*, PnH en Pobra de Trives (M227-2)
- A Pereira*, PnH en Quiroga (M189-2)
- A Pereira*, PnH en Ribas de Sil (M189-2)
- A Pereira*, PnH en San Xoán de Río (M189-4)
- A Pereira*, PnH en Sandiás (M264-1)
- A Pereira*, PnH en Vilardevós (M303-2)
- A Pereira*, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
- A Pereira*, PnH no Bolo (M228-1)
- Pereira Torta*, PnH en Sober (M188-2)
- A Pereira de San Martiño*, PnH no Bolo (M228-1)
- A Pereira do Cuco*, PnH en Parada de Sil (M189-3)
- Alto de Pereira*, PnH no Bolo (M190-3)
- O Castro de Pereira*, PnH en Cartelle (M225-2)
- Costa Pereira*, PnH en Lobios (M301-3)
- A Lama da Pereira*, PnH en Oímbra (M303-3)
- Monte da Pereira*, PnH en Coles (M188-3)
- Monte (de) Pereira*, PnH en Cartelle e Merca (M225-2)
- Outeiro da Pereira*, PnH en Rairiz de Veiga (M264-1)
- A Puza da Pereira*, PnH en Melón (M224-2)
- Riba da Pereira*, PnH en Beariz (M186-2)
- Valdepereira*, PnH no Irixo e Lalín (M154-3)
- Cima de Valdepereira*, PnH no Irixo e Lalín (M154-3)
- Pereiriña*, Edp(n) en Melón (M224-2)
- A Pereiriña*, EdP en Rairiz de Veiga
- A Pereiriña*, PnH en Toén e Barbadás (M225-2)
- A Pereiriña*, PnH en Monterrei e Castrelo do Val (M303-1)
- A Pereiriña*, PnH en Boborás (M186-2)

- A Pereiriña*, PnH en Laza (M265-3)
Coto da Pereiriña, PnH en Boborás (M186-2)
Fonte da Pereiriña, PnH en Laza (M265-1)
Regato da Pereiriña, CdA en Laza (M265-3)
- Pereiras*, EdP en Boborás
Pereiras, EdP en Taboadelo
Pereiras, Edp(n) en Padrenda (M263-1)
Pereiras, PnH en Sober (M188-2)
Pereiras, PnH en Cortegada (M225-3)
Pereiras, PnH en Cualedro (M302-2)
Porto Pereiras, EdP en Boborás
Alto das Pereiras, PnH en Laza (M264-2)
A Franqueira das Pereiras, PnH en Montederramo (M227-1)
As Pereiras, EdP en Celanova
As Pereiras, Edp(n) na Merca (M225-4)
As Pereiras, EdP en Monforte
As Pereiras, EdP en Montederramo
As Pereiras, EdP en Nogueira de Ramuín
As Pereiras, EdP en Quintela de Leirado
As Pereiras, EdP en Ramirás
As Pereiras, PnH en Castrelo do Val (M303-1)
As Pereiras, PnH en Montederramo (M227-1)
As Pereiras, PnH en Montederramo e Maceda (M227-3)
As Pereiras, PnH en Ourense (M187-4)
As Pereiras, PnH en Parada de Sil (M188-4)
As Pereiras, PnH en Quiroga (M190-1)
As Pereiras, PnH en Ramirás (M225-3)
As Pereiras, PnH en Riós (M303-2)
As Pereiras, PnH en Vilamarín (M187-2)
As Pereiras, PnH en Xinzo de Limia (M302-2)
Regato das Pereiras, CdA en Xinzo de Limia (M302-1, M302-2)
- As Pereiriñas*, PnH en Maceda (M226-2)
As Pereiriñas, PnH en Porqueira (M264-3)
- Pereiroa*, PnH en Cea (M187-1)
- O Pereiro de Aguiar*, que dá nome ó concello
O Pereiro, EdP e parr. e lug. na Mezquita
O Pereiro, EdP en Castro Caldelas
O Pereiro, EdP en Celanova
O Pereiro, EdP en Cenlle
O Pereiro, EdP en Coles
O Pereiro, EdP en Cortegada
O Pereiro, EdP en Laza
O Pereiro, EdP en Ourense
O Pereiro, EdP en Padrenda
O Pereiro, EdP na Pobra de Trives
O Pereiro, EdP en San Xoán de Río
O Pereiro, EdP en Vilamarín

- O Pereiro de Alén*, EdP no Pereiro de Aguiar
O Pereiro Novo ou O Pereiro de Arriba, Edp(n) na Mezquita (M266-3)
O Empalme do Pereiro, Edp(n) na Mezquita (M266-3)
Val do Pereiro, EdP en Nogueira de Ramuín
- O Pereiro*, PnH en Allariz (M264-1)
O Pereiro, PnH en Baltar (M302-1)
O Pereiro, PnH en Calvos de Randín (M302-1)
O Pereiro, PnH en Cualedro (M264-4, M302-2)
O Pereiro, PnH en Lobios (M301-1)
O Pereiro, PnH en Lobios (M301-3)
O Pereiro, PnH en Manzaneda (M228-1)
O Pereiro, PnH en Melón (M224-2)
O Pereiro, PnH en Monterrei (M302-2)
O Pereiro, PnH en Nogueira de Ramuín (M188-4)
O Pereiro, PnH en Riós (M303-2)
O Pereiro, PnH en San Cibrao das Viñas (M225-2)
O Pereiro, PnH en Sarreaus (M264-2)
O Pereiro, PnH en Trasmiras (M264-4)
O Pereiro, PnH en Viana do Bolo (M266-1)
O Pereiro, PnH en Vilar de Barrio (M227-3)
O Pereiro, PnH en Xinzo de Limia (M264-2, M264-3, M264-4)
O Pereiro, PnH na Merca e San Cibrao das Viñas (M225-4)
Coto da Lomba do Pereiro, PnH en Lobios e Entrimo (M301-3)
Coto Pereiro, PnH en Forcarei e Beariz (M153-4)
A Cruz do Pereiro, PnH en Sarreaus (M264-2)
As Laixas do Pereiro, PnH na Teixeira (M189-3)
A Lomba do Pereiro, PnH en Lobios e Entrimo (M301-3)
Monte Pereiro, PnH en Beariz, Forcarei, Lalín e O Irixo (M153-4)
A Pena do Pereiro, PnH en Castro Caldelas (M189-3)
Río do Pereiro, CdA na Gudiña e A Mezquita (M266-3)
Val do Pereiro ou Val de Pereiro PnH na Veiga (M228-1)
Val do Pereiro, PnH en Riós (M303-2)
Camíño de Val do Pereiro, PnH en Monforte (M189-1)
Cavorca de Val do Pereiro ou Val de Pereiro, CdA na Veiga (M228-3)
O Pereiriño, PnH en Vilar de Barrio (M227-3)
O Pereiriño, PnH en Ramirás (M225-3)
O Pereiriño, PnH en Manzaneda (M227-2)
- Os Pereiros*, EdP en Cartelle
Os Pereiros, EdP en Montederramo
Sospereiros (< SUB ILLOS PIRARIOS), Edp(n) en Xunqueira de Espadanedo
Corga dos Pereiros, PnH en Entrimo (M301-1)
Corga dos Pereiros, PnH en Padrenda (M263-1)
Os Pereiros, PnH en Chandrexá de Queixa (M227-1)
Os Pereiros, PnH en Laza e Sarreaus (M264-2)
Os Pereiros, PnH en Maceda (M226-1)
Os Pereiros, PnH en Manzaneda (M227-2)
Os Pereiros, PnH en Montederramo (M227-1)

Os Pereiros, PnH en Muíños (M301-2)
Os Pereiros, PnH en Ribas de Sil (M189-2)

Ademais dos mencionados, o NG recolle 52 lugares denominados **Pereira** ou **A Pereira** nos concellos de Aranga, Arbo, Baleira (2), A Capela (2 **A Pereira** e 1 **A Pereira de Abaixo**), Castroverde, Cee, Cervantes, Chantada (parr. e 2 EdP: **Pereira de Baixo** e **Pereira de Riba**), Cospeito, A Fonsagrada, Forcarei (parr. e lugar), Friol (2), Guitiriz (2), O Incio, A Laracha, Mesía, Monfero, Monforte, Nigrán, Ordes (parr. e lugar), Ortigueira (2), O Pino (parr. e lugar), A Pobra de Brollón, As Pontes, O Porriño, Rodeiro, Rois, San Sadurniño, Santa Comba (parr. e lugar), O Saviñao, Silleda, Taboada, Tordoia, Tui, O Valadouro, Valdoviño, Vilalba (4) e Vilagarcía de Arousa, ademais de **Pereiraboa** en Paradela, outra **Pereira Boa** en Xove, **Pereira Corval** en Cospeito, **Pereira Fera** en Ares, **Pereiramá** (< MALA) en Castroverde (parr. e lugar), **Pereirameá** (< MEDIANA) no Pino, **Pereira Parda** en Trabada, **Rego da Pereira** en Baleira e **Rego de Pereira** en Lourenzá.

Na documentación antiga atopamos así mesmo outros topónimos en que entra o elemento **Pereira** con distintos adjectivos: **Pereira Cabazal** («o agro que chaman da Pereyra cabaçâal, que jaz en Vilachââ (...) fregesia de sam Migel de Pereyra»; ano 1330, FDU, nº 101); **Pereira Cunca** («a meadade da pereyra cunqua» (ano 1436, FDU, nº 304); **Pereira do Campo** («Pereira do Câpo»; ano 1275, MdR, ACO Perg. Monac. nº 1201); **Pereira Xémea** («do leyro da Pereyra Gemea»; ano 1276, OSR2, nº 1109), etc.

O diminutivo por medio do sufijo correspondente a **-ÍNA**, (**A**) **Pereiriña**, dá nome a 5 localidades nos concellos de Carballo, A Cañiza, Cee (parr.), O Grove e Santa Comba.

Co sufijo diminutivo **-ÓLA** témolo en catro resultados diferentes: o comú **Pereiroa** en Castroverde, **Pereirúa**, na Fonsagrada, **Pereiruga** (3 tops., nos concellos de Frades, Mesía e Narón), cun **-g-** non etimolóxico orixinado pola semivocal velar (cf. o dialectal *filloga* < FOLIÓLA, *Bidugueras* < *BETULARIAS, *Sanxiago* < SANCTO IULIANO), e mais con redución **-ÓLA** > **-óa** > **-óo** > **-ó** en **Pereiró**, en Vigo.

Non recollemos ningún exemplo de **Pereiroá**, co desprazamento acentual característico dese sufijo diminutivo na toponimia de case todo o territorio estudiado. Si o temos en **Pereiroás**, en Pantón, pero non procede de PÍRARIÓLAS senón de PÉTRARIÓLAS. Palacio (1981, p. 266) cita documentación medieval que así o confirma (p.e.: **Petreiroas** en documento do ano 1243, RdS, nº 41). É posible que algún outro dos topónimos considerados aquí teña esta mesma orixe, como queda dito.

O correspondente plural (**As**) **Pereiras** figura no NG en Antas de Ulla, A Cañiza (onde hai tamén **Pereiras de Abaixo e Moledo de Pereiras**), Carballo, Castro de Rei, Coristanco, Cospeito, Covelo, Crecente, Curtis, A Estrada, Guntín, Meis, Melide, Mesía, Monforte 2 **As Pereiras** e 1 **Pereiras**), Mos (parr.), Ourol, As Pontes, Salvaterra, San Sadurniño, Santiago (2), Trazo, Vigo (2) e Zas, ademais dun diminutivo **Pereiriñas** en Ordes.

O masculino (**O**) **Pereiro** dá nome a entidades de poboación en Agolada, Alfoz (parr.), Cabanas, A Cañiza, A Capela (3), Chantada, Cervo, Cesuras, Dozón, A Estrada, Fene, Gondomar, Guitiriz, Guntín, O Incio, Irixoa, A Laracha (3), Lourenzá, Marín, Melide, Moeche, Muras (3), Narón, Noia (2: **Pereiro de Arriba** e **Pereiro de Abaixo**),

Ordes, Ortigueira, Ourol, Outeiro de Rei, Pantón, Paradela, A Pobra de Brollón, Poio, Ponteareas (2), As Pontes, Riotorto, Sarria (2), Silleda (2), Sobrado (2: *P. de Arriba e P. de Abaixo*), As Somozas, Valdoviño (2), Vigo, Vilalba (4), Vilanova de Arousa e Vilasantar, ademais de 2 *Pereiro Vello*, en Carballo e en Tordoia. 3 *Pereirón* que figuran no NG (1 en Castroverde e 2 en Palas de Rei) deben de conter un derivado en -ÓNE (cf. infra os portugueses *Pereirão*, *Pereirões*), áinda que tamén poderían representar un resultado do diminutivo en -ÓLU (cf. *Mosteirón* < MONASTERIÓLU, *Pazón* < PALATIÓLU). O plural *Pereiros* dá nome a localidades en Cerdido e O Valadouro.

Algúns topónimos menores idénticos a estes aparecen escritos na cartografía con *i* na vogal pretónica (*Pireiras*, *O Pireiro*), para representar a pechazón da vogal por efecto do ditongo *ei* da sílaba tónica. Non se trata, xa que logo, de formas que conserven anomalamente un *i* como resultado do ī breve latino; polo contrario, estas formas no latín dos documentos medievais aparecen adoito con *e*: *peraria*, *perario*.

Posuímos documentación medieval dalgún destes topónimos:

Pereira de Montes na Merca:

- «*et Peraria cum suas adjunctiones precipientes*» (ano 950, CLN, nº 7)
 «*hac karta scripsi in villa Peraria*» (ano 916, CLN, nº 576)
 «*et de alia parte per illo monte de Peraria*» (ano 1074, CLN, nº 488)

O Castro de Pereira, entre A Merca e Cartelle:

- «*subtus castro de Peraria discurrente rivulo Arnogie*» (ano 1027, CLN, nº 434)

Pereira en Cortegada:

- «*uno monte quod habemus in loco qui dicitur Pereyra*» (ano 1236, RAM, nº 22)
 «*quantum est inde de casali de Pereira de Uillauride de sub rego*» (ano 1248, RAM, nº 56)

Pereira en Entrimo:

- «*hereditate nostra propria que habemus in villa de Peraria*» (ano 1023, CLN, nº 486)
 «*villar de Lobos e lantemill e galez e pereyra*» (ano 1490, *Entrimo*, p. 265)

A Pereira en Nogueira de Ramuín:

- «*et in Conclauso et quantum habetis de Pereira*» (ano 1199, ROC, nº 11)
 «*con a vina da Pereira*» (ano 1427, RdS, nº 141)

Pereira en Piñor:

- «*hereditate quam habeo in Piraria et in Arinterio*» (ano 1244, OSR1, nº 537)

As Pereiras en Celanova:

- «*ad Perarias suos iermanos Batino et Gunzalva*» (ano 1077, CLN, nº 147)
 «*lugar das Pereyras que he ena fregesía de Santa María de Bobadela*» (ano 1467, VFD1, nº 87)

As Pereiras en Montederramo:

- «*Johā das Pereyras*» (ano 1307, HGP, nº 62)

Pereiras en Taboadela:

- «*in alia villa Perarias meam portionem quantum me in ea competitet*» (916, CLN, nº 576)

«*homines de villas de regalengo, de Perarias, Nonnelli et Spinoso*» (ano 1077, CLN, nº147)

O Pereiro de Aguiar:

«*em o Pereyro de terra dAguiar*» (ano 1342, ROC, nº 74; VFD1, nº 54)

«*Pero do Pereyro morador ena dita iglesia de Palmés*» (ano 1414, VFD1, nº 66)

O Pereiro en Cortegada:

«*en Valongo et en o souto que chaman o Pereyro*» (ano 1268, RAM, nº 161)

O Pereiro en Vilamarín:

«*casar de Pereyro, que jaz su signo de Santa Marina de Orvan*» (ano 1342, OSR3, nº 1615).

Dos non pertencentes ó territorio estudiado rexistramos na documentación antiga *A Pereira* da Pobra de Brollón: «*et Juan de la Pereira (...) de la Proua de Broolón*» (ano 1474, MdR, AHN, leg. nº 4910, c. 40); *Pereira* en Forcarei: «*Mando a San Bertolameu de Pereyra V soldos, pera candea*» (ano 1292, VFD1, nº 33); e *Pereira* no concello do Pino: «*Martin Pulgoso de Pereyra*» (ano 1315, FDU, nº 30); «*in filigresia sancti Michaelis de Peraria*» (ano 1318, FDU, nº 38); «*in filigresia sancti Michaelis de Peraria*» (ano 1321, FDU, nº 39); «*Johan Migelez, clérigo de Pereyra*» (ano 1326, FDU, nº 63); «*da Ponte que he enna friigresia de sam Migel de Pereyra*» (ano 1326, FDU, nº 69); «*que esta sobre la ponte de Pereyra*» (ano 1329, FDU, nº 92); «*friigresia de sam Migel de Pereyra*» (ano 1330, FDU, nº 94); «*en Vilacha en fregresia de sam Migel de Pereyra*» (ano 1330, FDU, nº 101); «*Uilla Chāa que he enna frijguesia de San Miguel de Pereyra*» (ano 1333, HGP, nº 10); «*friigresia de sam Migel de Pereyra*» (ano 1349, FDU, nº 207); «*da uoz d'Onega, que he enna friigresia de san Migel de Pereyra*» (ano 1350, FDU, nº 214), etc.

No DCP contamos 66 *Pereiro*, 48 *Pereira*, 20 *Pereiras*, 12 *Pereiros*, 4 *Pereirinha*, 2 *Pereirinhas*, 2 *Pereirinho*, 1 *Pereirão*, 1 *Pereirões*.

175.3. Pereda, peredo

Moito menos común cós anteriores é o colectivo formado mediante o sufíxo correspondente a *-ÉTA*, *-ÉTU*:

Pereda, EdP e parr. (*Santa Baia*) en San Cristovo de Cea

Pereda, EdP en Cartelle

Regato de Pereda, CdA en Cartelle (M225-1)

Regato de Pereda, CdA en Rubiá (M191-1)

O Peredo, EdP en Montederramo (M226-2)

Outeiro do Peredo, PnH en Montederramo e Laza (M226-2)

No NG figuran *Peredo* en Castroverde e *Ponte Pereda* en Santiago de Compostela.

O DCP non recolle ningún exemplo de *Pereda* na toponimia portuguesa e só 3 de *Peredo*.

O **Pereda** de Cea atopámolo amplamente documentado na Idade Media:

- «*et casale de Pereda*» (ano 1226, OSR1, nº 279)
- «*ad Petrum Petri de Pereda CXL solidos*» (ano 1235, OSR1, nº 399)
- «*iusta ecclesiam de Pereda*» (ano 1250, OSR1, nº 634)
- «*sub parrochia sancte Eulalie de Pereda*» (ano 1257, OSR2, nº 795)
- «*lohamnes Martin capellanus de Pereda*» (ano 1256, OSR1, nº 763)
- «*Iohannes Martin capellanus sancte Eolalie de Pereda*» (ano 1257, OSR1, nº 772)
- «*Iohannis Petri capellanus de Pereda*» (ano 1257, OSR2, nº 797)
- «*de Pelago de iusta Peredam de Bolo de Senda*» (ano 1258, OSR2, nº 822)
- «*in Foramontaos sub parrochia sancte Eolalie de Pereda*» (ano 1262, OSR2, nº 899)
- «*en friigesia de Pereda et de san Pedro de Mandraes*» (ano 1275, OSR2, nº 1086).

Peredo de Montederramo:

- «*Genestolam et Peretum et inde ad Penam de Cellairou*» (ano 1155, MdR, AHN Clero, Cpta. 1481, nº 11)

175.4. Peral

Temos un só exemplo do derivado correspondente a PÍRALE:

A Peral, PnH en Muíños (M301-2)

Trátase dunha forma feminina que en orixe puido ter valor colectivo ou simplemente designar a árbore (cf. *A Figal*, *As Nogais*, etc.).

Na documentación medieval atopamos a voz correspondente en textos en latín:

- «*pomiferis, saltis, perales, ficas, vel omnes arbores fructuosas vel infructuosas*» (ano 969, CLN, nº 246)
- «*ccersares, perares, ficas*» (ano 1001, CLN, nº 189)
- «*pumares, ceresales, amexinales, perares vel omnium frondium arbusculis*» (ano 1005, CLN, nº 187)
- «*pumares, cersales, perales, sautos, devesas, vineas, terras cultas vel incultas*» (ano 1005, CLN, nº 294)
- «*cum suas mazanarias et sua perare*» (ano 1010, CLN, nº 180)
- «*terrás, vineas, pumares, zeresales, ficas, perales, saltos, devesas, pascuis, paludibus, aquis aquarum, quantum in villa ad prestitum hominis est*» (ano 1022, CLN, nº 305)

Unha PnH **Perar do Bico**, en Ames, que aparece en documentos do século XV, podería conter este substantivo en -ALE ou ben unha forma proclítica dun derivado en -ARIU ou -ARIA, sexa a partir de PÍRA ou de PÉTRA (cf. *Outar de Pregos < ALTARIU, Sacardebois < SICCARIU*, etc.): «*a leyra de Perar do Biquo que ha Vaasquo Lopes*» (ano 1438, FDU, nº 313).

Atopamos na documentación antiga un derivado PÍRALE en función adxectiva nunha **maceira peral** que podería designar un *pereiro* ou árbore que dá os *peros*: «*est istra illa mazanaria perale de illa fronte*» (ano 1010, CLN, nº 318). Con todo, o que identificamos coma o mesmo sintagma aparece nun documento portugués tamén do

século XI como «*mazanaria petral*» (Cortesão, OM, p. 266), e noutro de Oseira do século XIV lemos «*a pereyra pedral dos Chaaos*» (ano 1312, OSR3, 1366). Serán derivados de *pedra* e aludirán se cadra á dureza da froita. En calquera caso, estas formas *pedral / peral* ilustran acerca da confluencia dos derivados de *PÍRA* e de *PÉTRA*.

O DCP recolle 6 *Peral* e 1 *Perais*.

175.5. Pereiral

Máis ca un derivado *PÍRARIALE con dupla sufixación en *-ARIA* e *-ALE*, a forma *pereiral* ha de ser unha formación romance a partir de *pereira*. É forma pouco común na toponimia e non a atopamos na documentación medieval. No territorio estudiado temos un só exemplo en:

O Pereiral, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)

No NG figuran 3 (*O*) *Pereiral* en Curtis, Cotobade e A Lama. O DCP recolle 1 *Pereiral*.

176. picanzo

Entre as denominacións da xilbarbeira, *Ruscus aculeatus*, algunas pertencen á familia léxica de *pico*, en alusión ás aguzadas puntas das follas. *Pico* é voz común a todos os romances de Occidente, e atribúeselle orixe prerromana ou ben considérase «de creación expresiva» (DCECH, IV, 518). Unha das denominacións é *picantel*, recollida por Sarmiento no Bierzo (vid. *mezquita* 154, *xardón* 233); outra, *picanceira* (Font Quer, 900; García 1991, II, 173). Un topónimo aparentemente relacionado con esta última é

Picanzo, PnH na Mezquita (M304-2).

O DCP recolle 1 *Picanços*, 1 *Picanceira*.

Tamén poderían ser orónimos (cf. tops. *Picato*, *Picouto*, *Picoto*, *Picaraña*, *Picaña*, etc.).

177. piñeiro

Piñeiro (< PÍNARIU, de PÍNU) é denominación común en Galicia para as distintas especies do xénero *Pinus*. O chamado *piñeiro bravo* ou *piñeiro do país* é a especie *Pinus maritima*. «É unha árbore naturalizada en Galicia, ora que a idea máis difundida e defendida é que procede de Portugal e que chegou no

século XVIII» (Castro et al. 1989, 167). Outras especies son o *piñeiro manso* ou *piñeiro real* (*Pinus pinea*), o *piñeiro albar* ou *piñeiro rubio* (*Pinus silvestris*) e o *piñeiro de repoboación* ou *piñeiro de Monterrey* (*Pinus insignis* ou *Pinus radiata*).

177.1. Piñeiro

O nome singular *piñeiro* está presente na toponimia con moita maior frecuencia cós derivados colectivos, o que nos leva a pensar que non eran comúns os bosques de piñeiros, senón que polo regular estas árbores se atopaban dispersas, en exemplares únicos, illados, como podemos observar nos que servían de referencia nas demarcacóns: «*deinde ubi stat pinarium, deinde ad Portum de Argimund*» (ano 1227, XEsP, nº 3); «*sicut vadit per ipsam viam pro pineyro*» (ano 1273, OSR2, nº 1042); «*en a orta grāde do arçibispo onde estaua o pigneyro*» (ano 1352, TzS, fol 47r). No territorio estudiado recollemos:

- Piñeiro*, EdP e parr. (*San Xoán*) en Maside
- Piñeiro*, EdP e parr. (*San Sebastián*) na Pobra de Trives
- Piñeiro*, EdP en Celanova
- Piñeiro*, EdP en Cenlle
- Piñeiro*, EdP na Merca
- Piñeiro*, EdP en Padrenda
- Piñeiro*, EdP no Pereiro de Aguiar
- Piñeiro*, EdP en San Amaro
- O Piñeiro*, EdP en Barbadás
- O Piñeiro*, EdP en Sober (M188-2)
- O Piñeiro*, Edp(n) no Barco de Valdeorras (M190-2)
- Piñeiro*, PnH en Cenlle (M187-3)
- O Piñeiro*, PnH en Cualedro (M302-2)
- O Piñeiro*, PnH en Monterrei (M302-2, M302-4)
- O Piñeiro*, PnH na Teixeira (M189-3)
- O Piñeiro*, PnH en Sarreaus (M264-2)
- O Piñeiro*, PnH en Oímbra (M302-4)
- A Chaira do Piñeiro*, PnH en Hermisende (M304-2)
- A Cruz do Piñeiro*, PnH en Lobios (M336-1)
- A Fraga do Piñeiro*, PnH na Mezquita (M304-2)
- A Laxa do Piñeiro*, PnH en Avión e Beariz (M186-2)
- O Marco do Piñeiro*, PnH en Muíños (M301-2)
- Monte Piñeiro*, PnH en Baños de Molgas (M226-4)
- Regato de Piñeiro*, CdA en Maside (M187-4)
- Regato do Piñeiro*, CdA en Hermisende (M304-2)
- As Searas do Piñeiro*, PnH en Vilar de Barrio e Sarreaus (M264-2)
- Serra da Cruz do Piñeiro*, PnH en Lobios (M336-1)

- Val de Piñeiro*, PnH na Gudiña (M304-1)
Os Piñeiros da Anta, PnH en Sarreaus (M264-4)
Os Piñeiros, PnH en Lobios (M336-1)
Os Piñeiros, PnH en Baltar (M302-1)
Os Piñeiros, PnH en Monterrei (M303-1)
Os Piñeiros, PnH en Vilardevós (M303-3, M303-4)
Rega dos Piñeiros, PnH en Castrelo do Val (M303-1)
Suspiñeiros, PnH en Castro Caldelas (M189-3)

Este último semella corresponder a *Suospiñeiros* (< SUB ILLOS PÍNARIOS), aínda que tamén podería pertencer á familia de *espiño*, *espiñeiro* (SUB SPÍNARIOS)

Son derivados diminutivos:

- O Piñeiriño*, PnH en Cartelle (M225-2)
Coto do Piñeiriño, PnH en Entrimo (M301-1)
Os Piñeiriños, PnH en Laza (M265-3)

E cun sufijo *-ón*:

- Piñeirón*, Edp(n) na Peroxa (M188-1)

que non corresponde a un éntimo derivado en *-ÓNE*, senón en *-ÓLO*, diminutivo, como amosa a documentación antiga:

«*sub parrochia supradicta sancti Petri, videlicet, illud casale quod Sancius Fernandi de Pineyroo*» (ano 1248, OSR1, nº 610).

O NG recolle máis de 150 (*O*) *Piñeiro* e de 30 (*Os*) *Piñeiros*, ademais de compostos como *Piñeiro da Alta* (en Carballo), *Piñeiro de Vales* (Cesuras), *Vilarpiñeiro* (Vedra), *Gallada de Piñeiro* (Mugardos), *Piñeiro de Valeixe* (A Cañiza), *Portapiñeiro* (< PORTU AD PINARIU) en Silleda, *Pena Piñeiro* (Palas de Rei), *A Chan de Piñeiro* (Bueu), *Pena dos Piñeiros* (Guitiriz) e 3 *Piñeirón* (en Orosa, Ribadumia e O Saviñao).

O DCP recolle arredor de 130 *Pinheiro*, 7 *Pinheirinho*, 7 *Pinheiros*, 3 *Pinheirinhos*.

Un exemplo excepcional de cultismo *Pinario*, conservado na forma latina pola presión da transmisión culta eclesiástica, é o nome do convento compostelán de *San Martiño Pinario*.

Algúns destes topónimos rexistrámoslos na documentación antiga:

- «*villa Pinnario, territorio Castelle*» (ano 926, CLN, nº 577)
 «*usque in terminos de Carinio excepto villa de Piniario*» (ano 932, CLN, nº 501)
 «*In Celtigos (...) sexta de Pinario integrar*» (ano 934, Celanova, 478)
 «*In Dezone alias villas (...) et de alia parte villa Pinniario*» (ano 993, CLN, nº 251)
 «*villa de Pinario (...) per illo fontano*» (ano 1002, CLN, nº 217)
 «*ipsa villa in valle Lemaense villa quod vocitant Pinario*» (ano 1005, CLN, nº 448)
 «*villam quam vocitant Piniario, territorio Tybris*» (ano 1055, CLN, nº 211)
 «*In Pinniario sancto Martino medio*» (ano 1063, CLN, nº 260)
 «*Pineiru in terra de Temees parrochie sante Eolalie de Buval*» (ano 1226, OSR1, nº 279)

- «*villa que dicitur Pineiru in termino de Olleirus*» (ano 1228, OSR1, nº 306)
- «*villa que vocatur Pineyru*» (ano 1235, OSR1, nº 402)
- «*unum casale populatum in Pineiro*» (ano 1239, OSR1, nº 448)
- «*in loco qui vocatur Pigneyro, in terra de Asma*» (ano 1243, OSR1, nº 517)
- «*Fernandus lohannis de Pineyro de Deza armiger*» (ano 1243, OSR1, nº 520)
- «*alium casale in Pinario*» (ano 1246, OSR1, nº 578)
- «*sub Partobia in loco qui vocatur Pineyro sub parrochia sancti Iacobii*» (ano 1258, OSR2, nº 826)
- «*Villar a que dizem Pineyro*» (ano 1262, HGP, nº 2)
- «*in Palaciis sub aula sancti Salvatoris de Pinario*» (ano 1264, OSR2, nº 912)
- «*de San Yohanne de Pineyro que iaz en terra de Besoucos*» (ano 1269, HGP, nº 4)
- «*parrochia sancti Salvatoris de Pinerio in territorio Tabulata*» (ano 1272, OSR2, nº 1015)
- «*na vila de Pineiro su sino de sa Migeel d-Oleiros*» (ano 1274, OSR2, nº 1078)
- «*en Pineyro et gaz su sino de santa Maria de Deçon*» (ano 1296, OSR2, nº 1250)
- «*dos figos que nos avemos en a nossa villa de Pineyro*» (ano 1300, OSR2, nº 1302)
- «*e a mia uiña de San Saluador do Piñeyro*» (ano 1303, VFD1, nº 42)
- «*in villa de Pignario (...) filigresia sancti Christophori de Rex*» (ano 1313, FDU, nº 27)
- «*villis de Pignario et de Freyria (...) filigresia sancti Christophori de Rex*» (ano 1316, FDU, nº 33)
- «*San Tomé de Pineyro*» (ano 1317, MdR, AHN Clero, Cpta. 1491, nº 18)
- «*o agro que chaman do Pineyro*» (ano 1325, FDU, nº 59)
- «*Sam Tomé do Pineyro que he en terra de Morraço*» (ano 1338, MdR, AHN Clero, Cpta. 1493, nº 16)
- «*en Pineyro, et mays quanto auya enna friigresia de sam Christouoo de Reys*» (ano 1340, FDU, nº 175)
- «*villa de Pigneyro de Suso, da fligesja de Santa María de Perros*» (ano 1352, TzS, fol 65r)
- «*hūu cassal en San Ssimō do Pineyro*» (ano 1352, TzS, fol 22r)
- «*ēno Pineyro, que he ēna Meyá, ēna fligesja de Sam Fijz de Briō*» (ano 1352, TzS, fol 63v)
- «*Fernā Peres de Vilar Pineyro*» (ano 1352, TzS, fol 26v)
- «*aa iglesia de San Mamede de Piñeiro*» (ano 1365, VFD1, nº 58)

177.2. Pino

A forma patrimonial correspondente ó latín *PINU*, que sucumbiu ante a procedente de *PINARIU*, é *piño*. Outra variante *pino*, pola conservación do *-n-* só pode ser considerada en galego un cultismo ou un castelanismo. A súa presenza na fala como substantivo común, competindo co tradicional *piñeiro*, ha de ser recente, e moi probablemente coincidiu a súa expansión coa expansión do “piñeiro bravo” ou “piñeiro do país” (*Pinus marítima*), no século XVIII. No século XIX *pino* xa era voz habitual e non se sentía allea ó galego, como testemuña o uso que fai dela o poeta Eduardo Pondal. En calquera caso, é significativa a ausencia

de *piño* na toponimia maior de Galicia. Podemos conjecturar que os escasos topónimos en que aparece *pino* han de ser recentes, do XVIII ou posteriores, ou son castelanización de formas con nasal palatal. No noso territorio rexistramos os seguintes:

- Os Pinos*, EdP en Ramirás.
- O Pino*, Edp(n) en Ourense (M187-4)
- O Pino*, PnH en Cortegada (M225-3)
- O Pino*, PnH en Cualedro (M302-2)
- Entrepinos*, PnH no Pereiro de Aguiar (M188-3)
- Monte dos Pinos*, PnH en Sober (M188-2)
- Montes do Pino*, PnH na Teixeira e Castro Caldelas (M189-3)
- Regato dos Pinos*, CdA en Porqueira (M264-3)

O NG recolle 10 *Pino* ou *O Pino* en Cospeito (parr. e lugar), Guitiriz, O Pino (lugar, parroquia, concello), A Pobra de Brollón (parr.), Val do Dubra e Vilalba (2), ademais de *Pino de Val* en Mazaricos, *Pedra do Pino* en Ribeira, *Os Pinos* no Valadouro, *Pinos* en Carballo.

No DCP non existe ningún top. con esas formas, áinda que si figuran 3 *Pinho*.

Algúns dos que presentan o singular *pino* poderían non ser fitonímicos e explicarse polo adjetivo *pino*, *pina* ‘empinado, en costa’, vivo na fala do territorio estudoado mais polo xeral ausente da tradición dos dicionarios galegos; rexístrao E. Rivas (*Frampas I*, s.v.). Outros *Pino* ou *O Pino* que aluden á árbore han de ser topónimos recentes ou son formas castelanizadas.

O lugar, parroquia e concello do Pino atopámolo rexistrado na documentación antiga con nasal palatal:

- «*de casali de Nido in filigresia sancti Vincencii de Pino*» (ano 1237, FDU, nº 1)
- «*en fligesja de Sam Viçenço do Pigno*» (ano 1352, TzS, fol 68v)
- «*Pineyro, que enna frigresia de san Viçenço do Pynno*» (ano 1350, FDU, nº 214)

de aí que nos inclinemos a crer que a forma actual *O Pino* é resultado dunha castelanización ou, se queremos, unha latinización culta do patrimonial *San Vicenzo do Piño*.

Outros topónimos semellantes, hoxe non identificados, que aparecen na documentación antiga son:

- «*I. Iohannis de Pino, I. Pelagii de Martur*» (ano 1245, OSR1, nº 568)
- «*Fernandus de Pino mancipium fratris Iohannis*» (ano 1248, OSR1, nº 610)
- «*agro que est en Feruenzas que fuy de Pay Rodriguez, que chamã do Pino*» (ano 1262, HGP, nº 2)
- «*per casale meum de Pinu*» (ano 1255, OSR1, nº 737)
- «*et alia duo in loco qui vocatur Pinu*» (ano 1258, OSR2, nº 824)

Dado que son textos en latín, é moi probable que correspondan a *Piño* e non a *Pino*. Será *Piño* sen dúbida se son fitotopónimos, pois esa era a forma medieval. Edicións

recentes da lírica profana galego-portuguesa reproducen como «*ai flores, ai flores do verde pino*» o célebre verso de don Dinís, pero xa a edición de Nunes transcribia «*pīo*» e noutra cantiga de amigo do mesmo autor aparece inequivocamente a «*frol do pinho*».

O NG rexistra lugares chamados ***Pin*** na Fonsagrada e Navia de Suarna (parr., cos lugares de ***Pin de Abaixo*** e ***Pin de Arriba***). Piel fainos derivar do xenitivo do antropónimo PINIUS, aboado por Schulze, 209, e admite que un nome PINUS tamén o «explicaría satisfactoriamente» (Piel 1948, 326). Kajanto recolle efectivamente un cognome PINUS (Kajanto, 335). Dado que se atopan nunha zona onde o sufijo -ÍNU ofrece o resultado -ín (*camín, padrín*, etc.), tamén poderían ter orixe fitonímica.

Outro antropónimo, derivado diminutivo de PINUS ou PINIUS é PINIOLUS (Piel 1948, 327), que atopamos como nome relativamente común nos séculos X e XI (p. ex., no Tombo de Celanova), e que explica varios topónimos maiores do territorio estudiado, procedentes do xenitivo PINIOLI: ***Piñoi*** (en Muíños), ***Piñón*** (en Cortegada) e ***Piñor*** (parroquia en Barbadás e lugar, parr. e concello en Piñor, coñecido como ***Piñor de Cea***). Este último aparece rexistrado desde o século XI na documentación de Oseira.

Estas diversas soluciones de antropotopónimo PINIOLI repítense no NG en ***Piñoi*** (4 tops. en Cesuras, Covelo, A Estrada e Lalín), ***Piñón*** (Cerdido), ***Piñor*** (5 tops. en Ames, Castro de Rei, Melide, Santiago e Taboada) e ***Paradapiñol*** en Quiroga.

No DCP figuran 7 ***Pinhão***.

177.3. Piñeira

O feminino correspondente a PINARIA (> *Piñeira*) debu ter en orixe un significado colectivo como ‘lugar de piñeiro’. Relativamente común na topónimia asturiana (García Arias, 130-131), en Galicia atopámolo principalmente na toponimia maior e sobre todo nas provincias de Lugo e Ourense, mentres que case está ausente do resto de Galicia e de Portugal (O DCP, fronte ós más de 130 *Pinheiro*, só recolle 1 *Pinheira*). No noso territorio temos:

Piñeira, EdP en Cartelle

Piñeira, EdP en Castro Caldelas

Piñeira (*San Cristovo*), parr. e 2 EdP (***Piñeira de Arriba, P. de Abaixo***) en Ribas de Sil

Piñeira de Arcos (*San Xoán*), parroquia e EdP en Sandiás

Piñeira Seca (*Santo André*), parr. e EdP en Xinzo de Limia

Piñeira de Abaixo, Edp(n) en Sandiás (M264-1)

Piñeira de Arriba, Edp(n) en Sandiás (M264-1)

Piñeira Escura, PnH en Leiro e Carballeda de Avia (M187-3)

Camino de Piñeira, PnH en Trasmiras (M264-4)

Regato de Piñeira, CdA en Castro Caldelas (M189-3)

Río Piñeira (ou ***Río de Piñeira*** [de Arcos]), CdA en Sandiás (M264-1)

Atopámolos na documentación antiga:

«*In Caldelas Piniaria media*» (ano 942, CLN, nº 2)

- «*In Caldelas media Pinaria*» (ano 934, CLN, nº 478)
 «*in Caldelas Piniaria media*» (ano 943, CLN, nº 172)
 «*territorio Limie subtus monte Civitatella discurrente rivulo Pinaria*» (ano 996, CLN, nº 303)
 «*territorio Limie (...) cum villa de Pinaria*» (1103, CLN, nº 31)

Un diminutivo PINARIOLA, co característico desprazamento acentual, topónimo replicante do veciño lugar de *Piñeira*, é

Piñeiroá, EdP en Castro Caldelas.

No NG, ademais dos ourensáns, figuran 15 *Piñeira* en Baralla (parr. e lug.), Folgoso do Courel, A Fonsagrada (parr. e lug.), Monforte (parr. e lug.), Ribadeo (parr.), Ribas de Sil (parr. e 2 lugs.: *Piñeira de Arriba e Piñeira de Abaixo*), Sarria (parr. e lug.), Taboada (parr. e lug.), o pl. *Piñeiras* en Guntín (parr. e lug.), *Pedrapiñeira* en Salvaterra e un diminutivo *Piñeiroa* en Láncara.

177.4. Piña

A piña (< lat. *pīNA*) dos piñeiros, tradicionalmente empregada como combustible, está presente na toponimia do territorio estudo en

As Piñas, PnH en Xinzo de Limia (M302-2)

O NG recolle 1 *Piña* en Carballo e 1 pl. masc. *Os Piñas* no concello de Creciente, que é sen dúvida un alcume familiar ou un apelido (cf. na mesma parroquia as entidades chamadas *Os Fernández*, *Os Gorrións*...).

No DCP figuran 4 diminutivos en -óLA: 3 *Pinhó* e 1 *Pinhoa*.

177.5. Piñeiral

O derivado en -ALE a partir de *piñeiro* é *piñeiral*. Témolo en

- O Piñeiral*, EdP en San Cibrao das Viñas
O Piñeiral, PnH en Cenlle (M187-3)
O Piñeiral, PnH en Cartelle (M225-1)
O Piñeiral, PnH en Castrelo de Miño (M225-1)
O Piñeiral, PnH en Entrimo (M301-1)
O Piñeiral, PnH na Merca (M225-4)
O Piñeiral, PnH en Pantón (M188-2)
O Piñeiral, PnH na Peroxa (M188-1)
O Piñeiral, PnH en Punxín (M187-4)
O Piñeiral, PnH en Toén (M225-2)
O Piñeiral da Frieira, PnH en Castrelo de Miño (M225-1)
O Piñeiral de Rabal, PnH en Celanova (M225-4)
O Piñeiral do Manguíño, PnH en Verín (M303-3)

No NG só atopamos 1 **O Piñeiral** en Arzúa, ademais do ourensán. O DCP recolle 6 **Pinheiral**.

177.6. Piñal

Outro derivado en **-ALE**, correspondente ó lat. **PÍNALE**, ten como resultado galego *piñal* ou *piñar*. No territorio estudiado temos un único exemplo en:

O Piñal, PnH en Cualedro (M302-4)

Non hai no NG outro topónimo semellante. No DCP figuran 27 **Pinhal**, 1 **Pinhais**, 1 **Pinhalzinho**.

Son más comúns, pola contra, as formas con **-n-**, *Pinal* e *Pinar*. O primeiro podemos consideralo un derivado galego do castelanismo *pino*; o segundo é simplemente voz castelá. Xa que logo, han de ser topónimos recentes ou alteracións castelanizantes de formas con nasal palatal:

O Pinal, PnH en Cualedro (M302-2)

O Pinal, PnH en Verín (M303-1)

O Pinal, PnH en Vilardevós (M303-4)

Regueiro do Pinal ou **da Fonte de Curros**, CdA en Verín (M303-3, M303-4)

A Fenteira do Pinal, PnH en Vilardevós (M303-3)

O Pinar, PnH en Viana do Bolo (M266-1)

O Pinar, PnH en Monforte (M189-1)

O Pinar, PnH en Verín (M303-3)

O Pinar, PnH en Castro Caldelas (M189-3)

O Pinar, PnH no Bolo (M228-1)

O Pinar, PnH en Sober (M188-2)

Pinar das Bouzas, PnH en Piñor de Cea (M154-3)

Pinar de Santa Bárbara, PnH en Ribas de Sil (M189-2)

O NG recolle 1 **O Pinal** na Estrada e 2 **Pinar** en Ribadeo e Sarria.

177.7. Outros derivados

É probable que teña relación co tema de **PÍNU**

Pinza EdP e parr. (*Santa María*) en Viana do Bolo

Moralejo (TGL 149) inclúe **Pinza** (3 no NG: parr. e lug. en Viana, parr. e lug. en Sarria –*A Pinza*–, e EdP en Tui) entre os derivados de **PANÍCIU**, como resultado dunha redución *Paínza* > *Pinza*, de xeito paralelo a *Painzás* > *Pinzás* (se ben neste último a redución vocálica ten lugar en posición átona). O nome desta parroquia xa aparece escrito **Pinza** en documento do ano 886 (BCMO, T6, p. 350), polo que cremos con Piel (1975a, p. 56) que é un derivado de **PÍNU** (***PÍNÍCĒA** > *Piiza* > *Pinza*, cf. *Sainza* < **SALÍCĒA**;

carballiza, biduíza, etc.). Palacio tamén explica a partir de PÍNU o topónimo menor **Pincias**, en Pantón: «Es el equivalente del topónimo portugués *Pinzio*, documentado antiguamente *Piizeo* (cfr. J. da Silveira, RL XXXV, 119) que deriva del tipo *PIN-ICIUS, comparable a *CASTAN-ICIUS, origen de los topónimos portugueses *Castainço, Castainça, Castainçal, Castainças, Castainceira*. Este derivado *PIN-ICIUS tendría el mismo valor que PIN-ĒTUM ‘pinar’ y sería también el origen del topónimo *Pincelo*» (Palacio 1981, 233). O NG recolle 1 **Pincelo** en Chantada, que tamén podería explicarse simplemente como diminutivo de PÍNU, *PINICĒLLU (cf. *montecelo, producelo, portocelo...*).

Una evolución paralela, neste caso co sufijo correspondente a -ĒTU, é o coñecido topónimo **O Pindo**, nome de monte, de parr. e lug. en Carnota, que semella máis explicable a partir de PÍNĒTU (como *Espindo* < SPINĒTU) ca de PÍNNĒTU.

Podería ser un derivado con dupla sufixación *PINALÍCEA (cf. *trigainza*) o topónimo

A Piñanza, PnH en Cenlle (M187-3)

178. *piorno*

O VGN dá para o substantivo *piorno* o significado impreciso de “xénero *Genista*” (VCN, 140). Xa o P. Sobreira explicaba: «Piorno. Es un nombre que siempre significa la gesta, pero cada país lo aplica a gesta diferente. Como quiera, el verdadero piorno lo hay en Caldelas. Arborece, tiene espinas y fronzas muy gruesas» (*Botánica*, 257). Sarmiento definía o piorno como «un árbol (...) echa vainitas parecidas a las del codeso (...). La madera parece de gesta, y todo el árbol también desde lejos» (*Vegetables*, 816). Tamén se aplica a outras especies vexetais distintas: «*Piorno*. Hacia Bayona llaman así (no a la especie de gesta) a una especie de carrasco espeso y rastrero, que solo nace en las Islas de Bayona, de donde las traen, y únicamente para la lumbre» (*Vegetables*, 1651). O nome procede «probablemente del lat. VÍBURNUM, planta semejante al mimbre; *viorno debió de cambiarse en *piorno* por influjo de otra palabra, probablemente *pino*, porque las matas de piorno tienen la apariencia de un pequeño pino» (Corominas, DCECH, IV, 561).

Existe unha variante feminina recollida por Sarmiento: «*Piornas. Piornos* con dos hojas, de dos en dos, pero más largas que las de la gesta» (*Vegetables*, 220); «También el *piorno* se llama en Montes *piorna*» (*Vegetables*, 838).

Ademais destes, debemos ter en conta outro significado de *piorno* como «hórreo, variante común en comarcas pontevedresas y otras; CABAZO, HORRIO» (DEGC, III, 155), aínda que cremos que nos máis dos casos ha de ser o fitonímico

o que motiva a súa presenza na toponimia. A distribución xeográfica permite consideralo como característico da Galicia oriental (vid. Apéndice, mapa 13). Fóra de Galicia, atopámolo en Asturias, León e Cáceres.

En Portugal non recolle o DCP ningún topónimo pertencente a este tema léxico, aínda que si existe en portugués a voz *piorno*, que designa varias especies de xestas: *piorno a Retama sphaerocarpa*, *piorno branco a Retama monosperma* e *piorno-dos-tintureiros a Genista florida* (Sampaio, *Flora*, 690).

178.1. Piorno

Temos a forma simple nun único topónimo:

Os Piornos, PnH en Xinzo de Limia (M302-2)

E a forma feminina en:

Monte Piorna, PnH en Rubiá (M157-3)

Piornela, PnH en Vilariño de Conso (M227-4)

Alto de Piornela, PnH en Vilariño de Conso (M227-4)

Nestes últimos cun diminutivo en -ELLA.

178.2. Piornal

O derivado en -ALE é o que ten maior presenza na toponimia:

O Piornal, PnH en Bande (M263-4)

O Piornal, PnH en Lubián (M266-4)

O Piornal, PnH no Barco de Valdeorras (M190-2)

O Piornal, PnH en Montederramo (M227-1)

O Piornal, PnH na Pobra de Trives (M227-2)

O Piornal, PnH en Vilar de Barrio (M265-1)

O Piornal, PnH en Viana do Bolo (M266-1)

Piornais, PnH na Veiga e Porto (M228-4)

Os Piornais, PnH en Hermisende (M304-2)

Os Piornais, PnH na Gudiña (Cruz, 39)

Estes últimos co resultado -ALES > -ais, propio da área oriental do territorio (fronte ó resultado do resto de Ourense -ALES > -ás).

178.3. Piornedo

O derivado en -ETU:

Piornedo, EdP e parr. (*Santa Eufemia*) en Castrelo do Val

- O Piornedo*, PnH en Pobra de Trives (M227-2)
O Piornedo, PnH en Nogueira de Ramuín (M188-3)
Montes de Piornedo, PnH en Castrelo do Val (M265-4)

O NG recolle lugares chamados *Piornedo* en Cervantes e O Incio, ademais dos de Castrelo do Val.

Na documentación antiga rexistramos o lugar de *Piornedo* en Castrelo do Val:

- «decimo villare que dicunt *Piorneto*» (ano 940, CLN, nº 456)
 «Cortegada, *Piornedo*, Petroso, Pelagouzos, Orriolos» (ano 1029, CLN, nº 457)
 «Domīgo Peres de Cápo de Bezerros (...) Domīgo Peres de *Piornedo*» (ano 1321, MdR, AHN Clero, Cpta. 1492, nº 6)
 «Affonso de Peornado» (ano 1410, MdR, AHN Clero, Cpta. 1499, nº 5)

178.4. Piorneiro

Menos común é o derivado co sufijo correspondente a *-ARIU*. Temos un único exemplo en:

O Piorneiro, PnH en Laza (M265-3)

179. planta

Os derivados de *PLANTA* e *PLANTARE* presentan na toponimia e na lingua común dúas series, unha con derivados patrimoniais con palatalización do grupo inicial, e outra con cultismos que conservan o grupo consonántico inicial *pl-*.

Non recollemos no territorio estudo ningún exemplo da forma simple. No NG figura un lugar chamado *A Planta* no concello do Vicedo, pero non temos información acerca do seu significado nin da súa antigüidade.

179.1. Plantío

Con conservación do grupo inicial, a forma más común é *plantío*, que os dicionarios definen como «lugar o sitio donde se plantaron vegetales recientemente» (DEGC, III, 159), e ten relación cunha das acepcións do verbo *plantar* que é «meter o introducir en la tierra el vástagos de un árbol o de otra planta. || Poblar de matas un terreno» (DEGC, III, 159), «plantar o clavar en la tierra una rama verde para que prenda y arraigue» (Palacio, 1981, 195).

Está presente esta forma nos seguintes topónimos:

O Plantío, PnH en Lobios (M301-3)

- O Plantío*, PnH en Montederramo (M227-1)
O Plantío, PnH en Monterrei (M302-4)
O Plantío, PnH en Porqueira (M264-3)
O Plantío, PnH en Quiroga (M189-2)
O Plantío, PnH en Chandrexa de Queixa (M227-3)
O Plantío, PnH no Bolo (M228-3)
Cavorca do Plantío ou Barranco do Plantío, CdA na Veiga (M228-3)

E unha posible variante cunha solución secundaria *-igo* en:

- O Plantigo*, PnH na Mezquita (M266-3)

Aínda que neste topónimo non podemos desbotar unha alteración de *Pantrigo* (vid 168.1 e 179.1), por metátese de *-r-* e alteración *r > l*, ben como fenómeno de ultracorrección, ben por atracción dos derivados de *planta*.

No NG figuran 3 *O Plantío* en Ortigueira. En Alfoz hai un *Gabián Plantío* que en realidade corresponde a dúas entidades: *A de Gabián* (M9-3) e *O Plantío* (M9-3). Outra localidade *O Plantío*, en Viveiro (M-4), non figura no NG.

179.2. Chantado, chantada

Os derivados que conteñen a solución patrimonial con palatalización do grupo inicial corresponden a formas do participio de *chantar*, e han de facer referencia a cultivos agrícolas. Cómpre considerar ademais que *chantar* ten o mesmo significado ca *espetar*, *cravar*, e podería non aludir á fitonimia. Cf. o substantivo *chanto* (e *chanteiro*, *chantón*) que significa «estaca que se clava a modo de rodrigón de las cepas de los viñedos y de algunos vegetales hortenses» (DEGC, I, 708), pero tamén «pedra plana (...) que se emprega para cercar unha herdade» (Palacio, 1981, 195).

Temos estas formas nos seguintes topónimos:

- Chantada*, EdP en Ourense
Chantado, Edp(n) en Cortegada (M225-3)
Cavorco do Chantado, CdA en Rubiá (M190-2)
O Chantado, PnH en Sober (M188-2)

O NG recolle 9 *Chantada* na Baña, Chantada (lugar, parr. e concello), Guitiriz, Oza dos Ríos, Paderne, Vigo e Vilalba; e 1 masculino *Chantado* en Lourenzá.

Poden servir como exemplo destas formas cun significado non fitonímico os nomes dos 2 lugares chamados *Pedra Chantada* ou *Pedrachantada* nos concellos de Cerdido e Samos. Tampouco han de ter orixe fitonímica outros derivados como *Chanteiro*, PnH en Sober (M188-4), idéntico ó *Chanteiro* que figura no NG en Ares.

Nótese que ademais *chantán*, *chantá* son variantes de *chantaxe* (lat. PLANTAGINE), especie moi común da familia das plantaxináceas. E *chanta* pode ser así mesmo a «acción

de sembrar pepitas o pividás de melones o calabazas», e de aquí «llámase también así [*chanta*] el mismo melonar» (DEGC, I, 707).

180. *poexos, poenxos*

A *Mentha pulegium* recibe en galego, entre outras denominacións (vid. *salpuro*, 204), as de *poexo*, *poenxo*, que proceden da forma latina PULĒGIŪ, igual có castelán *poleo* e o portugués *poejo*. En galego adoita usarse en plural, *poexos*, *poenxos*. A variante *poenxos* presenta un *-n-* non etimolóxico xerado trala perda do *-l-* intervocálico (cf. *coenllo*, *quencer*, etc.). Sarmiento recolleu estes nomes e deu a explicación etimolóxica: «Poenjos, poejos (Pulegium)» (*Vegetables*, 118) «Poénxos, poexo, poejo (Pulegium)» (*Vegetables*, 156). Bravos ou cultivados, os poexos teñen moi escasa apariencia física na paisaxe, pero son ben coñecidos e apreciados polas súas virtudes medicinais (Font Quer, 708-710) e iso explica a súa presenza na toponimia.

As formas topónimicas con este tema poden confundirse con derivados de PÓDIU e outras familias léxicas non fitonímicas.

180.1. Poexo

A forma simple térmola en:

Val de Poexo, PnH en Cualedro (M264-4)

O Alto dos Poexos, PnH en Sarreaus (M264-2)

Regueiro de Poxos, CdA en Viana do Bolo (M266-1)

Identificamos este último como resultado dunha redución vocálica na sílaba inicial *poexos* > *poxos*. Dadas as características do terreo que cruza este regueiro, nunha depresión, non parece corresponder a un oronímico PÓDIU, mais tratándose dun curso de auga podería tomar o seu nome da zona alta onde nace.

180.2. Poexeiro, poenxeiro

Formas correspondentes ó latín PULĒGIARIU poden estar presentes nos seguintes topónimos:

Punxeiro, EdP e parr. (*San Marcos*) en Viana do Bolo

Regueiro de Puxeiros, CdA no Barco de Valdeorras (M190-2)

Punxeiro, PnH en Ribas de Sil (M189-2)

O NG recolle lugares chamados *Punxeiras Altas* e *Punxeiras Baixas* en Ames e 2 *Punxeiro* en Fene e en Oleiros. Cremos que tamén poderían vincularse ó tema de PULÉGIU os topónimos *Puxeiros* e *Alto de Puxeiros*, en Vigo, pero tamén poden explicarse como derivados de PÓDIU (ou sexa, PODIARIOS).

180.3. Poexedo, poenxedo

O derivado colectivo correspondente a PULEGIÉTU témolo en:

O Puxedo, EdP en Lobios

O NG recolle o correspondente feminino *Puxeda* como nome de EdP e parr. en Palas de Rei.

No DCP hai 1 *Pugido*, documentado como *Pulgido* en 1258 (OM, 279).

Cremos que debe de tratarse dun derivado de *pó* (< PULUU) e non deste tema fitonímico o nome de *Poedo* (*Santa María*), lugar e parroquia en Baños de Molgas, dos cales toma o nome o *Monte de Poedo* (M226-3). E. Rivas (vid. supra, 046b) relaciónao cunha raíz hidronímica prerromana supostamente presente tamén en *Boedo*, pero o enxordecemento da consoante inicial parécenos difficilmente explicable. Con todo, non posuímos documentación que permita explicar satisfactoriamente este topónimo, pois nos documentos máis antigos de que dispomos xa o atopamos coa forma actual:

«*lera de Poedo*» (ano 1255, MdR, AHN Clero, Cpta. 1484, nº 4)

«*suo sino de Santiago de Poedo*» (ano 1489, XEsP, nº 53)

«*esta parroquia de Poedo en que agora vevimos*» (ano 1490, BCMO, T. 3, p. 63)

«*Pero Lorenzo morador en Poedo*» (ano 1490, BCMO, T. 3, p. 63)

«*ao dito Juan Pato, veziño de Poedo*» (ano 1520, VFD1, nº 124)

180.4. Poexal

Non temos exemplos do derivado por medio do sufijo -ALE. Na documentación antiga atopamos un vilar ligado a Celanova que aparece escrito como *Poleiares* (< POLEGIALES?) e non identificado na actualidade:

«*villares (...) vocati Moraria, Sampiri et Poleiares*» (ano 936, CLN, nº 256)

«*carraria antiqua que discurrit de Poleiares et plega ad sancta Maria*» (ano 975-1011, CLN, nº 197)

«*de Raupario usque plegat in terminos de Poleiares*» (ano 975-1011, CLN, nº 197)

«*et inde carrale de vereda usque in mamola de Poleiares*» (ano 986, CLN, nº 84)

«*sive in villa Ruviolos, in Sauto Manco et in Poleiares*» (ano 1000, CLN, nº 182)

«*Item et nostra ratione in Poleiares*» (ano 1005, CLN, nº 181)

«*per terminum de Sauto Manco, et inde in Poleiares*» (ano 1005, CLN, nº 181)

Unha forma equivalente a esta, aparentemente derivada do castelanismo *poleo*, témola en:

Alto de Poleares, PnH en Rubiá (M190-2) e
Poleares, PnH en Rubiá (M190-2),

que poderían responder igualmente a un antropónimo (p. ex. *Paulo Ares*).

O DCP recolle 5 *Poiares* e un probable derivado en -ōSA en *Pojosa*.

181. *poma*

O substantivo latino PŌMUM designaba todo xénero de froita, pero en amplas zonas da Romania o correspondente plural, xa como singular feminino POMA, adquiriu o significado específico de ‘mazá’. Aebischer (1946, 97-130) ocupouse do estudo deste cambio de significado nos textos hispánicos. Segundo M. Alvar, que estudou a distribución deste tema toponímico na península, a maior densidade de topónimos derivados de *poma* coincide coa chamada “España húmida”, axeitada ás necesidades biolóxicas da maceira. Fóra destas zonas, a súa aparición é meramente ocasional ou falta por completo. En Galicia recolle 177 tops. derivados de *poma*, en Asturias 51 e en Cantabria 8. Conclúe que o latín *poma* se difundiu por toda a Península Ibérica; non obstante, a partir do séc. I d.C., o neoloxismo MAT(T)IANA gañou terreo e fragmentou a primitiva unidade. *Poma* refuxiouse no NO, onde áinda subsiste e de onde se estendería algo máis durante a Reconquista. Alvar chama a atención sobre a grafía con *u* (*pumar*), característica de Galicia, e considera que a realización como *u* do *o* átono é fenómeno normal do galego.

Os máis de 40 topónimos portugueses que recolle o DCP (sempr escritos con *o*: *Pomar*, *Pomares*, *Pomarelho*, *Pomarinho*...) localízanse principalmente ó norte do país.

A presenza deste tema na toponimia realizaase a través de derivados por medio de sufíxos. Non temos ningún exemplo de pervivencia na toponimia do primitivo *poma*, áinda que si rexistramos o seu uso antropónímico nun

«*Dominicus Martini dictus Poma*» (ano 1272, OSR2, nº 1003)

181.1. Pomar

O derivado máis abundante é *pomar*, *pumar* (< POMARE, variante de POMALE). En galego pervive o significado xenérico de ‘horta con árbores froiteiras’ (Rivas, 1982, 163), e ese é o significado con que aparece nos documentos medievais:

«*cō sseu paaço et cō seu pumar e cō súa herdade»* (ano 1352, TzS, fol 10r).

Habitualmente esas árbores que forman o *pomar* son propriamente maceiras:

«*ipsum pummarem cum suo terreno et suas mazanarias»* (ano 961, CLN, nº 393).

Na toponimia do territorio estudo atopamos:

O Pomar, EdP na Arnoia

O Pumar, EdP en Cenlle

O Pumar, EdP en Xunqueira de Espadanedo

O Pumar Edp(n) en Sober (M189-3)

O Pumar, PnH en Cortegada (M225-3)

Pumar, EdP en Taboadela

Pumar Vello, EdP en Ramirás

Pumar Grande, PnH en Sober (M188-2)

Pumares, EdP e parr. (*San Martiño*) en Carballeda de Valdeorras

Pumares ou Pomares EdP en Sober

Pomares EdP en Allariz

Os Pumares, EdP en Cartelle

Pumares, EdP en Ribas de Sil

Pumares, EdP en Baños de Molgas

Pumares EdP en Bande

Pumares, PnH en Ramirás (M225-3)

Regueiro de Pumares, CdA en Carballeda de V. (M190-4)

Presa de Pumares, encoro en Carballeda de Valdeorras (M190-4)

Na documentación antiga atopamos estes e outros topónimos semellantes:

«*e chamale a leyra du Pumar»* (ano 1259, OSR2, 1839)

«*de tercia casalis quod dicitur de Pomario»* (ano 1275, OSR2, nº 1093)

«*a quarta da curtinha du pumar e a leyra do sesto»* (ano 1282, OSR2, 1162)

«*do Paradeyro do Pumar»* (ano 1312, MdR, AHN Clero, Cpta. 1490, nº 8)

«*cassa do Pumar»* (ano 1352, MdR, AHN Clero, Cpta. 1495, nº 5)

«*e con o tarreo do Pumar»* (ano 1503, VFD1, 114)

«*Pedro Martinez da Rua do Pumar»* (ano 1282, OSR2, nº 1158)

«*en o Barral de Pumar»* (ano 1304, OSR2, nº 1319)

«*en ourense na rua do pumar aa entrada da barreyra»* (ano 1376, OXV, p. 184)

«*cum termino de Baraloãä, deinde ad pochum de Pumares»* (ano 1246, RAM, nº 42)

«*Johan Areas de Pumares»* (ano 1282, OSR2, nº 1162)

«*et o vosso casar de Pumares»* (ano 1286, OSR2, nº 1181)

«*que iacet in locum qui dicitur Pumares»* (ano 1246, RAM, nº 42)

O topónimo *Pumar Vello* de Ramirás rexistrámolo desde o século XIII:

«*aqua que uenit de Pumar uetero ad uillam de Eires»* (ano 1246, RAM, nº 45)

«*iusta Pumar Velio, quomodo diuiditur per regario»* (ano 1255, RAM, nº 129)

«*ficou de parte de Nunu Fernandes de Pumaruello»* (ano 1369, RAM, nº 355)

«*duas leiras que jasen enno lugar que disen Pumar Vello»* (ano 1400, RBV, nº 8)

O NG recolle cerca de 50 (*O*) **Pumar** ou (*O*) **Pomar**, **Pumares** ou **Pomares** repartidos por toda a xeografía, ademais de compostos como **Pumar de Vale** (Mañón), **Pumardorriño** (Boiro), **Pumar da Costa** (Castro de Rei), **Pumar de Don** (< DE DOMINO ?) en Lourenzá, **Pumarrubín** en Barreiros (< POMARE RUFINI OU RUBINI), **Pumar de Suso** (< p. DE SURSU ‘de arriba’) en Salceda de Caselas, **Pumar de Tan** en Moraña (dun antropónimo xermánico ATANE [?], HGN, 28/5) e 2 **Veiga do Pumar** en Cospeito e Castro de Rei. No DCP son máis de 40 os **Pomar**, **Pumares** e derivados (**Pomarinho**, **Pomarelho**...).

E. Rivas rexistra en Marín un topónimo **Pluma Grande** que aparece documentado en 1670 como **Pumar Grande**, e un **Pumavellos** que corresponde a un antigo **Pumares Vellos** (Rivas, 1982, 163). A. Palacio recolle unha alteración semellante nun topónimo **Plumas do Abade** en Pombeiro, Pantón, que consta no XVIII como **Pumardabade**. Outros casos de formas *porm-*, *prom-*, *prum-* (vid. infra *pomedas*) poderían facernos vincular con este tema un topónimo

Prumal, Edp(n) no Carballiño (M187-1)

aínda que non temos documentación que nos permita confirmalo. Igualmente insegura é a hipótese que propoñemos de considerar un primeiro elemento *pomar* no nome de

Pusmazán, parroquia de Carballeda de Valdeorras,

a partir dun étimo POMALE MARTIANI > **Pomar marzán* > **Pomarzán* > *Purmazán* (escrito *Pusmazán* por ultracorrección dun suposto rotacismo); non posuímos documentación que confirme esta hipótese.

Na documentación medieval atopamos outros topónimos semellantes non localizados na actualidade: **Pumar de Álvaro** e **Pumar Dónego** (< DOMINICU) teñen un segundo elemento identificable. Máis escuros resultan os que aparecen escritos como **Pumar Dermeiro** e **Pumardeiro** (¿de Eiro? ¿Derradeiro?):

- «in vinea vestra que vocatur de **Pumar donego**» (ano 1244, OSR1, nº 534)
- «et alium casale in **Pumardeiru**» (ano 1246, OSR1, nº 578)
- «in **Pumario de Onego**» (ano 1254, OSR1, nº 721)
- «ena heredadura de **Pumar d'Aluaro**» (ano 1287, HGP, nº 103)
- «cabo da igleia de Santa María de Yria de Padrô a que chamã **Pumar d' Onego**» (ano 1352, TzS, fol 12v)
- «Item a leyra de **Pumar dermeyro**» (ano 1436, FDU, nº 304)

181.2. Pomariño

En Galicia nos rexistramos ningún **Pomarello** paralelo ós exemplos portugueses (3 *Pomarelho*, 1 *Pomarelhos*, 1 *Pomarelhe*). Si é frecuente, en cambio, o diminutivo en *-iño*. O NG recolle máis de 20 **Pumariño**, ademais dun plural **Pumariños** en Vilalba e 4 **Pumarín** (estes na área oriental luguesa, onde

o resultado común de *-īNU* é *-ín*, coincidentes na forma cos topónimos idénticos de León e Asturias).

No territorio estudiado recollemos:

Pumariños, PnH en Parada de Sil (M188-4)
Corga do Pumariño, PnH en Muíños (M301-4)

Na documentación antiga atopamos topónimos idénticos:

«*leyra de Pomarino que fuy do casar de Pay Calvo*» (ano 1258, OSR2, nº 820)
 «en a Dequollada en o lugar que dizen *Pumarino*» (ano 1274, RAM, nº 194)
 «en a Deqollada (...)en o lugar que dizen *Pumarinos*» (ano 1274, RAM, nº 195)
 «que jaz en las cortinas de Padron e de *Pumariño*» (ano 1516, FDU, 403)
 «dous casââs de *Pumariños*» (ano 1436, FDU, 304)

181.3. Pomedo, pumedo

Derivados correspondentes ós sufixos *-ĒTU*, *-ĒTA* son:

Pomedo, EdP no Barco de Valdeorras
O Pumedo, PnH en Castrelo do Val, Vilariño de Conso e A Gudiña (M265-4)
Regato do Pumedo, CdA na Gudiña (M265-4)
Cavorco de Valdepumedo, CdA en Rubiá (M190-2)
Pumedelo Edp(n) en Allariz (M226-3)

Este último, co sufixo diminutivo *-elo* (<*-ĒLLU*), aparece escrito como ***Pumadelo*** no nomenclátor de 1910. Tamén se rexistra con *a* na pretónica o diminutivo en *-iño* (<*-īNU*) ***Pumadiño***, localidade na Pobra do Caramiñal. A variante ***Pumido*** dá nome a un lugar en Fene, e o feminino ***Pumeda*** a outro na Fonsagrada. O DCP recolle un único exemplo de ***Pomeda*** na xeografía portuguesa.

O NG recolle un ***Prumadelos*** en Vedra e outro ***Promadelos*** en Ortigueira. O primeiro rexístrase como ***Pumadelos*** no diccionario xeográfico de Madoz. Se o *-r-* é etimolóxico, poderían corresponder a antigos **pomaredelos*, con dupla sufixación derivativa (*-ALE* + *-ĒTU*), ademais do diminutivo.

Un topónimo lugués ***Pomitina*** documentado no ano 897 (*Lvcensia*, 170), podería corresponder a un ***Pomediña*** actual, que non pudemos identificar.

181.4. Pomareira, pomariza, pomarega

Non localizamos no territorio estudiado derivados por medio doutros sufixos a partir do tema de *poma*, *pomar*. Na documentación antiga rexistramos un topónimo ***A Pumareira*** (ano 1312, Mdr, AHN Clero, Cpta. 1490, nº 5).

Rivas recolle en Marín un derivado ***Pomariza*** (Rivas, 1982, 163), derivado en *-AR-ĪCĒA* comparable a *fabariza*, *nabariza*, *trigariza*, *trigueiriza*...

O NG inclúe **Pumarega** (co sufijo correspondente a -AECA, cf. *nabarega*, *liñarega...*) como nome de parroquia e lugar en Castroverde. Palacio recolle 2 PnH **Pumarega** e **Pumaregas** en Pantón (Palacio 1981, 259).

182. porro

O común *porro* designa en galego o *Allium porrum* (VCN, 140), áinda que probablemente tivo uso cun significado máis xenérico para designar *porros*, *allos*, *cebolas* e outros produtos hortícolas semellantes, en consonancia co significado actual de *porral* «almáciga, plantel de hortalizas» (DEGC, III, 172). Con ese significado atopámolo na documentación medieval:

«*unam domum et unam cortinam ad opus orti et porri*» (ano 1244, OSR1, nº 543)
 «*ubi faciatis cortinam de ortos, porros, nabaes*» (ano 1251, OSR1, nº 657)

Porro pode designar tamén o *ASFÓDEL* (Rivas, 1982, 165). Os dicionarios recollen, ademais de *porral*, outros dous derivados: *porriño*, «planta del puerro que puede trasplantarse» (DEGC, III, 172) e *porreta*, «hoja verde del puerro o cebolla (...) aplícase también el vocablo a las hojas del ajo» (DEGC, III, 172). É posible que na orixe dalgún dos topónimos pertenentes a este tema non estea o significado fitonímico, senón oronímico, por alusión a formacóns alongadas, máis ou menos cilíndricas. Estes significados están tamén presentes no feminino *porra* ('cachiporra' DEGC, III, 171) e *porreta*, e han de ser os que deron lugar a usos antropónimicos, como alcumes ou sobrenomes, destas formas:

«*Fernandus Porra*» (ano 1204, TSobrado II, 158)
 «*Gonçalo Eanes dito da porra, do Çiquelo*» (ano 1327, FDU, nº 72)
 «*aos herdeiros de Gonçaluo Rodrigues, Cabeça de Porro*» (ano 1451, VFD1, nº 77)
 «*Johan Porreta, alfayate*» (ano 1346, FDU, nº 197)

182.1. Porro

Achamos a forma simple nos seguintes topónimos

Pena de Porros, PnH en Montederramo (M227-1)
Regato de Porros, CdA en Cartelle (M225-1)
Monte Porro, PnH en Verea (M263-2)

Na documentación antiga atopamos un **Río de Porros** hoxe non identificado, preto de Cualedro:

«*discurrente rivulo de Porros et descendit ad fogium de Eclesiola*» (ano 1110, CLN, nº 105)

182.2. Porral

O derivado en **-ALE** atopámolo en:

Porrás, EdP en Carballedo (M188-1)

O Muíño de Porrás, PnH en Carballedo (M188-1)

O Porral, PnH na Veiga (M229-1)

O NG recolle **Porral** en Lalín, **Pedraporral** en Curtis, 3 **Porrás** en Carballedo, Pol e Vilalba, **Porráns** en Barro e **Val de Porrás** en Portomarín.

No DCP figuran 2 **Porrais**.

182.3. Porreira

Significado idéntico ós anteriores ha de ter o derivado en **-ARIA**, que atopamos en:

Porreira, EdP en Avión

Na documentación antiga rexistramos esta forma como adjetivo de **Pena** en **Pena Porreira**:

«*deinde ad forcadas de predicta Pena Porreira*» (ano 1248, RAM, nº 60)

«*unum montem qui dicitur Pena Porreira*» (ano 1248, RAM, nº 60)

O NG recolle **Monte Porreiro** en Pontevedra, **Porreiros** en Lalín, **Penapurreira** nas Pontes de García Rodríguez e **Purreira** en Friol.

No DCP hai 1 **Porreira**, 1 **Porreiras**.

182.4. Porreta, porretal

Porreta é o nome dos rebentos e das follas do porro, do allo, da cebola e doutras liliáceas semellantes. Temos un exemplo da forma simple e outro do derivado en **-ALE**:

A Porreta, PnH en Sober (M188-2)

O Porretal, PnH en Pías (M266-2)

182.5. Outros derivados

Para o derivado *porriño*, co sufijo diminutivo **-INU**, recollen os diccionarios os significados de «planta del puerro que puede trasplantarse» (DEGC, III, 172) ou «plantación de puerros» (Rivas, 1982, 165). Na toponimia atopamos tamén un derivado en **-ARIA**, *porriñeira*:

- O Porriño*, PnH en Carballeda de Avia (M225-1)
O Porriño, PnH en Cea (M187-2)
O Porriño, PnH en Toén e Barbadás (M225-2)
Porriñeira, PnH en Lobios (M301-3)
A Porriñeira, Edp(n) en Beade (M225-1)
Regueiro da Porriñeira, CdA en Larouco (M190-3, M228-1)

Temos que admitir tamén un masculino *PORRÍNUS* usado como nome persoal, dado que existe no concello da Estrada o lugar de *Penaporrín* que podemos interpretar como *PÍNNA PORRÍNI*. De ser así, algúns dos *Porriño* actuais puideron ter orixe antropónímica.

No NG recollemos *O Porriño* (concello, parroquia e vila), *Porriña* en Barro e *Purriños* en Irixoa, e con distinta sufixación diminutiva, *Porrelo* en Meis.

Dúas formas femininas con diferente sufixación son:

- Porrica*, PnH en Calvos de Randín (M301-4)
Cabeza Porriñas, PnH na Rúa (M190-1)

O DCP recolle 2 *Porrinho*, 1 *Porrinhoso*, 1 *Porrinheiro*.

183. *poulo*

O DEGC define *poula* como «retama, tojo, etc. que espontáneamente crecen en la parte más inculta de un terreno» (III, 178) e *poulo* como «parcela de tierra», e localiza esta acepción no Courel (III, 538). Franco Grande define *poula*: «dícese de la tierra que se deja en descanso, sin cultivar», «tierra inculta», «finca de tojos o robledal sin cultivar», e *poulo*: «parcela de tierra», «tierra inculta», «prado, trozo de terreno con hierbas» (XLFG, 706-707). No territorio estudiado *poula*, *poulo* son denominacións comúns para calquera terreo non cultivado que se aproveita únicamente para pasto do gando, e a expresión *deixar a poula* equivale a “deixar a monte, a ermo”.

Poulo é a forma correspondente ó lat. PABŪLU ‘pasto’, ‘alimento’, emparen-tado coa familia léxica de PASCERE. Do neutro plural PABŪLA procede o feminino *poula*.

183.1. Poula

O feminino *poula* témolo en numerosísimos topónimos:

- A Poula*, Edp(n) en Vilamartín de Valdeorras (M190-1)

- As Poulas*, EdP en Montederramo
- A Poula*, 8 PnH en Baños de Molgas (M226-4), Cualedro (M302-2, M302-4), Manzaneda (M227-2), Montederramo (M227-1), Parada de Sil (M188-4), Sandiás, (M264-1), Verea (M263-3) e Ribas de Sil (M189-1, M189-2)
- A Pouliña*, PnH en Allariz (M264-1)
- A Pouliña*, PnH en Chandrexá de Queixa (M227-1)
- A Pouliña*, PnH en Pías e Porto (M266-2)
- A Pouliña das Vacas*, PnH en Xunqueira de Ambía (M264-1)
- A Poula da Armada*, PnH en Laza (M265-1)
- A Poula da Escusaña*, PnH en Hermisende (M304-2)
- A Poula da Campa*, PnH na Rúa (M190-1)
- A Poula da Golada ou de Agolada*, PnH en Vilamartín de Valdeorras (M190-1)
- A Poula da Herba*, PnH en Monterrei (M303-1)
- A Poula da Mazaira*, PnH na Mezquita (M304-1)
- A Poula da Morteira*, PnH en Carballeda de Valdeorras (M190-4)
- A Poula da Pedra*, PnH en Viana do Bolo (M266-1)
- A Poula da Reboleira*, PnH en Rubiá (M190-2)
- A Poula da Veiga*, PnH en Sarreaus (M264-4)
- A Poula da Vella*, PnH na Gudiña (M266-3)
- A Poula da Xoana*, PnH en Xinzo de Limia (M264-2)
- A Poula das Borraxes*, PnH en Carballeda de Valdeorras (M190-4)
- A Poula das Bouzas*, PnH en Porto (M228-4)
- A Poula das Carqueixas*, PnH en Viana do Bolo (M228-4, M266-2)
- A Poula das Casas*, PnH en Riós e Vilardevós (M303-2)
- A Poula das Chancas*, PnH en Laza (M265-1)
- A Poula das Lagúas*, PnH na Veiga e Carballeda de Valdeorras (M190-4)
- A Poula das Leiras*, PnH en Cualedro e Trasmiras (M302-2)
- A Poula das Trapelas*, PnH en Cualedro e Laza (M264-4, 265-3)
- A Poula das Vaqueiras*, PnH en Laza (M265-1)
- A Poula de Abaixo*, PnH en Laza (M265-3)
- A Poula de Arriba*, PnH en Riós e Vilardevós (M303-2)
- A Poula de Borrallo*, PnH en Laza (M265-1)
- A Poula de Lentoiro ou de Lentoio*, PnH en Viana do Bolo (M266-1)
- A Poula de Paio*, PnH en Sarreaus (M264-2)
- A Poula de Penoteixo*, PnH en Vilamartín de Valdeorras (M190-1)
- A Poula de Valdafranca*, PnH en Viana do Bolo (M228-4)
- A Poula do Bedul*, PnH en Vilamartín de Valdeorras (190-1)
- A Poula do Carballal*, PnH en Castrelo do Val (M265-4)
- A Poula do Corgo*, PnH en Sandiás e Allariz (M264-1)
- A Poula do Ladrón*, PnH en Hermisende (M304-2)
- A Poula do Martiño*, PnH na Gudiña (M266-3)
- A Poula do Pando*, PnH no Barco e Carballeda de Valdeorras (M190-4)
- A Poula do Penouco*, PnH en Carballeda de Valdeorras e A Veiga (M228-2)
- A Poula do Preto*, PnH en Monterrei (M303-1)
- A Poula do Val*, PnH en Sandiás e Xunqueira de Ambía (M264-1)
- A Poula dos Boleses*, PnH en Carballeda de Valdeorras (M228-2)
- A Poula dos Coellos*, PnH na Veiga (M228-2)
- A Poula dos Novais*, PnH en Quiroga e A Rúa (M190-1)

- A Poula dos Novaliños*, PnH en Carballeda de Valdeorras (M190-4)
- A Poula Grande*, 6 PnH en Cualedro e Monterrei (M264-4), Laza (M265-1), Laza, Monterrei e Cualedro (M265-3), Monterrei (M303-1), Petín e O Barco de Valdeorras (M190-3) e Vilariño de Conso (M265-4)
- A Poula Longa*, PnH en Laza (M265-1)
- A Poula Redonda*, PnH en Vilardevós (M303-4)
- A Poula Redonda*, PnH en Vilariño de Conso (M265-2)
- A Poula Serodia*, PnH en Riós (M303-2)
- A Poula Vella*, PnH en Cualedro (M302-2)
- Camiño da Poula*, PnH en Monterrei (M302-4)
- Monte da Poula*, PnH en Riós (M303-2)
- Muiño da Poula*, PnH en Laza (M265-3)
- Regato da Poula da Misa*, PnH en Monterrei (M303-1)
- Regueiro da Poula de Arriba*, PnH en Vilardevós (M303-4)
- Lagoa da Pouliña*, PnH en Pías (M266-2)
- Regueiro da Pouliña*, CdA en Pías (M266-2)
- As Poulas*, 25 PnH en Baltar (M302-2), Calvos de Randín (M302-3), Carballeda de Valdeorras (M228-2), Cualedro, 2 tops. (M302-2, 302-4), Chandrex de Queixa (M227-1), Esgos (M226-2), Laza, 2 tops. (M226-2, 265-3), Montederramo, 2 tops. (M227-1), Monterrei (M302-4), Nogueira de Ramuín (M188-4), Parada de Sil (M188-4), Rairiz de Veiga (M264-3), Sarreaus, 2 tops. (M264-2, M264-4), A Teixeira (M189-3), Verín (M303-1), Viana do Bolo, 2 tops. (M266-1), Xinzo de Limia, 3 tops. (M264-2, M264-3, M264-4), Lubián (M266-4)
- As Pouliñas*, PnH na Veiga (M228-2)
- As Poulas da Carreira*, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
- As Poulas da Cavadiña*, PnH en Sandiás (M264-1)
- As Poulas da Fonte*, PnH en Sarreaus e Laza (M264-2)
- As Poulas de Barbas*, PnH en Sandiás (M264-1)
- As Poulas de Arenzo*, PnH en Cualedro (M264-4)
- As Poulas de Campelo*, PnH na Veiga (M228-3)
- As Poulas de Covas*, PnH en Monterrei (M302-2)
- As Poulas de Otán*, PnH en Pías (M266-2)
- As Poulas do Bacoreiro*, PnH en Cualedro (M302-2)
- As Poulas do Folón*, PnH en Baltar (M302-2)
- As Poulas do Marco*, PnH en Monterrei (M302-2)
- As Poulas do Medio*, PnH en Baltar (M302-1)
- As Poulas do Río*, PnH en Rairiz de Veiga (M264-1)
- As Poulas do Trogal*, PnH en Baltar (M302-1)
- As Poulas Desaforadas*, PnH na Veiga (M228-2)
- As Poulas Vellas*, PnH en Xinzo de Limia (M264-4)
- Corga das Poulas*, PnH en Viana do Bolo (M266-1)

O segundo elemento da *Poula da Armada* fai referencia a un trampa para lobos ou outros animais; *Escusaña* é un derivado de *escusa*, *escusar* (formados a partir do participio forte de EX-CONDĒRE, DCECH II, 704, s.v. *esconder*), e na toponimia aplícase a lugares retirados ou escondidos. Na *Poula da Golada* ou *de Agolada* (a cartografía recolle as dúas grafías) o segundo elemento parece corresponder a unha canalización AQUA LATA; *Reboleza* semella un xentilicio (co sufijo feminino de -ENSE a partir dalgún

topónimo como ***Rebola***, localidade da Merca) en uso antropónimo, aludindo a unha propietaria da ***poula***, dun xeito paralelo ó de *A Poula da Xoana, de Paio, do Martiño, do Preto, de Barbas, de Otán* (< do *Atán*, apelido e topónimo, procedentes dun antropónimo xermánico). Tamén é un xentilicio en –ENSE ***Boleses***, alusivo a xente da terra do Bolo. ***Desaforadas*** fai referencia a terras redimidas do foro ou exentas de rendas.

No NG, ademais das ourensás, figuran 2 ***Poula*** no concello lugrés de Pol. No DCP non atopamos ningún topónimo pertencente a este tema léxico fóra de 1 ***Poules*** miñoto que podería representar un ***Poulas*** con relaxación e palatalización da vogal final ante *-s*.

183.2. ***Poulo***

Aínda que menos abundante có feminino, o masculino ten igualmente moita presenza na toponimia:

Poulo (*San Pedro*), parr. en Gomesende

O Poulo, Edp(n) en Larouco (M190-3)

O Poulo, Edp(n) en Melón (M224-2)

O Poulo, 9 PnH na Gudiña (M265-4), A Mezquita (M266-3), Monterrei (M303-1), Viana do Bolo, 2 tops. (M266-3, M266-1), Hermisende (M304-2) e Sober, 2 tops. (M188-2, M189-1, M189-3).

O Poulo do Corzo, PnH na Veiga e Viana do Bolo (M266-2, M228-3)

O Poulo dos Campos, PnH no Barco e Carballeda de Valdeorras (M190-4)

O Poulo dos Cregos, PnH en Chandrex de Queixa (M227-1)

O Poulo Redondo, PnH na Veiga e Viana do Bolo (M228-3)

O Rabitelo do Poulo, PnH en Viana do Bolo (M266-1)

Regato do Poulo, CdA na Mezquita (M266-3)

O Pouliño, 2 PnH na Veiga (M228-2) e Vilardevós (M303-4)

Os Poulos, 8 PnH no Bolo (M228-1), Laza (M265-3), Rubiá (M190-2), A Veiga (M228-4), Viana do Bolo, 3 tops. (M266-1, M228-3) e Lubián (M266-4).

Os Poulos de Biduedo, PnH na Veiga e Carballeda de Valdeorras (M190-4)

Os Poulos do Carballal, PnH en Carballeda de Valdeorras (M190-4)

Os Poulos dos Galegos, PnH na Mezquita (M304-1)

Regueiro dos Poulos, CdA na Veiga (M228-4)

Na documentación antiga atopamos o nome da parroquia de ***Poulo*** escrito como ***Padulo***, ***Padul***, con *-d-* en lugar do *-b-* etimolóxico:

«in termino de Arnogia, et de alia parte vadit per ***Padul***» (ano 1045, CLN, nº 546)

«vocabulo eclesie sancti Petri de ***Padule***» (ano 1048, CLN, nº 90)

«per Uerduzetum et inde per ***Padul***» (ano 1157, MdR, AHN Clero, Cpta. 1481, nº 13)

«na freygisia de san Pedro de ***Pouullo***» (ano 1334, RAM, nº 298)

Trátase dunha falsa restitución latinizante da consoante intervocálica, que xa caera. A mesma forma atopámola como voz común para aludir ás *poulas*:

«*in terras ruptas vel inruptas, arboris, fructuosas, aquis aquarum, pratis, pascuis, padulibus, cum aquisductibus et per omnes suos antiquiores terminos*» (938, CLN, nº 510)

«*Damus vobis domus, villas, terras, pumares, pascuis, padulis, molinus, lagare, quantum ad prestandum est*» (954, CLN, nº 222)

Ademais do ourensán, o NG recolle 4 **Poulo** na Cañiza, Neda, Ordes (parr.) e Valdoviño.

183.3. *Poulón*

Ten bastante presenza na toponimia un derivado con sufíxo **-ÓNE**:

O Poulón, 9 PnH no Barco de Valdeorras (M1904), Castrelo do Val (M3031), Castro Caldelas (M1893), Monterrei (M3031), Oímbra (M3024), Parada de Sil (M1884), Sarreaus (M2644) e Xinzo de Limia, 2 tops. (M264-3, M2644).

Os Poulós, 3 PnH en Montederramo (M1893), Oímbra (M303-3) e Vilardevós (M303-1)

183.4. *Pouleiro, pouleira, poulío*

Os derivados por medio dos sufíxos correspondentes a **-ARIU**, **-ARIA** son infrecuentes:

O Pouleiro, PnH en Barbadás e San Cibrao das Viñas (M225-2)

Os Pouleiros, PnH en San Xoán de Río (M189-4)

As Pouleiras, PnH en Verín (M303-1)

E recollemos un derivado cun sufíxo **-ío** en:

Os Pouliós, PnH nos Blancos (M302-1)

184. *pouta*

Apótiga, apóutega, póutiga e pouta son denominacións galegas do hipocisto, *Cytinus hypocistis*, cast. *hipocistide* (VCN, 106), «planta parásita sobre las raíces del cisto o carpaza, y perteneciente a la familia de las cistíneas» (DEGC, III, 179). En portugués a denominación común é *pútegas* (Sampaio, *Flora*, 171). Sarmiento identificou a planta e recolleu para ela os nomes galegos de *poutegas*, *poutas*, *putigas*, *cucas*, *mel de raposo*, *puitigo* (*Vegetables*, 590), *amoleiras* (id. 992), *ameleiras* (id. 1368, 1369), *puchegas* (id. 1437), etc. (cremos

que deberíamos ler como esdrúxulas *póutegas*, *pútigas*, *púitigo*, *píchegas*). Adoitán considerarse formas relacionadas co común *pouta* ‘gadoupa’, «por agarrarse al cisto» (DCECH, 424) ou porque «da unos frutos que presentan la forma de una garra, de donde sin duda le viene el nombre gallego» (DEGC, III, 179). Outro fitónimo semellante, *poutas de zorro*, designa «la planta conocida en castellano por *pan y quesillo*» en Guntín, segundo Aníbal Otero (DEGC, III, 538); non sabemos a qué planta se refire; en cast. *pan y quesillo* designa ou ben a *Capsella bursa-pastoris* ‘bolsa de pastor’, ou ben os froitos do olmo (Font Quer, 130, 260), de xeito que ignoramos se esas *poutas de zorro* se refiren a unha especie distinta ou se son outra denominación das *poutas* ou *mel de raposo*, o hipocisto. En portugués recibe o nome de *pútegas-de-raposa* a *Orobanche cruenta* (Sampaio, *Flora*, 497). Outro nome semellante, *pouta de lobo*, é denominación do «patelo, bugallón ou ranúnculo de los prados» en Xuvia, segundo Sarmiento (*Vegetables*, 1465).

Para Corominas, que relaciona o gal. e port. *pouta* con *pata*, «el origen de *pata* y de su variante cat.–galorrom. *PAUTA está envuelto en la oscuridad». Oponse á etimoloxía xermánica que outros lle atribúen e cre que o gal. *pouta* e formas equivalentes poden ser resultado dun cruzamento de *pata* (< *PATTA, que o filólogo catalán cre «onomatopeya de piafar y patear») e lat. *plauta*, fem. do adj. PLAUTUS ‘pé plano’ (DCECH, IV, 423).

Poderíamos estar ante un derivado en –ALES de *pouta* no topónimo

Poutás, EdP en Ourense

Non figura no NG nin no DCP outro topónimo semellante.

Non sabemos interpretar o topónimo **Poutomillos**, nome de parr. e lugar en Lugo, que presenta aparentemente un primeiro elemento asociable a *pouta*, aínda que probablemente non ten ningunha relación co noso tema fitonímico. Non aclara a orixe a documentación antiga, onde aparece como *Puitemilios* en 964, *Putimilios* en 1120, *Punctimilios* en 1123, *Poitemilios* en 1160, *Puitimilios* en 1229 (Olano 54, 214; Olano 74, 215).

A alternancia das grafías entre ditongo decrecente e vogal seguida de cons. nasal (*pou-* / *pon-*), que vimos no exemplo anterior, é paralela da que atopamos noutras casos (cf. *couceiro* / *concieiro*, *meixueiro* / *manxueiro*, *conselo* / *couselo*) e pode levarnos a considerar como probables colectivos en –ÉTU e –ARIAS de *pouta* 2 **Pontido** que figuran no NG nos concellos de Cambre e Quiroga e 1 **Pantigueiras** en Lourenzá.

Entre as denominacións das apóutegas recollidas por Sarmiento, algunas son derivadas de *mel*, como *ameleiras*, e o leonés *mielgas* (*Vegetables*, 2413). Dunha forma paralela desta última, procedente do lat. MĒLICA, podería derivar un topónimo **Melgueiras** (< MELICARIAS) que figura no NG en Laxe.

185. *pradeiro, pradairo*

Entre as diferentes denominacións galegas do *Acer pseudoplatanus* ou arce branco (VCN, 140), parece ser a variante *pradairo* a que alcanzou maior fortuna no estándar actual (VCN, 140). A pesar de que xa figura en Sarmiento, que a recolle en áreas do extremo suroriental de Lugo, no Cebreiro (*Vegetables*, 575, 576) e en Samos: «*Pradayro*: En Samos el plátano o *pradano*» (*Vegetables*, 441; *Catálogo*, 153 r), non figura nos dicionarios galegos ata o de Franco Grande (1972, 2^a ed), se ben a variante *pedrairo* está nos de Valladares (1884) e Carré (1931). García de Diego dá como equivalencias galegas do cast. *plátano* as formas *padreiro*, *pradeiro* e *pradairo* (DEEH, 5009). Crespo Pozo, ademais das mencionadas, recolle as variantes *pedrairo* e *praduiro* e *pedreira* (NCVCG, I, 121), citando como fonte a Merino (quen, non obstante, só dá as dúas primeiras, *Flora*, III, 531).

Como dá a entender Sarmiento, o étimo é PLATANARIU, un derivado en -ARIU da forma latina PLATĀNU. A forma simple corresponde á castelá *prádano* (aínda que escrita *pradano*, supoñemos que debe lerse como esdrúxula) citada polo sabio benedictino, que ten correspondencia no ast. *prádanu*, *pládanu*, *pláganu* (Sánchez Vicente, 299, 303).

En galego esta forma simple tiña menos posibilidade de sobrevivencia, posto que conducía a **prado* (cf. *cándano* / *cando*, etc.), homofónico do *prado* resultante do lat. PRATU. No século XIV documéntase unha forma *padro* (Crespo Pozo, NCVCG, I, 121). Se algunha destas formas simples deixou restos na toponimia, estes ocultaranse entre os numerosos derivados de PRATU e únicamente coa documentación medieval poderíamos identificalos. Na toponimia castelá temos exemplos en dúas localidades chamadas *Prádanos* (Burgos e Palencia).

En Galicia, a distribución xeográfica do resultado PLATANARIU > *pradairo*, polos datos que posuimos, ha de ser a mesma cá de *abelaira-abraigra*, *candaira*, *mazaira* e outras formas que presentan idéntica solución para as terminacións AN-ARIA, AN-ARIU (vid. Apéndice, mapa 001). O resultado -eiro uidemos recolle-lo como nome da árbore na fala do extremo suroccidental, no concello de Padrenda, onde alternan as formas *pradeiro* e *padreiro*. No galego medieval aparece coa forma *pladayro* na *General Estoria galega* (292.4, cit. por DCECH, II, 346).

Como vimos dicindo, a principal dificultade para a identificación dos topónimos pertencentes a este tema é a confluencia cos derivados de PRATU (Moralejo, TGL, 347) e, nalgún caso, de PĒTRA.

185.1. Padrairo, padreiro

Deste derivado só recollemos tres exemplos no territorio estudiado, co resultado en *-eiro* no máis occidental:

Padreiro, EdP en Castrelo de Miño

O Padrairo, PnH na Pobra de Trives (M227-2)

Os Padrairos, PnH nos Blancos (M302-1)

Moralejo menciona outro *Padreiro* en Padrenda (TGL, 347).

No NG figuran 6 *Padreiro* en Carballo, Curtis, Santa Comba (parr. e lug.), Vimianzo e Zas; e neste último concello un composto *Pedra Padreiro*. A variante *-airo* témola na área oriental: *Pradairo*, na Fonsagrada.

As posibles formas femininas que poida haber no territorio galego conflúen cos derivados de PRATU.

Debe de referirse á mesma especie o nome *pradio*, que Eladio Rodríguez define ambiguamente como «árbol de rivera, achaparrado, de madera blanca con que se hacen cuncas en algunas comarcas gallegas» (DEGC, II, 180). Parece corresponder a un derivado desta forma o topónimo do NG *Pradieiro*, en Guitiriz. Descoñecemos se se refire a este ou a outro topónimo lugués non identificado hoxe o *Platanario* que atopamos en documento do ano 955 (*Lvcensia*, p. 170). O NG recolle lugares denominados *Pradia* nos concellos de Ortigueira e O Valadouro.

Os topónimos portugueses que pertencencen ó tema de PLATĀNU están todos eles no norte, segundo J. da Silveira (R.L. XVII, 125-6; Corominas, DCECH, II, 346, s.v. *chato*). Co derivado en *-ARIU* o DCP recolle 2 *Padreiro*. A algúns deles han de referirse o *Padreiro*, *Pradaeiro*, *Pradeeiro* de 1258 (OM, 250, 277).

185.2. Padrenda, padreda, padrendo, padredo

O derivado colectivo en *-ĒTA*, *-ĒTU* está presente nos seguintes topónimos:

Padrenda, EdP, parr. (*San Cibrao*) e concello do mesmo nome

Padrenda, EdP en Ramirás.

Padrenda, PnH na Arnoia (M225-3)

Padreda, EdP e parr. (*San Miguel*) en Vilar de Barrio.

Padrendo, EdP e PnH en Lobios (M301-3)

O NG recolle 6 *Pradeda* en Baleira, Carballedo (parr. e 2 lugares: *Pradeda de Arriba* e *Pradeda de Abaixo*), Friol, Guntín (parr.); 3 *Padrenda* en Meaño (parroquia e lugar) e As Neves, ademais dos ourensáns; e 2 *Pradedo* en Guntín e mais en Narón.

Moralejo cita ademais un *Pradaedo* (cf. *Abelaedo*, *Abelaído*) en Riobarba (hoxe O Vicedo) e un top. menor *Monte Padreda*, entre Dumbría e Vimianzo, do que afirma que «por su situación parece que debería ser más bien *Padrenda*» (TGL, 347).

Nos textos medievais atopamos referencias a *Padrenda*, no concello do mesmo nome:

«*in uilla que uocatur Pradaneda*» (ano 1187, RAM, nº 5)
 «*et in ecclesia de Pradaneda et Sancto Iohane de Crespis*» (ano 1223, Fiñes, nº 69)
 «*ad ipsam ecclesiam de Pradeneda*» (ano 1254, RAM, nº 117)
 «*cum foris de ecclesia sancti Cipriani de Pradaneda*» (ano 1256, RAM, nº 131)
 «*unum montem quem abemus in termino de Pradaneda*» (ano 1257, RAM, nº 135)
 «*unum casal in uilla de Pradaneda*» (ano 1259, RAM, nº 139)
 «*fleygisia de san Čibrão de Predéeda*» (ano 1284, RAM, nº 232)
 «*en freigisia de san Cibrao de Pradeeda*» (ano 1289, RAM, nº 237)
 «*as outras nouidades que ouuermus en Pradeeda*» (ano 1289, RAM, nº 237)
 «*en a iglesia de Padreda*» (ano 1343, RAM, nº 304)
 «*Viçente Anes, reytor da iglesia de san Čiurāño de Padreda*» (ano 1343, RAM, nº 304)

Padreda (*San Miguel*) en Vilar de Barrio:

«*Sancti Michaelis et Sancti Joannis de Padredda*» (ano 1230, BCM, T. 1, p. 302);

Pradeeda (*Santiago*) en Carballedo:

«*in Bubal (...) inter Plataneta et Sancta Eogenia*» (ano 947, CLN, nº 567)
 «*Laurencio Oveci de Pradeeda*» (ano 1251, OSR1, nº 660)
 «*Iohannes Pelagii prelatus ecclesie de Pradeeda*» (ano 1259, OSR2, nº 851)
 «*Petrus lohannis capellanus de Pradeeda*» (ano 1259, OSR2, nº 833)
 «*Ares Perez de Pradeeda*» (ano 1305, OSR2, nº 1327)

Padrenda (*San Martiño*) en Meaño:

«*enna igleia de Sam Martino de Padreenda*» (ano 1318, HGP, nº 127)
 «*de San Cremēço de Čiçā et de San Martino de Padrenda*» (ano 1419, HGP, nº 134)

Pradeeda (*Santalla*) en Guntín:

«*Sancta Eulalia de Plataneta*» (ano 897, *Lvcensia*, 170; Olano 54, p. 214),
 «*Plataneda*» (ano 1133, *Lvcensia*, 170),
 «*inter S. Iaco. de Interambas aquas et Platanetam*» (1202, *Lvcensia*, p. 170, 180).

Non temos documentación medieval que permita atribuír a este tema léxico algúndos aparentes derivados de PĒTRA que figuran no NG, áinda que non se pode desbotar a posibilidade de que un primitivo PLATANĒTU, PLATANĒTA puidese sufrir unha alteración vocálica na sílaba pretónica e metátese de *r* para asimilarse a topónimos como *Pedreda*, *Pedredo*, *Pedridas*, *Pedrido*..., etc. Podemos sospeitarlo en

Pedredo, PnH e Larouco (M227-2)

para o que recollemos na fala unha variante **Pedreido**.

No DCP figuran 1 **Padrenda** e 1 **Padredo**. O primeiro rexístrase como **Pradaneda** en 1258 (OM, 277).

185.3. Padroso

O derivado por medio do sufijo -ōSU témolo en:

- Padroso*, EdP en Calvos de Randín
Padroso, EdP en Rairiz de Veiga
Padroso, EdP en Sarreaus
Padroso, EdP en Xunqueira de Ambía
Padroso, PnH en Sandiás (M264-3)
Couto de Padroso, PnH en Xunqueira de Ambía (M226-3)
Regato de Padroso, PnH en Xunqueira de Ambía (M264-1)
Regato de Padroso, PnH en Sarreaus (M264-2)

que son en realidade catro topónimos, os das entidades de poboación, pois deles toman o seu nome os catro últimos (o de Sandiás, do veciño *Padroso* de Rairiz de Veiga).

É posible que pertenza a este tema algúns dos múltiples *Pedroso,-a* do territorio estudiado e doutras áreas galegas.

Temos documentación antiga do lugar chamado *Padroso* en Calvos de Randín:

- «*Calvos et sancto Stephano medietate et Platanoso*» (ano 1021, CLN, nº 472)
 «camino que ven de *Pradoso* para Calbos» (ano 1516, FDU, nº 398)

No DCP figuran 3 localidades chamadas *Padroso*, que debemos relacionar coas rexistradas por Cortesão como *Pradanoso* no ano 959 (OM, 277), *Platanoso* en 1059 (OM, 271) e *Pradaoso* en 1220 (OM, 250, 277).

186. *prado*

O nome *prado* deriva do latín PRATUM, conservado en todos os romances. Na fala da maior parte do territorio estudiado, o común *prado* queda desprazado pola competencia de voces de orixe hidronímica como *lama* e sobre todo *lameiro*, amplamente representadas na toponimia xa co valor secundario de *prado*. É posible que *prado* fose no territorio estudiado unha forma culta ou latinizante que non chegou a impoñerse sobre as formas patrimoniais más populares *lama* e *lameiro*. Na documentación máis antiga só atopamos representantes do tema PRATU na toponimia e nas fórmulas latinas: «*terras, vineas, pomiferis, saltis, perales, ficares, vel omnes arbores fructuosas vel infructuosas, aquas cursiles vel incursiles, petras mobiles vel immobiles, pratis, pascuis, vel omnibus eductibus suis, accessu vel recessu, exitus montium usque per suos terminos antiquos*» (ano 969, CLN, nº 246); «*terras, pratis, pascuis, paludibus, exitus montium...*» (ano 1013, CLN, nº 310), etc., pero raramente aparece *pratum* ou *prado* como nome común. En todo o *Tombo de Celanova* só aparece nun texto do século X: «*Vendo tibi Busiano confessio pratum integrum et conclusum qui fuit de Ramiru et de Manuel (...) inter alios vestros pratos et meas devesas*» (ano 935, CLN,

nº 223), mentres que o habitual, mesmo nos documentos en latín anteriores ó ano 1000, é que apareza o común *lama*: «*Omnes ipsas lamas et ipsas devesas cum aquis vel fontes, cum arboribus et prestationibusque suis*» (ano 934, CLN, nº 224); «*feret in lama super casa Hordoni, et inde per strata*» (ano 955, CLN, nº 570); «*kartulam venditionis sicut et facio ego Ygo de lama nostra propria que est in terredorio Carioga*» (ano 960, CLN, nº 171), etc. Por iso resultan significativos certos topónimos redundantes como *A Lama de Prado*, *A Lama do Prado*, *Prado da Lama*, *A Lama dos Prados*, etc.

As formas emparentadas con *prado* conflúen na toponimia con outra familia fitonímica: a de PLĀTANU (vid. 185), con homofonía nas formas simples: *prado* (< PRATU), *prado* (< PLĀTANU) e tamén na maior parte dos derivados, non sendo cando os de PLATANU presentan metátese de *-r-* (*padreiro*), insólita nos derivados de *prado*. Xa que logo, só a documentación antiga poderá garantir que todos os topónimos que consideramos aquí pertencen efectivamente a este tema.

186.1. Prado

A forma *prado* está presente en numerosísimos topónimos.

186.1.a.

Só na toponimia maior, a das entidades de poboación, atopamos:

- Prado*, EdP e parr. (*Santa Cruz*) en Vilar de Barrio
- Prado*, EdP e parr. (*Santo Estevo*) na Veiga
- Prado* [de Limia], EdP e parr. (*San Salvador*) en Muíños
- Prado* [de Miño], EdP e parr. (*Santa María*) en Castrelo de Miño
- Prado*, EdP en Toén
- O Prado*, EdP en Vilamarín
- O Prado*, EdP en San Cibrao das Viñas
- O Prado*, EdP en Cartelle
- O Prado*, EdP en Boborás
- O Prado*, EdP na Bola
- O Prado*, Edp(n) en Ourense (M188-3)
- Prado*, Edp(n) na Pobra de Trives (M189-4)
- Porto de Prado*, Edp(n) en Ourense (M187-4)
- Pradoalbar*, EdP e parr. (*Santo André*) en Vilariño de Conso
- Pradobó*, EdP en Ourense
- Pradocabalos*, EdP e parr. (*Santa María*) en Viana do Bolo
- Pradolongo*, EdP e parr. (*San Pedro*), parr. e lug. na Veiga
- Pradomao*, EdP e parr. (*San Xulián*) en Parada de Sil

- Pradorramisquedo*, EdP e parr. (*San Sebastián*) en Viana do Bolo
Os Prados, EdP en Carballeda de Avia
Os Prados, EdP en Celanova
Prados, EdP en Coles
Praducelos, EdP en Montederramo

O segundo elemento de **Pradoalbar** é un adxectivo *albar* (vid. 011); tamén son adxectivos os segundos elementos de **Pradobó**, **Pradolongo** e posiblemente **Pradomao**. En **Pradocabalos** e **Pradorramisquedo** houbo sen dúbida perda dun nexo proposicional ***Prado de Cabalos**, ***Prado do Ramisquedo**. **Praducelos** contén o plural do diminutivo latino PRATUCÉLLU.

Algúns destes atopámolos adoito na documentación antiga:

- «*in ripa Minei ubi dicent Prato*» (ano 1043, CLN, nº 274)
 «*villa vocitata Prado*» (ano 1069, CLN, nº 520)
 «*per illa petra pausatoria de Prato*» (ano 1104, CLN, nº 280)
 «*in villa de Prado*» (ano 1219, OSR1, nº 184)
 «*domnus Thome Muniz de Pradu*» (ano 1220, OSR1, nº 198)
 «*Petrus Genesii prelatus ecclesie de Prado*» (ano 1222, OSR1, nº 222)
 «*viam que vadit de Prado ad Castrello*» (ano 1222, OSR1, nº 222)
 «*Petrus Genesii prelato ecclesia de Prado*» (ano 1223, OSR1, nº 239)
 «*villa que dicitur Pratum in territorio Limie*» (ano 1227, OSR1, nº 286)
 «*Ripe Mini, scilicet, in Villa dicta Pratum sub aula Sancta Maria*» (ano 1228, OSR1, nº 301)
 «*in vila de Prato, que es in ripa fluvii qui dicitur Mineus*» (ano 1230, OSR1, nº 319)
 «*in villa de Prato, in ripa fluvii qui dicitur Mineus*» (ano 1230, OSR1, nº 327)
 «*in loco qui vocatur Prado (...) in parrochia sancte Marie*» (ano 1240, OSR1, nº 477)
 «*Petrus Suerii de Prado, Arias Petri de Catasoës*» (ano 1243, OSR1, nº 520)
 «*parrochia sancte Marie de Prato*» (ano 1247, OSR1, nº 594)
 «*llaream de Plano iacentem in villa de Prado*» (ano 1256, OSR1, nº 762)
 «*per leiram ecclesie sancte Marie de Prato*» (ano 1257, OSR2, nº 791)
 «*in parrochia sancte Marie de Prato*» (ano 1258, OSR2, nº 806)
 «*meum terrenum que iacet in Covas de Prato*» (ano 1265, OSR2, nº 926)
 «*ad nostrum cellarium de Prado*» (ano 1272, OSR2, nº 1011)
 «*in villa Pradi et in suis terminis de Dezon*» (ano 1272, OSR2, nº 1004)
 «*Dominico Petri de Sobrado de Prado*» (ano 1285, OSR2, nº 1176)
 «*en feigresia de santa Maria de Prado*» (ano 1299, OSR2, nº 1281)
 «*doze moyos de pan en Espinoso e en Prado*» (ano 1302, VFD1, nº 39)
 «*frey Pedro dos Santos ovençal de Prado*» (ano 1306, OSR2, nº 1334)
 «*noso celeyro de Prado*» (ano 1314, HGP, nº 65)
 «*en a Chousa Grande, en Prado*» (ano 1355, RAM, nº 325)
 «*nos coutos de Castrelo e Prado*» (ano 1414, BCM, T1, p. 307)
 «*Afonso Yanes de Palmou, mestrescola, Ares de Prado, juis*» (ano 1461, VFD1, nº 83)
 «*quanto gādo eu trago en Pradoçellos*» (ano 1281, HGP, nº 55)
 «*o rio que ven do prado d-Anillo*» (ano 1287, OSR2, nº 1197)
 «*en Prado de Caualos*» (ano 1331, MdR, AHN Clero, Cpta. 1493, nº 3)
 «*outra terra en Prado de Villa*» (ano 1331, MdR, AHN Clero, Cpta. 1493, nº 5)
 «*entre Vereēgo et Prado Mao*» (ano 1338, MdR, AHN Clero, Cpta. 1493, nº 17)

«*vay topar no rigueyro do Prado*» (ano 1417, RdS, nº 117)
 «*Ffrey Juam de Pradomao*» (ano 1476, MdR, AHN Clero, Cpta. 1504, nº 3)
 «*Afonso Fernández morador en Prados de Cima*» (ano 1411, RdS, nº 114)
 «*lugar de Prados, en tierra dos Berosmos*» (ano 1431, RdS, nº 155)
 «*Fernão de Praduzelos*» (ano 1510, MdR, AHN Clero, Cpta. 1505, nº 13)

186.1b.

Na toponimia menor son ainda más numerosos.

Prado, PnH en Allariz (M226-3)
Prado, PnH en Xunqueira de Ambía (M264-1)
Prado, PnH en Lobeira (M301-1)
Prado, PnH en Lobeira e Bande (M301-2)
Prado, PnH en Melón (M224-2)
O Prado, PnH en Allariz (226-3)
O Prado, PnH en Castro Caldelas (189-3)
O Prado, PnH en Celanova (263-2)
O Prado, PnH en Manzaneda (227-2)
O Prado, PnH en Maside (187-4)
O Prado, PnH en Melón (224-2)
O Prado, PnH na Mezquita e Hermisende (304-2)
O Prado, PnH en San Amaro e Punxín (187-3)
O Prado, PnH en Sober (M188-2)
O Pradiño, PnH en Laza (M264-2)
Montes de Pradoalbar, PnH en Vilariño de Conso (M265-2)
Prado Cerrado, PnH en Viana do Bolo (M266-2)
Prado Covo, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
O Prado Grande, PnH en Quiroga (M189-2)
O Prado Grande, PnH en Ribas de Sil (M189-2)
Prado Longo, PnH en Xunqueira de Ambía (M264-1)
Regato de Prado Longo, CdA en Nogueira de Ramuín (M188-3)
Prado Novo, PnH nos Blancos (M302-1)
Prado Novo, PnH en Cualedro (M302-2)
Prado Novo, PnH en Xunqueira de Ambía e Vilar de Barrio (M226-4)
O Prado Novo, 2 PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
O Prado Novo, PnH en Rairiz de Veiga (M263-4)
Prado Seco, PnH en Lobios (M301-3, M301-4)
Corgo de Prado Seco ou de Teixeira, CdA en Lobios (M301-3)
Corral do Prado Seco, PnH en Lobios (M301-4)
Picouto de Prado Seco, PnH en Lobios (M301-3)
Prado Vello, PnH en Calvos de Randín (M301-4)
Prado Vello, PnH en Cualedro (M302-2)
Prado Vello, PnH en Trasmiras (M264-4)
O Prado Vello, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
O Prado Vello, PnH en Sandiás (M264-1)
Campo do Prado, PnH en Calvos de Randín (M301-2)

- Corga do Campo do Prado*, CdA en Muíños (M301-2)
A Costa do Prado, PnH en Carballedo (M188-1)
O Coto de Prado, PnH en Castrelo de Miño (M225-1)
A Lama de Prado, PnH na Veiga (M228-2)
A Lama do Prado, PnH nos Blancos (M302-1)
A Lama do Prado, PnH en Trasmiras e Sarreaus (M264-4)
Regueiro da Lama de Prado, CdA na Veiga (M228-2, M228-4)
As Leiras do Prado, PnH en Riós (M303-2)
Monte Prado, PnH en Cortegada (M225-3)
Monte de Prado, PnH en Muíños (M301-2)
Monte do Prado, PnH en Vilariño de Conso (M265-2)
O Muíño do Prado, PnH en Carballedo (M188-1)
A Ponte de Prado, PnH en Muíños (M301-2)
Regato de Prado, CdA en Cartelle (M225-3)
Prado da Abelleira, PnH en Chandrexas e San Xoán de Río (M189-4)
O Prado da Aberta, PnH en Oímbra (M303-3)
O Prado da Arcela, PnH na Veiga (M228-2)
Regato do Prado da Arcela, CdA na Veiga (M228-2)
Prado da Avea, PnH en Oímbra (M303-3)
Prado da Lama, PnH en Pantón (M188-2)
Prado da Porta, PnH en Castrelo do Val (M265-3)
Prado da Porta, PnH na Mezquita (M304-1)
Prado da Quelle ou da *Quella*, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
Prado de Abaixo, PnH en Rairiz de Veiga (M264-3)
Prado de Blanco, PnH en Monterrei (M303-1)
Prado de Lázaro, PnH en Xinzo de Limia (M264-4)
Prado Doutor, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
Prado de Orga, PnH na Gudiña (M265-2)
Prado de Rebideguas, PnH en Vilariño de Conso (M265-2)
Prado do Acevro, PnH en Pías (M266-2)
Prado do Bidul da Muller, PnH na Veiga e Viana do Bolo (M228-4)
Prado do Cego, PnH na Mezquita (M266-4)
Prado do Foxo, PnH en Muíños (M301-2)
Prado do Grilo, PnH en Calvos de Randín (M301-4)
O Prado do Medio, PnH en Sarreaus (M264-2)
Prado do Muíño Vello, PnH en Cea (M154-4)
O Prado do Santo, PnH na Gudiña (M304-1)
O Prado do Terreo, PnH en Oímbra (M303-3)
O Prado do Tiollo, PnH en Amoeiro e Ourense (M187-4)
Pradocuco ou *Paradocuco*, PnH en Vilar de Barrio (M264-2)
O Mesón da Ponte de Pradocabalos, Edp(n) en Viana (M266-1)
Regato Pradabade, PnH en Hermisende (M304-2)
Pradocín, PnH en Viana do Bolo (M228-3)
Prados de Pradocín, PnH en Viana do Bolo (M228-3)
Regueiro de Pradocín, PnH en Viana do Bolo (M228-3)
Prado Paparelas, PnH en Muíños (M301-4)
O Pradiño do Trabazón, PnH na Gudiña (M265-4)

- Prados*, PnH en Nogueira de Ramuín (M188-3)
Os Prados, PnH en Avión (M186-2)
Os Prados, PnH en Beariz (M186-2)
Os Prados, PnH no Bolo (M228-1)
Os Prados, PnH no Carballiño e Cea (M187-1)
Os Prados, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
Os Prados, PnH en Xunqueira de Ambía (M226-3)
Os Prados, PnH en Maceda e Baños de Molgas (M226-2)
Os Prados, PnH en Manzaneda (M227-4)
Os Prados, PnH en Porqueira (M264-3)
Entre os Prados, PnH en Vilar de Santos (M264-1)
Lombo de Entre os Prados, PnH na Gudiña (M265-4)
Os Pradiños, PnH en Xinzo de Limia (M264-1, M264-4)
Os Pradiños, PnH en Sandiás (M264-1)
A Chaira dos Prados, PnH en Entrimo (M301-1)
A Lama dos Prados, PnH en Sarreaus (M264-2)
A Rega dos Prados, PnH en Xinzo de Limia (M302-2)
Regueiro dos Prados, PnH na Mezquita (M266-4)
Regueiro dos Prados, PnH na Mezquita (M266-3)
Regueiro dos Prados, PnH en Riós (M303-2)
Ribeira dos Prados, PnH en Castrelo do Val (M303-1)
A Veiga de Prados, PnH en Sober (M188-2)
Os Prados Novos, PnH en Viana do Bolo (M266-1)
Os Prados Salgados, PnH en Verín (M303-3)
Os Prados Velllos, PnH en Rairiz de Veiga (M264-3)
Prados da Abeleda, PnH en Vilardevós (M303-4)
Os Prados da Batoca, PnH en Trasmiras (M264-4)
Prados da Casa, PnH en Piás (M266-4)
Os Prados da Cotarela, PnH en Viana do Bolo (M228-3)
Prados da Fonte, PnH en Castrelo do Val (M265-3)
Os Prados da Fonte Cova, PnH nos Blancos (M302-1)
Os Prados da Freixiña, PnH en Carballeda de Valdeorras (M228-2)
Os Prados da Garrida, PnH en Porto (M266-2)
Os Prados da Pala, PnH na Veiga (M228-4)
Prados da Veiga, PnH en Muíños (M301-2)
Os Prados da Veiga, PnH en Xinzo de Limia (M264-1)
Os Prados das Cabanelas, PnH na Gudiña (M304-1)
Os Prados de Biccovio, PnH en Quiroga (M190-3)
Prados de Borraxes, PnH en Carballeda de Valdeorras (M228-2)
Prados de Bóveda, PnH en Vilamartín de Valdeorras (M190-1)
Prados de Camba de Cima, PnH en Castrelo do Val (M265-2)
Prados de Camba de Cima, PnH en Castrelo do Val (M265-1)
Os Prados de Couselos, PnH en Carballeda de Valdeorras (M228-2)
Prados de Covas, PnH en Lubián (M266-4)
Prados de Fernán Diz, PnH en Carballeda de Valdeorras (M228-2)
Os Prados de Hilario, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
Os Prados de Parada, PnH en Rairiz de Veiga (M264-3)

- Prados de Pradocín*, PnH en Viana do Bolo (M228-3)
Prados de Val de Inferno, PnH en Porto (M266-2)
Prados de Valdavarento, PnH en Carballeda de Valdeorras (M228-2)
Os Prados de Xan de Valdín, PnH en Viana do Bolo (M266-2)
Prados do Canizo, PnH en Lubián (M266-4)
Prados do Casal, PnH en Lubián (M266-4)
Prados do Coto, PnH en Porqueira e Calvos de Randín (M264-3)
Prados do Formigo, PnH en Padrenda (M263-1)
Os Prados do Mato, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
Os Prados do Muíño, PnH en Viana do Bolo (M266-1)
Prados do Penouco, PnH en Carballeda de Valdeorras (M228-2)
Prados do Pontillón, PnH en Lobeira (M301-1)
Os Prados do Río, PnH en Sarreaus (M264-4)
Os Prados do Río, PnH en Viana do Bolo (M266-1)
Prados do Soutelo, PnH en Xinzo de Limia (M264-4)
Os Prados do Tesiño, PnH en Sandiás (M264-1)
Prados do Valado, PnH na Veiga (M190-4)
Prados do Videiro, PnH en Carballeda de Valdeorras (M228-2)
Prados dos Muíños, PnH en Sober (M188-2)

O NG recolle localidades chamadas *Prado* ou *O Prado* en Carballedo, Castro de Rei, Covelo, Crecente, Dumbría, A Estrada, Frades, Friol (parr. e 2 lug: *Prado de Arriba*, *Prado de Abaixo*), Gondomar, Guitiriz, Lalín (parr. e lug.), Mondoñedo, Muras, Muxía, As Neves, Nigrán, Ortigueira, Pantón, Ponteareas (parr.), Quiroga, Sober e Trabada. O plural *Prados* ou *Os Prados* en Becerreá, Cervantes, Cospeito, Narón (3), Sober e Toques. Diminutivos son *Pradelo* en Narón, e 2 *Praducelo* en Riotorto e en Samos. Ademais, *Prado da Canda* (parr.) en Covelo, *Prado do Monte* en Porto do Son (e tamén *Prado-Aguieira*, que son propiamente dous topónimos), *Prado Vello* en Guitiriz, *Pradovello* en Xove, *Os Prados Velllos* en Cambre, *Praderrei* (*Prado de Rei*) en Campo Lameiro, *Praduxao* < PRATU IULIANO (Piel 1954b, 39) en Lalín, *Campo de Prado* en Pol e *Coto de Prados* nas Neves.

No DCP figuran 21 *Prado*, 1 *Pradinho*, 5 *Prados*, 1 *Prado Gatão*, 1 *Prado Ruivo*.

186.2. Prada

A forma feminina *prada* conserva o neutro plural latino PRATA ‘os prados’. Está presente nos seguintes topónimos:

- Prada*, EdP e parr. (*Santo André*) na Veiga (M228-1)
Poboado de Prada, Edp(n) na Veiga (M228-1)
Prada, Edp(n) en Manzaneda (M227-4)
Presa de Prada (*Embalse, Encoro de Prada*), PnH na Veiga (M228-1, M228-2, M228-3)
Callostros de Prada, PnH en Manzaneda (M227-2)
Os Quellos de Prada, PnH en Manzaneda (M227-2)

- As Veigas de Prada*, PnH en Manzaneda (M227-4)
A Coutada de Prada, PnH en Manzaneda (M227-4)
Prada, PnH en Oímbra (M303-3)
Prada, PnH en Vilamarín e Amoeiro (M187-2)

Quellos corresponde ó lat. CANALICÜLOS; *Callostros* podería ser unha forma emparentada con *quello*.

O NG recolle lugares chamados *Prada* en Padrón e Xove, *Pradagrande* e *Pradapequena* en Monfero, *Pradanova* e *Pradavella* nas Somozas, *Pradela* en Cervantes, *Pradelas* na Pobra de Brollón. Algúns destes últimos en que a inicial *pra-* é átona poderían ser formas de *Parada* (< PARATA) con síncopa do *a*. Rexístranse topónimos *Prada* en Galicia, Asturias e León. No DCP non figura ningún.

186.3. Pradeira

Derivados de prado co sufijo correspondente a *-ARIA* son:

- A Pradeira*, PnH en Beariz (M186-2)
A Pradeira, PnH en Sarreaus (M264-2)

Cabería a posibilidade, pouco probable ó tratarse dun feminino, de que o primeiro fose en realidade un derivado de PLATĀNU, PLATANARIA > *pradeira*; non así o de Sarreaus, onde o resultado de PLATANARIA sería *Pradaira*.

187. *préxego, présego, péxego, pexego*

Os nomes galegos da froita do *Prunus persica* son diferentes resultados do adjectivo PERSÍCUM, alusivo á procedencia desta foita, orixinaria de Persia. As diversas variantes difiren na conservación ou non da acentuación esdrúxula (*préxego, péxego, pésego / prexego, pexego, pesego*), na asimilación ou non do *s* na secuencia *-rs-* (*péxego, pexego, pésego, pesego / préxego, prexego*) e a palatalización ou non palatalización da sibilante (*pésego, pesego / péxego, pexego*).

Nos textos antigos do territorio estudiado atopamos a variante con *r*, possiblemente esdrúxula:

- «*ad suum cellarium de Igredoāā pro cerdariis et figariis et prixigis*» (ano 1250, RAM, nº 77)
 «*da froita de Ledime aquela sua vos que ficare dian dela quarta parte salvo pregigos e cereijas*» (ano 1292, RAM, nº 241)

Nos derivados por medio de sufijo, as grafías varian na reproducción como *i* ou *e* da vogal pretónica (*prexegueiro / prexigueiro*).

Estas denominacións galegas correspóndense co cat. *préssec*, fr. *pêche*, it. *pesca*, ingl. *peach* e o cast. *prisco* (minoritario frente a outras denominacións da froita, coma *durazno* e *melocotón*). A forma correspondente do português padrón é *péssego*, pero na toponimia atopamos exemplos derivados de variantes coma as galegas.

187.1. Pexegueiro

Os exemplos que recollemos no territorio estudiado corresponden a derivados por medio do sufijo **-ARIU** (PERSICARIU), que designan a árbore, aínda que en orixe puideron ter valor colectivo:

Prexigueiro, EdP en Rivadavia

Prexigueiro, EdP no Irixo

Prexigueiró, EdP e parr. (*San Salvador*) no Pereiro de Aguiar

Este último procede dun diminutivo en **-ÓLU**, como confirma a documentación antiga:

«in *Presegariolo ecclesia Sancti Salvatoris*» (ano 1007, ROC, nº 1)

«unum nostrum casalle in *Prixigeyrou*» (ano 1257, ROC, nº 29)

«unum nostrum casale in villa de *Prixigeyroo*» (ano 1284, ROC, nº 36)

«*Johan Affonso de Prexegueyroo*» (ano 1302, OSR2, nº 1313)

«*Johan Fernandez de Prexigueiroo*» (ano 1342, ROC, nº 74)

«*Johan Fernandez de Pixigeyroo*» (ano 1351, ROC, nº 90)

«*Johan Nunes morador en Prexegueiroo*» (ano 1363, ROC, nº 106)

«que iaz su sino de *San Salvador de Prexigueiroo*» (ano 1363, ROC, nº 106)

«que he so sino de *San Salvador de Prixigeyroo*» (ano 1464, ROC, nº 250)

«*San Salvador de Prixigeyroo*» (ano 1467, ROC, nº 256)

«*Pregegneyroo*» (ano 1487, BCMO, T. 5, p. 375)

«en *San Salvador de Prixigeyroo*» (ano 1489, RdS, nº 261)

As únicas formas con *r* que atopamos no NG son as do territorio estudiado. No resto de Galicia son formas sen *r*: 1 *Pexegueira* (Tui, que convive na fala con *Pesegueira*), 2 *Pesegueiro* (Mañón e Tui, este último, nome de parroquia, alterna na fala con *Pexegueiro*, que é a forma que figura na actualidade no NG), 2 *Pexegueiro* (Dodro e Pontevedra), 1 *Pexegueiros* (Cesuras).

Na documentación antiga temos un exemplo non localizado na actualidade:

«item aos *Pesegueiros* outro; item outro sobre la riba da Seenlla» (ano 1427, FDU, nº 281)

No DCP localizamos 1 *Pessegueiras*, 11 *Pesegueiro*, 1 *Pesegueiros*. Cortesão rexistra *Persegario* e *Perseguarios* en 1258 (OM, 264).

187.2. Outros derivados

Non achamos outros derivados deste tema fitonímico no territorio estudoado. No NG figura un **Presedo** como nome de parroquia en Abegondo que podería corresponder a un *PERSICĒTU, e a mesma orixe ha de ter o apellido **Precedo**.

No DCP atopamos derivados en -ÉTU, -ÉTA en **Pessegido**, **Presegueda**, **Perseguidos**, e en -ALE en **Pessilgal** (<*PERSICALE?) e posiblemente nun estranxo **Pexiligais**.

188. *pixel, perexil*

As denominacións comúns galegas para o xénero *Petroselinum* son *perixel*, *pirixel*, *pixel*, *perexil* (DEGC, III, 134, 156, 191), paralelas do castelán *perejil* e do portugués antigo *perrexil* (DCECH, IV, 536), substituído no portugués estándar por *salsa*. Ademais do *perexil común* tamén reciben esta denominación outras especies semellantes, coma o *pixel bravo* ou *pixel das bruxas* (DEGC, III, 191), nome popular da *cicuta* ou *cegude* (*Conium maculatum*, VCN 113, 139, vid. 077) ou *pixel de can*, *pixel de burro*, que designan diversas especies tamén pertencentes á familia das umbelíferas (DEGC, III, 191). Sarmiento recolle formas en -el, tanto para o *Petroselinum* como para o *pixel bravo* “en español peregil de agua” (*Vegetables*, 1364); «*perixel o pirigel dos sapos*. En Ribadavia es la cicuta» (*Vegetables*, 277); *perigel do mar* o *Crithmum* (*Vegetables*, 125, 773, 991), chamado en español *hinojo de mar* e en port. *perrexil-do-mar* (Font Quer, 497), etc. Corominas explica o castelán *perejil* a partir dunha forma hipotética *PETRISILLU por *PETRISILNU < PETROSÍLÉNON, e esta como metátese de PETROSÉLÍNON (DCECH, IV, 536, s.v. *piedra*). A variante galega *pixel* posiblemente non require a explicación da metátese vocálica, pois podería ser tamén etimolóxica.

Das formas *pixel / perexil*, na maior parte do territorio estudoado a forma tradicional é a variante en -el, recollida por Sarmiento. Tamén Sobreira daba *perigel* como forma propia de Ourense e Lugo (*Botánica*, 65 v). Temos un único exemplo en:

Pena do Perexil, PnH en Quiroga (M189-2)

Se na fala da zona o común é *pixel*, podemos pensar nunha orixe antropónímica *Pero Xil* < PETRU EGIDII, favorecida pola homofonía con *perexil* (cf. o illote mediterráneo de *Perejil* < *Pero Gil*).

189. *queiroga, queiruga, queiroa*

Neste tema fitonímico coexisten dúas variantes principais, *queiroga /queiruga*, por unha banda, e por outra *queiroa*, port. *queiró*. Estas últimas supoñen un éntimo *CARIÓLA, que explica ademais as formas castelás *alacayuela* e variantes (DCECH, I, 101), entre elas a *quirihuela*, citada por Sarmiento: «Quirihuela, en español, y queiro [por queiró] en portugués (...). Es, creo, la queiruga» (*Vegetables*, 834). *Queiroa* ten tamén unha variante *cairoa* (Pensado, 1958, p. 281).

Podería pensarse que as formas con –g– son secundarias (cf. *Sanxiago* < *San Xiao* < *Sanctu Iuliano*), pero hai abundante documentación que proba a existencia dunha forma paralela CARIOLA (J. da Silveira, R.P.F., I, 1947, p. 428; Piel 1968a, I, p. 340).

O mesmo que sucede coas outras formas que Sarmiento asociaba ó latín CARICE (*carrasco, carrizo, carqueixa, carroucha*, etc.), este nome non designa a mesma planta en toda a xeografía galega ou serve para denominar varias especies, e a confusión de nomes é frecuente: «*Torgo*. llaman así en Rianjo al urce rastrero de calabacitas purpúreas, y en Santiago se vende con el nombre de *queiroga*» (*Vegetables*, 1032). «*Carbén*: Hacia la puente caída de Castrelo, del lado de la Arnoya, es la *queiruga* o *queiroga*» (*Vegetables*, 2439). «*Erica humilis* de Tournefort es la *queiruga*, en Pontevedra *carrasco*» (*Vegetables*, 1555). «*Queiruga, Erica humilis*, no la que tiene cascabeles-flores, sino la de fino verde, que tiene la flor quadrífida, y la hoja de tres o de cuatro cordoncitos como el cedro» (*Vegetables*, 1633). «*Carrizo*: llamaron así hacia Setados a la carrasquilla, *queiruga*» (*Vegetables*, 1687).

En xeral podemos dar para o galego *queiroa, queiroga, queiruga* dous significados básicos, un xenérico, para denominar o xénero *Erica* e especies semellantes, e outro máis específico que a identifica coa *Calluna vulgaris*, a cal tamén recibe os nomes de *carrasco, queiroga carrasco* ou *queiroga da cruz* (VCN, 140, onde se lle dá ademais o nome de *queiroga maior* á *Daboecia cantabrica*). En portugués tamén é a *Calluna vulgaris* a *queiró* (Sampaio, *Flora*, 451). Sarmiento engade ánda un derivado diminutivo *queiriño* «que es el urce de flor grande» e «*queiriño septembrino*, que es especie de erica de flor diferente, que apetecen las abejas» (*Vegetables*, 2342, 2343).

Rivas fai derivar estas formas dunha raíz prerromana *KAR– ‘rocha’ (1994, 5, p. 49-50), e é posible que algún dos topónimos que parecen pertencer a este tema teña orixe oronímica e non fitonímica. Debe de ser orónimo, por exemplo,

o máis coñecido *Quiroga* (tamén *Queiroga*), que dá nome na actualidade ó concello e designou en tempos unha xurisdición colindante coa de Lemos. Aparece na documentación máis antiga como *Carioca*. Un adxectivo en -AECU (> -ego) derivado desta forma lese nunha advocación teonímica a «*Marti Carioceco*» (Rivas, 1991, 37; Piel, 1968a, I, p. 340), e o paralelismo con outras adxectivacións oronímicas do deus Marte na epigrafía do noroeste fai supor que o topónimo ten tamén valor oronímico.

189.1. Queiroa, queiroga, queiruga

Da forma simple temos exemplos de derivados de *CARIOCA e de *CARIOLA.

Da primeira:

Quiroga, lugar, parroquia e concello en Lugo
As Queirogas ou *As Quirogas*, PnH no Bolo (M228-1)
As Queirugas, PnH en Cualedro (M302-2)
As Queirugas, PnH nos Blancos (M302-1)

O NG recolle *Queiroa de Abaixo* e *Queiroga de Arriba* en Mesía, *Queirúa* en Ordes, *A Queiroga* nas Somozas, 3 *Queiruga* en Padrón e Porto do Son (parr. e lugar).

O Territorio de Quiroga, na beira do Sil, aparece como *Carioga*, *Karioga* e *Karioca* en documentos do século VI (*Lvcensia*, p. 144; Piel, 1968a, I, p. 340), e a partir do século X atopámolo adoito:

«ad imperandum commisso de *Carioca*» (ano 929, CLN, nº 207)
 «in valle *Karioga*, in loco predicto ad *Sanctum Tyrsum*» (ano 931, CLN, nº 168)
 «*Nos omnes qui sumus habitantes in Caldellas et Carioga*» (ano 934, CLN, nº 224)
 «circa via que discurret ab *Carioga*» (ano 934, CLN, nº 224)
 «terra que dicitur *Linar*, territorio *Karioca*» (ano 937, CLN, nº 167)
 «prope flumen *Syle*, et sub alia nostra vinea, territorio *Karioca*» (ano 940, CLN, nº 162)
 «mediatae de *Laure* et *Carioga*» (ano 942, CLN, nº 499)
 «territorio *Karioga* discurrente rivulo *Syle*» (ano 951, CLN, nº 176)
 «villam in *Carioga* que est iuxta *Sanctum Tyrsum* quam comparavi de homines *kariocanos*» (ano 952, CLN, nº 177)
 «de lama nostra propria que est in terredorio *Carioga*» (ano 960, CLN, nº 171)
 «et vineas in *Carioga*» (ano 962, CLN, nº 169)
 «villa que dicunt *Nogaria*, territorio *Carioga*, discurrente rivulo *Syle*» (ano 967, CLN, nº 164)
 «in territorio *Karioga*, discurrente rivulo *Syle*» (ano 974, CLN, nº 175)
 «territorio quam inquiunt *Karioga*» (ano 983, CLN, nº 487), etc.

Nos topónimos

Queiroás (*San Breixo* ou *Bréixemo*), parroquia en Allariz

- Queiroás da Eirexa*, EdP en Allariz
Queiroás Grande, EdP en Allariz
Queiroás Pequeno, EdP en Allariz
Requeixo de Queiroás, EdP en Allariz

podemos interpretar *Queiroás* como procedente dun derivado en *-ALES* a partir da forma *queiroa* (ou de **CARIOLAES*), pero dado que se atopa na área onde se produce o característico desprazamento acentual *-OLA > -oa > -oá*, cabe igualmente unha orixe en **CARIOLAS*, sen derivación. Inclinámonos por esta segunda posibilidade.

Ademais do feito de non rexistrarmos para este topónimo grafías medievais *-ales* ou *-aes* nin formas castelanizadas en *-ales*, reafirmanos na hipótese de *CARIOLAS* o nome dun monte que atopamos na documentación medieval e que pola súa localización, na estrema entre Allariz e Taboadela, identificamos co lugar de *Queiroás* actual, áinda que presenta a forma singular:

«*in villa Salto Maiore [Soutomaior, parr. de Taboadela], villa quos vocitant Facalones iusta vocabulo Sancti Ieordii [Facós e San Xurxo da Touza, en Taboadela] subtus monte Cariola, discurrente rivulo Barvania [o Barbaña]*» (ano 996, CLN, nº 303).

Desde polo menos o século XIV ten a forma plural:

- «*Johán Beeytes, prelado de San Veréixemo de Queyroáas*» (ano 1302, VFD1, nº 39)
 «*casal de Riqueixo (...) o qual ena freyguesia de San Bréyxemo de Queiroás*» (ano 1400, VFD1, nº 62)
 «*afonso de qeyroaas*» (ano 1459, OXV, p. 217)
 «*Queiroadás*» (ano 1487, BCMO, T. 5, p. 373), etc.

O *Queirúa* de Ordes atopámolo nun «*Pero de Ben, clérigo de Queyrua*» (ano 1335, FDU, nº 149)

189.2. Queirogal

Derivados de *queiroga*, *queiruga* (<**CARIOCA*) por medio do sufijo de *-ALE* son:

- Queirugás*, EdP e parr. (*San Bartolomeu*) en Verín
Queirugás, EdP en Xinzo de Limia.
O Queirugal, PnH en Monterrei (M302-4)
Alto do Queirugal, PnH en Verín (M303-3)
Queirugás, PnH en Castrelo do Val e Verín (M303-1)
O Coto de Queirugás, PnH en Verín (M303-1)
Regueiro de Queirugás, CdA en Verín (303-1)
Os Queirugais, PnH en Lubián (M266-4)
Val dos Queirugais, PnH en Pías (M266-2)

O NG recolle *Queirogal* en Baleira e *Queirogal* (así en M125-1, *Quirogal* no NG) en Cervantes.

O *Queirugás* de Verín atopámolo amplamente documentado na Idade Media. Nos textos más antigos vémolo cun *-n-* intervocálico que parece contradicir o étimo en *-ALES*, mais que probablemente reflecta unha nasalización non etimolóxica consecuencia da caída do *-l-* intervocálico:

- «*Keiruganes, Villa Maiore, Pepini*» (ano 1029, CLN, nº 457)
- «*In Keiroganes villa de Menendo medietate integral*» (ano 1031, CLN, nº 148)
- «*pro que cadivit foco in illa villa de Keiroganes ubi erat serviciale*» (ano 1031, CLN, nº 148)
- «*in Keiruganes villa que fuit de Menendo*» (ano 1041, CLN, nº 458)
- «*Vila de Queyrugães*» (ano 1229, MdR, AHN Clero, Cpta. 1484, nº 8)
- «*Vizente de Queyrugães*» (ano 1262, MdR, AHN Clero, Cpta. 1484, nº 14)
- «*en Queirugães*» (ano 1265, MdR, AHN Clero, Cpta. 1484, nº 18)
- «*en Queirugães*» (ano 1266, MdR, AHN Clero, Cpta. 1484, nº 19)
- «*ena ecclesia de Queirugaes*» (ano 1274, HGP, nº 53)
- «*o meu cassar que eu ey en Queirugaes*» (ano 1274, HGP, nº 53)
- «*un noso baçelo en Queyrugães*» (ano 1284, MdR, AHN Clero, Cpta. 1487, nº 3)
- «*dō Uicête de Queyrogães (...) en Queyrogães u dizē Lamelas*» (ano 1284, MdR, AHN Clero, Cpta. 1487, nº 1)
- «*Pedro Migueles, prelado de Queirogaas*» (ano 1292, HGP, nº 59)
- «*Queirogãas*» (ano 1292, HGP, nº 59)
- «*qjaz en termio de Queyrogães*» (ano 1310, MdR, AHN Clero, Cpta. 1489, nº 19)
- «*termio de Queirogaes u chamā o Rreffoyo*» (ano 1310, MdR, AHN Clero, Cpta. 1489, nº 18)
- «*Queyrugães*» (ano 1312, MdR, AHN Clero, Cpta. 1490, nº 8)
- «*Garçia Lourenço de Queirugaes*» (ano 1320, VFD1, nº 48)
- «*Saluador Lourenço de Queirogães*» (ano 1321, MdR, AHN Clero, Cpta. 1492, nº 6)
- «*Queyrogæs*» (ano 1333, MdR, AHN Clero, Cpta. 1493, nº 9)
- «*a San Vertolameu de Quyrogæs, un quarteiro de centeo*» (ano 1338, VFD1, nº 53)
- «*Queyrugães*» (ano 1345, MdR, AHN Clero, Cpta. 1494, nº 13)
- «*en Queirugães et en Ábedes et en Caldelas de Barôcelle*» (ano 1366, MdR, AHN Clero, Cpta. 1496, nº 13)
- «*Queyrogãas (...) su o ssyno de Sā Bertollameu de y*» (ano 1405, MdR, AHN Clero, Cpta. 1498, nº 19)
- «*Pedro de Quirogaás*» (ano 1451, VFD1, nº 76)
- «*Mariña Sanchez de Quyrugaees*» (ano 1352, MdR, AHN Clero, Cpta. 1495, nº 5)

O DCP recolle 1 *Queiroal*.

189.3. Queiroedo

Temos un único exemplo procedente de *CARIOLĒTU en

Queiroedo, EdP en Sober

Non atopamos ningún topónimo paralelo a partir de *CARIOCA, que sería **Queirocedo* ou **Queirucedo* nas formas más antigas e **Queirogado* ou **Queiruguedo* nas de orixe romance.

190. rabaza

O DEGC define *rabaza* como «cierta planta escorbútica que crece en los prados gallegos, donde es corriente», e dá como derivados *rabazal* e *rabaceira* «prado o terreno donde abundan las rabazas». Non figura *rabaza* no VCN e non podemos determinar exactamente a qué especie botánica se refire. É posible que o mesmo nome designe varias especies. Sarmiento recolle *rabaza* co valor de «el moho verde de la agua (*morujas* en Pontevedra)», «es *Lenticula palustris*» (*Vegetables*, 265, 2277; *Catálogo* 135 v). En portugués reciben o nome de *rabaça* o *Sium erectum* e o *Sium nodiflorum* (Sampaio, *Flora*, 1611, 1613), e *rabaça-dos-rios* o *Nasturtium officinale* (Font Quer, 273), español *berro*, galego *agróns* (Sarmiento, *Catálogo*, 92 r). Corominas (DCECH, II, 557, s.v. *embarazar*) suxire que *rabaza* pode ser unha metátese por *baraza* (vid. 032).

190.1. Rabaza

A forma simple está presente nos seguintes topónimos:

Rabaza de Abaixo, EdP en Ourense

Rabaza de Arriba, EdP en Ourense

As Rabazas, PnH en Cualedro (M302-4)

As Rabazas, PnH na Gudiña (M266-3)

O DCP recolle 1 *Rabaça*, 1 *Rabaças*, 1 *Rabacinas*, 1 *Rabaço*.

190.2. Rabaceira

O derivado por medio do sufixo correspondente a -ARIA téromo en:

Cavorco das Rabaceiras, CdA no Bolo (M190-3)

O NG recolle 1 *A Rabaceira* en Pedrafita. No DCP figuran 3 *Rabaceira* e 1 *Rabaceiro*.

190.3. Rabazal

O derivado en -ALE está presente en:

Rabazal, PnH en Bande (M301-2)

O *Río Mente*, na Gudiña (M304-1), recibe o nome de *Rio Rabaçal* ó entrar en territorio portugués. O DCP recolle 2 *Rabaçal*. Un destes aparece como *Rabazale* en 1258 (OM, 283).

190.4. Rabacido e outros derivados

Temos tamén un único exemplo do derivado en *-ÉTU* en:

Rabacido, EdP na Peroxa

Non recollemos ningún derivado en *-OSU* comparable a un **Rabaçosa** portugués do DCP.

191. *rachel

Atopamos o nome de *rachel* como denominación dunha planta, ou propriamente dunha flor, en Sarmiento: «Flor de lys. Llaman así en Pontevedra a una flor hermosísima de color de fuego, que parece lilio y no es (oí que uno le había llamado *rachel*). La rachel es flor distinta. *Lilium narcissus indicus* de Tournefort. Es planta y flor recién venida a Pontevedra...» (*Vegetables*, 1668). O editor do texto, X. L. Pensado, coloca este nome de *rachel* no índice de voces galegas. Se é flor ornamental, o nome e a planta poderían vir de fóra, acaso do francés, se tivese relación co nome persoal *Raquel*, *Rachel* en francés, de orixe bíblica. Polo contexto de Sarmiento semella voz feminina. No territorio estudiado atopamos unha forma igual, pero masculina, que tamén podería ser un derivado de *rachar* ou de *racha* ('acha', vid. 007).

Regueiro da Cavaxe dos Racheis, CdA na Gudiña (M266-3)

A Cavaxe dos Racheis, PnH na Gudiña (M266-3)

Podería ter relación con este tema

A Fonte das Recheiras, PnH en Oímbra (M302-4)

192. raíz

As formas emparentadas co lat. RADIX, *-ÍCIS* que atopamos na toponimia aluden posiblemente ás raíces de diferentes especies botánicas, pero dados os significados secundarios de *raíz* e os seus derivados, é probable que algún dos topónimos pertenentes a este tema non sexa propriamente fitonímico.

192.1. Raíz

A forma simple correspondente a RADÍCE témtola nun reducido número de topónimos. Na documentación medieval atopamos adoito un uso de *raíz* con

significado orográfico equivalente ó de pé ou *couce* (vid. 092b): «duas mamulas ad radice de monte *Acuto*» (ano 940, CLN, nº 502), «ad radice de *Asperello*» (ano 1077, CLN, nº 538); «habet iacentia ad radice castro de *Sandi* subtus mons *Navia*, discurrente rivo *Arnoia*» (ano 1138, CLN, nº 543), «In radix infesta hereditate de *Amedario*» (ano 1031, CLN, nº 148). É a mesma acepción de raíz que figura nos dicionarios como «parte inferior o pie de algo» (DEGC, III, 226). Con todo, cremos que os topónimos que presentan a forma simple en plural han de referirse a raíces botánicas. Temos un en:

Raíces, EdP na Lama (M186-2)

O NG recolle outros 3 **Raíces**, en Ames e en Cee (*Raices de Abaixo*, *Raíces de Arriba*). O DCP recolle 1 **Raíz**, 1 **Raízes** e 1 **Raíz do Monte**. Neste último, *raíz* ha de ter significado orográfico.

192.2. Raigada, reigada, derreigada

O participio RADICATA do verbo RADICARE ‘arraigar’ está na orixe dos *Rraigada*, *Reigada* da toponimia. O seu significado é “con raíces”, alusivo probablemente a arboredos ou más ben a terreos de bosque preparados para outros cultivos pero que áinda conservan as raíces das árbores abatidas ou das uces e as xestas queimadas.

Reigada, EdP e parr. (*Sta. María Madanela*) en Manzaneda [tamén escrito *Rraigada*]

A Fraga de Reigada, PnH en Manzaneda (M228-1)

Reigada, PnH en Nogueira de Ramuín (M188-4)

Reigadas, PnH en Porqueira (M264-3)

O NG recolle **A Reigada** na Estrada, **Reigada** en Castro de Rei e **Reigada** (parr. e lugar) en Monforte. No DCP figurán 4 **Reigada** e 1 **Reigadinha**.

Reigada ten unha forma antonímica en *derreigada* < DE-RADICATA OU DE-EX-RADICATA. Na toponimia aludirá a terreos onde foron arrincadas raíces:

As Derreigadas, PnH na Veiga (M228-2)

Na documentación antiga atopamos unha forma equivalente no nome dunhas viñas en Ramirás: «*cum uineis da de Reigada*» [= *da Derreigada*] (ano 1267, RAM, nº 156)

192.3. Raigaña, reigaña

Dun derivado de RADÍCE por medio dun sufijo derivativo *RADICANĒA resulta *raigaña*, *reigaña*, cast. *raigaña* ‘raíz; conxunto de raíces’ e un

masculino *reigaño* «cada una de las raíces de un árbol o planta» (XLFG, 739), ast. *raigañu* «raíz gruesa de árbol» (Sánchez Vicente, 312). Temos exemplo destas formas en

A Reigaña, PnH en Quiroga (M189-2)

192.4. Reigosa, reigoso

O adxectivo *reigosa*, *reigoso* < RADICÓSA, RADICÓSU ‘abundante en raíces’ é o que ten maior presenza na toponimia. No territorio estudo temos:

Reigoso, EdP en Cartelle

Reigoso, EdP en Castrelo de Miño

Regato de Reigoso, CdA en Castrelo de Miño (M225-1)

Corga Reigosinha, CdA en Vilaríño de Conso (M265-2)

Porto Reigoso, PnH en Chandrex de Queixa (M227-1)

En documento do século X atopamos unha villa «*de Radicoso*» (ano 950, CLN, nº 7).

O NG recolle 6 *Reigosa* en Forcarei, Guitiriz, A Pastoriza (parr.), Ponte Caldelas, Samos e Silleda, e un diminutivo *Reigosela* en Cospeito. No DCP figuram 2 *Reigoso*.

A parroquia da Pastoriza figura en documentos do século IX como *Radicosa* (ano 830, Olano 54, p. 216).

193. ramo

O substantivo *ramo* < lat. RAMU ‘póla’ debeu ter no pasado significado colectivo (coma no catalán *rama* ‘ramaxe’, fronte a *branca* ‘póla’): *arboredo*, *árbores*, *ramaxe* (cf. a célebre pastorela do Souto de Creciente, de Xoán Airas: «*e as aves que voavan / quando saía l'alvor / todas de amores cantavan / pelos ramos d'arredor...*»), e na toponimia debe aludir posiblemente a lugares frondosos ou nos cales se aproveitaba a *derrama* das árbores como leña para o lume.

193.1. Ramo

A forma simple témola nos seguintes topónimos

Montederramo, EdP, parr. (*Santa María*) e concello do mesmo nome

Montederramo (*San Cosmede*), parr. en Montederramo

Monte do Ramo, PnH en Allariz (M226-3)

Ramos, PnH en Bande (M301-2)

Ramos, PnH en Sober (M188-2)

- Os Ramos*, PnH en Manzaneda (M227-2)
Os Ramos, PnH en Castrelo do Val (M265-3)
Regato dos Ramos, CdA en Castrelo do Val (M265-3)
Val de Ramos, PnH en Sarreaus e Cualedro (M264-4)
Val de Ramos, PnH en Vilar de Santos e Allariz (M264-1)
Muíño de Ramos, PnH en Beariz (M186-2)

Neste último, **Ramos** é antropónimo, pois corresponde a un apelido de orixe topónimica.

Na documentación antiga atopamos topónimos semellantes:

«*aa cortiña dos Ramos* está outro marco (...) et outro *aos Ramos da Iglesia*» (ano 1473, VFD1, nº 89)

O nome de **Montederramo**, pola importancia do seu mosteiro, figura adoitamente nos textos medievais. Nos documentos más vellos só atopamos referencias a un territorio chamado **Ramo**, que é a zona onde se atopa o mosteiro:

«*territorio Ramo, predicto loco ubi dicunt Vistremiri*» (ano 922, CLN, nº 173)
 «*et alia qua dicunt in Ramo Covas*» (ano 955, CLN, nº 511)
 «*feret in termino de Ramu*» (ano 1031, CLN, nº 540)

E como **Monte de Ramo** ou **Montederramo**:

«*Monte de Ramo, territorio Caldelas*» (ano 1124, MdR, AHN Clero, 1481, nº 3)
 «*abbas et monachi de Monte Ramo*» (ano 1186, RdS, nº 6)
 «*a Santa Maria de Monte de Ramo*» (ano 1255, VFD1, nº 5)
 «*Pedro, monge de Montederramo*» (ano 1257, VFD1, nº 7)
 «*monges de Monte de Ramo*» (ano 1261, VFD1, nº 10)
 «*aa uos, don Gill, abba de Santa Maria de Môte de Ramo*» (ano 1274, HGP, nº 53)
 «*don Uasco, prior de Monte de Ramo*» (ano 1274, VFD1, nº 21)
 «*don Gil, abba de Monte de Ramo*» (ano 1274, VFD1, nº 21)
 «*a frey Viuián, prior de Montederramo*» (ano 1278, VFD1, nº 24)
 «*aa Santa Maria de Monte de Ramo*» (ano 1281, HGP, nº 55)
 «*en Santa Maria do Monte do Ramo*» (ano 1290, HGP, nº 58)
 «*meu corpo en sepultura a Santa Maria de Montederramo*» (ano 1291, VFD1, nº 32)
 «*et depoys de sua morte mando que fique a Montederramo*» (ano 1301, VFD1, nº 37)
 «*don frey Garcia, abba, e o conuento de Monte de Ramo*» (ano 1321, VFD1, nº 49)
 «*Martin Páez, fraude de Santa Maria de Monte de Ramo*» (ano 1338, VFD1, nº 53)

Algunha vez atopamos formas diverxentes, ben en feminino ou ben en plural:

«*abbas et conventus de Monte de Rama*» (ano 1186, RdS, nº 5)
 «*Dilectis filiis Montis de Ramae*» (ano 1198, XEsP, nº 2)
 «*Querela abbatum de Karrazeto et Monterratorium*» (ano 1212, OSR1, nº 147)

No NG hai 3 **Ramo** en Fene, A Laracha e Tomiño, e 9 **Ramos** no Corgo, Guitiriz, Ourense, Ortigueira, Pantón (3), Rodeiro e Vilalba, ademais dun feminino **Rama** en Ortigueira.

O DCP recolle 4 **Ramo**, 8 **Ramos**.

Na documentación antiga atopamos tamén o feminino **Rama** como apelido toponímico: «*Gonçaluo Eanes da Rama*» (ano 1327, FDU, nº 77).

193.2. Derramada

O verbo *derramar*, formado a partir de *rama* co prefixo *des-*, aplicado ás árbores significa «cortarle las ramas» (Sarmiento, *Catálogo*, 205 r). *Derramada* é forma participial, ou sexa, adxectiva, que en orixe puido aplicarse a *carballeira* (como a “*carballeira de San Xusto, carballeira derramada*” do cantar) ou outro substantivo feminino:

A Derramada, EdP en Piñor de Cea
A Derramada, Edp(n) en Gomesende (M225-3)

193.3. Outros derivados

O resto dos derivados deste tema que achamos na toponimia presenta doble sufixación, e a maior parte deles podemos agrupalos en dous tipos: a) os formados sobre *ramalla*, *ramallo* e b) os derivados de *ramisca*.

Un derivado colectivo de *rama*, *ramo* en -ĒTU é o topónimo menor **Ramedo** que recolle Palacio en Pantón (Palacio, 1981, 205), para o cal non atopamos paralelo no NG nin no DCP.

Tampouco non localizamos no territorio estudiado ningún exemplo dun colectivo *ramada* (cf. esp. antigo *ramada* ‘enramada’ DCECH, IV, 765), presente no NG nun diminutivo **Ramadela**, en San Sadurniño, e na toponimia portuguesa en 5 **Ramada**, 1 **Ramada Alta**, 1 **Ramada da Rainha** e 2 **Ramadas** no DCP. Non é imposible que algúns *A Ramada* actual fose en orixe *A Armada*.

O NG recolle **Ramadiza** na Lama, derivado de *ramada* co sufijo correspondente a -ÍCĒA. Cortesão rexistra en 1258 un topónimo portugués equivalente, escrito **Ramadiza** (OM, 284).

O derivado correspondente a RAMARIU atopámolo no DCP en 2 **Rameiro** e 1 **Rameirão**.

193.4. Ramalla

Son derivados de *ramo* ou *rama* por medio do sufijo correspondente a -ALIA, -ALIU os substantivos *ramalla*, *ramallo* (E. Rivas propón un étimo

*RAMACÜLU para *ramallo*; Rivas 1982, 166). No apéndice do DEGC figura un fem. pl. *ramallas* definido como «ramas delgadas». Na toponimia *ramalla* ha de ter valor colectivo, equivalente a *ramaxe*, e aludir a lugares onde se procuraba leña miúda para o lume. O masculino *ramallo* pode non ter ese valor colectivo e designa unha sóla pequena coas súas ramificacións e follas.

Temos estas formas en:

A Fraga da Ramalla, PnH no Bolo (M228-1)

A Pedra do Ramallo, PnH na Gudiña (M304-1)

Non atopamos no NG formas semellantes, non sendo un derivado en -ÓNE *Ramallón*, en Coristanco. O DCP recolle 4 *Ramalha*, 4 *Ramalhão*, 1 *Ramalho* e 1 *Ramalhos*.

193.5. Ramallada

Un derivado de *ramallo*, *ramalla* por medio do sufijo *-ada* (< -ATA), con valor colectivo, é *ramallada*, voz común que figura nos dicionarios co significado de «ramaje, conjunto de ramos o ramos que etán muy juntos; RAMALLEIRA» e «leña muy menuda y muy delgada» (DEGC, III, 227). Témola en

A Ramallada, PnH en Carballeda de Avia (M224-2)

O DCP recolle 1 *Ramalhada*.

193.6. Ramallal

O derivado mediante o sufijo correspondente a -ALE témolo en:

O Ramallal, PnH na Gudiña (M304-1)

O NG recolle 8 (*O*) *Ramallal* na Capela, A Lama, A Laracha, Ortigueira, Ponteareas, As Somozas e Vilalba (2 tops.), e 2 *Ramallás* (en Pontevedra e Salvaterra). No DCP figurán 8 *Ramalhal* e 4 *Ramalhais*.

193.7. Ramalleira

Derivado de *ramalla* co sufijo correspondente a -ARIA é *ramalleira*, sinónimo de *ramallada* (DEGC, III, 227). Temos o correspondente masculino en

Regato Ramalleiro, CdA en Vilariño de Conso (M265-1, M265-2)

No NG hai 4 (*A*) **Ramalleira** na Pastoriza, Valdoviño, Vedra e Vilaboa. No DCP, 11 **Ramalheira** e 2 **Ramalheiro**.

193.8. Ramallosa

O máis común dos derivados se *ramalla* é o formado co sufijo *-OSA*. **Ramalloso**, *-a* figura como adxectivo común nos dicionarios e vén definido así: «dícese del árbol que se ramifica con mucha ramalleira» (DEGC, III, 227), pero na toponimia ha de aludir probablemente a lugares de abundancia de leña miúda, aproveitable para o lume. Témolo en

A Ramallosa, EdP en Celanova

A Ramallosa, PnH en Oímbra (M302-4)

Corgo da Ramallosa, CdA en Vilariño de Conso (M265-1, M265-2)

Corga da Ramallosa, CdA en Lobeira (M263-3)

Mallada da Ramallosa, PnH en Vilariño de Conso (M227-3, M227-4)

As Ramallosas, PnH en Montederramo (M227-1)

Ademais do de Celanova, o NG recolle *A Ramallosa* en Baiona (parr. e lugar), Nigrán (parr. e lugar) e Teo. No DCP figurán 4 **Ramalhosa**.

A parroquia actual de *Santa Cristina da Ramallosa*, no concello de Baiona, figura nos textos más antigos como Santa Cristina de Miñor, e só a partir do século XIII, coa construción sobre o río Miñor, no lugar da Ramallosa, da *Ponte da Ramallosa* por iniciativa do bispo Tudense San Telmo (Pedro González Telmo), o nome da ponte pasou a incorporarse ó nome da parroquia, e posteriormente tamén ó da parroquia do outro lado da ponte, San Pedro de Felgueiras, hoxe San Pedro da Ramallosa, concello de Nigrán.

193.9. Ramalliza

O DCP recolle un derivado de *ramalla* co sufijo *-ICÉA* (vid. supra *Ramadiza*) en **Ramalhiça**. Non localizamos formas equivalentes no territorio estudiado nin no NG.

193.10. Ramisca

En Maside, e posiblemente noutras áreas do territorio estudiado, *ramisca* é voz viva co significado de ‘leña miúda que se apaña no chan para prender lume’, e *andar á ramisca* é ‘non ter oficio ou ocupación definida e andar tirando pequenos proveitos aquí e acolá’, por extensión de significado. Deste uso figurado da expresión *andar á ramisca* naceron as acepcións que figurán nos dicionarios para *ramisca*: «briba, holgazanería, bribonerío, vagancia, picaresca»

(DEGC, III, 227), definición que repite XLFG, quen engade unha segunda como “mod. adv.”, áinda que sen precisar qué palabras acompañan a ese substantivo no “modismo adverbial”, e definea como «andar tras de las mozas; MOCEAR, TUNAR». No apéndice do DEGC figura un correspondente masculino *ramisco*, «ramiza, conjunto de ramas cortadas», tomado de Carré (DEGC, III, 541), máis próximo do significado orixinario da voz.

Ramisca é derivado de *ramo*, *rama* co sufijo *-isco*, *-a*, presente na toponimia noutras formas como *boucисса* (vid. 041.5). Témolo en

Monte da Ramisca, PnH en Ramirás (M225-3)

O Chao de Ramiscas, PnH en Nogueira de Ramuín (M188-4)

193.11. Ramiscal

O derivado de *ramisca* co sufijo correspondente a *-ALE*, *ramiscal*, atopámolo en

O Ramiscal, PnH en Viana do Bolo (M266-2)

Regato do Ramiscal, CdA en Calvos de Randín (M301-4)

O NG recolle 1 *Ramiscal* na Laracha.

193.12. Ramiscosa

O derivado de *ramisca* co sufijo correspondente a *-OSU*, *-OSA* está presente nos topónimos

A Ramiscosa, PnH en Muíños (M301-4)

Ramiscoso, PnH na Veiga (M228-2)

Ramiscoso, PnH en Verea (M263-1)

O NG recolle 1 *Ramiscosa* en Carballo.

193.13. Ramisquedo

Son derivados de *ramisca* co sufijo colectivo correspondente a *-ETU*:

O Ramisquedo, PnH en Riós (M303-2)

O Ramisquedo, PnH en Viana do Bolo (M266-2)

Veiga do Ramisquedo, PnH en Castrelo do Val e Riós (M265-4)

e o segundo elemento de

Pradoramisquedo (*S. Sebastián*), parr. e lugar en Viana do Bolo

No NG hai 2 **Ramisquido** (Laracha e As Somozas) e 1 **Ramesquido** (Moeche).

Temos un topónimo idéntico usado como apelido nun «*Payo de Ramisquedo*» (ano 1281, OSR2, nº 1154)

193.14. Ramisqueira

Non recollemos no territorio estudiado ningún derivado **Ramisqueira**. No NG hai 1 **Ramisqueira** nas Somozas e 1 **Ramisqueiras** en San Sadurniño. No DCP figura 1 **Ramisqueira**.

194. ravo

O nome galego do ravo común, *Raphanus sativus*, é continuación da denominación latina RAPHANU. Ten presenza na toponimia a partir de derivados que aluden seguramente ó seu cultivo, aínda que o mesmo nome puido aplicarse a algunha outra especie brava ou silvestre. Non consideramos fitonímicos algúns topónimos en que aparentemente está a forma simple *Rabo*, *Rabos*, que interpretamos como o común *rabo* (lat. RAPU, en orixe ‘nabo’), empregado como designación metafórica para determinado tipo de terreos, xeralmente alongados e estreitos ou que forman unha especie de apéndice ou prolongación de outros. Non podemos desbotar, con todo, que algúns deses topónimos poidan conter o fitónimo *ravo*, pero carecemos de documentación que o confirme ou desminta.

194.1. Raval

É relativamente común no territorio estudiado *Raval* (< RAPHANALE). Os topónimos que presentan esta forma adoitan escribirse tradicionalmente cun *b* non etimolóxico. Atopámola en:

Rabal (*San Salvador*), parr. de Celanova

Rabal (*Santa María*), parr. de Chandrex de Queixa (M227-1)

Rabal (*Santo André*), parr. de Oímbra

Rabal, EdP en Trasmíras

Rabal da Eirexa, EdP en Celanova

Rabal de Arriba, EdP en Celanova

A Abadía de Rabal, Edp(n) en Chandrex de Queixa (M227-1)

O Lameirón de Rabal, PnH en Oímbra (M303-3)

O Piñeiral de Rabal, PnH en Celanova (M225-4)

- A Ponte de Rabal*, PnH en Chandrexia (M227-1)
Río de Rabal, CdA en Chandrexia (M227-1)
Regato de Rabal, CdA en Chandrexia (M227-1)

Na documentación medieval atopamos algúns destes topónimos:

- «*in villam qua dicunt Ravanale territorio Arnogie*» (ano 956, CLN, nº 373)
 «*villa que dicunt Ravanal territorio Arnogie*» (ano 960, CLN, nº 378)
 «*villa quem dicunt Ravanal territorio Arnogie*» (ano 961, CLN, nº 374)
 «*villa que dicunt Ravanale territorio Arnogia*» (ano 961, CLN, nº 380)
 «*in villa Ravanal territorio Arnogie*» (ano 961, CLN, nº 401)
 «*in pumare in Ravanale*» (ano 961, CLN, nº 402)
 «*territorio Arnogie villa que vocitant Ravanal*» (ano 964, CLN, nº 379)
 «*in villa quod vocitant Ravanal, super rivulo Arnogia*» (ano 996, CLN, nº 377)
 «*villa territorio quod vocitant Ravanal*» (ano 997, CLN, nº 375)
 «*in villa Ravanal in loco predicto ubi dicent Fornellos*» (ano 1002, CLN, nº 382)
 «*in villa quod vocitant Ravanal*» (ano 1011, CLN, nº 372)
 «*villa quod vocitant Ravanal territorio Arnogia*» (ano 1013, CLN, nº 371)
 «*Donon de Ravanal*» (ano 1025, CLN, nº 369)
 «*granjeiro de Ravaal*» (ano 1262, XEsP, nº 5)
 «*o que ey enna freeguesia de Rauaal*» (ano 1302, HGP, nº 61)
 «*San Bertolameu de Rrauaal*» (ano 1313, MdR, AHN Clero, Cpta. 1490, nº 14)
 «*Johan de Rrauaal, notario de Caldelas*» (ano 1318, MdR, AHN Clero, 1492, nº 1)

A parroquia de Rabal, en Oímbra, aparece como plural na documentación más antiga:

- «*Villarello, Ravanales, Tamaganellos*» (ano 1029, CLN, nº 457)
 «*In Ravanales hereditates de Gaudinas*» (ano 1031, CLN, nº 148)
 «*in termino de Ravanales*» (ano 1037, CLN, nº 268)

Fóra do territorio estudiado non semella moi abundante. O NG recolle unicamente 2 *Rabal de Arriba e Rabal de Abaixo* no Pino. Na Estrada figuran *Rabiáns de Abaixo* e *Rabiáns de Arriba* ou *de Riba* (*Rabeanes de Arriba y Rabeanes de Abajo* no Madoz), tamén coñecidas como *Rabiáns dos Labradores e dos Cabaleiros*. Estas formas *Rabiáns / Rabeáns* poderían explicarse, con algúna dificultade no vocalismo, a partir dun éntimo RAPHANALES, pero non posuimos documentación antiga que o confirme; tamén poderían pertencer ó tema de *rubia* (vid. 200.2)

O DCP recolle un exemplo, tamén escrito con *b*, coma nos casos galegos, nun *Rabal* de Bragança, en área onde non existe oposición b/v.

194.2. Raveda

O colectivo derivado por medio do sufijo -ÉTA témolo no nome da antigo territorio *da Raveda ou Rabeda*, entre Ourense e Allariz, que se conserva como segundo elemento do nome das súas parroquias:

Santa Cruz da Rabeda, EdP e parr. en San Cibrao das Viñas
Santiago da Rabeda, EdP e parr. en Taboadela

Hoxe adoitan escribirse con *b* non etimolóxico. Na documentación medieval atopamos este topónimo:

- «*in Ravaneta, inter fluvium Mineo et rivilo Arnogia»* (ano 1041, CLN, nº 458)
- «*villa in Ravaneta que nunccupant Villa Paterni»* (ano 1064 CLN, nº 482)
- «*alias duas villas hic in Ravaneta»* (ano 1076, CLN, nº 122)
- «*in Ravaneta omne a rem hereditatis»* (ano 1088, CLN, nº 76)
- «*in territorio Ravaneda villam quam vocant Sentanes»* (ano 1092, CLN, nº 129)
- «*in Ravaneta prope villa Gargantones»* (ano 1096, CLN, nº 111)
- «*territorio Ravaneta subtus monte Castello de Pastores»* (ano 1103, CLN, nº 470)

No atopamos formas semellantes no NG nin no DCP.

195. *robre

O latín ROBORE, que designa principalmente a especie *Quercus robur* e é orixe do cast. *roble*, cat. *roure*, encontrouse no noroeste peninsular coa voz prerromana da que proceden o galego *carballo*, port. *carvalho*, ast. *carbayo*, *carvayo*, leonés *carbajo*, *carvajo*. A vitalidade da denominación prerromana impediu o arraigo da forma latina; se ben esta sobreviviu na toponimia, principalmente en derivados por medio do sufijo *-ĒTU*, *-ĒTA*, na lingua non deixou restos, ou deixounos unicamente en formas como *rebolo* e derivados, que tamén teñen presenza na toponimia (vid. infra, 196) e que gardan relación etimolóxica (directa ou indirecta, segundo distintas hipóteses) con este tema léxico.

195.1. *Robre

A forma simple **robre*, empregada por Rosalía e presente nalgúns dicionarios (DEGC, III, 290, que a aboa no vocabulario da *Crónica Troiana*) non existe propiamente no galego actual e no seu uso literario pode ser considerada un castelanismo ou un arcaísmo. En castelán, *robre* é variante do estándar *roble*, e está presente na toponimia en *Robregordo* (Madrid), *Robres* (Huesca), *Robres del Castillo* (La Rioja), etc. Que esta voz non é totalmente allea ó sistema léxico galego, polo menos na súa diacronía, próbalo o feito de ter parentes léxicos na toponimia. Pero na documentación antiga relativa ó territorio estudiado non atopamos mostra da súa existencia, pois para referirse ás árbores desta especie

só atopamos a forma *carballo*, *carballa* e as diversas grafías destas mesmas formas latinizadas, e nas escasas ocasións en que se bota man dun latinismo, é *quercus* o termo empregado:

- «*ad quercus vitulorum deinde ad quercus de crecere*» (ano 1097, CLN, nº 277),
 «*ultra viam publicam, inde per duas quercus*» (ano 1227, XEsP, nº 3)
 «*quercum que stat circa petram que cruce signatur*» (ano 1251, OSR1, nº 660)

No NG só localizamos un posible topónimo coa forma simple: ***Robra***, lugar e parroquia (*San Fiz*) en Outeiro de Rei, onde tamén hai o ***Río Robra***. Semella paralelo do leonés ***La Robla***, unanimemente considerado derivado de ROBORE (Nieto Ballester, 367, s.v. *Villarrobledo*). Presenta homonimia co comú *robra* ‘albaroque’, pertencente á familia léxica de ROBORARE, que tamén ten unha variante *robla* (DEGC, III, 290), pero as formas con que aparece o topónimo lugués na documentación antiga inclínannos a consideralo fitonímico, aínda que podería ter outra orixe.

Rexistrámolo como ***fluum Rovera*** no ano 572, ***Rovera*** 757, ***Robera*** 897 e 1027, ***ribolum Rovora*** 973, ***Rovora*** 998 e 1130, ***Roura*** 1055 e ***Robra*** en 1280 (*Lvcensia*, pp. 173-74).

195.2. Reboreda

Os derivados correspondentes a ROBORÉTO, ROBORÉTA, de abundante presenza na toponimia, tiñan emprego como voces comúns la lingua medieval:

- «*nostro revoreto proprio que vocitant Revoreto Maiore*» (ano 922, CLN, nº 431)
 «*extra petazo in roboreto que dedimus ad Andrias*» (ano 955, CLN, nº 453)

No territorio estudiado recollemos:

- A Reboreda***, EdP en Xunqueira de Espadanedo
Reboreda, EdP en Porqueira
Reboreda, Edp(n) en Toén (M225-2)
Reboreda, PnH en Calvos de Randín (M301-2)
Reboreda, EdP en Ourense
Reboreda, EdP en San Cibrao das Viñas
Reboreda, EdP no Pereiro de Aguiar
Bouzas do Reboreda, PnH en Sober (M188-2)
Corgo do Reboreda, CdA en Vilariño de Conso (M265-2)
Reboreda de Maruxa, PnH en Avión (M186-2)
Reboreda, PnH en Vilardevós (M303-3, M303-4)
O Reboreda, PnH en Monforte (M188-2)
O Reboreda, PnH en Vilariño de Conso (M265-2)
O Reboreda, PnH en Chandrexa (M227-1)
Regato de Reboreda, CdA no Pereiro de Aguiar (M188-3)

O NG recolle 6 ***Reboreda*** en Nigrán, Outeiro de Rei, O Páramo (2), Redondela e Silleda; e 57 ***Reboredo***, en Agolada, Antas de Ulla (parr.), Arzúa (2), Bergondo, Boiro, Boqueixón, Bóveda, Brión (2: ***Reboredo Grande e Reboredo Pequeno***), Campo Lameiro, Cangas, Carballo, Carral, Cedeira, O Corgo, Dozón (2), Frades (2), O Grove, O Incio, Láncara, Laxe, Lugo (2), Mazaricos, Melide, Mesía, Monforte, Muros, Ordes, Ortigueira (3), Ourol, Oza dos Ríos (parr.), Palas de Rei, As Pontes, Portomarín (2), Santiago de Compostela, Santiso, Sarria, Silleda, Sobrado, Teo, Tordoia, Vedra, Vila de Cruces (2), Vilalba, Val do Dubra (3: ***Reboredo de Abaixo, Reboredo de Arriba e Reboredo do Medio***), Vimianzo, Xermade (***O Reboredo***) e Xove; un plural ***Reboredos*** na Capela e un ***Reborido*** en Santiago. ***Torrereboredo***, na Estrada, semella resultado dunha haploloxía de ***Torre Reboredo***.

No DCP contamos 3 ***Reboreda***, 4 ***Reboredo***, 3 ***Reborido***.

Na documentación medieval atopamos algúns destes topónimos:

- «in ***Roboreto***, et alia villa quam abemus iuxta fluvio Tamare» (ano 871, CLN, nº 60)
- «Paratella, Cervania, ***Roboreta***...» [Reboreda, Silleda] (ano 973, CLN, nº 81)
- «***Reboreto in cauto de Luco***» (ano 1094, Lvcensia, p. 173)
- «et viam que vadit de ***Revoredo ad Vilarplanum***» [Coles] (ano 1247, ROC, nº 26)
- «casaes de ***Reuoredo*** & de Pena de Prazos» [Betanzos] (ano 1262, HGP, nº 2)
- «outras II^{as} leyras en ***Revoredo***» [Dozón] (ano 1285, OSR2, nº 1174)
- «***Revoredo in villa Goymir***» [Sarria] (ano 1199, Lvcensia, 173)
- «de ***Reuoredo***» [Val do Dubra] (ano 1306, FDU, nº 20)
- «en ***Rreuorido*** éna fligesija de San Johane de Calox» (ano 1352, TzS, fol 19 v).
- «en ***Rreuorredo***, fligesja de Sam Gião de Bastaualles» (ano 1352, TzS, fol 66v)
- «***Revoredo***, que he ena freyguisia de San Miguel de Calvelle» [P. de Aguiar] (ano 1354, ROC, nº 93)
- «eno dito lugar de ***Revoredo***» [P. de Aguiar] (ano 1354, ROC, nº 93)
- «ennos lugares do Castro e de ***Reuoredo***» (ano 1432, FDU, nº 284)
- «pello carril de ***Reuoreda***» (ano 1473, VFD1, nº 89)
- «***Rreuoreda***, que est erca da dita villa de Rredondela» (ano 1506, HGP, nº 136)
- «mas otro terreo de ***Reboreda***» (Calvos de Randín) (ano 1516, FDU, nº 403)

195.3. Robledo

Resultan problemáticos algúns topónimos aparentemente derivados de *robre* como ***Robledo***, ***Roblido***, ***Robleda***, localizados na zona oriental do territorio, nas comarcas de Valdeorras e O Bolo. Como é área onde está viva a denominación *rebolo*, nestas formas confluíron, por unha banda, descendentes de ROBORETO, ROBORÉTA e por outra formas romances *Reboleto*, *Reboleda*, derivados de *rebolo*. Cada topónimo ten a súa propia historia e só a documentación antiga permite esclarecela, pero en todos os casos cremos que a presión do castelán *robledo*, *robleda* condicionou a forma actual destes topónimos, que non son propiamente formas patrimoniais. Conteñen estes derivados os seguintes:

- Robledo**, EdP e parr. (*Sta. María*) en Carballeda de Valdeorras
O Robledo da Lastra, EdP e parr. (*N^aS^ada Concepción*) en Rubiá
O Robledo, EdP en Vilamartín de Valdeorras
Roblido, EdP e parr. (*S. Xoán*) na Rúa
O Pozo de Roblido, PnH na Rúa (M190-1)
A Portela do Robledo, PnH en Rubiá (M190-2)

Pode ser significativo o feito de pertenceren á diocese de Astorga. Os outros topónimos **Robledo** recollidos no NG localízanse en áreas onde ten vixencia a forma *rebolo* e corresponden ó chamado bloque dialectal oriental. Ademais dos ourensáns mencionados, figuran 7 **Robledo** en Cervantes (2), A Fonsagrada, Navia de Suarna (2), As Nogais e Negueira de Muñiz. Igualmente significativo é que sexan todos entidades de poboación e non teñíamos noticia da presenza destas formas na toponimia menor (vid. Apéndice, mapa 14).

A parroquia de **Robledo** (*Santa María*), en Carballeda de Valdeorras, que figura no Madoz como **Robledo de Domiz** (< DOMÍNICI, Piel 1948, 119), rexistrámola na documentación medieval como *Sancte Marie de Rouoredo* (ano 1207, CTÑ, nº 178)

Na mesma área ourensá onde se localizan os topónimos actuais *Robledo*, *Roblido*, existiu unha xurisdición chamada **Terra de Reboreda**, na estrema entre as provincias de Ourense e León nas comarcas do Bolo e as Frieiras. *Viana do Bolo* aparece nalgún caso nos documentos medievais como *Viana de Reboreda*, e as parroquias e lugares vianeses e boleses de Caldesiños, Seoane, Solbeira, Humoso, Castromao e Celavente atopámoslos como pertencentes ó *Val de Reboreda* ou *Val de Robreda*. Isto pódenos facer sospeitar que igual que no veciño *Santa María de Robledo*, tamén os outros **Robledo**, **Roblido** desta área foron **Robredo**, **Robrido**, e que a forma actual se viu favorecida pola presión do castelán.

- «*In Roboreta in exitos et pratos*» (ano 947, CLN, nº 567)
 «*In valle Rovreda Caldesinus, Sancto Iohanne, Sorveira, Omoso, Castro Malo, Cella Valenti*» (ano 1029, CLN, nº 457)
 «contra **Robreda** per forno de telias» (ano 1153, CTÑ, nº 21)
 «don Mateus, tenente **Reboretam**» (ano 1255, VFD1, nº 6)
 «Lourenzo Moniz de sua mano meirino en **Roureda**, en Ualdeores» (ano 1255, VFD1, nº 6)
 «e por una casa que me queimou en **Reureda**» (ano 1302, VFD1, nº 39)
 «Johan Lourêço, escudeiro de **Rroureda**» (ano 1303, MdR, AHN Clero, Cpta. 1493, nº 5)
 «Affonso Aras, notario publico en **Viana de Roureda**» (ano 1351, MdR, AHN Clero, Cpta. 1495, nº 4)
 «todas las herdades que eu ajo en **Rovreda** e enas Frieiras» (ano 1417, VFD1, nº 69)

O **Robledo** de Cervantes figura nos mapas con dúas variantes: **Robledo** (M99-4), **Robredo** (M125-2).

195.4. Rebordelo

Nos derivados diminutivos de ROBORÉTO, que teñen polo tanto dupla sufixación, o resultado común presenta caída do *e* pretónico (correspondente ó tónico da base *reboredo*), o que levou a interpretalos como derivados dun hipotético substantivo **reborde* (Moralejo, TGL, 310) ou **rebordo* (cf. as grafías portuguesas *Rebordo Chão*). Así sucede en *Rebordelo* (< ROBORÉTELLU), *Rebordiño* (< ROBORÉTINU) e os correspondentes femininos, e en todas as formas derivadas ou compostas en que *e* tónico do primitivo *reboredo* pasa a ocupar sílaba átona e cae.

Temos o diminutivo en -ÉLLU en

- Castelo de Rebordelo*, PnH en Hermisende (M304-2)
- A Fraga de Rebordelo*, PnH en Monterrei (M303-1)
- A Portela de Rebordelo*, PnH en Hermisende (M304-2)
- Regato de Rebordelo*, CdA en Hermisende (M304-2)
- Rebordela*, PnH en Vilardevós (M303-4)
- Rebordelo*, PnH no Bolo (M228-1)
- Rebordelo*, PnH en Lalín (M153-4)
- Rebordelos*, PnH na Pobra de Brollón (M189-1)

O NG recolle 14 **Rebordelo** en Cabana, Cospeito (2), Cotobade (parr.), Cuntis, Dumbría, Guitiriz, Guntín de Pallares, Láncara, Monfero, Muros, Ponte Caldelas, Vilalba (2); 6 **Rebordelos** en Carballo (parr. e lug.), Muras, Ordes, Santa Comba, Val do Dubra, e 2 **Rebordela** na Fonsagrada e en Riotorto.

No DCP figuran 7 **Rebordelo**.

Un topónimo menor **Bouzas de Rebordelo**, non identificado na actualidade, aparece na documentación medieval localizado na Limia: «*ad patronem qui sedit in Boucas de Reboredello deinde ad patronem de Ganati*» (ano 1093, BCMO, T. 2, p. 407)

O **Rebordelo** de Dumbría atopámolo en uso antropónimico no nome dun «*Juan Trillo de Rebordelo [...] neto que foy de Martin Afonso de Rebordelo*» (ano 1446, FDU, nº 325).

Os **Rebordelo** portugueses rexístranse como **Rouordelo** en 1059, **Revordello** en 1258 (OM, 299).

195.5. Rebordiño

Os derivados diminutivos co sufijo correspondente a -ÍNU presentan, coma os anteriores, síncopa da vogal pretónica:

- Rebordiños*, EdP en Esgos
- A Rebordiña*, PnH na Mezquita (M304-1)
- Rebordiño*, PnH en Baltar (M302-1)

- Rebordiño*, PnH en Monterrei (M302-4)
Rebordiño, PnH en Muíños (M301-1)
Rebordiño, PnH en Vilar de Barrio e Laza (M264-2)
Rebordiño, PnH en Hermisende (M304-2)
O Rebordiño, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
O Rebordiño, PnH en Lobios (M301-3)
Rebordiños, PnH en Laza (M264-2)
Rebordiño, PnH en Vilar de Barrio (M226-4)
Rebordiños, PnH en Vilar de Barrio (M227-3)
Os Rebordiños, PnH en Beariz (M186-2)
Regueiro de Rebordiños, CdA en Vilar de Barrio (M265-1)

O NG recolle 2 *Rebordiños* en Guitiriz. No DCP hai 3 *Rebordinho*.

Posuímos documentación antiga do actual *Rebordiños* de Vilar de Barrio:

- «*de ipsa Sayza et ascendit et venit ad aqua de Rivurdinus*» (ano 1172, RdS, nº 3)
 «*aquam que venit de Lageoso et vadiz ad Revordinus*» (ano 1221, RdS, nº 28)
 «*aqua que venit de Lageosu et vadit a Rivurdinus*» (ano 1221, RdS, nº 29)

E o *Rebordiño* do concello de Muíños rexistrámolo en textos do século XVI:

- «*a los castineyros de Rebordiño*» (ano 1516, FDU, nº 392)

Unha variante que presenta o sufijo correspondente a -ÍNU coa solución en -ín, característica da área oriental norte (chamada oriental asturiana) pero que nesta más meridional (oriental zamorana) só deixa esporádicos restos na toponimia, é

- Cortiñas de Rebordín*, PnH na Mezquita (M304-1)
Regato de Rebordín ou de Lamadegrúa, CdA na Mezquita (M304-1)

195.6. Rebordallo, rebordaos

Entre os derivados con dupla sufixación, formados coma os anteriores a partir dos colectivos en -ÉTU, -ÉTA, recollemos os topónimos

- Rebordallo*, PnH en Laza e Vilar de Barrio (M2651, M265-3)
Regato Rebordallo, CdA en Laza (M265-3)

cun sufijo -ALLO (< tal vez -ALIU ou -ACÚLU; cf. *ramallo*, *Bouzallo* en Pantón, *Trigoallo* no Barco de Valdeorras...). E posiblemente unha forma diminutiva deste en -ós (< ÓLOS) en

- Rebordellós*, PnH en Hermisende (M304-2)

Se non é un composto ROBORÉTU + DE + un segundo elemento opaco (talvez *illós* < OCÚLÓLOS).

Independentemente do significado dun adxectivo *rebordao/rebordán*, *rebordá/-ana* recollido nalgúns dicionarios («silvestre, bravo», segundo o DEGC, III, 237, que engade «Dícese del árbol, o su fruta, sin injertar. Abonado por Carré»), cremos que estamos ante un xentilicio formado co sufijo *-ANOS* a partir dun topónimo *Reboreda* ou *Reboredo* en

Rebordaos, Edp(n) en Carballeda de Avia (M225-1)

Non figura na actualidade no NG, malia estar habitado, pero si no dicionario de Madoz. Rexistrámolo na documentación medieval:

«*meam portionem de vinea de Robordanis*» (ano 1222, OSR1, nº 220)

«*Ad sanctum Michaellem de Carvalleda unum modium de vino eum habuerit in nostras vineas de Rervordaos*» (ano 1227, OSR1, nº 289)

«*a mina vina de Revordauns*» (ano 1230, OSR1, nº 325)

«*ipsa mea vinea de Plano de Revordanos*» (ano 1232, OSR1, nº 350)

«*una vinea cum lohanne Petri Gibarro que iacet in Rebordaos*» (ano 1251, OSR1, nº 667)

O NG recolle 3 ***Rebordáns*** en Negreira, Ponteceso e Tui, e 8 ***Rebordaos*** en Boqueixón, Castroverde (parr. e lugar), Cerdido, Lugo, Santiago, O Saviñao (parr.) e Vilalba.

A parroquia de ***Rebordaos*** do Saviñao atopámola igualmente na documentación antiga:

«*in territorio Saviniano ubi dicunt Roboretanos*» (ano 958, Samos, nº 127)

«*a nosa leyra de herdade que jas en Revordaos*» (ano 1418, RdS, nº 126)

«*en Revordaaos*» (ano 1418, RdS, nº 126)

Tamén teñen orixe en ROBORÉTANOS 2 ***Rebordãos*** e 4 ***Rebordões*** portugueses que figuraban no DCP, un deles documentado como *villa Reuordanos* en 1046, *villa Robordanos* en 1049, *Rouordanus* e *Roburdanos* en 1073 (OM, 292, 296, 299). Tamén recolle o DCP un singular ***Rebordão***, que pode ser derivado en *-ANO* ou en *-ÓNE*.

195.7. Rebor(e)do + adxectivo

Entre as formas que presentan síncopa da vogal pretónica en composición cun segundo elemento adxectivo temos:

Rebordechá, EdP en Xinzo de Limia

Rebordechau, EdP e parr. (*Santa María*) en Vilar de Barrio

Rebordechao, PnH en Muíños (M301-2)

Rebordechao, PnH en Riós (M265-4)

que corresponden a ROBORÉTA PLANA, o primeiro, e ROBORÉTU PLANU os restantes. Nas áreas onde conflúen os resultados de *-ANU* e *-ANA* non é posible discernir, sen documentación antiga, se son formas masculinas ou femininas, coma nos 2

Rebordechán que recolle o NG en Crecente (parr.) e Covelo. Un masculino é **Rebordochao**, en Monfero.

A localidade de **Rebordechá** en Xinzo atopámola na documentación medieval:

«*quod habeo in Rovoreda Plana*» (ano 1164, CLN, nº 125)

«*in Rovoreda Plana villa de Argimondo Gaudici*» (ano 1025-1040, CLN, nº 139)

Rexistramos tamén o **Rebordechao** de Muíños:

«*per Travazos et per Rovoreto plano et per Baldemiri*» (ano 1088, CLN, nº 63)

No DCP hai 1 **Rebordo Chão** e 1 **Rebordão Chão**. Un deles aparece rexistrado como **Reuoredo plano** no ano 1257 (OM, 292).

Menos transparente resulta o segundo elemento de

Rebordondo, parr. (*San Martiño*) en Cualedro e Monterrei

Rebordondo, EdP en Cualedro

Rebordondo, PnH en Nogueira de Ramuín (M188-3, M183-4)

Regato de Rebordondo, CdA en Cualedro e Monterrei (M264-4, M303-1)

Río do Muíño Vello de Rebordondo, CdA en Cualedro (M302-2)

Non conteñen un adxectivo *dondo*, como podería interpretarse, senón que son resultado dunha haploloxía de **Reboredo Redondo** (ROTUNDU).

O NG recolle 1 **Rebordondo** en Portomarín, ademais dos ourensáns. No DCP figura 1 **Rebordondo**.

O **Rebordondo** de Cualedro rexistrámolo como «**Rovoredo reddondo**» (ano 1042, CLN, nº 151)

Co adxectivo *longo*:

Rebordelongo, PnH en Entrimo (M301-1)

Rebordolongo, PnH en Laza (M265-1)

Rebordolongo, PnH en Lobeira (M263-3)

E co adxectivo *verde*:

Regueiro Rebordoverde, CdA en Esgos e O Pereiro de Aguiar (M226-1)

O NG recolle un **Rebordecovo** (**Rebordocovo** na fala) en Dozón, co adxectivo correspondente ó latín hispánico *cōvus*, variante do clásico *CAVUS*.

Atopamos unha forma idéntica **Rebordocovo** como PnH en Verea, en textos do século XI: «*quomodo concludet per rovoredo covo, et inde ad fonte de Bustello*» (ano 1035, CLN, nº 549)

O nome do lugar de **Rebordondiego**, no Saviñao, ha de corresponder a ***Reboredo (de) Don Diego**. Aparece como **Rovor don Diego** en 1231 (*Lvcensia*, 174), o que leva a Nicandro Ares a interpretalo como ROBORE DOMNO DIDACO (Ares, 1996, p. 255). Dado que non temos na toponimia outros exemplos da forma simple ROBORE, consideramos máis probable que sexa un exemplo máis de ROBORĒTU, para o cal non ha de ser atranco a temperá haploloxía rexistrada na única documentación medieval que posuimos.

195.8. Reboredal

Non existen no NG topónimos correspondentes a un derivado ROBORĒTALE, con dupla sufixación en *-ĒTU* e *-ALE* (cf. *Acevedal*, *Teixedal*...). Só temos un exemplo en

O Robledal, PnH en Manzaneda (M227-2)

que posiblemente está influído pola forma castelá.

O DCP recolle 1 *Rebordais*, 1 *Rebordainhos*.

195.9. Rebordoso

Tampouco non recollemos no NG nin no territorio estudiado derivados con dupla sufixación en *-ĒTU* e *-ŌSU* (cf. *Amiadoso*) comparables ós 3 *Rebordosa* que figuran no DCP. Un destes documéntase como *Revordosa* en 1258 (OM, 292)

195.10. Reboriza

Non recollemos ningunha forma correspondente a *ROBORÍCĒA, co sufijo *-ÍCĒA* (cf. *Biduiza*, *Castaínza*, *Carballiza*...). Palacio (1981, 226) recolle un topónimo menor *Reboriza* en Pantón.

No DCP figuran 2 *Reboriza*.

196. *rebolo*, *rebola*

O diccionario de Eladio Rodríguez define *rebolo*, na súa acepción fitonímica, como «roble, en algunas comarcas; CARBALLO» ou «retoño de roble», isto é, *carballizo* (DEGC, III, 237); e *rebola* como «roble», localizado nas Nogais (DEGC, III, 543); ademais, o derivado *reboleira* aparece como sinónimo de *carballeira* (DEGC, III, 543). O étimo destas formas é controvertido; Corominas inclínase por un derivado do «lat. PULLUS ‘retoño’, seguramente lat. vg. *REPULLUS íd. (o de un verbo REPULLARE ‘retoñar’)», considerando un significado xenérico «retoño de cualquier árbol», rexistrado nalgunhas áreas peninsulares (DCECH, IV, 813). Deste xeito o filólogo catalán desbota a etimoloxía a partir de ROBORE que propuxeran outros autores (*ROBÜLLUS, segundo Meyer-Lübke), que acae ben ás acepcións galegas desta voz.

Malia as sospeitas de parentesco coa familia de ROBUR, tratamos por separado estas formas atendendo ás dúbidas etimolóxicas que suscitan. Con todo, como veremos, non son infrecuentes os casos de interferencia e confusión dos derivados dunhas e doutras. Na toponimia do territorio estudiado, os exemplos de *rebole*, *-a* e da súa familia léxica localízanse nos máis dos casos na área oriental. Non atopamos exemplos no occidente de Galicia (vid. Apéndice).

196.1. Rebolo, rebola

A forma simple *rebolo*, *rebola* está presente nos seguintes topónimos:

A Rebola, PnH en Chandrexas de Queixa (M227-4)

Rebolos, PnH en Montederramo (M227-1)

Os Rebolos, PnH en Muíños (M301-2)

E en derivados diminutivos

Regato de Reboliñas, CdA en Vilariño de Conso (M265-2)

O Reboliño, PnH en Vilar de Barrio (M227-3)

O NG recolle *Rebolo* en Friol, *Rebolín* na Fonsagrada

No DCP hai 6 *Rebolo*, 1 *Rebolos*, 1 *Rebolim*. Este último (a diferenza do da Fonsagrada, que pode ser un diminutivo en -INU) ha de ter orixe antropónima; Cortesão rexistra *Rebollo* como apelido medieval (OM, 287).

196.2. Rebolar, rebolal

Do derivado en -ALE temos as variantes *Rebolar* e *Roboral*, onde conflúen tamén as procedentes de *ROBORALE.

O Rebolal, PnH en Viana do Bolo (M228-3)

O Rebolal, PnH en Castrelo do Val (M265-3)

O Rebolal, PnH en Castrelo de Miño (M225-1)

O Rebolal, PnH en Manzaneda (M227-2)

O Rebolal, PnH en Monterrei (M302-4)

O Rebolal, PnH en Pías (M266-2, M266-4)

O Rebolal, PnH en Hermisende (M304-2)

Alto do Rebolal, PnH en Vilardevós (M303-2)

O Lombo do Rebolal, PnH en Vilardevós (M303-2)

Corgo do Rebolal, CdA en Vilariño de Conso (M265-2)

Regato do Rebolal ou *do Reboral* CdA en Vilardevós (M303-2, M303-4)

Os Rebolais, PnH en Viana do Bolo (M228-3)

O Rebolar, PnH na Mezquita (M266-4)

O Rebolar, PnH en Lubián (M266-4)

O Rebolar, PnH en Petín e O Bolo (M190-3)

O Rebolar, PnH en Castrelo do Val (M265-4)

O Rebolar, PnH na Veiga (M190-4)

Rebolás, PnH en Cualedro (M302-2)

Rebolar, EdP en Esgos, presenta na fala a variante **Reboral**, que pode explicarse como resultado da disimilación *l/r* (cf. *-ar/-al*) pero tamén podemos considerala un argumento a favor da etimoloxía a partir de ROBUR. Outro tanto podemos dicir do mencionado **Regato do Rebolar** ou **do Reboral**, en Vilardevós (M303-2, M303-4) e mais de

O Reboral, PnH na Mezquita (M304-1, M304-2)

O lugar de **Rebolar** ou **Rebolar** del Esgos atopámolo xa con estas dúas formas na documentación antiga:

«*et reddit a coto de Rebolar et inde vadit ad petram de Cabazoa*» (ano 1282, ROC, nº 34)

«*lugares de Reboral*» (ano 1482, ROC, nº 315)

No DCP figuran 2 **Rebolar**.

196.3. Reboledo, reboleda

Como sucede cos precedentes, nos derivados co sufijo correspondente a **–ÉTU**, **–ÉTA** resulta difícil deslindar os relacionados con *rebolo* e os que proceden sen dúbida de ROBUR, aínda que, como dixemos, todos eles poderían ter unha mesma orixe neste fitónimo latino. Unha alteración por disimilación *Reboredo* / *Reboledo* é ben explicable. Con estes poderíamos considerar así mesmo os topónimos *Robleda*, *Robledo* xa vistos (195.3).

Recolemos os seguintes

O Reboledo, EdP en San Xoán de Río

Regueiro de Reboledo, CdA en Quiroga (M190-1)

Reboledo, PnH en Quiroga (M189-2)

O Reboledo, PnH en Nogueira de Ramuín (M188-4)

O Reboledo, PnH en Parada de Sil (M188-4)

O Reboledo, PnH en San Xoán de Río (M189-4)

196.4. Reboleiro, reboleira

Son derivados por medio dos sufíxos correspondentes a **–ARIU**, **–ARIA**:

A Chaira da Reboleira, PnH en Vilamartín e A Rúa (M190-1)

A Reboleira, PnH en Cualedro (M302-2, M264-4)

Reboleiro, PnH en Riós (M303-2)

Reboleiros, PnH na Gudiña (M266-3)

O NG recolle **Reboleira** en Láncara, **A Reboleira** en Baleira, **Reboleiras** en Outeiro de Rei. No DCP hai 2 **Reboleiro**, 1 **Reboleira**.

196.5. Outros derivados

Un aparente derivado de *rebolo* ou *rebola* é

Rebolada, PnH en Chandrexas de Queixa (M227-1),

semella un participio dun verbo *rebolar*, acaso relacionado coa acepción non fitonímica de *rebolo*, *rebola* como ‘rapa, raseiro’. *Rebolada* podería explicarse entón como terra achanzada ou achaiada, áinda que esta explicación non pasa de ser unha simple hipótese. No NG hai 2 **Rebolada** en Alfoz e A Pastoriza.

Outro derivado que presenta o sufijo *-esa* semella un feminino dun xentilicio en *-ENSE*, posiblemente a partir dun topónimo *Rebolo*, *Rebola*:

Cavorco da Rebolesa, CdA en Rubiá (M190-2)

Poula da Rebolesa, PnH en Rubiá (M190-2)

197. redollo

No DEGC (III, 543) figura *redrollo* co significado de «becerro de cría». E. Rivas testemuña un v. *redollar*, *rodollar* «brotar los tallos una vez cortados» e o s. *redollo* «el hecho y conjunto de esos brotes», paralelo do port. *redolho*, *radolho*, *rodolho* «brote tardío» (Rivas, 1982, 167) e do castelán *redrojo* ‘regerminatio’ (DCEH, I, 22 s.v. *arredro*). Proceden do lat RETRŪCŪLŪ, derivado do adverbio RETRO. A súa presenza na toponimia pode aludir a un *prado de redollo*, «el que se deja brotar otra vez después de segado y se pace» (Rivas, id., ibid.). Temos esta voz en

Redollo, PnH en Xunqueira de Ambía (M264-1)

No DCP figurán 4 **Redolho**. E. Rivas recolle 1 PnH **O Redollo** en Marín (1982, 167)

198. romeu, romeo

Romeu ou *romeo* e *rosmariño* son os nomes que asignan os dicionarios galegos ó *Rosmarinus officinalis* (VCN, 141). A primeira é a forma que recolle Sarmiento (*Catálogo*, 93 v). Esta denominación pudo formarse por derivación regresiva de un **romaiño* < *ROSMARÍNUM, por ROSMARÍNUM, entendido como

diminutivo, e moi probablemente por cruzamento con *romeu* (< ROMAEU) ‘romeiro, peregrino’, derivado no nome da cidade de Roma (DCECH, V, 61). Esta homonimia tamén se dá no nome castelán *romero*. A denominación común portuguesa é *rosmaninho*.

É planta cultivada, apreciada polo seu aroma e as súas aplicacións na apicultura.

198.1. Romeu

Dada a homonimia do fitónimo co substantivo común *romeo*, *romeu* ‘peregrino’, non se pode desbotar a posibilidade de que algún dos topónimos en que temos a forma simple proceda deste segundo substantivo, que tamén ten uso antropónímico como alcume ou apelido. No territorio estudiado son os seguintes:

Romeu, PnH en Porqueira (M263-4)

O Romeo, PnH en Laza (M265-1)

Campo Romeo, PnH en Vilaríño de Conso (M265-2)

A Cruz do Romeo, PnH en Riós (M303-2)

Regato da Cruz do Romeo, CdA en Riós (M303-2)

O NG recolle 3 *O Romeo* en Mondoñedo, Chantada e Sarria, 2 *Romeu* en Vigo e *Romeos* en Valdoviño. *Porromeo*, en Muras, procede probablemente dun antropónimo *Pero Romeo*.

No DCP hai 4 *Romeu*, 1 *Romainho* e 1 *Rosmaninho*.

Na documentación antiga atopamos exemplos de topónimos *Romeu*:

«*Maria Eanez de Luneda, neta de Maria Perez de Romeo*» (ano 1271, OSR2, nº 991)

«*outra vinna que chamã do Romeo*» (ano 1282, HGP, nº 6)

«*lugar do Romeo*» (ano 1494, RdS, nº 266)

Todos eles poderían ter así mesmo orixe antropónímica. O uso de *Romeu* como nome persoal, alcume ou apelido témolos rexistrado desde a Idade Media:

«*frater Iohannes dictus Romeo*» (ano 1264, OSR2, nº 918)

«*frey Iohan Romeo*» (ano 1266, OSR2, nº 938)

«*Romeu Domingiz ts.*» (ano 1274, OSR2, nº 1046)

«*Romeu lohannis notario iurado na pobla de Chantada*» (ano 1274, OSR2, nº 1050)

«*Romeu lohannis notario jurado na Pobra de Chantada*» (ano 1274, OSR2, nº 1052)

«*Romeu Perez, prelado da yglesia do Pineiro*» (ano 1302, VFD1, nº 38)

«*a uos Iohan Romeo en uosa uida e mays non*» (ano 1311, RAM, nº 265)

«*en Siluaescura a su a pouxa de Johan Romeo*» (ano 1311, RAM, nº 266)

«*o nosso casar de Oleyros en que morou Romeo Dominguez*» (ano 1339, HGP, nº 70)

Nos documentos medievais atopamos con frecuencia o nome *Pero Romeo*, coma o que supostamente dá orixe ó mencionado topónimo de Muras *Porromeo*:

- «*do tibi Petrus Romeu I leira de hereditate*» (ano 1238, RAM, nº 26)
- «*Petrus Romeus miles*» (ano 1251, RAM, nº 83)
- «*super casalibus de Petro Romeu*» (ano 1254, RAM, nº 111)
- «*outorgo a uos don Pero Romeu de Penozinos*» (ano 1274, RAM, nº 199)
- «*a uos don Pero Romeu de Penozinos*» (ano 1274, RAM, nº 200)
- «*como Pedro Romeu de Quinçan, fillo de Cristovao Perez*» (ano 1271, OSR2, nº 987)
- «*Pedro Romeu carnizeyro*» (ano 1288, MdR, AHN Clero, Cpta. 1487, nº 11)

198.2. Romeal

Do derivado co sufijo correspondente a -ALE temos un exemplo en *Romeás*, PnH en Montederramo e Chandrexá de Queixa (M227-1), que consideramos paralelo dos *Romerales* da toponimia castelá. Non atopamos outros derivados. O DCP recolle 6 *Romeiras* e 2 *Romeirão*, ademais de 6 *Rosmaninal*.

199. rosa

O lat. rōSA pervive en todos os romances. A súa presenza na toponimia alude a diferentes especies e variedades de arbustos da familia das rosáceas, silvestres ou cultivadas.

199.1. Rosa

A forma simple atopámola unicamente en

Campo das Rosas, PnH en Lalín e O Irixo (M153-4)

No NG figura un *Rosa* en Viveiro. O lugar chamado *A Roza*, en Bueu, figuraba erradamente no NG anterior a 1991 como *A Rosa*, cando propiamente corresponde ó común *roza*, deverbal de *rozar* (< lat. vg. *RŪPTIARE, deriv. de RUMPERE), «cortar la maleza o el tojo, limpiar a golpes de fouce un monte» (DEGC, III, 298). O *o* de *rosa* conserva en galego o timbre etimolóxico aberto (a falta de ditongación en castelán podería interpretarse como cultismo, insólito nunha palabra de uso tan corrente), en tanto que o de *roza* é etimoloxicamente pechado, áinda que en áreas occidentais pode abrir por metafonía orixinada polo -a final.

O DCP trae 2 *Rosa* e 1 *Rosas*; e tamén 1 *Rossa* que é grafía diverxente de *Roça*, gal. *Roza* (cf. no DCP 1 *Rossadinhas*, no canto de *Roçadinhas*; e no NG *Rosada* en Cangas e *Rosadelas* en Boiro, ambos en área de seseo), e polo tanto non ten relación co

noso tema. Na documentación antiga do territorio estudo atopamos o topónimo *Roça* (hoxe *Roza*) escrito como *Rossa*: «*ena herdade da Rossa*» (ano 1287, HGP, nº 103); «*Johan Rossa*» (ano 1319, RdS, nº 67), etc.

199.2. Rosal

O derivado correspondente a ROSALE témolo en:

O Rosal, EdP en Oímbra

Os Rosales, Edp(n) en Barbadás (M225-2)

O NG recolle **O Rosal** en Monforte e **O Rosal** (*Santa Mariña*), parr. e concello, e **O Rosal Florida** en Vigo. Un plural **Os Rosales** na Coruña debe ser entidade relativamente recente, o mesmo có homónimo de Barbadás, o que explica a conservación do –l– intervocálico.

No DCP figuran 3 **Rosal**.

A parroquia e concello do Rosal, no Baixo Miño, aparece na documentación antiga con grafías que non permiten confirmar con certeza a súa pertenza á familia léxica de *rosa*:

«**Santa Marina de Rossal**» (ano 1274, BM, p. 123)

«*Johan Domínguez, prelado da ygleia de Rosal*» (ano 1280, HGP, nº 97)

«*na Iglesia de Santa Marina de Rossal*» (ano 1302, BM, p. 129)

199.3. Rosedo

Temos un derivado correspondente a ROSĒTU en

Rosedos, PnH en Verín (M303-3)

Monte Rosedo, PnH en Xunqueira de Espadanedo (M226-2)

199.4. Roseira, rosario, rosairo

Non temos ningún exemplo do común *roseira* na toponimia do territorio estudo. O cultismo *rosario* ‘conxunto de oracións dedicado á Virxe e que remata coa ladaíña, onde aparece repetidamente a comparación da Virxe cunha rosa’ rexístrase na Península desde o século XVI (DCECH, V, 73), e a súa presenza na toponimia designa lugares dedicados ó culto mariano.

Regueiro do Rosario, CdA en Viana do Bolo (M228-3)

O Rosario, PnH no Carballiño (M187-3)

O Rosario, PnH en Xunqueira de Ambía e Baños de Molgas (M226-3)

No NG hai 4 (*O*) **Rosario** no Mañón, Ortigueira, Palas de Rei e Viveiro. O DCP recolle 6 **Rosário**.

Nalgún caso atopamos unha variante *-airo*, más popular. Podería pensarse nun étimu *ROSALARIU, pero debemos rexeitalo porque atopamos *rosairo* mesmo en zonas de *abeleira*, *maceira*:

Rosairo, EdP en Toén

O Rosairo, PnH en Gomesende (M225-3)

O Rosairo, PnH no Pereiro de Aguiar (M188-3)

Costa do Rosario ou do Rosairo, PnH en Muiños (M301-1)

Monte do Rosairo, PnH en Castrelo de Miño (M225-1)

Tamén parece ter relación co tema de *rosa* un topónimo:

Rosaio, PnH na Pobra de Trives (M189-4)

Morfoloxicamente paralelo dun veciño **Meixoaio** (M190-3), se cadra representa un resultado local do sufíxo lat. *-ARIU*. Atopamos unha forma semellante **Resaio** na documentación antiga, que acaso amosa que non ten relación con *rosa*: «*per agrum de sancto Michaele de Ressaio*» (ano 1219, OSR1, nº 184). Pero tamén podería estar emparentado cun topónimo **O Rosallo** que figura no NG na Estrada e que atopamos na documentación antiga: «*ēna villa de Rrosallo, hūu casal en que mora Pero Eanes*» (ano 1352, TzS, fol. 37v). Se son o mesmo 2 **Roçao** portugueses que figuran no DCP, o s xordo destes fai que a relación con *rosa* sexa praticamente imposible.

O derivado **Rosaleda**, con dupla sufixación correspondente a *-ALE* + *-ĒTA* só pode estar presente en topónimos moi recentes, pois é palabra castelá e neste idioma rexístrase por primeira vez no século XIX (DCECH, V, 73). O NG recolle **Rosaleda** como nome dunha entidade de poboación en Vilagarcía de Arousa.

200. *rubia*

Descoñecemos se algún dos topónimos en que están presentes derivados do adj. lat. RŪBĒUS aluden á planta chamada *rubia*, *Rubia tinctorum* (VCN 143), da familia das rubiáceas, usada tradicionalmente como tinte encarnado, de aí o seu nome. Nos máis dos casos estaremos ante o adjetivo de cor *rubio*, *rubia* aplicado a moi diversas realidades, unhas botánicas e outras non. Nin sequera para os derivados *Rubial*, *Ruibal*, *Roibal*, port *Ruival* (Piel 1968^a, II, 187) formado co sufíxo correspondente a *-ALE*, podemos garantir neste tema un valor colectivo, pois coma outros derivados en *-ALE* de adjetivos de cor (*albar*; *negral...*) pode equivaler ó simple *rubio*, *rubia*, coma nunha medieval *castanaria ruvial* (ano 1025, CLN, nº 358) ou un actual *Pumar Roibal* de Marín (Rivas, 1982, 251). Con todo, enumeramos a continuación os topónimos recollidos no territorio estudiado

en que están presentes estes adjectivos e que poderían aludir á planta. Excluímos aqueles en que *rubio*, *rubia* aparecen como adjectivos aplicados a outras realidades (*Penedos Rubios*, *Pena Rubia*, *Parderrubias* < PARIÉTES RŪBĒAS, *Pedra Rubia*, *Touza Rubia*, etc.) e os masculinos (*Rubios* < RŪBĒOS, *Rubiós* < RŪBĒÓLOS).

200.1. Rubia

Temos a forma plural de *rubia* en:

Porto das Rubias, PnH en Vilariño de Conso (M265-2)

As Rubias, PnH en Vilariño de Conso (M265-2)

As Rubias, PnH en Verín (M303-3)

As Rubias, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)

O DCP recolle 1 ***Ruiva***, 1 ***Ruivas***.

O nome de ***Rubiós*** (< RUBEÓLOS), lugar e parr. (*San Pedro*) en Riós, non debe ter orixe fitonímica. O NG tamén recolle ***Rubiós*** como nome de parroquia nas Neves, en área onde esa solución pode corresponder a RUBEÓLOS ou ó feminino RUBEÓLAS.

200.2. Rubial

Os derivados co sufijo correspondente a -ALE poden corresponder a dous tipos: por unha banda un derivado adjetival, equivalente no significado a *rubio/rubia*, con frecuencia aplicado á flora (como na *castanaria ruvial* mencionada), e por outra o colectivo. Temos estes derivados RUBĒALE en

Rubial, EdP en Leiro

Rubial, PnH en Parada de Sil (M188-4)

O Rubial, PnH en Muíños (M301-2)

Rubiás dos Mixtos, EdP e parr. (*Santiago*) en Calvos de Randín

Rubiás, EdP e parr. (*Santiago*) en Ramirás

Rubiais, EdP e parr. (*San Cibrao*) en Viana do Bolo

Rubiás, EdP en Allariz

Rubiás, EdP en Bande

Rubiás, EdP na Bola

Rubiás, EdP en Punxín

Rubiáns, Edp(n) en Padrenda (M263-1)

Os Cabezos de Rubiais, PnH en Viana do Bolo (M266-1)

Rego de Rubiás, CdA en Ramirás (M263-1)

O Uzal de Rubiás, PnH en Calvos de Randín (M302-3)

E un diminutivo feminino *RUBĒALÍNAS no segundo elemento do topónimo

Uzal das Rubaiñas, PnH en Quintela de Leirado e Gomesende (M263-1)

Na documentación antiga rexistramos o **Rubiás** de Ramirás:

- «cum Fernando Roderici, clérigo de **Ruuaes**» (ano 1247, RAM, nº 52)
- «in termino de **Ruuaes** in loco qui dicitur Pedraes» (ano 1248, RAM, nº 62)
- «iacet super casal de **Ruuaes**» (ano 1249, RAM, nº 67)
- «in termino de **Rouaes**» (ano 1256, RAM, nº 130)
- «est ecclesie sancti Iacobi de **Ruuaes** et iacet in loco qui dicitur Pena Auegos» (ano 1256, RAM, nº 132)
- «quartam partem ecclesie de **Ruuaes**» (ano 1256, RAM, nº 132)
- «in termino de **Ruuaes** in loco qui dicitur Bouia bona» (ano 1260, RAM, nº 142)
- «de una hereditate que iacet in termino de **Ruuaes**» (ano 1271, RAM, nº 179)
- «pousa de cabo da iglesia de Santiago de **Ruuæas**» (ano 1275, RAM, nº 206)
- «Vila Bona en a feglesia de Santiago de **Ruuæas**» (ano 1278, RAM, nº 219)
- «en **Ruuæas** hu chaman a Feruenza, en termino de Santiago» (ano 1279, RAM, nº 225)
- «en Caluelo en a feglesia de Santiago de **Ruuaes**» (ano 1281, RAM, nº 228)
- «a Santiago de **Ruuæas** C. soldos para fazer a egleisia» (ano 1295, RAM, nº 248)

E o **Rubiás** de Bande:

- «de **Rubiales** et de alia parte per villam de Sordos» (ano 1025, CLN, nº 34)
- «In **Ruviales** Adaulfo Roderikiz cum filios» (ano 1025, CLN, nº 239)
- «villa de **Ruviales** (...) vocabulo ecclesie sancto Iacobo discurrente rivulo Vanade» (ano 1067, CLN, nº 38)
- «de hereditate mea propria quam abeo in villa de **Ruviales**» (ano 1067, CLN, nº 38)
- «in villa de **Ruviales** iusta fluvio Vanate» (ano 1074, CLN, nº 513)
- «Et in terra de Vanate in **Rubiales** villa una» (ano 1091, CLN, nº 288)
- «In Cadones alias Ilas de incomuniatione. In **Rubiales** alia de comparato» (ano 1097, CLN, nº 27)
- «villa **Ruviales**, territorio Vanade» (ano 1104-1109, CLN, nº 50)

Formas do singular **Rubial**, **Ruibal**, **Roibal** non localizadas na actualidade:

- «in filigrisia sancti Uereisimi de Deua, ubi uocatur **Ruual**» (ano 1266, RAM, nº 154)
- «a leyra de Vilar e a leyra de **Ruveal**» (ano 1314, VFD1, nº 46)

E un derivado diminutivo masculino **Rubaíños**, paralelo do que vimos no *Uzal das Rubaínas*:

- «Enos **Rubeynos** ten o mosteiro tres casares» (séc. XV, VFD1, nº 78)

O NG recolle 2 *A Rubial* en Castroverde e O Valadouro, 5 **Rubial** en Boqueixón, Brión, Castro de Rei, O Corgo e As Neves, **Ruibal** en Moraña, 2 *A Ruibal* en Pontevedra, un diminutivo **Rubaíño** en Muras, e co plural 4 **Rubiás** en Chantada, Lugo (parr.), Pantón e Rodeiro, 3 **Roibás** en Ortigueira (2) e Begonte, 2 **Rubás** en Ourol e O Valadouro (o primeiro aparece no mapa M8-4 como **O Rubás**, que supoñemos que representará un **Os Rubás**) e **Rubiais** en Pedrafita, ademais dos ourensáns.

No DCP figurán 6 **Ruival**, 3 **Ruivães**, 1 **Ruivais**, 1 **Rubiães**.

Nos textos antigos relativos ó territorio estudiado tamén rexistramos referencia ó **Rubiás** de Chantada:

- «villam vocitamat **Ruvianes**, que est in ripa dAsma» (ano 1163, OSR1, nº 43)

- «*grangiam Sancti Laurentii cum omni iure suo et partem ville Ruviales*» (ano 1170, OSR1, nº 50)
- «*villam Ruviales, villam sancte Christina*» (ano 1224, OSR1, nº 251)
- «*ego Urracha Petri de Ruvaes in articulo mortis posita*» (ano 1231, OSR1, nº 339)
- «*in villa de Ruvaes de lo camino a a iusso*» (ano 1254, OSR1, nº 717)
- «*cauto de Ruvaes sub signo sancte Marine de Castro*» (ano 1254, OSR1, nº 717)
- «*casale in villa de Ruvaes, et iacet sub catena ecclesie sancte Christine de Asma*» (ano 1266, OSR2, nº 941)
- «*Ruviaes in terra de Asma sub parrochia sancte Marine de Castro*» (ano 1269, OSR2, nº 971)

Só indirectamente están emparentados cos precedentes os topónimos **Rubiá** (lug., parroquia, concello), 3 **Rubián** (en Bóveda: 2 parr. *–San Fiz e Santiago–* e un lugar) e **Rubián de Cima** no Incio. Para estes propón Piel unha orixe antropónimica, para o primeiro a partir do nome RŪBIUS (Schulze, 424), (VILLA) RŪBIANA (Piel, 1948, 361); para os segundos, a partir de RŪBIANUS (Piel, 1948, 362), ó que podemos tirarlle o asterisco con que o representa Piel pois está documentado (Kajanto, 144). O NG tamén recolle un lugar chamado *A Rubiana* en Lugo, que podería ser un xentilicio relativamente recente.

Si poden ter orixe fitonímica **Rubiáns** (*Santa María*) e **Rubiáns de Arriba**, en Vilagarcía, cun *–n–* non etimolóxico (Moralejo, TGL, 312) que rexistramos no século XV:

- «*enna felegresia de santa Maria de Rubiâas*» (ano 1434, FDU, nº 298)
- «*enna dita felegresia de santa Maria de Rubiâas*» (ano 1459, FDU, nº 333)
- «*Sejasende, da felegresia de santa Maria de Rubiâas*» (ano 1459, FDU, nº 333)
- «*ecclesie beate Marie de Rubiâas*» (ano 1485, FDU, nº 348)
- «*medietatis sine cura beate Marie de Rubiâas*» (ano 1485, FDU, nº 348)
- «*hereditatorum ipsius parrochie de Rubiâas*» (ano 1485, FDU, nº 348)

No NG figuran na Estrada os lugares de **Rabiáns dos Cabaleiros**, tamén chamado **Rabiáns de Arriba ou de Riba**, e mais **Rabiáns de Baixo** ou **Rabiáns dos Labradores**, que aparecen nalgunhas fontes como **Rubiáns dos Caballeros** e **Rubiáns de Baixo** (ER, 320). Non é impensable unha alteración da vogal pretónica que permita explicar estes topónimos a partir dun derivado RUBEALES, áida que tamén poderían ter outra orixe (vid. 149.1).

200.3. Rubieira, rubido

Non localizamos no territorio estudo derivados correspondentes a RUBIARIA ou RUBIĒTU semellantes ós doutras áreas de Galicia.

No NG constan 2 **Roibeira** en Betanzos e Oza dos Ríos, **Roibeiras** en Mugardos, **A Rubeira** en Viveiro, 3 **Rubeiras** en Monfero, Ourol e Viveiro, **Rubeiro** en Alfoz, 2 **Rubieiro** en Carral e Rois.

O lugar de **Rubieiro**, en Rois, rexistrámolo no século XIV: «*Maria Dominges, dita Oraqua, morador en Ruuyeyro, que he ēna frigessia de Santa María de Loorono*» (ano 1352, TzS, fol 15v)

Os únicos exemplos de posibles derivados en –ÉTU que localizamos son 2 topónimos que recolle o NG no concello de Ortigueira: **O Rubido** e **Os Rubidos**.

201. *ruda*

A *ruda* ou *arruda*, *Ruta graveolens* ou *Ruta chalepensis*, é unha planta silvestre que adoita cultivarse polas súas propiedades medicinais (Font Quer, 427). O nome que ten en galego, coma nos outros romances, provén do lat. RŪTA. Outras rutáceas ou especies semellantes reciben tamén esta denominación acompañada dun determinante: *ruda de cabra* (VCN, 124) ou *ruda cabreira* (DEGC, III, 299) a *Galega officinalis*; *ruda de montaña* a *Ruta montana* (VCN, 142), *ruda dos valos* o *Asplenium ruta-muraria* (VCN, 142) e *ruda dos prados* certa ranunculácea (DEGC, III, 299). A ruda común é unha especie ben coñecida, identifiable polo seu aspecto e polo cheiro característico que despende. Está presente na fraseoloxía —máis coñecido cá ruda— e no refraneiro —se non fora pola ruda non quedaba criatura— (Crespo Pozo, NCVCG, IV, 86).

201.1. Ruda

Temos a forma simple en:

O Uzal da Ruda, PnH en Riós (M303-2)

201.2. Rudeira

E un derivado en –ARIA en:

As da Rudeira ou **As da Arrudeira**, PnH en Xinzo de Limia e Porqueira (M264-3), realizado como *ardarrudeira* na fala. O NG recolle 1 **Rudeiro** en Sober, que podería ser o correspondente masculino RŪTARIU, pois non cremos que se trate dun topónimo viario *Rodeiro* (< RÖTARIO) con pechamento da pretónica.

Non recollemos no NG nin no DCP outros topónimos semellantes.

202. *sabugo, sabugueiro*

Sabugo e *sabugueiro* son denominacións comúns galegas da árbore ou arbusto *Sambucus nigra*, tamén chamado *bieiteiro* (VCN, 109). As formas

galegas, coincidentes coas portuguesas, obrigan a supoñer un étimos SABŪCU, variante da forma clásica SAMBŪCU. Para o castelán *saíco*, con conservación da velar xorda, Corominas, seguindo a Rohlfs, supón interferencia ou “invasión” do sufixo *-uco* < *-UCCUS* (DCECH, V, 176-177). É un tema fitonímico con abundante presenza na toponimia.

202.1. Sabugo

Non recollemos exemplos da forma simple *sabugo* no territorio estudiado.

Os que figuran no NG localízanse en Lugo: *Río de Sabugo* na Fonsagrada e 2 *Sabugos* en Abadín e en Pedrafita. O DCP recolle 1 *Sabugo* e 1 *Sabugos*.

Non ten relación con este tema *Sabuz*, localidade de Cartelle, que remonta ó xenitivo dun antropónimo de orixe latina SABUCIUS (Schulze, 170, 223, 291).

202.2. Sabugueiro

Moito más común na toponimia, e probablemente tamén na fala, é a forma correspondente ó derivado en *-ARIU*, *sabugueiro*. Témolo nos seguintes topónimos:

Sabugueiro de Abaixo, EdP en San Xoán de Río

Sabugueiro de Arriba, EdP en San Xoán de Río

O Sabugueiro, EdP en Castro Caldelas

O Sabugueiro, PnH en Baltar (M302-2)

O Sabugueiro, PnH no Bolo (M228-1)

O Sabugueiro, PnH en Muíños (M301-2)

O Sabugueiro, PnH en Sober (M188-2)

O Sabugueiro, PnH en Vilar de Barrio (M227-3)

O Sabugueiro, PnH en Xinzo de Limia (M264-4)

Cabezo do Sabugueiro, PnH en Calvos de Randín (M301-4)

Coto Sabugueiro, PnH en Muíños (M301-4)

Os Sabugueiros, PnH en Viana do Bolo (M228-3)

Penedo dos Sabugueiros, PnH en Castrelo do Val (M265-3)

O NG recolle 8 *Sabugueiro* na Cañiza, A Capela, Castro de Rei, Cerceda, Cotobade, Friol, Lousame e Vilalba. No DCP figuran 10 *Sabugueiro*.

Na documentación medieval atopamos esta forma en usos toponímicos, antropónimos e tamén como substantivo común:

«*Garçia Peres Sabugeyro*» (ano 1300, OSR2, nº 1304)

«*Sabugeyro*, que jaz na heredadura de villa de Tarrio» (ano 1333, FDU, nº 142)

«*entesta enno sabugeyro que esta á álende o penedo*» (ano 1331, FDU, nº 116)

202.3. Sabugueira

Non temos no territorio estudiado ningún exemplo da correspondente forma feminina ***Sabugueira***, que debeu de ter en orixe significado colectivo.

O NG recolle 4 ***Sabugueira*** en Santiago (parr.), Sobrado, Taboada e O Valadouro, ademais do plural ***Sabugueiras*** en Riotorto.

O topónimo compostelán atopámolo nun documento do século XIV cunha consoante sibilante en lugar de oclusiva velar. Ha de tratarse posiblemente dun erro de copista ou de lectura: «*Eu Mayor Eanes, moller que foy de Pero Rey de Sabuzeyra*» (ano 1325, FDU, nº 58).

202.4. Sabugal

O derivado colectivo en **-ALE** está presente en Galicia únicamente na toponimia menor. No territorio estudiado localizamos:

- Sabugal***, PnH na Pobra de Trives (M227-2)
- O Sabugal***, PnH en Chandrexa de Queixa (M227-3)
- O Sabugal***, PnH en Laza (M227-3)
- Alto do Sabugal***, PnH en Vilar de Barrio (M227-3)
- Corga do Sabugal***, CdA en Vilar de Barrio (M227-3)
- Regueiro do Sabugal***, CdA en Vilar de Barrio (M265-1)

O DCP recolle 6 ***Sabugal***.

Na documentación antiga atopamos un ***Sabugal*** en Boqueixón, hoxe desaparecido: «en ***Sabugal*** da fligesja de Santa Uaya de Vigo» (ano 1352, TzS, fol 37r)

202.5. Sabuguedo, sabucedo

Nos derivados colectivos por medio do sufijo correspondente a **-ÉTU** atopamos dous resultados diferentes no que respecta ó radical: con consoante interdental /θ/, que remontan a unha forma prerromance *sa(m)BUCÉTU, por una banda, e por outra derivados posteriores, con consoante velar, creados a partir da forma co /k/ intervocálico latino xa sonorizado, ***sabugo/sabugueiro***.

O primeiro resultado témolo en

- Sabucedo*** ou ***Sabucedo de Limia*** (*San Salvador*), parroquia en Porqueira
- Sabucedo de Montes*** (*San Pedro*), parr. e lugar en Cartelle
- Sabucedo***, EdP en Verea
- Sabucedo dos Peros***, EdP en Baltar
- Regato de Sabucedo***, CdA en Cartelle (M225-4)

Na documentación antiga rexistramos estes topónimos:

Sabucedo de Montes:

- «*Sabuzedo iusta arrogio que vocitant Sorga*» (ano 922, CLN, nº 569)
 «*in termino de villa quos vocitant Sabuzeto*» (ano 952, CLN, nº 558)
 «*et pertinet ipse villare ad villa de Sabuzeto*» (ano 957, CLN, nº 423)
 «*in civitate Sabuceto*» (ano 982, CLN, nº 265)
 «*quomodo se dividet cum terminis de Sabuceto*» (nº 1005, CLN, nº 204)
 «*Sabuceto eclesia vocabulo Sancto Petro*» (ano 1037, CLN, nº 262)
 «*villa nuncupata Sabuzeto eclesia vocabulo Sancto Petro*» (ano 1037, CLN, nº 469)
 «*villam Sabuzeto, discurrente rivulo Elenia*» (ano 1118, CLN, nº 28)
 «*I casal d'erdade que eu aio en Sabuzedu*» (ano 1279, RAM, nº 221)
 «*nenna freeguesia de San Pedro de Ssauzedo*» (ano 1302, HGP, nº 61; VFD1, nº 41)
 «*ena freeguesia de San Pedro de Sauzedo*» (ano 1302, VFD1, nº 41)
 «*a San Pedro de Sabucedo, XX morauedís*» (ano 1303, VFD1, nº 42)
 «*todo o herdamento que ey na friiguisía de Sabucedo*» (ano 1303, VFD1, nº 42)

Sabucedo de Limia:

- «*frater Sendulfo in casa de Savuzeto*» (ano 1011, CLN, nº 425)
 «*territorio Limie sciterium vocitatum Sabuzetum*» (ano 1043, CLN, nº 536)
 «*inter monasterio Sabuzeto et villa Ganati*» (ano 1109, CLN, nº 297)
 «*Sauzedo ultra flumen Limie*» (ano 1187, RAM, nº 5)
 «*moradores da aldea de Sabucedo de Limia*» (ano 1488, VFD1, nº 105)

Sabucedo en Verea:

- «*in Sancto Salvatore quam dicunt Sanquinieto quomodo dividet cum Sabuzeto*» (ano 1032, CLN, nº 560)

O NG recolle lugares chamados **Sabucedo** en Boiro, Trazo (**Zabuceda**, con asimilación de sibilantes ou ultracorrección de seseo) e Touro; **Sabucedo** na Estrada (parroquia e lugar), Muras e Ourol; **Sabaceda** na Laracha, Santa Comba, Moaña; **Sabacedo** en Rois. No DCP figura un único topónimo **Sabuzedo**.

O resultado con velar témolo en

- Sabugido** (*Santa María*), parroquia e lugar en Vilariño de Conso
A Ponte de Sabugido, PnH en Vilariño de Conso (M265-2)
Cavorco de Sabuguedo, PnH en Rubiá (M190-2)

Son formas serodias, derivadas ou analóxicas de *sabugo* e *sabugueiro*, posteriores á sonorización da velar xorda do radical. Fóra destes, non atopamos topónimos semellantes no NG nin tampouco no DCP.

202.6. Sabugoso, sabugosa

Non atopamos no territorio estudiado nin no NG topónimos derivados deste tema por medio do sufixo colectivo correspondente ó latín –OSU, –OSA.

O DCP recolle 2 **Sabugosa**.

203. *salgueiro*

O nome común galego das especies do xénero *Salix* (VCN, 142) é *salgueiro*, un derivado por medio do sufíxo *-ARIU*. Coma noutros nomes de ábores (cf. *piñeiro*), non conserva o galego unha forma correspondente ó simple latino (*SALICE*), que si conservan outras linguas románicas, coma o cast. *sauce*, ant. *salce*, *saz*. Piel, seguindo a Carolina Michaëlis, cre que existiu nun estadio primitivo da nosa lingua unha forma correspondente a *SALICE* que deixou restos na toponimia; os exemplos galegos aducidos, con todo, non abondan para apoiar esta hipótese (vid. infra, *sainza*). A forma correspondente a *SALICARIO* deixa restos na toponimia de Galicia e Portugal, «faltando quase completamente no resto da Península» (Piel, 1950b, p. 89).

203.1. Salgueiro

A denominación común galega *salgueiro* (< *SALICARIO*) está presente en numerosos topónimos. En singular pode aludir a exemplares illados que serven como referencia na paisaxe: «que jaz sô ô salgueiro que entesta enna eyra do vilar do Agro longo» (ano 1452, FDU, nº 331), aínda que en moitos casos debeu de ter en orixe significado colectivo ou adxectivo. *Monte Salgueiro* podería ser *MONTE SALICARIO* ‘de salgueiros’, pero en *Fonte Salgueiro* hai que supoñer sen dúbida un nexo preposicional perdido. Rexistramos esta forma nos seguintes topónimos:

O Salgueiro, EdP en Verín

O Salgueiro, EdP en Muíños

Salgueiro, EdP en Padrenda

Salgueiros, EdP en Xunqueira de Ambía

Salgueirós, EdP na Peroxa

O Salgueiro, 2 TMs en Porto (2 tops. M228-4, M266-2, M229-3)

O Salgueiro, PnH en Monforte (M189-1)

O Salgueiro, PnH en Trasmiras (M264-4)

O Salgueiro, PnH en Sarreaus (M264-4)

O Salgueiro, PnH en Oímbra (M303-3)

O Salgueiro, PnH na Gudiña (M265-2)

O Salgueiro, PnH en Baltar (M302-1, M302-2)

O Salgueiro, PnH en Castro Caldelas (M189-1)

O Salgueiro, PnH en Muíños (M301-2)

O Salgueiro, PnH na Gudiña (M304-1)

O Salgueiro, PnH en Lobios (M301-3, M336-1)

O Salgueiro, 2 TMs en Manzaneda (M227-2)

- O Salgueiro*, PnH na Merca (M225-4)
O Salgueiro, PnH en Monterrei (M302-2)
Salgueiro, PnH en Padrenda (M263-1)
Salgueiro, PnH no Irixo, Piñor de Cea e Dozón (M154-3)
Salgueiro, PnH en Vilamartín de Valdeorras (M190-1)
Salgueiro, PnH en Sober (M188-4)
Salgueiro, PnH en Vilar de Santos (M264-3)
Salgueiro da Cadeira Moura, PnH en Entrímu (M301-1)
O Salgueiro Seco, PnH en Verea (M263-3)
Fonte Salgueiro, PnH no Irixo e Piñor de Cea (M154-3)
Monte Salgueiro, PnH en Ourense (M187-4)
O Chao de Salgueiro, PnH en Vilamartín de Valdeorras e Quiroga (M190-1)
Curral de Salgueiro, PnH en Muíños (M301-4)
Curral de Salgueiro, PnH en Lobios (M301-4)
Fonte Salgueiro, PnH no Bolo (M228-1)
Namarello Salgueiro, PnH en Baltar (M302-2)
Porto Salgueiro, PnH nos Blancos e Baltar (M302-1)
Regato do Salgueiro, CdA na Gudiña (M265-2)
Regato do Salgueiro, CdA en Sarreaus (M264-4)
Rego do Salgueiro, CdA no Irixo (M186-2)
Rego Salgueiro, PnH en Muíños (M301-4)
Val do Salgueiro, PnH en Verín (M303-1)
Val de Salgueiro, PnH en Cartelle (M225-2)
Val de Salgueiro, PnH en Calvos de Randín (M301-2)
Val de Salgueiro, PnH en Cualedro e Monterrei (M302-2)
Regueiro de Val de Salgueiro, CdA en Boborás (M186-2)
Val do Salgueiro, PnH en Castrelo do Val e Verín (M303-1)
Val do Salgueiro, PnH na Gudiña e A Mezquita (M304-1)
Vasalgueiro, PnH en Oímbría (M302-4)
Salgueiros, PnH en Montederramo (M227-1)
Salgueiros, PnH en Monterrei (M302-4)
Os Salgueiros, PnH na Pobra de Trives (M227-2)
Os Salgueiros, PnH en Vilar de Barrio (M264-2)
Os Salgueiros, PnH en Parada de Sil (M188-4)
Os Salgueiros, PnH na Mezquita (M304-1)
Os Salgueiros, PnH en Xinzo de Limia (M264-4)
Entresalgueiros, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
O Cotarón das Corgas dos Salgueiros, PnH en Chandrexá (M227-3)
A Cruz dos Salgueiros, PnH na Pobra de Trives (M227-2)
Morrón dos Salgueiros, PnH en Laza e Vilariño de Conso (M227-3)
Río de Salgueiros, CdA na Pobra de Brollón (M189-1)
Val de Salgueiros, PnH en Pantón (M188-2)
A Valiña dos Salgueiros, PnH na Mezquita (M304-1)
O Salgueiriño, PnH en Muíños (M301-2)
O Salgueiriño, PnH en Pantón (M188-2)
Salgueiriños, PnH en Pantón (M188-2)
Os Salgueiriños, PnH en Vilar de Barrio (M264-2)

- Os Salgueiriños*, PnH en Cea (M187-2)
O Salgueiró ou A Praza do Salgueiró, PnH en Sarreaus (M264-2)
O Salgueirón, PnH en Arnoia (M225-3)
O Salgueirón, PnH en Vilar de Santos (M264-1)
Toleiro do Salgueirón, PnH en Bande e Lobeira (M263-4)
Salgueirós, PnH en Leiro (M187-3)
A Fraga de Salgueirós, PnH en Monterrei (M303-1)

Namarello Salgueiro ha de corresponder a un *Namarella (d)o Salgueiro*, onde *Namarella* é variante de *Lamarella* (cf. *Niñarellos* por *Liñarellos*). *Salgueirón* pode corresponder a un derivado en *-ÓNE* ou ben ser unha variante, con consoante nasal xerada trala perda do *-l-* intervocálico, do diminutivo *Salgueiró*, presente en *Salgueirós* (< SALICARIÓLOS), paralelo dun topónimo portugués *Salgueiró*, en Braga, que Piel documenta como *Salgueirolo* en 1078, *Salgueiroo* en 1258 (Piel, 1950b, p. 89).

Algúns dos topónimos do territorio estudiado rexistrámoslos na documentación antiga:

- «*Salgariolus iusta baselica Sancti Cipriani» [da Peroxa]* (ano 958, CLN, nº 440)
 «per *Salgueirus* et per *Paratela* et per *fluvium de Zor*» (ano 1153, ROC, nº 3)
 «de *Nandi* et de *Salgarío* et de *Auctario Ventoso*» (ano 1243, OSR1, nº 524)
 «a *froita e o limno que nos avemos na Derrasa e no Salgueyro*» (ano 1343, ROC, nº 76)
 «*hūua leyra ó Salgueyro*» (ano 1400, MdR, AHN Clero, Cpta. 1498, nº 10)
 «outro lugar que jas á *Portela de Salgueiros*» (ano 1423, VFD1, nº 71)
 «o agro de *salgeiro* de la riba ata a *portela*» (ano 1433, FDU, nº 289)
 «que se vyña á *Lama dos Salgeyros* e ao *Ameeyral*» (Ano 1461, VFD1, nº 82)
 «e do outro quabo ven por lo *regato do Salgueiro*» (ano 1464, ROC, nº 252)
 «do porto de *Lobeos* (...) tarreo da *Fonte salgueyro*» (ano 1516, FDU, nº 397)
 «de vn cabo con tarreo de *Fonte salgueyros*» (ano 1516, FDU, nº 396)
 «Item en fondo *aos Salgeyros* ēna marquada da *jgleja*» (ano 1352, TzS, fol 32v)

O NG recolle, ademais dos ourensáns, 11 (*O*) *Salgueiro* en Ames, Cerceda, Cospeito, Cotobade, Forcarei, Friol, Gondomar, A Guarda, Ortigueira, Trabada e Vilalba; *Salgueiro do Mato* en Sanxenxo; 3 *Salgueirón* en Guitiriz, Laxe e Ortigueira; 14 *Salgueiros* en Carral, Castro de Rei, Cedeira, Dumbria (parr. e lug.), Melide, Monterroso (parr.), Palas de Rei, Pantón, Rois, O Saviñao, O Vicedo e Vila de Cruces (parr. e lug.); *Salgueiros Altos* en Vilalba.

No DCP figuran 34 *Salgueiro*, 15 *Salgueiros*, 7 *Salgueirinho*, 7 *Salgueirinhos*.

203.2. Salgueira

O feminino correspondente a SALÍCARIA, coma noutros fitónimos en que o masculino en *-ARIU* denomina a árbore, pudo ter en orixe significado colectivo. Témolo en

- A Salgueira*, EdP en Monterrei
A Salgueira, PnH en Castrelo do Val e Riós (M303-2)

- A Salgueira*, PnH en Cualedro (M302-2)
A Salgueira, PnH en Laza (M265-1)
A Salgueira, PnH en Muíños (M301-2)
A Salgueira, PnH en Riós (M303-2)
A Salgueira, PnH en Sandiás (M264-1)
A Salgueira, PnH na Veiga (M228-2)
A Carrúa da Salgueira, PnH no Barco de Valdeorras (M190-2)
A Fonte Salgueira, PnH en Riós (M303-2)
A Fonte Salgueira, PnH en Arnoia e Cartelle (M225-1)
Lama Salgueira, PnH en Baltar (M302-1)
Regueiro da Salgueira de Arriba, CdA na Veiga (M228-2)
A Salgueiriña, PnH en Vilamartín de Valdeorras (M190-1)
A Salgueiriña, PnH en San Xoán de Río (M189-4)
A Salgueiriña, PnH en Riós (M303-2)
A Salgueiriña, PnH en Quiroga (M189-1, M189-2)
A Salgueiriña, PnH en Cualedro (M302-2)
A Salgueiriña, PnH en Baltar (M302-2)
Regato da Salgueiriña, CdA en Castrelo do Val (M265-3)
As Salgueiras, PnH na Gudiña (M265-4)
As Salgueiras, PnH na Veiga (M228-4)
As Salgueiras, PnH en Larouco (M190-3)
As Salgueiras, PnH na Gudiña e A Mezquita (M266-3)
As Salgueiras, PnH na Veiga (M228-3)
Campa de Salgueiras, PnH en Rubiá (M190-2)

O NG recolle 4 (*A*) *Salgueira* en Negreira, Ordes, Sanxenxo e Vigo; 9 *Salgueiras* en Baleira, Coristanco (2), A Laracha, Monforte, Narón, Neda, Ponteceso e Navia de Suarna, e 2 diminutivos correspondentes a SALÍCARIÓLAS, *Salgueiroas*, en Santa Comba e Tordoia.

No DCP contamos 9 *Salgueira*, 4 *Salgueirinha*, 3 *Salgueirinhas*.

Algúns destes aparecen na documentación antiga:

- «*inde per Selgarias et super Cersariam*» (ano 1133, BCM, T6, p. 431)
 «*in Salgeyra fligrisia Sancti Petri de Jallas*» (ano 1352, TzS, fol 1r)
 «*o casal de Salgeyra en que suya morar Johan Lourenço*» (ano 1389, FDU, nº 252)

203.3. Salgueiral

O derivado colectivo correspondente a SALÍCARIALE está en:

- O Salgueiral*, PnH en Baltar (M302-1)
O Salgueiral, PnH en Castro Caldelas (M189-3)
O Salgueiral, PnH en Castrelo de Miño (M225-1)
O Salgueiral, 2 PnH en Cualedro (M302-2, M302-4)
O Salgueiral, PnH en Monterrei (M303-1)
O Salgueiral, PnH en Oímbra (M303-3)
O Salgueiral, PnH en Parada de Sil (M188-4)

- O Salgueiral*, PnH en Pobra de Trives (M227-2)
O Salgueiral, PnH en Trasmiras (M264-4)
O Salgueiral, PnH na Veiga (M228-3)
O Salgueiral, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
Fonte do Salgueiral, PnH en Cualedro (M302-4)
Regato do Salgueiral, CdA en Cualedro (M302-4)
Regueiro do Salgueiral, CdA en Oímbra (M303-3)

e un plural en

- Salgueirás*, PnH en Sober (M188-2)

O NG recolle lugares chamados *Salgueiral* ou *O Salgueiral* en Irixoa, A Laracha, Narón, Ponteareas e Pontevedra.

No DCP contamos 30 *Salgueiral* e 2 *Salgueirais*.

203.4. Saceda, salceda, salcedo

Fai referencia A. Moralejo en 1968 a un «*Sacedón*, en la provincia de Guadalajara, el cual presupone a su vez un *Sacedo* que al parecer no existe, pero sí sus equivalentes *Saceda* y *Sacido* en Galicia y Castilla» (TGL, 177), e en nota suxire que «la base parece ser un nombre del jaramago o “herba salax” de Ovidio» (Moralejo, TGL, p. 184, n. 22). Moito antes xa incluíra Piel as formas *Saceda* da toponimia galega entre os derivados de SALÍCE na nota que acompañou a publicación dun traballo de Aebischer sobre SALICÉTUM e SALÍCTUM nas linguas románicas (Piel, 1950b, p. 88). O derivado colectivo en -ÉTU, -ÉTA deixa dous resultados maioritarios na toponimia do territorio estudiado: ou ben SALÍCÉTA > *Salceda*, por caída da vogal pretónica, ou SALÍCÉTA > *Saededa* > *Saceda* > *Saceda* (< *Salceda*, segundo Piel). Cada un deles pode presentar diversas variantes por alteración vocálica ou consonántica na sílaba pretónica. No territorio estudiado temos:

- Saceda*, EdP en Ourense
Saceda, EdP en Nogueira de Ramuín
A Saceda, EdP en Cualedro
Salceda, EdP en Boborás
Salceda, EdP na Peroxa
A Saceda, PnH en Cea e Maside (M187-2)
As Sacedas, PnH en San Xoán de Río (M189-4)
Campo da Saceda, PnH en Laza (M265-1)
Lama Saceda, PnH en Baltar (M302-1)
O Sacedo, PnH en Carballeda de Valdeorras (M229-1)
Secedo, PnH en Vilariño de Conso (M266-1)
Ceceda, EdP en Sober

- Montes de Ceceda*, PnH en Sober (M189-1)
Río de Ceceda, CdA en Sober (M189-1)
Os Sacedelos, PnH en Cualedro (M302-4)
Salcedelos ou Sancedelos, PnH na Veiga (M228-3)
Sancedelos, PnH en Quiroga (M189-2)

En *Seledo* hai harmonización vocálica ou palatalización da pretónica por efecto da tónica palatal. En *Ceceda* hai asimilación das sibilantes. En *Sancedelos* produciuse unha alteración da sílaba inicial, se cadra favorecida pola etimoloxía popular por asociación con derivados de SANCTU, como acontece noutros casos; cf. *Santo-* por *Souto-* para representar o topónimo *Soutolobre* na documentación antiga (Moralejo, TGL, 52).

A estas debemos engadir un insólito

- Salguedo*, PnH en Verín (M303-3)

Dado que ante vogal palatal o c do SALICĒTU etimolóxico non pode dar como resultado unha consoante velar, debemos explicalo como formación analóxica a partir de *salgueiro* ou ben como derivado dun suposto **salga*, paralelo do castelán *sarga*, denominación antiga da árbore (vid. infra, 203.7).

O NG recolle 4 *Salceda* no Pino e *Salceda de Caselas* (lugar, parroquia e concello); *Salaceda* en Portas (que máis ca unha forma con conservación do *-l-* ha de ser un primitivo *Salceda* con vogal anaptíctica); *Salcedas* en Meis; 9 *Salcedo* en Castro de Rei, Covelo, Pantón, A Pobra de Brollón (parr. e lug.), Pontevedra (parr.), Ribadeo, O Saviñao (2); *Salcidos* na Guarda (parr. e lug.); *Salcide* en Salvaterra (seguramente *Salcida* con alteración da vogal final *-ida* > *-ide*, como en *Carpacide*, *Ermide*, *Escouride*, *Freixide*, *Malvide*, *Teixide*, etc.); *Sarceda* en Castroverde; *Souceda* no Saviñao; 2 *Sacido* en Outes e o Vicedo e *Sancido* en Becerreá.

No DCP figuran 2 *Salzeda*, 2 *Salzedas*, 5 *Sarzeda*, 3 *Sarzedas*, 1 *Sarzedela*, 1 *Sarzedinha*, 1 *Sarzedinho*, 4 *Sarzedo*. Piel recolle tamén noutras áreas peninsulares 7 *Salcedo*, 1 *Soucedo*, 1 *Salceda*, 1 *Salcedillo*, 2 *Sarceda*, 2 *Saceda*, 2 *Sauceda* e 2 *Saucedilla*, ademais dos galegos e portugueses (Piel 1950b, p. 87).

Algúns dos pertencentes ó territorio estudo rexistrámoslos na documentación antiga:

- «sive in Lemaos villas *Salizeto*, *Dominici*» (ano 928, CLN, nº 234)
 «in *Salizedo* sua ratione integra» (ano 946, CLN, nº 450)
 «inter villas Appodimi et *Saliceto* (...) territorio *Caldellas*» (ano 995, CLN, nº 230)
 «casar do Campo da uila de *Sazedo*» (ano 1262, MdR, AHN Clero, Cpta. 1484, nº 13)
 «illud casale meum de *Salzido*» (ano 1266, BM, p. 122)
 «per vineam meam de *Salzido*» (ano 1266, BM, p. 122)
 «Pero Anes beligo da *Solzeda*» (ano 1291, OSR2, nº 1227)
 «estando eno agro da *Sazeda*, que he a cerca de Palmés» (ano 1414, VFD1, nº 66)
 «*Saceda*, ena friguesia de Sammomedede de Palmés» (ano 1414, VFD1, nº 66)
 «a vina de Eynés de *Salsedo*» (ano 1448, MdR, AHN Clero, Cpta. 1502, nº 2)
 «afonso de Parada, morador en *Salseda*» (ano 1459, MdR, AHN Clero, Cpta. 1503, nº 11)

- «*Gonçaluo de Salzedo*» (ano 1467, Roucos, nº 3, ano 1467)
 «*do nosso casal de Ssalsedo*» (ano 1498, MdR, AHN Clero, Cpta. 1498, nº 8)
 «*no couto de Salzedo*» (ano 1475, MdR, AHN Clero, Cpta. 1504, nº 1)
 «*San Johan de Salzedo*» (ano 1510, MdR, AHN Clero, Cpta. 1505, nº 11)

Piel considera as variantes ***Sarceda***, presentes na toponimia de Galicia, Asturias e Santander, xunto cos portugueses ***Sarzeda***, como derivados de SALÍCE atendendo ó /z/ das formas portuguesas. As primeiras tamén poderían estar emparentadas con *zarza* (vid. 240).

A dobre grafía ***Salzedo / Ssalsedo*** do topónimo que identificamos como o *Salcedo* de Pantón permite adscribir este topónimo a SALÍCE. Piel relaciona un antigo *Salseto* con *salsa* (nome portugués do *perecillo*): «que esta planta pode dar motivo à denominación de um lugar, provam-no ant. *villa Salseto* (897) e mod. *Salsas, Salsela* (distr. de Bragança), *Salsinha* (dist. de Évora)» (1950b, 89).

203.5. Salgueiredo

Un derivado con dupla sufixación correspondente a SALÍCARIÉTU é ***Salgueiredo***, que figura no NG no Páramo. Ha de ser formación tardía a partir de *salgueiro* co sufixo colectivo.

203.6. Saínza

Tradicionalmente víñase interpretando o nome de *A Sainza*, nome dunha aldea limiá coñecida por unha célebre romaría tradicional, como unha variante de *Chainza* (< PLANÍTIA). Mantén esta opinión E. Rivas, que dá a mesma orixe para varios topónimos menores *Saíza*, *Zaíza* e explícaos segundo unha evolución PLANITIA > *Chaíza* > **Xaíza* > *Saíza* > *Zaíza* (1985, 464). Hai case cinco décadas que o prof. Piel vinculara o nome da *Sainza* co tema de SALIX, tomando como étimo o latín SALÍCE e supoñendo, con Carolina Michaëlis, que existiu na lingua antiga unha forma paralela do cast. *sauce*: «É sabido que o español possui várias formas oriundas do simples SALIX,-ÍCE: *sauce* (ant. *salze*), *salce* e *saz* (...), que ocorrem com certa frequênciia na toponímia. Segundo averiguou Carolina Michaëlis, *Rev. Lus.*, III, 185, deve ter existido no português primitivo uma forma análoga, **seice* (...) que se cristalizou nos nomes de lugar *Seices* (Santarém), *Seiça* (Coimbra, Santarém) e, na Galiza, *Saince* e *Sainza* (prov. de Orense)» (Piel 1950b, pp. 88).

Temos que observar que non localizamos en Ourense o topónimo *Saince* citado polo profesor alemán e que identificamos *Sainza* como a nosa *Sainza*. As dificultades que presenta *Sainza* para proceder de SALÍCE son dúas: o *i* tónico (correspondente a un *i* breve no étimo), e o *-a* final. Estas dificultades quizais poden estenderse ós topónimos portugueses mencionados por Piel, quen engade, a propósito de *Seiça*:

«Se o *a* final de *Seiça* é primitivo, como parece indicar a grafía *Sacia*, do séc. XII, a que se refere Reelo Gonçalves a p. 40, n. 2, do seu *Tratado de ortografía*, a etimología *SALICIA, admitida por este erudito, seria a única defensável, devendo o topónimo português ser integrado na familia de SALÍCEUS,-A do REW3 7523. É verdade que esperaríamos neste caso antes **Seça* (<**Saeça*), por causa do -ī- breve latino. Convém igualmente lembrar que *Seiça* se encontra numa regiña bastante arabilizada, onde um *e* final cede fácilmente o lugar a um *a»* (Piel, 1950b, p. 88, n. 1).

Naturalmente, o arabismo é impensable no topónimo ourensán, e a obxección fonética non é tal se consideramos que o *i* non é continuación do *i* breve de SALÍCE, senón que corresponde ó *i* longo do sufijo -ÍCÉA, como testemuña a conservación como *-iza* neste e outros fitónimos (*biduiza*, *carballiza...*), resolto en *-inza* en ocasións cando viña precedido de *-l-* ou *-n-* (*candaínza*, *trigainza...*). Así pois, cremos que poden explicarse a partir dun colectivo SALÍCÉA ‘lugar de salgueiros’, os topónimos:

- A Sainza de Abaixo*, EdP en Rairiz de Veiga
- A Sainza de Arriba*, EdP en Rairiz de Veiga
- Sainza*, Edp(n) en Cenlle (M187-3)
- A Sainza*, PnH nos Blancos (M302-1)
- A Sainza*, PnH en Muíños (M301-1)
- A Sainza*, PnH en Sandiás (M264-1)
- A Sainza*, PnH en Trasmiras e Xinzo (M264-4)
- A Sainza*, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
- O Toxal da Sainza*, PnH en Rairiz de Veiga (M264-3)
- A Seínza*, PnH en Baltar (M302-1)
- Zainza*, Edp(n) en Taboadela (M226-1)
- A Zainza*, PnH en Montederramo (M227-1)
- As Zainzas ou As Sainzas*, PnH en Vilar de Santos (M264-3)

Temos esta forma na documentación antiga:

«einde quomod descendit ad caustum de *Sayza*» (ano 1172, RdS, nº 3)
 «per aqua de ipsa *Sayza* et ascendit et venit ad aqua de *Rivurdinus*» (ano 1172, RdS, nº 3)

Un probable diminutivo en -ÍNA destas formas, ou acaso diminutivo dun hipotético SALÍCA > **salga* (vid. infra 203.7) é unha PnH *Salciña*, en Pantón (Palacio 1981, 236).

203.7. Salgosa

Entre os diferentes derivados de SALIX na toponimia galega e portuguesa, considera Piel o formado co sufijo correspondente a *-OSA*, *-OSU* e caracterízao xeograficamente como «confinado á provincia de Pontevedra». Aínda se pode precisar máis a área, pois os 3 topónimos (*A*) **Salgosa** que figuran no NG localízanse nos concellos de Tomiño, Tui e Salvaterra, nunha pequena zona do Baixo Miño. O profesor alemán cre que derivan dun antigo nome da árbore *salga* < SALICA: «É de supor, aliás, que o gal. *salgosa* derivasse secundariamente de *salga* (que correspondería ao español *sarga*) e não de uma formação en *-OSUS*, já latina» (Piel 1950b, p. 89). Poderían explicarse tamén directamente de SALICOSA, pero si podemos chamar en apoio da existencia dun romance **salga* o colectivo **Salguedo** visto arrriba.

204. salpuro

Outra denominación galega dos poexos, *Mentha pulegium* (vid. 180), é *salpuro*. Atopamos este nome no P. Sobreira, quen baixo o epígrafe “ourogo bravo” dá como sinónimos *poexo*, *poenxo* e *salpuro* (*Botánica*, 63r, p. 254). Pensado explica este último polo lat. SERPULLU, e correspóndese co cat. *serpoll*, cast. *serpol*, port. *serpão*, *salpor*, *serpol* (Pensado, *Opiúsculos*, p. 171).

Temos derivados deste nome por medio do sufijo *-ETU* en

Salpurido, EdP na Merca (M225-4)

Salpurido, PnH en Viana do Bolo (M266-1),

nos cales se produciu unha metátese de líquidas, como sucede no común *salpuro*. O primeiro deles rexistrámolo na documentación medieval cunha forma máis próxima do étimo:

«*Esteuão Uásquez de Sarpolido*» (ano 1276, HGP, nº 54)

«*Esteuao Uaasques de Sarpolido*» (ano 1276, VFD1, nº 23)

Non hai no NG nin no DCP topónimos semellantes. Podería ter relación con este tema un topónimo medieval portugués escrito *Sarapilido* en 1258 (OM, 307).

205. sanguiño

En galego *sanguiño* é nome común do amieiro negro, *Frangula alnus Miller* (VCN 142) ou *Rhamnus frangula*, cast. *arraclán*, berciano *salguera*

(Font Quer, 459). Sarmiento recolle a denominación *sanguiño* en Pontevedra para unha árbore que el identifica como *Alaternus tricocos*, moi semellante ó sanguiño propiamente dito, para a cal recolle no Bierzo o nome de *salguera*, que «es la Frangula o Alnus nigra baccifera» (*Vegetables*, 1103, 1623). E. Rodríguez define *sanguiño* como «arraclán, chopera, hediondo, ramno, frágula [sic]» (DECH, III, 313). O nome procede do adx. latino SANGUÍNĒUS, e alude á cor da súa casca, vermella escura.

205.1. Sanguiño, sanguiña

É pouco frecuente na toponimia a forma simple *sanguiño*. Témolo en

O Sanguiño, PnH en Cea (M154-4)

O Sanguiño, PnH en Coles (M188-3)

Unha forma correspondente ó feminino SANGUÍNĒA, en función adxectiva, dá nome a unha fonte en Lalín, hoxe urbana, *A Fonte Sanguiña*, que hai máis de trinta anos estaba ó pé dun sanguiño que desapareceu coa urbanización da zona. E en plural témola en:

Sanguiñas, PnH en Baltar e Calvos de Randín (M302-3)

O DCP recolle 2 *Sanguinha* e 1 *Sanguinho*.

205.2. Sanguiñal

O derivado colectivo correspondente a SANGUÍNĒALE está presente en:

O Sanguiñal, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)

O DCP recolle 3 *Sanguinal*.

205.3. Sanguiñedo

Moito máis común é o colectivo formado cos sufíxos correspondentes a $\text{--}\bar{\text{E}}\text{TU}$, $\text{--}\bar{\text{E}}\text{TA}$:

Sanguñedo, EdP e parr. (*San Salvador*) en Verea

Sanguñedo, EdP en Baños de Molgas

Sanguñedo, EdP en Cartelle

Sanguñedo, EdP en Castrelo do Val

Sangoñedo, PnH en Melón e A Cañiza (M224-4)

Sanguñedo, PnH en Cualedro (M302-2)

Sanguñedo, PnH na Gudiña (M265-4)

Regato de Sanguñedo, CdA en Verea (M263-4)

Regato de Sanguñedo, CdA en Cartelle (M225-3)
Regato de Sanguñedo, CdA en Baños de Molgas (M226-1)
Sanguiñeda, PnH en Trasmiras e Sarreaus (M264-4)

O NG recolle 1 *Sanguiñeda* en Mos (parr. e lug.), 1 *Sangoñedo* nas Pontes; 6 *Sanguiñedo* en Dozón (parr. e lugar), Guitiriz, Monfero e Ortigueira (2 tops.); 6 *Sanguñedo* en Baleira, A Fonsagrada, Forcarei, Muras, Sarria e Touro, ademais dos ourensáns; e 1 *Sanguñido* en Ourol.

No DCP figuran 1 *Sanguinheda*, 10 *Sanguinhedo*.

A vogal da sílaba pretónica, precedida dunha consoante velar e seguida dunha palatal, vacila entre o resultado velar e o palatal (*Sanguñedo*, *Sanguiñedo*). Rexistramos esta mesma vacilación na documentación medieval. *Sanguiñedo*, en Dozón, atopámolo como *Sanguñedo* ou *Sangoñedo*, mentres que *Sanguñedo*, en Verea, aparece en ocasións como *Sanguinieto*.

«ad sanctum Salvatorem de *Sanguinieto*» (ano 1056, CLN, nº 6)
 «et hereditatem de *Sangunedo*» (ano 1226, OSR1, nº 279)
 «cautum de *Sangonedo* recipient ita tamen» (ano 1253, OSR1, nº 709)
 «de cauto de *Sangonedo*» (ano 1253, OSR1, nº 709)
 «atoes o rio de *Sangonedo* est por partir» (ano 1294, OSR2, nº 1239)
 «Teresa Perez de *Sanguñedo*» (ano 1298, OSR2, nº 1276)
 «Fernan Perez de *Sangunedo*, meu abbade» (ano 1304, OSR2, nº 1316)
 «duas que tenno na iglesia de *Sangunedo*» (ano 1304, OSR2, nº 1316)
 «Miguell Domingues de *Sangunedo*» (ano 1325, HGP, nº 130)
 «et villa de *Sangunieto*» (ano 941, CLN, nº 418)
 «in villa *Sanguineto* territorio Sorice» (ano 1032, CLN, nº 419)
 «villa que vocitant *Sanguineto*, territorio Sorice» (ano 1034, CLN, nº 39)
 «usque ad sanctum Salvatorem de *Sanguinieto*» (ano 1037, CLN, nº 29)

Os *Sanguinhedo*, *Sanguinheda* portugueses aparecen como *Sanguineda* en 1258, *Sanguinieto* en 950, *Sanguneto* en 960, *villa Sanguiniedo* en 1021, *villa Sanguinedo* en 1059 (OM, 306).

Algúns destes figurán na cartografía e en parte da tradición escrita falsamente interpretados como haxiotopónimos por etimoloxía popular: *San Goñedo*, *San Guñedo*, *San Oñedo*. Rexístrase esta interpretación mesmo na documentación medieval:

«Stephanus clericus de sancto *Gunedo* ts.» (ano 1248, OSR1, nº 608)
 «a Santa Maria Madanela de *Sam Guñedo* X soldos» (ano 1292, VFD1, nº 33)

No NG figura *Sanguido* en Cospeito. Parecería un insólito caso de SANGUÍNETU con caída do *-n-*, en lugar de palatalización, pero as grafías medievais con que se rexistra un paralelo portugués *Sanguedo*, recollido no DCP, que aparece como *villa Sanganeto* no ano 897 e *Sanganedo* en 1009 (OM, 306), representan un atranco para esta etimoloxía a partir de SANGUINE. Debe ter relación con estes un derivado en *-ío* *Sanguío*, que recolle o NG no Porriño.

205.4. Sanguiñeira

Temos un exemplo do derivado en *-ARIA* en

Sanguiñeira, PnH en Cartelle (M225-1)

No NG figura 1 *Sanguiñeira* en San Sadurniño. O DCP recolle 11 *Sanguinheira*.

206. sangubiño

Poderíamos considerar os topónimos deste apartado baixo o epígrafe anterior, pois dubidamos se *sangubiño* e semellantes son propriamente nomes distintos ou simples variantes de *sanguiño*. Sarmiento recolle en Samos o nome *sangovín* «llaman así en Samos un árbol como sauce, y que se le parece en las hojas y da frutilla. Lo mismo es el *sangovin* que el *sanguiño* común» (*Catálogo*, 141r), aínda que noutro lugar non é tan rotundo na afirmación: «creo es el *sanguiño*» (*Vegetables*, 344). Outras fontes diferencian entre o *sanguiño* (cast. *arraclán*) e o *sangubino*, *sangubín*, *sangubiño*, cast. *cornejo* (DEGC, III, 550). Fai a mesma diferenza o VCN (p. 142), que asigna o nome de *sangumiño* para o xénero *Cornus*, cast. *cornejo* (vid. *corno* 090). Se *sangumiño*, *sangubiño* ten a mesma orixe ca *sanguiño*, como cre Corominas (DCECH, V, 151, s.v. *sangre*), poderíamos estar simplemente ante un cruzamento de denominacións e especies, como sucede con tanta frecuencia no léxico botánico tradicional.

Temos un exemplo de derivado colectivo en

Corgo de Sangubiñedas, PnH en Vilariño de Conso (M265-2)

Entre as denominacións do *Cornus* que trae o DEGC, figura *zangariñeira*, recollida por Aníbal Otero no Rosal. Podería tratarse dunha variante de **sangriñeira* (cf. o topónimo urbano da Guarda *A Sangriña*, non lonxe do Rosal), cun *-r-* que non sabemos se atribuír á presión do castelanismo *sangre*. Temos no territorio estudiado un derivado de **sangriño* en:

Sangriñal, PnH en Muíños (M301-2)

Podería tratarse igualmente dunha variante de *Sanguiñal* (vid. 205.2)

207. santigoso

O DRAE recolle un substantivo *senticar*, que dá como procedente do lat. SENTIX, -ÍCIS ‘zarza’ e defíneo como «sitio poblado de espinos, espinar».

Corominas considera que «ha de ser mozárabismo o voz semiculta», e dado que a primeira documentación española da voz, o *Diccionario de Autoridades*, afirma que «tiene uso en la Andalucía», o filólogo catalán conclúa que «este detalle y el sufijo sugieren más bien una reliquia mozárabe que un cultismo», e engade que do uso popular en España do latín tardío SENTIX, -īCIS (lat. clásico SENTIS) son testemuño os nomes de lugar cataláns *La Sentiu* e *Sentigosa* (DCECH, V, 207-208). Non temos constancia da existencia no léxico común galego de derivados dessa voz latina, mais na toponimia do territorio estudiado existen os correspondentes a SENTÍCARIU e SENTÍCOSU:

Santigoso, EdP e parr. (*San Miguel*) no Barco de Valdeorras

Santigoso, EdP e parr. (*San Simón*) na Mezquita

Santigoso, PnH na Mezquita (M304-2)

Santigueiro, EdP en Parada de Sil (M188-4)

Santigueiro, EdP na Peroxa (M188-1)

O NG recolle outro *Santigoso* en Sarria, para o que Díaz Fuentes tenta unha explicación inverosímil: «tal vez el tema germánico *sand-/sant-*, gólico **santh*, que significa verdadero» (Díaz Fuentes 1998, p. 191). Podería ter a mesma orixe fitonímica unha variante con interdental inicial, se cadra por interferencia de *cento* ou de *centeo*, *Centigosa*, no concello da Fonsagrada. Non atopamos exemplos desta familia léxica na toponimia doutras áreas (vid. Apéndice, mapa 16).

Non localizamos no territorio estudiado nin no Nomenclátor de Galicia ningún exemplo de derivado de SENTÍCE mediante o sufixo -ĒTU, -ĒTA. Temos, con todo, un *Senticeda* medieval (latinizado no texto como *sinticeta*), hoxe non identificado mais localizable na comarca da Louriña, pois aparece nunha relación de lugares pertencentes ó actual concello de Mos: «*monasterium Sancti Petri quod nuncupant Cella* [= Cela, Mos], *Sinticeta*, *Sanctum Mametem* [= Torroso, Mos], *item aliud Sanctum Mametem ad Petellos* [Petelos, Mos]» (ano 1019, Tumbo A, nº 61).

Non hai no DCP topónimos pertencentes a este tema léxico.

208. saramago

O *saramago*, *Raphanus raphanistrum*, é unha planta crucífera silvestre, tamén chamada *samargo* (DEGC, III, 310), cast. *jaramago* ou *rabanillo* (VCN, 142). O nome procede probablemente doutro fitónimo árabe *sarmaq* (DCECH, III, 494). No territorio estudiado temos un único exemplo deste tema nun derivado colectivo en -ALE:

Saramagal, EdP en Carballedo

No NG atopamos exemplos de derivados en -ALE, -ĒTU e -ĒSU: outro *Saramagal* no Porriño; 2 *Zaramacedo* en Boqueixón e Santiago (de *Saramacedo* con asimilación

de sibilantes), e 3 *Saramagoso* en Lousame, Meis e Redondela. O de Meis atopámolo nun «*Joan Raposo de Seramagoso*» (ano 1403, HGP, nº 132)

A variante *samargo* (DEGC, III, 310) pode explicar o topónimo

As Amargasas, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)

con deglutinación ou falsa segmentación do *s-* (*Samargasas*), se cadra por interferencia de *amargo*. Favorecen esta interferencia razóns homofónicas e semánticas, pois da semente desta especie pode extraerse esencia de mostaza e «en ciertas comarcas, y sobre todo en las silíceas, llega a abundar tanto entre los cereales que, en otros tiempos, sus semillas impurificaban los granos, sobre todo el centeno, y las harinas respectivas» (Font Quer, 275), o que axuda a entender as connotacións negativas do substantivo, os seus usos antropónimicos como alcume e os coñecidos versos de Rosalía de Castro «*foi a Castilla por pan / e saramagos lle deron*».

No DCP figuran 1 *Saramago*, 1 *Saramaga*. O segundo pode deberse a un uso antropónimico. En Barreiro (Lavadores, Vigo), son alcumes vivos na actualidade *A Saramaga, Os Saramagos*.

Non pertence a este tema, malia a paronimia, o topónimo *As Saramugueiras*, na estrema dos concellos de Ourense, O Pereiro de Aguiar e San Cibrao das Viñas (M226-1), pois contén un zoónimo *xaramugo, samarugo*. Eladio Rodríguez define *samarugo* como «*jaramugo, pececillo de cualquier especie*» (DEGC, III, 310) e a variante *xaramugo*: «*jaramugo, nombre que los pescadores de mar dan indistintamente a toda clase de peces de que se sirven para cebo*» (DEGC, III, 434, reproducindo literalmente a definición de *jaramugo* do DRAG). Corominas caracteriza *samarugo, jaramugo*, «‘pececillo’, renacuajo», como voz común ó cast., gal., port., cat. e falas do sur de Italia, e suponlle orixe prerromana (DCECH, V, 144-145).

Dado un portugués miñoto *saramuga* ‘frouma seca’ (DCECH, V, 145, s.v. *samarugo*), podería ser un fitotopónimo, áinda que nos inclinamos pola hipótese zoonímica. Hoxe recibe o nome de *As Saramugueiras* o punto onde estreman os tres concellos citados, mais o lugar que deu orixe ó topónimo ha de ser uns 500 m. cara ó leste, no concello do Pereiro de Aguiar, nun paso do camiño medieval que unía a feira de Pedraio coas parroquias de Moreiras e a Terra de Aguiar sobre o río Loña cerca da confluencia do seu afluente Río da Gaiola (CMG, 159). É un paso ou porto fluvial, de aí que pensemos que o topónimo pode aludir a peixiños de río. Atopamos este porto na documentación medieval: «*inter Palacios et Petram, sicut dividit per portum de Saramugeras de Susano*» (ano 1207, Oseira 1, nº 120).

209. *serralla, serradela*

Sarmiento recolle en Pontevedra un común *serradela* como denominación dunha planta semellante á veza ou ervellaca. Primeiro, atendendo ó

nome, identifica coa *serratula*, nome latino da *Betonica officinalis*: «*Serradela*. Llaman así en Lérez la serratula, y la vi. Es planta pequeña» (*Catálogo*, A167v; *Vegetables*, 18, 195); pero noutro lugar dubida desa identificación: «acaso *serratula*», «parece vicia y no lo es» (*Vegetables*, 635); «creo ser especie de vicia. Es *ornitopodium*», e engade «vino de Portugal y se siembra en Pontevedra para el ganado» (*Vegetables*, 1250). Esta información permítenos identificala co portugués *serradela*, nome do *Ornithopus sativus* e outras especies do mesmo xénero (Sampaio, *Flora*, 303) e distinguela tanto da *serratula* latina coma do castelán *cerraja*, que é a *Sonchus oleraceus*, chamada en galego *leitaruga* (VCN, 133) e en portugués *leitaruga* e *serralha* (Sampaio, *Flora*, 617).

Serralla, xa que logo, designa unha especie diferente. O nome remonta ó lat. SERRATŪLA, diminutivo do participio de SERRARE, e este de SĒRRA, pola forma dentada das follas (DCECH, II, 50). *Serradela*, nome do *Ornithopus sativus*, é tamén diminutivo deste mesmo participio con outro sufijo *SERRATĒLLA.

O NG recolle *A Serradela* en Salvaterra de Miño

Temos mostra da existencia da *serralla* ‘leitaruga’ no galego do territorio estudiado nun topónimo

A Serralleira, EdP en Trasmiras

No NG hai 2 *A Serralleira* en Baiona e Salvaterra de Miño. No DCP, 2 *Serralheira*.

210. *siabal, xebra*

Sarmiento recolle «*Xiebra* o *zebra*. En Juvia la mostaza sivestre (de sinapi)» (*Catálogo* 94 r; *Vegetables*, 1469), e noutro lugar explica «*Xiebra*. Llaman así a la gébena o xeniba de Castilla y todo de *sinapi*, mostaza» (id. 101r). «De la voz *sinapi* han tomado muchas naciones sus voces para significar lo que sin razón se llama *mostaza* [pois antes precisou que mostaza era en rigor o prebe, mais non a planta]. Los franceses *seneve*. Los italianos *senape*. Los castellanos *xenabe*. En Campos xébena trastornado y en tierra de Burgos *xeneba*. En Galicia *xêbra* y los moriscos *cinab*» (Pensado Tomé, 1982, p. 460).

Corominas caracteriza o castelán *jenabe* como voz antiga, procedente do latín SÍNĀPI, e este do grego, e para a forma galega recollida por Sarmiento e para outras variantes románicas coma o cast. dialectal *genable*, cat. *sanubre*, logud.

senabre, alto-it. *senavra*, etc., suxire que «quizá se expliquen estas formas por una declinación vulgar SINĀPIS *SINAPĒRIS», con posible contaminación de voces semanticamente próximas como *pebre*, *prebe* ‘pementa’ PIPĒRE, e se cadra de ZINGIBĒRE “xenxibre” (DCECH, III, 505).

Sampaio identifica a *Sinapis alba* de Linneo como *Brassica foliosa* (*Flora*, pp. 231, 755) e dálle o nome portugués de *mostarda branca*, en tanto que o nome de *mostarda* propriamente dita asígnallo á *Brassica nigra* (id. 232), especie cultivada. Non temos noticia dunha forma portuguesa equivalente ó castelán *jenabe*, non sendo o mirandés *senva*, que Corominas considera redución dun antigo *séáva* (DCECH, 505).

Pode supoñerse a existencia dunha forma galega **seaba*, paralela da mirandesa mencionada, que explique os topónimos do territorio estudiado

San Lourenzo de Siabal, parr. e lugar en Paderne de Allariz

Siabal, EdP en Paderne de Allariz.

O nome desta parroquia aparece na documentación medieval coas grafías *Sinapale*, *Seabal*, *Sayabal*, *Seebal*, *Siaabal* (Duro Peña, ROC, p. 320)⁷. A primeira das confirma a relación coa planta da mostaza.

Non atopamos outros topónimos equivalentes no NG. O DCP recolle 1 *Siaval* en Ponte de Lima.

Tampouco non temos constancia da existencia en galego dunha variante dos *xiebra*, *xebra* recollidos por Sarmiento que presente a forma **xiubre*, paralela do cast. *genable* mencionado, polo que é moi remota a posibilidade de que sexa fitonímico o nome do coñecido **Monte Xiubre**, entre os concellos de Caldas de Reis, Catoira e Vilagarcía de Arousa, incluído por Moralejo Lasso entre os topónimos prerromanos en *-bre* (TGL, 18, 49, 56).

211. *silva*

Silva procede do lat. SÍLVA, que é a palabra latina patrimonial que perviviu no galego para expresar a idea de bosque. Na toponimia peninsular, o lat. SÍLVA vén representado por *Silva* en Galicia, Portugal, Asturias e León, e *Selva* en Cataluña, en tanto que está case ausente da toponimia castelá. Dado que a

⁷ Duro Peña, E. *El Monasterio de S. Pedro de Rocas*, Ourense, 1972, p. 320. O editor recolle no índice toponímico estas formas extraídas dos textos dos séculos XI a XV, pero en moitos dos documentos só ofrece rexesto e actualiza o topónimo en *Siabal*.

vogal tónica era breve, en galego esperaríamos *selva*; Corominas explica esta irregularidade fonética porque cre que a voz *silva* «debe de corresponder a un estrato popular, con evolución especial de ī u otra perturbación fonética, en vista de la original evolución semántica hacia la idea de ‘zarza’ que sufrió el vocablo en el Occidente ibérico» (DCECH, V, 196, onde se expoñen as diferentes hipóteses explicativas da particular evolución do ī).

211.1. Silva

A forma simple significa ‘mato, bosque’ na toponimia.

A Silva, EdP en Coles

A Silva, EdP en Ramirás

A Silva, EdP en Riós

Silvaboa, EdP en Cea

Silvaescura, EdP en Ramirás

Silvaescura, EdP en Trasmiras

VilardeSilva, EdP en Rubiá

A Silva, PnH en Cualedro (M302-4)

A Silva, PnH en Monterrei (M303-1)

A Silva, PnH en Sandiás (M264-1)

A Barca da Silva, PnH en Pereiro de Aguiar (M188-3)

Pedra da Silva, PnH en Calvos de Randín (M302-3)

O Penedo da Silva, PnH en Bande (M263-4)

Regata da Silva, CdA en Monterrei (M303-1)

Regueiro da Silva, CdA en Monforte (M189-1)

Río Silvaboa, CdA en San Cristovo de Cea e Piñor (M154-4, M187-2)

Rego Silvaescura ou Silvescura, CdA en Celanova (M263-1)

Serra de Silvaescura ou da Moura, PnH en Ramirás e Gomesende (M225-3)

Ademais destes, temos exemplos con *silva* en plural, se cadra co sentido máis moderno de *silva*, *silveira*, nome do *Rubus fruticosus*, a planta que dá as amoras, e non co antigo de ‘bosque’:

Valdesilvas, PnH nos Blancos (M302-1)

As Silviñas, PnH na Veiga (M228-1)

Unha forma masculina, seguramente en función adxectiva, co significado de “da Silva” é

O Porto Silvo, PnH en Vilar de Barrio (M227-3)

O NG recolle 21 (*A Silva* en Cerceda, A Coruña (2: *Silva de Abaixo e Silva de Arriba*), Culleredo, A Estrada (2), Lousame, Lugo, Neda, A Pobra, Pol (parr.), Porto do Son, Portomarín, Santiso, Sarria, Teo, Touro, Vedra (2: *S. de Abaixo, S. de Arriba*), Vilalba e Xermade. E *Silvachá* na Fonsagrada; *Silvadrosa* na Fonsagrada; *Silvalonga*

en San Sadurniño, 3 **Silvaoscura** (*Silvescura*) en Cerceda, Vedra e Vigo, ademais dos ourensáns mencionados; 7 **Silvarredonda** en Aranga, Cabana (parr. e lug.), Cerceda, Friol, Lousame e Rois; **Silvarrei** (parr. e lugar) en Outeiro de Rei; 2 **Silvouta** en Santiago e Navia de Suarna; **Campo da Silva** en Ortigueira, 2 **Monte da Silva** no Corgo, **Portasilva** en Rodeiro e **O Portosilva** en Xermade. E 5 diminutivos **Silvela** na Fonsagrada, Friol (lug. e parr.), As Nogais e Xermade.

O segundo elemento de *Silvachá* corresponde a PLANA; o de *Silvadrosa* a HÉDÉROSA, o de *Silvarrei* a DE REGE; o de *Silvouta*, a ALTA. *Portasilva* pode descomponerse en *Porto+a+Silva*, onde o *a* pode ser o artigo ou ben un resto da preposición AD, común en topónimos con *Porto* como primeiro elemento.

Nos textos antigos atopamos abundantemente documentado o lugar de **Silvaescura** e a **Serra de Silvaescura**, en Ramirás:

- «villa vocitata **Silva Scura**, quos fuit de nostro patre» (ano 1011, CLN, nº 276)
- «sub monte **Silba obscura**» (ano 1021, RAM, nº 1)
- «subtus montis **Silbascura**, discurrente riuulo Eires» (ano 1021, RAM, nº 1)
- «Id sunt **Silva Obscura** cum sua prestantia» (ano 1043, CLN, nº 274)
- «subtus monte **Silva Scura** discurrente riuulo Deva» (ano 1104, CLN, nº 135)
- «ultra arrogio Eires, subtus monte **Silva Obscura**» (ano 1095, CLN, nº 563)
- «subtus monte de **Silva Obscura**, non procul adiacens a monasterio Ramiranes» (ano 1118, CLN, nº 120)
- «herdade que auemus en **Silua escura**» (ano 1276, RAM, nº 209)
- «feglesia de san Salvador de Penosinus, hu chaman **Silua escura**» (ano 1280, RAM, nº 227)
- «san Salvador de Penossinos hun casall esta en **Siluaescura**» (ano 1311, RAM, nº 266).

No DCP figuran 10 lugares chamados **Silva**; 2 **Silva Escura**, 2 **Silvas** e 1 **Silvela**.

211.2. Silvar

O derivado co sufijo correspondente en -ALE presenta a forma **Silvar**, conforme a regra disimilatoria que fai que apareza -r no sufijo cando hai un l no radical e viceversa. *Silva* co significado específico de ‘silveira’, *Rubus fruticosus* (VCN, 143), cast. *zarza*, aparece xa no galego medieval (DCECH, V, 196), polo que o derivado colectivo *silvar* significará ‘lugar onde hai silvas ou silveiras’. No territorio estudiado temos os seguintes:

- O Silvar**, EdP en Paderne de Allariz
- Silvares**, EdP en Lobios
- Silvares**, EdP no Irixo

Na documentación antiga atopamos o **Silvar** de Paderne de Allariz, o **Silvares** do Irixo e outros topónimos semellantes:

- «lugares **do Sylvar** (...) so o syno de San Lourenço de Syabal» (ano 1438, ROC, nº 202)
- «kinde ad cantum de **Silvar**» (ano 1247, OSR1, nº 593)

«*de Silvares, de Arnelas, de Lamas*» (ano 1224, OSR1, nº 251)
 «*in Silvares*» (ano 1235, OSR1, nº 403)
 «*A Pedro Siluares, C morauedis*» (ano 1287, VFD1, nº 29)

No NG hai 2 *Silvar* en Culleredo e Pontedeume e 1 *Silvares* en Vila de Cruces. O DCP recolle 1 *Silval*, 1 *Silvais*, 25 *Silvares* e un diminutivo en –CULO *Silvarelho*.

211.3. Silveira

O derivado co sufijo correspondente a –ARIA, *silveira*, pode ter o valor específico de ‘silva’, para designar a planta, ou o colectivo de ‘matorral de silvas’. Témolo en

Silveira, PnH nos Blancos (M302-1)
Silveira, PnH en Xunqueira de Ambía (M264-1)
A Silveira, PnH en Pobra de Trives (M227-2)
A Silveira, PnH en Monterrei (M303-1)
Silveiriña, PnH en Ourense e Amoeiro (M187-4)
Susilveiras, PnH en Sandiás (M264-1)

Este último co prefixo preposicional *su-*, *so-* (< SUB).

Na documentación antiga atopamos topónimos semellantes:

«*portum de Silvaria*» (ano 1214, RdS, nº 13)
 «*ena Crus da Ssilueira*» (c. 1400, MdR, AHN Clero, Cpta. 1498, nº 12)

No NG figuran *A Silveira* na Guarda, *A Silveira Vella* en Xermade e unha forma masculina *Vaosilveiro* (< VADU SILVARIO) en Muxía. O DCP recolle 21 *Silveira*, 4 *Silveiras*, 4 *Silveirinha*, 3 *Silveiro*, 3 *Silveiros*, 1 *Silverinho*.

211.4. Silvosa e outros derivados

O colectivo en –OSA, –OSU témolo en:

O Silvoso, EdP en Calvos de Randín
Silvoso, EdP en Taboadela
Silvosiño, EdP en Taboadela
Silvoso, PnH en Boborás (M187-1)

No NG figuran 7 *Silvoso* en Bergondo, Carballo, A Laracha, Meis, Moraña, Ouro e Ponte Caldelas e 4 (*A*) *Silvosa* en Castro de Rei, Muros, Tomiño e o Valadouro.

A Silvosa de Muros atopámola na documentación antiga:

«*enno lugar da Siluosa (...) so o syno de santa Marina d'Esteyro*» (ano 1439, FDU, nº 317)

O DCP recolle 3 *Silvosa* e 2 *Silvoso*.

Un topónimo *A Silvarosa*, en Viveiro, semella un derivado con dupla sufixación SILVARÓSA, de SILVAR ou SILVARIA e o sufixo –ÓSA, pero más probablemente ha de ser unha variante do mencionado *Silvadrosa*, composto de SILVA cun adxectivo HEDERÓSA (Piel, 1968a, I, p. 345). O DCP tamén recolle 1 *Silvarosa*.

Non atopamos no territorio estudiado nin no NG derivados de *silva* con outros sufixos. Carecemos de documentación antiga que permita confirmar se un *Silvide*, en Ourol, é un **Silvida* < SILVETA, con alteración do sufixo –ida > –ide, por analogía con topónimos procedentes de xenitivo de antropónimo en –ÍTUS, ou se é propiamente antropónímico.

2 *Silvao* (As Somozas e Ortigueira) e 3 *Silván* (2 en Meis, 1 en Coristanco) que figuran no NG han de ser antropotopónimos emparentados con SILVANUS (Kajanto, 58, 216), que en última instancia deriva de SÍLVA. Atopamos un equivalente feminino nun medieval *Porto de Silvana*:

«*de ipse flumen usque in portum de Siluana*» (ano 921, RdS, nº 1)

«*per venam fluminis ad portum de Siluana*» (ano 1214, RdS, nº 11)

Teñen correspondencia cos portugueses 1 *Silvão* e 3 *Silvã* que figuran no DCP e para os cales Piel defende tamén unha orixe antropónímica (1948, 398).

212. *sirgo, sirga*

Relacionados co antigo *sirgo* < SERÍCU ‘seda’ (DCECH, V, 260, s.v. *sirga*), os dicionarios galegos recollen *sirga* ‘rede de pesca’, ‘corda’, *sirgo, xirgo* ‘baruto’, ‘peneira fina’ e algúns significados fitonímicos, como *sirgo da raposa*, «cuscuta, planta medicinal» (DEGC, III, 334). En portugués, *sirgo* é nome dunha planta naiadácea, a *Zoostera nana* (Sampaio, *Flora*, 21); é posible que o nome se deba a algunha relación con cordeis ou fitas, ben pola forma, ben pola consistencia ou algún tipo de aproveitamento desa planta para fabricalos; outra especie da mesma familia, a *Zoostera marina*, recibe en portugués o nome de *fita-do-mar* (id. ibid.). Sarmiento recolle *sirgos* como nome valdeorrés dos *engos* (< EDÚCOS, cast. *yegos*), tamén chamados *sabuguiños* (*Vegetables*, 1735) e *sabugueiriños* (VCN, 142), que corresponden á especie *Sambucus ebulus*.

Pertencen moi probablemente a esta familia léxica os seguintes topónimos, para os cales supoñemos un significado fitonímico:

Embalse de Valdesirgas, PnH en Porto (M266-2)

A Mallada de Valdesirgas, PnH en Porto (M266-2)

Río de Valdesirgas, CdA en Porto (M266-2)

Veiga de Valdesirgas, PnH en Porto (M266-2)

Tamén podería ter relación con este tema

Cirgos, PnH en Vilariño de Conso (M227-3)

O NG recolle *Sirgal* (< SERÍCALE) en Monterroso (lug. e parr.) e *Sirgueiros* (< SERÍCARIOS) no Incio. Tamén podería estar relacionado con este tema un topónimo que viña representándose tradicionalmente como *Os Hirgos*, no Vicedo, que acaso constitúe unha falsa segmentación de **Os Sirgos*.

O primeiro aparece como «*casa forte de Sirgal*» en documento do ano 1402 e o segundo como *Sirgarios* en 1133, *Sirgueyros* en 1227 (*Lvcensia*, p. 177). Este último, pola súa morfoloxía, tamén pudo ter orixe como plural de oficio (cf. *Ferreiros*, *Oleiros*), alusivo a cultivadores de seda ou fabricantes de peneiras.

No DCP non figura ningún topónimo semellante. Palacio recolle unha PnH *Xirgal* en Pantón, con palatalización do *s*- inicial (Palacio 1981, 320); como no comú *xirgo* e na grafía *Valdexirgas* con que Cortés (Lubián, p. 37) transcribe o mencionado topónimo zamorano.

O comú *sirgo* ‘seda’ atopámolo na documentación antiga do territorio estudo: «*tercia de serico*» (ano 1231, CDCO, nº 47), «*que nos diades del cada ano (...) et de ssirgo sse o y criardes...*» (ano 1339, MdR, AHN Clero, Cpta. 1493, nº 20), etc. Unha forma feminina *sirga* que aparece en documentos de Ramirás, cualificada polo seu editor de topónimo non identificado, podería interpretarse como un comú en «*Pero Anes mercader en Sirga*» (ano 1420, RAM, nº 415), pero vese que é toponímica en «*Eynes Perez moradora en Sirga*», no mesmo documento. Cremos que se trata dun erro de grafía ou de lectura por *Sorga*, topónimo de Celanova de orixe hidronímica prerromana.

213. *sobreira*

Sobreira (< SUBERARIA) é o nome galego comú da árbore *Quercus suber* (VCN, 143), tamén chamada *corticeira* debido a que a cortiza constitúe o seu principal aproveitamento. Como é especie que require clima temperado e húmido, nas áreas de montaña só se localiza na toponimia das ribeiras dos ríos ou en lugares abrigados.

213.1. Sobreira

A forma simple *Sobreira*, que dá nome á árbore, alude probablemente a exemplares illados, que adquieren significación na paisaxe debido á súa frondosidade e corpulencia. Está presente nos seguintes topónimos do territorio estudo:

Sobreira, EdP e parr. (*San Xoán*) en Vilamarín

Sobreira, EdP en Cenlle

- Sobreira*, EdP en Maside
A Sobreira, EdP en Sober
A Sobreira, PnH na Pobra de Brollón (M189-1)
A Sobreira, PnH en Vilardevós (M303-4)
A Sobreira, PnH en Verín (M303-3)
A Sobreira, PnH na Peroxa (M188-1)
A Sobreira, PnH en Melón (M224-2)
A Sobreira, PnH en Lobios (M301-3)
A Sobreira, Edp(n) en Entrimo (M301-1)
A Sobreira, PnH en Entrimo (M301-3)
A Sobreira, PnH en Cortegada (M225-3)
A Sobreira, PnH en Amoeiro (M187-4)
A Sobreira, PnH en Castrelo do Val (M265-3)
A Sobreira, PnH en Boborás (M187-1)
A Sobreira, PnH en Lobeira (M301-2)
Sobreira do Mendo, PnH en Lobios (M301-3)
Capela da Sobreira, PnH en Entrimo (M301-1)
O Chao da Sobreira, PnH en Quiroga (M190-1)
A Fonte da Sobreira, PnH en Entrimo (M301-3)
A Fraga da Sobreira, PnH en Oímbra (M303-3)
Monte da Sobreira, PnH en Beariz (M186-2)
Monte Sobreira, PnH en Castrelo do Val (M265-4)
A Ponte Sobreira, PnH en Cea e Vilamarín (M187-2)

E un único exemplo coa forma plural en

- As Sobreiras*, PnH en Avión (M186-2)

No NG hai 14 (*A*) *Sobreira* en Boimorto (2), Chantada, Cuntis, A Estrada, Meis, Ordes, Ponteareas, Sober, Vigo (2), Vilaboa, Vilagarcía e Zas, e 1 *Sobreiras* en Marín.
 No DCP figuran 39 *Sobreira* e 6 *Sobreiras*.

Na documentación antiga atopamos topónimos idénticos:

- «*De Soveraria iuniores qui sic ducant vinum*» (ano 1004, CLN, nº 240)
 «*quinionem nostrum de agro de Suvereyla*» (ano 1238, OSR1, nº 439)
 «*ubi clamant valle de Sovereyra*» (ano 1274, OSR2, nº 1060)
 «*en logar que dizem Val de Sovereyra*» (ano 1274, OSR2, nº 1053)
 «*eu Aldara Perez de Sovereyra*» (ano 1280, OSR2, nº 1148)
 «*outra leira enno lugar que disen a Souereira*» (ano 1400, RBV, nº 8)
 «*a leyra da Souereyra*» (ano 1436, FDU, nº 304)
 «*Item na Sovereira outro leiro derdade*» (ano 1436, OXV, p. 209)
 «*eu Aluaro Paas Souereyra*» (ano 1454, RBV, nº 17)
 «*da Sobreira de Traslaiglesia*» (ano 1480, RdS, nº 238)

E como apelido toponímico:

- «*Gundisalvo Roderici Soverarie armiger*» (ano 1231, OSR1, nº 333)
 «*lohannes Soverarie clericus*» (ano 1262, OSR2, nº 899)
 «*Ruy Froyaz de Sobreira*» (ano 1280, OSR2, nº 1148)
 «*Estevao de Sovereyra*» (ano 1276, OSR2, nº 1109)

213.2. Sobreiro

A forma masculina designa tamén a árbore, e constitúe unha variante minoritaria recollida polo P. Merino e por Crespo Pozo (NCVCG, I, 67 s.v. *alcornoque*). Témola en:

O Sobreiro, PnH en Oímbra (M303-3)

Sobreiro, PnH en Lobios (M336-1)

Corga do Curro de Sobreiro, PnH en Lobios (M301-3)

Coto Sobreiro, PnH en Sober (M189-3)

Portela de Sobreiro, PnH en Lobios (M336-1)

O NG recolle 7 (*O*) *Sobreiro* en Cambados, A Caniza (2), Gondomar, As Neves, Nigrán e Ponte Caldelas. No DCP figuran 40 *Sobreiro*, 2 *Sobrerinho*, 8 *Sobreiros*, 1 *Sobreirinhos*.

Na documentación antiga rexistramos topónimos coma estes:

«*a Suberario et a fluvio de Nisgam*» (ano 1226, OSR1, nº 275)

«*enno lugar que disen casa Souereiro*» (ano 1400, RBV, nº 8)

«*enno Souereiro, que he enna fregesia de santo Ourente d'Entiis*» (ano 1439, FDU, nº 317)

213.3. Sobral, sobreiral

Os derivados colectivos co sufijo correspondente a -ALE presentan dúas formas: *Sobral* (< SUBERALE) e mais *Sobreiral*, formado a partir de *sobreira*. O primeiro témolo en:

Sobral, EdP en Coles

Na documentación antiga atopamos outros:

«*cum leyra de Souerali*» (ano 1223, RAM, nº 11)

«*conmo de parte pe-la seara de Soueral*» (ano 1279, RAM, nº 220)

«*no lugar que chaman do Souerrall*» (ano 1324, RAM, nº 279)

«*hua leyra eno soveral que trage Juan do Canpo*» (ano 1460, RBV, nº 20)

E con dupla sufixación:

O Sobreiral, EdP en Ourense

O Sobreiral, PnH no Pereiro de Aguiar e N. de Ramuín (M188-3)

O Sobreiral, PnH en Avión e Boborás (M186-2)

Sobreirás, PnH en Verín (M303-3)

O NG recolle 8 (*O*) *Sobral* en Nigrán, Oia, A Pobra do Caramiñal, Ponteareas, Pontevedra, O Porriño, Salvaterra de Miño e Soutomaior; un plural *Sobráns* (< SUBERALES) en Mos; e 2 *Sobreiral* en Boiro e Vilagarcía. A importancia desta especie botánica en Portugal maniféstase na súa abundantísima presenza na toponimia; no DCP figuran 62 *Sobral*, 4 *Sobralinho*, 2 *Sobrainho*, 4 *Sobreiral*.

213.4. Sobredo

Son derivados por medio do sufixo **-ÉTU, -ÉTA**:

Sobredo, EdP en Boborás

Sobredo, EdP en Rubiá

Saborida, EdP no Carballiño

Soborido, PnH en Manzaneda (M227-2)

Sobredo, PnH en Carballedo (M188-1)

Sobredo, PnH en Pantón (M188-2)

O Sobredo, PnH en Castro Caldelas (M189-3)

Sobrido, PnH en Carballeda de Avia (M225-1)

Cabeza de Sobredo, PnH en Laza (M265-1)

Río do Sobredo, CdA en Castro Caldelas (M189-3)

Soborido, PnH en Manzaneda (M227-2)

O NG recolle *Sobreda* no Saviñao (parr. e lugar), 5 *Sobredo* en Folgoso do Courel, Salceda de Caselas, Touro, Tui e Vedra, e *A Saborida* en Lalín. *Subride*, en Vigo, tamén semella un **Sobrida* < SUBERÉTA con alteración *-ida* > *-ide* que vimos noutrous fitotopónimos con este sufixo.

Nos textos medievais atopamos o lugar de *Sobredo* en Rubiá como: *Soueredo* (ano 1312, MdR, AHN Clero, Cpta. 1490, nº 8); *Juan de Balboa, morador en Sobredo* (ano 1487, BCMO, T. 5, p. 352).

No DCP contamos 5 *Sobreda*, 2 *Sobredo*, 1 *Sobrido*, 1 *Saborido*. Neste último, coma nos *Saborida* galegos, podemos pensar nunha interferencia dos comúns *sabor*, *saber*, etc.

Crespo Pozo (NCVCG, I, 67) e outros autores inclúen erradamente *Sobrado* (< SUPERATU) entre os topónimos relacionados coa *sobreira*.

Se ten relación con *sobreira* o topónimo *Sobrecedo* (parr. e 2 lugs., *Sobrecedo de Riba e S. de Baixo*), en Taboada, resulta difícilmente explicable a consoante interdental. A documentación antiga non bota luz sobre a orixe do topónimo:

- «in territorio Asme villa pernominata *Superceto*» (ano 1198, OSR1, nº 95)
- «aula sancti lacobi de *Sobercedo*» (ano 1221, OSR1, nº 214)
- «unum casale in Fontario de *Sobrecedo*» (ano 1235, OSR1, nº 406)
- «Petrus de *Sobercedo*» (ano 1235, OSR1, nº 400)
- «sancti Iacobi de *Sobrecedo*» (ano 1235, OSR1, nº 406)
- «Michaele Petri de *Sobrecedo*» (ano 1245, OSR1, nº 559)
- «de Petrafita et de *Sobrecedo*» (ano 1248, OSR1, nº 607)
- «Iohanne de *Supercedo*» (ano 1249, OSR1, nº 623)
- «Joannes Arie de *Soberzedo*» (ano 1256, OSR1, nº 768)
- «I. Arie de *Superzedo*» (ano 1260, OSR2, nº 868)
- «Petrus Micahelis de *Suberzedo*» (ano 1264, OSR2, nº 918)
- «Iohannes Ariæ de *Subercedo*» (ano 1266, OSR2, nº 934)
- «filigregia sancti Iacobi de *Soberzedo*» (ano 1269, OSR2, nº 969)
- «su signo de Santiago de *Soberzedo*» (ano 1271, OSR2, nº 998)
- «Martin Gago de *Sobreçedo*» (ano 1274, OSR2, nº 1057)
- «hereditatem quam habeo in *Sobercedo*» (ano 1279, OSR2, nº 1136)

«en a friigrissia de Sanctiago de **Sobreçedo**» (ano 1287, OSR2, nº 1196)
 «Johan juyz de **Sobreçedo**» (ano 1291, OSR2, nº 1226)
 «Fernan Arias de **Sobrezedo**» (ano 1294, OSR2, nº 1243)

213.5. Sobrosa, sobroso

Non recollemos no territorio estudiado ningún exemplo de derivado en –ōSA, –ōSU, semellante ó *Vilasobroso* que recolle o NG en Mondariz.

No DCP figuran 4 *Sobrosa* e 1 *Sobroso*. Con eles debemos contar 2 *Sabrosa* e 4 *Sabroso*, coa vogal pretónica alterada por disimilación, áinda que tamén poderían ser derivados de SABŪLU ‘xabre, sábrego, area’.

214. sorbeira

E. Rodríguez define *sorbeira* como «serbal, planta plomácea de mediana altura, que también se llama SORBA y uva espiña. || La SORBEIRA es una variedad de grosellero (...) y sus frutos, de peras pequeñas, son comestibles después de maduras» (DEGC, III, 343). Existen dúas especies desta planta, unha cultivada, *Sorbus doméstica*, cast. *serbal*, e outra brava, *Sorbus aucuparia*, cast. *serbal silvestre*, gal. *capudre* e *cancereixo* (VCN, 110, 111). Sarmiento, que non fai mención da especie cultivada, recolle para a silvestre os nomes galegos de *cancereixo*, *cornabude*, *cornabudo*, *capudre*, *escornacabras* e *escornabois*, e identifica como *Sorbus aucuparia*, cast. *orno* (*Vegetables*, 289-295, 310, 318, 440). En portugués a especie doméstica recibe o nome de *sorbeira* e a silvestre *cornogodinho* (Sampaio, *Flora*, 399), que parece corresponder a un diminutivo da denominación galega *cornabudo*.

214. 1. Solbeira

No territorio estudiado atopamos *solbeira*, procedente de SORBARIA:

Solbeira, EdP e parr. (*San Salvador*) en Paderne de Allariz

Solbeira, EdP e parr. (*Santo Adrao*) en Viana do Bolo

Solbeira de Limia, parr. (*San Pedro*) en Xinzo de Limia

Solbeira, EdP na Merca

Solbeira, EdP en Xinzo de Limia

Algúns destes rexistrámoslos na documentación medieval:

«circa via de vereda in villa que dicunt *Sorvaria*» (ano 961, CLN, nº 393)

- «*et plegat in strata que discurret de Sorvaria*» (ano 964, CLN, nº 405)
 «*casare que habemus in villa que dicunt Sorvaria*» (ano 967, CLN, nº 381)
 «*Sorveira, Omoso, Castro Malo, Cella Valentii*» (ano 1029, CLN, nº 457)
 «*Sorvaria integra exceptis duos casares in cima de ipsa villa*» (1063, CLN, nº 300)
 «*et vay topar con seu monte ena vinna da Sorveira*» (ano 1376, OSR3, nº 1830)

O NG recolle lugares chamados ***Solbeira (Solveira)*** en Alfoz e Monforte.

No DCP figuran 1 ***Solveira***, 1 ***Solveiras***, este documentado como ***Sorueiras*** en 1096 (OM, 324)

214.2. Outros derivados

Nos documentos medievais atopamos un derivado correspondente a SORBĒTU (**Sorbedo*, **Solbedo*) que non puímos identificar na actualidade:

- «*Morarias media, et Sorveto integro*» (ano 1025, CLN, nº 463).

Un diminutivo SORBĒTĒLLA da correspondente forma feminina pode explicar un ***Solvadela*** que figura no DCP.

E podería conter un hipotético *SERBALÍCĒA o topónimo

A Servaínza, EdP en Viana do Bolo

215. souto

O substantivo *souto* procede do latín SALTUS, que tiña en orixe un significado oronímico “desfiladeiro, quebrada” e fitonímico “pastizais”, “pastizais con bosque” (DCECH s.v. *soto*). En galego é voz viva e os dicionarios recollen para ela un significado específico de “terreno poboad de castiñeiro” e outro más xenérico de “bosque poboad de árbores, especialmente de carballos e castiñeiro” (DECG, III, 345). A primeira acepción é a que predomina no territorio estudiado, igual que na fala de Pantón, onde «*souto* es, preferentemente, ‘terreno poblado de castaños’, ya que al ‘terreno de robles’ se le llama *devesa* o con la expresión “souto de carballos”» (Palacio, 1981, 246). A enorme importancia que tivo a castaña na alimentación dos nosos devanceiros explica a abundantísima presenza do tema *souto* na toponimia de Galicia.

Os *soutos* figuran sempre nas enumeracións de arborado que rexistra a prosa tabeliónica medieval: «*Damus vobis in domos, casas cum suo torculare, terras, vineas, pumares, cesares, figares, saltos, devesas, montes, fontes, pascus, paludes, aquas aquarum...*» (anos 1011-1045, CLN, nº 9).

215.1. Souto

É extraordinariamente común a forma simple *Souto*. Esta abundancia dá lugar a que, coa forma lexítima ou coa deturpación castelanizante *Soto*, tamén teña moita presenza na antropónimia galega, como apelido de orixe topónimica. No territorio estudiado recollemos:

- Souto*, EdP e parr. (*San Salvador*) en San Cristovo de Cea
- Souto [de Limia]* EdP e parr. (*Santa María*) en Muíños
- Souto*, EdP en Amoeiro
- Souto*, 2 EdP en San Amaro
- Souto*, 2 EdP no Carballiño
- Souto*, EdP en Padrenda
- Souto*, EdP en Nogueira de Ramuín
- Souto*, 2 EdP en Castrelo de Miño
- Souto*, EdP en Lobeira
- Souto*, EdP na Merca
- Souto*, EdP en Quintela de Leirado
- Souto*, 2 EdP en Ramirás
- Souto*, Edp(n) en Ourense (M188-3)
- Souto*, Edp(n) en Cortegada (M225-3)
- Souto*, EdP en Pantón (M188-1, M188-2)
- Souto*, EdP en Quiroga (M189-2)
- Souto*, EdP en Ribas de Sil (M189-2)
- O Souto*, EdP e parr. (*San Cristovo*) na Peroxa
- O Souto*, 2 EdP en Boborás
- O Souto*, 2 EdP en Punxín
- O Souto*, EdP na Pobra de Trives
- O Souto*, EdP en Allariz
- O Souto*, EdP en Bande
- O Souto*, EdP en Castro Caldelas
- O Souto*, EdP en Celanova
- O Souto*, EdP en Coles
- O Souto*, EdP en Gomesende
- O Souto*, EdP en Lobios
- O Souto*, EdP en Maceda
- O Souto*, EdP en Riós
- O Souto*, EdP en Vilamarín
- O Souto*, EdP no Carballiño
- O Souto*, Edp(n) en Ramirás (M225-3)
- O Souto*, Edp(n) en Cenlle (M187-3)
- O Souto*, Edp(n) en Maside (M187-1)
- O Souto*, Edp(n) en Melón (M224-2)
- O Souto*, Edp(n) no Pereiro de Aguiar (M188-3)
- O Souto*, Edp(n) en Carballeda de Avia (M225-1)
- O Souto*, EdP en Paderne de Allariz (M226-1)
- O Souto*, 2 EdP en Pantón (M188-1, M188-2)

- O Souto*, EdP en Monforte (M189-1)
O Souto, EdP en Sober (M189-3)
O Souto, EdP en Carballedo (M188-1)
O Souto, PnH en Riós (M303-2)
O Souto, PnH en Porqueira (M264-3)
O Souto, PnH en Xinzo de Limia e Os Blancos (M302-1)
O Souto, PnH na Rúa (M190-3)
O Souto, PnH en Vilardevós (M303-4)
O Souto, PnH en Carballedo (M188-1)
O Souto, PnH en Pantón (M188-2)
O Souto, PnH na Gudiña (M266-3)
O Souto, PnH en Xinzo de Limia (M264-2, 264-3)
O Souto, PnH en Manzaneda (M227-2)
O Souto, PnH na Merca (M225-4)
O Souto, PnH en Monterrei (M303-1, M302-2)
O Souto, PnH en Oímbra (M303-3)

Na documentación antiga relativa ó territorio estudo atopamos estes e outros topónimos semellantes:

- «*et Salto in Fragoso*» (ano 938, CLN, nº 478)
 «*tornavimus inter Leginoso et Sauto pro pariete fortissima*» (ano 940, CLN, nº 502)
 «*villa de Sauto et villa de Peretello*» (ano 996, CLN, nº 303)
 «*una quam vocitant Saucto cum adiunctionibus suis*» (ano 1003, CLN, nº 225)
 «*hereditas quas abent in Sauto qui vocitant Zaparin*» (ano 1011-1045, CLN, nº 83)
 «*et dividet cum villa de Salto et vadit ad pena Redonda*» (ano 1029, CLN, nº 553)
 «*hereditatem de Asiuſu Menendiz que iacet in Sauto*» (ano 1085, CLN, nº 66)
 «*territorio Limie, quam muncupant Sauto, vocabulo ecclesie sancto Iacobo*» (anos 1091-1106, CLN, nº 283)
 «*territorio quam inquiunt Salto mea ratione integra*» (ano 1095, CLN, nº 21)
 «*concedimus vobis locum illum de Sauto*» (ano 1208, OSR1, nº 124)
 «*cum fratribus de Runciavalle, super quodam casali in Sauto*» (ano 1220, RdS, nº 21)
 «*super ecclesiam Sancti Christofori de Sauto*» (ano 1220, RdS, nº 21)
 «*Iohannes Froyle miles de Sauto*» (ano 1226, OSR1, nº 277)
 «*Martinus lohannis de Sauto*» (ano 1226, OSR1, nº 267)
 «*in villa que dicitur Sautum in parrochia sancti Salvatoris*» (ano 1237, OSR1, nº 425)
 «*per penam grandem de super Sauto*» (ano 1247, OSR1, nº 591)
 «*montem de Moneyxas, quod fuit de casali de Saucto*» (ano 1251, OSR1, nº 657)
 «*in villa de Pelago que est in filigregia de Sauto*» (ano 1258, OSR2, nº 822)
 «*villa qui vocatur Sauto sub parrochia sancti Felizis*» (ano 1258, OSR2, nº 823)
 «*in villa de Souto in parrochia sancti Felici de Baroo*» (ano 1259, OSR2, nº 836)
 «*in loco ubi vocatur o Souto*» (ano 1259, OSR2, nº 847)
 «*Martinus lohannis de Souto*» (ano 1259, OSR2, nº 836)
 «*illum nostrum soctum quod habemus in Chousas*» (ano 1266, RAM, nº 152)
 «*filigregia sancti Iacobi de Soberzedo in casali de Souto*» (ano 1269, OSR2, nº 969)
 «*cassa que auemus hu chaman o Souto*» (ano 1275, RAM, nº 203)
 «*su cadea de san Salvador de Souto*» (ano 1278, OSR2, nº 1123)
 «*Garçia Fernandez prellado da iglesia de Souto*» (ano 1278, OSR2, nº 1123)

«*Pedru Fernandez de Soutu*» (ano 1283, OSR2, nº 1164)
 «*a qual cassa esta en Cousto no soutu*» (ano 1291, OSR2, nº 1221)
 «*de Sauto, quod est in parrochia sancti Felicis de Baroon*» (séc. XIII, OSR1, nº 653)
 «*un casal que. lle dey en Souto, que era de Melón*» (ano 1302, VFD1, nº 39)
 «*hu chamā o Souto*» (ano 1313, HGP, nº 64)
 «*no rio indo de Vilaooriz para Souto*» (ano 1335, ROC, nº 69)
 «*en Souto, fliglesía de Santa María de Cruz*» (ano 1352, TzS, fol 8v)
 «*que ias asua vila de Souto*» (ano 1356, ROC, nº 98)
 «*nu lugar que chaman Requeixo, o lugar de Souto*» (ano 1356, ROC, nº 98)
 «*item outra leira em Souto*» (ano 1370, RdS, nº 87)
 «*o foro de Fernán do Souto*» (ano 1427, Ribas de Sil, nº 143)
 «*lugar do Souto, en San Pedro de Triós*» (ano 1496, ROC, nº 351)

O NG recolle cerca de 150 topónimos *Souto* ou *O Souto* (sen contar compostos e derivados) repartidos por todo o país. É igualmente abundante en Portugal (uns 130 *Souto* no DGP), así coma o seu correspondente *Soto* en áreas do dominio lingüístico castelán.

Dado o carácter colectivo do singular, non é común a forma plural. No territorio estudiado témolo en dous topónimos:

Os Soutos da Madroa, PnH en Manzaneda (M227-2)
Os Soutos, PnH en Nogueira de Ramuín (M188-4)

Na documentación antiga atopamos un «*Johan Martinez de Soutoos*» (ano 1298, OSR2, nº 1276), cun apelido toponímico que pode corresponder a un **Soutós*, diminutivo *SALTÓLOS.

215.2. Souto en compostos

Segundo a Palacio (1981, 246 e ss), dividimos os numerosos topónimos compostos coa forma *souto* en 4 tipos, ademais das formas simples e os derivados diminutivos. Son os seguintes:

- a) *Souto* + (de) + substantivo
- b) *Souto* + adjetivo
- c) *Souto* + nome de posesor
- d) *Souto* como determinante ou segundo elemento.

Nalgúns compostos con *Souto* como primeiro elemento prodúcese unha alteración da vogal final, que se resolve en palatal: *Soutipedre*, *Soutichao*, *Souticovo*.

a) Souto + (de) + substantivo

Incluímos neste apartado os topónimos que presentan un segundo elemento precedido de preposición, aínda que esta poida estar elidida:

Souto de Limia, EdP e parr. (*Santa María*) en Muíños

- Soutopenedo*, EdP e parr. (*San Miguel*) en San Cibrao das Viñas
Souto da Vila, EdP no Carballiño
Souto do Bispo, EdP en Gomesende
Souto do Chao, EdP en Nogueira de Ramuín
O Souto de Rozavales, EdP en Manzaneda
O Souto do Río, EdP en Ourense
Souto do Rei, EdP en Ourense
Souto da Agrela, PnH en Muíños (M301-2)
Souto do Agrelo, PnH en Muíños (M301-2)
O Souto de Arriba, PnH na Rúa e Vilamartín de Valdeorras (M190-3)
Souto de Atrás, PnH na Pobra de Trives (M227-2)
Soutobeía, PnH en Monterrei (M302-4)
Río de Souto de Bispo, CdA en Gomesende (M263-1)
Souto Carballo, PnH en Sarreaus (M264-2)
Souto do Concello, PnH en Riós (M303-2)
O Souto do Conde, PnH en Castro Caldelas (M189-3)
Corgo do Souto dos Ferreiros, CdA en Laza (M265-3)
Souto da Ferrería, PnH na Veiga (M190-3)
Souto de Fiscal, PnH en Vilardevós e Riós (M303-2)
Souto do Forrón, PnH en Pantón (M188-1)
O Souto das Fontes, PnH en Viana do Bolo (M228-3)
Soutoleriño, PnH en Vilardevós (M303-3)
Os Soutos da Madroa, PnH en Manzaneda (M227-2)
Souto do Medio, PnH en Pantón (M188-1)
Souto do Monte, PnH en Carballedo (M188-1)
O Souto das Pitas, PnH en Castro Caldelas (M189-3)
O Souto do Rei, PnH en Manzaneda (M227-2)
O Souto do Rei, PnH en Laza e Castrelo do Val (M265-3)
Baixo do Souto do Rei, PnH en Laza (M265-3)
Alto do Souto do Rei, PnH en Laza e Castrelo do Val (M265-3)
Souto de Ribas, PnH na Mezquita (M304-1)
Soutopeixes, PnH no Barco de Valdeorras (M190-4)
Soutotellado, PnH en Nogueira de Ramuín (M188-1)
Sitival, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
Soutovedo, PnH en Carballeda de Valdeorras e O Barco (M190-4)

Nalgúns deles, o segundo elemento alude á propiedade do souto: *do Bispo*, *do Conde*... Os diversos *Souto do Rei* foron en orixe ou áinda son soutos de propiedade comunal, o mesmo có *Souto do Concello* ou o *Souto da Vila*.

En *Soutopenedo* hai posiblemente perda dun elemento preposicional *de* ou *do*; tamén en *Soutopeixes*, *Soutocarballo* e *Soutotellado*. O segundo elemento de *Souto de Fiscal* (vid. 106) e *Os Soutos da Madroa* (vid. 144) pode ser fitonímico. Resulta escuro o segundo elemento de *Soutoleriño*, que podería interpretarse como *Souto Lariño* (cf. *Laro*, *Lariño* e o común *leira* < LARĒA prerromano), e tamén o de *Soutobeía*. *Soutovedo*, se non se trata dunha alteración de *Soutovedro*, podería ser SALTU OLIVĒTU. *Sitival* podería corresponder a un *Soutival* < SALTU (DE) VALLE ou ben SALTU OLIVALE, áinda que sen documentación antiga non podemos confirmar nin sequera a súa relación con *souto*. O NG recolle un topónimo paralelo *Sutibal* en Covelo.

Na documentación antiga atopamos estas formas e outras paralelas:

- «*et sua ratione de illo sauto de illa ripa*» (anos 1011-1045, CLN, nº 9)
- «*sautum de Sequeira, cum omnibus suis appendiciis*» (ano 1178, OSR1, nº 58)
- «*sautum de Sequeira cum omnibus directuris*» (ano 1193, OSR1, nº 82)
- «*Ego Maria Arie de Saltu de villa*» (ano 1222, OSR1, nº 219)
- «*et unum solidum per sautum de Brinca*» (ano 1222, OSR1, nº 220)
- «*grangiam de saltu de Sicariis*» (ano 1224, OSR1, nº 251)
- «*ad Sauto de Miotum*» [do Mioto, zoónimo] (ano 1223, OSR1, nº 239)
- «*concedimus illum sautum de Currales*» (ano 1236, OSR1, nº 413)
- «*montem quod habemus in Sautum de Mourus*» (ano 1243, RAM, nº 32)
- «*deinde per soutum de casali, in quo abitauit Salvador*» (ano 1248, RAM, nº 63)
- «*et iacet versus Saltum de Rege*» (ano 1250, OSR1, nº 637)
- «*ad cimam de Souto das Cains*» [< CANALES] (ano 1250, RAM, nº 79)
- «*polo marco de Souto da Bouça Canposa*» (ano 1252, VFD1, nº 4)
- «*iusta soutum de Quartas*» (ano 1253, RAM, nº 100)
- «*Petrus Iohannis de Sauto Rivi*» (ano 1255, OSR1, nº 746)
- «*prope sautum qui dicitur de fratribus*» (ano 1257, OSR2, nº 781)
- «*et sautum de Exertato*» [= do Enxertado] (ano 1265, OSR2, nº 926)
- «*unam hereditatem ubi dicitur Souto de Coua*» (ano 1270, RAM, nº 175)
- «*deinde cum souto das Donas*» (ano 1271, RAM, nº 179)
- «*I. Moogus de Sauto Regis*» (ano 1274, OSR2, nº 1082)
- «*en Souto de Rey, VI dias andados de decembro*» (ano 1279, OSR2, nº 1143)
- «*esse nosso souto do carvalo con seu herdamento*» (ano 1287, OSR2, nº 1190)
- «*en a cassa que esta en o souto de Couoso*» (ano 1288, OSR2, nº 1203)
- «*o vossu souto que chaman de Lavandeyra*» (ano 1293, OSR2, nº 1232)
- «*et pello souto de Fondeyxo*» (ano 1299, OSR2, nº 1282)
- «*cabo o souto da Touça*» (ano 1300, OSR2, nº 1302)
- «*en o souto que chaman o Rigueyro*» (ano 1302, RAM, nº 256)
- «*Pedro Sobrino de Souto de Vao*» (ano 1319, RdS, nº 67)
- «*vay topar no souto do Terrón*» (ano 1349, RdS, nº 75)
- «*item no Souto das Vellas*» (ano 1370, RdS, nº 87)
- «*item outra ao souto da Ribaa*» (ano 1370, RdS, nº 87)
- «*o noso souto do Rigueiro*» (ano 1389, ROC, nº 125)
- «*por teega dereita do Souto de Vylarruyñ*» (ano 1391, RdS, nº 99)
- «*outra vinna de Duran de Souto de Uellas*» (ano 1400, RBV, nº 8)
- «*dous castineiros que jazen eno souto do Vale*» (ano 1424, RdS, nº 138)
- «*o nosso souto da Oveença con seu sequeyro*» (ano 1427, RdS, nº 140)
- «*mitad del souto do prior sub Castynade*» (ano 1438, RdS, nº 181)
- «*souto dos Loureiros*» (ano 1465, RAM, nº 511bis)
- «*outra leira de Gonsaluo do Souto de Bieite*» (ano 1490, RBV, nº 26)
- «*a meetade do noso souto da Granja*» (ano 1492, VFD1, nº 109)

O NG recolle numerosos topónimos semellantes: *Souto da Freira* (Viveiro), *Souto da Igrexa* (Sada), *Souto da Presa* (Ponteareas), *Souto da Ribeira* (Fene), 2 *Souto da Vila* (Moeche e Catoira), *Souto de Abaixo* (Trazo), 2 *Souto de Arriba* (Trazo e Tui), *Souto de Engarde* (Tui), *Souto de Luía* (Ortigueira), *Souto de Mogos* (< MONACOS) na Pontenova, *Souto de Pazo* (Ponteareas), *Souto de Poio* (Portas), *Souto de Riba* (Chantada), *Souto de Torres* (parr. en Castroverde), *Souto de Val* (Riotorto), *O Souto de Vea* (A Estrada),

Souto de Xelo (Pantón), cun segundo elemento para o que defende Palacio unha orixe antropónimica (Palacio, 1981, 250), **Souto de Zar** (Ordes), **Souto do Val** (Abegondo), **Souto Figueira** (Carral), **Souto Nogueira** (Silleda) e **Souto Viñavella** (Alfoz). Nalgúns deles, o segundo elemento é o nome dunha localidade veciña que é tomada como referencia. A estes debemos engadir **Sutirxedo**, en Guitiriz, cun segundo elemento que podería identificarse como *Orxedo*, de (H)ORDÉUM, ‘orxo, cebada’, aínda que resulta insólito un derivado colectivo en -ĒTU para cereais cultivados, e **Sanrobredín** (< SALTU (DE) ROBORĒTINU) en Cervantes, que presenta a solución oriental -ín do sufijo -INU.

b) Souto + adxectivo

Son igualmente numerosos os topónimos en que o segundo elemento é un adxectivo:

- Soutomaior**, EdP e parr. (*Santiago*) en Taboadela
- Souto Bravo**, EdP en San Cibrao das Viñas
- Soutochao**, EdP e parr. (*Santa María*) en Vilardevós (var. **Soutichao**)
- Soutocovo**, EdP en Vilardevós (var. **Souticovo**)
- Soutogrande**, EdP en Vilariño de Conso
- Soutomanco**, EdP en Amoeiro
- Soutoverde**, EdP en Ourense
- Soutonovo**, EdP en Sober (M188-2)
- Souto Bon**, PnH en Manzaneda (M228-1)
- Souto Bravo**, PnH en Gomesende e Quintela de Leirado (M263-1)
- Souto Cerrado**, PnH en Pantón (M188-2)
- Lombeiro de Soutichao**, PnH en Vilardevós (M303-4)
- Soutochao**, PnH en Parada de Sil (M188-4)
- Soutochao do Rodicio**, PnH en Maceda e Laza (M226-2)
- Souto Chouzo**, PnH en Toén (M225-2)
- Souto Grande**, PnH en Porqueira (M264-3)
- Souto Grande**, PnH en Toén (M225-2)
- O Souto Grande**, PnH en Manzaneda (M228-1)
- Regueiro de Soutibrande**, CdA en Carballeda de Valdeorras (M190-4)
- Souto Longo**, PnH en Boborás (M187-1)
- Regato de Soutolongo**, CdA en Barbadás e San Cibrao das Viñas (M225-2)
- Souto Monteiro**, PnH en Riós (M303-2)
- Souto Novo**, PnH na Bola (M263-2)
- Souto Novo**, PnH en Castrolo do Val (M303-1)
- Souto Novo**, PnH en Riós (M303-2)
- O Souto Novo**, PnH en Verín (M303-3)
- Soutonovo**, PnH en Pantón (M188-2)
- Souto Pecho**, PnH en Verín (M303-1)
- Souto Redondo**, PnH en Quiroga (M189-2)
- Souto Vello**, PnH en Barbadás (M225-2)
- Souto Vello**, PnH en Sober (M188-2, M188-4)

Souto Pecho, **Souto Cerrado** e **Souto Chouzo** (*chouso* < CLAUSU) son formas sinónimicas. **Soutochao** e **Soutichao** responden a SALTU PLANU. O adxectivo de **Souto Monteiro** ha de entenderse como “da caza”. Para **Souto Bravo** < BARBARU (Piel 1976d, 5-

9) debemos considerar a existencia dun comén **souto bravo** que recolle o P. Sobreira co significado de «el soto o bosque de árboles que no tiene sino retoños y con especialidad al que es de castaños» (Sobreira, *Botánica*, s.v. *barbádigo*)

Ignoramos se o segundo elemento de **Soutomanco**, que ten paralelo nun **Soutomango** do concello do Saviñao, é o mesmo có adxectivo comén *manco*, se cadra alusivo a unha decota das árbores.

Con moitos reparos interpretamos **Regueiro de Soutibrande** coma unha alteración de **Soutogrande**; a disimilación de *souto*– en *souti*– é paralela da de *Soutichao* e outros; o segundo elemento, se non é *grande*, podería ser un xenitivo dun antropónimo xermánico *BRANDUS (HGN, 49.6) ou latino BLANDUS (Kajanto, 64, 73, 282) ou ben ter relación cun comén *branda* (vid. *braña*, 042).

O NG recolle **O Souto Alto** en Ouro, 3 **Souto Calvo** ou **Soutocalvo** en Abegondo, San Sadurniño e Vilarmaior (de CALVU ‘con pouca vexetación’), 2 **Soutochán** (< SALTU PLANU) en Cabana e As Somozas, 2 **Souto Chao** en Ortigueira e Ouro, 2 **Souto Grande** en Fene e Carballo, **Soutolongo** en Lalín, **Souto Loural** en Arzúa (posiblemente de LAURALE, derivado de LAURU ‘loureiro’), 2 **Soutomaior** no concello do mesmo nome e en Crecente, e a variante **Soutomor** en Ortigueira, 4 **Souto Novo** ou **Soutonovo** en Boiro, Foz, Ortigueira e Pontevedra, ademais do mencionado de Sober, 2 **Soutorredondo** en Lousame e Xove, **Soutosico** (seco? < siccus?) en Fornelos de Montes, 5 **Souto Vello** ou **Soutovello** en Fene, Lourenzá, Sada, Valdoviño e Xove, ademais do xa mencionado de **Soutomango** no Saviñao e dun **Santarredeiro** en Trabada, cun segundo elemento escuro que tal vez se poida interpretar como *Souto Arredeiro* (< AD RETRARIU ‘traseiro’).

Outros exemplos paralelos son os topónimos menores de Pantón **Soutocerrado**, **Soutorrepeso** (< REPRESSU), **Souto Rapado** (Palacio, 1981, 248-250).

Na documentación antiga atopamos:

- «*inter sautum maiorem et villa de Castrello*» (ano 957, CLN, nº 423)
- «*in territorio in villa Salto Maiore*» (ano 996, CLN, nº 303)
- «*Item in Sauto Manco nostra ratione*» (ano 1005, CLN, nº 181)
- «*sive in villa Ruviolos, in Sauto Manco et in Poleiares*» (ano 1000, CLN, nº 182)
- «*et inde per terminum de Sauto Manco*» (ano 1005, CLN, nº 181)
- «*subtus monte Sauto Manko, iusta rivulo Ossos*» (ano 1013, CLN, nº 473)
- «*Sampir, subtus monte Sauto Manco*» (ano 1013, CLN, nº 484)
- «*Sauto Plano, Sancta Columba, Sancto Petro*» (ano 1029, CLN, nº 457)
- «*territorio Salto Maiore, discurrente Barvania*» (ano 1031, CLN, nº 540)
- «*de una pars per Salto Maiore*» (ano 1031, CLN, nº 540)
- «*Salto terroso cum suas adiunctiones*» (ano 1031, CLN, nº 148)
- «*salto terroso cum suas adiunctiones*» (ano 1041, CLN, nº 458)
- «*in loco qui dicitur Sautum Caluum*» (ano 1241, RAM, nº 31)
- «*deinde quomodo reuertitur ad Soutumnouum*» (ano 1246, RAM, nº 46)
- «*ad fondum per aqua de Soutonouo*» (ano 1246, RAM, nº 46)
- «*deinde cum hereditate de Souto nouo*» (ano 1248, RAM, nº 61)
- «*terrenum qui iacet super hereditatem de Souto Novo*» (ano 1249, RAM, nº 66)
- «*unum agrum sub Sautomanco*» (ano 1249, OSR1, nº 615)
- «*deinde per Soutum ueterum*» (ano 1255, RAM, nº 126)
- «*unum terrenum qui est de hereditate de Souto Nouo*» (ano 1255, RAM, nº 125)
- «*in Castro, in filigresia sancte Marie de Souto longo*» (ano 1255, OSR1, nº 744)

«*Petrus Fernandi de Sauto Manco*» (ano 1255, OSR1, nº 747)
 «*ad vineam Sautimanco*» (ano 1255, OSR1, nº 747)
 «*mediatatem vini in torculari de Souto Manco*» (ano 1256, OSR1, nº 765)
 «*qui vocatur Sauto Manco, sub parrochia sancti Petri de Bovadela*» (ano 1256, OSR1, nº 766)
 «*circa cortinas de Sauto Manco*» (ano 1256, OSR1, nº 766)
 «*illam hereditatem de sub Sancto Manco*» (ano 1257, OSR2, nº 783)
 «*et in a Silva et sub Sautomanco*» (ano 1259, OSR2, nº 842)
 «*et en o Geitadoyro et en Souto Caluo*» (ano 1276, RAM, nº 211)
 «*vn nosso cassal que auemus en Soutonouo*» (ano 1279, RAM, nº 223)
 «*pressa de Ssouto Mellor*» (ano 1292, MdR, AHN Clero, 1487, nº 19; HGP, nº 59)
 «*nosso herdamento de Ssouto Mellor*» (ano 1292, HGP, nº 59)
 «*Saltu Meliori in Baruncilio*» (ano 1298, MdR, AHN Clero, Cpta. 1488, nº 15)
 «*todo quanto herdamento nos hauemos en Souto Couo*» (ano 1329, RAM, nº 285)
 «*en eou coutho de Soutolongo e en toda terra de Deça*» (ano 1331, VFD1, nº 51)
 «*en Souto Chão*» (ano 1358, MdR, AHN Clero, Cpta. 1495, nº 19)
 «*as minas castanas que eu teno en Soutonovo*» (ano 1405, RdS, nº 105)

c) Souto + nome de posesor

Desde moi antigo aparecen os soutos asociados ó nome do posesor ou do individuo que mandou plantar a explotación de castiñeiro, e na documentación medieval é moi frecuente que o substantivo común *souto* aparezca singularizado mediante un antropónimo:

«*et vadit ad souto quem Donnon plantavit*» (ano 1011-1045, CLN, nº 9).
 «*et inde plega salto de Sisnando Cidiz*» (ano 1043, Oseira, nº 244)
 «*leira de casali de souto de Martino Meala*» (ano 1245, RAM, nº 35)
 «*super Sautum Iohannis Arie*» (ano 1245, OSR1, nº 557)
 «*et alteram iusta sautum de Martino Nepto*» (ano 1245, OSR1, nº 557)
 «*deinde per soutum Iohannis Petri*» (ano 1254, RAM, nº 112)
 «*deinde per souto de Gundisaluo Didaci*» (ano 1268, RAM, nº 163)
 «*así como parte pelo souto que foy de Lourenço Pérez*» (ano 1389, ROC, nº 125)
 «*per cima do souto de Rodrigo de Soutelos*» (ano 1433, Xantar, nº 5)
 «*do Souto de Ares de Penelas*» (ano 1509, MdR, AHN Clero, Cpta. 1505, nº 9)

En moitos topónimos, o antropónimo presenta a forma do xenitivo:

«*secus Sile saltum qui vocitant Merilani*» (ano 876, BCMO, T3, p. 15)

No territorio estudiado temos:

Soutomel, EdP e parr. (*Santa Locaia*) na Bola
Soutipedre, EdP e parr. (*San Marcos*), en Manzaneda.
Regato de Soutipedre, CdA en Manzaneda (M228-1)
Soutosanín, EdP en Ourense

E tal vez podemos engadir *Soulecín*, EdP no Barco de Valdeorras, que posiblemente contén un SALTU LICINII (cf. Licín, Piel 1948, 208), e é paralelo dun *Soutolicín* que recolle Palacio en Pantón (Palacio 1981, 249)

Soutosanín contén un xenitivo do antropónimo de orixe latina *SENNINUS (cf. tops. *Sanin*, *Senín*, Piel 1948, 384) emparentado con SENNIUS, SENNUS ou SEMNIUS (Schulze 425, 40, 228); **Soutipedre** contén o xenitivo de PETRUS. **Soutomel** pode conter como segundo elemento o xenitivo dun antropónimo de orixe latina *MERIUS ou MARIUS (Kajanto, 42); de aquí resultou o antigo **Soutomeire**, que posteriormente monotongou a sílaba tónica ó quedar cerrada por *-r* trala perda da vogal final (cf. *Outar de Pregos* < ALTARIU, *Sacardebois* < SICCARIU, río *Lor* < LAUR(I), *Morgade* < MAUR(I)CATI, etc.). Atopámolo adoito na documentación antiga:

- «de alia parte dividet de **Sautomeri** sive cum *Tructini*» (ano 999, CLN, nº 353)
- «de **Sautomeri** in vertente flumine que vocitant Arnogia» (ano 989, CLN, nº 354)
- «quod vocitant Bisreto et exinde per **Saltomeir**» (ano 1037, Celanova, nº 29)
- «per terminum de Sancta Leocadia et **Sautomeri**» (ano 1041, CLN, nº 253)
- «alia villa in **Sautomeri**» (ano 1044, CLN, nº 349)
- «**Saltomeri** cum adiunctionibus suis» (ano 1044, CLN, nº 350)
- «exceptis villa de **Sautomeri** et de Villarino» (ano 1047, CLN, nº 351)
- «*Tructin* et **Saltumerii** usque infundit se in rivulo Arnogia» (ano 1056, CLN, nº 6)
- «**Saltomeri** iuxta basilica sancte Marie» (ano 1072, CLN, nº 531)
- «villam quam dicunt Fontes in loco predicto **Sautomeire**» (ano 1091, CLN, nº 44)
- «*Tructin* et **Saltomer** usque infundit se in rivulo Arnogie» (ano 1232, BCMO, T2)
- «en **Soutomel**, frigresia de Santa Locaya» (ano 1358, RAM, nº 329)
- «eno Val de Celanova e en **Soutomel**» (ano 1467, VFD1, nº 87)
- «Gonçaluo Ferrandes de **Soutomel**» (ano 1481, VFD1, nº 92)
- «lebar os touciños de **Soutomel** a Juan Feyjoó» (ano 1481, VFD1, nº 92)

Con estes debemos considerar dous topónimos pertencentes ó territorio estudiado, atestados na documentación antiga e na actualidade perdidos: **Soutobade** e **Soutovermún**. O primeiro era unha entidade de poboación próxima ó río Arnoia e aparece nos documentos medievais; tal vez é a mesma localidade coñecida hoxe como **Souto do Bispo**, pertencente á parroquia do Pao, en Gomesende. O segundo elemento non é o común *abade* senón un xenitivo antropónimico, dun nome persoal *Batus, emparentado con *Bato* ou *Batinus* (Schulze 31 e 555)

- «in territorio Arnogie inter saltus Balesari et **Saltubati**» (ano 889, CLN, nº 36)
- «et alia villa quam inquiunt **Saltobati** ripa fluvio Arnogie» (ano 936, CLN, nº 33)
- «concedo in villa que vocitant **Sautobadi**» (ano 1029, CLN, nº 553)
- «in villas quas vocitant **Sautobadi**, et Mangunarios» (ano 1043, CLN, nº 244)
- «quendam villam in **Sautobati**» (ano 1081, CLN, nº 42)
- «in ipsa villa de **Sautobadi**, discurrente rivulo Arnogia» (ano 1043, CLN, nº 245)
- «in villa **Sautobati**» (ano 1052, CLN, nº 347)
- «In **Sautobati** casar de Villifonso media» (s.d., séc XII, CLN, nº 160)
- «et commutavimus has hereditates in **Sautobati**» (ano 1101, CLN, nº 98)
- «em terra da emcomenda de **Soutobade**» (ano 1345, RAM, nº 306)

Tamén se perdeu na actualidade o topónimo **Soutovermún**, que corresponde a unha antiga xurisdición da área oriental de Ourense, composta por vinte parroquias pertencentes na actualidade ós concellos de Riós e Vilaredevós (Madoz, s.v. *Sotovermud* [sic]). O segundo elemento é o xenitivo VER(E)MUDI dun nome de orixe xermánica UER(E)MUDUS, UER(E)MUNDUS (HGN, 298).

- «aliam in **Sauto Vermudi** villa Urriola» (ano 1031, CLN, nº 148)

- «*et Souto Veremundi con Moyalde*» ano 1183, MdR, AHN Clero, Cpta. 1481, nº 17)
 «*Souto Uermō*» (ano 1272, MdR, ACO Perg. Monac. nº 1104)
 «herdade que auemos en *Souto Uermón*» (ano 1273, VFD1, nº 20)
 «*Souto Uermō*» (ano 1273, MdR, ACO Perg. Monac. nº 1107)
 «en Monte Rey & en Barōcelly & en *Souty Vermuy*» (ano 1274, HGP, nº 53)
 «*Soute Vermuj*» (ano 1275, MdR, ACO Perg. Monac. nº 1195)
 «a mia garuaya a confradaria de *Souto Uermūe*» (ano 1281, HGP, nº 55)
 «en *Soute Virmuy*» (ano 1286, MdR, AHN Clero, Cpta. 1487, nº 7)
 «Carril que vay para *Souto Uermūu*» (ano 1343, MdR, AHN Clero, 1494, nº 10)
 «Alonso de Queyxa, vezino de *Souto bermun*» (ano 1516, FDU, nº 394)

O NG recolle *Soutariz* en Chantada, que pode ser un SALTU ALARICI (HGN, 6), *Soutillán* (< SALTU IULANI) en Trabada, *Soutolobre*, parr. e lugar en Salvaterra de Miño (cun segundo elemento probablemente prerromano, segundo Moralejo, TGL, 69), *Soutolubián* (< SALTU *LOBILANE, HGN 169, 14) no Corgo, *Soutomerille* (< SALTU MAIORELLI, segundo Piel 1948, 221), lugar e parr. en Castroverde; *Soutordei* (< SALTU TEODOREDI, HGN, 271, 24) en Ribas de Sil; *Soutoxuane* (< SALTU IOHANNE) en Mondoñedo, *Soutrande* (< SALTU *RANDI, HGN 217, 5a) en Ortigueira.

O *Soutariz* de Chantada rexistrámolo na documentación antiga do territorio estudiado: «*villam de Sautariz*» (ano 1224, OSR1, nº 251)

Os topónimos que responden á fórmula *souto* + (de) + antropónimo na forma do acusativo son máis recentes:

- Souto Ramón*, Edp(n) en Ribadavia (M225-1)
Souto de Hilario, PnH en Carballeda de Avia (M224-2)

Aínda que o primeiro pode explicarse igualmente a partir dun xenitivo. No NG figura 1 *Soutovidal* (< SALTU [DE] VITALE OU SALTU VITALI) no concello de Ponteareas.

d) Souto como determinante

Presentan *Souto* como segundo elemento os seguintes topónimos:

- Aldea de Souto*, EdP en Cortegada
Aldea de Souto, EdP en Padrenda
Casal do Souto, EdP en Lobios
Chan do Souto, EdP en Padrenda
Pena do Souto, EdP en Riós
Porto do Souto, EdP en Piñor
Boca do Souto, PnH en Monterrei e Oímbra (M303-1)
Cabeza do Souto, PnH en Viana do Bolo (M266-1)
Cima do Souto, PnH na Veiga (M190-3)
A Cortiña do Souto, PnH na Mezquita (M266-3)
Fonte do Souto, PnH en Allariz (M264-1)
Fonte do Souto, PnH en Monterrei (M302-2)
A Fonte do Souto, PnH en Carballeda de Avia (M225-1)
A Chan da Fonte de Souto, PnH en Lobios (M301-3)
A Granxa de Souto, PnH en Monterrei (M303-1)
O Marco do Souto, PnH en Sober (M189-1)

- Lama do Souto*, PnH en Verín (M303-1)
Monte do Souto, PnH en Bande (M263-4)
A Pena do Souto, PnH nos Blancos (M302-1)
As Pías do Souto, PnH en Lobios (M301-1)
Regato do Souto, CdA en Vilardevós (M303-4)
Regato do Souto, CdA en Ribas de Sil (M189-2)
Rego do Souto, CdA en Avión (M186-2)
Regueiro do Souto, CdA en Vilamartín de Valdeorras (M190-1)
Regueiro do Souto, CdA en Maceda (M226-2)
Río do Souto, CdA en Monterrei (M302-2)
Regueiro de Trasdosouto, CdA na Veiga (M190-3)
Val de Souto, PnH en Vilar de Barrio (M264-2)
Val do Souto, PnH en Riós (M303-2)

No NG figuran *Campo do Souto* en Oleiros e en Ortigueira, *Chan de Souto* en Crecente, *Chan do Souto* en Covelo, *Chao do Souto* en Ortigueira, *A Portela de Souto* no Porriño, *Porto do Souto* en Ponteces, *Riba de Souto* en Ortigueira, *Trasouto* en Bueu, *Vila do Souto* en Pantón, e *Vilasouto*, parroquia no Incio.

Na documentación antiga atopamos algúns destes e outros topónimos semellantes:

- «*pelo sebeiro de noso casal do Souto*» (ano 1366, RAM, nº 345)
 «*vjña do Souto*» (ano 1437, MdR, AHN Clero, Cpta. 1500, nº 15)
 «*en o cassal do Souto (...) na freygisia de Deua*» (ano 1321, RAM, nº 273)
 «*a nossa leira do Ryo do Souto*» (ano 1347, ROC, nº 85)
 «*da leira de Rio de Souto*» (ano 1361, ROC, nº 105)
 «*quomodo dividit per fluvium de Sauto*» (ano 1182, RdS, nº 4)
 «*o casal de Souto*» (ano 1302, VFD1, nº 39)
 «*ho casar do Souto que iaz en Seoanne das Lamas*» (ano 1319, RdS, nº 67)

215.3. Soutelo, soutiño

Os derivados más comúns de *souto* son diminutivos cos sufíxos correspondentes a -ÉLLU (*Soutelo*) e -ÍNU (*Soutiño*), en ocasións con dupla sufixación (*Souteliño*). Os derivados con -elo son anteriores ós formados con -iño (hai *Souteliño* pero non **Soutiñelo...*). Unha derivación diminutiva particular é a de *Soutullo* (SALTŪCŪLU). No territorio estudiado recollemos:

Corresponden a SALTÉLLU:

- Soutelo*, EdP en Cartelle
Soutelo, EdP en Castro Caldelas
Soutelo, EdP en Esgos
Soutelo, EdP en Trasmiras
Soutelo, EdP en Ourense
Soutelo, EdP en Cortegada

Soutelo, EdP en Carballedo
Soutelo, EdP en Manzaneda
Soutelo, EdP na Merca
Soutelo, EdP en Muíños
Soutelo, EdP en Porqueira
Soutelo, EdP na Teixeira
Soutelo, EdP en Vilariño de Conso
Soutelo da Pena, EdP en Xinzo de Limia
Soutelo de Ribeira, EdP en Xinzo de Limia
Soutelo Verde, EdP en Laza
Soutelo, Edp(n) en Coles (M187-4)
Soutelo, Edp(n) en Vilamarín (M187-2)
Soutelo, PnH en Cualedro (M302-4)
Soutelo, PnH en Viana do Bolo (M266-1)
Soutelo, PnH en Lobeira (M301-2)
Soutelo, PnH en Sandiás (M264-1)
Soutelo, PnH en Nogueira de Ramuín (M188-4)
Soutelo, PnH na Merca e Celanova (M225-4)
Corgo de Soutelo, PnH en Entrimo (M301-1)
Cavorco de Soutelo, PnH en Carballeda de Valdeorras (M190-4)
Chao do Soutelo, PnH en Baltar (M302-1)
Ponte Soutelo, PnH en Bande e Muíños (M301-2)
Prados do Soutelo, PnH en Xinzo de Limia (M264-4)
Regato de Soutelo, CdA en Rubiá (M191-1)
Seara do Soutelo, PnH en Laza (M265-1)

Máis insólita resulta unha forma feminina que atopamos en dous topónimos do territorio estudiado, que puido nacer con valor adxectival (= ‘a de Soutelo’), ou ben como forma feminina dun apellido *Soutelo*, de orixe toponímica:

A Soutela, PnH en Manzaneda (M227-2)
A Soutela, PnH en Vilamartín de Valdeorras (M190-3)

Ademais dos mencionados, o NG recolle *Soutelo* como nome de lugar nos concellos de Bueu, Caldas de Reis (*Soutelo de Abaixo e Soutelo de Arriba*), A Caniza, Cuntis, de Castro de Rei, Lourenzá, Lousame, Mesía, Ponteareas, A Ribeira de Piquín, Riotorto, Rois, Salceda de Caselas (parr.), Tomiño e Vilagarcía de Arousa, *Soutelo de Montes* en Forcarei e *A Fonte Soutelo* na Estrada.

No DCP contamos máis de 50 localidades chamadas *Soutelo* e 1 plural *Soutelos*.

Na documentación antiga rexistramos algúns dos topónimos recollidos:

«terzaria *Saltello*, quarta villa de Porto» (ano 938, CLN, nº 14)
 «Villam quam dicunt *Sautellum*» (ano 955, CLN, nº 75)
 «villam de Octumuli super flumine Elenia, et fer in *Sautello*» (ano 1005, CLN, nº 204)
 «et de alia parte per *Sautello*» (ano 1007, CLN, nº 198)
 «in villa quam vocitant *Sautelo*» (ano 1009, CLN, nº 202)
 «uilla qui iacet tras riuolo Arnogia, iusta uilla Sabuç, nomine *Sautello*» (ano 1021, RAM, nº 1)

«in **Sautello** quos habuimus de parentela et ganantia» (ano 1051, CLN, nº 292)
 «super villas de **Sautello** et Farnatarios» (ano 1062, CLN, nº 526)
 «et determinat per **Sautelo** et Trasmires» (ano 1100, CLN, nº 284)
 «sub aula Sancti Martini loco predicto **Sautelo**» (ano 1189, OSR1, nº 77)
 «in parrochia de Camesia in loco qui dicitur **Soutelo**» (ano 1228, OSR1, nº 296)
 «laream quam dictum monasterium habet in **Soctelo**» (ano 1247, OSR1, nº 591)
 «in loco qui dicitur **Soutelo**» (ano 1252, RAM, nº 92)
 «en todo o lugar que chaman **Soutelo**» (ano 1272, OSR2, nº 1010)
 «Pedro Eanes morador en **Soutelo**» (ano 1272, OSR2, nº 1021)
 «entre nos e os caualeyros de **Soutelo** e de Seoane» (ano 1279, VFD1, nº 25)
 «o herdamento da fila de Pedro **Soutelos**» (ano 1315, ROC, nº 59)
 «en Esgos, na vila de **Soutelo**, na friiglesia de Santa Vaya» (ano 1342, ROC, nº 73)
 «a porcalla e carneiro do lugar de **Soutelo**» (ano 1388, RdS, nº 98)
 «lugar de **Soutelo**, que jaz ena dita freyguesía de Moura» (ano 1423, RdS, nº 136)
 «vay topar na leyra de **Soutelo** que jaz ao Vale» (ano 1424, RdS, nº 138)
 «casar de **Soutelo**» (ano 1428, RdS, nº 144)

Ademais, unha forma de plural que aparece como apelido toponímico: «per cima do souto de Rodrigo de **Soutelos**» (ano 1433, Xantar, nº 5), que podería ser o mencionado **Soutelos** portugués (en Vieira do Minho, Braga); e un adjectivo ou xentilicio derivado en –ANU, **Soutelao**, **Soutelaos**, que ten presenza na toponimia da documentación antiga:

«quomodo se incipit ad Castinario **socilau**» (ano 1247, OSR1, nº 593)
 «Item o tallo de **Soutelâo**» (ano 1436, FDU, 304)
 «dos de Baldonedo e dos **Soutelaos**» (ano 1487, BCMO, T5, p. 327)

Corresponden a SALTINU:

O Soutiño, PnH no Barco de Valdeorras (M190-4)
O Soutiño, PnH en Lobeira (M301-1)
O Soutiño, PnH na Pobra de Trives (M227-2)
O Soutiño, PnH en Riós (M303-2)
O Soutiño, PnH en San Cibrao das Viñas (M225-2)
O Soutiño, PnH en Sober (M189-3)
Cavorco de Soutín, CdA en Rubiá (M190-2)
Soutiño Chao, PnH en Oímbra (M302-4)
Soutiño Novo, PnH no Bolo (M228-1)

Soutín constitúe un resultado particular do sufijo –ÍNU > –in, propio do galego oriental lugués, que tamén ten algunha presenza na toponimia do extremo NE da provincia ourensá.

O NG recolle lugares chamados (**O**) **Soutiño** na Cañiza, A Estrada, Mondariz, Ponteareas e Val do Dubra. No DCP contamos 20 **Soutinho**.

Con dupla sufixación en –ÉLLU e –ÍNU:

Souteliño, EdP no Irixo
Souteliño, EdP en Laza
Camiño de Souteliño, PnH en Oímbra (M302-4)
Muiños de Souteliño, PnH en Laza (M265-3)
Río de Souteliño, CdA en Laza (M265-3)

Non se rexistran outros no NG, fóra dos ourensáns. O DCP recolle 8 *Soutelinho* e 1 *Soutelinhos*. Un destes *Soutelinho*, tamén chamado *Soutelinho da Raia*, é o que dá nome ó mencionado PnH *Camiño de Souteliño*, en Oímbra, e aparece na documentación antiga do noso territorio:

- «*sendo eno souto de Soutelyño*» (ano 1461, VFD1, nº 82)
- «*per sus castañeyros de Soutiylyño*» (ano 1461, VFD1, nº 82)
- «*acerca de Soutelyño e per Lanpaça Pequena abayxo*» (ano 1461, VFD1, nº 82)

Corresponden a SALTŪCŪLU:

- Soutullo de Abaixo*, EdP en Coles (M188-3)
- Soutullo de Arriba*, EdP en Coles (M188-3)
- Soutullo*, PnH en Monterrei (M264-4, M265-3, M302-2)
- Soutullo*, PnH en Calvos de Randín (M302-1)
- Soutullo*, PnH en Oímbra (M303-3)
- Soutullo*, PnH en Parada de Sil (M188-4)

O NG recolle 10 lugares chamados *Soutullo* (ademas dos ourensáns) en Aranga, Arzúa, Coristanco, Lalín, A Laracha (parr.), Manón, Moeche, San Sadurniño, Sanxenxo, Touro, e un plural *Soutullos* en Brión. No DCP hai 3 *Soutulho*.

Na documentación antiga:

- «*Arcus cum adiunctionibus suis, Gontani, Sautulio*» (ano 1003, CLN, nº 225)
- «*Facta carta apud Soutulle*» (ano 1253, OSR1, nº 701)
- «*logar que chamã Soutullo*» (ano 1344, MdR, AHN Clero, Cpta. 1494, nº 12)

215.4. Souteiro

Tamén podemos relacionar con *souto* un topónimo

Souteiriños, Edp(n) en Coles (M188-3),

que talvez constitúe un diminutivo dun derivado en *-ARIU*. Tamén podería corresponder a un composto de preposición *so* (< SUB) + *outeiriños*, mais na documentación antiga atopamos formas equivalentes, sen o sufijo diminutivo, *Souteiros*, polo que preferimos asocialo a *Souto*:

«*villa Saltarios quantum illis in ea evenit*» (ano 927, CLN, nº 179)

Non se rexistran topónimos coma este no NG, pero si en Portugal, onde o DCP recolle 1 *Souteiro*.

Non parecen ter relación directa con *souto* os topónimos

Soutadoiro, EdP e parr. (*Santa Isabel*) en Carballeda de Valdeorras
Cavorca de Soutadoiro, CdA en Carballeda de Valdeorras

aínda que é posible que teñan relación co verbo *SALTARE* (a partir dunha forma *SALTATŌRIU) con valor oronímico ou hidronímico.

Non rexistramos no territorio estudo nin no NG ningún derivado de SALTU cos sufíxos correspondentes a *-ōsu*, *-ōsa* comparable ós 2 *Soutosa* que recolle o DCP.

216. *teixo*

O teixo, *Taxus baccata* (VCN, 144), foi en tempos unha árbore común en Galicia, a xulgar pola súa presenza na toponimia. As bagas e as follas de teixo son tóxicas, e é fama que con elas se suicidaron os defensores do mítico Monte Medulio na súa resistencia contra o exército romano. Na actualidade consérvase no territorio estudo un singular bosque de teixos chamado *O Teixedal* na parroquia de Casaio, en Carballeda de Valdeorras, preto da estrema de Galicia con León.

216.1. Teixo

Os topónimos en que está presente a forma simple *teixo* deben de aludir a exemplares illados, coma un que serve de demarcación no século XV:

«vay topar en el tejo de Balbó» (ano 1493, XEsP, nº 60).

Posto que *teixo* é, ademais do nome da árbore, un adjetivo de cor que significa «pardo o castaño oscuro» (DEGC, III, 363), nalgúns topónimos podería estar con este significado, como sucede cos apelidos derivados: «*Johán Teixelo*» (ano 1396, MdR, AHN Clero, Cpta. 1498, nº 4), «*Pedro Teyxinno*» (ano 1278, OSR2, nº 1124).

Temos a forma simple nos seguintes topónimos:

O Teixo, PnH en Parada de Sil (M188-4)

O Teixo, PnH en Lubián (M266-4)

O Teixo, PnH en Hermisende (M304-2)

A Fonte do Teixo, PnH en Avión (M186-2)

A Ponte do Teixo, PnH en Hermisende (M304-2)

A Valiña do Teixo, PnH en Vilamartín de Valdeorras (M190-1)

A Poula de Penoteixo, PnH en Vilamartín de Valdeorras (M190-1)

Aínda que neste último, *teixo* podería ser o adjetivo de cor.

Podería pensarse que pertence á familia léxica de *teixo* un diminutivo en *-ōlos* *Texós*, en Baltar (M264-3), pero resulta difícilmente explicable a monotongación da sílaba inicial. Considerámolo diminutivo de *toxo*, con palatalización da vogal pretónica ante consoante palatal (vid. 219.3).

O NG recolle 4 lugares chamados (*O*) *Teixo* en Barreiros, A Capela, Trabada e Vedra, e 1 *Ponte do Teixo* en Alfoz.

No DCP figura 1 *Teixo*.

216.2. Teixeira

E. Rodríguez define *teixoeira* como «sitio en que crece el TEIXO», e dáa como sinónimo de *teixido*; en tanto que *teixeira* vén definida como «guarda del porco teixo». Supomos que están cruzadas as entradas e as súas definicións, se cadra por seren voces tiradas da toponimia e mal interpretadas. *Teixoeira* (lat. TAXONARIA) é zootopónimo derivado do nome do *teixugo ou porco teixo* (*Meles meles*). *Teixeira* (lat. TAXARIA) é voz común en galego para designar un bosque de teixos (VCN, 144).

Temos esta forma en:

A Teixeira, EdP e concello do mesmo nome

A Teixeira, EdP en Boborás

A Teixeira, EdP en Cartelle

A Teixeira, EdP en Maceda

Teixeira, EdP en San Xoán de Río

Teixeira, Edp(n) en Amoeiro (M187-4)

A Teixeira, PnH en Carballeda de Valdeorras (M229-1)

A Teixeira, PnH en Lobios (M301-4)

A Teixeira, PnH en Manzaneda (M227-2)

A Teixeira, PnH en Vilariño de Conso e Viana (M227-4)

A Teixeira de Miamán, PnH en Baños de Molgas (M226-4)

Corga da Teixeira, CdA en Lobios (M301-4)

A Ourela da Teixeira, PnH en Lobios (M301-4)

A Pena da Teixeira, PnH en San Xoán de Río (M189-4)

As Penas da Teixeira, PnH en Ribas de Sil (M189-2)

Regato da Teixeira, CdA en Maceda (M226-4)

Rego da Teixeira, CdA en Ribas de Sil (M189-2)

Regueiro da Teixeira, CdA en San Xoán de Río (M189-4)

Regueiro Teixeira, CdA en Vilamartín de Valdeorras (M190-1)

Regato Teixeiroá, CdA en Vilariño de Conso (M265-1)

Corga de Teixeiroá, CdA en Vilariño de Conso (M265-2)

Teixeiras, PnH en Vilamartín de Valdeorras (M190-1)

Regato Teixeiras, CdA en Laza (M265-3)

Serra das Teixeiras, PnH en Riós e Castrelo do Val (M265-4)

Teixeiroá é un diminutivo TAXARIÓLA co característico desprazamento acentual.

Na documentación antiga atopamos algúns destes:

«Juniores de *Taxaria* qui ducant vinum de nostras vineas» (ano 1004, CLN, nº 240)

«inter villas de Sabuz et *Texaria*» (ano 1005, CLN, nº 204)

«et fer in termino de Regin usque in *Texaria*» (ano 1005, CLN, nº 204)

«in *Taxaria*, Gonta» (ano 1025-1040, CLN, nº 159)

«in Gentemir et in *Teixeira* et sancto Cristoforo» (ano 1219, OSR1, nº 191)

«de Amoeyro quomodo dividit de hereditate de *Teixeira*» (ano 1231, OSR1, nº 342)

«Pedro Fernandez morador na *Teixeyra*» (ano 1296, OSR2, nº 1254)

«meu casar que agora eu ey en a *Teixeyra*» (ano 1296, OSR2, nº 1254)

O NG recolle 13 (*A*) ***Teixeira*** en Baralla (parr. e 3 tops.), A Capela, Cervantes, Folgoso do Courel, A Fonsagrada (2), O Incio, Lourenzá, A Pobra de Brollón e Tui. E o masculino ***Teixeiro*** en Ares, Begonte, Curtis (onde tamén hai ***Penedo de Teixeiro***), Láncara, Lourenzá, Lugo (parr. e lugar), Ortigueira, Ourol (2), Paderne, Riotorto e As Somozas (2).

No DCP aparecen 8 ***Teixeira*** e 2 ***Teixeiró*** (< -ÓLA, equivalentes da ***Teixeiroá*** ourensá).

216.3. Teixedo

Tamén son comúns os derivados por medio dos sufíxos -ÉTU, -ÉTA:

- Teixido***, EdP e parr. (*San Marcos*) no Bolo
- O Teixedo***, EdP en Montederramo
- A Teaxeda***, PnH na Pobra de Brollón (M189-1)
- Teixedo***, PnH en Pías (M266-2)
- O Teixedo***, PnH en Montederramo (M227-3)
- O Teixedo***, PnH en Montederramo e Chandrexia (M227-3)
- O Teixedo***, PnH en Vilariño de Conso (M227-4)
- Regueiro do Teixedo***, CdA en Vilar de Barrio (M265-1)
- Regueiral de Teixido***, CdA no Bolo (M228-1)

Algúns destes aparece na documentación antiga:

- «*de lagona, et de aqua de Texeto usque in aqua de Naviola*» (ano 950, CLN, nº 497)
- «*Mourisco, Teissedo, Casa sola, Villar Secco*» (ano 1029, CLN, nº 457)
- «*Pero Teyxedo*» (ano 1362, MdR, AHN Clero, Cpta. 1496, nº 5)

O NG recolle 2 ***Teixeda*** en Castroverde e O Valadouro; ***Teixedo*** en Cabana; 5 ***Teixido*** na Capela, Cedeira, Mañón, Ribadeo e Xermade; un plural ***Teixidos*** en Guitiriz; un derivado ***Teixidón*** en Zas (cum sufíxo -ÓNE) e os diminutivos ***Teixedelos*** na Capela e ***Teixidelo*** en Cedeira. ***Teioxide***, en Boimorto, podería ser alteración dun **Teixida* malia a aparenza de xenitivo antropónímico.

No DCP figuran 1 ***Teixedas*** e 1 ***Teixedo***.

Un derivado con dupla sufíxación en -ÉTU e -ALE é ***teixedal***, que aparece na denominación do coñecido ***Teixedal de Casaio***, en Carballeda de Valdeorras. O VCN inclúe esta forma topónímica como nome común, sinónimo de *teixeira* ‘bosque de teixos’ (VCN, 144).

- O Teixedal***, PnH en Carballeda de Valdeorras (M229-1)
- A Ladeira do Teixedal***, PnH en Carballeda de Valdeorras e Encinedo (M229-1)

Un plural ***Teixedais*** figura no NG no concello da Pontenova.

217. tinta

Palacio considera fitonímicos algúns topónimos de Pantón en que están presentes adjectivos de cor alusivos a variedades de uvas, e entre eles os

derivados do latín TINCTA, part. de TINGĒRE, como douos topónimos menores **Tinta** **Cincenta** e mais **Tenteira** ou **Tinteira** (Palacio, 1981, 345). Tamén podería aludir a viñas desa clase de uvas un exemplo na mesma ribeira do Sil:

Tinteira, PnH en Quiroga (M189-2)

O NG recolle 1 **Tinteira** en Ortigueira.

Tinta e derivados poden estar presentes na denominación doutras especies botánicas, especialmente as aproveitables para tinxir tecidos, ou para obter tinta ou líquidos colorantes. Sarmiento, ademais do nome da variedade de uvas (*tinta femia*), recolle en Valdeorras o nome de “*arbol de la tinta*” para o *Ligustrum germanicum*, «porque con el negro zumo de su grana se escribe» (Vegetables, 19).

Outros topónimos pertencentes á familia léxica de *tinto*, *tinta* poden non ser fitonímicos. O adx. común *tinto* está presente no NG en **Riotinto**, en Teo. Outros topónimos emparentados, como **Tintores**, EdP e parr. (*Santa Cristina*) en Verín, **Tintoreiros** en Taboada e talvez **Tintureira**, en Vigo, aluden ó oficio dos *tintores* ou *tintureiros*.

O **Tintores** de Verín e o **Tintoreiros** de Taboada rexistrámoslos na Idade Media:

- «*Martin Perez de Tintores*» (ano 1284, MdR, AHN, Clero, Cpta. 1487, nº 3)
- «*un casar en Tintores*» (ano 1487, BCMO, T5, 226-227)
- «*e Vaasço Peres, escudeyro, morador en Tyntores*» (ano 1491, VFD1, nº 108)
- «*Petrus Fernandi de Tintoreyros dictus Figueyros ts.*» (ano 1216, OSR1, nº 166)
- «*Petro Fernandi de Tintureyros*» (ano 1254, OSR1, nº 718)

218. touza

Touza é voz común en galego co significado de ‘carballeira’ ou ‘bosque con maleza’; ten paralelo no portugués *touça*, *toiça*, cos mesmos significados, o leonés *toza* ‘mata, matorral’. É voz de orixe prerromana, para a que se propón un étimo *TAUCIA, *TAUTIA (DCECH, I, 399 s.v. *atocha*) ou *TOUTIA (Rivas, 1994, 25). Ten moita presenza na toponimia.

218.1. Touza

A forma simple témola en:

- A Touza* (*San Xurxo*), parr. en Taboadela
- A Touza*, EdP en Carballedo
- A Touza*, EdP en Castro Caldelas
- A Touza*, EdP en Esgos
- A Touza*, EdP en Maside
- A Touza*, EdP en Pantón

- A Touza*, EdP en San Xoán de Río
A Touza, 2 EdP en San Amaro
A Touza, EdP en Viana do Bolo
San Xurxo da Touza, EdP en Taboadela
A Touza, Edp(n) na Peroxa (M188-1)
A Touza, Edp(n) no Carbaliño (M187-1)
A Touza, Edp(n) en Manzaneda (M227-2)
A Touza, Edp(n) en Xunqueira de Espadanedo (M226-2)
Casa da Touza, Edp(n) no Bolo (M228-1)
A Touza, PnH no Barco de Valdeorras (M190-4)
A Touza, PnH nos Blancos (M264-3)
A Touza, PnH en Castrelo do Val (M265-3)
A Touza, PnH en Castrelo do Val e Verín (M303-1)
A Touza, PnH en Castro Caldelas (M189-3)
A Touza, PnH en Celanova (M263-2)
A Touza, PnH en Chandrexá de Queixa (M227-1)
A Touza, PnH en Entrímo (M301-1)
A Touza, PnH en Manzaneda (M227-2)
A Touza, PnH en Montederramo (M227-1)
A Touza, PnH en Monterrei (M303-1)
A Touza, PnH en Pías (M266-4)
A Touza, PnH en Pobra de Trives (M227-2)
A Touza, PnH en Porqueira (M264-3)
A Touza, PnH en Rairiz de Veiga (M264-3)
A Touza, PnH en Ribas de Sil (M189-1, M189-2)
A Touza, PnH en Sandiás (M264-1)
A Touza, PnH na Teixeira (M189-3)
A Touza, PnH en Toén (M225-2)
A Touza, PnH en Trasmiras (M264-4)
A Touza, PnH en Verín (M303-1)
A Touza, PnH en Viana do Bolo (M266-1)
A Touza, 3 PnH en Xinzo de Limia (M264-2, M264-3, M264-4)
A Touza, PnH en Xunqueira de Ambía (M2641)
Touza Abelleira, PnH en Castrelo do Val e Vilariño de Conso (M265-4)
A Touza da Liña, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
A Touza da Pena, PnH en Calvos de Randín (M302-1)
A Touza da Travesa, PnH en Laza (M265-1)
A Touza da Viña, PnH en Lobios (M301-1)
A Touza do Carballo, PnH en Castrelo do Val (M303-1)
A Touza do Castro, PnH en Bande (M301-2)
A Touza do Gorgullón, PnH en Montederramo (M227-1)
A Touza do Lobo, PnH en Allariz e Xunqueira de Ambía (M226-3)
A Touza do Valbón, PnH en Verín (M303-3)
A Touza Longa, PnH en Xinzo de Limia (M264-4)
A Touza Nova, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
Touza Redonda, PnH en Sandiás (M264-1)
A Touza Rubia, PnH en Vilardevós (M303-4)
Riba da Touza, PnH en Muíños (M301-2)

- Trala Touza*, PnH en Xinzo de Limia (M264-4)
Regueiro de Touza Escura, CdA na Veiga (M190-4)
Alto da Touza, PnH en Vilardevós (M303-1)
Cabeza da Touza, PnH en Vilariño de Conso (M265-2)
Campo da Touza, PnH en Monterrei (M302-2)
Corga da Touza, CdA en Vilariño de Conso (M265-2)
Monte da Touza, PnH en Laza (M264-4)
Montes da Touza, PnH en Laza (M265-3)
Regato da Touza, PnH en Verín (M303-1)
Rego da Touza, PnH en Beariz (M186-2)
Rego da Touza, CdA en Chandrex de Queixa (M227-1)
A Touciña Nova, PnH en Sandiás (M264-1)
Vilariño das Touzas, EdP e parr. (*Santa Baia*) en Riós
As Touzas, PnH en Baltar (M302-1, M302-2)
As Touzas, PnH en Calvos de Randín e Porqueira (M264-3)
As Touzas, PnH en Chandrex e Montederramo (M227-1)
As Touzas, PnH en Entrimo (M301-1)
As Touzas, PnH na Gudiña (M266-3)
As Touzas, PnH en Lobios (M301-1)
As Touzas, PnH na Merca (M225-4)
As Touzas, PnH en Montederramo (M227-1)
As Touzas, PnH en Monterrei (M303-1)
As Touzas, PnH en Oímbra (M3033)
As Touzas, TM. na Pobra de Trives (M189-4)
As Touzas, PnH en Riós (M303-2)
As Touzas, PnH en San Xoán de Río (M189-4)
As Touzas, PnH en Viana do Bolo (M266-1)
As Touzas, PnH en Vilar de Santos (M264-3)
As Touzas, 2 PnH en Vilardevós (M303-1, M303-2, M303-3)
As Touzas, PnH en Xinzo de Limia (M2644)
As Touzas da Azoreira, PnH en Carballeda de Valdeorras e A Veiga (M228-2)
As Touzas dos Bidos, PnH en Calvos de Randín (M301-2)
Touzas do Castro, PnH en Cualedro (M302-4)
As Touzas das Colmeas, PnH en Riós (M303-2)
As Touzas de Enxames, PnH en Vilardevós (M303-4)
As Touzas de Fontearcada, PnH nos Blancos (M302-1)
As Touzas de Marianas ou de Marianes, PnH en Manzaneda (M227-2)
As Touzas do Negredo, PnH en Chandrex de Queixa (M227-4)
As Touzas da Rola, PnH en Muíños (M301-2)
As Touzas de Xil, PnH en Riós (M303-2)
As Touzas do Zudro, PnH en Baltar (M302-3)
As Touciñas, PnH en Oímbra (M302-4)
As Touciñas, PnH en Rairiz de Veiga e Vilar de Santos (M264-3)

O segundo elemento de *As Touzas do Zudro* é o común *zudro*, *zudre*, *zurro* «líquido que sale de una cuadra o letrina, y que viene a ser el jugo del estírcol» (DEGC, III, 453), que Corominas emparenta co adjetivo latino *SŪCIDUS* (DCECH, V, 325). O de *As Touzas de Marianas ou de Marianes* é un antropónimo *Maria Anes* ou *Eanes* (o patronímico de *Iohannes*):

«*damus tibi Duram et uxori tue Marie lohannis*» (ano 1223, OSR1, nº 228)
 «*Maria lohannis mulier que fui de domno Arias Golas*» (ano 1224, OSR1, nº 245)
 «*en sembla con mina moler Maria Anes*» (ano 1265, OSR2, nº 931)
 «*et parte en fondo con hua leira de María Anes*» (ano 1360, ROC, nº 104)

No NG figurán 10 *Touza* ou *A Touza* en Carballedo (2), Chantada (2), Nigrán (2), Pantón, O Saviñao, Taboada e Xermade, *A Touzavella* ou *A Touza Vella* en Xermade; 2 *As Touzas* en Dumbría e Outes; *As Touciñas* na Cañiza.

O DCP recolle 6 *Touça*. O leonés *toza* non ten presenza na toponimia maior. En Galicia, pola contra, é moi abundante, como vemos, polo que podemos consideralo un tema topónimico (e léxico) propriamente galego.

Na documentación medieval atopamos algúns dos topónimos do territorio estudo:

«*Martin de Tooza*» (ano 1259, OSR2, nº 850)
 «*de Cas Carriço et de Tauça in cauto de Marçaes*» (ano 1272, OSR2, nº 1006)
 «*leyra que passa a touça da una parte et da outra*» (ano 1275, OSR2, nº 1091)
 «*Domingo Perez da Touça*» (ano 1275, OSR2, nº 1089)
 «*quanto herdamento me leyxou F. Eans da Touça*» (ano 1283, RAM, nº 231)
 «*uina da Touça*» (ano 1290, MdR, AHN Clero, Cpta. 1487, nº 13)
 «*Johan Fernandez da Touça*» (ano 1297, OSR2, nº 1259)
 «*eu Garçia Perez da Touça*» (ano 1297, OSR2, nº 1260)
 «*en a nossa vinna de Caales cabo o souto da Touça*» (ano 1300, OSR2, nº 1302)
 «*Mando a San Jurgio da Touça cincuenta morauedis e que me perdoe o prelado, por que me non dezemey como deuia*» (ano 1302, VFD1, nº 41)
 «*Iten a San Gурго da Touza, XX morauedís*» (ano 1303, VFD1, nº 42)
 «*nenna freeguesia de San Jurgio da Touça*» (ano 1302, HGP, nº 61)
 «*a San Jurgio da Touça*» (ano 1302, HGP, nº 61)
 «*Martin da Touça*» (ano 1339, HGP, nº 70)
 «*e entesta ena touça de Vales*» (ano 1360, ano 1360, nº 104)
 «*Touçaboa, su o syno de Seoane de Moreiras*» (ano 1412, ROC, nº 152)
 «*nenna nosa adega da Touça*» (ano 1473, HGP, nº 87)
 «*que jas ena freyguesia de Sant Jurjo da Touça*» (ano 1484, VFD1, nº 97)
 «*a vos Afonso Gomes da Touça*» (ano 1492, VFD1, nº 109)
 «*ena metade das herdades da Touça*» (ano 1503, VFD1, nº 114)
 «*mas vn tarreo que bay da touça da Portela*» (ano 1516, FDU, nº 396)

218.2. Touzal

O derivado en *-ALE* está presente en:

O Touzal, EdP en Montederramo
O Touzal, PnH nos Blancos (M264-3)
O Touzal, PnH en Sandiás (M264-1)
O Touzal, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
A Portela do Touzal, PnH en Calvos de Randín (M301-4)

O primeiro deles rexistrámolo na documentación antiga:

- «*Sancho Peres, morador ēno Touçal*» (ano 1340, MdR, AHN Clero, Cpta. 1494, nº 1)
 «*Ffrançisco do Touçal*» (ano 1379, MdR, AHN Clero, Cpta. 1496, nº 20)
 «*Françisco do Touçal*» (ano 1381, MdR, AHN Clero, Cpta. 1497, nº 9)
 «*eno Touçal*» (ano 1400, MdR, AHN Clero, Cpta. 1498, nº 10)

No NG figura na Cañiza ***O Touzal da Retorta e O Touzal do Barreiro***, e en Vilalba un plural ***Touzás***.

218.3. Touzo, touzón

O DECG recolle un masculino *touzo* e asígnalle o significado de «raigal», ademais doutra acepción seguramente secundaria para designar a parte más grossa do eixo do muíño (DEGC, III, 559). Como sucede con *bouzo*, *bouza*, onde o significado é o mesmo e o xénero pode aludir ó tamaño, cremos que na toponimia *touzo* tamén equivale a *touza*. Temos un único exemplo do masculino en

Touzo, PnH en Cualedro (M302-2)

O DCP recolle 1 ***Toucinho*** e 1 ***Toucinhos***, que poden conter diminutivos deste fitónimo e non o común *toucinho*.

Un derivado en **–ÔNE** é

O Touzón, PnH en Laza (M265-1)

Os topónimos do NG que conteñen este derivado pertencen todos á provincia de Lugo: 5 (***O***) ***Touzón*** en Baleira, Becerreá, Castro de Rei, Folgoso do Courel e Meira.

218.4. Toucedo

O derivado co sufijo correspondente a **–ĒTU** está presente en

- O Toucedo***, EdP en Quiroga (M189-2)
Toucedo, Edp(n) en Muíños (M301-4)
O Toucedo, PnH na Pobra de Trives (M189-4)
Corgo Toucedo, CdA en Lobios (M301-3)

O primeiro rexistrámolo como apelido toponímico na documentación antiga:

- «*Gonçaluo do Touçedo*» (ano 1452, MdR, AHN Clero, Cpta. 1503, nº 5)
 «*Gonçaluo Touçedo*» (ano 1503, MdR, AHN Clero, Cpta. 1503, nº 10)

O NG recolle ***Touceda*** en Pontevedra, 2 ***Toucedo*** en Cuntis e Salvaterra, ***O Toucedo*** en Ponteareas, ***Toucedos*** en Salvaterra, 2 ***Toucido*** en Gondomar e A Pastoriza, ***O Toucido*** en Vigo.

Non figura no DCP ningún topónimo con este derivado.

218.5. Touceiro, touceira

Non recollemos no territorio estudiado ningún exemplo de derivado en *-ARIA*, *-ARIU*.

Os topónimos do NG que presentan este derivados localízanse na provincia de Lugo: *Touceira* e *Touceiras* en Abadín e *Touceiro* na Fonsagrada.

Tampouco non rexistramos este derivado na toponimia portuguesa.

218.6. Touzosa

Exemplo de derivados por medio do sufijo correspondente a *-OSA* son

A Touzosa, PnH en Baltar (M302-1)

A Touzosa, PnH en Muíños (M301-4)

O NG recolle un plural *As Touzosas* na Cañiza. Non existen no DCP topónimos semellantes.

219. toxo

Toxo é o nome galego do *Ulex europaeus*, port. *tojo*, ast. *toxu*, *toyu*, leonés *toyo*, gascón *toujo*. Na Península é «voz propia especialmente de Galicia y provincias vecinas», pois no oriente de Asturias e en Santander esa especie chámase *árgoma*, e na maior parte do territorio de lingua castelá *aulaga* o *aliaga*; supónselle unha base *TOJU, seguramente prerromana (DCECH, V, 529).

219.1. Toxo

A forma simple está presente nos seguintes topónimos:

Toxo, EdP en Rairiz de Veiga

Toxo, Edp(n) en Amoeiro (M 187-4)

Toxo, PnH en Oímbra (M303-3)

Toxo Molar, PnH en Baltar (M302-2)

O Toxo, PnH en Trasmiras (M264-4)

O Toxo, PnH en Verín (M303-B)

A Lama do Toxo, PnH en Cualedro (M302-4)

Regato do Toxo, CdA en Cea (M187-2)

Os Toxos, PnH en Vilar de Barrio (M264-2)

Os Toxos, PnH en Baltar (M302-1)

Os Toxos, PnH en Cualedro (M302-2)

Chaira dos Toxos, PnH en Calvos de Randín (M301-4)

Val dos Toxos, PnH en Barbadás e A Merca (M225-2)

Molar (<*MÖLLALE) é adxectivo derivado de MÖLLIS ‘brando’; e aplicado ó toxo designa certa variedade; a denominación foi recollida por Sarmiento: «Toxo arnal, toxo molar, toxo gateño. Son las tres diferencias que hay de toxos en Pontevedra. El molar, y que también se llama albariño, es el más blando y muelle, y el que más se maja para las caballerías» (*Vegetables*, 1207; *Catálogo*, 210 r). Sampaio dá a denominación de *toxo molar* non a unha variedade senón á especie *Ulex nanus* (Sampaio, *Flora*, 264).

O NG recolle 3 (*O*) *Toxo* en Cedeira, Friol e Ponteareas, 2 (*O*) *Toxiño* en Aranga e Guitiriz, *Toxicó* (<*TOJU BONU) en Portomarín, *Toxcbraño* en Guitiriz e *Toxos Outos* ou *Toxosoutos* (< ALTOS) en Lousame. No DCP figurán 1 *Tojo*, 1 *Tojinho* e 1 *Tojão*.

Algúns destes topónimos atopámolos na documentación antiga:

- «de Archas, de *Togo*, de Saburin, de Lemos» (ano 1224, OSR1, nº 251)
- «iuxta grangiam vestram de *Togio* in terram de Arenis» (ano 1243, OSR1, nº 525)
- «frater Petrus grangiarius de *Togio*» (ano 1248, OSR1, nº 600)
- «in cassali de *Togis Altis*» (ano 1282, FDU nº 9)
- «frey Pedro grangeyro do *Togo*» (ano 1290, OSR2, nº 1216)
- «en a nosa tulla do *Tojo* seys quarteyros de pan» (ano 1391, OSR3, nº 1946)

O nome de Toxosoutos, onde houbo un importante mosteiro medieval, atopámolo latinizado en documentos do XII e do XIII como *Spinis Altis*, *Togis Altis*, *Togis Octis*, *Tribulis Altis* (Salvado 1990, 25), e en romance como «moesteiro de sam Justo de *Toios Outos*» (ano 1343, FDU, nº 184), «moesteyro de Sam Justo de *Toios Outos*» (Ano 1344, HGP, nº 12).

En Cedeira hai as parroquias de *San Román de Montoxo* e *San Xiao de Montoxo*, e nesta o lugar de *Montoxo Vello*. Montoxo podería ser redución de Monte Toxo, mais atopámolo na documentación antiga coa forma actual: «foy a o agro en que anda semeando esse Pedro Eanes et tirou a chavella a o arado et adüssollos ata *Montogo* et leyxoulo en *Montogo*» (ano 1280, OSR2, nº 1147), «Joham Perez et Fernan Fernandez, clérigos de sam Giao de Montoio [...] Fernan Martinez de Montoio Vello» (ano 1289, OSR2, nº 1210). Escúsase dicir que o *g* da grafía *Montogo* e o *i* de *Montoio* representan o mesmo fonema (prepatalal fricativo sonoro, que logo enxordeceu), pero interesa observar que esa grafía exclúe a posibilidade de interpretar o topónimo como un derivado en *-ōsu* con palatalización do *-s-* (cf. *Ventoxo* no NG, ou *Moscoso*, en Pazos de Borbén, que ten como realización común local a de *Moscoxo*).

219.2. Toxa

Na toponimia galega existe certo número de topónimos coa forma feminina *Toxa*. Ademais da coñecida illa do Salnés, figurán no NG 6 lugares chamados (*A*) *Toxa* (en Pontecesures, Silleda, Touro, Vimianzo e 2 en Zas) e un diminutivo *Toxiña* en Lalín; *Toxa* é tamén en Silleda un afluente do Deza (que pasa polo lugar do mesmo nome). Isidoro Millán González-Pardo estúdaos xunto con outras formas semellantes ou supostamente emparentadas (os hidrónimos *Teo*, *Tea*, *Te*

e considera que se trata de derivados dunha raíz hidronímica indoeuropea *TEKU ‘correr, fluír’, presente así mesmo nun teónimo *Toga*, tetemuñado pola epigrafía (Millán, 1984, pp. 371 e ss.). Os exemplos pertencentes ó territorio ourensán que aduce este investigador debemos desbotalos da súa argumentación porque parten dunha lectura errada: o lugar de *Toxas* de Rairiz de Veiga é en realidade *Toxás*, e o seu arroyo *Toxón* de Leiro é o *Regueiro do Foxón* ou *Río do Foxón* (M187-3). Para o hidrónimo *Tea* supón un étimo *TEGA, pero as formas con que aparece na documentación medieval (*Tena*) contradín esa hipótese. No territorio estudiado temos *Toxa* en dous topónimos:

- A Toxa*, PnH en Xinzo de Limia (M264-4)
A Toxa, PnH en Vilar de Santos (M264-1)

Atopamos un topónimo idéntico como apelido en:

«*Maior Díaz de Toga*» (ano 1352, TzS, fol 26r)

Non podemos confirmar se son hidrónimos prelatinos ou fitónimos da familia de *toxo*. Debemos relationalos cun exemplo portugués en diminutivo *Tojela*, que figura no DCP, e o topónimo asturiano *La Toya* (en área onde o *toxo* é *toyu*) que é interpretado por García Arias como pertencente á mesma familia fitonímica (1977, p. 167).

219.3. Texós

Texós é nome de lugar e parroquia no concello de Baltar. O timbre aberto do *o* tónico lévanos a interpretalo como un diminutivo *TOIÖLOS, con disimilación vocálica producida por palatalización da vogal da sílaba pretónica en contacto coa consoante palatal, fenómeno común no galego (vid. infra 219.8, *Tixosa*).

219.4. Toxal

O derivado co sufijo correspondente a *-ALE*, *toxal*, e voz común ‘lugar poboado de toxos’, ‘toxeira’, e ten moita presenza na toponimia:

- O Toxal*, EdP en Porqueira
O Toxal, Edp(n) en Verín (M303-1)
O Toxal, PnH en Taboadela (M225-4)
O Toxal, PnH en Beariz (M186-2)
O Toxal, PnH en Calvos de Randín (M302-1)
O Toxal, PnH en Castrelo do Val (M265-3)
O Toxal, PnH en Melón (M224-2)

- O Toxal*, PnH en Monterrei e Verín (M303-1)
O Toxal, PnH en Pobra de Trives (M189-4)
O Toxal, PnH en Rairiz de Veiga (2 tops. M264-3)
O Toxal, PnH en Toén (M225-2)
O Toxal, PnH en Trasmiras (M264-4)
O Toxal, PnH en Verín (M303-3)
Toxal do Outeiro Maior, PnH en Calvos de Randín (M301-4)
O Toxal da Saínza, PnH en Rairiz de Veiga (M264-3)
Regato do Toxal, CdA en Laza (M265-1)
Val do Toxal, PnH en Cualedro (M264-4)

Dúas solucións diferentes do diminutivo en -INU:

- O Toxalcíño*, PnH en Vilar de Barrio (M264-2, M265-1)
O Toxaliño, PnH en Carballeda de Avia (M224-2)

E plurais en

- Toxás*, PnH en Xunqueira de Espadanedo (M226-2)
Os Toxás, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
Os Toxás, PnH en Castrelo do Val (M303-1)
Os Toxás, PnH en Montederramo (M227-1)
Os Toxás, PnH en San Xoán de Río (M189-4)
Os Toxás das Quintas, PnH en Sandiás (M264-1)
Os Toxás do Muíño, PnH en Xunqueira de Espadanedo (M226-2)
Cortiña dos Toxás, PnH en Xinzo de Limia (M264-4)
Praza dos Toxás, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
Val dos Toxás, PnH en Castrelo do Valb (M265-3)
Toxaless, PnH en Carballedo (M188-1)
Toxaless, PnH en Sober (M188-2)

Tamén parece conter un derivado de *toxo* o topónimo

- Toxenllos*, PnH en Laza (M265-3)

que podería ser un diminutivo de en -ALE + -ÍCÜLOS.

O NG recolle 3 (*O*) *Toxal* en Cospeito (2) e A Lama.

No DCP hai 26 *Tojal*, 1 *Tojalinho*, 6 *Tojaís*.

219.5. Toxeira, toxeoiro

O derivado en -ARIA *toxeira* tamén ten uso como voz común no territorio estudiado, e en toda Galicia, como sinónimo de *toxal* para designar un terreo poboado de toxos. Na toponimia ten moita presenza:

- A Toxeira*, PnH en Verín (M303-3)
A Toxeira, PnH en Calvos de Randín (M302-1)
A Toxeira, PnH en Sandiás (M264-1)
A Toxeira, Edp(n) en Pontedeva (M263-1)

- A Buratiña da Toxeira*, PnH en Melón (M224-2)
Camiño da Toxeira, PnH en Calvos de Randín (M302-3)
Coto da Toxeira, PnH en Beariz (M186-2)
As Toxeiras, PnH en Cualedro (M302-2)
As Toxeiras, PnH en Vilar de Santos (M264-3)
As Toxeiras, PnH en Verea (M263-2)
As Toxeiras, PnH en Sarreaus (M264-4)
As Toxeiras, PnH en Sandiás (M264-1)
As Toxeiras, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
As Toxeiras, PnH en Monterrei (M303-1)
As Toxeiriñas, PnH en Sandiás (M264-1)

A forma masculina é menos frecuente; témtola en

- Os Toxeiros*, PnH en Cartelle (M225-1)

O NG recolle 9 (*A*) *Toxeira* na Cañiza, Cuntis, A Estrada, Muxía, As Neves, Noia, Outes, O Saviñao e Tui; 2 *Toxeiras* en Guitiriz e Viveiro; 3 *Toxeiro* en Abadín, Cospeito e Vilalba; *Toxeiros Velloz* en Castro de Rei.

No DCP figuran 20 *Tojeira*, 1 *Tojeirinha*, 3 *Tojeiras* e 4 *Tojeiros*.

219.6. Toxedo

O derivado en -ÉTU témtolo en:

- O Toxedo*, EdP en Nogueira de Ramuín
O Toxedo, EdP en Sober
Toxediño, EdP en Vilar de Santos
O Toxediño, PnH en Xunqueira de Ambía (M226-3)
O Toxedo, PnH en Sober (M188-4)
Alto do Toxedo, PnH en Manzaneda (M227-2, M228-1)
O Toxedo, PnH en Manzaneda (M228-1)
O Toxedo, PnH en Pantón (M188-2)
Os Toxedos, PnH en Nogueira de Ramuín (M188-3)
Os Toxedos, PnH en Montederramo (M227-1)

No DCP figura unha forma feminina *Togeda*.

O Toxedo de Nogueira de Ramuín aparece na documentación antiga:

«*Lugar do Tojedo*» (ano 1513, RdS, nº 284)

219.7. Toxariza

Un derivado en -AR-ÍCÉA é

- A Toxariza*, PnH en Cualedro (M302-2)

219.8. Toxoso

Non recollemos no territorio estudiado derivados cos sufíxos correspondentes a **-OSU**, **-OSA** coas formas *Toxoso* ou *Toxosa*.

O NG recolle 1 ***Toxoso*** en Ourol. No DCP figuran 2 ***Tojosa***.

Si temos exemplos con alteración da vogal pretónica, que se resolve en palatal por efecto da consoante palatal coa que está en contacto (*Toxosa* > *Tixosa*, coma nos numerosos *Fixón*, *Fixó*, *Fixós* espallados pola toponimia galega, que constitúen derivados de *foxo* cos sufíxos correspondentes a **-ONE** ou **-OLU**, ou o común *filloa* < *FOLIOLA*, neste caso o *o* pretónico en contacto cunha consoante palatal diferente). Os exemplos son estes:

Tixosa, EdP na Bola

Tixosa, EdP en Gomesende

As Tixosas, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)

Penedo das Tixosas. PnH en Monterrei (M303-1)

Regueiro da Tixosa, CdA en Vilar de Barrio (M265-1)

A evolución da vogal pretónica en **TOIÓSA** > *Tixosa* é paralela da de **TOIÓLOS** > *Texós*s. Non nos é posible datar a disimilación vocálica, porque a palatalización da vogal pretónica tanto a puido provocar a consoante fricativa sonora (como proban os exemplos portugueses paralelos) como a posterior xorda resultante en galego.

Nos séculos XI e XII rexistramos sen disimilación vocálica o ***Tixosa*** da Bola:

«*in Togiosa que inter Cirones et monte Ferriolo*» (ano 1005, CLN, nº30)

«*in Togiosa Ilos casares*» (ano 1156, CLN, nº 25)

«*Togiosa de Aqua Longa integra*» (s.d. [séc. XII], CLN, nº 60)

O NG recolle outros dous ***Tixosa*** en Boimorto e Crecente e un ***Texosa*** en Gondomar. No DCP figuran 1 ***Tijoso*** e 1 ***Tijosas***.

220. *torgo*

O substantivo común *torgo* designa a raíz da uz (vid. 225), que tivo moita importancia na economía doméstica tradicional das zonas de montaña do territorio estudiado por ser o principal combustible para prender o lume. E. Rivas defendeu para *torgo* un étimo **TORCULU**, derivado do verbo **TORQUERE** ‘torcer’, pois «os torgos ou cozas das uces teñen as raíces moi retortas» (Rivas, 1985, 477), pero máis recentemente suxire unha hipótese ***TORÍCO** que o vincula cunha raíz prerromana orográfica T-R ‘monte’ (1994, 24). Machado asigna a *torga* un étimo ***TORÍCA** fiotonímico, que pode emparentarse con *toro* ‘tronco de árbore’ < lat. **TÖRU** (DCECH, V, 685 s.v. *tuero*). *Torgo* ten paralelo nunha forma leonesa

tuérgano recollida por Sarmiento: «la raíz del urce es para el carbón. Llaman torgo y en Rabanal Viejo *tuérgano*» (*Vegetables*, 580).

220.1. Torgo, torga

A forma simple *torgo* ten presenza na toponimia e tamén o seu correspondente feminino *torga*. Este podería designar algunha especie botánica particular, coma no portugués *torga*, nome común da *Erica cinerea* e da *Erica umbellata* (Sampaio, *Flora*, 452). Témolos en:

A Torga, PnH en Boborás (M186-2)

As Torgas, PnH en Monterrei (M302-2)

A Fonte do Torgo, PnH en Cualedro (M302-4)

Regato dos Torgos, CdA en Castrelo do Val (M265-4)

Lombo dos Torgos, PnH en Castrelo do Val (M265-4)

O NG recolle 3 *O Torgo* na Cañiza. No DCP figuran 2 *Torgas*.

220.2. Torgal

Dos derivados deste tema léxico, o formado co sufijo correspondente a *-ALE* é o máis abundante. En xeral non figura nos dicionarios galegos, mais en moitas áreas ourensás ten uso como apelativo común, sinónimo de *torgueira*, co significado colectivo de ‘terreo con uces’; *torgal* figura tamén como substantivo común nos dicionarios portugueses (GDMU, s.v. *torgal*). Recollemos os seguintes exemplos:

Torgal, Edp(n) en Cea (M187-2)

O Torgal, PnH en Calvos de Randín (M302-3)

O Torgal, PnH en Castrelo do Val (M265-3)

O Torgal, PnH en Larouco (M190-3)

O Torgal, PnH en Laza (M264-2)

O Torgal, PnH en Manzaneda (M227-2)

O Torgal, PnH en Nogueira de Ramuín (M188-4)

O Torgal, PnH na Veiga (M190-4)

O Torgal, PnH en Vilaríño de Conso (M228-3)

O Torgal, PnH en Xinzo de Limia (M264-2)

O Trogal, PnH na Mezquita (M304-2)

As Poulas do Trogal, PnH en Baltar (M302-1)

Os Torgás, PnH en Montederramo e A Teixeira (M189-3)

Os Torgás, PnH en Vilardevós (M303-4)

Os Torgás, PnH en Parada de Sil (M188-4)

Lombeiro dos Torgás, PnH en Laza (M265-3)

Os Torgais, PnH no Barco e Carballeda de Valdeorras (M190-2)

- Os Torgais*, PnH en Rubiá (M190-2)
Os Torgais, PnH en Viana do Bolo e Vilariño de Conso (M266-1)
Os Trogais, PnH na Mezquita (M304-2)
Os Trogás, PnH en Monterrei (M302-4)

As variantes *trogal*, *trogás*, *trogais* presentan metátese de *r*.

O DCP recolle 2 *Torgal*, 3 *Trogal*.

Probablemente non é derivado de *torgo*, senón que procede do latín TORCÜLARE

O Torgoal, PnH en Rubiá (M190-2)

Máis difícil resulta explicar a terminación doutros topónimos aparentemente emparentados con *torgo*:

- Torgán*, PnH en Cualedro (M302-4)
Torganes, PnH en Oímbra (M302-4)

E no NG figura un *Torgán* en Arbo. Poderían ser antropónimos; en textos do século XIII rexistramos un sobrenome feminino *Torgana* ou *Tórgana*:

«*mea germana Maria Petri dicta Torgana*» (ano 1268, OSR2, nº 959)

220.3. Torgueira

Temos exemplo do derivado co sufijo correspondente a *-ARIA* en

- A Torgueira*, PnH en Larouco e Petín (M190-3)
As Togueiras, PnH en Cualedro (M302-2)

Este último con metátese de *r*.

220.4. Torguedo

O derivado colectivo co sufijo *-edo* está presente en

- Torguedo*, EdP en Piñor de Cea (M154-4)
Torguedo, PnH en Monterrei (M302-4)

No NG figura outro *Torguedo* en Lalín. O DCP recolle 2 *Torgueda*.

Se o étimo de *torgo* é *TORICU temos que convir que todos estes son derivados romances, pois de *TORICÉTU, *TORICÉTA esperaríamos *Torcedo, *Torceda. Que todas as formas rexistradas presenten a consoante velar ante o sufijo pode levar a cuestionar ese étimo. Podería resolverse esta dificultade fonética supondo unha derivación co sufijo *-ANU* átono, *TORICĀNU, que explicaría ó mesmo tempo a mencionada forma leonesa *tuérgano* (cf. *cándanu* / *cando*)⁸, pero os *Torgueira*, *Togueiras* recollidos contradín

⁸ Segundo información de Aquilino S. Alonso Núñez, *tuérgano* é voz con que se castelaniza humoristicamente o común *torgo* na fala de Campobecerros, Castrelo do Val, unha área de montaña de tradicional aproveitamento dos torgos.

esa hipótese, pois localízanse en área onde dun derivado en *-AN-ARIA* esperaríamos **Torgaira* (cf. *candaira*, *abelaira*, *padrairo*...).

221. *trevo*

Trevo é o nome galego e portugués para as herbas do xénero *Trifolium*, cast. *trébol*. Os problemas etimolóxicos que suscitan estas formas son moi semeillantes ós de *acevo*, e parecen esixir unha variante vulgar *TRIFÓLU ou *TRIFÜLU (acaso *TRIFÓLE), pois non poden provir directamente do TRIFÓLIUM clásico (vid. *acevo* 006).

Non recollemos ningún exemplo coa forma simple.

221.1. Trevoal

Podería corresponder a un étimo *TRIFÓLALE o topónimo

Ermida de Trigoás, PnH en Parada de Sil (M188-4)

Trigoás sería entón alteración de **Trevoás*, posiblemente por interferencia de *trigo* e favorecida pola proximidade fonética de B e G seguidos de vogal velar (cf. *Gustomeau* / *Bustumbeau*). Pero non pasa de ser unha hipótese, que acaso tamén podemos aplicar a un topónimo

O Trigoallo ou *O Trigoaio*, PnH no Barco e Vilamartín Valdeorras (M190-3)

que rexistramos escrito coa primeira das grafías pero que presenta na fala as dúas variantes. Aparentemente contén o radical de *trigo*, pero con ese lexema non lle atopamos explicación satisfactoria á súa morfoloxía. A grafía *O Trigoallo* fai pensar nun derivado en *-ALLO* (cf. *Bouzallo*, *bugallo*, *carballo*, *gamallo*, *ramallo*...) pero *O Trigoaio* obríganos a comparalo con outros topónimos da mesma área de Trives e Valdeorras que presentan idéntica terminación *-aio*, (cf. *Meixoaio* na Rúa, 015.2; *Rosaio* na Pobra de Trives, 199.4), que semella resultado do *-ARIU* latino, un resultado dialectal e minoritario, que na fala e noutros topónimos da mesma área sucumbiu perante o común *-eiro* (/ *-airo*). Como o *o* que precede o *a* tónico non pode explicarse a partir dunha base *TRÍTICARIU, só nos cabe considerar un étimo *TRIFÓLARIU para *Trigoallo*, co radical alterado por interferencia de *trigo* coma no mencionado *Trigoás*.

221.2. Trevoedo

Temos derivados en **-ÉTU** (*TRIFÓLÉTU) en

Santa Comba do Trevoedo (*Santa Comba*), parr. en Maside

O Trevoedo, EdP en Maside

Trevoedo, PnH en Sandiás (M264-1)

Os primeiros atopámoslos na documentación medieval:

«duos kasales in **Trevoedo**» (ano 1202, OSR1, nº 104)

«in parrochia **sancte Columbe de Trevoedo**» (ano 1228, OSR1, nº 300)

«Petrus Monagus de **Trevoedo**» (ano 1242, OSR1, nº 496)

«Petrum dictum Moogo de **Trevoedo**» (ano 1254, OSR1, nº 723)

«Gonçalo Sanchez clérigo de **Treboedo**» (ano 1294, OSR2, nº 1239)

«Gonçalvo Sanchez de **Trevoedo**» (ano 1299, OSR2, nº 1282)

«hereditates de **Trevoedo**» (sec. XIII, OSR2, nº 1296)

222. trigo

O *trigo* (< lat. TRÍTICU) é o máis importante dos cereais. En latín tiña diferentes denominacións: FAR, FRUMENTUM, TRITICUM... Este último é derivado de TRITUM, participio de TERERE ‘mallar, triturar’, e soamente se conservou en gal., port., cast., sardo e algunas falas réticas e alpino-lombardas; o cat., o galorrománico e o alto-italiano adoptaron o tipo *blat*, *blé*, etc., de orixe céltica, e o italiano xeneralizou o tipo *frumento* (Moralejo, TGL, 155-156; Palacio, 1981, 325). O mesmo nome designa diferentes especies e variedades do xénero *Triticum*.

222.1. Trigo

A forma simple témola nun único topónimo:

A Pena do Trigo, PnH en Nogueira de Ramuín (M188-1)

O NG recolle **Catatrigo** (< CAPTA TRÍTICU, alusivo á posición relativa do lugar, desde onde se divisarían campos cultivados con trigo; o primeiro elemento é unha forma do verbo correspondente ó latín CAPTURE) en Baleira. **Montrigo**, en Lalín, ha de ser un antropónimo xermánico *Mondrigo* (MUNDERICUS, HGN 190.2), probablemente interferido polos comúns *monte* e *trigo* (cf. topónimos coas formas correspondentes do xenitivo, *Mondriz*, *Mondariz*). **Castrigo**, en Ames, ten orixe igualmente nun antropónimo xermánico (cf. *Castriz*).

No DCP figura un diminutivo **Triguinho Mau**.

Rexístrase desde a Idade Media o uso de *Trigo* como apelido: «*Johan Trigo*» (ano 1267, OSR2, nº 943). Para o composto *pantrigo*, vid. 168.1, 179.1.

222.2 Trigal

Temos o derivado en –ALE en:

A Portela do Trigal (Santa Ana), parroquia en Rubiá

O Trigal, EdP en Rubiá

O Trigal, PnH en Monterrei (M303-1)

É más común o correspondente plural:

Trigás, EdP no Carballiño

Trigás, PnH en Cualedro (M302-2)

Trigás, PnH en Pantón (M188-2)

Os Trigais, PnH na Gudiña e Riós (M303-2)

Ponte Trigais, PnH na Gudiña e Riós (M303-2)

Os Trigás, PnH en San Xoán de Río (M189-4)

Os Trigás, PnH en Rairiz de Veiga (M264-1)

Os Trigás, PnH en Punxín (M187-3)

Os Trigás, PnH en Muíños (M301-4)

Os Trigás, PnH en Carballeda de Avia (M187-3)

Corga de Trigás, CdA en Lobios (M301-3)

Palacio (1981, 325), seguindo a Moralejo, considera *Tribás*, nome de lugar e parroquia en Pantón, unha variante de *Trigás*, «*Trigás* desfigurado por equivalencia acústica entre *g* y *b*» (Moralejo, TGL, p. 166, n. 25). Pero as formas con que aparece na documentación antiga invalidan esa hipótese:

«*in sancti Martini de Tiulanes*» (ano 1224, OSR1, nº 255)

«*de sancti Martini de Tiulaes*» (ano 1230, OSR1, nº 329)

«*in sancti Martini de Tiulaes*» (Ano 1230, OSR1, nº 329)

«*parrochia sancti Martini de Tiulaens*» (ano 1248, OSR1, nº 610)

«*Romarius Iohannis de Tiulaens*» (ano 1248, OSR1, nº 612)

«*clericus sancti Martini de Tiulaes*» (ano 1255, OSR1, nº 743)

«*in sancto Martino de Tiulaens*» (ano 1256, OSR1, nº 768)

«*Tiulaens, sub parrochia sancti Martini*» (ano 1256, OSR1, nº 768)

«*Velascus Sancii miles de Tibraens*» (ano 1274, OSR2, nº 1074)

«*Tribaes*» (ano 1279, OSR2, nº 1144)

O NG recolle outros 3 (*O*) *Trigal* en Navia de Suarna, As Neves e As Somozas, *Trigais* en Cervantes e 3 *Trigás* en Arzúa, Cangas e Pantón.

No DCP hai 2 *Trigal* e 5 *Trigais*.

Algúns dos *Trigás* mencionados documentámolos nos textos antigos:

«*unus scilicet in Munitanes et alter in Triticales*» (ano 1177, OSR1, nº 57)

«*hereditate quam demando in casali de Triigaes*» (ano 1193, OSR1, nº 85)

«*sancti Martini de Sagra et casale Ursarie de Triigae*s» (ano 1193, OSR1, nº 85)

«*eu Marina Perez de Triigáás*» (ano 1297, HGP, nº 112)

«*lugar de Trigaes*» (ano 1304, OSR2, nº 1322)

«*casal de Trigaes*» (ano 1393, OSR3, nº 1971)

222.3. Trigueira, trigueiro

O derivado por medio dos sufíxos *-ARIA*, *-ARIU* témolos en

- A Trigueira*, EdP en Gomesende
- A Trigueira*, EdP en Pontedeva
- A Trigueira*, Edp(n) en Ramirás (M2253, M225-4)
- A Trigueira*, PnH en Castrelo de Miño (M225-1)
- A Trigueira*, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
- A Trigueira*, PnH en Muíños (M301-2)
- A Trigueira*, PnH en Lalín (M153-4)
- A Trigueiriña*, PnH na Veiga (M228-2)

No NG figuran outros 3 (*A*) *Trigueira* en Cerceda, A Laracha e Lalín, e *Vilartrigueiro* en Coristanco. Dun composto *pantrigo* (< PANE TRĪTICU) deriva *Pantrigueira*, en Vilanova de Arousa (vid. 168.2), se é que non se trata dun topónimo paralelo do *Pantigueiras* (vid. 184) de Lourenzá, alterado por interferencia de *trigo*.

O DCP recolle 2 *Trigueira*.

Na documentación antiga atopamos o lugar da *Trigueira*, en Ramirás: «*quomodo se uadit finire ad Trigeira*» (ano 1253, RAM, nº 99). E o de *Vilar Trigueiro* de Coristanco: «*quanto herdamento dom Ffernā Jacob, maestre esscolla que fuy de Tuy et cóego de Santiago, avýa en Villar Trijgeyro*» (ano 1352, TzS, fol 44v)

222.4. Trigaínza, trigariza, trigueiriza

Os derivados en *-ÍCÉA* amosan diferentes resultados, segundo teñan como base TRĪTÍCALE ou TRĪTÍCARIA (*TRĪTÍCALÍCÉA, *TRITICARÍCÉA). No primeiro dos casos, logo da caída do *-l-* intervocálico pode xerarse unha consoante nasal (*Trigaínza*); no segundo, o resultado é *Trigariza*, aínda que como o *i* tónico adoita pechar a vogal precedente, na fala é común a variante *Trigueriza*, e chega a confluír en *Trigueiriza* cos derivados a partir da base romance *Trigueira*. Tamén a variante *Trigaínza* presenta na fala a realización *Trigueínza*. Temos estas formas nos seguintes topónimos:

- As Trigaínzas*, PnH en Viana do Bolo (M266-1)
- As Trigaínzas*, PnH en Sober (M188-2)
- A Trigariza*, PnH en Pantón (M188-2)
- A Trigariza*, PnH en Riós (M303-2)
- As Trigarizas*, PnH nos Blancos (M302-1)
- As Trigarizas / As Triguerizas*, PnH en Riós (M303-2)
- As Trigueirizas*, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
- As Trigueirizas* (/ *-erizas/ -arizas*), PnH en Sandiás (M264-1)

222.5. Trigarela

Un diminutivo dun derivado feminino en -ALE (*A Trigal*) é o topónimo *A Trigarela*, PnH en Rubiá (M190-2)

223. trobisco

Trobisco é denominación galega da *Daphne gnidium* (VCN, 144), port. e cast. *trovisco*, un arbusto da familia das Timeleáceas, tamén chamado *torbisco*, *turbisco*, *trubisca*, de coñecidas propiedades narcotizantes e outras virtudes medicinais (Font Quer, 388). Sarmiento dá *trovisco*, *torvisco* como nomes da planta, alude ós seus usos e aplicacións (*Vegetables*, 956, 1491, 2409) e suxire unha hipótese etimolóxica: «acaso porque cura del trópico, que es la hidropesía» (id., 2513). Sarmiento recolle tamén unha forma feminina *trovisca* «la planta que en Pontevedra llaman *herba leiteira* (...) y creo es el *Titimalus characias* de Vigier (...) y la *lecherina* de Castilla. Creo que es planta distinta de los troviscos» (*Catálogo*, A 96v). Para Piel (1968a II, 188), Schuchardt, Corominas e outros, o étimo de *trobisco*, cast. *torvisco*, é un «latín hispánico *TURBISCUS, derivado de *TURBISCARE ‘envenenar el agua de los ríos con bayas de torvisco para emborrachar a los peces y pescarlos’, y este de TURBARE ‘perturbar, enturbiar’» (DCECH, V, 564). As ordenanzas de pesca portuguesas do século XVI prohíben repetidamente a *troviscada*. En Galicia o emprego do trobisco na pesca fluvial tamén debeu de ser práctica moi estendida ata hai poucos anos.

223.1. Trobisca

Non localizamos no territorio estudiado nin no NG ou no DCP ningún topónimo en que estea presente a forma simple do nome da planta. Si temos unha forma feminina. Sarmiento recollía o nome *trovisca* para unha especie diferente do torbisco común: a herba leiteira, *Titimalus characias*, que en portugués recibe o nome de *trovisco macho* (Sampaio, *Flora*, 185). Ignoramos se se refire a esta especie ou ó trobisco propriamente dito o topónimo:

A Trubisca ou *A Truvisca*, PnH en Cualedro (M264-4)

O NG recolle un lugar chamado *A Trobisca* (*Trovisca*) no concello da Cañiza.

223.2. *Trobisquedo*

Atopamos unicamente derivados de *torbisco* por medio do sufijo *-ÉTU*:

Turbisquedo, EdP na Peroxa

Campos de Turbisquedo, PnH en Carballedo e A Peroxa (M188-1)

Trobisquedo, PnH na Gudiña (M266-3)

O da Peroxa aparece na documentación medieval como apelido toponímico nun «*Rodrigo Aras de Torvisquedo*» (ano 1298, OSR2, nº 1267).

223.3. *Trobiscal, robiscoso*

Non recollemos no territorio estudo nin no NG outros derivados deste tema fitonímico. O DCP recolle formas en *-ALE* e en *-OSU*: 5 *Troviscal*, 2 *Troviscais* (*Troviscais Cimeiros* e *Troviscais Fundeiros*), 1 *Troviscainho*, 2 *Troviscoso*.

224. *tronco*

O común *tronco* < lat. TRŪNCU ‘decotado, sen pólas’, ‘mutilado, sen membros’, ‘tallo da árbore ou do corpo humano’, aplicado ás árbores é voz común a todos os romances de Occidente (DCECH, V, 661). A súa presenza na toponimia pode aludir a arborado aproveitável para madeira.

224.1. Tronco

Temos a forma simple *tronco* nun único topónimo:

Val do Tronco, PnH en Cartelle (M225-1)

O NG recolle *Tronco* en Vilalba, *Troncos* na Fonsagrada, *Porto dos Troncos* en Vilalba e un *Pordatronca* (cun primeiro elemento podería ser *Porto* ou *Pedra*) no Mañón. Palacio recolle en Pantón un topónimo menor *O Tronco* e un diminutivo *Troncelo* (1981, 238). No DCP figura 1 *Tronco*.

224.2. *Troncal, tronqueira*

Non recollemos no territorio estudo ningún derivado correspondente a TRŪNCALE OU TRŪNCARIA.

No NG figura 1 *Tronqueira* en Ortigueira, e no DCP 2 *Troncal*.

224.3. Tronceda, troncedo

O derivado co sufíxo -ETA témolo en

Tronceda, EdP e parr. (*Santiago*) en Castro Caldelas

Tronceda, PnH en Ribas de Sil (M189-2)

Río de Tronceda, CdA en Castro Caldelas (M189-1)

O NG recolle 4 *Tronceda* en Mondoñedo e en Arzúa (parr., cos lugares de *Tronceda a Nova* e *Tronceda a Vella*), e un masculino *O Troncedo* no Saviñao.

Rexistramos un topónimo equivalente a este último na documentación antiga relativa ó territorio estudiado:

«*quomodo diuiditur per uineis de Troncedo*» (ano 1250, RAM, nº 75)

224.4. Troncosa, troncoso

Son derivados correspondentes ó lat. TRŪNCŌSO

Troncoso, EdP en Castrelo de Miño

Troncoso, PnH en Porqueira (M264-3)

Troncoso, PnH en Riós (M303-2)

Río Troncoso ou Río Barxas, CdA en Padrenda (M263-1, M263-3)

Regueiro Troncoso, PnH en Riós (M303-2)

No NG figura *A Troncosa* en Marín. A estes hai que engadir o lugar e parroquia de *Troncoso*, segregada de Santa Baía de Mondariz en 1921 e constituída en concello en 1924 co nome de *Mondariz-Balneario*. A vila, parroquia e concello de Mondariz-Balneario áinda recibe a denominación de *Troncoso* entre a xente do lugar. Neste topónimo ten orixe o apellido *Troncoso*, relativamente común no sur da provincia de Pontevedra. Un diminutivo *Troncoselo* figura no Madoz na veciña parroquia de Pías.

Na documentación antiga atopamos

«*Petrus Fernandi de Truncuso*» (ano 1214, OSR1, nº 158)

«*Nuno Martini dictus Troncosa*» (ano 1246, OSR1, nº 578)

O DCP recolle variantes con disimilación da vogal pretónica 5 *Trancoso*, 1 *Trancosinho*, 1 *Trancoselos*, 1 *Trancoselinho*, ademais dun *Trancosã* que semella un xentilicio en -ANA.

225. uz

O gal. *uz*, *urce*, cast. *urce*, port. *urze* dan nome á *Erica arborea* e outras especies do mesmo xénero (VCN, 146). Proceden do latín ŪLICE (*ulex*, -īcis). As dúas variantes galegas, *uz* e *urce*, representan dous resultados de ūLICE, a primeira con caída do -l- intervocálico e a segunda coa súa conservación e rotización debido á caída previa da consoante postónica (ŪLICE > *ULCE > *urce*).

225.1. Uz

A forma simple témola nos seguintes topónimos:

A Uz, EdP en Carballedo

Fonte da Uz, PnH en Beariz e Boborás (M186-2)

Fonte da Uz, PnH en Larouco (M190-3)

Regueiro da Fonte da Uz, CdA en Carballeda de Valdeorras (M190-4)

As Uces, PnH en Rairiz de Veiga (M264-3)

O Outeiro das Uces, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)

Vilariño das Uces, PnH en Montederramo (M227-1)

Río de Vilariño das Uces, CdA en Montederramo e A Teixeira (M189-3)

O NG recolle 1 *Uces* en Tordoia. 2 *Urcela* en Ponteareas corresponden a un diminutivo ÚLICÉLLA. No DCP figura 1 *Uz*.

O lugar chamado *A Uz*, en Carballedo, atopámolo na documentación antiga: «*o nosso casar da Ut que iat en o noso couto d'Oleiros*» (ano 1396, OSR3, nº 2003).

225.2. Uzal, urzal, urgual

O derivado común en -ALE é *uzal*, de orixe romance e formado sobre *uz*. Tamén é romance *urzal*, formado sobre *urce*. A forma que procede do derivado latino ÚLICALE é *urgal*. En Ourense recollemos unicamente o primeiro dos resultados:

O Uzal, PnH en Muíños (M301-2)

O Uzal, PnH en Avión (M186-2)

O Uzal, PnH en Vilariño de Conso (M227-4)

O Uzal, PnH en Riós e Vilardevós (M303-2)

O Uzal, PnH na Pobra de Trives (M189-4)

O Uzal, PnH en Allariz e Xunqueira de Ambía (M264-1)

O Uzal, PnH en Muíños e Calvos de Randín (M301-2)

O Uzal, PnH en Muíños (M301-4)

O Uzal, PnH en A Mezquita (M266-4)

O Uzal, PnH en Lobeira (M301-1)

O Uzal, PnH en Xunqueira de Ambía (M226-3)

O Uzal, PnH en Calvos de Randín (M302-3)

O Uzal, PnH en Bande (M301-2)

O Uzal, PnH en Porqueira (M263-4)

O Uzal da Ruda, PnH en Riós (M303-2)

O Uzal das Robaiñas, PnH en Quintela de Leirado e Gomesende (M263-1)

O Uzal de Roseco, PnH en Calvos de Randín (M301-2)

O Uzal de Trarigo, PnH en Bande (M263-4)

O Uzal de Rubiás, PnH en Calvos de Randín (M302-3)

O Uzal do Foxo, PnH en Laza (M264-2)

O Uzal do Lombo, PnH en Montederramo (M227-1)

- O Uzal do Outeiro*, PnH en Bande (M263-4)
Alto do Uzal Novo, PnH en Riós (M303-2)
A Chan do Uzal, PnH en Cortegada (M225-3)
Monte do Uzal, PnH en Cortegada (M225-3)
Monte Uzal, PnH en Muíños (M301-2)
Muíño do Uzal, PnH en Calvos de Randín (M301-2)
Os Uzales, PnH en Montederramo (M227-1)
Os Uzáns de Vil ou de Ivil, PnH en Parada de Sil (M189-3)

Na documentación antiga rexistramos topónimos idénticos:

- «*herdade do Uzal*» (ano 1378, RAM, nº 368)
 «*deinde per penas de Uzal*» (ano 1260, OSR2, nº 878)

O NG recolle 4 (*O*) *Uzal* en Cerceda, Ordes e Xermade (2), e o plural *Uzáns* en Ordes. O derivado da variante *urce* témolo en *Urzal*, no concello de Arbo. Máis antigos han de ser 2 *Urgal*, en Baiona e O Rosal, que corresponden ó latín ŪL̄CALE.

No DCP figuram 3 *Urgal*, 1 *Urgares*, 1 *Urzaís*.

225.3. Uceira, urceira, urgueira

O derivado cos sufíxos correspondentes a *-ARIA*, *-ARIU* presenta igualmente tres resultados: *uceira*, *urceira*, *urgueira*, os primeiros de formación romance e o terceiro procedente do derivado latino ŪL̄CARIA. No territorio estudiado só recollemos exemplos dos dous primeiros.

- A Uceira*, EdP no Carballiño
A Uceira, 2 PnH en Avión (M186-2, M224-2)
A Uceira, PnH en Beariz e Forcarei (M153-4)
A Uceira, PnH nos Blancos (M302-1)
A Uceira, 2 PnH en Boborás (M186-2)
A Uceira, PnH en Calvos de Randín (M301-2)
A Uceira, PnH en Cenlle e San Amaro (M187-3)
A Uceira, PnH en Lobeira (M301-1)
A Uceira, PnH na Peroxa (M188-1)
A Uceira, PnH en Sandiás e Vilar de Santos (M264-1)
Corga da Fecha da Uceira, CdA en Entrimo e Lobios (M301-3)
Corga da Uceira, CdA en Lobios (M301-4)
A Pena da Uceira, PnH en Castro Caldelas (M189-3)
San Salvador da Uceira, PnH en Monterrei (M303-1)
As Uceiras, PnH nos Blancos (M264-3)
As Uceiras, PnH en Manzaneda (M227-4)
As Uceiras, PnH en Vilar de Santos e Sandiás (M264-1)
O Val das Uceiras, PnH en Riós (M303-2)

E unha forma masculina en

- O Uceiro*, PnH en O Irixo e Lalín (M153-4)

O NG recolle 15 (*A*) ***Uceira*** en Abadín, Arzúa, A Cañiza (2), Crecente, Frades, Lugo, Melide, Mesía, Monterroso, Palas de Rei, As Pontes, Sobrado, Valdoviño e Vilalba, e 1 ***Uceira Branca*** en Paradela.

Atopámolo como apelido toponímico en

«*frey Juam da Vzeira*» (ano 1475, MdR, AHN Clero, Cpta. 1504, nº 1)

«*frey Juā da Vzeira*» (ano 1476, MdR, AHN Clero, Cpta. 1504, nº 3)

As formas precedentes son derivados romances a partir de *uz*. O derivado, igualmente romance, da variante *urce* témolo en

A Urceira, PnH en Padrenda (M263-3)

O NG recolle 1 ***Urceira*** en Santiago de Compostela.

A forma procedente de ŪLÍCARIA está presente en ***Urgueira***, en Salceda de Caselas.

No DCP figuran 6 ***Urgueira***, 1 ***Ulgueira***.

225.4. Ucedo

Nos derivados ***ucedo***, ***ucedá*** conflúen as formacións romances a partir de *uz* e as procedentes do latín ŪLÍCĒTU, ŪLÍCĒTA. Témolos en

O Ucedo, PnH en Bande (M301-2)

O Ucedo, PnH en Carballeda de Valdeorras (M190-2)

O Ucedo, PnH en Vilamartín de Valdeorras (M190-3)

O Ucedo Grande, PnH en Viana do Bolo (M266-2)

O Ucedo Grande, PnH en Xinzo de Limia (M264-4)

O Ucedo Grande, PnH en Viana do Bolo (M266-2)

O Ucedo Pequeno, PnH en Xinzo de Limia (M264-4)

Cavorco do Ucedo, CdA en Carballeda de Valdeorras (M190-2)

No NG figuran 1 ***Ucedo*** en Covelo e 1 ***Ucedos*** na Capela.

Na documentación antiga rexistramos topónimos semellantes:

«*per usufructum hereditatum de Uceta*» (ano 1219, OSR1, nº 191)

«*portionem meam de sancti Petri de Uzedo*» (ano 1226, OSR1, nº 279)

«*in parrochia Sancte Marie de Ozeto*» (ano 1231, OSR1, nº 340)

«*a lo porto Aloseyro et a fondo d'Ozeda*» (ano 1292, RAM, nº 244)

226. *verde*, *verdeal*, *verdugo*

O adjetivo *verde* < lat. *vīrīDE* ten moita presenza na toponimia, e en todos os casos debeu de aludir en orixe á flora do lugar, aínda que os topónimos en que está presente este adjetivo non constitúan propiamente fitotopónimos.

Na toponimia maior do territorio estudo localizamos *Castroverde* en San Cibrao das Viñas, *Monteverde* en Nogueira de Ramuín, *Penaverde* en Cualedro, *Soutelo Verde* en Laza, *Soutoverde* en Ourense, 3 *Valverde* en Gomesende, Castro Caldelas e Allariz (neste último, ademais, *Requeixo de Valverde*, parr. e lug.), 7 *Vilaverde* no Barco de Valdeorras, A Bola, Celanova, Cortegada, Leiro, Melón e Paderne de Allariz. Na toponimia menor rexistramos *Caneiriños Verdes*, en Lubián (M266-4), *O Carballal Verde* en Melón (M224-2), *Corga de Valverde* en Gomesende (M225-3), *Fonte Sempre Verde* en Chandrexá e Montederramo (M227-1), *As Malladicas Verdes* en Porto (M266-2), *Monte Verde* en Carballedo (M188-1), *Outeiro Verde* en Calvos de Randín (M301-2), *Pozo Verde*, na Gudiña e A Mezquita (M266-3), *Regueiro Rebordoverde*, en Esgos e O Pereiro de Aguiar (M226-1), *Regato de Vilaverde*, en Boborás (M187-1), *Vilaverde* na Pobra de Trives (M189-4) e Quiroga (M189-2).

Algúns destes topónimos atopámolos na documentación antiga:

- «*Facta karta apud Castrum Viride in Bolanos*» (ano 1218, OSR1, nº 180)
- «*unum terrenum quem abemus in Uilla Uirde*» (ano 1248, RAM, nº 56)
- «*de casali de Pereira de Uillauirde de sub rego*» (ano 1248, RAM, nº 56)
- «*quantam hereditatem abemus in Uilla Uirida*» (ano 1254, RAM, nº 108)
- «*quam abebat Iohannes Gundisalui in Villauerde*» (ano 1259, RAM, nº 140)
- «*Monius Gundisalui de Uillauerde*» (ano 1266, RAM, nº 155)
- «*unam leyram de hereditate in villa de Vilaverdi*» (ano 1274, RAM, nº 196)
- «*Uilla Uerde*» (ano 1324, MDR, AHN Clero, Cpta. 1492, nº 12)
- «*Teença de Villa Verde*» (ano 1352, TzS, fol aR)
- «*Afonso Vaasques de Vila Verde*» (ano 1493, VFD1, nº 112)
- «*Ad Valle Viride unum casale in Caneda*» (séc. XIII, OSR1, nº 651)
- «*su sino de Sã Pedro de Ualuerde*» (ano 1313, MDR, AHN Clero, Cpta. 1490, nº 14)

Non teñen relación con verde os topónimos *Verdecima*, *Verdefondo* e *Verdemioigo* que figuraban nos nomenclátóres ata 1986, hoxe escritos como *Ver de Cima*, *de Fondo* e *de Miogo*; conteñen como primeiro elemento un antropotopónimo *Ver* < VALERII. No NG hai outros 8 lugares chamados *Ver*.

O NG recolle 2 *Verdes*, en Abadín e Coristanco, *Brañas Verdes* en Camariñas, 7 *Campo Verde* ou *Campoverde* (en Alfoz, A Capela, Guitiriz, Pantón, As Pontes, Sober, Sobrado), *Campos Verdes* na Capela, *Castroverde* (lugar e concello), *Castiñeiras Verdes* en Lourenzá, *Pico Verde* en Muras, 8 *Valverde* no Corgo, Monforte (parr. e lug.), As Neves, Ponteareas (2), Orosio e Riotorto, 25 *Vilaverde* ou *Vila Verde* en Ames, Barro, Boimorto (2: *V. de Abaixo*, *V. de Arriba*), Carballedo, Coristanco, Culleredo, Forcarei, Guitiriz, O Incio, Lugo, Melide, Mondoñedo, Navia de Suarna, Noia, Ordes, Palas de Rei, Pedrafita, Pontevedra, San Sadurniño, Sarria, Silleda, Teo e Vigo (2) e 1 *Vilalverde* en Ourol (VILARE VIRIDE con disimilación). *A Verdella*, en Vigo, semella conter un diminutivo VÍRDICULA.

Dun latín vulgar VÍRDIA (clásico VÍRIDIA) provén *verza*, que significa hoxe ‘folla de col’ (VCN, 146), pero tivo no pasado un significado máis xenérico ‘verdura, hortaliza’ (DCECH, I, 574). Os topónimos *Verdeal*, *Verdeaás* que localizamos no territorio estudo e no NG cremos que non son colectivos VÍRDIALE senón máis ben adjectivos de cor con ese mesmo sufixo (cf. *albar*,

negral, rubial...). *Verdeal* aparece nos dicionarios definido como «verdoso, que tira a verde» (DEGC, III, 413), e con ese valor aplicouse a diferentes especies botánicas. Nun documento do XV atopamos unha *pereira verdeal*:

«*eno campo a par da pereira verdeal*» (ano 1405, RdS, nº 105)

Elixio Rivas supón un étimo *VIRIDINALE (Rivas, 1982, p. 243). No territorio estudiado localizamos formas semellantes en

Verdeás, PnH en Parada de Sil (M188-4)

O NG recolle 4 *Verdeal* en Gondomar, Moaña, Pantón e Vigo, *Verdial* en Ordes e *A Berdeal* (*A Verdeal*) no Valadouro.

Unha forma con dupla sufixación *VIRIDALARIAS témolena en

Alto das Verdieiras, PnH en Boborás (M186-2)

Un derivado *verdugo* < *VIR(I)DŪCUM, talvez co significado orixinario de «renuevo o vástago de árbol» (Moralejo, TGL, 331, n.º 62; DCECH, V, 783), está presente na toponimia coa forma simple e con derivados en -ĒTU:

Verdugo, PnH en Baltar (M302-2)

O Verdugo, PnH en Leiro (M187-3)

O Verdugo, PnH en Quiroga (M189-1)

Verducedo, EdP en Montederramo

Regueiro de Verduguedos, PnH na Veiga (M228-2)

Este último é derivado romance de *verdugo* e non remonta a *VIR(I)DŪCĒTU, pois nese caso esperaríamos unha consoante interdental, coma en *Verducedo*.

O lugar de *Verducedo* de Montederramo aparece na documentación antiga:

«per *Uerduzetum* et inde per *Padul*» (ano 1157, MdR, AHN Clero, Cpta. 1481, nº 13)

«*lohannis Petrii de Verduzedo*» (ano 1252, OSR1, nº 682)

«*Johā Domingez de Uerdozedo*» (ano 1312, MdR, AHN Clero, Cpta. 1490, nº 6)

«*Item en Verduzedo, douz cassares pobrados*» (ano 1352, TzS, fol 22v)

«*Juan Martiis de Verdosedo*» (ano 1407, MdR, AHN Clero, Cpta. 1499, nº 1)

«*Aluaro de Uerduzedo*» (ano 1435, MdR, AHN Clero, Cpta. 1500, nº 14)

«*Nuno de Verdusedo*» (ano 1437, MdR, AHN Clero, Cpta. 1500, nº 15)

O NG recolle *Verduga* en Rois, *Verdugo* na Lama (onde hai tamén o río *Verdugo*, que vai desaugar na ría de Vigo pola Ponte Sampaio), 2 *Verducedo* en Castroverde e Moaña. *Verducido* na Lama (parr. e lug.) e Pontevedra (parr. e lugar).

A información de campo permítenos desmentir unha información divulgada por Moralejo respecto do río Verdugo: «*alguien me ha dicho que al río Verdugo se lle llama en sus orillas Verduxo, lo cual pudo escribirse Verdujo y tomada la j por geada pasar luego a Verdugo*» (TGL, 331, n.º 62). A denominación local é *Verdugo*, maioritariamente con gheada, e non existe a forma con prepalatal fricativa.

O DCP inclúe 1 *Verdozedo*, 2 *Verdugos*, 1 *Verdugal*.

227. veriño, viriño

Xa fixemos referencia ó nome ou adxectivo *biriño*, *viriño*, *briño* con que se denomina unha variedade de carballo (011.6), e mais á confusión da tradición lexicográfica respecto da cor (e supomos que da identificación da especie) deste e do carballo *cerquiño* (Pensado, 1974, pp. 115-116). En Sobreira lemos «*carballo cerquiño*, el que es más blanco de hoja y diverso del *viriño*» (*Papeletas*, p. 130), mentres que Sarmiento di que ó *cerquiño* «llaman en Ribadavia *carballo veriño*». Outros autores identifican o *carballo briño ou viriño* coa variedade máis branca (*Quercus Petraea Mattuschka*, VCN, 111), tal vez porque asocian, como fixo Sarmiento, este nome con *albariño* (*Catálogo*, 147 r). Así, Crespo Pozo di para *carballo albariño o alberiño*: «la variedad de roble generalmente llamado *biriño*, acaso porque en esta clase de robles la hoja es algo blanca» (NCVCG, IV, 75. s.v. *roble*). Corominas explica a partir do adxectivo latino VĒRU ‘verdeiro, auténtico’ a forma *veriño*; unha *carualla viriña* documentada no ano 1259 (VFD1, nº 9) concorda máis con esta hipótese ca cun étimos *ALBARĪNU ou *ALBARĪNĒU. Tamén poderíamos supoñer para *veriño*, *viriño* un parentesco coa familia léxica de verde. A falta dunha hipótese plenamente satisfactoria, de momento debemos considerar estas formas como de orixe incerta.

O único exemplo de que dispomos é o nome dunha zona non habitada chamada

Carballos Briños ou Vriños PnH en Lobios (M336-1)

O NG recolle 1 *Briño* en Cabana e 2 *Veriño* (*V. de Arriba, V. de Abaixo*) en Cedeira, pero non posuimos documentación que confirme que son fitotopónimos. Podería explicalos igualmente un antropónimo correspondente ó latino VĒRĪNUS, que na forma do xenitivo dá orixe ó topónimo *Verín*.

228. vide, videira

Vide e *videira* son os nomes da *Vitis vinifera* (VCN, 146), procedentes do lat. VĪTE e VĪTARIA, respectivamente. Na toponimia do territorio estudiado, a presenza desta especie botánica maniféstase sobre todo a través dos temas *viña* (230) e *bacelo* (027), pois tanto *vide* coma *videira* son moito menos frecuentes.

228.1. Vide

A identificación da forma *Vide* na toponimia resulta problemática, pois precedida de artigo conflúe con antropotopónimos procedentes do xenitivo de

Avitus, e así a parroquia de Monforte chamada *A Vide*, castelanizada como *La Vid*, documéntase no século XI como «*villa Abiti*» (ano 1098, *Lvcensia*, p. 139). Só a documentación antiga pode confirmar a relación con *VITE* dos seguintes topónimos do territorio estudoado:

Vide de Miño (*San Salvador*), parr. en Castrelo de Miño

Vide, EdP e parr. (*San Xoán*) en Baños de Molgas

Vide, EdP en Castrelo de Miño

Arbides ou *Arvides*, PnH en Cualedro (M264-4)

Este último ha de corresponder a *As Vides*, con rotacismo do *-s* implosivo ante consoante sonora.

Videferre (*Santa María*), parroquia e lugar en Oímbra, podería conter *Vide* no primeiro elemento, posiblemente seguido do xenitivo dun cognome FERRUS. Non ten relación con *vide* o lugar de *Vidalén*, en Laza, que aparece na documentación antiga como *Vila de Alén*: «*ina uila dAlén*» (ano 1272, MdR, ACO Perg. Monac. nº 1079).

Un diminutivo *VITELLA* dá lugar ó topónimo

A Videla, PnH en Castrelo do Val (M303-1)

No NG figuran 5 *Vide* ou *A Vide* en Aranga, Monforte (parr.), As Neves (parr.) e Santiso, *Chan de Vide* nas Neves, *Vides* en Tui. O segundo elemento de *Casavide* (Cerdido), *Penavide* (Rois) e *Revide* (Quiroga, cun primeiro elemento *Río-*) podería ser un antropónimo *Avīti*.

O DCP recolle 8 *Vide*, 1 *Vide entre Vinhas*, aparentemente tautolóxico, e 1 *Vides*.

Algúns dos topónimos do territorio estudoado localizámolos na documentación antiga:

«*Joan da Vide*» (ano 1279, OSR2, nº 1133)

«*a mia erdade que eu ago en Vide*» (ano 1283, OSR2, nº 1164)

«*Arias lohannis de Vide*» (ano 1275, OSR2, nº 1087)

«*Ares Eanes de Vide*» (ano 1275, OSR2, nº 1092)

«*duo casalia, unum scilicet in Pradu (...) et aliud in Vidi*» (ano 1228, OSR1, nº 299)

«*mea hereditate quanta habeo in vilia que vocitant Vide*» (ano 1193, OSR1, nº 83)

«*Arias lohannis rector ecclesie de Vide*» (ano 1275, OSR2, nº 1090)

«*de Vite et quomodo vadit ad flumen Minei*» (ano 1259, OSR2, nº 849)

«*P. Fernandi de Vite et P. Martini de Formicario*» (ano 1258, OSR2, nº 805)

«*Aria Iohannis prellatus ecclesie de Vide*» (ano 1278, OSR2, nº 1129)

«*quod iacet inter villas de Vidi et de Ollariis*» (ano 1260, OSR2, nº 877)

«*in territorio Ripa Mini, in villa quam vocitant Vide*» (ano 1194, OSR1, nº 87)

«*a Pousa d'Asteris e de Bide*» (ano 1474, VFD1, nº 90)

«*Martinus Martiniz tenente ecclesia de Vide*» (ano 1193, OSR1, nº 83)

«*hu morou Martin Domingues de Vide*» (ano 1369, RBV, nº 5)

«*Aras Eanes preladu de Vide*» (ano 1283, OSR2, nº 1164)

«*casar de Uide*» (ano 1275, MdR, ACO Perg. Monac. nº 1201)

«*Fernando Velasci de Uide*» (ano 1250, VFD1, nº 2)

«*Arias Iohannis prelatus de Vidi*» (ano 1272, OSR2, nº 1004)

«*in Riba Minei in parrochia sancti Salvatoris de Vite*» (ano 1258, OSR2, nº 805)
 «*Vide de Baños*» [de Molgas] (ano 1487, BCMO, T5, pp. 358, 375)

228.2. Videira

O derivado correspondente a VITARIA témolo en

- A Videira*, PnH en Oímbra (M302-4)h
- A Videira*, PnH en Viana do Bolo (M228-3)
- A Videira*, PnH en Muíños (M301-2)
- As Videiras*, PnH en Laza (M264-2)
- Regueiro das Videiras*, CdA en Verín (M303-3)
- O Videiro*, PnH en Quiroga (M189-4)
- Prados do Videiro*, PnH en Carballeda de Valdeorras (M228-2)

E un diminutivo VÍTARIÓLA en

- Videiroá*, PnH en Sarreaus (M264-2)

O NG recolle 3 (*A*) *Videira* no Rosal, Taboada e Tui.

Rexistramos en documento do século XIII *A Videira* de Tui ou a do Rosal:

«*Johan Soares de Tuy, Martí Peres, dito da Videyra, desse lugar*» (ano 1296, HGP, nº 111)

No DCP figuran 5 *Videira*.

229. *vime, vimio, vimbio*

A salicácea *Salix viminalis* (VCN, 146) recibe no territorio estudiado os nomes de *vimeira*, *vimbieira*, *vimieiro*, *vimbieiro*, e as súas pólas flexibles *vimes*, *vimios* e *vimbios*. Na toponimia ourensá ten presenza por medio de derivados en –ARIU:

- Vimieiro* EdP e parroquia (*San Xoán*) en Castro Caldelas
- Os Vimbieiros*, Edp(n) en Ribadavia (M225-1)
- O Vimbieiro*, PnH en Verín (M303-1)

Na documentación antiga atopamos un *Castro Vimeira* e un *Vimieiros* hoxe non identificados:

- «*discurrente rivulo Arnogie subtus castro Vimeira*» (ano 1025, Celanova, 435)
- «*quantu ayu in Vimieirus*» (ano 1230, OSR1, nº 325)

O NG recolle 2 *Vimbieiro* en Ortigueira, 1 *Vimieira* en Tordoia, 3 *Vimieiro* en Cervantes, Guitiriz e O Pino. No DCP hai 5 *Vimeiro*, 8 *Vimieiro*.

Non recollemos no territorio estudiado ningún exemplo coa forma simple *vime*, *vimio*, *vimbio*. Na documentación antiga rexistramos un topónimo *Os Vimes* («*e nos Vimées*», ano 1352, MdR, AHN Clero, Cpta. 1495, nº 5).

Tampouco temos ningún derivado en -ALE, presente nunha antiga «*eira vimenale*» (ano 1010, CLN, nº 318) e representado no NG nun *Vimbial*, no concello de Viveiro.

Piel propuxo unha vinculación con este tema léxico, a partir dun derivado *VİM᠁CĒU, do topónimo *Vimianzo* (lugar, parr. e concello do mesmo nome, e parr. e lugar en Santiso).

No DCP figura un derivado en -OSU, *Vimioso*. Non hai no NG ningún topónimo equivalente.

230. viña

En boa parte do territorio estudiado, onde a climatoloxía o permite, a viña, *Vitis vinifera*, foi e segue a ser intensamente cultivada desde a Idade Media. Nas ribeiras do Sil, do Miño, do Avia, do Támega, do Arnoia e outros lugares constituíu a actividade agrícola máis importante. Nos arredores da cidade de Ourense foi case exclusiva, pois unha das queixas elevadas polo concello ó Rei en 1454 era que nos termos da cidade só había labranza de viña (López Carreira, OXV, p. 63). Na documentación medieval máis antiga relativa a esas áreas, as fórmulas enumerativas das propiedades aluden sempre ás viñas. Foron os mosteiros os que promoveron e difundiron o seu cultivo. No testamento de San Rosendo de Celanova lemos «*Et intruximus cenobia domorum et omnia intrinsecus et extrinsecus necessariorum ad normam regulari ab te vel composite plantatio vinearum et omnigena nemorum arborum consitorum*» (ano 977, CLN, nº 1). Do mesmo xeito, o mosteiro de San Clodio do Ribeiro foi o foco difusor da viña en toda a comarca; o seu abade Paio explica no seu testamento: «*Feci casas, quascumque ibi sunt, excepto cellario; plantavi vineas quae ibi non erant; rupi montes multos; populavi hereditates...*» (ano 1158, San Clodio, nº 5).

O territorio estudiado contén as áreas de maior densidade deste topónimo en todo o noroeste peninsular, seguramente na mesma proporción cá do cultivo da especie, pois a produción de uva en Ourense representa máis do dobre da do resto de Galicia, segundo o DEGC (III, 417).

230.1. Viña

A forma simple *viña* (< lat. VİNĘA) é moi común na toponimia ourensá. Recollemos os seguintes exemplos:

Viña (San Román), parr. en Cea e Vilamarín

Viña, EdP en Cea

A Viña, Edp(n) en A Peroxa (M188-1)

- As Viñas*, EdP en Padrenda
As Viñas, EdP en San Amaro
Entreviñas, EdP en Ramirás
Froxás das Viñas, EdP na Merca.
San Cibrao das Viñas, EdP, parr. e concello do mesmo nome.
A Viña da Aldea, PnH en Coles (M188-3)
Viña da Cal, PnH en San Amaro (M187-3)
Viña do Conde, PnH na Teixeira (M189-3)
Viña do Monte, PnH en Ourense (M187-4)
Viña do Roque, PnH en Lobios (M301-3)
A Viña Grande, PnH en Coles (M188-3)
A Viña Grande, PnH en Verín (M303-3)
A Viña, PnH en Quiroga (M189-2)
A Viña, PnH en Sandiás (M264-1)
A Viña, PnH en Sober (M188-2)
A Burata da Viña, PnH en Cualedro (M302-2)
Chacharela da Viña, PnH en Avión (M186-2)
Castiñeiro da Viña, PnH en Cualedro (M302-4)
A Cortiña da Viña, PnH en Cualedro (M302-2)
O Outeiro da Viña, PnH en Vilar de Santos e Rairiz de Veiga (M264-1)
O Outeiro da Viña, PnH en Porqueira (M263-4)
Regas da Viña, PnH en Punxín (M187-4)
A Touza da Viña, PnH en Lobios (M301-1)
As Viñas, PnH en Viana do Bolo (M266-1)
As Viñas, PnH en Hermisende (M304-2)
As Viñas, PnH en Amoeiro (M187-4)
As Viñas, PnH en Allariz e A Merca (M225-4)
As Viñas, PnH en Vilardevós (M303-3)
Sobreviñas, PnH en Carballeda de Valdeorras (M190-4)
Sobreviñas, PnH en Oímbra (M303-3)
Viñas Blancas, PnH en Verín (M303-3)
Regueiro de Viñas Blancas, CdA en Verín (M303-3)
As Viñas Vellas, PnH en Celanova (M225-4)
O Alto das Viñas, PnH en Viana do Bolo (M266-1)
Cima das Viñas, PnH en Cenlle (M187-3)
Valdeviñas, PnH en Arnoia (M225-1)

No NG figuram, ademais, topónimos *Viña* ou *A Viña* en Bergondo, Crecente, Irixoa (parr.), A Laracha, Orosio, Palas de Rei, Pontedeume; *Bouza da Viña* en Lourenzá, *Calva da Viña* en Cotobade, *Casas da Viña* en Lugo, *Chao da Viña* en Irixoa, *Fonte da Viña* en Ordes, *Pé da Viña* en Trabada, *Rego da Viña* en Guitiriz, *Suaviña* (< SUB ILLA VINEA) en Ponteareas, *Vilar de Viña* en Irixoa. *A Viña da Veiga* en Vigo, *A Viña de Millán* no Grove, *A Viña do Pazo* nas Neves, 2 *Viña Grande* en Vigo e Vilanova de Arousa, 2 *Viña Vella* na Cañiza e Ponteareas e *Souto Viñavella* en Alfoz. O plural *Viñas* ou *As Viñas* en Betanzos (*San Pedro das Viñas*, parr.), Carballedo, Chantada, A Coruña (*San Cristovo das Viñas*, parr. e lugar), Foz, Monfero, Narón (2), As Neves, Paderne (*San Pantaleón das Viñas*, parr.), Pantón (2), Poio, Ribeira e As Somozas; 2 *Entreviñas* en Gondomar e Ourol, *Sobreviñas* en Noia.

O DCP recolle máis de 54 localidades chamadas *Vinha* e 17 *Vinhas*.

230.2. Viñoa, viñoá, viñó

A forma do diminutivo presenta o sufixo correspondente a -ÓLA (*VÍNÉOLA*). Este sufixo ofrece na toponimia do territorio estudiado tres solucións diferentes:

- a) -ÓLA > -oa, que é a solución do galego común. En Ourense, é propia da zona NW da provincia (a isoglosa coincide aproximadamente co río Miño) e dalgunhas áreas orientais, como en Viana do Bolo.
- b) -ÓLA > -ó, propia do SE, que coincide coa chamada Área Limega (Fernández Rei, 1982), na zona de influencia da diocese tudense.
- c) -ÓLA > -oá, con desprazamento acentual, estendida pola toponimia do resto do territorio.

No caso de *VÍNÉOLA* temos exemplos do primeiro e do terceiro resultado:

Viñoa, EdP no Carballiño

A Viñoá, EdP en Ourense

A Viñoá (Aviñoá) no NG, EdP na Merca (M225-4)

Viñoás, EdP e parr. (*Santa María*) de Nogueira de Ramuín

Viñoá, PnH en Lobeira (M301-1)

O NG recolle 1 *Viñoa* en Lalín e 2 exemplos do resultado -ÓLA > ó en *Viñó* (Gondomar e Vigo). No DCP contamos 8 *Vinhó* e 4 *Vinhós*.

230.3. Viñal

O colectivo común de *VÍNÉA* fórmase co sufixo -ALE (*viñal*). Témolo en

O Viñal, EdP en Bande

O Viñal, EdP en Baños de Molgas

O Viñal, EdP en Gomesende

O Viñal, EdP en Sober

Viñal do Rei, EdP en Cenlle

O Viñal, PnH en Sober (M188-2)

Viñás, PnH en Sober (M188-2)

Viñás, PnH en Parada de Sil (M188-4)

Agro de Viñás, PnH en Carballedo (M188-1)

No NG aparecen 2 *Viñal* na Pobra de Brollón e en Ponteareas. O DCP recolle 7 *Vinal*, 7 *Vinhais*.

230.4. Viñeiro, viñaredo e outros derivados

Un derivado en *-ARIU* está presente en

Viñeiros, PnH en Laza (M265-3)

Viñeiros, PnH en Manzaneda (M227-2)

Viñeiros, PnH en Nogueira de Ramuín (M188-3)

No DCP figuran 1 *Vinheiro*, 1 *Vinheiros*.

Con dupla sufixación en *-ARIU* (ou ALE) e *-ĒTU*:

O Viñaredo, PnH en Vilamartín de Valdeorras (M190-1)

O substantivo que contén a forma simple *viño* (< VÍNU) témolo no topónimo

A Fonte do Viño, PnH en Montederramo e Chandrexá (M227-1)

O NG recolle *Viños* en Arzúa (parr.). Non podemos confirmar que *Viñogrande e Viñopequeno*, en Vedra, conteñan o s. *viño* < VÍNU.

Non ten relación con *viño* ou *viña* o nome do *Río Viñao*, en Boborás e O Irixo, que aparece na documentación antiga como *Obiniano*:

«*inter duos rivulos Avia et Obiniano subtus penna acuta*» (ano 1058, CLN, nº 483)

Non dispoñemos de documentación antiga que permita saber se ten a mesma orixe ou se responde a un derivado (¿xentilicio?) en *-ANO* o topónimo *O Viñao*, EdP en Punxín, ou *O Viñago*, PnH en Riós (M303-2), que talvez conteña un *-g-* antihiático (cf. *San Xiao*, en Fontefría, Amoeiro, que ten como realización maioritaria na fala *Sanxiago*). Teñen paralelo con estes 2 *Viñán* que figuran no NG en Orosio e Ortigueira.

O hidrónimo

Regueiro das Vincelas, CdA na Veiga (M228-4)

podería conter un diminutivo *VÍNCÉLLA, ou acaso diminutivo da forma presente noutro topónimo *Vincia* (EdP en Palas de Rei), que semella un colectivo en *-ÍCEA*. De seren fitonímicos poderíamos relationalos con VÍÑEA ou con VÍMÍNE (vid.229). Se cadra ten a mesma orixe *Vincios*, parr. do concello de Gondomar.

231. viveiro

O común *viveiro*, «sitio donde se siembra semilla de árboles» (Rivas, 1982, 182), procede do lat. VÍVARIU, derivado de VÍVĒRE ‘vivir’. É sinónimo de *almáciga* (vid. 012) e de *pebideiro*, *pibideiro*, *pibidal*, *pebidal* (< PIPITARIU, PIPITALE), estes últimos representados na toponimia doutras áreas de Galicia pero non no territorio estudiado.

Viveiro, EdP e parr. (*San Xoán*) en Celanova

- Viveiro*, PnH en Monterrei (303-1)
O Viveiro, PnH en Castrelo do Val (M303-1)
O Viveiro de Camba, PnH en Vilariño de Conso (M265-2)
Os Viveiros, PnH en Maceda (M226-4)
Cabeza do Viveiro, PnH en Vilamartín de Valdeorras (M190-1)
As Fragas do Viveiro, PnH en Viana do Bolo (M266-1)
A Veiga do Viveiro, PnH en Viana do Bolo (M266-1)

A parroquia de Viveiro en Celanova aparece na documentación antiga:

- «in *Vibario* villa nimis bona» (ano 1011, CLN, nº 276)
 «da iglesia de *Seoanne de Vibeyro*» (ano 1319, RdS, nº 67)
 «ygreja de *San Juan de Bibeyro*» (ano 1519, VFD1, nº 122)
 «Alonso de Cudeyro, veziño de *Vibeyro*» (ano 1519, VFD1, nº 121)

Viveiro figura no NG como nome da vila, dúas parroquias e concello do mesmo nome, onde tamén hai *Tras Viveiro*; hai outro *Viveiro* en Frades, ademais do de Celanova, e un *Viveirón* (derivado en -ÓN ou en -ÓLU) en Muras. O DCP recolle 2 *Viveiro* e 1 *Viveiros*.

232. *xardín*

O gal. *xardín*, coma cast. *jardín*, port. *jardim*, é voz tomada do francés *jardin*, que á súa vez é diminutivo romance do fr. ant. *jart* ‘horto’, e este do fráncico **gard* ‘cercado, sebe’ (DCECH, III, 496). Na lingua medieval, antes da entrada deste galicismo, usábase co mesmo significado *horto* (vid. 031). Temos esta forma nos seguintes topónimos menores:

- O Xardín*, PnH en Sandiás (M264-1)
O Xardín, PnH en Trasmíras (M264-4)
O Xardín, PnH en Sober (M188-2)

O NG recolle 1 *Xardín* en Ribadeo. No DCP figurán 10 *Jardim*.

233. *xardón*

Os dicionarios recollen *xardón* como sinónimo de *acevo*, *acevro*, *acivo*, *acivro* e outras denominacións do *Ilex aquifolium* (VCN, 147; vid 006). Probablemente sexa ese o significado máis estendido, pero nalgúnsas áreas do territorio estudiado (na Gudiña) constatamos o emprego deste mesmo termo para denominar exemplares novos de aciñeira ou certa variedade de aciñeira de pouca altura, nunha área onde na lingua común e na toponimia están presentes *acevro*, *acivro* e derivados (vid. 006). Sarmiento rexistrouna con varios significados bo-

tánicos: «*Xardôs* (...) Llaman así en el Cebrero al acebo. En San Pedro de Montes son los chaparros de encinas» (*Catálogo*, 141r, p. 352); «*Xardóns*, *xardôs*. Oí que hacia Orense se llaman así un género de espinos que echan flor blanca, y todo género de cambrones con que se cierran las heredades» (*Catálogo*, 362); «*xardons*. Deben ser en gallego los ramajos del acebo. El azebo se llama en Asturias, hacia Corias, *sardon*; y *sardoniella*, por la similitud de las espinas llaman al brusco allí (...). En Galicia, hacia Valdeorras se llama *xardo* el acebo» (*Vegetables*, 1880); «*Xardón*. Llaman así en Samos y Cebrero al acebo» (*Vegetables*, 325). «*Acebo*. En el Zebrero hay muchos, y se llaman sardones, y xardones (a la gallega) y en Galicia se llaman también así hacia Orense» (*Catálogo*, A41r, p. 485). A etimoloxía da palabra é problemática. Sarmiento recolle tamén un significado zoonímico: «En Tuy llaman a esos dichos lagartos o lagartazos *xardons*; y *xardons* significan tierra adentro las ramas del acebo, encina, carrasco, etc., para la lumbre» (*Vegetables*, 1207); «*xardóns*. Llaman así en Tuy a los lagartos *arnales* o *asnales*» (*Catálogo*, 425). Corominas relaciona este último *xardón* co castelán *jaro* ‘encarnado’ e o portugués *sarda*, *xarda* ‘mancha no rostro, penca’, ambos de etimoloxía incerta, posiblemente prerromana (DCECH, III, 497, s.v. *jaro*). Igualmente prerromano podería ser o *xardón* botánico.

En asturiano tamén existe: «*xardón* m. Acebo, *bruscu*» (Sánchez Vicente, 371). A confusión entre *bruscu* (*Ruscus aculeatus*) e *acevo* (*Ilex aquifolium*), sendo especies tan diferentes, procede da semellanza das súas follas espiñudas, tal como advertiu Sarmiento.

233.1. Xardón

A forma simple téмолa en:

O Xardón, PnH en Monterrei (M302-2)
Os Xardós, PnH en Verín (M303-3)

233.2. Xardo, xarda

Sarmiento recolle *xarda* e *xardiña* como nomes do *Ruscus aculeatus*, o brusco ou xilbarbeira, e emparenta este nome co de *xardón*: «*Xarda. Xardiña*. Llaman en Samos al brusco acaso por similitud con el acebo» (*Vegetables*, 139r, p. 326-327). É posible que estea este significado fitonímico no topónimo

Chairá da Xarda, PnH en Pías (M266-2)

O DCP recolle 1 ***Jardo*** e 1 ***Jardos***, que ignoramos se pertencen a este tema fitonímico.

233.3. Xardoal

O derivado de *xardón* por medio do sufixo –ALE témolo en

O Xardoal, PnH no Barco de Valdeorras (M190-2)

O Xardoal, PnH en Vilamartín de Valdeorras (M190-1)

233.4. Xardoeiro

Só recollemos un derivado por medio do sufixo correspondente a –ARIU:

O Xardoeiro, PnH en Oímbra (M302-4)

O DCP recolle un lugar ***Jardoeira***.

233.5. Outras formas

Un grupo de topónimos que presentan un radical semellante, pero sen palatal na inicial, poderían estar relacionados co nome do *xardón*:

Sardela, EdP en Parada de Sil

Alto da Sardiñeira, PnH en Cortegada (M225-3)

Sardiñeira, PnH en Cualedro (M302-4)

A Sardiñeira, PnH en Cortegada (M225-3)

O Sardiñeiro, PnH en Castro Caldelas (M189-3)

Hai tamén un ***Río Sardiñeira*** en Monterroso. Outros tops. semellantes porderían explicarse polo nome do peixe mariño chamado *sardiña* (cf. ***Sardiñeiro***, parr. e 2 lug. en Fisterra e ***Sardiñas*** en Cabanas), pola proximidade do litoral, pero esta explicación parece pouco probable nalgúns dos topónimos menores do territorio estudiado. No caso do río ***Sardiñeira*** debemos considerar a raíz hidronímica prerromana *SAR– (Rivas 1994, 145-46), céltica (cf. *Sar*; *Salas*, *Sárdoma*) con interferencia do común *sardiña*. Tamén ***Sardela*** pode ser hidronímico. En calquera caso, a documentación antiga non aclara a orixe:

«*In Monteroso (...) de Bustos et Vulturaria et de Sardiniaria*» (ano 934, CLN, nº 478)

«*et tres partes de bustos de Vulturaria et Sardinaria*» (ano 934, CLN, nº 478)

«*per ripam ssardinaria (...) dictum flumen ssardinaria*» (ano 1163, BCM, T6, pp. 142-143)

«*frey Lourenço de Sardineyra*» (ano 1325, RdS, nº 68)

«*ffrey Johan Ssardella, prior*» (ano 1324, MdR, AHN Clero, Cpta. 1492, nº 12)

«*lugar de Sardela*» (ano 1508, RdS, nº 273)

234. *xenciana / xanzá*

Os dicionarios rexistran *xenzá*, *xanzá* (DEGC, III, 434, 438) como formas galegas correspondentes ó latín GENTIANA, cast. *genciana*. As xencianáceas constitúen unha familia bastante numerosa, e toman o seu nome da más común das súas especies, a *Gentiana lutea*, coñecida polas súas propiedades medicinais (Font Quer, 727). Con *xanzá* ~ *xenzá* conviven no galego as formas *xenciana*, *xanciana*, que non son patrimoniais, como demostra o feito de conservaren o *-n-* intervocálico. Poderían considerarse castelanismos ou cultismos, e teñen o seu paralelo na forma do portugués estándar *genciana* (Sampaio, *Flora*, 462).

Estas formas con *-n-* teñen presenza na toponimia:

O Xancianal, PnH na Veiga (M229-3)

Non recollemos no territorio estudiado nin no NG outros topónimos emparentados, sexa desta forma con *-n-* ou sexa dos resultados patrimoniais.

A falta de documentación medieval, non podemos saber se os nomes de *Xanceda* (parr.) e *Xanceda Vella*, no concello de Mesía, e *Xanceda*, en Ourol, son formas diverxentes de *Salceda* (< SALICĒTA), como vén interpretándose, ou se pertencen a este tema léxico a partir dun étimon GENTIANĒTA.

235. *xesta*

O galego *xesta* é a denominación común de diversas especies de plantas leguminosas do xénero *Sarothamnus* e outros xéneros afíns. Este nome, coma o port. *iesta*, e o cast. *hienda*, procede do latín vg. *GENĒSTA (clás. GENISTA). Ten moita presenza na toponimia.

235.1. Xesta

A forma simple témola en numerosos topónimos. O singular debeu ter en orixe valor colectivo:

A Xesta, PnH en Carballeda de Valdeorras (M229-1)

A Xesta, PnH en Lobios (M301-3)

A Xesta, PnH na Gudiña (M266-3)

A Xesta Vella, PnH en Beariz e Avión (M186-2)

A Meixón de Val de Xesta, PnH en Chandrexa e Vilariño de Conso (M227-4)

Apretadura de Val de Xesta, PnH en Chandrexa e Vilariño de Conso (M227-4)

Corga da Xesta, CdA en Lobios (M301-3)

Penedo da Xesta, PnH en Muíños (M301-2)

Regueiro da Xesta, CdA en Baltar (M302-1)

Regueiro da Xesta, CdA na Lama (M186-4)

As Xestas, PnH en Beariz e Forcarei (M153-4)

As Xestas, PnH en Cualedro (M302-2)

Lombo das Xestas, PnH na Mezquita (M304-1)

O NG recolle 11 (*A*) *Xesta* en Abadín, Arteixo, Crecente, Irixoa, A Lama (parr. e lugar), Lalín (parr. e lugar), A Laracha, Oleiros e Teo. O plural témolo en *Xestas Blancas*, en Vilalba, e nun diminutivo *Xestelas* en Guitiriz. *Porxesta*, en Muras, é probablemente un antropónimo *Pero Xesta*.

No DCP figuran 8 *Giesta*, 1 *Giestas* e 1 *Gestinha*.

A parroquia da *Xesta* (*San Fiz*), en Lalín, aparece na documentación antiga coa advocación de Santa María (áinda persiste hoxe unha celebración mariana moi popular, ponderada nun refrán tradicional: “*festa por festa, o Carme da Xesta*”):

«*Pelagio Stephani de Genesta*» (ano 1255, OSR1, nº 748)

«*a Santa Maria da Geesta*» (ano 1302, HGP, nº 61)

«*a Santa Maria de Geesta*, XX morauedis» (ano 1303, VFD1, nº 42)

«*Santa Maria da Giesta*» (ano 1308, MdR, AHN Clero, Cpta. 1493, nº 19)

Recollemos un exemplo dunha forma masculina *Xesto* para a que non atopamos explicación satisfactoria. Podería non ser fitonímico:

Penedo do Xesto, PnH en Verea e Bande (M263-4)

A mesma forma aparece como antropónimo na documentación antiga:

«*in Morracio Bellucio cum pumare de Mauron, et terras et pumares de Gienesto*» (ano 934, CLN, 478)

O NG recolle 6 *Xesto* en Castro de Rei (2), Mazaricos, Ourol, Santa Comba e O Saviñao.

No DCP figuran 2 *Gesto*.

235.2. Xestal

É igualmente común o derivado colectivo correspondente a *GENESTALE:

O Xestal, PnH en Laza (M264-2)

O Xestal, PnH en Parada de Sil (M188-4)

O Xestal, PnH en Sandiás (M264-1)

O Xestal, PnH en Baltar e Calvos de Randín (M302-1)

O NG recolle 9 (*O*) *Xestal* na Capela, A Laracha, Lugo, Monfero, Ortigueira (2), Vilalba, Salvaterra, San Sadurniño; 2 co plural *Xestás* na Estrada e Vilalba e *Vilar de Xestal* en Lalín. Este último atopámolo na documentación medieval:

«*a nossa leyra da Toca, que agora iaz en Geestal*» (ano 1272, OSR2, nº 1002)

No DCP figuran 7 *Giestal*, 1 *Gestal* e 1 *Gestalinho*.

Interpretamos como derivados diminutivos en -ÍNO de *Xestal* as formas *Xesteliño* que achamos na toponimia (o paso *a* > *e* na pretónica cando a vogal tónica é un *i* é fenómeno común na fonética do territorio estudiado), equivalentes

do mencionado *Gestalinho* portugués, pois non cremos que se trate de variantes de *Sesteliño* con insólita palatalización da inicial:

Xesteliño, PnH en San Amaro (M187-3)

O Xesteliño, PnH en Melón (M224-2)

235.3. Xesteira, xesteiro

É moi común o derivado correspondente a *GENESTARIA, *GENESTARIU. Témo-lo en

A Xesteira, EdP no Carballiño

Xesteira, 2 EdP en Boborás

A Xesteira, Edp(n) en Amoeiro (M187-4)

A Xesteira, Edp(n) en Vilamarín (M187-2)

A Xesteira, PnH en Avión (M186-2)

A Xesteira, PnH en Carballedo (M188-1)

A Xesteira, PnH en Celanova (M263-2)

A Xesteira, PnH en Crecente (M225-3)

A Xesteira, PnH en Cualedro (M302-2)

A Xesteira, PnH en Muíños (M301-2)

Xesteiras, PnH na Peroxa (M188-1)

Fontiña das Xesteiras, PnH en Melón (M224-2)

Xesteiro das Eiras, PnH en Lobios (M336-1)

Buxesteiro, PnH en Vilariño de Conso (M227-4)

Xesteirón, PnH en Chandrexá de Queixa (M227-1)

Xesteiros dos Bañadoiros, PnH en Lobios (M336-1)

Xesteirón corresponde a un derivado *GENESTARIÖLU ou GENESTARIÖNE. O primeiro elemento de *Buxesteiro* é probablemente unha forma apocopada de *busto*.

O NG recolle 21 (*A*) *Xesteira* en Arteixo, Baleira, Cambados (2), A Cañiza, A Capela, Cotobade, Friol, Lalín, A Laracha, Malpica, Nigrán, Pantón, Ribadumia, Salvaterra de Miño, Santa Comba, Santiago, Santiso, Soutomaior, Touro e Vilagarcía de Arousa; *Xesteiras* en Boimorto e *Xesteiriña* en Sanxenxo.

No DCP contamos 10 *Gesteira*, 11 *Giesteira*, 2 *Giesteiras* e 1 *Giesteiro*.

235.4. Xestedo, xesteda

Un exemplo de derivado correspondente a *GENESTĒTA é:

Xesteda, PnH en Sober (M189-1)

O NG recolle *Xesteda* en Cerceda (parr., co lugar de *Campo Xesteda*) e *Xestido* en Ourolo.

Na documentación antiga localizamos un *Xestedo* hoxe non identificado:

«Item hūu cassal en *Geestedo* en Cangaz, desprobado» (ano 1352, TzS, fol. 23r)

235.5. Xestoso, xestosa

Son derivados correspondentes a *GENESTŌSU, *GENESTŌSA os seguintes

Xestosa, EdP e parr. (*Santa María*) en Toén

A Xestosa, EdP en Montederramo

Ermida da Xestosa, PnH en Avión (M224-2)

Regato de Xestosa, CdA en Toén (M225-2)

Regato da Xestosa ou dos Sapos, CdA na Gudiña (M303-2)

A Xestosa, PnH na Gudiña (M303-2)

A Xestosa, PnH en Castrelo de Miño (M225-1)

Xestosa, PnH en Nogueira de Ramuín (M188-4)

Xestosa, PnH en Vilardevós (M303-3)

Na documentación antiga atopamos algúns destes topónimos:

«dividet per **Genestosa** et feret in terminos de Azevetello» (ano 986, CLN, nº 84)

«Ego Petrus Martini notariu et prelado de **Geestoso**» (ano 1259, OSR2, nº 839)

«in locos nominatos **Gestoso** et Froam de susao» (ano 1268, OSR2, nº 957)

«que iaz a par da **Gestossa**» (ano 1289, HGP, nº 105)

«Martin **Geestosa**» (ano 1376, RdS, nº 90)

«contra Cerreda e conta **Giestosa**» (ano 1407, RdS, nº 109)

O NG recolle 5 (*A*) *Xestosa* en Dumbría, Mesía, As Neves (2) e Zas; *Casanova da Xestosa* e *Vilar da Xestosa* en Muras. Máis común é o masculino: 16 *Xestoso* en Baleira, Carnota, Cervantes, A Fonsagrada (2, *Xestoso e Xestoso dos Calvos*), Lousame, Mazaricos, Mondoñedo, Monfero (2 parroquias), Quiroga, Silleda (parr. e lugar), Taboada e Vigo, ademais dun *Vilaxestoso* (< VILLARE GENESTŌSU) en Monfero e dun diminutivo *Xestoselo* en Guitiriz.

No DCP hai 9 *Gestosa*, 2 *Gestoso*, 1 *Gestosinho*.

236. xilarda

Non recollemos no territorio estudo nin no NG ningún topónimo derivado de *xilarda*, *xilbardeira*, *xilbarbeira*, *xenxibarbeira* (Sarmiento, *Vegetables*, 105-110, 217), denominacións do *Ruscus aculeatus* (vid. 046). O DCP inclúe un colectivo en -ÉTU nun topónimo *Gilbarbedo*.

237. xistra

O P. Merino asígnalle ó *Meum athamanticum* o nome galego de *xistra*, e engade: «También vegeta en un monte no lejos del Cuadramón llamado,

quizás por el nombre de esta planta, Xistral» (Merino, Supl. ó Tomo I, p. 567). A identificación da planta e a suxestión toponímica proceden de Sarmiento «Xistra. En Asturias y Cataluña sistra, y en la provenza cistrée. Es sin duda el meum athamantico de Dioscórides. Es voz céltica, pues en los Synonimos que andan con él se dice: *aliqui meum, gali sistrameor*, pag. 455., hablando del Hippomarathron. Se me remitió de Tribis, en donde se llama xistra. Acaso de ahí el monte Sistral, junto a Vivero» (Vegetables, 2484).

Os dicionarios recollen para a voz *xistra* o significado común de «viento helado, a veces con aguanieve» (DEGC, III, 441), que debe ter orixe distinta. Corominas suxire unha posible relación deste gal. *xistra* co mallorquín *celistre* ‘viento muy frío y penetrante’ e explica este como variante dialectal do catalán *celistia* ‘la noche estrellada’, procedente do lat. CELESTIA (SIGNA) (DCECH, III, 353, s.v. *hielo*). O fitónimo recollido por Sarmiento e Merino podería ter relación con outro vocábulo idéntico *xistra* «vara fina y flexible de dos o tres ramas, para hostigar al ganado menudo», que Eladio Rodríguez localiza no Courel e dá como equivalente de *xostra*, localizado en Lánca-ra (DEGC, III, 569); sería, polo tanto, unha variante de *xostra*. A palatalización da vogal da sílaba inicial puido orixinarse nalgún derivado, pois en posición átona sería explicable a palatalización por efecto do contacto coa consoante palatal (*xostregar, xostrar* > **xistrar*). Se é esta a orixe da forma *xistra*, a súa presenza na toponimia pode aludir a diferentes especies, e non únicamente á mencionada por Sarmiento e Merino. Corominas relaciona o galego *xostra* e *xostregar* co antigo *justar*, cast. *justar* (< IUXTARE) e *hostigar* (< FUSTIGARE) (DCECH, III, 528, s.v. *jostra*). Se, pola contra, se confirmasen as hipóteses etimolóxicas achegadas por Sarmiento, a relación con *xostra* sería simple paronimia e estariamos ante unha voz céltica, como afirma o benedictino.

Recollemos aquí topónimos con apariencia de derivados de *xistra*, aínda que non podemos confirmar o seu carácter fitonímico. Advírtase que se localizan preferentemente na área oriental do territorio, e que Sarmiento localiza precisamente en Trives o nome *xistra* para a planta que el identifica como *Meum athamanticum*:

O Campo da Xistra, PnH en Carballeda de Valdeorras (M229-1)

O Campo da Xistra, PnH na Veiga (M228-2)

A Lomba da Xistra, PnH en Carballeda de Valdeorras (M229-1)

O Xistral, PnH en Chandrex de Queixa (M227-3)

O Sitrail ou O Xistral, PnH en Porto e Pías (M266-2)

237b. xoio

O *xoio* é unha planta gramínea espontánea que nace entre os cereais, de nome científico *Lolium temulentum* (VCN, 148), chamada en castelán *cizaña* (DEGC, III, 442). O gal. *xoio*, cast. dialectal *joyo*, port. *jóio* proceden do lat. vg. *JŌJU, variante do lat. clas. LŌLŪ (DCECH, III, 531). Non recollemos no territorio estudiado topónimos derivados deste tema léxico. Noutras árees de Galicia localizamos un topónimo menor *As Xueiras* no concello de Castro de Rei (M48-3). **Coucixoso**, EdP nas Somozas, podería corresponder a un sunstantivo *couce* (vid. 092b) cun adxectivo *JŌJOSU.

238. xunco

O gal. *xunco*, cast. *juncos*, port. *junco*, procede do lat. JŪNCU, e designa varias especies dos xéneros *Cyperus* e *Juncus*, da familia das xuncáceas (VCN, 148). Figura tamén nos dicionarios unha variante *xungo* (DEGC, III, 445), con anómala nasalización da oclusiva velar tras nasal, talvez por cruzamento con *xunguir*. Crespo Pozo considera a variante *xungo* como propia da zona ourensá que limita con Zamora (NCVCG, II, 506). Efectivamente, rexistrámola na toponimia de zonas da metade oriental do territorio estudiado, mais cunha maior extensión da que lle asigna Crespo Pozo, pois chega por occidente ata a Limia.

238.1. Xunco, xungo

Coa forma simple *xunco* recollemos dous exemplos paralelos en

Os Xuncos, PnH en Manzaneda (M227-4)

Os Xungos, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)

O NG recolle 1 topónimo **O Xunco** nas Somozas, e un feminino **Xuncabranca** en Sanxenxo, onde tamén hai o **río Xuncabranca**. No DCP hai 4 **Junco** e 1 **Junquinho**.

238.2. Xuncal, xungal

Son más numerosos os topónimos co derivado en -ALE:

O Xuncal, EdP en Sober

O Xuncal, Edp(n) na Arnoia (M225-1)

O Xuncal, Edp(n) no Carballiño (M187-3)

O Xuncal, PnH en Parada de Sil (M188-4)

- Xuncal*, PnH en San Amaro (M187-3)
O Xuncal Vello, PnH en Monterrei (M302-2)
Alto de Xuncás, PnH en Melón e A Cañiza (M224-2)
O Xungal, PnH en Xinzo de Limia (M264-3)
O Xungal, PnH en Riós (M303-2)
O Cavanco do Xungal, PnH na Gudiña (M266-3)
Regato do Xungal, CdA en Riós (M303-2)
Regato da Fonte do Xungal, CdA en Castrelo do Val (M265-3)
Os Xungás, PnH en Trasmiras (M264-4)

No NG figuran 8 (*O*) *Xuncal* en Baiona, Lourenzá, Mañón, Marín, Miño, Muras, Vigo e Viveiro, e o pl. *Os Xuncás* en Ourol. No DCP contamos 14 *Juncal*, 1 *Juncainho*, 3 *Juncalinho*, 4 *Juncais*.

238.3. Xunqueira, xunqueira

O derivado en –ARIA esta presente en:

- Xunqueira de Ambía*, EdP, parr. (*Santa María a Real*) e concello do mesmo nome
Xunqueira de Espadanedo, EdP, parr. (*Santa María*) e concello do mesmo nome
Xunqueira, parr. (*San Pedro*) na Pobra de Trives
Xunqueiroá, EdP en Xunqueira de Ambía
Sas de Xunqueira, EdP na Pobra de Trives
Pardeconde de Xunqueira, EdP en Xunqueira de Espadanedo
A Xunqueira, Edp(n) na Merca (M225-4)
A Xunqueira, PnH na Peroxa e Coles (M188-1)
A Xunqueira, PnH en Carballeda de Avia (M224-2)
As Xunqueiras, PnH na Peroxa (M188-1)
A Xunqueira, PnH na Gudiña (M265-2)
Regato da Xunqueira, CdA na Gudiña (M265-2)

Xunqueiroá é un diminutivo IUNCARIÓLA con desprazamento acentual. Os outros topónimos maiores atopámolos na documentación antiga:

- «*hereditate quam habebatis in terra de Iunquera*» (ano 1163, RdS, nº 2)
 «*de Portas quomodo diuidit per Juncariam*» (ano 1186, BCMO, T3, p. 175)
 «*Sancti Iuliani de Iuncaria de Espadanedo*» (ano 1174, XEsP, nº 1)
 «*Sancta Maria de Iuncaria de Ambia*» (ano 1220, RdS, nº 22)
 «*monasterio de Juncaria de Spadanedo*» (ano 1227, XEsP, nº 3)
 «*in tota terra de Juncaria et de Sancto Iohanne*» (ano 1233, RdS, nº 34)
 «*don Martiño, monge de Junqueira*» (ano 1270, XEsP, nº 7)
 «*a Junqueyra de Limia*» [=de Ambía] (ano 1281, HGP, nº 55)
 «*Junqueyra de Limia*» (ano 1285, RdS, nº 57)
 «*a de Junqueyra de Limja*» (ano 1285, MdR, AHN Clero, Cpta. 1491, nº 1)
 «*moesteyro de Junqueira d' Ambia*» (ano 1287, VFD1, nº 29)
 «*o mosteiro sobredito de Santa Maria de Junqueira*» (ano 1290, XEsP, nº 8)
 «*moesteyro de Jūqueyra d'Espadanedo*» (ano 1313, MdR, AHN Clero, 1490, nº 14)
 «*Martin, clérigo, coengo de Junqueyra de Limia*» (ano 1314, VFD1, nº 46)

- «*Ssan Saluador de Junqueyra*» (ano 1324, MdR, AHN Clero, Cpta. 1492, nº 12)
 «*môge de Junqueyra d'Espadanedo*» (ano 1324, MdR, AHN Clero, Cpta. 1492, nº 13)
 «*tauerneyro de Junqueyra d'Espadanedo*» (ano 1333, HGP, nº 68)
 «*ao mosteyro de Junqueyra d'Ambía*» (ano 1417, VFD1, nº 69)
 «*do mosteiro de Santa María de Junqueira d'Anbia*» (ano 1454, VFD1, nº 79)
 «*Júqueira d'Espadanedo*» (ano 1463, MdR, AHN Clero, Cpta. 1503, nº 14)
 «*Junqueyra d'Espadanedo*» (ano 1482, MdR, AHN Clero, Cpta. 1504, nº 14)
 «*San Saluador de Junqueyra*» (ano 1482, MdR, AHN Clero, Cpta. 1504, nº 14)

O NG recolle 11 lugares chamados *Xunqueira* ou *A Xunqueira* en Fene, A Fonsagrada (onde tamén hai *Coto Xunqueira*), Gondomar, Láncara (2: *X. de Arriba*, *X. de Abaixo*), Mazaricos, Nigrán, Pontevedra, Ribadeo, Touro, Vilalba, o pl. *Xunqueiras* ou *As Xunqueiras* en Arzúa, Mesía, Pazos de Borbén (parr.), A Pobra do Caramiñal e Touro. No DCP contamos 23 *Xunqueira*, 3 *Xunqueiros*.

238.4. Xunquedo

Recollemos un só derivado en –ÉTU en

O Xunquedo, EdP en San Xoán de Río

Non atopamos equivalentes no NG nin no DCP.

238.5. Xunguía e outros derivados

Poderían ser derivados de *xungo* mediante un sufixo –ía (cf. *Braño*, *Matio*, *Poulio*) os topónimos:

- A Xunguía*, PnH en Vilariño de Conso (M227-4)
A Balsa da Xunguía, PnH na Veiga (M228-4)
Regueiro da Xunguía, CdA na Veiga (M228-4)

Tamén cabe a hipótese de que sexa variante dun derivado en –ida (< ÉTA), pois nesa área nororiental da provincia non é rara a perda do –d– intervocálico secundario (< dun –t– latino) nos sufíxos (cf. os participios en –ao do galego de Fernández Morales nos *Ensayos poéticos en dialecto berciano*, no ano 1861). Con todo, non podemos confirmar que esta forma *Xunguía* pertenza á familia léxica de *xunco*, *xungo*.

Non recollemos no territorio estudiado nin no NG exemplos de *xuncia* (< JUNCÉA), forma representada nos topónimos portugueses *Junceira* (6 lugares) e *Junça*. O DCP ramén rexistra derivados en –OSU, –OSA en 2 *Juncosa* e 1 *Juncoso*.

239. *zarragatoa

Incluímos baixo esta voz hipotética un topónimo derivado por medio do sufixo -ōSA:

Zarragatosa, PnH en Chandrexas e Vilariño de Conso (M227-4)

O DEGC recolle un substantivo feminino *zaragatona* que define como «planta vivaz de la familia de las plantagináceas». É a voz castelá *zaragatona*, procedente do árabe vulgar *zarqatūna* «hierba que crece a modo de heno, cuya simiente es negra [...] la llaman también *pulguera*... es voz arábiga y otros la llaman *zargatona*», segundo o *Diccionario de Autoridades* (cit. por DCECH, VI, 85). É a *Plantago Psyllium*. En portugués aparece como *zergatoa*, *zargatoa* desde a época medieval, e na actualidade a forma portuguesa estándar é *zaragatoa* (Sampaio, *Flora*, 503).

É posible explicar o topónimo *Zarragatosa* como derivado dunha variante **zarragatoa* co sufixo adxectival colectivo -ōSA. Non obstante, Sampaio refírese á *Plantago psyllium* como planta meridional en Portugal (“desde o Douro ao Algarve”), e non temos constancia de que exista en Galicia esa especie nin o seu nome arábigo, por más que a inclúa o DEGC.

Outra posibilidade sería interpretar *Zarragatosa* como composto de *zarra* ('chousa', relacionado co verbo *cerrar*; *zarrar*) e un segundo elemento adxectivo en -ōSA, pero semella que debemos partir dun radical **zarrag-*, co cal talvez tamén estaría emparentado o topónimo

O Zarraguedo, PnH en Viana do Bolo

Aínda que este tamén podería explicarse supondo que o *cerriego* leonés mencionado por Sarmiento (v. *cerro* 081) tivese un correspondente galego **cerrego*, que podería ser o radical do colectivo **Zarraguedo** (**Cerreguedo*). Trataríase dun topónimo de formación romance, pois presenta a consoante velar ante vogal palatal, e non a interdental -c-edo.

240. zarza

E. Rodríguez define *zarza*, *zarzalla* como «arbusto de la familia de las rosáceas, cuyo fruto es la zarzamora común» (DEGC, III, 451). Forman parte dunha familia léxica que foi desprazada da fala por *silva* cando esta perdeu o sentido xenérico de ‘bosque’. *Zarza* procede dunha forma medieval *sarça*, común ó galego, castelán e portugués, que Corominas dá como «de origen

incerto, seguramente prerromano» (DCECH, VI, 99) e Rivas emparenta cun vasco *sarzti* (Rivas 1994, 54).

Temos a forma simple en

Zarza, EdP en Cea

O NG recolle outro **Zarza** en Ourol.

Descoñecemos se teñen relación con este tema **Sarces** en Laxe e **Zarzón** en Outes. O primeiro podería explicarse igualmente a partir de *SALÍCES (vid. 203)

Non hai no DCP topónimos semellantes.


Un probable derivado en -ALE aparece na documentación antiga como apelido nun «*Pedro Sarçal*» (ano 1488, MdR, AHN Clero, Cpta. 1504, nº 17). Tamén podería ter relación con estes un topónimo antigo «*Sarçam, que he em terra de Ponteuedra*» (ano 1365, VFD1, nº 58).

Diversos **Sarceda** da toponimia de Galicia, Asturias e Santander admiten aparentemente unha interpretación como derivados do antigo *sarça*. Piel asigna a estes **Sarceda**, igual ca ós portugueses **Sarzedo**, **Sarzedo**, un étimo SALÍCETA (vid. 203.4). O z sonoro das formas portuguesas impide emparentalas con *sarça*, *zarza*.


APÉNDICE. MAPAS

Mapa 1

- [■] abeleira
- [■] abelaira
- [□] abraira



**Mapa 2**

Isoglosa que marca o límite oriental das formas en -enda, -endo, -indo segundo J. M. Piel (1961b, p. 155)




Mapa 3


- abelenda, abelendo
- abelendro
- abelaíndo

**Mapa 4** *Abobra, abóbora* na toponímia maior da península

Mapa 5 *Acivo, acivro e variantes na toponimia ourensá*




Mapa 6 *Bido, bidul e bidulo na toponimia ourensá*




Mapa 7

Braña en Ourense e na toponimia maior de Galicia


**Mapa 8**

Canizo / caínzo e derivados en Ourense e no Nomenclátor de Galicia

- caínzo, ca(n)izal, ca(n)izada
- canizo, canizal, canizada




Mapa 9 *Carba, carbela*





Mapa 10

Caxigo na toponimia
maior de Galicia




Mapa 11

*Cerquiño, Cerqueda, -edo, -ido,
Cerqueiro, -eira, -eiral* na toponímia
maior de Galicia


**Mapa 12** *Maceira - mazaira* na toponímia ourensá

Mapa 13

Piorno na toponimia de Ourense e no Nomenclátor de Galicia


**Mapa 14**

Robledo, Robledo na toponimia maior de Galicia




Mapa 15


Rebolo e derivados en Ourense e na toponimia maior de Galicia

**Mapa 16**

Derivados de SENTÍCE en Ourense e no Nomenclátor de Galicia



Mapa 17
Resultados do sufijo -ÓLA



BIBLIOGRAFÍA

1. FONTES DOCUMENTAIS

- BM PALLARES MÉNDEZ, M^a del C., PORTELA SILVA, Ermelindo (1971), *El bajo valle del Miño en los siglos XII y XIII. Economía agraria y estructura social*. Universidad de Santiago.
- CDCO DURO PEÑA, Emilio (1973), *Catálogo de los documentos privados de la catedral de Orense (888-1554)*. Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo. Ourense.
- CistG PORTELA SILVA, Ermelindo (1981), *La colonización cisterciense en Galicia (1142-1250)*, Universidad de Santiago.
- CLN ANDRADE, José M (1995), *O Tombo de Celanova*, 2 vols., Consello da Cultura Galega, Santiago.
- CMG FERREIRA PRIEGUE, Elisa (1988), *Los caminos medievales de Galicia*. Ourense: Boletín Avriense, Anexo nº 9. Museo Arqueolóxico Provincial, Ourense.
- CTÑ RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Ángel (1973), *Tumbo de San Martín de Castañeda*, Centro de Estudios e Investigación San Isidoro, León.
- DCO VÁZQUEZ VAAMONDE, M^a del Carmen, *Documentos del Siglo XII de la Catedral de Orense*, “Trabajo de licenciatura dirigido por el doctor Ubieto Arteta”. Inédito. Universidad de Santiago, sen data.
- E.S. FLÓREZ, Fr. Henrique: *España Sagrada*. XV (Galicia), imprenta de Gabriel Ramírez, Madrid, 1759. XVI (Astorga), Imprenta de Gabriel Ramírez, Madrid, 1762; XVII (Ourense), 2^a ed., Pedro Marín, Madrid, 1789. Cítase pola edición de Fortanet, Madrid, 1905.
- Entrimo* NÓVOA BLANCO, Manuel (1986), «Pleito entre los vecinos de Entrimo y el conde de Ribadavia», en *Boletín Auriense*, XIV-XV, Ourense, pp. 263-280.
- FDU JUSTO, M^a José / LUCAS ÁLVAREZ, Manuel (1991), *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela*. Santiago: Consello da Cultura Galega.
- Fiães* FERRO COUSELO, Xesús (1995), *Tumbo de Fiães*. Transcripción. Introducción, edición e índices de Aser Ángel Fernández Rey. *Boletín Auriense*, anexo 20. Ourense.
- HGP MAIA, Clarinda de Azevedo (1986), *História do Galego-Português. Estado linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (com referência à situação do galego moderno)*, Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica.
- Lvcensia* «Nomenclátor de parroquias, lugares, villas y aldeas que se leen en los documentos medioevales de Lugo», atribuído a Buenaventura Cañizares, in *Lvcensia* nº 5, Lugo (1992), 137-185.

- MdÑ GRAÑA CID, María del Mar (1990), *Las órdenes mendicantes en el obispado de Mondoñedo. El convento de San Martín de Villaoriente (1374-1500)*. Salamanca: *Estudios Mindonienses*, nº 6.
- MdR Notas da transcripción da colección documental do Mosteiro de Santa María de Montederramo realizada por Ramón Lorenzo (inédita).
- MdRb MARTÍN ACERO, Begoña: *37 documentos de Montederramo. Séculos XIV e XV*. Memoria de licenciatura (1985). Inédita; dirixida por Pr. Dr. D. Ramón Lorenzo. Facultade de Filoloxía, Santiago, 1985.
- OM CORTESÃO, A.A., (1962), *Onomástico medieval português*, separata de *O Archeólogo português*, vol. VIII, Lisboa.
- Oro77 GARCÍA ORO, José (1977): *Galicia en la baja Edad Media. Iglesia, señorío y nobleza*. Santiago de Compostela: Biblófilos Gallegos, Biblioteca de Galicia XVII, Imp. El Eco Franciscano. Apéndice documental, pp. 237-283.
- OSR ROMANÍ, Miguel (1990, 1993), *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira*, Santiago: Tórculo (OSR1, OSR2, 1990; OSR3 1993).
- OXV LÓPEZ CARREIRA, Anselmo (1991), *Ourense no século XV*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- RAM LUCAS ÁLVAREZ, Manuel e LUCAS DOMÍNGUEZ, Pedro Pablo (1988), *San Pedro de Ramirás. Un monasterio femenino en la Edad Media*, Santiago: Caixa Galicia.
- RBV ENRÍQUEZ PARADELA, M^a del Carmen (1987), *El monasterio y convento de Santo Domingo de Ribadavia. Colección diplomática*. Boletín Auriense, anexo nº 8. Ourense: Museo Arqueológico Provincial.
- RdS DURO PEÑA, Emilio (1977), *El Monasterio de San Esteban de Ribas de Sil*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo.
- ROC DURO PEÑA, Emilio (1972), *El monasterio de San Pedro de Rocas y su colección documental*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo.
- SAMI LÓPEZ FERREIRO, Antonio (1983 [1886]), *Historia de la S.A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Cítase pola edición facsimilar de Ed. Sálvora, Santiago, 1983 (onde o apéndice documental do vol. 2 da primeira edición figura dividido nos volumes 1 e 2).
- Samos* LUCAS ÁLVAREZ, Manuel (1983), *El tumbo de San Julián de Samos (Siglos VIII-XII)*. Santiago: Caixa Galicia.
- Sbd PALLARES MÉNDEZ, M^a del Carmen (1979), *El monasterio de Sobrado, un ejemplo del protagonismo monástico en la Galicia medieval*. Coruña: Diputación Provincial.

- VdD NOVO CAZÓN, José-Luis (1986), *El priorato Santiaguista de Vilar de Donas en la Edad Media (1194-1500)*. Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- VFD FERRO COUSELO, Xesús (1967), *A vida e a fala dos devanceiros*, vol I, Vigo: Galaxia.
- TSbd LOSCERTALES GARCÍA DE VALDEAVELLANO, Pilar (1976), *Tumbos del monasterio de Sobrado de los Monjes*, Madrid: Archivo Histórico Nacional.
- Tumbo A LUCAS ÁLVAREZ, Manuel (1998), *Tumbo A de la Catedral de Santiago*. Seminario de Estudos Galegos – Cabildo dela S.A.M.I. Catedral.
- Xantar ÁLVAREZ ÁLVAREZ, Eleutino (1983), “El yantar y el hospedaje foral en el sur de Galicia (1340-1450)”, *Boletín Auriense*, XIII, pp. 145-152.
- XEsP PEREIRA FERREIRO, Sara (1979), *El monasterio de Santa María de Xunqueira de Espadanedo*. Ourense: *Boletín Auriense*, IX.

2. OUTRAS OBRAS FRECUENTEMENTE CITADAS

- Aurélío* HOLANDA, Aurélio Buarque de (1986): *Novo dicionário da língua portuguesa*, Editora Nova Fronteira, Rio de Janeiro (2^a ed.).
- GudCruz* RODRÍGUEZ CRUZ, Xosé (2000): *Así falan na Gudiña*, Ourense: Deputación Provincial.
- DCECH COROMINAS, J., PASCUAL, J.A. (1980-1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, Gredos, Madrid.
- DEGC RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio (1958/1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. 3 vols. Vigo: Galaxia.
- ER REIMÓNDEZ PORTELA, Manuel (1990): *A Estrada rural*, Pontevedra: Deputación Provincial.
- GDMU *Grande Dicionário Multimédia Universal da Língua Portuguesa* (1996). Versão 2.0. Cacém - Lisboa: Texto Editora.
- NCVCG CRESPO POZO, José Santiago (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego. Con indicación de fuentes e inclusión del gallego literario (galaico-portugués)*. Ourense, 1972 (I) e Coruña 1979 (II), 1982 (III) e 1985 (IV).
- Trad.Gall Anónimo: *Traducción de algunas voces, frases y locuciones gallegas, especialmente de agricultura, al castellano (1840-1858)*, Ed. e estudio de X. L. Pensado, *Cadernos de Lingua*, Anexo 2, Real Academia Galega, A Coruña, 1995.

- VCN SANJUÁN LÓPEZ, Andrés et al. (1991): *Vocabulario das Ciencias Naturais*, Xunta de Galicia, A Coruña.
- XLFG FRANCO GRANDE, X. L. (1975): *Diccionario galego-castelán*. Vigo, Galaxia (3^a).

3. SIGLAS, ABREVIATURAS E REVISTAS

- ACIOL *Actes du Colloque International sur l'Onomastique Latine* (Paris, 1975), edités par Noel Duval, CNRS, Paris, 1977.
- AMCITA, V *Actas del V Congreso Internacional de Toponimia y Antropónimia*, Salamanca, 1955.
- ARTP, I *Actas de la 1^a Reunión de Toponimia Pirenaica*, Jaca, 1958. CISC, Instº de Estudios Pirenaicos, Zaragoza, 1949.
- BCML *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos*, Lugo.
- BCMO *Boletín de la Comisión (Provincial) de Monumentos de Orense*. (II-VI, 1904-1921)
- BF *Boletim de Filologia*, Lisboa
- BIDEA *Boletín del Instituto de Estudios Asturianos*, Oviedo.
- BRAG *Boletín de la Real Academia Gallega*.
- CEG *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Santiago de Compostela.
- CISC Consejo superior de Investigaciones Científicas.
- ELH *Enciclopedia Lingüística Hispánica*. Gredos, Madrid, 1960.
- RDTP *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*.
- RFE *Revista de Filología Española*.
- RG *Revista de Guimarães*.
- RL *Revista Lusitana*.
- RP *Revista de Portugal*.
- RPF *Revista Portuguesa de Filología*.

4. BIBLIOGRAFÍA

- AEBISCHER, Paul (1928), *Estudios de toponimia catalana*. Barcelona, 1928.
- AEBISCHER, Paul (1946), *Estudios de toponimia y lexicografía románica*. Instº A. de Nebrija. CISC, Barcelona.

- AEBISCHER, Paul (1948), «Granica ‘grange’ et sa descendance dans les dialectes italiens et les langues de la Peninsule Ibérique», RPF II, pp. 201-218.
- AEBISCHER, Paul (1948), «Par quelle voie ‘bosque’ est entré en espagnol», en *Estudis Romànics*, I, Barcelona, 1947-48.
- AEBISCHER, Paul (1950), «‘Salicetum’ et ‘salictum’ dans les langues romanes», RPF III, 1949-50, pp. 70-85.
- AEBISCHER, Paul (1951), «Une possibilité nouvelle concernant l’origine du fr. ‘chaussée’, esp. ‘calzada’», en RFE, XXXV, Madrid, pp. 8-28.
- AEBISCHER, Paul (1955), «Sur l’origine portugaise de port.-esp. *bravo*», RPF vol VI, 1953-55, pp. 37-50.
- AEBISCHER, Paul (1968), *Linguistique romane et histoire religieuse*, Instituto Internacional de Cultura Románica. Barcelona.
- AGUD QUEROL, M. (1952), «Alba, topónimo preindoeuropeo», Separata das *Actas del Primer Congreso Internacional del Pirineo*, Instituto de Estudios Pirenaicos-CISC, Zaragoza.
- ALARCOS LLORACH, E. (1952), «Papeletas etimológicas», *Archivum* II, Oviedo.
- ALARCOS LLORACH, E. (1958), «Miscelánea lexical asturiana», BIDEA XXXV, Oviedo, pp. 439-446.
- ALBERTOS FIRMAT, M^a Lourdes (1966), *La onomástica personal primitiva de Hispania Tarraconense y Bética*. Salamanca: Instº A. de Nebrija. CISC.
- ALBERTOS FIRMAT, M^a Lourdes (1976), «La antroponimia prerromana de la Península Ibérica», en *Actas del I Coloquio sobre Lenguas y Culturas Prerromanas en la Península Ibérica*. Universidad de Salamanca, 1976, pp. 57-69.
- ALESSIO, G. (1964): «Étimologie Spagnole», RFE, XXXVIII, Madrid, 1964.
- ALONSO, Dámaso (1972a): «Junio y julio entre Galicia y Asturias», en *Obras Completas, I (Lingüística)*, Edit. Gredos, Madrid, 1972.
- ALONSO, Dámaso (1972b), «Gallego-asturiano *ozca*, paso entre peñas», en *Obras Completas, I (Lingüística)*, Edit. Gredos, Madrid, pp. 485-497.
- ALVAR, Manuel (1949): *La toponimia en el alto valle del río Aragón*, Zaragoza, 1949.
- ALVAR, Manuel (1957): «Derivados de *sabucus* en la toponimia peninsular», RFE, XLI, pp. 21-45.
- ALVAR, Manuel (1957b), «Un type inexploré dans la toponymie de la France du midi et de l’Espagne du Nord’, de G. ROHLFS», (recensión), en RFE, XLI, p. 457.
- ALVAR, Manuel (1961): «“Poma” y “mat(t)iana” en la toponimia de la Península Ibérica», BF, XX (1,2), 1961, pp. 165-195.
- ÁLVAREZ DELGADO, A. (1958), «Onomástica hispánica: Mons Medullius, Corocotta, Viriatus», en *Cinquième Congrès International de toponymie et d’anthroponymie. Actes et mémoires*. Salamanca, pp 173-184.
- ÁLVAREZ, Grace de Jesús (1968), *Topónimos en apellidos hispanos*, Estudios de Hispanofilia, 7, Garden City, New York, Adelphi University.

- ÁLVAREZ, Guzmán (1960), «Topónimos prrománicos de Babia», en *Studia Philológica, Homenaje a Dámaso Alonso*, Ed. Gredos, Madrid, pp. 87-89.
- AMARAL da COSTA, M^a da Graça e VEIGA FERREIRA, Seomara da (1966), *Influência do onomástico lusitano-romano, no actual, em Lisboa e arredores*, Porto.
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro (1964), «Iano Paralioneo y Parameco», en BCML, VII, Lugo 1961-62, pp. 282-285.
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro (1968), «Castros en torno a Santa Eulalia de Bóveda», en BCML, VIII, Lugo, 1967-68, pp. 67-70 e 183-193.
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro (1970), «Tradiciones en Santa Eulalia de Bóveda (Lugo)», en RDTP, XXVI, nº 3-4, pp. 297-302.
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro (1973), «Hallazgo de tres lápidas romanas», BCML, IX, Lugo, nº 79-80.
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro (1979), «Crulfe* e Vilarmousende: dous topónimos lugueses», *Grial* 64, Vigo, Galaxia, 1979, pp. 240-242 [**"Crulfe" no título é erro tipográfico por "Grulfe"]
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro (1980), «Notas etimolóxicas: Meixente e Méixemo», *Grial* 68, Galaxia, Vigo, pp. 237-239.
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro (1981), «Friol e 'Villa Frojulfi': notas histórico-etimológicas», *Grial* nº 71, Galaxia, Vigo, pp. 85-88.
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro (1982), «Barbalde e Vilanxil: dous topónimos lugueses», *Grial* 77, Galaxia, Vigo, pp. 363-365.
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro (1982), «Begonte, Gaibor, Trobo: notas histórico-etimológicas», *Grial* 75, Galaxia, Vigo, pp. 100-104.
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro (1984), «Orbazai, un ourive e un topónimo», *Grial* 83, Galaxia, Vigo, pp. 95-98.
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro (1985), «Ousá, Ouselle, Ousille, Ousón: notas histórico-etimolóxicas», *Grial* 87, Galaxia, Vigo, pp. 99-102.
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro (1986), «Gondarén, Ligonde e Meigonte: notas histórico-etimolóxicas», *Grial* 92, Galaxia, Vigo, pp. 229-231.
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro (1986), «'Virro Reviliaeco', teónimo lucense», *Grial* 94, Galaxia, Vigo, pp. 479-482.
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro (1987), «Cabarcvs - Beriso», *Grial* 98, Galaxia, Vigo, pp. 473-476.
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro (1987), «O río 'Florius' de Plinio e más parentes onomásticos en Galicia», *Grial* 97, Galaxia, Vigo, pp. 351-354.
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro (1987), «Trebolle, notas etimolóxicas», *Grial* 95, Galaxia, Vigo, pp. 84-86.
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro (1988), «Bolois e Dumia, ¿topónimos celtas?», *Grial* 99, Galaxia, pp. 75-77.
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro (1988), «Gransimonde, Lebesén e Xuriz/Oxuriz: notas histórico-etimolóxicas», *Grial* 100, Vigo, Galaxia, pp. 277-280.

- ARES VÁZQUEZ, Nicandro (1996), «Toponimia do concello do Saviñao», *Lvcensia* nº 13 (VI), Lugo, pp. 251-272.
- ARIAS, Manuel (1953), «Toponimia menor de Cornellana», BIDEA, VII, nº 20, Oviedo, pp. 603-610.
- AROUCA = FERNANDES, A. de Almeida e SILVA, Filomeno (1995), *Toponímia Arouquense*.
- ASÍN PALACIOS, Miguel (1944), *Contribución a la toponimia árabe de España*, CISC, Madrid, 2^a ed.
- ÁVILA y LA CUEVA, Francisco (1995 [1852]), *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tuy y su obispado*. 4 vols. Edición facsimilar, Santiago, Consello da Cultura Galega.
- AZEVEDO, Pero A. d' (1900), «Nomes de pessoas e nomes de lugares», en RL, VI, ano 1900, p. 47.
- BADIA i MARGARIT, A. (1949): «Mal ‘roca’ en la toponimia pirenaica catalana», *Actas de la I Reunión de Toponimia Pirenaica*, CISC, Zaragoza, pp. 35-58.
- BADIA i MARGARIT, A. (1952), «Toponymie et histoire dans le ‘Chemin de Saint-Jacques’ en Espagne», AMCISO, IV, Uppsala, II, pp. 143-158.
- BADIA i MARGARIT, A. (1953), «Notas bibliográficas. Menéndez Pidal, Ramón, *Toponimia Prerrománica Hispana*, RFE, XXXVII, pp. 244-247.
- BADIA i MARGARIT, A. (1954), «Más sobre la aportación de la toponimia al ‘Camino de Santiago’ y su justificación histórica», en RFE, XXXVIII, 1954, pp. 212-223.
- BADIA i MARGARIT (1961), «Els noms de lloc catalans “maçana” i afins a la llum de la documentació latina medieval», en *Estudis de llatí medieval i de Filologia Romànica dedicats a la memòria de Lluís Nicolao d'Oliver*, I, Barcelona.
- BADIA i MARGARIT (1966), «De nouveau à propos des noms de lieux catalans maçana, maçanes, maçanet», en *Proceedings of the eighth international Congress of Onomastic Sciences*, Amsterdam 1963.
- BALMAYER, L. (1976), «Les suffixes diminutifs dans la toponymie des Pyrénées», en *Cuadernos de Investigación filológica*, Publ. del Colegio Universitario de Logroño, tomo II, 1, 1976, pp. 17-23.
- BALTAR VELOSO, R. (1979), «As albeiradas da etimoloxía popular», en VERBA, nº 6, pp. 345-347.
- BANDE RODRÍGUEZ, Enrique / TAÍN CARRIL, C. (1985), *Os Labores dos nosos devanceiros*, Caixa de Aforros Provincial, Ourense.
- BASTARDAS PARERA, Juan (1955), «Antropónimos condicionados por topónimos», en RFE, XXXIX, Madrid, pp. 61-79.
- BATTISTI, C. (1949), «Nota sui metodi di ricerca toponomastica», en *Actas de la 1^a Reunión de Toponimia Pirenaica* (Jaca, 1949), Zaragoza, pp. 65-69.
- BERTOLDI, Vittorio (1948), «Onomástica ibérica e matriarcato mediterraneo», RPF II, pp. 1-14.
- BLOCH, O. e WARTBURG, W. von, *Dictionnaire Etymologique de la langue française*. P.U.F., París, 1975.

- BOBES NAVES, Carmen (1956), «Nota sobre ‘Braña’», *Archivum VI*, pp. 326-330.
- BOBES NAVES, Carmen (1959), «Nombres comunes y su cronología», *BIDEA XIII*, nº 37, Oviedo, pp. 180-194.
- BOBES NAVES, Carmen (1961), «La toponimia romana de Asturias», en *EMÉRITA, XXVIII*, 1960, pp. 241-284, e *XXIX*, 1961, pp. 1-52.
- BOBES NAVES, Carmen (1962), «De toponimia asturiana», *Archivum XII*, Oviedo, pp. 427-444.
- BOLÉO, Manuel de Paiva (1953), «Os estudos de antropónimia e toponímia em Portugal», *RP, XVIII*, pp. 145-152.
- BOSCH GIMPERA, M. (1951), «Autour des problèmes de toponymie celtique en Espagne», en *Actas du Troisième Congrès International de Toponymie et d'Antropologie*, vol. II, Bruxelles, 1951, pp. 497-507.
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel (1999), *Antropónimia medieval galega (século VIII e XII)*. *Patronymica Romanica*, 12. Tübingen, Max Niemeyer.
- BOUZA BREY, Fermín (1948): «Nombres de la hoja del pino en Galicia», en CEG, X, 1948, pp. 233-252.
- BOUZA BREY, Fermín (1950): «Nombres y tradiciones de la digital en Galicia y Asturias», en RDTP, VI, Madrid, pp. 3-27.
- BOUZA BREY, Fermín (1952): «Onomástica y tradición de la fresa en Galicia y Asturias», en RDTP, VIII, Madrid, pp. 195-211.
- BOUZA BREY TRILLO (1973): Fermín, *La mitología del agua en el N.O. hispánico*, Ed. Real Academia Gallega, Vigo.
- BOUZA BREY, Fermín (1970): «El estado suevo en Galicia y su organización interna», *Grial 27*, Vigo, pp. 29-39.
- BRAÑAS PÉREZ, Pedro et al. (1991), *Vocabulario das Ciencias Naturais*, A Coruña: Xunta de Galicia.
- BREA, Mercedes (1981a), «Sobre algunos descendientes gallegos de *caput; cadullo, cadabullo*, etc.» *Actas de la I reunión de Estudios Clásicos*, Santiago de Compostela, 1981, pp. 259-262.
- BREA, Mercedes (1981b), «Otras denominaciones para ‘cabecera de finca’», en VERBA, nº 8, Santiago de Compostela, pp. 391-394.
- BÚA, Carlos (1997), «Dialectos indoeuropeos na franxa occidental hispánica», in *Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego*, Vol. I, Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego, pp. 51-99.
- BUESA OLIVER, Tomás (1955): «La raíz preindoeuropea *KAL– en algunos topónimos altoaragoneses», en AMCITA, V, nº 2, Salamanca, pp. 137-171.
- BUESA OLIVER, Tomás (1958): «La raíz preindoeuropea *KAL–», en *Cinquième Congrès International de toponymie et d'anthroponymie. Actes et mémoires*. Salamanca, 1958.
- C. «Riqueza e desventura da toponimia galega», *Grial 38*, Vigo, 1972, pp. 510-511.
- CABEZA QUILES, Fernando (1992), *Os nomes de lugar*. Vigo, Ed. Xerais.

- CAMPOS, Eduardo, e SILVA, Joaquim Candeias (1987), *Dicionário toponímico e etimológico do concelho de Abrantes*. Abrantes.
- CAMPROUX, Charles (1968): «Des toponymes qui chantent», en *Festschrift Wartburg*, II, Tübingen, pp. 87-105.
- CANAL SÁNCHEZ-PAGÍN, José M^a, «Toponimia euskera y prerromana en el principado de Asturias», BIDEA 126, Oviedo, 1988, pp. 291-329.
- CANDEIAS SILVA, Joaquim = SILVA, Joaquim Candeias
- CARNOY, Albert (1952): «Toponymie des chaussées romaines en Belgique et dans les régions avoisinantes», en AMCISO, IV, Uppsala, pp. 212-220.
- CARNOY, Albert (1958): «Basque et Protoindoeuropéen», en *Cinquième Congrès International de toponymie et d'anthroponymie. Actes et mémoires*. Salamanca.
- CARRÉ ALVARELLOS, L. (1977), *Leyendas tradicionales gallegas*, Austral nº 1609, Espasa Calpe, Madrid.
- CARVALHO COSTA, Alexandre de = COSTA, Alexandre de Carvalho
- CASTRO, Marisa, FREIRE, Luís, PRUNELL, Antonio (1989), *Guía das árbores de Galicia*, Vigo, Ed. Xerais.
- CATALÁN, Diego (1959), «Hacia un atlas toponímico del diminutivo *-inu* en la topónimia hispano-románica», BF, XVII, 1958-1959, pp. 257-292.
- CHAVES, Luis (1953), «Nos domínios da etnografia e do folklore», en *Revista de Occidente*, 40 (Lisboa, 1951, pp. 91-95) e 44 (Lisboa, 1953, pp. 29-32).
- CHAVES, Luis (1955), «La toponymie des eaux. Les eaux dans la toponymie portugaise», AMCITA V, I, Salamanca, pp. 385-397.
- CHAVES, Luis (1956), «A toponímia das águas», en RG, LXVI, Guimarães, pp. 39-74.
- CHAVES, Luis (1957), «Toponímia numérica (real e aparente) ou numeração toponímica», en RG, LXXVII, Guimarães, pp. 460-498.
- CHAVES, Luis (1960), «Notas de toponímia portuguesa. A toponímia da cor», RG, LXX, Guimarães, pp. 51-85.
- CHAVES, Luis (1952), «Estudos de toponímia portuguesa», RG, Guimarães, 1952, pp. 160-191.
- CHESSEX, P. (1945), *L'origine et le sens des noms de lieux. Cahiers d'enseignement pratique*, 41. Delachaux & Niestlé, Neuchatel-Paris.
- COCCO, Vincenzo (1951), «Tradizione indo-europea e lessico mediterraneo», RPF IV, 1951.
- COCCO, Vincenzo (1952), «Ibero-românico ‘corrego-corgo’, ‘valle hundido en agua’. Contribuição para o estudo do substrato pre-latino da Lusitânia», en *Biblos*, XXVII, Coimbra, pp. 249-304.
- COCCO, Vincenzo (1959), «Sopravvivenze della cultura dei «castros» nel lessico del nord-ovest iberoromano. ACILR, IX, I. Boletim de Filologia, XVIII, pp. 71-78.
- COCCO, Vincenzo (1959), «‘Flumen Banduge’. Contributo allo studio dell’ambiente linguistico prelatino della Lusitania». RPF VIII, 1957, pp. 1-38.

- CORBET, Gordon (1982), *Manual de los mamíferos de España y de Europa*. Barcelona, Omega.
- COROMINAS, J. (1960), «De toponomástica hispánica. Juicios, planes y tanteos». *Homenaje a D. Alonso*. I. Madrid, Gredos. Pp. 373-412.
- COROMINAS, J. (1972), *Tópica Hespérica*. 2 vols. Gredos, Madrid.
- COROMINAS, Joan (1974), «Elementos prelatinos en las lenguas romances hispánicas», *Actas del I Coloquio sobre Lenguas y Culturas Prerromanas de la Península Ibérica* (1974), Univ. de Salamanca, 1976, pp. 87-164.
- Corominas, DCECH = COROMINAS, Joan / PASCUAL, José A. (1980-1991), *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Gredos, Madrid.
- COROMINES, J. (1965), *Estudis de topònima catalana*, I. Barcino, Barcelona.
- CORREIA, J. Diogo (1957-1962), «Notas topónimicas», RP, XXII, 1957, pp. 313-316; XXIV, 1959, pp. 36-40, 207-211 e 435-442; XXV, 1960, pp. 53-58, 330-332 e 278-380; XXVI, 1961, pp. 73-77, 120-122 e 429-431; XXVII, 1962, pp. 196-200.
- CORREIA, J. Diogo (1957), «Toponímia estremenha», en *Estremadura, Boletim da Junta de Provincia*, 1955, 1956 e 1957.
- CORTÉS VÁZQUEZ, Luis L. (1954), *El dialecto galaico-portugués hablado en Lubián (Zamora). Toponimia, textos y vocabulario*. Acta Salmanticensia. Filosofía y Letras, VI, 3. Universidad de Salamanca.
- CORTÉS V., Luis L. (1955), «Lupianus hidronímico y antropónimo», AMCITA, V, Salamanca, pp. 9-15.
- COSERIU, Eugenio, «Toponimia hispánica y substrato», en *Estudios de Lingüística Románica*, Gredos, Madrid, 1977. (Recensión sobre M.Pidal, *Toponimia prerromana hispánica*, en Gredos).
- COSTA, Alexandre de Carvalho (1950), *Respigos toponímicos e gentilícios. O nome "Portalegre". A origem dos nomes das freguesias rurais do concelho*. Portalegre.
- COSTA, Alexandre de Carvalho (1959), *Lendas, Historietas, Etimologias populares e outras etimologias respeitantes às cidades, vilas, aldeias e lugares de Portugal continental. Compilações*. Barcelos, 1959.
- CRESPO POZO, J. S. (1963), *Contribución a un vocabulario castellano-gallego*. Ed. Revista Estudios, Madrid.
- CRESPO POZO, José (1970), «Interpretación de algunos curiosos topónimos de Redondela y de sus municipios», Grial, 29, Vigo, pp. 341-351.
- CRESPO POZO, J., NCVCG = CRESPO POZO, José Santiago (1972-1985), *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego. Con indicación de fuentes e inclusión del gallego literario (galaico-portugués)*. Ourense, 1972 (I) e Coruña 1979 (II), 1982 (III) e 1985 (IV).
- CRESPO POZO, José (1973), «25 topónimos de Xunqueira de Ambía y su municipio: Su significación y breve etimología», Grial, 39, Vigo, pp. 87-92.
- CRESPO POZO, José (1978), «El difícil topónimo de Ambía», en *La Región*, Ourense, 27-IX-1978.

- CUNHA, Arlindo R. da (1944), «O carvalho na toponimia», RP, IV, 1944, pp. 46-50, 123-125 e 238-240.
- CUNHA, Arlindo R. da (1945), «Potamonimia», RP, VI, pp. 26-40.
- CUNHA, Arlindo R. da (1952), «Toponimia tumular», I-II, RP, XVII, 1952, pp. 95-98 e 157-161.
- CUNHA, Arlindo Ribeiro da (1944), «Ligurismos en português», RP, IV, 1944, pp. 348-351.
- CUNHA SERRA, Pedro = SERRA, Pedro CUNHA
- DA CUNHA, Arlindo R. de = CUNHA, Arlindo Ribeiro da
